

actas do seminario internacional  
o futuro da memoria:  
o patrimonio arquivístico dixital

actas del seminario internacional  
el futuro de la memoria:  
el patrimonio archivístico digital

ARQUIVO DE GALICIA  
Santiago de Compostela  
18 e 19 de novembro  
2010

XUNTA DE GALICIA

actas do seminario internacional  
o futuro da memoria:  
o patrimonio arquivístico dixital

actas del seminario internacional  
el futuro de la memoria:  
el patrimonio archivístico digital

ARQUIVO DE GALICIA

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Santiago de Compostela

18 e 19 de novembro de 2010

XUNTA DE GALICIA

2011

### **Sistema de citas:**

O sistema de citas empregado en todos os relatorios é o de autor-datas. As referencias cítanse de forma breve no texto, normalmente entre parénteses, co primeiro apelido do autor, o ano de publicación e, de ser o caso, a páxina ou páxinas. A información bibliográfica completa proporciónase ao final do traballo.

### **Sistema de citas:**

El sistema de citas empleado en todas las ponencias es el de autor-fechas. Las referencias se citan de forma breve en el texto, normalmente entre paréntesis, con el primer apellido del autor, el año de publicación y, si es el caso, la página o páginas. La información bibliográfica completa se proporciona al final del trabajo.

### **Edición**

Arquivo de Galicia

© 2011, Xunta de Galicia

© 2011, Os autores

Tradución inglés-español: Alejandro Delgado Gómez

Tradución español-galego: Gabriel Quiroga Barro

Deseño gráfico e maquetación: Fausto Deseño Asociados

Impresión: Alva Gráfica

DL: C 2184-2011

ISBN: 978-84-453-5018-8

**Consellería de Cultura e Turismo**

**Roberto Varela Fariña**

Conselleiro de Cultura e Turismo

**Francisco López Rodríguez**

Director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos

**Fundación Cidade da Cultura de Galicia**

**Beatriz González Loroño**

Directora xerente

**Comité Científico**

Gabriel Quiroga Barro

Coordinación

Alejandro Delgado Gómez

Joaquim Llansó Sanjuán

Pedro López Gómez

Los días 18 y 19 de noviembre de 2010 se celebró en Santiago de Compostela, bajo el patrocinio de la Fundación Cidade da Cultura de Galicia, el seminario internacional *El futuro de la memoria: el patrimonio archivístico digital*.

Esta reunión constituyó una de las primeras actividades públicas del Archivo de Galicia, creado de forma oficial en torno a estas fechas. Un proyecto que se enmarca en el contexto de la puesta en funcionamiento de la *Cidade da Cultura de Galicia*, donde se encuentra la sede de este centro.

El objetivo del Seminario era crear un espacio de diálogo entre especialistas de alto nivel mundial, y de éstos con otros prestigiosos profesionales de Galicia y del resto de España, alrededor de los diversos aspectos presentes en el tema del seminario: la conservación de la memoria digital. Al mismo tiempo, pretendíamos que el propio Archivo, como toda la *Cidade da Cultura*, comenzase a ser considerado por los profesionales gallegos como un lugar de encuentro y de reflexión permanentes sobre los problemas más actuales del desarrollo de las políticas archivísticas y, en general, de la gestión del patrimonio documental.

Este volumen recoge las actas de los trabajos que allí se presentaron. Sin duda, cada uno de ellos constituye una aportación imprescindible al estado de la cuestión en el mundo y en nuestro país. Una realidad intangible, enormemente compleja y cambiante, que conforma un nuevo paradigma en la conservación de la memoria humana.

Frente a esa nueva realidad, ya no es posible la inacción. Los profesionales y los poderes públicos debemos actuar de forma deliberada y constante con acciones concretas enmarcadas en políticas y planes diseñados al efecto. Por eso, un centro nacido, como nace el Archivo de Galicia en este momento de cambio, no podía dejar de lado esta cuestión. Por eso, debe contribuir con iniciativas como esta a garantizar en el presente un futuro para la memoria digital.

Roberto Varela Fariña  
*Conselleiro de Cultura y Turismo*

Os días 18 e 19 de novembro de 2010 celebrouse en Santiago de Compostela, baixo o patrocinio da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, o seminario internacional *O futuro da memoria: o patrimonio arquivístico dixital*.

Esta reunión constituíu unha das primeiras actividades públicas do Arquivo de Galicia, creado de forma oficial arredor desas datas. Un proxecto que se enmarca no contexto da posta en funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia, onde se acha a sede deste centro.

O obxectivo do Seminario era crear un espazo de diálogo entre especialistas de alto nivel mundial, e destes con outros prestixiosos profesionais de Galicia e do resto de España, arredor dos diversos aspectos presentes no tema do seminario: a conservación da memoria arquivística dixital. Ao tempo, pretendíamos que o propio Arquivo, como toda a Cidade da Cultura, comezase a ser considerado polos profesionais galegos como un lugar de encontro e de reflexión permanentes sobre os problemas máis actuais do desenvolvemento das políticas arquivísticas e, en xeral, da xestión do patrimonio documental.

Este volume recolle as actas dos traballos que alí se presentaron. Sen dúbida, cada un deles constitúe unha achega imprescindible ao estado da cuestión no mundo e no noso país. Unha realidade intanxible, enormemente complexa e cambiante, conformadora dun novo paradigma na conservación da memoria humana.

Fronte a esa nova realidade, xa non é posible a inacción. Os profesionais e os poderes públicos debemos actuar de forma deliberada e constante con accións concretas enmarcadas en políticas e plans deseñados para o efecto. Por iso, un centro nacido, como nace o Arquivo de Galicia, neste momento de cambio, non podía deixar de lado esta cuestión. Por iso, debe contribuír con iniciativas como esta a garantir no presente un futuro para a memoria dixital.

Roberto Varela Fariña  
*Conselleiro de Cultura e Turismo*

El Archivo de Galicia está llamado a custodiar la memoria de la Administración de Galicia, y nace en un momento crucial de cambio decidido de las administraciones públicas hacia la puesta en funcionamiento de la Administración electrónica, de acuerdo con las previsiones establecidas en la Ley 11/2007, de acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos.

Así, el Archivo, que tiene encomendadas competencias en materia de recepción, custodia, comunicación y difusión de los documentos producidos o reunidos por cualquier medio y en cualquier soporte por la Administración de Galicia y los órganos de ella dependientes en el ejercicio de sus funciones, deberá participar de forma activa en la puesta en marcha del *Modelo de Xestión Documental da Xunta de Galicia* (MXDX) que la Secretaría General de Modernización está desarrollando en la actualidad dentro del Plan de Modernización de la Xunta de Galicia, en el marco de la implantación de la administración electrónica.

Además, como cabecera y centro de referencia del Sistema de Archivos de Galicia, tiene la responsabilidad de velar por la conservación, recuperación y difusión del patrimonio documental. Con este fin, deberá desarrollar políticas de digitalización de documentos y de creación del repositorio o repositorios digitales que aseguren no solo la accesibilidad universal a esta información sino también su conservación a largo plazo, haciendo así rentables las inversiones de fondos públicos que realice.

Estas fueron las coordenadas que enmarcaron la elección del tema del seminario internacional *El futuro de la memoria. El patrimonio archivístico digital*. Si es verdad que la creación del Archivo es, más que necesaria, imprescindible para organizar y controlar la producción documental de la Administración general de la Comunidad Autónoma, no lo es menos que desde la entrada en vigor de la Ley citada y las normas que la desarrollan esa producción documental se hará cada vez más en formato digital.

Las ponencias que integran este volumen tratan de ofrecer respuestas, desde diferentes perspectivas, a la compleja realidad (administrativa, cultural archivística en suma) que se abre con el mundo digital. Las soluciones que nos dan no son definitivas, no pueden serlo, pero nos ayudarán a abordar de forma coherente la ingente tarea que tenemos por delante.

Francisco López Rodríguez  
*Director xeral do Libro, Bibliotecas y Archivos*

O Arquivo de Galicia está chamado a custodiar a memoria da Administración de Galicia, e nace nun momento crucial de cambio decidido das administracións públicas cara á posta en funcionamento da Administración electrónica, de acordo coas previsións establecidas na Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Así, o Arquivo, que ten encomendadas competencias en materia de recepción, custodia, comunicación e difusión dos documentos producidos ou reunidos por calquera medio e en calquera soporte pola Administración de Galicia e os órganos dela dependentes no exercicio das súas funcións, deberá participar de forma activa na posta en marcha do Modelo de Xestión Documental (MXDX) que a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica está a desenvolver na actualidade dentro do Plan de Modernización da Xunta de Galicia, no marco da implantación da Administración electrónica.

Ademais, como cabeceira e centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia, ten a responsabilidade de velar pola conservación, recuperación e difusión do patrimonio documental. Con este fin, deberá desenvolver políticas de dixitalización de documentos e de creación do repositorio ou repositorios dixitais que aseguren non só a accesibilidade universal a esta información senón a súa conservación a longo prazo, facendo así rendibles os investimentos de fondos públicos que realice.

Estas foron as coordenadas que enmarcaron a elección do tema do seminario internacional *O futuro da memoria. O patrimonio arquivístico dixital*. Se é verdade que a creación do Arquivo é, máis que necesaria, imprescindible para organizar e controlar a produción documental da Administración xeral da Comunidade Autónoma, non o é menos que dende a entrada en vigor da lei citada e as normas que a desenvolven esa produción documental se fará cada vez máis en formato dixital.

Os relatorios que integran este volume tratan de ofrecer respostas, dende diferentes perspectivas, á complexa realidade (administrativa, cultural, arquivística en suma) que se abre co mundo documental dixital. As solucións que nos dan non son definitivas, non poden selo, pero axudarannos a abordar de forma coherente a inxente tarefa que temos por diante.

Francisco López Rodríguez  
*Director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos*



- 
- 17 **Introdución**
- 21 **Eric Ketelaar**  
Os arquivos inmersos no futuro
- 18 de novembro. 1ª sesión. Aspectos teóricos**
- 41 **Livia Iacovino**  
Máis alá de redes distribuídas: gobernanza participativa da memoria dixital
- 71 **Mayra M. Mena Mugica**  
Goberno electrónico e alfabetización informacional:  
contido para a formación arquivística en América Latina
- 91 **Daniel de Ocaña Lacal**  
Aspectos legais e arquivísticos da Administración electrónica:  
o impacto da Lei 11/2007, de acceso electrónico  
dos cidadáns aos servizos públicos
- 18 de novembro. 2ª Sesión. Experiencias**
- 131 **Alicia Barnard Amozorrutia | Aurora Gómez Galvarriato Freer**  
Os arquivos dixitais en México, Avances? Perspectivas...
- 19 de novembro. 1ª sesión. Aspectos teóricos e experiencias 1**
- 155 **David Bearman**  
Estratexias en arquitecturas para a captura de documentos
- 171 **Seamus Ross**  
Políticas e prácticas da conservación dixital:  
automatización, experimentación e medición do funcionamento
- 201 **Ross Harvey**  
A conservación do noso patrimonio dixital:  
estratexias de conversión e migración

- 219**     **Richard Brown**  
A macrovaloración no século vinte e un:  
cara a un novo marco documental para a memoria pública
- 257**     **Pepita Raventós**  
Repositorios dixitais: aplicación do modelo OAIS e os esquemas de  
metadatos á conservación do patrimonio documental arquivístico
- 19 de novembro. 2ª sesión. Aspectos teóricos e experiencias 2**
- 277**     **Miguel A. Amutio Gómez**  
O documento electrónico no Esquema Nacional  
de Interoperabilidade de España
- 303**     **María José García Sexto**  
Plan de Modernización da Xunta de Galicia-Xestión documental
- 327**     **Elena Rivas Palá**  
A experiencia do Arquivo Municipal de Zaragoza  
na implantación da Administración electrónica
- 351**     **Anabella Barroso Arahuetes**  
Xerar, conservar e difundir a memoria dixital.  
Principais proxectos do AHDB-BEHA e do Centro Icaro
- 371**     **Rafael Fresneda Collado**  
Dixitalizar para preservar e difundir.  
O proxecto CARMESÍ da Rexión de Murcia
- 385**     **Alfonso Sánchez Mairena**  
Principais retos en PARES (Portal de Arquivos Españóis):  
Interoperabilidade, normalización, calidade descritiva e eficiencia  
do acceso ao Patrimonio arquivístico dixital español
- 803**     **Abstracts**

- 
- 407 **Introducción**
- 411 **Eric Ketelaar**  
Los archivos inmersos en el futuro
- 18 de noviembre. 1ª sesión. Aspectos teóricos**
- 431 **Livia Iacovino**  
Más allá de redes distribuidas: gobernanza participativa de la memoria digital
- 461 **Mayra M. Mena Mugica**  
Gobierno electrónico y alfabetización informacional: contenido para la formación archivística en América Latina
- 481 **Daniel de Ocaña Lacal**  
Aspectos legales y archivísticos de la Administración electrónica: el impacto de la Ley 11/2007, de acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos
- 18 de noviembre. 2ª Sesión. Experiencias**
- 521 **Alicia Barnard Amozorrutia | Aurora Gómez Galvarriato Freer**  
Los archivos digitales en México. ¿Avances? Perspectivas...
- 19 de noviembre. 1ª sesión. Aspectos teóricos y experiencias 1**
- 545 **David Bearman**  
Estrategias en arquitecturas para la captura de documentos
- 563 **Seamus Ross**  
Políticas y prácticas de la conservación digital: automatización, experimentación y medición del rendimiento
- 593 **Ross Harvey**  
La conservación de nuestro patrimonio digital: estrategias de conversión y migración

- 613 Richard Brown**  
La macrovaloración en el siglo veintiuno:  
hacia un nuevo marco documental para la memoria pública
- 653 Pepita Raventós**  
Repositorios digitales: aplicación del modelo OAIS y los esquemas  
de metadatos a la conservación del patrimonio documental archivístico
- 19 de noviembre. 2ª sesión. Aspectos teóricos y experiencias 2**
- 673 Miguel A. Amutio Gómez**  
El documento electrónico en el Esquema Nacional  
de Interoperabilidad de España
- 699 María José García Sexto**  
Plan de Modernización de la Xunta de Galicia-Gestión documental
- 723 Elena Rivas Palá**  
La experiencia del Archivo Municipal de Zaragoza  
en la implantación de la Administración Electrónica
- 749 Anabella Barroso Arahuetes**  
Generar, conservar y difundir la memoria digital.  
Principales proyectos del AHDB-BEHA y del Centro Icaro
- 769 Rafael Fresneda Collado**  
Digitalizar para preservar y difundir.  
El proyecto CARMESÍ de la Región de Murcia
- 783 Alfonso Sánchez Mairena**  
Principales retos en PARES (Portal de Archivos Españoles):  
Interoperabilidad, normalización, calidad descriptiva y eficiencia  
del acceso al Patrimonio archivístico digital español
- 803 Abstracts**

actas do seminário internacional  
o futuro da memória:  
o património arquivístico digital

A idea que deu lugar á celebración do seminario internacional *O futuro da memoria: o patrimonio arquivístico dixital* respondeu a un triplo obxectivo: 1. Dar a coñecer o Arquivo de Galicia e as súas instalacións na Cidade da Cultura aos profesionais e subliñar o seu carácter de centro que nace con vocación de coordinación e colaboración. 2. Subliñar o papel que o Arquivo está chamado a xogar na planificación e no desenvolvemento da xestión documental electrónica na Xunta de Galicia e 3. Reflexionar sobre as cuestións asociadas co establecemento de políticas para a implantación da Administración electrónica e de dixitalización para a conservación e a difusión do patrimonio documental.

Nos dous últimos aspectos sinalados áchase presente o tema da conservación da memoria dixital. É obvio que non basta con crer nas tecnoloxías da información e da comunicación e apostar pola e-Administración e o dixital como solución para todos os problemas da xestión das nosas organizacións ou para a conservación do noso patrimonio documental analóxico. Os profesionais sabemos que esas belas palabras, esas boas intencións de modernización e transparencia das institucións públicas, de acceso rápido e universal aos documentos, á información e á cultura, só serán iso, fermosas palabras, se non se enmarcan en políticas concretas que se plasmen en plans e accións deliberadas e continuadas no tempo. Políticas, plans e accións que partan dunha clara conciencia da inestabilidade e, por tanto, vulnerabilidade da información electrónica. A formación desa conciencia require reflexión. Velaquí a razón última desta iniciativa.

Con estas premisas, o comité científico do Seminario elaborou o programa e elixiu os relatores, e procurou que existise un adecuado balance entre os aspectos teóricos e prácticos, entre as cuestións relacionadas coa Administración electrónica e as políticas de dixitalización do patrimonio documental.

Así, no relatorio que serve de introdución xeral a este volume, Eric Kete-laar reflexiona sobre os aspectos conceptuais presentes nas nocións de documento e de arquivo: o significado, a identidade, a memoria, as activacións e apropiacións desta...; aspectos que cobran se cómpre, se cabe, maior importancia no mundo fluído e intanxible dos documentos dixitais e que contribúen a subliñar o verdadeiro carácter dos arquivos como institucións que só adquiren sentido na súa proxección cara o futuro.

Livia Iacovino analiza os problemas a que se enfronta o mundo dos arquivos no marco da internet. No seu texto, defende a necesidade dunha gobernanza que regule aspectos tales como o acceso aos documentos gobernamentais, a privacidade, o *cloud computing*, o papel das redes sociais na produción compartida de documentos que se estimen de conservación permanente ou o papel que deben xogar os arquivos como institucións reguladoras ou garantes do dereito de acceso aos documentos dixitais, nun entorno tecnolóxico enormemente cambiante e en continua evolución.

Mayra M.Mena, Alicia Barnard e Aurora Gómez Galvarriato ofrécennos aproximacións á realidade práctica dalgúns países da América Latina. Mayra Mena faíno dende a perspectiva da alfabetización informacional en toda a América Latina, un aspecto clave para o desenvolvemento da Administración ou Goberno electrónicos. Pola súa banda, Alicia Barnard e Aurora Gómez analizan o caso concreto de México, e constatan as dificultades que existen para a conservación da memoria dixital e os retos aos que facer fronte a partir da presenza que esta cuestión ten nos programas de estudo, na normativa gobernamental e na actividade cotiá das organizacións públicas.

Daniel de Ocaña e Miguel A. Amutio desenvolven en cadanseu relatorio os aspectos legais e arquivísticos que a Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e os decretos que a desenvolveron presentan (nomeadamente o de creación do Esquema Nacional de Interoperabilidade e as normas técnicas en que se ha plasmar en breve) para a implantación da Administración electrónica en España.

Estes aspectos son tratados igualmente en profundidade por María José García Sexto con respecto á Administración da Xunta de Galicia e ao seu Plan de Modernización e Xestión Documental, e por Elena Rivas coa súa exposición acerca do estado da cuestión da creación dun sistema de xestión documental e arquivo electrónico no Concello de Zaragoza.

David Bearman contribúe máis unha vez a cuestionar as nosas febles certezas en relación co mundo da xestión documental electrónica coa proposta de implantación de arquitecturas orientadas a servizos que, esquecendo os esquemas da transferencia documental física entre os distintos niveis arquivísticos firmemente asumidos polos profesionais, estean baseadas nos servi-

zos web, con APIs abertas que sexan capaces de capturar, avaliar e seleccionar os documentos de forma automática.

Ross Harvey e Pepita Raventós repasan nos seus relatorios as estratexias de conservación de documentos electrónicos. No primeiro caso, desde un punto de vista eminentemente teórico; no segundo, cunha revisión das experiencias prácticas de conservación dixital no mundo baseadas na aplicación do modelo OAIS e os esquemas de metadatos.

Seamus Ross defende, a partir de investigación recente desenvolvida nos últimos anos con financiamento da Unión Europea, a necesidade de progresar na automatización, na medición e na experimentación do risco asociado coa creación e mantemento de repositorios dixitais como medio de mellorar as políticas e as prácticas de conservación dixital.

Richard Brown analiza a experiencia da Biblioteca e Arquivo de Canadá na implantación e desenvolvemento da macrovaloración desde os primeiros anos da década de 1990 e os retos a que se enfronta este método de avaliación e selección documental á luz dos cambios introducidos nos últimos anos coa aparición do documento dixital e as novas culturas e formas participativas de traballo, enfocadas aos resultados, da Administración canadense.

Finalmente, Anabella Barroso, Rafael Fresneda e Alfonso Sánchez expoñen as experiencias do Arquivo Histórico Diocesano de Biscaia, o proxecto CARMESÍ da Rexión de Murcia e o Portal PARES, respectivamente, como exemplos de políticas de dixitalización, acceso e difusión do patrimonio documental en España.

Por parte do Arquivo de Galicia, cómpre expresar outra vez o noso agradecemento aos autores e membros do comité científico e manifestar o desexo de que as súas ensinanzas e experiencias sexan frutíferas para os profesionais de Galicia e para a comunidade arquivística en xeral.



# Os arquivos inmersos no futuro

Eric Ketelaar

Os arquivos poden ser símbolos, ou monumentos, pero só hai uns poucos monumentos que simbolicen un documento de arquivo (O'Toole, 1993; Ketelaar, 2007). Presento dous exemplos.

O primeiro procede de España: o monumento na Praza de España de Cádiz á Constitución española de 1812. Foi en Cádiz cando o primeiro parlamento español moderno (as Cortes) se reuniu e promulgou a Constitución de 1812 (Colección, 1811-1813)<sup>1</sup>. O centenario en 1912 prestouse a diferentes interpretacións e fins políticos entre monárquicos, republicanos, conservadores, liberais, a dereita católica, a Igrexa. O Goberno «decidiu non escatimar recursos para levar a cabo un evento memorable, deseñado para reflectir os múltiples significados da conmemoración.» (Moreno-Luzón, 2007, p. 86). Dedicouse un gran monumento ás Cortes, á Constitución e ao sitio de Cádiz. Pasaron varios anos antes de que en 1929 o monumento fose completado. Evoca as Cortes por medio de dous frisos, dispostos nun amplo semicírculo, un deles representando a guerra, e o outro a paz, dominados pola estatua dunha matrona que representa a Constitución e sostén o rolo na súa man dereita (Cano Navas, 1989). Érguese na parte frontal dun alto pedestal de 32 metros coroado por catro figuras que representan a liberdade, a xustiza, a democracia e o progreso, e que están a soste-la Constitución como un libro aberto, que amosa os artigos 8 e 9. Rolo ou libro? A Constitución de 1812 estaba formada por dous orixinais, ambos asinados por todos os deputados, e cada folla marcada con signos de autenticación dos catro secretarios. Os 384 artigos e todas as sinaturas acadan un volume de 112 páxinas, bastante substancial, pero evidentemente en absoluto parecido ao gran libro do cumio do monumento de Cádiz.

O segundo exemplo procede de Australia. En Melbourne, xunto ao Parlamento, érguese A Gran Petición, unha obra dos artistas Penelope Lee e Su-

san Hewitt. Deuse a coñecer o 3 de decembro de 2008, para celebrar os primeiros cen anos do dereito a voto para as mulleres en Victoria. De acordo coa inscrición na base do monumento, «fai referencia» á Petición Monstro, oficialmente a Petición do Sufraxio Feminino de 1891. Ese documento é un rolo xigante de 260 metros —levou dez horas a dous conservadores desenvolver o documento (Women's Suffrage Petition, 2008). Unha «campaña porta a porta» en todo Victoria deu como resultado aproximadamente 30.000 sinaturas. O rolo satisfacía o requisito de que unha petición ao Parlamento— o «rogo»: toda petición remataba con «e os seus peticionarios sempre rogarán» debería estar fisicamente xunta coas follas que levaban as sinaturas e os enderezos. Requiriuse a varios asistentes que o levaran ao Parlamento. Probablemente o rolo estaba polo menos parcialmente «despregado» nunha área impresionante.

Ambos os dous monumentos, o de Cádiz e o de Melbourne, están a simbolizar un documento de arquivo. Pero mentres que o monumento de Melbourne copia ou simula o documentos orixinal na súa forma, o monumento á Constitución de Cádiz é unha remota evocación do orixinal. Máis que o monumento de Melbourne, o monumento de Cádiz representa a idea, o significado da Constitución de 1812. Idea procede do grego, e significa literalmente: aparencia ou forma, de *idein*: ver. O que vemos en Melbourne é a forma do documento orixinal, que representa a idea da Gran Petición, mentres que en Cádiz, a idea da Constitución, o seu significado, non necesita aparentemente unha representación formal do documento orixinal.

### **Significados**

Os documentos de arquivo non falan en por si, pero por suposto teñen algo que dicir, teñen un significado. Os arquiteiros e outras moitas persoas dan por sentado o significado do documento: foi creado intencionadamente para comportar significado (Lubar, 1999). No entanto, o significado dun documento ou de calquera outro artefacto cultural ten dúas caras: o significado *do* documento (en termos obxectivistas) (Furner, 2004) e o significado *para* alguén ou para unha ocasión. O documento é un depósito de significados (Ketelaar, 2001), algúns poden lerse no documento ou inferirse da intertextualidade que o conecta con outros documentos, e outros teñen que ser deducidos do contexto de creación e uso dos arquivos (Prescott, 2008). Uso deliberadamente o plural de «significado», porque un documento non ten só un significado.

Hai pouco tempo, o historiador francés Philippe Artières fixo un interesante experimento (Artières et al., 2008). No mercado de pulgas comprou un

*dossier* por 15 euros. Consta de preto de oitenta documentos dos séculos dezanove e vinte. Artières e outros catro historiadores estudaron este «*dossier Bertrand*», pero cada un se reservou para si os descubrimentos e conclusións que lle proporcionara o *dossier*. Como era de esperar, esta carpeta deu como resultado cinco informes históricos, que diferían de moitas maneiras, incluso no relativo a detalles obxectivos como nome, lugar e data de nacemento, e o número de fillos de Bertrand. O resultado do exercicio dos cinco académicos foi un entretido folleto con interesantes observacións epistemolóxicas: os documentos, unha vez observados polo historiador, perdían a súa obxectividade a causa da subxectividade do investigador. Os significados da carpeta eran diferentes para cada investigador, ou máis ben: cada un dos historiadores deu ao dossier un significado diferente. O significado é asignado pola mente humana, e por tanto está suxeito a variación entre individuos e entre diferentes tempos e espazos (Tainter y Lucas, 1983; Yeo, 2010).

Os historiadores tiveron que inferir o significado da carpeta a partir do estudo da carpeta mesma, e a partir doutras fontes. Iso parece mera recuperación da información, un acto cognitivo. Igualmente importantes, no entanto, son o que os psicólogos chaman os modos afectivo e conativo de construción de significado (Hilgard, 1980). Nos anos setenta do século vinte dous investigadores da Universidade de Chicago, o psicólogo Csikszentmihalyi e o sociólogo Rochber-Halton examinaron como e por que os americanos valoran os seus obxectos domésticos (Csikszentmihalyi y Rochberg-Halton, 1981). No seu libro clásico «O significado das cousas» amosaban o modo en que as persoas cando tratan con obxectos —móbles, arte, fotografías, libros, instrumentos musicais, álbums de recortes, árbores xenealóxicas, documentos, diarios— definen quen son, ou foron ou queren ser. No modo afectivo, alguén presta atención a un obxecto e o selecciona de entre o seu entorno. Deste modo, por así dicir, a partir do obxecto libérase a enerxía psíquica. Tal atención e tal afección por un obxecto poden poñer a alguén nun estado de *fluxo*: está completamente en conxunción co obxecto, perde toda idea do tempo e o espazo e acha unha gran satisfacción na súa interacción co obxecto. Isto sucede por exemplo cando se le un libro, folléase un álbum de fotos, vólvese ler un diario ou antigas cartas. O modo conativo de construción de significado refírese ao resultado da recuperación cognitiva de información e á atención afectiva: as intencións, o propósito, o fin que o usuario ve reflectido no significado do obxecto. O resultado de, por exemplo, contemplar vellas fotos familiares pode ser a confirmación e o reforzo das relacións familiares e a continuidade ao longo de xeracións, de acordo con Csikszentmihalyi e Rochberg-Halton, os que descubriron que:

Máis que calquera outro obxecto doméstico, as fotos serven ao propósito de conservar a memoria dos lazos persoais. Na súa capacidade para espertar emoción non hai outro tipo de obxecto que poida superalas: quizá só son igualadas polos altofalantes estéreos mencionados pola xeración máis nova (Csikszentmihalyi y Rochberg-Halton, 1981, p. 69).

Isto era en 1977, e a investigación das actuais prácticas culturais rende resultados diferentes. No mundo de hoxe en día, para os mozos o fin conativo de compartir fotos é a interacción e a vinculación entre iguais (Dijck, 2007), pero un se pregunta como valorarán as fotos cando se fagan maiores. Existiría unha «dramática diferenza» ao valorar fotos na adolescencia e na vellez, *un desprazamento coa idade cara a obxectos e significados que comportan a continuidade das propias experiencias* (Csikszentmihalyi e Rochberg-Halton, 1981, p. 193).

Podemos utilizar a psicoloxía de formación do significado para amosar o modo en que as persoas se asocian con documentos. Escribir o borrador e redactar a Constitución de 1812 en Cádiz foron actos cognitivos, a pesar de que a elección das palabras correctas —*felicidad, igualdad, libertad, etc.*— amosaba unha forte afección (Cruz Seoane 1968). Máis aínda, as Cortes adoptaron varias medidas para asegurar que a Constitución se convertería en obxecto afectivo para as Españas (plural!) (Colección 1811-1813). En toda España e América Latina a Constitución foi solemnemente proclamada lendo o texto *en alta voz* ás persoas reunidas na praza principal, que foi renomeada en todas as vilas como Praza da Constitución e onde de aquí en adiante unha pedra serviría de lembranza da *feliz época de la promulgación de la Constitución*. O primeiro domingo despois da promulgación, todos tiveron que xurar a constitución, ao que seguiu o canto do *Te Deum*. Todos os documentos públicos levarían no só a data do reinado do monarca, senón tamén o ano da constitución.

No modo conativo, a Constitución de Cádiz —a causa da súa curta vida (en 1814 o rei Fernando VII revocou a Constitución, que sería posteriormente reintegrada en 1820-1823 e en 1836-1837)— sería considerada, incluso hoxe, como o fundamento da democracia en España e noutros lugares (Kern e Dodge, 1990). No sitio web de Cádiz («ciudad de la libertad») se pode observar e escoitar canto excita a Constitución de 1812 tanto no modo afectivo como no conativo: exposicións, discursos, sitios web, artigos, etc., sobre a Constitución e o feminismo, a Constitución e América, a Constitución e a liberdade de prensa, etc.

De maneira semellante, a redacción da Gran Petición foi un acto cognitivo. Conseguir todas as sinaturas, reflectilas nunha Petición Monstro e pre-

sentar o documento, requiría afección, e fíxose co fin conativo de subliñar e impresionar, e de gañar a batalla polo sufraxio das mulleres. Comprender a triloxía da construción de significado cognitivo, afectivo e conativo pode axudarnos a manter o documento vivo.

O documento está cheo de significados, como escribín. O autor deulle un significado ou —como nos dous casos presentados aquí— múltiples autores e redactores (Duranti, 2002, pp. 16-17) déronlle ao documentos múltiples significados, pero polo mesmo acto de editar/redactar el/eles renunciou/renunciaron á súa presenza controladora (Brothman, 2010), permitindo ao (aos) receptor(es) asignar un significado ou outro significado ao documento, mentres o le, pero tamén ao usar e almacenar o documento nun contexto particular, cada vez nun novo «espazo-concepto» (*It's About Time* 2003). Os dous orixinais da Constitución de 1812 foron gardados no arquivo, o texto foi impreso e distribuído, e mantido na memoria viva dunha ou dúas xeracións. A monumentalización e a recontextualización da Constitución acadaron o seu cumio no centenario de 1912 e de novo en 1987 cando o Parlamento español publicou un facsímile da Constitución e todos os decretos das Cortes de Cádiz —as copias foron distribuídas polas embaixadas españolas de todo o mundo—, e unha copia rematou na Biblioteca da *Monash University* en Melbourne. Esperemos e vexamos que sucederá cos orixinais da Constitución en 2012, no bicentenario.

En Victoria, o Parlamento ordenou que a Petición Monstro se puxese «sobre a mesa» —o que non tiña o seu significado literal—, foi seguida por unha discusión e finalmente o documento foi almacenado entre os documentos parlamentarios. O rolo é agora un documento de arquivo, no depósito da *Public Record Office* de Victoria. Normalmente a petición non se consulta, como calquera outro documento, na sala de investigación. En 2008, no entanto, a petición foi amosada na *Public Record Office*: a xente tivo a oportunidade de ver o documento, enrolado na súa bobina xigante. Pero a xente non pode *usar* efectivamente a petición orixinal a causa do seu volume: converteuse —ou máis ben sempre o foi— máis nun símbolo que nun documento utilizable. Como símbolo foi unha listaxe no rexistro da Memoria do Mundo de Australia. Pode accederse ás copias dixitais das páxinas coas sinaturas no sitio web do Parlamento, que enlaza a unha *wiki*, creada polo Arquivo. As imaxes dixitais amosan algunhas das propiedades físicas da petición: o papel, a tinta e os instrumentos de escritura (pluma, lapis) que se utilizaron para asinar a petición. Estas características foron estudadas polos conservadores que, por suposto, tiveron acceso ao orixinal (Wilson, 2007). Para os conservadores, o documento proporcionaba respostas a preguntas de diferente tipo.

### Documentos intanxibles

Os significados da Constitución de 1812, a Gran Petición ou calquera outro documento son diferentes, porque se accede ao documento en diferentes espazos-concepto e en diferentes modos cognitivos, afectivos e conativos. O usuario vese constringido a explotar estes modos, a causa da maneira en que o documento se presente ou representa. Isto é especialmente complicado para os documentos dixitais, porque un documento dixital é intanxible e fluído, *desaparece unha vez que a reactivación rematou, cérrase a sesión no explorador, ou se apaga o ordenador persoal*. (Ketelaar y Delgado Gómez, 2009). Máis aínda, como Jeff Rothenberg escribiu fai unha década: *Ao elixir un método de conservación dixital particular, determinamos que aspectos de tales entidades conservamos e cales serán sacrificados* (Rothenberg, 2000).

A migración ou a conversión dun documento dixital crean un documento novo e diferente, e reempraza o documento migrado ou convertido. É de feito unha forma de valoración: debemos elixir que perder (Rothenberg, 2000, p. 56; Duranti, 2002, p. 13; véxase Yeo, 2010). A valoración é asignar significación e valores (Carta, 2003).

Posto que a migración inevitablemente disocia ao usuario posterior do orixinal, a emulación —defendida por Jeff Rothenberg e practicada actualmente pola Biblioteca Nacional e o Arquivo Nacional holandeses (Rothenberg, 1998)— semella unha mellor estratexia, dado que a emulación require menos mutación, permitindo a xeracións futuras de usuarios a posibilidade dun compromiso afectivo co documento *con sentimentos de satisfacción emocional comparables a aqueles dos que informan aos usuarios de orixinais analóxicos na nosa propia era*. (Yeo, 2010, p. 108).

A tecnoloxía conforma así o significado do arquivo. En palabras de Jacques Derrida:

a estrutura técnica do archivar tamén determina a estrutura do contido que se pode archivar incluso no seu propio vir á existencia e nas súas relacións co futuro (Derrida, 1996, p. 17).

Como escribo —cunha pluma ou sobre o meu Palm ou co PC— marca unha diferenza con respecto ao *que* escribo. Como conservo —mediante migración ou emulación— marca unha diferenza con respecto ao modo en que podo relacionarme co documento, o modo en que accedo ao documento en diferentes modos cognitivos, afectivos e conativos. E non só a tecnoloxía, senón tamén o contexto social no que escribo e leo marca unha diferenza —cognitivamente, afectivamente e conativamente— con respecto ao que escribo e leo. Eu chamei a isto arquivización: a elección consciente ou in-

consciente (determinada por factores sociais e culturais) de considerar que merece a pena arquivar algo (Ketelaar, 2001). A arquivización efectúa tamén as decisións acerca da migración, a conversión ou a representación de documentos dixitais, as cales

nos presentan dilemas éticos en xeral comparables aos dilemas implícitos nas anteriores decisións de valoración que determinan que documentos recoller ou conservar (Yeo, 2010, p. 111).

No paradigma de acceso, tal e como foi formulado por Angelika Menne-Haritz, é responsabilidade autónoma do usuario determinar que significado constrúe a partir do arquivo (Menne-Haritz, 2001; Macpherson, 2002). *A liberdade de interpretación é un dereito fundamental do usuario do arquivo*, escribe Theo Thomassen (Thomassen, 2001). No innovador ensaio «Acceso» do anuario arquivístico holandés, o autor explica por que e como ese dereito serve como pedra de toque para a política e a xestión de arquivos. Pero a liberdade de interpretación implica a liberdade de utilizar os modos cognitivo, afectivo e conativo de construción de significado, independentemente do modo en que o arquivo é conservado, presentado e representado. Eu argumentaría que os custodios do patrimonio arquivístico dixital teñen que asegurar que a triloxía de construción de significado está dispoñible para calquera usuario agora e no futuro.

## **Identidades**

O pasado é o que somos porque somos o que fomos. Máis exactamente, *somos o que lembramos que fomos*. (Ferrarotti, 1990, p. 6. Cursiva no orixinal). A maioría dos usuarios non só consultan os arquivos para *atopar* algo, senón tamén pola *experiencia* de buscar e atopar e pola historia que poden construír con estes achados (Thomassen, 2001). Como Michael Moss escribe, o arquivo é:

un lugar de «soños» de recreación tanto para o usuario como para o arquivero (conservador), que sempre están comprometidos, xuntos, ou pasiva ou activamente, nun proceso de reconfiguración que nunca remata (Moss, 2008, p. 83).

O usuario e o arquivero por igual constrúen historias que establecen para eles quen son e quen non, onde encaixan e onde non, quen pertence a eles e quen non. O significado do documentos está en efecto «no ollo do es-

pectador» (Digital Preservation Testbed, 2003): o usuario *atopa* significado e *realiza* significado nun arquivo ou nun documento, e eses significados axúndanlle a estruturar e reestruturar a relación entre o eu e o mundo, e daí a formación da súa identidade. Como escribiu Franco Ferrarotti, *Nós non somos nada nun sentido absoluto. Somos só o que fomos —de maneira máis exacta—, o que lembramos que fomos. Somos memorias personificadas.* (Ferrarotti, 1994, p.1; Ferrarotti, 1997, p. 4; véxase tamén Lyman, 1996).

A formación da identidade baséase na formación de significado, como o título dun libro do psicólogo Urs Fuhrer indica: «Cultivating Minds: Identity as Meaning Making Practice» (Fuhrer, 2004; Fuhrer e Josephs, 1998; Craven, 2008). Fuhrer ve a formación dunha identidade como un proceso que ten lugar en catro sistemas mutuamente constitutivos: o suxeito, os obxectos, os interlocutores sociais, e o mundo. Os obxectos ou artefactos median o contexto cultural, mentres que os interlocutores sociais son os mediadores do contexto social para a formación da identidade. Os obxectos poden ser documentos de arquivo, os interlocutores sociais poden ser membros da familia, colegas, pares. Pensemos na formación dun álbum de fotos, ou físico, ou virtual en Flickr; ou na organización dos nosos arquivos persoais, en manter un *blog* ou en contribuír a unha *wiki* ou a YouTube ou a unha comunidade como a creada como parte de «Your Archives», o esforzo Web 2.0 do Arquivo Nacional do Reino Unido. En todos estes casos os significados dos obxectos de información son co-creados tanto no marco da experiencia persoal, como na mediación cos interlocutores sociais que arrodean ao *blogger* ou ao contribuidor á *wiki*, nas redes e comunidades das que o creador do arquivo e o usuario do arquivo forman parte (Johnson, 2008). Os documentos non son unicamente portadores de información; teñen un rol social, como Brown e Duguid argumentaron no seu libro «La vida social de la información» (Brown e Duguid, 2000). O contexto conforma o contido, é o seu adaxio. Poderíase dicir: amóseme o seu arquivo e saberei quen é e en que contextos sociais está a funcionar. Ou: amóseme os seus contextos sociais e saberei como está a tratar coa información.

A mediación implica definición, selección, organización, interpretación e presentación de significado (Altheide, 1995). E ese é un proceso iterativo, como Louise Craven, do Arquivo Nacional do Reino Unido fai notar: ... *a identidade como formación de significado é perpetuamente construída e reconstruída mediante a experiencia dos documentos de arquivo.* (Crave, 2008, p. 17). Posto que un documento significa diversas cousas para diferentes persoas, ao longo do espazo-tempo (Nesmith 2005), as identidades que son reclamadas a partir de, e se basean en, un patrimonio arquivístico particular serán diferentes.



## Memorias

«Somos o que lembramos que fomos». (Ferrarotti, 1990, p.6). E lembrar, como aseverou Frederic Bartlett en data tan temperá como 1932, implica «un esforzo posterior ao significado» (Bartlett, 1995). Nun encomiable espírito, a lei española 52/2007, a «Lei de Memoria Histórica», desafia a construción dunha memoria colectiva nacional monolítica, aínda que recoñece o dereito de cada individuo á súa memoria persoal e familiar (Boyd, 2008). A lei trata de rematar coa longa e duradeira batalla de memorias históricas, exactamente dez anos despois de que o goberno conservador propuxera o ‘decret d’humanitats’ que aspiraba a unha memoria histórica unificada de arriba cara abaixo (Resina, 2000). No entanto, a lei de 2007 non trata da memoria histórica no senso da memoria arquivística. O seu título completo é: *Lei pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura*. A aplicación da lei —como moitos outros procesos de memoria ‘histórica’ en España— non trata da recuperación da memoria arquivística, nin da reescritura da historia, senón da lembranza colectiva, do esquecemento colectivo e do silencio colectivo<sup>2</sup>. Como no caso doutros profundos cambios na consciencia, a transición á democracia en España trouxo con ela características amnesias. Á marxe de tales esquecementos florecen as narrativas (Anderson, 1991, p. 204). Trata de *unha reordenación das narrativas históricas ... para reflectir a mediación daqueles que viven no presente*. (Vincent, 2010, pp.65-66). A historia española foi con moita frecuencia «o pretexto para efectos narrativos (máis que á inversa)» (Resina, 2000, p.14), como coa moda das novelas históricas, as historias orais, e outras narrativas. Tales prácticas culturais de «historical remembrances» (por utilizar o termo de Jay Winter) non deberían ser un substituto da memoria arquivística, senón máis ben un complemento dos arquivos (Winter, 2009; véxase ademais Corney, 2010). Por tanto, a lei de 2007 non se limita a garantir o dereito de cada individuo ou grupo a lembrar o pasado á súa propia maneira, ao mesmo tempo asevera:

un rol goberamental na busca de coñecemento histórico e na promoción da «memoria democrática» —presumiblemente unha esfera pública— aberta a «memorias» en competencia. (Boyd, 2008, p. 146).

Os arquivos son unha de tales esferas públicas, non son (ou non deberían ser) un templo, senón un foro, un espazo público que permita memorias, narrativas, documentos en competencia e impugnados (Ketelaar, 2003 y 2008). Pero paradoxalmente esa calidade pode axudar aos membros dunha

comunidade non só a tomar as empuñaduras do seu propio pasado, senón tamén a recoñecer que o pasado que comparten con outras comunidades étnicas e políticas non é unha verdade, unha historia, nin unha memoria monolíticas, senón que permite, incluso require, o interrogatorio e a impugnación (Ketelaar, 2009a; véxase ademais Wertsch, 2009).

### **A executividade dos arquivos**

Dende esta perspectiva os arquivos non son estáticos nin están mortos: comunican de maneira activa significado. Mediante a comunicación poden ter poder executivo, poden cumprir algo, marcar unha diferenza entre un estado anterior e outro posterior. «A dualidade esencial dos documentos arquivísticos,» argumenta Barbara Craig, «é o ser cousas que non só «din», senón que tamén «fan», esténdense sobre un golfo entre os significados que se declaran e aqueles que están implícitos nos contextos máis alá do texto.» (Craig, 2002, p. 289). François Cooren, académico de estudos de comunicación e socioloxía das organizacións, explica desta maneira:

«os textos, como informes, contratos, notas, signos ou partes de traballo, executan algo...»; pode actuar, é dicir, causan unha «transformación do estado» (Cooren, 2004, pp. 374-376; véxase ademais Ketelaar, 2005a, p. 45).

Con que frecuencia non se obriga vostede a si mesmo a non esquecer algo, coa axuda de actores non humanos como as listas de tarefas «Cousas que teño que facer» ou as notas nun Post-it® amarelo que pega na pantalla do seu ordenador? Cooren escribe:

Se as notas non estivesen a facer algo, non habería diferenza na situación; no entanto, a súa mera presenza é suficiente para desencadear a conduta do actor...O que as notas están a facer (a lembrar) convértese no que os humanos que as produciron están a facer (Cooren, 2004, p.378).

Esta mediación textual é un exemplo do poder das cousas (Verbeek, 2005). Os documentos de arquivo teñen poder, «un tipo de poder comunicativo que pode efectuar cambios nas nosas vidas», como recentemente escribiu Brien Brothman (Brothman, 2008, p. 154). Pero o autor tamén advertiu de que este poder pode actuar como unha forza de negación (Brothman, 2010). «Somos o que lembramos que fomos». Os arquivos funcionan, como escribe Brothman, como axentes de continuidade política e solidariedade social, pero os arquivos tamén poden funcionar como forzas de negación, de

ruptura e de discontinuidade políticas. Os significados que as persoas forman a partir dos arquivos poden ser beneficiosos ou prexudiciais, convertendo os documentos en instrumentos de liberación ou de opresión (Ketelaar, 2005b). Instrumentos utilizados por suposto por seres humanos. O home —sexa o Grande Inquisidor ou o Xeneralísimo ou un goberno democrático— usa ou abusa dos documentos para os efectos de control, vixilancia e disciplina —en demasiados caso tamén para os efectos de opresión. Paradoxalmente, os mesmo documentos tamén poden converterse en instrumentos de reforzo e liberación, de salvación e liberdade. Os documentos das anteriores «burocracias da destrución» (Bartrop, 2001) poden transfigurarse en instrumentos de reparación e reconciliación.

### **Cultivo**

Un arquivo vivente ten que ser cultivado. Literalmente, cultivar é a labranza da terra; o nacemento do sementado. Implica mellora, desenvolvemento, refinamento, coidados. Os documentos e outros artefactos obteñen significado mediante o cultivo (Csikszentmihalyi y Rochberg-Halton, pp. 173-175; Fuhrer, 2004, p. 32).

Como escribe Urs Fuhrer:

O significado...non queda simplemente fixado, senón que máis ben ten existencia en e a través dun proceso de cultivo, un proceso que implica o desenvolvemento dalgún artefacto ou hábito de vida debido ao coidado, á investigación ou o sufrimento... (Fuhrer, 2004, p.90)

Os meus colegas do departamento de Estudos en Medios utilizan o termo obxectos-media ergódicos: obxectos-media que para a súa realización necesitan unha acción decidida, activa e significativa por parte do usuario (Simons, 2002). Na arte da instalación interactiva, por exemplo, a obra de arte é, por así dicir, esperar a que o usuario a execute (Bolten, 2006).

O cultivo libera enerxía psíquica, na medida en que o fai cos obxectos como mobles, obras de arte, fotos, libros, instrumentos musicais, etc., aos que me referín antes. Nesa transacción entre eu e obxecto créase, constrúese significado:

Como signos viventes, os obxectos deben ser cultivados para reter o seu significado; como obxectos cultivados, as cousas poden medrar en significado ao longo do tempo e adoptar novas capas de significado (Rochberg-Halton, 1986, p. 170).

O documento ten que ser cultivado, isto é: comprendido de maneira cognitiva, valorado de maneira afectiva e infundido con significado de maneira conativa.

O cultivo non só mantén vivos os arquivos e outros bens culturais. Hoxe en día, está en gran medida incrustado na executividade dos documentos dixitais. Cando vostede enche un formulario de compra nun sitio web, ou envía unha declaración da renda, ou fai unha solicitude, o documento web desencadea certo número de procesos e xera outros documentos. Outros exemplos dos que Duranti e Thibodeau chaman «enabling documents» (Duranti e Thibodeau, 2006) son os parches de software que permiten que un instrumento musical interactúe cun ordenador, e o software dalgúns sitios web que interpreta os datos acerca das nosas accións no sitio (O «Hola, NN, temos recomendacións para ti» de Amazon.com).

O usuario convértese en lector e escritor, en consumidor e produtor de información, ou en «prosumidor» no que Lawrence Lessig chama unha cultura L/E, unha cultura de ler/escribir (Lessig, 2008). Convértese en lector e oínte debido ao recoñecemento do discurso e á funcionalidade de lectura de diferentes aplicacións. Non só crea, le, escoita e mira os seus propios documentos, senón que contribúe a e altera (remexe) os doutras persoas. Non esquezamos que o patrimonio de mañá está a ser creado polos «Nativos Dixitais», a xeración de «Nacidos Dixitais2», que «están a crear moitos dos artefactos que as xeracións sucesivas queren estudar, este será o seu legado» (Palfrey y Gasser, 2008, p. 253).

### **Activacións e apropiacións**

O desenvolvemento da Gran Petición, montada outra vez nunha nova bobina de metacrilato, o estudo das propiedades do orixinal, a dixitalización, o desenvolvemento e o uso da base de datos da web, a extensión do contido da petición mediante a wiki todos e cada un son unha activación e unha apropiación do documento (Ketelaar, 2001; Nesmith, 2005). O mesmo está a suceder dende que España está a prepararse para o bicentenario da Constitución de Cádiz: cada uso da constitución será unha reactivación (*It's about time*, 2003), que implica unha reinterpretaion única do documento. Nós temos que documentar esas activacións, non só para manter unha pista de auditoría de calquera acción emprendida sobre o documento, senón principalmente porque temos que asegurar a sostenibilidade socio-técnica do patrimonio arquivístico dixital (McCarthy, 2007).

O que chamamos o patrimonio arquivístico constrúese porque o patrimonio existe só mediante a apropiación: un patrimonio non só necesita

un testador e un testamento, senón tamén un herdeiro que acepte as condicións e estea preparado para cultivar o patrimonio (Leniaud, 2002). Os documentos de arquivo son obxectos transversais, compartidos entre as fronteiras de diferentes comunidades, aínda que cada comunidade probablemente tratará de utilizalos de maneiras diferentes e en competencia (Yeo, 2010). Cada unha destas comunidades de memoria (un termo proposto por Peter Burke en data tan temperá como 1989) (Burke, 1989; véxase ademais McKemmish, Gilliland-Swetland y Ketelaar, 2005), reclama a súa propia memoria do sufrimento como un valor sagrado, que se enmarca nun espazo só de confianza e accesible para os membros do propio grupo (Misztal 2004). Esta «etnización da memoria» (Corkalo et al., 2004, p. 157) pode conducir á guetización da historia (Williams, 2007, p. 168). Os arquivos, no entanto, non poden parcelarse de conformidade coa procedencia étnica ou relixiosa ou política dos perpetradores, as vítimas, as testemuñas. Os arquivistas deberían permanecer alerta e asegurar que a apropiación dos arquivos por parte dun grupo particular ou para unha causa particular non pon en perigo a integridade dos arquivos e os dereitos doutros usuarios, agora e no futuro (Cox, 2009). Asignar significados e valores aos arquivos —e construír e reconstruír así o patrimonio arquivístico— é un acto político, un acto de memoria política. Estes actos —como afirma a Declaración da UNESCO sobre a Conservación do Patrimonio Dixital— teñen *que ser realizados de maneira responsable, e basearse en principios, políticas, procedementos e normas definidos* (Carta, 2003).

O arquivista non pode pretender quedar á marxe destas políticas da memoria: é un dos actores que, en palabras de Jacques Derrida,

Debe practicar unha política da memoria e, simultaneamente, no mesmo momento, unha crítica da política da memoria (Derrida e Stiegler, 2002, p. 63).

## **Arquivo 2.0**

A mediación textual xoga un rol importante na creación de «contido xerado polo usuario» no que se chama a Web 2.0: un termo paraugas que cobre diferentes características e aparicións sobre a web, nas que a diferenza entre provedores e usuarios de información queda diminuída ou incluso desaparece. Os límites dos documentos, os sitios web e as bases de datos creados polo goberno e o sector privado estanse a converter en interfaces con outros co-creadores fóra da organización. Cunha interface de programación de aplicacións (API) pódese facer un *mashup*: un sitio web que utiliza datos e

tecnoloxías doutros. A BBC comprendeu bastante pronto as súas posibilidades e lanzou [backstage.bbc.co.uk](http://backstage.bbc.co.uk): «Constrúa o que queira utilizando contido da BBC». Este modelo «entre bastidores» está a ser publicitado en Inglaterra para os arquivos do Goberno: estimular ao cidadán a utilizar a información do sector público para enriquecer esa información, dándolle novos usos e significados a esa información; dito de maneira breve, para cultivala. Resulta significativo que o motor deste desenvolvemento sexa a Oficina de Información Pública, que opera dende o Arquivo Nacional. Eles proporcionan o «Public Sector Information Unlocking Service», facendo posible mesturar información do sector público para novos usos, en novos contextos e con novos significados nunha «segunda vida» desa información.

Joy Palmer advertía recentemente:

A emerxencia dos Arquivos 2.0 ten mesmo que ver co cambio tecnolóxico que cun desprazamento epistemolóxico máis xeral que concirne á propia natureza do arquivo, e particularmente á práctica arquivística tradicional que privilexia o contexto «orixinal» do obxecto arquivístico. Nos 'Arquivos 2.0' o arquivo é potencialmente menos un espazo físico que unha plataforma en liña que apoia a participación. Nesta visión potencialmente radical, os usuarios poden contribuir ao arquivo, comprometerse con el e xogar un rol radical na definición do seu significado (Palmer, 2009).

É isto tan radical? Como argumentei anteriormente, o significado dun arquivo é construído tanto polo creador como polo arquivista e polo usuario. Esta «cornucopia de significados» (Harris, 2001) só pode enriquecerse máis nos Arquivos 2.0. A opción realmente radical proporcionada polos Arquivos 2.0 é redeseñar o arquivo nun entorno participativo. Tal arquivo, como Isto Huvila propuxo recentemente, enfócase sobre a busca de información participativa (o: construción de significado), a participación no arquivo non se limita a unha conversación acerca de un documento, senón, en lugar diso, en utilizar o documento «como unha conversación e un foro para a participación» (Huvila, 2008, p. 27).

Un arquivo participativo non significa que o rol primario do arquivista:

como axente entre tecnoloxía e contido, patrimonio e programa, cese. En efecto, este rol podería quedar reforzado por unha aproximación enfocada sobre a audiencia, porque isto levará máis alá de decisións de política inclusiva e proporcionará modelos de colaboración que permitirán que coexistan múltiples puntos de vista (Russo y Watkins, 2007, p. 153).

O arquivo participativo abre as portas dos sistemas arquivísticos tradicionalmente pechados (Yeo, 2010; véxase ademais Russo, Watkins, Kelly e Chan, 2008), e:

proporciona unha oportunidade para repensar o modo en que os futuros profesionais e académicos poderían apoiarse nun contexto máis cooperativo, inclusivo e democrático (Flinn, 2010).

Tal arquivo participativo non debería estar confinado á provisión e demanda de patrimonio cultural. «Ser Dixital nos Arquivos das Persoas» comprende todas as dimensións do continuo dos documentos: crear, capturar, organizar e pluralizar (Ketelaar, 2003). En cada unha destas dimensións a web social é predominantemente unha rede de persoas, non de documentos. Pero ningunha destas persoas —Funcionario 2.0, Cidadán 2.0 e as súas contrapartidas na empresa, «nativos dixitais» e «inmigrantes dixitais»— pode evadirse da creación e o mantemento de documentos auténticos e fiables.

Para os académicos e practicantes da arquivística é un reto fundamental deseñar e implantar ferramentas para a creación, a xestión e o uso de documentos en ámbitos Web 2.0 e Web 3.0, aproveitando na súa totalidade a executividade, o poder do documento.

### **No futuro**

O arquivo non é un fósil do pasado, sempre conxelado e só comprensible dentro dese pasado. O noso punto de vista é que o pasado está determinado polo presente, e que *o pasado harmoniza e articula os sentimentos do presente* (Misztal, 2003, p. 114). Máis aínda, o arquivo ten como obxectivo o futuro, de igual modo que a nosa memoria: *o que sucedeu no pasado só importa na medida en que nos capacita para anticipar o que nos está reservado*, escribe o psicólogo holandés Douwe Draaisma, engadindo que a memoria non se enfoca sobre o pasado, senón sobre o que aínda está por vir. Este é o motivo polo que as nosas lembranzas abordan o futuro (Draaisma, 2004, p. 57). Ese Xano de dobre cara —símbolo dos arquivos, que abordan o pasado e o futuro— significado que o arquivo segue a ser un arquivo vivente, nunca está pechado: é, como di Jacques Derrida, unha anticipación do futuro (Derrida, 1996, pp. 18, 36, 68; Derrida, 2002, p. 40). E, en palabras de Franco Ferrarotti, «O futuro comezou xa sempre, é o presente.» (Ferrarotti, 1990, p.6).

### **Agradecementos**

Este ensaio é unha revisión dunha conferencia lida no congreso “O Futuro da Memoria: O Patrimonio Arquivístico Dixital”, Santiago de Compostela, 18-19 de novembro de 2010. Tradución [ao español] por Alejandro Delgado Gómez. Unha versión lixeiramente diferente publicárase como Cultivating Archives: Meanings and Identities, *Archival Science*, 2011, v. 11.

Algunhas partes foron presentadas en 2009 nalgúns seminarios en *Moonash University*, Melbourne, *Gakushuin University*, Tokyo, e na miña conferencia de despedida “Levend archief”, lida na Universidade de Amsterdam (Ketelaar, 2009b).



## Referencias

As direcciones web accedeuse en setembro de 2010

- ALTHEIDE, David L. *An ecology of communication. Cultural formats of control*. New York: Aldine de Gruyter, 1995
- ANDERSON, Benedict. *Imagined communities: reflections on the origin and spread of nationalism*, 2nd ed. London: Verso, 1991
- ARTIÈRES, Philippe et al. *Le dossier Bertrand. Jeux d'histoire*. Paris: Manuella éditions, 2008
- BARTLETT, Frederic C. *Remembering. A study in experimental and social psychology (1932)*. Cambridge: Cambridge University Press, 1995
- BARTROP, Paul R. "The Holocaust, the Aborigines, and the bureaucracy of destruction: an Australian dimension of genocide". *Journal of Genocide Research* 2001, v. 3, n.1, pp. 75-87
- BOLTEN, Joost. *Tussen voorstelling en tekst. De plaats van de tekst in het videowerk van Gary Hill*. tesis University of Amsterdam, 2006. URL: <http://dare.uva.nl/record/194186>
- BOYD, Carolyn P. "The politics of history and memory in democratic Spain". En: *Annals of the American Academy of Political and Social Science*, 2008, v. 617, pp. 133-148
- BROTHMAN, Brien. [revisión del libro de] HENTTONEN, Pekka. *Records, rules and speech acts*. Tampere: Tampere University Press, 2007. En: *Archival Science*, 2008, v. 8, pp. 149-156
- BROTHMAN, Brien. "Perfect present, perfect gift: finding a place for archival consciousness in social theory". En: *Archival Science*, 2010, v. 10, pp. 141-189
- BROWN, John S, DUGUID, Paul. *The social life of information*. Boston MA: Harvard Business School Press, 2000
- BURKE, Peter. "History as social memory". En: Thomas Butler (ed). *Memory, history, culture, and the mind*. Oxford: Basil Blackwell, 1989, pp. 97-113
- CANO NAVAS, Maria L. "Estudio iconográfico del monumento a las Cortes, constitución y sitio de Cádiz". En: *Cuad Arte e Iconografía.*, 1989, v. 2, n. 4. URL: <http://www.fuesp.com/revistas/pag/cai0437.htm>
- "CARTA para la preservación del patrimonio digital". Paris: UNESCO, 2003. URL: [http://portal.unesco.org/ci/en/files/13367/10676067825/Charter\\_es.pdf/Charter\\_es.pdf](http://portal.unesco.org/ci/en/files/13367/10676067825/Charter_es.pdf/Charter_es.pdf)
- COLECCION de los decretos y ordenes que han expedido las Cortes generales y extraordinarias... 4 vols. Cádiz : Imprenta Real/Imprenta Nacional, 1811-1813; edición facsímil: Colección de decretos y órdenes de las Cortes de Cádiz. Madrid: Cortes Generales, 1987
- COOREN, François. "Textual agency: How texts do things in organizational settings". En: *Organization*, 2004, v. 11, pp.373-393
- CORKALO, Dinka et al. "Neighbors again? Intercommunity relations after ethnic cleansing". En: Stover, Eric, Weinstein, HarveyM. (eds). *My neighbor, my enemy: justice and community in the aftermath of atrocity*. Cambridge: Cambridge University Press, 2004, pp. 143-161
- CORNEY, Frederick C. "Remembering communism in modern Russia: archives, memoirs, and lived experience". En: Todorova, Maria (ed). *Remembering Communism. Genres of representation*. New York: Social Science Research Council, 2010, pp. 237-252
- COX, Richard J. "The archivist and community". En: Bastian, Jeannette A., Alexander, Ben (eds), *Community archives. The shaping of memory*. London: Facet, 2009, pp. 109-132
- CRAIG, Barbara. "Selected themes in the literature on memory and their pertinence to archives". En: *American Archivist*, 2002, v. 65, pp. 276-289
- CRAVEN, Louise. "From the archivist's cardigan to the very dead sheep: what are archives? What are archivists? What do they do?". En: Craven, Louise (ed). *What are archives? Cultural and theoretical perspectives: a reader*. Aldershot: Ashgate, 2008, pp. 7-30
- CRUZ SEOANE, María. *El primer lenguaje constitucional espan?ol: las Cortes de Ca?diz*. Madrid: Editorial Moneda y Cre?dito, 1968
- CSIKSZENTMIHALYI, Mihaly; ROCHBERG-HALTON, Eugene. *The meaning of things: domestic symbols and the self*. Cambridge: Cambridge University Press, 1981
- DERRIDA, Jacques. *Archive fever*. Transl. Prenowitz, Eric. Chicago and London: University of Chicago Press, 1996
- DERRIDA, Jacques. "Archive fever. A seminar..." En: HAMILTON, Carolyn et al. (eds). *Refiguring the archive*. Dordrecht;Boston;London: Kluwer, 2002
- DERRIDA, Jacques; STIEGLER, Bernard. *Echographies of television. Filmed interviews*. Cambridge: Polity Press, 2002
- DIGITAL Preservation Testbed. *White Paper Emulation: Context and Current Status (2003)*. URL: [http://www.digitaleduurzaamheid.nl/bibliotheek/docs/white\\_paper\\_emulatie\\_EN.pdf](http://www.digitaleduurzaamheid.nl/bibliotheek/docs/white_paper_emulatie_EN.pdf)
- DIJCK, José van. *Mediated memories in the digital age*. Stanford: Stanford University Press, 2007
- DRAAISMA, Douwe. *Why life speeds up as you get older: how memory shapes our past*. Cambridge: Cambridge University Press, 2004
- DURANTI, Luciana. "The concept of electronic record". En: DURANTI, Lu-

- ciana; EASTWOOD, Terry; MACNEIL, Heather (eds). Preservation of the integrity of electronic records. Dordrecht/ Boston/ London: Kluwer, 2002
- DURANTI, Luciana; THIBODEAU, Ken. "The concept of record in interactive, experiential and dynamic environments: the view of InterPARES". En: *Archival Science*, 2006, v.6, pp. 13–68
- FERRAROTTI, Franco. Time, memory, and society. Westport Conn.: Greenwood Press, 1990
- FERRAROTTI, Franco. The temptation to forget. Racism, anti-semitism, neo-nazism. Westport Conn – London: Greenwood Press, 1994
- FERRAROTTI, Franco. L'Italia tra storia e memoria. Appartenenza e identità, 2nd ed. Roma: Donzelli, 1997
- FLINN, Andrew. "An attack on professionalism and scholarship?: democratising archives and the production of knowledge". En: *Ariadne*, 2010, v. 62. URL: <http://www.ariadne.ac.uk/issue62/flinn/>
- FUHRER, Urs. Cultivating minds: identity as meaning making practice. London and New York: Routledge, 2004
- FUHRER, Urs; JOSEPHS, Ingrid E. "The cultivated mind: from mental medication to cultivation". En: *Developmental Review*, 1998, v. 18, pp.279–312
- FURNER, Jonathan. "Conceptual analysis: a method for understanding information as evidence, and evidence as information". En: *Archival Science*, 2004, v. 4, pp. 233-263
- HARRIS, Verne. "Law, evidence and electronic records: a strategic perspective from the global periphery". En: *Comma*, 2001, v.1, n. 2, pp. 29–44; reimpresso en HARRIS, Verne. *Archives and justice: A South African perspective*. Chicago: Society of American Archivists, 2007, pp. 107-130
- HILGARD, Ernest R. "The trilogy of mind: cognition, affection, and conation." En: *Journal of the History of the Behavioral Sciences*, 1980, v. 16, pp. 107-117
- HUVILA, Isto. "Participatory archive: towards decentralised curation, radical user orientation, and broader contextualisation of records management". En: *Archival Science*, 2008, vol. 8, pp. 15–36
- "IT'S About Time: research challenges in digital archiving and long-term preservation", 2003. URL: [http://www.digitalpreservation.gov/library/resources/pubs/docs/about\\_time2003.pdf](http://www.digitalpreservation.gov/library/resources/pubs/docs/about_time2003.pdf)
- JOHNSON, Andrea. "Users, use and context: supporting interaction between users and digital archive". En: CRAVEN, Louise (ed). *What are archives? Cultural and theoretical perspectives: a reader*. Aldershot: Ashgate, 2008, pp. 154-155
- KERN, Robert W.; DODGE, Meredith D. (eds). *Historical dictionary of modern Spain 1700-1988*, New York, Westport Conn. and London: Greenwood Press, 1990
- KETELAAR, Eric. "Tacit narratives: the meanings of archives". En: *Archival Science*, 2001, v. 1, pp. 143-155. Traducción ao castelán: "Narrativas tácitas: los significados de los archivos". En: HERNÁNDEZ OLIVERA, Luis, COOK, Terry (eds.): *Combates por la memoria. Archivística de la posmodernidad*. Salamanca: Asociación de Archiveros de Castilla y León, 2007). P. 137-147.
- KETELAAR, Eric. "Being digital in people's archives". En: *Archives and Manuscripts*, 2003, v. 31, pp. 8-22
- KETELAAR, Eric. "Sharing: collected memories in communities of records". En: *Archives and Manuscripts*, 2005, v. 33, pp. 44-61
- KETELAAR, Eric. "Recordkeeping and societal power". En: MCKEMMISH, Sue; PIGGOTT, Michael, REED; Barbara; UPWARD, Frank (eds). *Archives: recordkeeping in society*. Wagga-Wagga: Charles Sturt University, 2005, pp. 277-298. Traducción ao castelán por Alejandro DELGADO GÓMEZ: *Gestión de registros y poder social*, en: Sue Mckemish; Michael PIGGOTT; Barbara REED; Frank UPWARD (eds.), *Archivos: gestión de registros en sociedad* (Cartagena, Concejalía de Cultura: 3000 Informática 2007) 379-404.
- KETELAAR, Eric. "Writing on archiving machines". En: NEEF, Sonja; VAN DIJCK, José, KETELAAR, Eric (eds). *Sign here! Handwriting in the age of new media*. Amsterdam: Amsterdam University Press, Amsterdam, 2006, pp.183-195. Traducción ao castelán por Alejandro DELGADO GÓMEZ: "El escribir sobre máquinas de archivar". URL: [http://archivo.cartagena.es/recursos/texto0\\_ketelaar\\_escribir.pdf](http://archivo.cartagena.es/recursos/texto0_ketelaar_escribir.pdf)
- KETELAAR, Eric. "Muniments and monuments: the dawn of archives as cultural patrimony". En: *Archival Science*, 2007, v. 7, pp. 343-357
- KETELAAR, Eric. "Archives as spaces of memory". En: *Journal of the Society of Archivists*, 2008, v. 29, pp. 9-27
- KETELAAR, Eric. "A living archive, shared by communities of records". En: BASTIAN, Jeannette A.; ALEXANDER, Ben (eds). *Community archives. The shaping of memory*. London: Facet, 2009, pp. 109-132
- KETELAAR, Eric. "Levend archief". En: WAALWIJK, Hans; WETERINGS: Jorien (eds). *Spreken is goud. Oraties en colleges van hoogleraren...en de archivistiek*. Jaarboek 2008 Stichting Archiefpublishaties. 's-Gravenhage: Stichting Archiefpublishaties, 2009, pp. 15-27
- KETELAAR, Eric; DELGADO GÓMEZ, Alejandro. "El reto de los archives in-

- tangibles". En: HERNÁNDEZ OLIVERA, Luis (ed.). Archivos híbridos. Las transformaciones en materiales, procesos y productos, Tabula, 2009, v. 12, pp. 63-83
- LENIAUD, Jean M. Les archipels du passé. Le patrimoine et son histoire. Paris: Fayard, 2002
- LESSIG, Lawrence. Remix. Making art and commerce thrive in the hybrid economy. London: Bloomsbury Academic, 2008
- LUBAR, Steven. "Information culture and the archival record". En: American Archivist, 1999, v. 62, pp. 10-22
- LYMAN, Stanford M. "Some dilemmas of history and memory". En: International Journal of Politics, Culture, and Society, 1996, v. 9, n. 4, pp. 623-635
- MACPHERSON, Paul. "Theory, standards and implicit assumptions: public access to post-current government records. En: Archives and Manuscripts, 2002, v. 30, pp. 6-17
- MCCARTHY, Gavan. "Finding a future for digital cultural heritage resources using contextual information frameworks". En: CAMERON, Fiona; KENDERDINE, Sarah (eds). Theorizing digital cultural heritage. A critical discourse. Cambridge Mass and London: MIT Press, 2007, pp. 245-260
- MCKEMMISH, Sue; GILLILAND-SWETLAND, Anne; KETELAAR, Eric. "'Communities of memory': pluralising archival research and education agendas". En: Archives and Manuscripts, 2005, v. 33, pp. 146-175
- MENNE-HARITZ, Angelika. "Access - the reformulation of an archival paradigm". En: Archival Science, 2001, v. 1, pp. 57-82
- MISZTAL, Barbara A. Theories of social remembering. Maidenhead and Philadelphia: Open University Press, 2003
- MISZTAL, Barbara A. "The sacralization of memory". En: European Journal of Social Theory, v.7, n.1, pp. 67-84
- MORENO-LUZÓN, Javier. "Fighting for the national memory. The commemoration of the Spanish "War of Independence" in 1908-1912." En: History & Memory, 2007, v. 19, n.1, pp. 68-94
- MOSS, Michael. "Opening Pandora's box: what is an archive in the digital environment?" En: CRAVEN, Louise (ed). What are archives? Cultural and theoretical perspectives: a reader. Aldershot: Ashgate, 2008, pp. 71-87
- NESMITH, Tom. "Reopening archives: bringing new contextualities into archival theory and practice. En: Archivaria, 2005, v. 60, pp. 259-274
- O'TOOLE, James M. "The symbolic significance of archives". En: American Archivist, 1993, v. 56, pp. 234-255, reimpr. en JIMERSON, Randall C. (ed). (2000) American archival studies. Readings in theory and practice. Chicago: Society of American Archivists, 2000, pp. 47-72
- PALFREY, John; GASSER, Urs. Born digital. Understanding the first generation of digital natives. New York: Basic books, 2008
- PALMER, Joy. "Archives 2.0: if we build it, will they come?" En: Ariadne, 2009, v. 60. URL: <http://www.ariadne.ac.uk/issue60/palmer/>
- PRESCOTT, Andrew. "The textuality of the archive". En: CRAVEN, Louise. (ed). What are archives? Cultural and theoretical perspectives: a reader. Aldershot: Ashgate, 2008, pp. 31-51.
- RESINA, Juan R. "Short of memory: the reclamation of the past since the Spanish transition to democracy. En: RESINA, Juan R. (ed). Disremembering the dictatorship. The politics of memory in the Spanish transition to democracy. Amsterdam and Atlanta GA: Rodopi, 2000, pp. 83-126
- ROCHBERG-HALTON, Eugene. Meaning and modernity: social theory in the pragmatic attitude. Chicago: University of Chicago Press, 1986
- ROTHENBERG, Jeff. Avoiding Technological Quicksand. Washington, D.C.: Council on Library and Information Resources, 1998. URL: <http://www.clir.org/pubs/reports/rothenberg/contents.html> y
- ROTHENBERG, Jeff. Preserving authentic digital information. En: Authenticity in a digital environment. Washington, D.C.: Council on Library and Information Resources, 2000, pp. 51-68. URL: <http://www.clir.org/pubs/reports/pub92/rothenberg.html>
- RUSSO, Angelina; WATKINS, Jerry. "Digital cultural communication: audience and remediation". En: CAMERON, Fiona; KENDERDINE, Sarah (eds). (2007) Theorizing digital cultural heritage. A critical discourse. Cambridge Mass and London: MIT Press, 2007, pp. 149-164
- RUSSO, Angelina; WATKINS, Jerry; KELLY, Lynda; CHAN, Sebastian. "Participatory communication with social media. En: Curator, 2008, v. 51, n.1, pp. 21-31. URL: [http://pdfs.altamirapress.com/Cu/rat/CuratorV51N1sample\\_article.pdf](http://pdfs.altamirapress.com/Cu/rat/CuratorV51N1sample_article.pdf)
- SIMONS, Jan. Interface en cyberspace. Inleiding in de nieuwe media. Amsterdam: Amsterdam University Press, 2002
- TAINTER, Joseph A.; Lucas G. John. "Epistemology of the significance concept". En: American Antiquity, 1983, v.48, pp. 707-719
- THOMASSEN, Theo. "De veelvormigheid van de archiefontsluiting en de illusie van de toegankelijkheid". En: THOMASSEN, Theo; LOOPER, Bert; KLOOSTERMAN, Jaap (eds). (2001) Toegang. Ontwikkelingen in de ontsluiting van archieven. Jaarboek 2001 Stichting Archiefpublicaties. 's-Gravenhage: Stichting Archiefpublicaties, 2001, pp. 13-43

- VERBEEK, Peter P. What things do: Philosophical reflections on technology, agency, and design. University Park, Pa: Pennsylvania State University Press, 2005
- VINCENT, Mary. "Breaking the silence. Memory and oblivion since the Spanish Civil War". En: BEN-ZE'EV, Efrat; GINIO, Ruth; WINTER, Jay (eds). *Shadows of war. A social history of silence in the twentieth century*. Cambridge: Cambridge University Press, 2010, pp. 47-67
- WERTSCH, James V. "Collective memory". En: BOYER, Pascal; WERTSCH, James V. (eds). *Memory in mind and culture*. Cambridge: Cambridge University Press, 2009, pp., 117-137
- WILLIAMS, Paul. *Memorial museums: the global rush to commemorate atrocities*. Oxford and New York: Berg, 2007
- WILSON, Louise. "The hand that signed the paper: What early petitions can tell a conservator". En: PROactive, 2007, vol. 39, pp. 15-18. URL: <http://www.prov.vic.gov.au/pubs/pa39/Proactive39.pdf>
- WINTER, Jay. "Historians and sites of memory". En: BOYER, Pascal; WERTSCH, James V. (eds). *Memory in mind and culture*. Cambridge: Cambridge University Press, 2009, pp. 252-268
- WOMEN'S Suffrage Petition. Melbourne: Parliament of Victoria, 2008. URL: <http://www.parliament.vic.gov.au/about/the-history-of-parliament/womens-suffrage-petition> Véase además 1891 Women's Suffrage Petition (2008). Public Record Office of Victoria, Melbourne. URL: [HTTP://WIKI.PROV.VIC.GOV.AU/INDEX.PHP/1891\\_WOMEN%27S\\_SUFFRAGE\\_PETITION](HTTP://WIKI.PROV.VIC.GOV.AU/INDEX.PHP/1891_WOMEN%27S_SUFFRAGE_PETITION)
- YEO, Geoffrey. "Nothing is the same as something else': significant properties and notions of identity a <http://www.constitucion1812.org>

## Notas

- <sup>1</sup> <http://www.constitucion1812.org> Agradezo a Alejandro Delgado Gómez e ao Servizo de Arquivo do Congreso dos Deputados en Madrid que me proporcionasen unha reprodución duns dos dous manuscritos orixinais.
- <sup>2</sup> O *pacto del olvido* non foi un pacto de desatención, senón un pacto de esquecer, ou máis ben un pacto de silencio (Vincet 2010, p. 48).

# Máis alá de redes distribuídas: gobernanza participativa da memoria dixital

**Livia Iacovino**  
Monash University

## **Introdución: conectividade, interdependencia global e e-gobernanza**

O equilibrio entre tecnoloxía, complexidade e regulación é sen dúbida un dos maiores retos que o mundo debe abordar no século XXI. Non podemos permitírnos o luxo de seguir a facelo mal (Fisher, 2010).

Esta aserción de Kenneth Rogoff, un profesor de política pública en Harvard, citado por Peter Fisher, un especialista en adaptación ao cambio climático, formula en relación cos seguintes eventos que Fisher utiliza para ilustrar a interdependencia dos sistemas globais.

En agosto de 2003, o nordeste de América experimentou unha irritante caída do seu sistema de electricidade que derivou dunha «flutuación de enerxía» en Nova York; afectou a 45 millóns de persoas en oito estados e a outros 10 millóns en Ontario, en Canadá.

Aínda así, os deseñadores de sistemas seguen enganchados á construción de sistemas maiores e máis entrelazados, incluso aínda que isto converta as súas creacións en candidatas primarias para a inestabilidade. Eles queren amplialos para espazar a carga de procesamento informático, o tráfico de enerxía ou o risco financeiro, pero pasan por alto o feito de que unha vez que todo está conectado, os problemas poden espallarse tan inmediateamente como as solucións, algunhas veces máis como testemuña o apagamento en sucesivo nos Estados Unidos.

Necesítanse estratexias personalizadas para illar as redes, para que poidan seguir a funcionar cando se produzan puntos de fallo en redes relacionadas, ou para illar partes dunha soa rede cando se produzan puntos de fallo nalgún lugar da mesma rede.

Desafortunadamente, a complexidade segue a medrar como fungos —considérese o crecemento explosivo das redes de sitios persoais Facebook e Twitter— mentres que a nosa comprensión dos efectos do fluxo de circulación segue a ser moi estreito (Fisher, 2010).

A perda de memoria e evidencia no mundo dixital débese, de forma crecente, a que os documentos se manteñen en sistemas interdependentes se ben dispersos nos que a gobernanza e por tanto a propiedade e outros dereitos relacionados quedan contestados. A cuestión xa no e *como* conservar documentos dixitais en e por institucións arquivísticas, senón *quen* ten o control técnico, de xestión e legal sobre vastas cantidades de información desagregada. Os documentos creados nun lugar por un ou moitos individuos ou entidades pode que sexan transmitidos e almacenados nun ou múltiples espazos dixitais para moitos usos. É a infraestrutura técnica o suficientemente robusta como para soportar a actividade en liña de negocio e social ao longo do tempo? Haberá porcións de espazo controladas por autoridades arquivísticas ou por consorcios de organizacións ou intereses da comunidade? Poden asegurar os arquivistas a supervivencia de documentos fiables que están dispersos en e ao longo do tempo e o espazo? Proporcionarán as ferramentas cooperativas da Internet e as iniciativas de goberno aberto unha oportunidade para desenvolver unha gobernanza participativa da memoria dixital en redes dispersas?

Un «espazo» de memoria dixital pode utilizarse para designar un arquivo que existe en virtude da intención dunha comunidade de usalo e conservalo. Os espazos de memoria dixital contribúen á memoria colectiva formada a partir dos documentos de moitas comunidades das que o goberno non é senón unha. Si se ten que confiar nas organizacións arquivísticas como autoridades virtuais sobre os espazos web persoais e públicos, teñen que ser parte de programas de patrimonio e goberno en liña máis amplos. En que momento do tempo unha autoridade arquivística toma o control dos documentos é central para o arquivo entendido como un almacén que pode localizarse en calquera lugar en calquera momento, e asegura a súa supervivencia no futuro. No entanto, a institucionalización dos arquivos, sexa por mandato legal, sexa por tradición cimentou ao longo da historia divisións na custodia que pode que requiran cambios legislativos e/ou de política para moverse nunha dirección diferente.

Dende a perspectiva australiana do continuo dos documentos, xestionar o documento ao longo da súa existencia é un proceso continuo. O concepto axústase ben a sistemas interconectados e interdependentes. Dende a visión do continuo dos arquivos o futuro da memoria abarca o «agora» e o

«futuro» así como o «pasado». O e-goberno proporciona unha oportunidade para integrar a xestión dos documentos ao longo do tempo e o espazo, tal e como defende a aproximación do continuo dos documentos. A provisión de acceso sen fendas foi prefigurada en Australia en 1995, nun ensaio de David Roberts, *Documenting the Future*, no que describía o futuro acceso en rede aos documentos mesmos: *login* de usuarios como «usuarios invitados» con dereitos e restricións de acceso, datos asegurados con «curta-lumes» para separalos de partes accesibles publicamente, e uso por parte dos solicitantes das ferramentas de recuperación do sistema de xestión de documentos da axencia coas necesarias salvagardas de seguridade, reducindo por tanto tempo e custes para a axencia (Roberts, 1995: 241). Esta visión aínda ten que ser levada á práctica polos gobernos.

### **Documentos fiables e auténticos:**

#### **novos conceptos de validación en redes distribuídas**

Moitos países redefiniron o goberno en termos das súas relacións comerciais, o que alterou a relación entre o cidadán e o estado, e nalgúns casos separou esta relación da esfera pública. A «privatización» do dereito público é un cambio importante que altera unha antiga relación entre o cidadán e o goberno e o rol da xestión de documentos nesa relación. Por exemplo, as axencias do goberno que foron privatizadas limitaron as obrigas públicas e as relacións contractuais entre o goberno e os provedores de servizo separan ademais ao cidadán do acceso directo ás axencias do goberno e aos seus documentos. O estado deveu altamente invasor con sistemas que cruzan xurisdicións e comparten datos con provedores privados (Willingham, 2010). Os grandes proxectos de sanidade en rede que son transversais aos sectores privado e público e ás fronteiras xurisdicionais probaron en que medida son ilusorias realmente a propiedade, a custodia e a responsabilidade tanto do sistema como dos seus compoñentes (Iacovino e Reed, 2008). Noutros casos, utilizáronse as ameazas terroristas globais para restrinxir a información e reunir máis datos persoais sobre os cidadáns.

O «pequeno» goberno nas modernas economías de mercado trata de reducir custes para os seus cidadáns e de adoptar modelos e tecnoloxías de negocio que inclúen complexas xerarquías de responsabilidades legais entre o goberno, o cidadán e terceiros provedores. Estar seguro de que entidade é responsable incluso de servizos básicos como a electricidade pode resultar difícil. As novas tecnoloxías adoptadas polos gobernos, as empresas e os individuos rara vez teñen en contar as implicacións para a xestión de documentos. Por exemplo, os gobernos, as empresas, as universidades e os individuos

están a volver a mirada cara os servizos «na nube», que confían nas relacións contractuais entre os provedores de servizos na nube e os seus clientes.

O *Cloud computing* usa Internet para compartir recursos informáticos e datos distribuídos, como software, procesamento, ancho de banda e capacidade de almacenamento, co fin de crear un entorno de recursos para a execución de aplicacións distribuídas. Existen con frecuencia custes ocultos na recuperación de documentos dos provedores na nube, maiores riscos na seguridade, denegación de acceso cando quen aportou o documento, o cliente, morre, riscos sobre a propiedade, a conservación e o acceso asociados coa liquidación ou a quebra do provedor do servizo na nube (Bradshaw 2010). Barbara Reed ten argumentado que estes servizos *externalizados* non *terán automaticamente capacidade para unha xestión de documentos fiable e auténtica* (Reed, 2008).

Son aínda relevantes os conceptos arquivísticos de fiabilidade e autenticidade en ámbitos distribuídos complexos ou teñen que ser re-conformados para aceptar diferentes regras de validación? A validez do documento depende da súa fiabilidade (é o contido verdadeiro/preciso?) e a súa autenticidade (é o documento o que pretende ser?). A fiabilidade nunca foi un absoluto, senón que máis ben existen graos de fiabilidade debido á dependencia do contido preciso da «veracidade» individual. A fiabilidade do documento estivo asociada ao grao de control exercido sobre os seus procedementos de creación; a autenticidade estivo vinculada ao modo, o estatus e a forma de transmisión dun documentos, e á forma de conservalo e custodialo. As circunstancias de creación do documentos estaban aseguradas por burocracias que tiñan autorizacións e delegacións claramente asignadas mediante controis procesuais sobre os redactores do documento e os xestores do documento. Ademais, a autoridade do documento derivábase da forma técnica da súa composición técnica, o seu tipo documental, incluídas a sinatura e a data.

En dereito, a fiabilidade e a autenticidade dos documentos xa non descansan só sobre o tipo documental. O moderno dereito sobre evidencia desprazou o seu enfoque dende o documento como un obxecto material ao documento como resultado de procesos de negocio fiables. Os cambios nas regras de evidencia do dereito común en países como os Estados Unidos, Canadá, o Reino Unido e Australia proporcionaron máis vías para introducir os documentos dixitais en procesos legais (Iacovino (b), 2006: 57-76); por exemplo, o dereito sobre evidencia nos estados australianos está modelado sobre a Lei federal de evidencia de 1995 (Cth), que abolía a regra do documento orixinal. A lexislación arquivística e sobre documentos tamén alterou



a súa definición de «documento» para darlle o mesmo estatus a un documento dixital que a un en papel, por exemplo, as emendas á lexislación arquivística federal australiana na Lei de emenda de arquivos de 2008 (Cth) establecen que:

documento de arquivo significa documento, ou un obxecto, en calquera formato (incluído calquera formato electrónico), que é, ou fora, mantido, por razón de: (a) calquera información ou asunto que contén ou pode obterse a partir del; ou (b) a súa conexión con calquera evento, persoa, circunstancia ou cosa.

Outros cambios á Lei de arquivos de 1983 (Cth) tratan de asegurar que os documentos dixitais son transferidos ao Arquivo Nacional antes de que os cambios na tecnoloxía os volvan inaccesibles.

A autenticidade centrouse sobre que datos teñen que «fixarse» no documento, que pode cambiar e que pode perderse con pouco ou ningún efecto sobre a súa integridade. Os gobernos e as empresas utilizan sinaturas dixitais, encriptación e outros métodos seguros de transmisión para salvaguardar a integridade do documento no momento en que a transacción ten lugar. No entanto, a autenticidade dun documento dixital precisa de algo máis que a mera autenticación dos participantes na xestión de documentos; require a conservación e a accesibilidade continuada do documentos nunha forma que sexa válida (National Archives of Australia, 2004). Os marcos reguladores da autenticación son con frecuencia inadecuados para garantir autenticidade do documento. Unha Infraestrutura de Clave Pública (PKI), adoptada por moitos gobernos, que é unha organización xerárquica de autoridades de certificación investidas con competencia para autenticar a propiedade e as características dunha clave pública, só é eficaz se existe unha continuidade da cadea de confianza garantida por esas autoridades de certificación (*Australian Government Information Management Office, 2009*). As autoridades arquivísticas non xogaron un rol significativo como autenticadores en liña. Por exemplo, no sector gobernamental as autoridades arquivísticas poderían actuar como autoridades de certificación.

Son capaces os provedores de servizo da Internet, incluídos aqueles que proporcionan servizos «na nube», de proporcionar documentos válidos? Se tomamos o exemplo das tecnoloxías móbiles e os servizos na nube, os controis procesuais da xestión de documentos desprázanse cara o empregado que ten que asegurar que os datos se descargan nun espazo corporativo na nube. Un exemplo que ilustra un fracaso na xestión de documentos corporativa cando se deixa á discreción de funcionarios individuais e en último extremo unha denegación de acceso aos documentos é dunha petición

sobre a base da regulación de Liberdade de Información (FOI) realizada á Oficina do Comisionado de Información de Canadá para acceder a mensaxes de Blackberry PIN-a-PIN entre o secretario do Departamento do Consello Privado e o viceministro de Recursos Humanos e Desenvolvemento Social de Canadá entre o 1 de marzo e o 31 de agosto de 2005. Os funcionarios do Goberno implicados borrarán as mensaxes das súas Blackberrys. Por tanto, a petición FOI foi denegada sobre a base de que non existían documentos relevantes. O solicitante denunciou perante o Departamento o feito de que as institucións non mantiveran documentos gubernamentais. De feito, as axencias federais en cuestión tiñan en vigor políticas para que as mensaxes dixitais foran tratados como documentos oficiais, pero neste caso, as mensaxes non foran descargadas no espazo dixital do Goberno. O solicitante non podía probar que as mensaxes foran borradas intencionalmente e por tanto non tiña dereito legal a un desagravio. A Oficina do Comisionado de Información recoñeceu que tiña o rol de animar a unha axeitada xestión da información por parte das institucións federais, en colaboración co Secretariado da Xunta do Tesouro e *Library and Archives Canada*, pero claramente non existía ningún requisito obrigatorio para forzar os empregados do Goberno a facelo (*Office of the Information Commissioner of Canada*, 2008).

Polo lado positivo, o *Cloud computing* podería asegurar que os documentos de usuarios remotos son almacenados polo provedor de servizos, pero o acceso a longo prazo e a propiedade terían que ser acordados de forma contractual. As comunidades sociais virtuais poderían adoptar a responsabilidade da xestión dos seus propios documentos, en particular poderían asignar o control sobre o almacenamento e a accesibilidade a longo prazo a un individuo ou unha entidade fiable, que podería ser ou non unha autoridade arquivística. Poderían negociar cos provedores de servizos na nube a propiedade e o control.

Como aseguramos a fiabilidade e a autenticidade de información gubernamental «non oficial» enviada en liña? Por exemplo, ao mesmo tempo que a Intelixencia dos EE.UU validaba o «diario de guerra de Kabu» publicado por *Wikileaks*, un sitio web de denuncias que se refería a documentos de accións de militares dos EE. UU. entre xaneiro de 2004 e decembro de 2009, un funcionario da CIA poñía en dúbida a súa fiabilidade debido ao baixo nivel ao que o persoal da Armada rexistraba os eventos en cuestión (Flitton 2010). A xurisprudencia australiana apoia a fiabilidade dos documentos sobre a base da súa creación no curso do postos ou deber de alguén (*Albrighton v Royal Prince Alfred Hospital* [1980] 2 NSWLR 542). En Canada, a Lei federal de evidencia de Canadá (R.S., 1985, c. C-5, *section 29 (2)*) deixa claro

que os documentos teñen que ser producidos no «curso usual e ordinario de actividades». Máis aínda, a probabilidade de que os documentos de EE. UU. relativos a Afganistán foran fiables pode presumirse a partir do feito de que documentan tarefas de rutina no curso de actividades, e a súa autenticidade foi validada, en parte, polo goberno dos EE.UU, ao admitir a súa procedencia. No caso da película militar estadounidense que mostra un certo número de iraquís que están a ser asasinados por un helicóptero, a validación tamén procedía das forzas de defensa dos EE.UU, que concederon que era a súa película e que posteriormente mantiveron na súa situación ao presunto denunciante (Mann (a), 2010). Durante o filtrado en outubro de 2010 de documentos estadounidenses sobre a guerra de Iraq, o Pentágono afirmou a autenticidade dos documentos nunha declaración que dicía que «o Pentágono, aínda que deplora a divulgación dos documentos, non cuestionou a súa autenticidade» (Mann (b), 2010). Dende a perspectiva arquivística, existen cuestións relativas á posible manipulación ou alteración dos documentos no curso da súa transmisión ao sitio web de *Wikileaks* ou por parte do propio *Wikileaks*. Non se probou se estes documentos filtrados se aceptarían nun tribunal.

O nivel de autenticidade legal aceptable dependerá da lexislación sobre evidencia da xurisdición en cuestión. Por exemplo, o sistema legal italiano non acepta o mesmo nivel de presunción de autenticidade dos documentos dixitais que se atopa en Australia e en Canadá (Fioravanti, 2000). No entanto, os mecanismos sociais de confianza dentro das comunidades que fían neses documentos proporcionan unha autenticidade ao documento baseada nas «garantías» da comunidade, que non son só leis, senón tamén códigos de ética, normas técnicas e normas que son recoñecidas por esa comunidade. Unha comunidade é, en por si, un *sistema ético de valores morais compartidos*, que, por unha parte, ten en conta valores universais centrais, isto é, aquelas normas que son independentes de marcos sociais dados, por exemplo os dereitos humanos fundamentais ou virtudes de honestidade; e que por outra se adhire a valores específicos da súa propia comunidade de interese común, por exemplo, os valores dunha profesión, ou dun grupo étnico ou relixioso (Iacovino (b), 2006). Na medida en que unha comunidade de interese común cruza fronteiras nacionais e xurisdicionais, ten relevancia conceptual para a gobernanza global, e proporciona un límite legal e ético no que os controis internos aseguran que os documentos son fiables e auténticos, e contribúen á memoria persoal, de grupo e colectiva.

## **A gobernanza na Internet**

A gobernanza na Internet ten moito en común coa «auto-regulación» e os controis éticos das comunidades de interese común que dependen de sistemas de valores compartidos. A UNESCO define a gobernanza na Internet en termos de normas éticas e legais:

A gobernanza na Internet é o desenvolvemento e a aplicación por parte dos gobernos, o sector privado e a sociedade civil, nos seus roles respectivos, de principios, normas, regras, procedementos de toma de decisións e programas que conformen a evolución e uso da Internet (UNESCO, 1995-2010).

A subministración de servizos dixitais por medio da Internet incrementou en gran maneira o risco para a privacidade, a manipulación fraudulenta de datos e a facilidade coa que os documentos poden reproducirse sen atribución. A información persoal está particularmente en perigo porque as transaccións electrónicas identifican as partes na transacción, así como os individuos que son suxeito do documento. Aínda que a privacidade parece ser menos significativa para a actual xeración de usuarios da Internet, o atentado aos ámbitos de privacidade dos usuarios de Facebook en 2009 indica que este non é sempre o caso e que a presión da comunidade pode ser eficaz para crear ámbitos de privacidade máis transparentes (Townsend, 2010).

No inicial desenvolvemento da Internet como espazo público, existía incerteza respecto á medida en que os sistemas legais existentes baseados en xurisdicións eran tanto aplicables como executables no que parecía ser unha Internet «sen fronteiras». A aparente ruptura das regulacións legais da Internet foi evidente desde os temperáns fracasos xudiciais en impoñer leis sobre espazos físicos. Estes fracasos incluían os intentos de apagar os servidores da Internet onde o tribunal tiña a súa xurisdición, só para descubrir que, simplemente, o servidor se cambiaba a un país onde a lexislación sobre Internet para os Provedores de Servizo da Internet era máis liberal, ou a orde de que o Proveedor de Servizos da Internet (ISP) deshabilitase o acceso aos residentes dentro da xurisdición do tribunal, que tivo certo éxito en tempos recentes, por exemplo, Google foi forzado polo goberno chinés a pechar o seu funcionamento local. Os gobernos nacionais seguiron a tratar de impoñer as súas propias leis sobre as actividades da Internet. A lexislación sobre censura da Internet en Alemaña e o sistema australiano de filtro da Internet son bos exemplos.

A pesar dos sistemas financeiros globais interdependentes, as preocupacións comúns sobre seguridade, a migración de persoas a grande escala, e as preocupacións dun entorno global, a gobernanza internacional tivo un

éxito limitado. O estado soberano, unha idea europea, segue a dominar a paisaxe política. En Australia, por exemplo, os opositores á lexislación de dereitos humanos argumentan a súa posición en grande medida sobre a base de que a lexislación sobre dereitos humanos diminúe a soberanía australiana, porque pode deixar aberta a apelación directa polos cidadáns australianos aos corpos da ONU. Os foros rexionais tiveron máis éxito, pero a heteroxeneidade incluso dentro de Europa é evidente, a partir das significativas diferenzas culturais e económicas entre os estados membros da Unión Europea. Jan Zielonka, un experto en estudos europeos parte da premisa de que a Unión Europea non é un super-estado westfaliano, senón que é máis ben un «paradigma neo-medieval», un sistema policéntrico de goberno con xurisdicións que se solapan e múltiples identidades culturais (Zielonka, 2006). A harmonización da lexislación, incluso a un nivel rexional como o da Unión Europea, é un proceso en curso, con substanciais diferenzas na aplicación das directivas da Unión Europea, por exemplo as regulacións sobre privacidade (Iacovino y Todd, 2007).

Moitos países adoptaron as súas propias vías en relación coa regulación das actividades da Internet dentro do contexto das convencións internacionais que van dende leis de dereitos dixitais de autor a leis sobre privacidade e transaccións electrónicas. Algúns países aprobaron lexislación específica sobre a tecnoloxía, por exemplo os estados membros da Unión Europea e os Estados Unidos adoptaron lexislación sobre sinatura dixital, mentres que outros países teñen lexislación neutral con respecto á tecnoloxía ou «equivalentes electrónicos», por exemplo a lexislación australiana sobre transaccións electrónicas e dereitos de autor, para que os produtos tanxibles do vello mundo sigan a estar tan protexidos como os novos, aínda que isto foi cuestionado nun recente xuízo australiano sobre dereitos de autor (véxase máis abaixo). No entanto, as políticas de seguridade nacional, a confidencialidade comercial e os intentos por frear o *cibercrime* conduciron a unha crecente vixilancia da actividade da Internet e formulan unha seria ameaza á protección de datos e á privacidade, por unha parte, e á liberdade de expresión, por outra. Un exemplo arquivístico australiano é unha emenda á Lei de documentos públicos de 1973 (Vic), en resposta á Lei de terrorismo (protección da comunidade) de 2003 (Vic), que require a retirada indefinida de documentos que poidan ser utilizados por terroristas, como planos ou infraestruturas de transporte. A Lei de documentos públicos de 1973 (Vic) s 10AA establece que:

Certos documentos poden ser retirados da inspección pública se da publicación dos mesmos derivárase, ou puidese esperarse razoablemente (a) que causen da-

no á seguridade da Commonwealth ou calquera Estado ou Territorio; ou (b) que causen danos á defensa da Commonwealth; ou (c) que causen danos ás relacións da Commonwealth; ou (d) poñan en perigo a seguridade de calquera edificio dentro das acepcións da Lei de terrorismo (protección da comunidade) de 2003.

Internet puxo de relevo as diferenzas xurisdicionais en relación cos dereitos de propiedade, de acceso e de privacidade. A privacidade, a protección de datos e o acceso público son recoñecidos en Europa como dereitos humanos fundamentais, sustentados polas convencións do Consello de Europa, os tratados da Unión Europea e a xurisprudencia do Tribunal das Comunidades Europeas ou do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. De maneira importante, os dous dereitos fundamentais —o acceso e a privacidade— aplícanse ao mesmo tempo. A Unión Europea estivo na primeira fronte da lexislación sobre privacidade como un dereito humano e de protección de datos, establecendo normas xerais nesta área, pero incluso dentro da Unión Europea seguen a existir diferenzas de substancia, se non de principio. Fóra da Unión Europea existen significativas diferenzas xurisdicionais no modo en que os principios se interpretan e se converten en lei. Os EE.UU teñen unha aproximación á privacidade máis centrada no mercado que nos dereitos humanos. En moitos países, incluída Australia, non hai dereito humanos constitucional expreso sobre a privacidade.

Para os efectos de dereitos de autor, os dereitos dos autores e dos propietarios da reprodución, distribución, transmisión, execución, adaptación e copia dos materiais dependen de definicións estatutarias domésticas de autores e propietarios dos dereitos. A información compartida por múltiples autores, posible grazas ás chamadas tecnoloxías Web 2.0 (*blogs, podcasts, sitios para compartir imaxes, sitios para compartir video, microblogging, wikis*, e redes sociais como LinkedIn, Facebook e Twitter), non encaixan perfectamente na lexislación sobre a propiedade persoal. Os movementos socio-lexais e técnicos que están a abordar este compartir a propiedade intelectual inclúen a «fonte aberta» e o «Creative Commons», que animan aos autores a deixar as súas obras tan pronto como sexa posible no dominio público ou proporcionar licencias de baixo custo que utilizan diversos incentivos que en parte abordan a propiedade mediante unha accesibilidade incrementada. Os aspectos técnicos que foron suxeridos para salvar os requisitos de dereitos de autor inclúen un rexistro opcional de dereitos públicos e un sistema de depósito opcional para animar a conservación das obras (Greenleaf, Vaile e Chung, 2005). O compartir publicamente contido creativo baixo licenza deixa os dereitos de propiedade ao propietario dos dereitos, que no contexto

gubernamental é usualmente o Goberno. Por exemplo, a resposta do Goberno australiano a un informe sobre a adopción de tecnoloxías Web 2.0 recomenda o uso de licencias *creative commons* para o material que é posesión do Goberno (*Australian Government*, 2010).

Aínda que os dereitos de propiedade, de acceso e de privacidade se lexislan e implantan localmente mediante instrumentos legais ou códigos éticos domésticos, existen importantes instrumentos internacionais que inclúen a Organización Mundial da Propiedade Intelectual e os seus tratados, tratados bilaterais sobre dereitos de autor, convencións da UNESCO, instrumentos de dereitos humanos das Nacións Unidas, e as recomendacións da OCDE sobre privacidade, que foron cruciais, non só na Comunidade Europea, senón tamén a nivel internacional. O Working Party on Information Security and Privacy da OCDE desenvolve opcións de políticas para soste a confianza na economía da Internet (OCDE, 2010). Emerxeron diferenzas nacionais, en particular dende o ataque do 11 de setembro de 2001, que intensificou a seguridade a nivel internacional. A Unión Europea non considerou automaticamente que todo país fóra de Europa teña unha norma aceptable de privacidade. Por exemplo, o artigo 29 do *Data Protection Working Party* examina a protección da privacidade en xurisdicións extra-europeas antes de ser aprobadas como lugares para o procesamento de datos persoais acerca dos cidadáns europeos. As autoridades europeas de protección de datos non están satisfeitas coas salvagardas do acordo sobre transaccións financeiras Unión Europea-EE.UU (*Article 29 Data Protection Working Party*, 2010).

Aínda que a Internet foi unha catalizadora no intento por atopar unha comprensión inter-xurisdiccional de conceptos legais e modelos de execución, a converxencia anticipada das lexislacións sobre acceso, dereitos de autor, privacidade e evidencia non tivo lugar. A tendencia á observancia de normas no entorno da Internet está a ser resolvida identificando as infraccións que é probable que xurdan en calquera xurisdición, e aplicando lexislacións locais. Esta aproximación está a construír lentamente un corpo común de lexislación sobre Internet. No caso federal australiano *Roadshow Films v iiNet Limited (no 3) (iiNet)*, [Tribunal Federal Australiano], trinta e catro demandantes, incluídos os principais estudos cinematográficos e os seus concesionarios exclusivos en Australia, argumentaron sen éxito que un provedor de servizo da Internet autorizara infraccións dos dereitos de autor en virtude de que os seus subscritores emprenderan actividades que infrinxían os dereitos de autor dos demandantes (Kellenbach, 2010). Este caso foi o primeiro contra un ISP por autorizar a infracción dos dereitos de autor que derivou en audiencia e xuízo, e ten por tanto significado internacional. En particular, o Tribunal non estaba convencido de que o ISP tivera que sufrir a responsabilidade

polas infraccións dos dereitos de autor, incluso aínda que coñecese que as infraccións estaban a suceder. O caso reflicte a aceptación de novos modelos de negocio para Internet, máis que interpretar as infraccións legais a partir dos antigos modelos de publicación, nos que un editor era un infractor secundario.

O Tribunal estaba fortemente influído polo que chamou o «rol central» da Internet en todos os aspectos da vida moderna, citando como exemplos o e-mail, as redes sociais, as VOIP, a banca e o ocio en liña, os medios en liña, a creación e difusión de xogos e noticias (en [410]-[411]). Este rol central significaba, de acordo con Cowdroy J (en [411]), que a «mera provisión» da Internet por un ISP «posiblemente non podía xustificar» a conclusión de que era este o «medio» para unha infracción dos dereitos de autor (Kellenbach, 2010: 41).

Este caso atópase actualmente baixo apelación perante o Tribunal Supremo de Australia.

A omnipresencia da Internet reflíctese na súa aceptación como un servizo esencial, como a electricidade, tal e como expresaban o caso australiano sobre dereitos de autor e o Goberno finés no seu anuncio de xuño de 2010 do dereito á banda ancha, o primeiro país que ten dereito legal a Internet, polo menos a un megabyte de banda ancha a un «prezo razoable» (Wau-ters, 2009).

### **E-goberno, E-gobernanza e goberno aberto**

O e-goberno é unha progresión natural da expansión do uso da Internet para os efectos privados e de negocio. Implica transaccións entre os departamentos e as axencias do goberno cos seus cidadáns e os seus provedores de servizo en liña, utilizando as tecnoloxías da información e das comunicacións dispoñibles, e identificadores únicos para cada cidadán. Esta tendencia comezou en Australia, Canadá e algunhas partes de Europa (principalmente Escandinavia), a fins dos anos noventa do século vinte. En Australia, o e-goberno é responsabilidade do Departamento de Finanzas e Desregulación mediante a súa Oficina de Xestión da Información do Goberno australiano, con enfoque sobre iniciativas inter-xurisdicionais e interoperabilidade das tecnoloxías da información e das comunicacións dos departamentos e axencias do Goberno australiano (*Australian Government Information Management Office*, 2010). Nalgúns países aprobouse lexislación para implantar especificamente o acceso electrónico aos documentos do goberno, por exemplo, a Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en España, que esta-



blece a obriga da Administración central de comezar a provisión de todos os tipos de servizos administrativos ao público en liña e en soportes electrónicos a partir do 31 de decembro de 2009 (Gobierno de España, 2010).

A e-gobernanza, por outra parte, foi descrita como unha política de pro-publicación de información que proporciona acceso directo ao funcionamento do goberno os seus cidadáns utilizando as tecnoloxías da Internet, incluído o é-referendo en liña. Pode implica a interacción en liñas con comunidades de interese, simplificando os impedimentos legais para reutilizar a información do goberno, como os dereitos de autor, e separando a información persoal da non persoal para os efectos de acceso aberto (Reinecke, 2009). A e-gobernanza desprázase dende unha tecnoloxía enfocada sobre os sitios web para compartir e reutilizar a información gobernamental en liña por parte de funcionarios públicos e cidadáns.

En Australia, a e-gobernanza está intimamente enlazada coas iniciativas de goberno aberto que incluíron reformas federais e estatais das leis sobre liberdade de información. A nivel nacional, a peza central destas reformas foi o establecemento da Oficina do Comisionado Australiano de Información, para promover unha cultura de pro-publicación dentro do Servizo Público australiano, e de dous novos titulares independentes, o Comisionado Australiano de Información e o Comisionado de Liberdade de Información. Os comisionados teñen unha ampla gama de funcións relativas á liberdade de información para promover a apertura e a transparencia, tal e como pretenden as reformas do Goberno, e como ven legislando na Lei do Comisionado Australiano de Información de 2010 e na Lei de emenda (reforma) de liberdade de información de 2010. Baixo estas reformas existen cambios á Lei federal de arquivos de 1983, cun período de comezo de acceso aberto á maioría dos documentos de 20 anos en lugar dos actuais 30 anos. O acceso ás actas do Gabinete comezará despois de 30 anos por vez dos actuais 50 anos. Estes períodos máis próximos de acceso aberto serán graduais ao longo de 10 anos, a partir do 1 de xaneiro de 2011. A e-gobernanza debería proporcionar acceso sen fisuras ao longo de todo o dominio arquivístico. Por exemplo, o Reino Unido creou capas de acceso á información do Goberno mediante os seus sitios web no punto de creación, máis que estruturar os datos para a súa reutilización pública na súa etapa posterior (Reinecke, 2009: 6). O acceso electrónico aos documentos do Goberno require reunir as provisións de acceso de toda a lexislación relevante, isto é, o dereito público a coñecer, tal e como ven expresado na Liberdade de Información (FOI), os dereitos de acceso público na lexislación arquivística, e o dereito á privacidade na lexislación sobre privacidade. Actualmente, a lexislación sobre acceso de moitas xurisdicións está con frecuencia fragmentada e ás veces en conflito.

As iniciativas de e-gobernanza e de goberno aberto tamén están dirixidas por ferramentas cooperativas da Internet social, ás que se fai referencia colectivamente como Web 2.0. Os gobernos proporcionan *blogs* para que os cidadáns comenten cuestións de actualidade, e para proporcionar unha alternativa ao punto de vista oficial, alterando substancialmente el modo en que os cidadáns interactúan cos seus representantes electos. O Goberno australiano está comprometido no uso dos medios sociais para que os seus cidadáns teñan unha interacción máis directa cos seus gobernos (*Government 2.0 Taskforce*, 2009). A resposta do Goberno ao *Report of the Government 2.0 Taskforce Engage: Getting on with Government 2.0* ten como «Recomendación Central» o feito de que:

... debería facerse unha declaración de goberno aberto ao máis alto nivel, que establecera que:

■ Uso da tecnoloxía para incrementar o compromiso e a colaboración do cidadán na reutilización de políticas e na provisión de servizos axudará a lograr un goberno máis consultivo, participativo e transparente.

■ A información do sector público é un recurso nacional e a súa publicación en termos tan permisivos como sexa posible maximizará o seu valor económico e social para os australianos e reforzará a súa contribución a unha democracia saudable.

■ O compromiso en liña dos funcionarios públicos, que implica unha robusta discusión profesional como parte dos seus deberes ou como cidadáns privados, beneficia ás súas axencias, o seu desenvolvemento profesional, a aqueles cos que están comprometidos e ao público australiano. Este compromiso debería ser posible e fomentarse.

A satisfacción de todo o anterior a todos os niveis de goberno é integral para os obxectivos do Goberno, incluídos a reforma do sector público, a innovación e o uso do investimento nacional na banda ancha para lograr unha comunidade informada, conectada e democrática (*Australian Government*, 2010).

O informe do Goberno australiano *Ahead of the Game: Blueprint for Reform of Australian Government Administration* adoptou unha aproximación o servizo público centrada no usuario, e pedía maior colaboración e innovación, máis compromiso coa comunidade, e un enfoque moito maior sobre os resultados para os cidadáns (*Advisory Group on Reform of Australian Government Administration*, 2010). As recomendacións deste informe foron aceptadas polo Goberno o 8 de maio de 2010.

As organizacións arquivísticas tamén se viron afectadas ampla e rapidamente polas redes sociais e comprometéronse directamente cos usuarios,

en particular comunidades e individuos que son os asuntos do documento, de particular relevancia para grupos minoritarios. As aplicacións máis simples por parte das institucións inclúen comentarios narrativos dos usuarios, por exemplo, o *Diary of an Anzac* del *Australian War Memorial* (*Australian War Memorial*, 2010). Un exemplo dunha organización arquivística australiana que está a utilizar tecnoloxía *wiki* é a *Public Record Office* de Victoria (PROV). O *wiki* da PROV permite que calquera engada información descriptiva a un documento que foi aberto ao público, pero segue a estar pouco claro quen posúe ou conserva estas «anotacións». En arquivística unha anotación é un termo que se refire á adición feita a un documento despois de que foi creado, incluídos os adxuntos e os códigos de clasificación, vinculados a sistemas de rexistro (*University of British Columbia*, 2000). Esencialmente, as anotacións son unha forma de metadatos de xestión de documentos, pero tamén poderían considerarse metadatos por dereito propio. Os usos legais das anotacións ao documento inclúen o dereito a emendar información persoal inexacta engadindo unha corrección por medio dun sistema de notación ao documento orixinal, usualmente por vía da lexislación de liberdade de información; ou o dereito a contribuír ao propio documento persoal por medio dunha anotación, adoptado pola lexislación sobre privacidade sanitaria e algunhas iniciativas «de todo o goberno» sobre e-saúde.

A propiedade das anotacións pode depender de si se incorporaron a unha «obra» existente ou se as anotacións considéranse novo material que non «transforma» a obra orixinal. A licenza e a cesión polos propietarios do sistema de anotación poderían aplicarse neste último caso. Os contribuíntes individuais de anotacións poderían adoptar sistemas de licenciamiento de contido aberto, como «Creative Commons», deseñado para ser usado polos creadores que desexen permitir, ou incluso promover, o que outras persoas distribúan ou transformen as súas obras na medida en que se recoñeza a todos os autores. No entanto, é probable que a *wiki* de PROV cre novo material que non está incorporado a un documento existente. Supervisa a súa *wiki* e pode retirar material do que considere que é obxectable. Os protocolos para os usuarios inclúen unha «etiqueta nos *posts*» que minimiza as cuestións legais (*Public Record Office of Victoria*, 2010).

Un modelo de e-gobernanza debe ter en conta o control sobre as funcións de interese público desempeñadas polo sector privado e a crecente interacción en liña do cidadán co goberno, as empresas e as comunidades para proporcionar dereitos políticos, civís e culturais que son paralelos de aqueles que evolucionaron para os documentos do goberno, incluídos os dereitos de acceso á información de interese público. A Web 2.0 foi considera-

da polo goberno como un medio para crear máis apertura e responsabilidade, pero as implicacións legais destas ferramentas non foron comprobadas.

### **As iniciativas de goberno aberto non son tan abertas**

O «todo do goberno» en liña, de actividade a actividade, así como de actividade a consumidor, baséase no nivel de confianza que existe entre cidadán e estado. A obriga do goberno de informar o público das súas accións é un principio democrático. Pero, mellorará o goberno aberto os dereitos baixo a lexislación de liberdade de información (FOI)? Varios *posts* no *blog* do Goberno australiano sobre FOI [Freedom of Information] no momento en que as reformas á FOI se estaban a propoñer expresaban certo temor a que o Goberno non publicara material politicamente sensible, pero estes *posts* xa non están accesibles nese sitio. Os comentarios subidos ao *blog* dun xornal en relación coa divulgación nos medios do Goberno das reformas da FOI foron moi escépticos respecto a unha maior apertura do Goberno (O'Connor, 2010).

As leis de liberdade de información existiron durante algunhas décadas na maioría de democracias estables occidentais, e, dende 1989, un movemento internacional de acceso aberto viu como se aprobaban leis de liberdade de información nos antigos países do Leste de Europa. En Australia, as reformas da FOI a niveis federal e estatal, así como o decrecemento no período de acceso aberto para os documentos do goberno federal de 30 a 20 anos están a pechar o oco nos réximes de acceso. A Lei de liberdade de información funcionou nos Estados Unidos dende 1966. Na Unión Europea a transparencia das actividades do goberno mediante lexislación do estilo da de Liberdade de Información é máis recente; por exemplo, no Reino Unido a Lei de liberdade de información de 2000 soamente se fixo operativa en 2005, mentres que a República de Irlanda aprobou unha Lei de liberdade de información en 1997. Italia aprobou unha lei de transparencia en 1990 (241/1990). Ao mesmo tempo, a capacidade dos cidadáns para implicarse nun debate político público informado foi bloqueada por toda unha gama de exencións e retrasos na localización de información. A pesar das iniciativas de gobernos aberto, a lexislación anti-terrorista posterior ao 11 de setembro cortou moitas liberdades civís; en particular, conduciu a emendas ou á restrición da lectura da lexislación de liberdade de información en moitos países (Iacovino, 2010).

Gran parte do que se sabe acerca do Goberno foi revelado por xornalistas de investigacións, grupos de comunidades de interese público, litigantes e denunciante que pasan por riba das regulacións sobre liberdade de infor-

mación. Están as filtracións a converterse nun substituto dos procesos axeitados? Internet converteuse no medio de acceso global á información do goberno, o que algúns xornalistas describen como «datos brutos» a maioría dos cales probablemente seguirán clasificados durante décadas, se non destruídos por un goberno ou unha autoridade arquivística, por exemplo, a publicación por *Wikileaks* de películas militares de EE.UU. que amosaban como helicópteros de EE.UU. asasinaban un certo número de persoas —incluídos dous xornalistas de *Reuters*— (McGreal, 2010). O argumento que se daba para divulgar documentos desta maneira era que:

O grupo [*Wikileaks*] cre que a transparencia aporta responsabilidade e que o secreto causa corrupción. As sociedades en busca de institucións honestas e dunha democracia que funcione adecuadamente requiren que os gobernos e as corporacións poderosas expoñan todo ao coñecemento público, para que os cidadáns analicen e conformen as súas opinións. Se fracasan nesa responsabilidade, a xente de conciencia debe actuar con organizacións como *WikiLeaks* para que a verdade salia á luz (Cannold, 2010).

*Wikileaks* publica o que ninguén máis quere que se publique ou foi suprimido por ordes de «amordazamento», isto é, a súa publicación foi restrinxida por ordes legais ou a presión de gobernos ou persoas privadas (*Castan Centre*, 2010: 3). A crítica da maioría de autoridades gobernamentais en relación coa publicación por *Wikileaks* de documentos estadounidenses sobre a guerra de Afganistán foi acerca dos riscos para os informantes afganos e as forzas da OTAN, o cal desvía a atención de calquera discusión sobre potenciais crimes do gobernos que poidan quedar evidenciados nestes documentos (Saul, 2010; Boas, 2010).

Julian Assange, fundador de *Wikileaks*, refírese aos ocos no rexistro da historia; aos gobernos que retiran documentos da súa propiedade ou doutros sitios web, os cortan ou os «poñen en listas negras». El argumentou que as iniciativas de goberno aberto, incluídos os sitios web do goberno, son ferramentas de *marketing* ou de propaganda do goberno. Assange deu exemplos de peticións FOI que conduciron a documentos convenientemente desaparecidos. Os gobernos souberon como utilizar o *mantra* da seguridade nacional para ocultar a evidencia dos abusos nos dereitos humanos.

*Global Witness* é outro exemplo de organización non gobernamental que expón a explotación corrupta de recursos naturais e de sistemas internacionais de comercio, dirixe campañas que tratan de poñer fin á impunidad, os conflitos relacionados con recursos, e os abusos dos dereitos humanos e ambientais (*Global Witness*, 2010). *Wikileaks* e *Global Witness* revelan fallos no

sector público e na gobernanza corporativa. Como se converte na realidade en máis aberto un goberno? Están os gobernos adoptando as TIC pero de feito están aínda a traballar como antes, por exemplo, en Australia as decisións do gabinete seguen a ser secretas? Se as axencias do goberno tivesen que conservar todos os comentarios dos cidadáns como parte do documento ao que se refiren, contribuiría esta aproximación a unha maior responsabilidade pública?

A e-gobernanza depende da participación cidadá. Os cidadáns deben confiar en que os seus dereitos están protexidos e quedan mellorados. Nas sociedades democráticas contemporáneas a interacción entre o Estado e o cidadán ou o cliente e o provedor non é unha simple relación binaria dun «dominus» e un «servus» tal e como estaba definida polos principios do Dereito Romano (Iacovino (b), 2006: 88 y 196) no que o cidadán só ten deberes e o estado exerce o poder e o control último sobre a memoria dunha nación. Este cambio no estatus cidadán débese a procesos socio-legais que proporcionaron os cidadáns dereitos legais á información do goberno, suxeita a exencións, e a desenvolvementos técnicos que evolucionaron para permitir ás comunidades e aos individuos expresar os seus puntos de vista e intereses en liña —un ágora electrónica— na medida en que incluso as sociedades non democráticas tiveron dificultades para evitar que os seus cidadáns utilicen Internet para denunciar evidencia de abusos, por exemplo os cidadáns iranianos foron capaces de comunicar o que estaba a suceder nas eleccións de Irán de 2009 ao mundo exterior utilizando tecnoloxía «Twitter». Ademais, a filtración de información gobernamental por medio da Internet deu noticia ás nacións democráticas de que non se cumpría coas responsabilidades [públicas]. Os cidadáns foron facultados por tecnoloxías que os gobernos teñen dificultade en controlar. Este elemento de «facultade» do «servus» inclina a balanza a favor do cidadán, pero ao custe doutros dereitos, como o de privacidade e o de confidencialidade.

### **Gobernanza participativa e o continuo australiano dos documentos**

Dentro do modelo do continuo dos documentos, a relación entre os mecanismos ético-legais de gobernanza e a xestión de documentos considérase dende a perspectiva do continuo dos procesos que crean, capturan, xestionan, conservan e representan documentos como evidencia de actividade social para efectos de negocio, sociais e culturais. A información do documento está no corazón do modo en que os sistemas —gubernamentais e privados— proporcionan un continuo de relacións. O patrimonio arquivístico di-

xital é parte dun espazo-tempo continuo e debería ser xestionado como memoria colectiva por aqueles que o formaron. Na medida en que está articulada nos conceptos éticos, a memoria colectiva inclúe a noción de «vontade» colectiva e de ben facer universal. O continuo dos documentos permite que xurdan relacións complexas a partir das transaccións da Internet, tanto se é entre o cidadán e o Estado, coma entre un cliente e un provedor de servizos ou calquera relación social.

Asegurar a supervivencia a longo prazo e o control da memoria dixital por parte dos individuos, as comunidades e as nacións require o desenvolvemento dunha *gobernanza participativa* dentro dunha aproximación do continuo dos documentos na que todos os participantes no documentos (incluídos os arquivistas) teñan dereitos e responsabilidades legais e éticos en relación coa propiedade, a privacidade, o acceso e a evidencia ao longo do tempo e do espazo, dentro de contextos locais e internacionais, e en último extremos, dereitos na conformación do patrimonio arquivístico.

Un participante en xestión de documentos é unha parte interesada que toma parte na formación do documento sobre a base dunha relación social recíproca en termos de igualdade con outros. Todo participante —incluída a persoa que é o *asunto do documento*— ten dereitos e responsabilidades en relación coa súa formación, conservación e uso. Os sistemas arquivísticos e outros sistemas de información teñen capacidades para capturar a todos os participantes no proceso creativo como «propietarios» compartidos con múltiples identidades e roles. No entorno Web 2.0 moitos axentes diferentes estarán a crear documentos continuamente nun diálogo interactivo entre unha organización e un cliente que requirirá que o cliente ou o cidadán se convertan en parte da función de xestión que creou o documento, un co-creador (Ketelaar, 2008). No contexto do e-Goberno, o goberno é unha primeira parte nunha transacción de documentos, non só o asunto do documento un co-creador e autor do documento.

A necesidade de identificar os participantes na xestión dos documentos nas transaccións da Internet, que en arquivística se expresou en termos de competencias ou autoridade para actuar, é esencial para asegurar que se satisfán as obrigas legais e sociais. Dende unha perspectiva ética, os participantes na xestión de documentos son axentes racionais que funcionan sobre a base de normas aceptables universalmente que requiren que unha persoa (física ou corporativa) sexa responsable de accións individuais, un concepto apoiado pola noción kantiana de axente autónomo. Internet, entendida como unha comunidade baseada en obrigas morais recíprocas, pode que sexa difícil de implantar sen un conxunto de valores comúns por parte de aqueles que a usan. Un conxunto universal de dereitos e deberes éticos pode argu-

mentarse a partir de toda unha gama de puntos de vista filosóficos que recoñecen a dignidade e o valor do individuo como membro da súa comunidade. Os especialistas en ética da virtude enfócanse sobre a conduta centrada na persoa máis que centrada sobre a regra ou o deber para fomentar a honestidade e outros resgos do carácter que conducen a unha conduta en liña responsable.

Aínda que con frecuencia se lle concede preeminencia aos dereitos, identificar os roles e as respectivas obrigas legais e éticas dos participantes en liña na xestión de documentos inclúe:

- un provedor de contido que pode que non sexa nin o autor nin o propietario, pero que ten a obriga de obter permiso dos autores para utilizar a obra e respectar a integridade da obra;
- un contribuidor que é un autor dunha obra orixinal e que ten a obriga de recoñecer as fontes usadas;
- un suxeito do documento que pode que tamén sexa un contribuidor de contido e por tanto un autor coas mesmas obrigas que calquera outro contribuidor;
- un receptor de contido ten obriga de pedir permiso de reutilización aos autores;
- un usuario de terceira parte ten a obriga de obter consentimento explícito dos autores se reproducen información;
- o propietario ou *host* dun sitio web é o controlador primario a nivel ético responsable do contido, e
- unha terceira parte fiable ten as obrigas de proporcionar confianza en liña mediante procesos de autenticación, e de asegurar acceso e conservación a longo prazo os recursos arquivísticos.

### **Implantación da gobernanza participativa**

Un modelo participativo pode utilizar tecnoloxías e protocolos inmediatamente dispoñibles que proporciona intercambio de documentos entre sistemas de software, autentican e atribúen propiedade mediante o uso dun cadro de acreditación ou un sistema de anotacións. Na e-gobernanza o uso de terceiras partes fiables, que inclúen autoridades de sinatura dixital, autenticación de participantes e selos fiables para sitios web, está ben establecido, e ten que estenderse a servizos externalizados. A autorización de roles é un elemento importante nas partes que autentican en sistema externos, incluída a «nube».

Un exemplo australiano do modelo participativo no contexto arquivístico é o *Koorie* [indíxenas de Victoria] *Archiving System* que está a usar tecnolo-



xias baseadas na web para crear un *espazo compartido* para a *Public Record Office* de Victoria, o *Koorie Heritage Trust Inc*, o Arquivo Nacional de Australia, e as comunidades e individuos koorie, para traballar cooperativamente como socios iguais, co fin de crear un arquivo que:

- Reúna, integre, conserve e faga accesibles os documentos *existentes* relativos ás comunidades, familias e individuos koorie de fontes gobernamentais, comunitarias e persoais.
- Proporcione contido en moitas formas e soportes diferentes, incluídos documentos oficiais escritos, testemuños orais, documentos de organizacións koorie, documentos familiares e persoais, fotografías, gravacións de audio e vídeo.
- Faga posible que se negocien e establezan controis e protocolos que respecten os dereitos comunitarios, familiares e individuais koorie, e os requisitos relativos á conservación, o almacenamento, a accesibilidade e o uso do contido do *arquivo na nube*, incluídos os requisitos relativos a acceso diferenciado.
- Proporcione un espazo no que as comunidades, as familias e os individuos poidan crear e engadir facilmente novo contido.
- Proporcione un mecanismo para anotacións que interpreten, corrixan ou proporcionen, contexto para o contido informativo extraído dos documentos oficiais.

O modo en que o patrimonio arquivístico será conformado e re-conformado dependerá da colaboración entre os participantes no documento. O arquivo dixital pode ser re-conformado permitindo narrativas alternativas á do creador do documento para complementar, substituír ou re-interpretar os mesmos eventos, e recoñecer que existen diferentes series de indicadores para establecer a verdade. Que narrativa é válida? Que é unha colección nacional? Inclúe intereses especiais? Quen ten o control sobre ela? O patrimonio arquivístico debe abarcar moitos puntos de vista diferentes. Vínculos virtuais entre organizacións arquivísticas e culturais deberían proporcionar narrativas alternativas que se enfocaran sobre un patrimonio cultural inclusivo a nivel nacional e en último extremo global, e que respecte a diversidade.

Os suxeitos do documento cuestionaron a dominación da perspectiva do goberno nos eventos. O concepto europeo de Estado do século dezanove tivo unha poderosa influencia sobre a adopción do creador do documento como a unidade de descrición e organización arquivísticas. Era un concepto abarcador de Estado no que o sistema legal designaba quen tiña o control, que se documentaba, como se documentaba, quen podía ter acceso e durante canto tem-

po se conservaban os documentos. A fins do século vinte o control do estado quedou mitigado por cidadáns que lograron dereitos políticos e legais que incluían o acceso aos documentos públicos e a protección dunha inadecuada publicación da súa información persoal. A comercialización do goberno introduciu un certo número de terceiras partes que alteraron a relación do cidadán co estado e os seu dereitos aos documentos dos servizos do Goberno. O rol que isto xogue no contexto dun goberno aberto e da e-gobernanza dependerá da medida en que o goberno preste atención os servizos externalizados, así como das expectativas dos cidadáns acerca do uso das tecnoloxías sociais da Internet.

### **A propiedade no contexto participativo**

Unha das cuestións máis complexas en termos de modelo participativo é a da propiedade. A propiedade, nos sistemas legais occidentais, relaciónase coa posesión, que é o poder sobre unha cousa. Un sistema de propiedade privada pode definirse como aquel no que as regras que gobernan o acceso a e o control sobre as cousas as asigna a individuos ou organizacións particulares. Un problema fundamental da propiedade é que non todas as culturas recoñecen un sistema de propiedade privada, nin da mesma maneira. Por exemplo, as comunidades indíxenas teñen unha noción colectiva da propiedade do seu coñecemento.

Internet alterou radicalmente as nocións de propiedade e reutilización da información. A piratería de obras con dereitos de autor converteuse en case imposible de controlar. A localización, a custodia e a propiedade poden separarse por acordos legais (contractuais e estatutarios) ou administrativos. A responsabilidade e a propiedade dun espazo de memoria dependerán dos dereitos e as obrigas dos implicados na súa creación e a súa relación coas entidades do goberno. No caso de espazos de memoria que son contestados por varios grupos, pode que os dereitos compartidos, non só de acceso senón tamén de conservación, ou a provisión de copias ou dun servidor espello do recurso de información, superen a barreira da propiedade. Pode que sexa posible aplicar o principio de patrimonio conxunto que proporciona a posibilidade de compartir un recurso de información con grupos estatais que teñen iguais dereitos que o Estado que o custodia (Ketelaar, 2005). No entanto, os grupos comunitarios preferirán con frecuencia a posesión física a compartir os dereitos (Piggott, 2005). Estas cuestións xurdiron en relación cos documentos do Tribunal Criminal Internacional para a Antiga Iugoslavia (Boerhout, 2010).

Os exemplos dos principios de propiedade compartida que se atopan en instrumentos legais e non legais que se aplican a un modelo participativo inclúen:

- Principios de patrimonio conxunto adoptado internacionalmente no dominio arquivístico;
- Principios de custodia que proporcionan dereitos de acceso e control a todos os contribuídores e suxeitos; e
- Dereitos de acceso que limitan os dereitos de propiedade, incluídos os réximes de dereitos de autor e arquivísticos, se serven para protexer ou minimizar o dano a individuos ou grupos.

Os dereitos e obrigas de propiedade de todos os participantes (creadores, suxeitos, usuarios e conservadores) derívanse tanto da súa participación moral como da lexislación. As institucións arquivísticas están ben situadas para tomar en conta a propiedade dos documentos dun modelo de goberno participativo:

- Asegurando dereitos iguais para todos os participantes e, nalgúns casos, dereitos especiais para participantes en desvantaxe;
- Adaptando as nocións de propiedade dos principais sistemas legais para incluír a administración máis que a propiedade sobre a información;
- Adoptando dereitos culturais que apoiem a diversidade, non sobre liñas estatais senón sobre a base do patrimonio dos grupos (Francioni, 2008).

### **Privacidade e consentimento no contexto participativo**

A maioría de réximes de privacidade céntranse sobre a protección dunha persoa identificable cando se recollen, se utilizan ou se procesan datos, con exencións para a súa reutilización ou o seu procesamento posterior para a investigación, incluídos fins arquivísticos se se satisfán certas condicións. Os acordos relativos a un investigador arquivístico teñen o deber de respectar a información persoal sobre o investigador, por exemplo, en Italia o Código deontolóxico para investigadores e arquivistas é legalmente vinculante (Iacovino, 2009). Pode que o espazo privado sexa menos importante para algúns individuos e culturas, e en diferentes períodos. Nas sociedades indíxenas a protección da privacidade individual é menos significativa que o secreto comunal. Incluso nas sociedades occidentais a protección da familia máis que do individuo como entidade privada non está incluída en xeral na lexislación sobre protección de datos, aínda que Italia é unha excepción.

O consentimento —expreso ou implícito— está intimamente vinculado ao control do acceso, que é a capacidade do suxeito do documento para controlar a quen e como se lle dá acceso aos seus datos, e pode ser anulado pola lei, por exemplo de impostos ou pola necesidade de divulgálos en intere-

se público. No contexto arquivístico, os suxeitos do documento é pouco probable que desen consentimento á creación, o acceso e a conservación de documentos acerca deles. A conservación de información persoal sobre sitios de redes sociais, incluídos os blogs do Goberno, depende dos desenvolvedores de software e das políticas dos propietarios do sitio. Pode que os ISP se neguen a destruír información persoal que pode ser dañina para a persoa implicada e pode que usen perfís para efectos de marketing (Wingfield, 2010).

O nivel de sensibilidade ou o grao de prexuízo a unha persoa se a información persoal se divulga é unha cuestión ética, así como un dos principais aspectos das regulacións arquivísticas, de liberdade de información e de privacidade. Na maioría dos estados membros da Unión Europea, a lexislación sobre privacidade ten precedencia sobre a lexislación arquivística. A nivel internacional, os arquivistas denunciaron o borrado de información persoal que serviu ao seu propósito primario nun certo número de terreos. Ademais do valor para a investigación, o borrado de información inexacta pode privar de coñecemento acerca das consecuencias do uso de datos incorrectos, e de evidencia sobre os motivos das accións posteriores. Os réximes de acceso arquivístico fiaron en «lapsos de tempo» para desensibilizar información persoal, pero coa converxencia do espazo-tempo na Web, o dano causado pola divulgación inadvertida de datos persoais agregados é difícil de determinar, e pode que se dilate indefinidamente. O dano inadvertido é particularmente importantes porque as organizacións arquivísticas reducen os seus períodos de restrición (p.ex. a redución a 20 anos en Australia). Aínda que pode que non sexa posible contactar a todos os individuos a información dos cales estea dispoñible en liña, as institucións arquivísticas deberían informar-lles por adiantado da divulgación da súa información persoal sempre que resulte práctico facelo.

Deberían considerar os arquivistas períodos de retención máis longos para información persoal sensible ou incluso borrarla para protexer a reputación persoal? Viktor Mayer-Schoenberger en *Delete: The Virtue of Forgetting in the Digital Age* suxire que as datas de expiración para a información persoal en liña son un rol fundamentalmente arquivístico (Mayer-Schoenberger, 2009). Baixo a regulación nacional australiana para profesionais sanitarios, as determinacións das xuntas profesionais seguen a estar dispoñibles en liña incluso despois de que as infraccións prescribisen, tendo así un significativo impacto sobre a reputación dun médico. A capacidade de teclear o nome dun médico en Google e atopar calquera transgresión, non importa canto antiga sexa, concede aos pacientes poderes sen precedentes sobre a reputación dun médico, o cal non era posible cando a información só estaba dispoñible

en forma impresa. Por outra parte, o público ten que se protexer dun médico que é incompetente ou observa unha conduta que podería poñer en risco a un paciente (Freckelton, 2010: 36).

Nalgúns países, as táboas de protección de datos foron completadas con protocolos para compartir os datos. Un protocolo para compartir os datos é un acordo formal entre organizacións que están a compartir datos persoais. Explica por que os datos están a ser compartidos e establece os principios e os compromisos que as organizacións ou individuos adoptarán cando recollan, almacenen e divulguen información persoal acerca dos membros do público. Outras ferramentas reguladoras da privacidade inclúen códigos e recomendacións que complementan os réximes legislativos, por exemplo os principios de privacidade da información da industria da Internet. Un modelo de gobernanza participativa podería adoptar protocolos para compartir os datos que establezan requisitos de privacidade para cada participante no documento.

## **Conclusión**

Internet converteuse nunha arma renovada de democracia. Os gobernos de todo o mundo están a adoptar ferramentas de redes sociais para comprometerse cos seus cidadáns. As iniciativas de goberno aberto proporcionan unha oportunidade non só para reunir réximes de acceso, senón todos os procesos de xestión de documentos. Aínda que estas iniciativas melloraron a implicación do cidadán no goberno e colocado máis información en liña, as divulgacións de denuncias por medio da Web seguen a ser importantes para revelar a «verdade» e encher os ocos deixados polos fallos nos réximes de liberdade de información no relativo á provisión de transparencia gobernal. Aínda non está claro se as contribucións da Web 2.0 forman parte do documento e serán conservadas, ou o modo en que se aplicarán regras de valoración. A axencia do goberno que establece unha utilidade en liña ten discreción en canto a se reter ou borrar os comentarios, e se fomenta o anonimato. Os participantes na xestión de documentos teñen o empuxe de conservar as súas contribucións como parte do documento, e pode que os gobernos tamén queiran incorporalos como evidencia de transparencia. Non está claro se o goberno aberto proporcionará mellor acceso a información acerca de servizos externalizados. O *Cloud computing* proporciona servizos externalizados na Internet que requiren que os arquiteiros e os xestores de documentos se impliquen no contrato de servizos para asegurar que a xurisdición e a propiedade dos documentos se atribúan axeitadamente. Existe a necesidade de asegurar que a infraestrutura da nube xestionará sistemas dis-

persos que requiren que as organizacións arquivísticas teñan *input* nas estratexias de e-gobernanza. Aínda que Internet se converteu na norma para toda actividade de negocio e social, os gobernos nacionais seguen a tomar decisións que reflicten intereses nacionais máis que globais na regulación da Internet.

Os novos modelos para xestionar os espazos de memoria dixital que teñan funcionalidades de xestión de documentos fiables e auténticos, creados polos desenvolvementos da Internet como as redes sociais e os sistemas distribuídos de negocio, requiren a exploración de novos marcos, políticas e normas de gobernanza, en particular a toma de decisións compartida entre os suxeitos, os creadores e os usuarios do documento. En particular, os dereitos de propiedade compartida de todos os contribuídores a un espazo de memoria dixital teñen que ser explorados e debatidos. O *Koorie Archiving System* é un espazo arquivístico compartido coa *Public Record Office* de Victoria, o *Koorie Heritage Trust Inc*, o Arquivo Nacional de Australia, e comunidades e individuos koorie. É un exemplo acerca do modo en que as tecnoloxías da Internet Web 2.0. poden operar de modo positivo para autorizar a aqueles que foron desautorizados. É tamén un modelo de co-xestión de dereitos e responsabilidades sobre os documentos, no que ás comunidades e aos individuos implicados no proxecto se lles dá unha voz no modo en que a memoria colectiva se crea e se conserva ao longo do tempo.

Calquera modelo de gobernanza na Internet ten que ter en conta toda unha gama de participantes na formación, o acceso, o uso e a conservación dos documentos, e as súas responsabilidades en relación coa propiedade, a privacidade, o acceso e a evidencia en contextos nacionais e internacionais. Dende a perspectiva do continuo dos documentos Internet é a cuarta dimensión da xestión de documentos, enfocada sobre o modo en que xestionamos documentos máis alá das organizacións ou persoas que formaron o «arquivo», a memoria colectiva que foi o rol tradicional dos arquivistas e dos responsables das organizacións da memoria. As organizacións da memoria son custodias de documentos que foron formados e seguen a ser formados por múltiples entidades e individuos. Agora é posible que os documentos estean dispoñibles de maneira electrónica por medio das axencias creadoras e un rol arquivístico podería ser o dun regulador que asegure que a privacidade está protexida cando resulte adecuado mediante un consentimento informado. As autoridades arquivísticas deberían recuperar o seu rol como autoridades aceptables de documentos fiables e auténticos, a cuestión central da xestión de documentos en liña. Os arquivistas consumiron unha considerable cantidade de investigación sobre a conservación de documentos dixitais; pero deberíase dar maior énfase á necesidade de valoralos e seleccionalos. Unha

aproximación dende o continuo dos documentos que xestiona os documentos ao longo do tempo e o espazo asegura que os arquivistas non se limitan a si mesmos a un rol no que soamente son responsables dunha pequena porción de documentación que pasou o limiar arquivístico.

### **Agradecementos**

O material sobre o Koorie Archiving System foi proporcionado por Sue McKemmish, de Monash University e baséase en Public Record Office Victoria, Koorie Heritage Trust & Monash University (2009), Koorie Archiving System, solicitude ao Victorian Government's Collaborative Internet Innovation Fund, preparada por Andrew Waugh, Shannon Faulkhead, e Sue McKemmish. O proxecto implica un consorcio entre Monash University, a Public Record Office de Victoria, o Koorie Heritage Trust Inc., a Koorie Records Taskforce, o Indigenous Special Interest Group da Australian Society of Archivists, e o Arquivo Nacional de Australia.

<http://www.infotech.monash.edu.au/research/centres/cosi/projects/kas/>

## Referencias

- ADVISORY GROUP ON REFORM OF AUSTRALIAN GOVERNMENT ADMINISTRATION. Ahead of the Game: Blueprint for Reform of Australian Government Administration, 8 May 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: [http://www.dpmc.gov.au/publications/aga\\_reform/aga\\_reform\\_blueprint/docs/APS\\_reform\\_blueprint.pdf](http://www.dpmc.gov.au/publications/aga_reform/aga_reform_blueprint/docs/APS_reform_blueprint.pdf). Commonwealth of Australia
- ALBRIGHTON V ROYAL PRINCE ALFRED HOSPITAL [1980] 2 NSWLR 542 ARTICLE 29 Data Protection Working Party & Working Party on Police and Justice. "EU-US TFTP Agreement not in Line with Privacy Legislation: Press Release". Brussels, 28 June 2010, Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL : [http://ec.europa.eu/justice/policies/privacy/news/docs/pr\\_25\\_06\\_10\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/justice/policies/privacy/news/docs/pr_25_06_10_en.pdf)  
European Justice Commission
- AUSTRALIAN GOVERNMENT. Government Response to the Report of the Government 2.0 Taskforce Engage: Getting on with Government 2.0, May 2010. Consulta: 24 diciembre 2010. URL: <http://www.finance.gov.au/publications/govresponse20report/doc/Government-Response-to-Gov-2-0-Report.pdf>  
Commonwealth of Australia
- AUSTRALIAN GOVERNMENT INFORMATION MANAGEMENT OFFICE. "E-Government and Information Management". 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://finance.gov.au/e-government/>  
Commonwealth of Australia
- AUSTRALIAN GOVERNMENT INFORMATION MANAGEMENT OFFICE. Gatekeeper Public Key Infrastructure Framework, February 2009. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: [http://finance.gov.au/e-government/security-and-authentication/gatekeeper/docs/Gatekeeper\\_PKI\\_Framework.pdf](http://finance.gov.au/e-government/security-and-authentication/gatekeeper/docs/Gatekeeper_PKI_Framework.pdf)  
Commonwealth of Australia
- AUSTRALIAN WAR MEMORIAL. Blog Article - Diary of HV Reynolds – Epilogue. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.awm.gov.au/blog/2010/08/12/diary-of-hv-reynolds-epilogue/>  
Commonwealth of Australia
- BOAS, Gideon. "The WikiLeaks Iraq War Documents: Investigate Wrongdoing, or Shoot the Messenger?". En: Rapporteur, Newsletter of the Castan Centre for Human Rights Law. 2010, November, v. 9, n. 2, p. 5. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.law.monash.edu.au/castancentre/newsletter/newsletter-nov-10.pdf>  
Monash University
- BOERHOUT, Laura. "Future Location of the Hague Archives Remains Uncertain". Sarajevo, 19 May 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.balkaninsight.com/en/main/analysis/28207/>  
Balkaninsight.com
- BRADSHAW, Lorraine. "Living in the Cloud". En: Information Overload Newsletter. 2010, February, n. 80, Fremantle Western Australia: Information Enterprises Australia Pty Ltd. Consulta 24 diciembre 2010.  
URL: [http://www.iea.com.au/web/Publications/Information\\_Overload\\_Newsletter/?newsid=250](http://www.iea.com.au/web/Publications/Information_Overload_Newsletter/?newsid=250)
- CANNOLD, Leslie. "Will WikiLeaks Handle its New Power Responsibly?". The Age, 1 August, 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.theage.com.au/opinion/society-and-culture/will-wikileaks-handle-its-new-power-responsibly-20100731-110fg.html>  
The Age Company Ltd
- CASTAN CENTRE FOR HUMAN RIGHTS LAW. "WikiLeaks' Julian Assange Takes Centre Stage". En: Rapporteur, Newsletter of the Castan Centre for Human Rights Law. 2010, November, v. 9, n. 2, p. 3. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.law.monash.edu.au/castancentre/newsletter/newsletter-nov-10.pdf>  
Monash University
- DAVIES, Nick. "The Story Behind the Afghan War-logs Leak". The Age, 26 July, 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.theage.com.au/technology/technology-news/the-story-behind-the-afghan-warlogs-leak-20100726-10s02.html>  
The Age Company Ltd
- FIORAVANTI, Gigliola. "Italy's Legislative Framework for Electronic Documentation". En: Authentic Records in the Electronic Age, Proceedings from an International Symposium. Ed. Luigi Sarno. Vancouver Canada: Istituto Italiano di Cultura Vancouver and The InterPARES Project, 2000, pp. 94-107.
- FLITTON, Daniel. "At War over WikiLeaks". The Age, 31 July, 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.theage.com.au/technology/technology-news/at-war-over-wikileaks-20100730-10ztz.html>  
The Age Company Ltd



- FISHER, Peter. "When Everything's Connected, One Fault Can Be Catastrophic". *The Age*, 21 June 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.theage.com.au/opinion/society-and-culture/when-everythings-connected-one-fault-can-be-catastrophic-20100620-yp56.html>  
The Age Company Ltd
- FRANCIONI, Francesco. "Culture, Heritage, and Human Rights: An Introduction". En: FRANCIONI, Francesco; SCHEININ, Martin, Eds. *Cultural Human Rights*. Leiden; Boston: Martinus Nijhoff Publishers, 2008, pp. 1-15.
- FRECKELTON, Ian. "Under the One Umbrella". En: *Law Institute Journal*, 2010 December, v. 84, n.12, pp. 32-37.
- GLOBAL WITNESS. "Global Witness: Home". Consulta: 24 diciembre 2010  
URL: <http://www.globalwitness.org/GlobalWitness>
- GOVERNMENT OF SPAIN. Law 11/2007 of 22 June on Electronic Access to Public Services for Members of the Public. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: [http://www.csi.map.es/csi/pdf/LAW\\_11-200722Jun2007\\_eGov\\_Spain.pdf](http://www.csi.map.es/csi/pdf/LAW_11-200722Jun2007_eGov_Spain.pdf)  
Gobierno de España. Ministerio de la Presidencia
- GOVERNMENT 2.0 TASKFORCE. Engage, Getting on with Government 2.0. Report of the Government 2.0 Taskforce, 22 December 2009. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.finance.gov.au/publications/gov20taskforcereport/doc/Government20TaskforceReport.pdf>  
Commonwealth of Australia
- GREENLEAF, Graham; VAILE, David; CHUNG, Philip. "Unlocking IP: National Dimensions of Public Rights and the Public Domain in Australian Copyright". *Canada-Australia Comparative IP and Cyberlaw Conference*, University of Ottawa, 30 September-2 October 2005. Consulta: 24 diciembre 2010  
URL: <http://www.cyberlawcentre.org/unlocking-ip/background.pdf>
- IACOVINO, Livia. "Archives as Arsenals of Accountability". En: EASTWOOD, Terry; Macneil, Heather, Eds. *Currents of Archival Thinking*. Santa Barbara California; Denver Colorado; Oxford England: Libraries Unlimited, ABC-CLIO, 2010, pp. 181-212.
- IACOVINO, Livia. "Privacy as a Human Right in Italian Data Protection Law and its Impact on Records as Evidence and Memory". En: *Archives & Social Studies: A Journal of Interdisciplinary Research*, 2009 (2008) September, v. 2, n. 2, pp. 363-388.
- IACOVINO, Livia (a). "Community, Identity and Shared Value Systems from Aristotle to Singer: An Ethical Model of Ownership of Memory Spaces in Distributed Networks". En: *Constructing and Sharing Memory: Community Informatics, Identity and Empowerment*. STILLMAN, L. and G. JOHANSON Eds. Newcastle, UK: Cambridge Scholars Publishing, 2006, pp. 80-90.
- IACOVINO, Livia (b). *Recordkeeping, Ethics and Law: Regulatory Models, Participant Relationships and Rights and Responsibilities in the Online World*. Dordrecht: Springer, 2006.
- IACOVINO, Livia; REED, Barbara. "Recordkeeping Research Tools in a Multi-disciplinary Context for Cross-jurisdictional Health Records Systems". En: *Archival Science*, 2008 v. 8, n. 1, pp. 37-68.
- IACOVINO, Livia; TODD, Michael. "The Long-term Preservation of Identifiable Personal Data: a Comparative Archival Perspective on Privacy Regulatory Models in the European Union, Australia, Canada and the United States". En: *Archival Science*, 2007, v.7 n.1. pp. 107-127.
- KELLENBACH, Paul. "Piracy Suit Sunk: The iiNet case". En: *Law Institute Journal*, 2010, July, v.84 n.07, pp. 37-41.
- MCGREAL, Chris. "Leaked Video Shows US attack". *The Age*, 7 April, 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.theage.com.au/world/leaked-video-shows-us-attack-20100406-rpck.html>  
The Age Company Ltd
- MANN, Simon (a). "US soldier Held after Leak of Gunship Video". En: *The Age*, 9 June 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.theage.com.au/world/us-soldier-held-after-leak-of-gunship-video-20100608-xtlg.html>  
The Age Company Ltd
- MANN, Simon (b). "WikiLeaks Vows more Revelations". En: *The Age*, 25 October 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.theage.com.au/world/wikileaks-vows-more-revelations-20101024-16z5j.html?autostart=1>  
The Age Company Ltd
- MAYER-SCHOENBERGER, Viktor. *Delete: The Virtue of Forgetting in the Digital Age*. Princeton, N.J.; Woodstock: Princeton University Press 2009.
- NATIONAL ARCHIVES OF AUSTRALIA. *Recordkeeping and Online Security Processes: Guidelines for Managing Commonwealth Records Created or Received Using Authentication or Encryption*, May 2004. Consulta: 24 diciembre 2010. URL: <http://www.naa.gov.au/Images/record->

- [keeping\\_online\\_security\\_tcm2-1032.pdf](#)  
Commonwealth of Australia
- O'CONNOR, Brendan. "Sweeping Away a Culture of Secrecy". *The Age*, 1 November 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL:<http://www.theage.com.au/opinion/politics/sweeping-away-a-culture-of-secrecy-20101031-178sl.html>  
The Age Company Ltd
- OECD, DIRECTORATE FOR SCIENCE, TECHNOLOGY AND INDUSTRY, INFORMATION SECURITY AND PRIVACY. "What is the Working Party on Information Security and Privacy (WPISP)?"  
Consulta: 24 diciembre 2010 URL:[http://www.oecd.org/document/46/0,3343,en\\_2649\\_34255\\_36862382\\_1\\_1\\_1\\_1\\_00.html](http://www.oecd.org/document/46/0,3343,en_2649_34255_36862382_1_1_1_1_00.html) OECD
- OFFICE OF THE INFORMATION COMMISSIONER OF CANADA. "Delete or Not to Delete". Annual Report 2007-2008. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: [http://www.infocom.gc.ca/eng/rp-pr\\_ar-ra\\_2007-2008\\_8.aspx](http://www.infocom.gc.ca/eng/rp-pr_ar-ra_2007-2008_8.aspx)  
Government of Canada
- PIGGOTT, Michael. "Building Collective Memory Archives". En: *Archives and Manuscripts*. 2005, May, v.33, n.1, pp. 62-83.
- PUBLIC RECORD OFFICE OF VICTORIA (a). "PROV Wiki – Home". 2 December 2010. Consulta: 24 diciembre 2010  
URL: [http://wiki.prov.vic.gov.au/index.php/PROV\\_Wiki\\_-\\_Home](http://wiki.prov.vic.gov.au/index.php/PROV_Wiki_-_Home)  
Public Record Office of Victoria
- PUBLIC RECORD OFFICE OF VICTORIA (b). "Help:Posting Etiquette" 1 July 2010. Consulta: 24 diciembre 2010  
URL: [http://wiki.prov.vic.gov.au/index.php/Help:Posting\\_etiquette](http://wiki.prov.vic.gov.au/index.php/Help:Posting_etiquette)  
Public Record Office of Victoria
- KETELAAR, Eric. "Archives as Spaces of Memory". En: *Journal of the Society of Archivists*, 2008, April, v.29, n.1, pp. 9-27.
- KETELAAR, Eric. "Sharing: Collected Memories in Communities of Records". En: *Archives and Manuscripts*, 2005, May, v.33, n.1, pp. 53-54
- REED, Barbara. "Service-oriented Architectures and Recordkeeping". En: *Records Management Journal*, 2008, v.18, n.1, pp. 7-20.
- REINECKE, Ian. *Information Policy and E-governance in the Australian Government. A Report for the Department of the Prime Minister and Cabinet*, March 2009. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL:[http://www.dpvc.gov.au/publications/information\\_policy/docs/information\\_policy\\_e-governance.pdf](http://www.dpvc.gov.au/publications/information_policy/docs/information_policy_e-governance.pdf)  
Reinecke, Ian and Commonwealth of Australia
- ROBERTS, David. *Documenting the Future: Policies and Strategies for Electronic Recordkeeping in the New South Wales Public Sector*. Sydney: The Archives Authority of New South Wales, 1995.
- SAUL, Ben. "Don't Cry over WikiLeaks". En: *The Age*, 2 December, 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL:<http://www.theage.com.au/opinion/society-and-culture/dont-cry-over-wikileaks-20101201-18glc.html>  
The Age Company Ltd
- TOWNSEND, Ian. "The Privacy Paradox, Background Briefing," 16 May 2010 Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: <http://www.abc.net.au/rn/backgroundbriefing/stories/2010/2896235.htm>  
ABC National Radio
- UNESCO. "Towards Knowledge Societies Internet Governance: About". Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL: [http://portal.unesco.org/ci/en/ev.php-URL\\_ID=26626&URL\\_DO=DO\\_TOPIC&URL\\_SECTION=201.html](http://portal.unesco.org/ci/en/ev.php-URL_ID=26626&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html)  
UNESCO
- UNIVERSITY OF BRITISH COLUMBIA, InterPARES 1 Project, Authenticity Task Force. *Template for Analysis*, 7 Nov. 2000, Vancouver, 2000. Consulta: 24 diciembre 2010.  
URL:[http://www.interpares.org/documents/interpares\\_TemplateforAnalysis\\_071100.pdf](http://www.interpares.org/documents/interpares_TemplateforAnalysis_071100.pdf)  
University of British Columbia
- WAUTERS, Robin. "Applause For Finland: First Country to Make Broadband Access A Legal Right", En: *TechCrunch*, Oct 14, 2009. Consulta: 24 diciembre 2010. URL: <http://techcrunch.com/2009/10/14/applause-for-finland-first-country-to-make-broadband-access-a-legal-right/>  
TechCrunch
- WILLINGHAM, Richard. "Personal Data 'Left Open to Frauds'", *The Age*, 29 July 2010. Consulta: 24 diciembre 2010.  
<http://www.theage.com.au/victoria/personal-data-left-open-to-frauds-20100728-10w6v.html>  
The Age Company Ltd
- WINGFIELD, Nick. "How Privacy was Sacrificed to Advertising Dollars in Browser Design". *The Australian*, 3 August, 2010, p 27.  
News Limited
- ZIELONKA, Jan. *Europe As Empire: the Nature of the Enlarged European Union*. Oxford: Oxford University Press, c2006.

# Gobierno electrónico e alfabetización informativa: contido para a formación arquivística en América Latina<sup>1</sup>

**Mayra M. Mena Mugica**

Departamento de Ciencias da  
Información Facultade de Comunicación  
Universidade da Habana

## **Introdución**

A emerxencia de políticas e estratexias de goberno electrónico na América Latina, nas que se recoñecía a importancia das TICs para as administracións públicas e o uso da internet en actividades gobernamentais, data da década do 90 do século XX, sendo Chile e Brasil os países pioneiros en tales propósitos. A maioría dos Estados da rexión deseñaron portais gobernamentais e moitas das súas axencias estatais contan con presenza na rede. Estas prácticas xeraron, durante case 20 anos, un importantes volume de información vital para a evidencia e a memoria das sociedades latinoamericanas. Os propósitos declarados nas estratexias de goberno electrónico respecto a potenciar novas formas de relación entre o estado e os cidadáns e a complexidade de xestionar este tipo de información electrónica obrigou a poñer énfase no seu acceso, xerou novas responsabilidades fronte aos propios cidadáns e requiriu novas habilidades cognitivas e tecnolóxicas nos arquivistas.

Ao mesmo tempo, dende fins dos anos 80 do século XX comezou a producirse no ámbito da Arquivística un proceso de reformulación dos seus conceptos e principios tradicionais que se considerou como un cambio de paradigma. Algúns autores o denominan “novo paradigma social”, referíndose esencialmente á necesidade dunha práctica arquivística que reflecta mellor as actividades de toda a sociedade e especialmente aquelas que rexistraban as relacións entre os cidadáns e os seus gobernos. Esta perspectiva enfócase na responsabilidade dos arquivistas e os arquivos en facilitar o acceso dos cidadáns a un tipo de información que potencie a responsabilidade, a transparencia e a rendición de contas das organizacións.

No marco destes escenarios resulta significativo examinar as vantaxes da consideración da alfabetización informativa nos estudos de Arquivística en América Latina e o Caribe. Partindo da necesidade de desenvolver compe-

tencias nos arquiteiros que lles permitan enfocarse no usuario /cidadán como suxeito do proceso de transmisión de información a través de contidos que permaneceron case ausentes nos plans de estudo da disciplina.

En consecuencia este artigo examina o estado xeral de avance e establecemento das prácticas de goberno electrónico na América Latina e o Caribe, para dar paso a analizar as abordaxes arquivísticas respecto ao acceso á información e ao tratamento dos usuario, e finalmente enfocámonos na utilidade de introducir contidos de alfabetización informacional na formación superior de arquiteiros na rexión.

### **Goberno electrónico**

Se ben inicialmente se relacionou o goberno electrónico case exclusivamente co uso das tecnoloxías de información e comunicacións (TICs) na mellora da eficiencia da Administración pública, ou a presentación de servizos a través de portais web, pouco a pouco introduciuse un enfoque multidimensional que inclúe a prestación de servizos electrónicos (e-services), a xestión do goberno electrónico (e-management) e o favorecemento de políticas públicas e democráticas (e-policy, e-democracy), que o diversificaron en canto ás súas características, propósitos e actores participantes no mesmo. (CEPAL, 2007). Estes cambios poden sintetizarse en dous aspectos significativos:

- as implicacións que teñen as TIC respecto ao cambio organizacional, visto como innovación institucional e transformación das estruturas, políticas, obxectivos ou operacións das entidades públicas; e
- as novas formas de relación entre o estado e os cidadáns.

Respecto ao primeiro existe coincidencia en que o goberno electrónico non pode ser asumido como a simple instalación de computadoras ou a posta en funcionamento de páxinas web e portais, senón que iso implica un cambio organizacional que conduce á modificación das estruturas organizativas, cambios nas políticas e obxectivos, así como na normalización dos métodos de traballo, os mecanismos de control, a simplificación de procesos e a modificación de normas e procedementos. Así mesmo, insistiuse na necesidade de involucrar, formar, estimular e potenciar o cambio nos profesionais da administración, incluídos os arquiteiros, pois un conxunto importante de operacións e transaccións van ser realizadas de forma automatizada sen as formas tradicionais de intervención humana. Polo propio carácter público da administración introducir as tecnoloxías sen asumir a necesidade de prestar atención aos cambios que os procesos de informatización levan consigo, po-

dería carrexar consecuencias graves e de alto impacto social no terreo da cultura e a identidade nacional, pois podería desaparecer a memoria rexistrada de lapsos completos de tempo.

En canto ao enfoque que relaciona o goberno electrónico favorecendo novas formas de vínculos entre o estado e os cidadáns a este se lle identifica, dentro dos modelos xa existentes<sup>2</sup>, co modelo asociativo no cal o goberno participa como coordinador, ao tempo que os cidadáns e outros actores sociais son considerados partes constituíntes (Kaufman, 2003). Así, as estratexias de administración electrónica inclúen ao cidadán como parte da mesma beneficiándoo co acceso a un tipo de información e de servizos que en xeral deben ser o resultado da súa propia participación. Segundo Kaufman (2003, 4),

Trátase de satisfacer intereses individuais e intereses colectivos; e, ao mesmo tempo, promover a cohesión social e executar as políticas públicas (...) considerando cada parte como relevante. É a morte do usuario ou o cidadán abstracto...

Os enfoques de goberno electrónico dende esta perspectiva encerran entre os seus obxectivos tanto a reorganización da administración con propósitos de eficiencia como a potenciación da participación cidadá e a capacidade de rendición de contas transparente e responsable das administracións a través dun uso intensivo e estratéxico das TICs. Neste último aspecto adóitase distinguir a importancia do acceso dos cidadáns á información relevante que poida ser avaliada en canto á súa veracidade, confiabilidade e autenticidade, nun proceso que, segundo Nacións Unidas, outorga valor agregado ao uso das TICs a partir das habilidades das persoas para dialogar cos tomadores de decisións. (Naciones Unidas, 2003).

#### ■ Goberno electrónico na América Latina e o Caribe

Ben que o uso de computadoras por parte dos gobernos en América Latina pode situarse entre os anos 70 e 80 do pasado século, a utilización de redes, a asimilación intensiva das TICs na Administración pública e especialmente a emerxencia de estratexias de goberno electrónico ocorre na década de 1990, coincidindo coa aplicación das chamadas "reformas do Estado" e "Nova Xestión Pública", que, asumindo unha perspectiva crítica do modelo de capitalismo neoliberal, intentan aplicar as ferramentas xerencias cunha orientación máis social, buscando potenciar tanto a propia natureza social da Administración pública como a súa racionalidade e eficiencia.

Os principais factores motivadores destes desenvolvementos, segundo Reilly e Echeberría (2003, 15), estiveron fundamentalmente no interese dos gobernos por aumentar a súa competitividade internacional, relacionado isto coa idea de “semellar modernos”; o desexo de mellorar a confianza dos cidadáns, marcando nalgúns casos intencións de rupturas con gobernos anteriores; e o interese pola optimización do uso de recursos tecnolóxicos.

As experiencias que se explican a continuación axudan a caracterizar o estado xeral de desenvolvemento do goberno electrónico na nosa rexión salientando a localización temporal das iniciativas, as súas definicións e obxectivos declarados, as características dos portais gobernamentais e a lexislación que sustenta tales iniciativas. A selección dos países propúxose amosar o grao de diversidade apreciable na área.

As primeiras ideas para o desenvolvemento do goberno electrónico na rexión apareceron en 1995 con debates gobernamentais en Brasil e Chile. Nos anos subseguintes sumáronse Uruguay en 1996; Cuba, Costa Rica e México en 1997 e Arxentina en 1998. No entanto, a concreción destas iniciativas en políticas e estratexias ocorreu fundamentalmente na década do 2000, coa única excepción de Cuba que dende o propio ano 1997 aprobou as Directrices estratéxicas para a informatización da Sociedade Cubana. Brasil lanzou a súa axenda no 2000 coa promulgación do Libro Verde da Sociedade da Información, en 2001 Costa Rica aprobou a súa Axenda Dixital e Perú o seu proxecto e-Perú, México estableceu a súa estratexia e-Goberno en 2002, Chile aprobou ese mesmo ano a súa Axenda Dixital, República Dominicana decretou a súa estratexia en 2005 e máis tardiamente Uruguay estableceu a súa Axenda Dixital en 2008.

Reilly e Echeberría (2003, 28) afirman que estes procesos foron desenvolvidos en xeral no interior de cada un dos gobernos sen dar participación na súa formulación a outros actores sociais e sen que se coñecesen os documentos que permitían avaliar os seus avances. Mención especial merecen Brasil, que procurou un certo nivel de participación de grupos académicos, empresarios e organizacións da sociedade civil, e Uruguay, que estableceu unha plataforma de consulta (“Queremos oír tu voz”) para deseñar a Axenda Dixital que establecerá as liñas directrices do traballo do goberno electrónico ate 2015.

A análise das definicións e dos obxectivos declarados en cada unha destas estratexias permite percibir a concepción que do goberno electrónico existe na rexión. No caso das definicións todas teñen en conta, en maior ou menor media, o papel das TICs no ofrecemento de servizos de información, na mellora da Administración pública e da súa eficiencia, aínda que poden determinarse gradacións noutros aspectos. As definicións que aparecen nas

estratexias de Arxentina, Chile e Uruguay están claramente enfocadas cara a concepción descrita no segundo dos puntos do parágrafo anterior, ao declarar entre os seus propósitos a redefinición da relación goberno-cidadán (Arxentina) e favorecer a transparencia e a participación (Arxentina, Chile e Uruguay). Nunha posición, que puidésemos cualificar de intermedia, áchanse as definicións de Brasil, México e República Dominicana, que se aproximan ao cidadán pero dende un enfoque máis tecnolóxico ao se centrar na informatización das súas operacións e na prestación de servizos públicos. Nunha posición similar quedaría a definición de Cuba, na que se aprecia unha marcada vontade de favorecer a través do uso das TICs os servizos públicos, especialmente de saúde e educación, así como a atención aos trámites. Máis distante do primeiro grupo colócanse as definicións de Costa Rica e Perú, pois apuntan a fomentar o uso das tecnoloxías por parte dos cidadáns e potenciar a mellora e eficiencia da administración pública.

Nos obxectivos que cada un destes países claramente se percibe unha notable diversidade, quizá non só debida ás naturais diferenzas entre os países senón tamén aos diferentes concepcións e estadios de desenvolvemento do goberno electrónico en cada un deles.<sup>3</sup> Nos casos de Arxentina, Brasil, Chile, México e Perú aprécianse obxectivos moi concretos, centrados en desenvolvementos de temas medulares tales como implementación de portais gobernamentais e temáticos, sistemas de seguimento de expedientes, portelos únicos para os servizos ao cidadán, directorios de funcionarios, tramitacións electrónicas, sinatura dixital, homologación e estandarización de aplicacións.

Nos casos de Cuba, República Dominicana e Uruguay os enunciados dos seus obxectivos son de carácter máis xeral, sen especificar propostas concretas. Por exemplo, en Cuba decláranse como propósitos a creación dunha infraestrutura tecnolóxica, a prestación de servizos integrais para o cidadán, a informatización da administración e o goberno e o fomento da cultura informática, da industria nacional das TICs e da investigación, desenvolvemento e asimilación de tecnoloxías de avanzada. Neste mesmo nivel República Dominicana define obxectivos tales como a promoción do desenvolvemento do e-Goberno nos ámbitos de decisión do sector público, o impulso da capacitación dos empregados públicos no uso das TICs, a difusión das mellores prácticas en materia de e-Goberno e a racionalización dos investimentos e gastos do sector público nas TIC. Os obxectivos uruguayos enfócanse no desenvolvemento da infraestrutura, a equidade e a inclusión social, así como a transformación do estado, a cultura, a educación e a xeración de coñecemento, e a integración e inserción rexional.

Moitos destes obxectivos e liñas de acción concretáronse no deseño de portais gobernamentais. Pode considerarse que dos países analizados neste

parágrafo os que acadaron un maior desenvolvemento neste propósito son Arxentina ([www.argentina.gov.ar](http://www.argentina.gov.ar), [www.argentinacompra.gov.ar](http://www.argentinacompra.gov.ar)), Brasil ([www.brasil.gov.br](http://www.brasil.gov.br)), Chile ([www.estado.cl](http://www.estado.cl), [www.gobiernodechile.cl](http://www.gobiernodechile.cl)), México ([www.innova.presidencia.gob.mx](http://www.innova.presidencia.gob.mx), [www.presidencia.gob.mx](http://www.presidencia.gob.mx)) e Perú ([www.perugobierno.gob.pe](http://www.perugobierno.gob.pe)). Aínda que con diferentes gradacións nestes portais apréciase algún grao de diferenciación e segmentación dos seus usuarios e destinatarios, especialmente nos temas relacionados con transaccións económicas. Tamén existen servizos de portelo único que permiten re-alizar transaccións completas en liña. Así mesmo, aínda que non en todos con igual magnitude, proporciónase contacto cos funcionarios ao incluír directorios, enquisas e outras modalidades que permiten realizar críticas, suxestións, expresar dúbidas, peticións ou comentarios e avaliar as propias webs. Todos ofrecen información sobre plans de desenvolvemento e proxectos gobernamentais e permiten enlaces con páxinas web do resto das dependencias do estado. Kaufman (2003) concluíu que os máis avanzados neste campo eran Brasil e Chile, aínda que debe considerarse que os actuais desenvolvementos de Arxentina, cun nivel alto de transaccións completas en liña e facilidades de interacción coa administración, a sitúan na dianteira (Altamira, 2006). Dentro deste primeiro grupo pode observarse que México e Perú se desmarcan nalgunha medida dos desenvolvementos máis importantes pois non chegan ao nivel de especialización acadado polos portelos de Chile, Brasil e Arxentina.

Nos países que restan aprécianse desenvolvementos desiguais. República Dominicana conta cun conxunto de páxinas web de diferentes entidades do Estado ([www.dgii.gov.do](http://www.dgii.gov.do), [www.see.gob.do](http://www.see.gob.do), [www.jce.do](http://www.jce.do), [www.sivucex.gov.do](http://www.sivucex.gov.do), [www.optic.gob.do](http://www.optic.gob.do)), non sempre interconectadas, que ofrecen consultas e trámites, así como información e transaccións en temas aduaneiros e de pagos do sistema de contribucións. Existe tamén un sistema de portelo único para o comercio exterior, e dúas liñas directas de interacción coa administración. Costa Rica ofrece no seu portal ([www.casapres.go.cr](http://www.casapres.go.cr)) información sobre o seu sistema de avaliación, proxectos de lei, noticias de prensa, plans de desenvolvemento sectoriais e metas da administración. Recentemente se lanzou un portal de compras no que se poden realizar transaccións electrónicas a través dun portelo único. Cuba conta co portal do cidadán (<http://www.ciudadano.cu>) dende o cal é posible localizar información relativa a numerosos trámites e sobre documentación necesaria para executalos.

Todas estas iniciativas fóronse referendando coa promulgación dun marco de regulación que as sustentou e impulsou.<sup>4</sup> Pode considerarse que a normativa máis estendida na rexión é a relacionada coa sanción da sinatura dixital pois, con excepción de Cuba, todos os países analizados contan con re-



gulacións establecidas ao respecto. Así mesmo, en todos estes países aprobáronse normativas relacionadas coa seguridade da información e a protección da veracidade da mesma.

Consonte con estes desenvolvementos lexislativos e en estreita relación coa complexidade de garantir o acceso á información no ambiente dixital e cos propósitos enunciados para o goberno electrónico de potenciar novas formas de relación co cidadán, varios países da área aprobaron leis de dereito de acceso á información. Entre os países analizados as ditas leis promulgáronse en Chile, México, Perú, República Dominicana, Uruguay e Brasil.

O desenvolvemento destas iniciativas de goberno electrónico na América Latina e o Caribe provocou un incremento considerable do volume de información xerada por aplicacións electrónicas. Consecuentemente esta debe ser mantida e preservada por sistemas arquivísticos para garantir o seu acceso e uso por parte dun número tamén crecente de cidadáns, que se ven obrigados a interactuar coas súas administracións a través destes medios electrónicos. Iso supón a aparición de novas responsabilidades e dun novo escenario de actuación para os arquivistas da rexión.

### **O acceso á información na Arquivística**

Cara ao final da década de 1980 e especialmente no mundo anglosaxón emerxen importantes puntos de vista dentro do pensamento arquivístico que falan dun novo paradigma *postcustodial*, social, (Cook, 1997) postmoderno, (Thomassen, 1999) informacional, (Ribeiro, 2001) ou simplemente dun cambio de paradigma. No centro destas ideas renovadoras colócanse significativas exploracións teóricas arredor das novas e complexas realidades dixitais, especialmente aquelas relacionadas coa natureza e funcionalidade do documento arquivístico. (Bearman, 1994; Upward, 1996; McKemmish, 2001; Duranti, 2002, 2005) Estas exploracións teóricas foron definitivas para articular un conxunto de debates arredor de temas centrais na arquivística tales como a xestión de información como evidencia, os modelos teóricos para a xestión de documentos, os modelos para a súa custodia e a valoración documental.

Respecto a esta última a renovación teórica, sustentouse na idea de que os métodos de valoración arquivísticos empregados ate ese momento, baseado nas propostas de Schellenberg sobre a selección de documentos de valor permanente de acordo ao seu contido, impedían que os documentos atesourados nos arquivos reflectisen de forma adecuada a complexidade e diversidade da sociedade que os creaba e da cal eles eran evidencia. As críticas á valoración arquivística tradicional, representadas nas voces de Booms, Samuels, Eastwood e Cook, entre outros, coincidiron na necesidade de en-

focarse no contexto evidencial dos documentos favorecendo unha metodoloxía de investigación contextual que amosara o vínculo indisoluble destes coa sociedade, posibilitando así que os arquivos atesouraran un tipo de información que reflectise mellor as funcións da sociedade e en especial a multiplicidade de interrelacións sociais. O enfoque canadense dos “arquivos totais” e especialmente a metodoloxía da macrovaloración resultante destas ideas concéntrase en, como apunta Cook:

...avaliar o valor social do contexto funcional-estrutural en que os documentos son creados e usados polos seus creadores, e a relación dos cidadáns, os grupos, as organizacións (o público) con ese contexto funcional estrutural. (...) Supón unha teoría para determinar o valor dos documentos e unha nova práctica (estratexias, metodoloxía, e criterios) para implementar esa teoría de determinación do valor. (Cook, 2005, 101).

Estes puntos de vista, en última instancia, enfócanse na idea da responsabilidade dos arquivistas e dos arquivos en facilitar o acceso a un tipo de información ou a contidos diferentes dos que tradicionalmente se atesouraban nos arquivos e que coincidían case exclusivamente cos rexistrados nos documentos oficiais gobernamentais. É dicir, a súa novidade estaba precisamente na diversidade de información á que permitiría acceder o uso destas metodoloxías. No entanto, dende o noso punto de vista, estes achegamentos non abordaron con suficiente profundidade a perspectiva do usuario desa información como suxeito social do proceso de transmisión da mesma. Estas propostas continuaron respectando a tradicional noción do acceso na arquivística, que como apuntan Jardim e Fonseca (2004, 6):

...tende a estar máis relacionada cos atributos do arquivista e os deberes dos arquivos [para facilitar o acceso á información] que cun proceso de transferencia de información que envolve necesariamente a participación do usuario.

Unha mirada á literatura arquivística amosa a escasa abordaxe que tivo o acceso e o uso dos documentos dende a perspectiva do usuario nesta ciencia. Barata, citada por Jardim e Fonseca (2004), apunta que apenas o 2,8% dos estudos RAMP publicados ate ese momento se referían a estes temas. Esta ausencia faise visible tamén na análise de Couture (2001) sobre o estado da arte da educación e a investigación en arquivística. A consulta das táboas 5 e 10 dese traballo amosa a ausencia do tratamento de temas relacionados co acceso e uso da información, pois os campos máis atendidos pola arquivística relaciónanse coa súa noción como profesión e disciplina, a histo-

ria dos arquivos, as TICs aplicadas á xestión de documentos, a diseminación, a valoración e a preservación.

Un traballo máis recente amosa similares resultados. Kim e Lee (2004), ao analizar a emerxencia da estrutura intelectual dos estudos arquivísticos conclúen que estes se enfocan en temas relacionados cos documentos electrónicos, as bibliotecas dixitais (DL) e a xestión de información e documentos. No caso das DL aparece un *cluster* que se enlaza cos ambientes de aprendizaxe, aínda que a súa relación coa arquivística se traduce novamente nun dos seus tradicionais procesos de tratamento, a creación de instrumentos de descrición (Kim y Lee, 2004, Figura 1, cluster 23). Así mesmo, só un artigo dos analizados se refire aos estudos de usuarios, aínda que enfocado nas necesidades puntuais de xestión do correo electrónico.

Unha situación similar descubren Jardim e Fonseca (2004) ao analizar o tratamento do tema en varios textos —algúns deles importantes para a formación en arquivística en América Latina—, nos que ou non se aborda o tema (Couture e Roussaeu, 1982; Lodolini, 1993; Malheiro, 1998), ou se aborda dende os servizos arquivísticos (Schellenberg, 1958; Heredia, 1993; Alberch, 2003), ou se explica a diversidade deste nas últimas décadas nas institucións arquivísticas tradicionais (Cruz Mundet, 1994). Jardim e Fonseca (2004) apuntan outro dos problemas tradicionais respecto ao usuario no ámbito da arquivística, a escasa análise destes nas fases activas e semiactivas do ciclo de vida do documento arquivístico, aspecto que se torna especialmente sensible nos ambientes dixitais onde parece que se desdébuxan as fronteiras entre os usuarios dos servizos de información e os cidadáns en xeral. No entanto, na nosa opinión, a influencia das TICs contribuíu a reforzar eses puntos de vista tradicionais da arquivística. O impacto da chamada *revolución da información electrónica* (Bearman, 1994) provocou unha fonda diversificación das formas documentais e facilidades de manipulación, transformación, transporte e reprodución dos documentos, así como a fragilidade e rápida obsolescencia dos sistemas que os producen e almacenan, facéndose extraordinariamente vulnerable tanto o acceso aos documentos mesmos, como o mantemento da súa capacidade de rexistrar información verza, confiable, auténtica e íntegra. Iso conduciu a poñer énfase na relación entre a necesidade de garantir o acceso á información no ambiente dixital cos propósitos de responsabilidade, transparencia e rendición de contas dos gobernos. En tal sentido, Cunningham (2005, 303) subliña que para acadar tales propósitos administrativos no ambiente dixital:

... a evidencia das decisións e actividades gobernamentais, incluíndo aquelas en liña, debe ser capturada e preservada nunha forma accesible para todo o tempo en que esta se necesite, incluso indefinidamente.

Agora ben, os complexos e descoñecidos escenarios que orixinan as iniciativas de goberno electrónico, así como os desenvolvementos no ámbito da arquivística, e a súa insuficiente abordaxe dos temas relacionados co acceso á información e aos usuarios, reforzan a necesidade de contar con arquivistas capacitados para desenvolver habilidades que lles permitan, ao mesmo tempo, realizar as súas funcións tradicionais e enfrontar os retos que demanda a nova realidade.

### **Formación superior en arquivística en América Latina e alfabetización informacional**

En América Latina existen arredor de 75 escolas con programas coñecidos en Bibliotecoloxía e Ciencias da Información, 35 deles de licenciatura, onde se abordan dunha forma ou outra contidos relacionados coa arquivística (Ramírez, 2000; Rodríguez, 2007), sen embargo os estudos de formación superior universitaria (licenciatura) en Arquivística, nos que nos enfocaremos, non son tan numerosos. Estes sitúanse en só seis países da área: Argentina, Brasil, Costa Rica, Colombia, Uruguay e Venezuela (Mendoza, 2008).

Mendoza (2008) realiza unha exhaustiva análise comparativa dos contidos dos plans de estudo en arquivística na América Latina e o Caribe, que nos permitiu examinar o grao de representación dos coñecementos relacionados co acceso e uso da información nos mesmos. Como punto de partida para este exame podemos dicir que os coñecementos mellor representados nos plans de estudo da rexión son os pertencen ás seguintes categorías: Teoría Arquivística, Xestión Documental e Administración de Arquivos, Metodoloxía da Investigación, Procesos Arquivísticos, Usuarios da Información, Preservación e conservación, Tipos de arquivos, Paleografía e Diplomática, Historia e Historia das Institucións, Lexislación, Dereito e Tecnoloxías.

As materias relativas á Teoría Arquivística impártense baixo esta mesma denominación en Arxentina e Costa Rica. En Uruguay e Venezuela atópase baixo o nome de Introducción á Arquivoloxía. Brasil dálle un carácter máis xeral denominándoa Introducción ás Ciencias da Información.

A tradicional división da Arquivística en Xestión Documental e Administración de Arquivos áchase presente nestes plans de estudo. Nos casos de Colombia, Costa Rica e Venezuela introdúcese a primeira e Uruguay opta pola segunda.

Os temas relacionados coa Metodoloxía da Investigación forman parte dos plans de estudo de Arxentina, Venezuela e Uruguay, coa denominación de Metodoloxía da investigación Social, e en Colombia como Investigación en Ciencias da Información e Métodos de Investigación. Brasil incluíu Métodos cuantitativos en Ciencias da Información.

No caso de Procesos Arxivísticos baixo esta denominación se agrupan un conxunto de materias relacionadas cos procesos de tratamento dos documentos ou procesos de organización e representación da información. En Arxentina aparecen no seu plan de estudos baixo as denominacións de Clasificación e Ordenación Documental, Técnicas de Selección Documental, Descrición Documental, Obradoiro de Técnicas descritivas, Xestión e Marketing Arxivístico. En Brasil existen Producción Documental, Clasificación e Organización Documental, Normalización Documental, Análise Documental, Descrición Documental e Organización e Métodos en Arquivos. Costa Rica conta con Clasificación e Ordenación Documental, Valoración, Selección e Eliminación, Descrición e Difusión de Arquivos. Colombia presenta Clasificación Documental, Linguaxes Documentais, Desenvolvemento de Coleccións, Valoración Documental e Análise Documental. En Uruguy existen Selección, Clasificación e Ordenación Documental e Descrición. En Venezuela, Procesos Técnicos en Arquivos, Indización e Condensación, Selección de Documentos.

A Preservación e Conservación aparece como parte dunha soa materia nos plans de Arxentina, baixo a denominación de Preservación e Conservación de Documentos; Colombia, onde a chaman Preservación e Conservación Documental; e Uruguy baixo Conservación e Restauración de Documentos. Só en Costa Rica (Conservación) e en Venezuela (Conservación do Patrimonio Documental) achamos a materia de forma independente.

Algúns plans de estudo introducen materias que se enfocan en determinados tipos de arquivos, tendo en conta o ciclo de vida dos documentos (Arquivos Administrativos e Arquivos Históricos en Uruguy; Arquivos Administrativos e Históricos en Arxentina; Arquivos Correntes ou Intermedios e Arquivos Permanentes en Brasil), ou de acordo ao tipo de soportes que xestionan (Arquivos de Imaxe e Son, Arxentina; Documentación Audiovisual en Brasil). Así mesmo, Colombia conta cunha materia que aborda os Arquivos Especializados e Empresariais.

Materias como Paleografía e Diplomática aparecen nos plans de estudo de Arxentina e Brasil (ambas) e en Costa Rica (só a segunda).

En todos os países inclúense materias relacionadas coa a Historia e a Historia das Institucións. No caso de Arxentina, Institucións Hispanoamericanas, Institucións Arxentinas. En Brasil, Historia da Cultura e Historia de Brasil. En Costa Rica, Historia das Institucións, Historia Contemporánea de Costa Rica. En Colombia, Historiografía. En Venezuela, Historia dos Arquivos e as Bibliotecas e en Uruguy, Historia Institucional do Uruguy.

Estudo da Lexislación ou de Lexislación Arxivística inclúense nos plans de Arxentina, Colombia, Costa Rica e Venezuela.

Os temas relacionados co Dereito inclúense en Arxentina (Dereito Constitucional e Administrativo) e en Brasil (Introdución ao Dereito Público e Privado e dereito Notarial).

No caso das materias relacionadas coas tecnoloxías, tan necesarias para abordar os temas relacionados co goberno electrónico, existen diferentes denominacións e graos de profundidade na súa atención. Arxentina, Uruguay e Venezuela só contan cunha asignatura deste tipo nos seus programas, Procesamento de Datos ou Introdución ao Procesamento Automático de Datos. Costa Rica, conta con dúas: Introdución á Informática Documental e Aplicacións Informáticas para os Arquivos), ao iguala que Colombia con Teoría Xeral de Sistemas, Bases de datos, Tecnoloxías de Redes. O plan de estudo de Brasil resulta ser o máis completo pois inclúense materias tales como Introdución á Ciencia da Computación, Redes de Computadoras e Internet, Arquitectura da Información Dixital, Automatización en Arquivos e Xestión Electrónica de Documentos.

Só dous países inclúen nos seus plans de estudos materias relacionadas cos usuarios da información, son os casos de Costa Rica, que imparte a materia de Estudos sobre Usuarios da Información, e Venezuela, que ofrece Usuarios e Servizos nas Unidades de Información. É significativo que estes contidos aparezan nas dúas carreiras que comparte os estudos arquivísticos cos de Bibliotecoloxía.

Así mesmo existe un grupo pequeno de materia moi relacionadas coa realidade contextual dos plans de estudo que non consideramos necesario observar aquí.

### ■ Alfabetización informacional

Os estudos de alfabetización informacional chegaron ao terreo das ciencias da información sobre a década do 70 do século XX, procedentes dos campos da xestión empresarial e os recursos humanos, así como das áreas de converxencia entre a pedagogía, a didáctica, a psicoloxía educativa e a socioloxía. (Malheiro, 2008). No ámbito bibliotecario transitouse paulatinamente dos tradicionais servizos de información de usuarios cara os chamados programas de alfabetización informacional, que facilitan a adquisición por parte dos usuarios de habilidades e destrezas para afrontar os novos escenarios de información no medio dixital. O enfoque inicial, dende a perspectiva do sistema ou centrado nos servizos, adoitaba deixar ao usuario ao final do proceso da información como un consumidor pasivo, cuxas características sociais se consideraban nun sentido restrinxido. En contraste a alfabetización informacional parte de recoñecer o papel activo do usuario neste proceso, non só no uso, senón tamén na organización e representación da

información, escenario no cal é necesario sumar ás súas características socio-demográficas as psicolóxicas, de conduta e cognitivas.

Apartándonos do problema terminolóxico de cómo traducir<sup>5</sup> o termo en inglés *Information Literacy*, o concepto alfabetización informacional (ao que se fixo equivaler<sup>6</sup>) foi utilizado por vez primeira por Zurkowi en 1974, que salientando nas habilidades tecnolóxicas dos usuarios os definiu como *técnicas e habilidades para utilizar a ampla gama de ferramentas de información así como as fontes primarias adecuando as solucións de información aos seus problemas* (Zurkowski, 1974).

No entanto, ao igual que no caso das definicións de goberno electrónico apuntadas arriba, a súa definición evolucionou ate enfocarse nas persoas e nas súas habilidades cognitivas. A presentada en 1989 pola *American Library Association* (ALA) define alfabetización informacional como *a habelencia de recoñecer cando se necesita información, así como a capacidade para localizala, avaliála e utilizala con efectividade*.

Andersen (2006) no seu traballo *A esfera pública e as actividades discursivas: alfabetización informacional como habelencias sociopolíticas*, argumenta amplamente que o grado de alfabetización informacional é unha cuestión fundamental na habelencia das persoas para actuar socialmente e define a alfabetización informacional como *as habelencias e competencias na busca, avaliación, utilización e selección de información relevante* (Andersen, 2006, 214). En consecuencia celebra o punto de vista de Bruce (1997, 12) que especifica que a alfabetización informacional como:

a habelencia de acceder, avaliara e usar información, como unha amalgama de habelencias, actividades e coñecementos (...) que entraña o desenvolvemento dunha actividade crítica perante a información...

Por outra parte Malheiro (2008, 31) advirte que os achegamentos á alfabetización informacional apuntan a un problema teórico novo e inspirador para as ciencias da información, o da transición entre o paradigma custodial e o postcustodial respecto á mediación informacional. A "mediación custodial" implicaba a determinación da información que o usuario "necesitaba" a partir da intervención das institucións de información característica da modernidade, arquivos, bibliotecas, museos, centros de información, e en última instancia dos seus profesionais, participando no acceso dos usuarios á mesma. A "mediación post-custodial", cuxo escenario é esencialmente a complexidade das redes de información, presenta características novidasas que é preciso atender e estudar, pois pode ocorrer de forma *deslocalizada e dispersa, institucional, colectiva, de grupo, persoal e incluso anónima, inter-*

*activa e colaborativa* e na que os procesos *interactivos, colaborativos, sociais, de participación cívica, espontánea e militante* tórnase determinantes para garantir a participación cidadá no goberno electrónicos.

Os estudos de alfabetización informacional produciron estándares como as Normas sobre Alfabetización no Ensino Superior aprobadas no 2000 pola *Association of College and Research Libraries/American Library Association* (2000). Estas introduciron un conxunto de indicadores e resultados observables que deben ser tidos en conta nos plans de estudos superiores para lograr estudantes alfabetizados informacionalmente. Sen dúbidas unha parte dese coñecemento debe ser aproveitado nos sistemas arquivísticos, pero outra debeu e debe ser producida dentro do campo da arquivística, de acordo cos seus principios de organización e representación da información e á cultura e características dos usuarios. Ante a necesidade de tales propósitos debe prestarse atención á advertencia de Malheiro (2008, 20) respecto ao uso dos estándares pois no actual paradigma postcustodial estes poden *violentar ou inhibir a expresión de necesidades e a liberdade creativa dos usuarios*.

No entanto, en contraste coa Bibliotecoloxía e a Ciencia da Información a produción de literatura sobre alfabetización informacional no ámbito da Arquivística non foi abundante. Unha busca nas prestixiosas revistas *Archivaria* e *Archival Science* non ofreceu ningún resultado relevante. A consulta da colección de revistas de ciencias da información situadas en Emerald permitiu-nos acceder a un número reducido de artigos (arredor de 15) publicados en revistas que puidesen non considerarse dentro da corrente principal en Arquivística e que no entanto, abordan o tema da alfabetización informacional nesta ciencia dende diferentes aristas. Estas revistas foron *OCLC Systems & Services, Journal of Documentation, Reference Services Review, Library Review, Performance Measurement and Metrics, New Library World* e *Asian Libraries*.

No dominio da Arquivística, a maioría dos casos de implementación de programas de alfabetización informacional aplicouse no contexto da educación superior para estudantes en Ciencias Sociais, Historia ou Medicina. (Yakel, 2004; Stephenson e Schifter, 2007; Yakel e Tibbo, 2010) Estes tiveron como obxectivo asegurar o desenvolvemento de habilidades nos estudantes/usuarios para seleccionar e avaliar información como evidencia provinte de coleccións de documentos de valor permanente. Para denominar este tipo de estudos Yakel (2004) utiliza a terminoloxía de "*information literacy for primary sources*" (alfabetización informacional para fontes primarias). O uso deste termo suxire que estes estudos de alfabetización informacional enfocáronse en usuarios investigadores, ou sexa, na *archival researcher education* que enuncia Yakel (2004), é dicir, naqueles usuarios que tradicionalmente



atenderon a Arquivística en tanto considerou o documento, retrospectivamente dende o usuario, como fonte para a investigación e non dende a perspectiva do creador como evidencia de actos ou transaccións da sociedade. (Duranti, Eastwood, e MacNeil, 2002)

Outros estudos de alfabetización informacional aplicados á Arquivística dedicáronse ao establecemento de axendas de investigación do tema na disciplina ou no espazo interdisciplinar das ciencias da información. Para aqueles que consideran a Arquivística unha ciencia converxente nas ciencias da información, a alfabetización informacional pertence á área do comportamento informacional, que é pola súa vez unha das tres áreas que comparte matriz interdisciplinar. (Malheiro, 2008, 19)

Atendendo ás necesidades do goberno electrónico dende o recoñecemento de que este non constitúe en si mesmo obxecto central de análises por parte da Arquivística, resulta imposible desasociar a aplicación das TICs, e as competencias técnico-cognitiva necesarias para lidar con elas, das competencias informacionais que require o usuario/cidadán para interactuar co sistema arquivístico. O goberno electrónico forza a millóns de cidadáns a utilizar as tecnoloxías para atender as súas necesidades de comunicación coa administración. Iso convérteos, ate certo punto, en usuarios cativos dos sistemas arquivísticos nos que se deseñan, se crean e manteñen os documentos onde se rexistra a dita comunicación. Como xeneralidade este conxunto heteroxéneo e significativamente voluminoso de usuarios, presenta características máis complexas e difíciles de tratar que aqueles atendidos polos sistemas arquivístico en ambientes tradicionais. A necesaria mediación de artefactos tecnolóxicos para o acceso á información no ambiente dixital, ante a imposibilidade humana de decodificar o novo modelo simbólico de rexistro da información, provoca un profundo impacto cultural na "xente" que, como consecuencia da expansión das TICs en todas as esferas da vida necesita novas habelencias e destrezas para solucionar problemas da súa vida cotiá doméstica, laboral e na súa imprescindible interacción co administración, baixo un novo modelo comunicacional. Entón a propia forma de interacción goberno/administración pública-usuario/cidadán, no caso das iniciativas de goberno electrónico, cos seus propósitos declarados de participación, responsabilidade, transparencia, necesitan ser pensadas non só dende solucións tecnolóxicas que contribúan a tales propósitos senón con enfoques que teñan en contar o grado de habelencia e destreza do usuario/cidadán para interactuar e participar.

Outro elemento que non se atende debidamente nestas abordaxes é que o funcionario encargado de utilizar as diferentes aplicacións tecnolóxicas debe ser asumido como un usuario con problemáticas similares ao cidadán en

relación coa adaptación ao cambio que implican as TICs no entorno laboral cotián. Nestes contextos, mediados polas tecnoloxías, non basta con ofrecer acceso á información pois como apunta con precisión Rader (2000, 209) *facilitar a información non é suficiente. A clave está en facela útil.*

Nesta relación de comunicación cidadá-administración superpóñense o sistema arquivístico e o sistema político, así como os conceptos de cidadán e usuario, por tanto a responsabilidade pola alfabetización informacional destes non é exclusiva do sistema arquivístico. Trátase entón de coñecer cal é a contribución que os arquivistas poden e deben facer na formación dunha cidadanía letrada en cuestións de identificación, selección e uso de documentos arquivísticos veraces, confiables e auténticos, nos seus contextos de creación.

Outra perspectiva que relaciona de forma directa os sistemas arquivísticos co goberno electrónico e a alfabetización informacional dos usuarios/cidadáns é a da preservación no medio electrónico. En varias ocasións estableceuse que para a preservación dos documentos electrónicos é necesario que o arquivista interveña en todas as fases da vida do documento, especialmente incluída a de creación dos documentos, participando no deseño de documentos e sistemas. O deseño dos documentos non só debe ter en conta as funcionalidades do documento, senón a cultura organizacional en que este existe, e as características dos seus usuarios. Aínda que o deseño deste é determinado en gran medida por asuntos de carácter externo ao sistema arquivístico (o sistema xurídico, por exemplo), determinados deseños entrañan decisións de uso que requirirán capacidades por parte dos usuarios para poder lidar con esa documentación.

A análise no parágrafo anterior dos plans de estudos superiores en Arquivística en América Latina amosa a pouca presenza e profundidade coa que nos mesmos se abordan os temas relacionados coas TICs, o acceso e uso á información e o tratamento dos usuarios. Iso, xunto ao establecemento de prácticas de goberno electrónico na rexión, debe motivar unha reanálise dos ditos plans de estudo que permita aos arquivistas atender ás novas realidades sociais. Dende o noso punto de vista os profesionais da Arquivística deben posuír competencias para determinar que habilidades e destrezas necesita o usuario/cidadáns que lles permitan desenvolverse co conxunto da produción documental xerada polas prácticas de goberno electrónico e para exercer os seus dereitos de acceso á documentación pública producida e mantida en ambientes dixitais. A alfabetización informacional nos plans de estudo de Arquivística na rexión non só debe enfocarse cara a formación de arquivistas alfabetizados informacionalmente, tamén deberá atender a formación de arquivistas capaces de fomentar habilidades de alfabetización informacional nos seus usuarios.

Para establecer as habelencias necesarias enunciada no primeiro punto (arquivos alfabetizados informacionalmente) existen un conxunto de estándares internacionais que, como xa se apuntou axudan, utilizándoos con sentido crítico, a determinar indicadores e resultados que deben terse en conta nos plans de estudos de formación superior. Para as competencias respecto á alfabetización informacional de usuarios deberá prestarse especial atención aos resultados das axendas de investigación emprendidas no ámbito das ciencias da información na actualidade. No entanto, consideramos que un conxunto de habelencias e destrezas que deberán estar necesariamente presentes deben enfocarse en:

- a creación e o mantemento de información veraz, confiable, auténtica e accesible;
- a capacidade de avaliar a inclusión no deseño de sistemas de xestión documental aspectos que faciliten a participación cidadá, a transparencia, a responsabilidade e rendición de contas por parte dos gobernos;
- a capacidade de avaliar información que reflicta actividades sociais relacionadas coa participación cidadá.

### **Conclusión**

A emerxencia de iniciativas de goberno electrónico na América Latina e o Caribe durante os últimos vinte anos supuxo a aparición dun número crecente de aplicacións electrónicas que xeran importantes volumes de información dixital. Iso supón a aparición dun novo escenario de actuación para os arquivos da rexión e novas responsabilidades fronte aos cidadáns. A insuficiente abordaxe dos temas relacionados co acceso e uso á información e os usuarios nos plans de estudos superiores de Arquivística na área, reflexo pola súa vez do estado de desenvolvemento desta ciencia, favorece a introdución da alfabetización informacional con propósitos de formar arquivos alfabetizados informacionalmente e preparados para fomentar habelencias de alfabetización informacional no seus usuarios.

## Bibliografía

- ACRL. "Information Literacy Competency Standards for Higher Education". Association of College and Research Libraries. 2004. Consulta: 02-09-10  
URL: <http://www.ala.org/ala/mgrps/divs/acrl/standards/informationliteracycompetency.cfm#ilhed>.
- ALTAMIRA, Matías. "El Gobierno Electrónico en la República Argentina". En: IV Congreso Latinoamericano de Derecho Informático, Lima, Perú. 2006.
- ANDERSEN, Jack. "The public sphere and discursive activities: information literacy as sociopolitical skills". En: *Journal of Documentation*, 2006, v. 62, n. 2, pp. 213-228
- BEARMAN, David. *Electronic evidence: strategies for managing records in contemporary organizations*. Pittsburgh: Archives & Museum Informatics, 1994.
- BENITO MORALES, Félix. "Nuevas necesidades, nuevas habilidades. Fundamentos de la alfabetización en información." En: Gómez Hernández, José. A.; Estrategias y modelos para enseñar a usar la información. Murcia: KR. 2000.
- BRUCE, C. "The relational approach: a new model for information literacy". En: *New Review of Information and Library Research*, 1997, n. 3, 1–22.
- CAMPOS RAMÍREZ, Jafeth. "Los estudios de usuarios y los archivos: una alianza estratégica." En: *Revista Códice*, 2009, enero – junio, v. 5, n.1, pp. 13-37
- COOK, Terry. "What is Past is Prologue: A History of Archival Ideas Since 1898 and the Future Paradigm Shift". En: *Archivaria*, 1997, n. 43, pp. 17-42
- COOK, Terry. "Macroappraisal in Theory and Practice: Origins, Characteristics, and Implementation in Canada, 1950–2000". En: *Archival Science*, 2005, Volume, 101-161.
- COUTURE, Carol. "Education and Research in Archival Science: General Tendencies." En: *Archival Science*, 2001, n. 1, pp.157–182
- COUTURE, Carol; ROUSSEAU, Jean-Yves. *Les archives au XXe siècle*. Montreal, Canadá: Université de Montréal, 1982.
- CUNNINGHAM, Adrian. "Accountability and accessibility: ensuring the evidence of e-governance in Australia." En: *Aslib Proceedings: New Information Perspectives*, 2005, v. 57, n. 4, pp. 301-317
- DURANTI, Luciana; EASTWOOD, Terry; Macneil, Heather. *Preservation of the integrity of electronic records*. Dordrecht: Kluwer Academic Publishers, 2002
- DURANTI, Luciana, ed. *The long term preservation of authentic records: findings of the InterPARES Project*. Italia: Archilab. 2005
- GASCÓ, Mila. "New technologies and institutional change in public administrations." En: *Social Science Computer Review*, 2003, v. 21, n. 1, pp. 6-14.
- GÓMEZ HERNÁNDEZ, José A.; BENITO MORALES, Félix. "De la formación de usuarios a la alfabetización informacional. Propuestas para enseñar habilidades de información." En: *Scire*, 2001, v.7, n.1, pp. 53-83.
- JARDIM, José Maria; KAHL FONSECA, Maria Odila. *Estudos de usuários em arquivos: em busca de um estado da arte.*" En: *DataGramaZero-Revista de Ciência da Informação*, 2004, v.5, n.5.
- KAUFMAN, Ester. "Panorama latinoamericano de gobiernos electrónicos, modelos existentes." En: *Segundo Congreso Argentino de Administración Pública. Sociedad, Estado y Administración*, 2003, pp. 1-23.
- KIM, Heejung; JAE YUN, Lee. "Exploring the emerging intellectual structure of archival studies using text mining: 2000 – 2004." En: *Journal of Information Science*, 2008, n. 34, pp. 356-359
- LODOLINI, Elio. *Archivística: principios y problemas*. Madrid: ANABAD. 1993
- MALHEIRO DA SILVA, Armando. "Inclusão Digital e Literacia Informacional em Ciência da Informação." En: *PRISMA.COM*, 2008, n.7, pp. 16 – 43
- MAXWELL, Alexander. "Digital archives and history research: feedback from an end-user." En: *Library Review*, 2010, v. 59, n.1, pp. 24-39
- MENDEL, Toby. *El Derecho a la Información en América Latina Comparación Jurídica*. Quito, Ecuador: Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura. 2009.
- MENDOSA NAVARRO, Aida Luz. "La realidad latinoamericana en gestión de documentos electrónicos". En: *Administración de documentos y Servicios a la ciudadanía en la administración electrónica*. 2006.
- "Hacia la homologación de los planes de Estudios de archivística en América latina." En: *Competències Professionals*. 2008. p. 137 – 194
- MCKEMMISH, Sue. "Placing records continuum theory and practice." En: *Archival Science*, 2001, n.1, pp. 333-359.
- NACIONES UNIDAS. *World Public Sector Report 2003. e- Government at the Crossroads*. Nueva York. 2003
- ORREGO, Claudio; ARAYA, Rodrigo. "Internet en Chile: oportunidad para la participación ciudadana." Consulta: 02-09-10  
URL: <http://www.desarrollohumano.cl/textosotraspub/Pub07/internet.pdf>
- RADER, Hannelore B. "Alfabetización informacional en el entorno del servicio de referencia: preparándonos para el futuro." En: *Anales de Do-*

- cumentación, 2000, n. 3, pp. 209-216.
- RAMÍREZ LEYVA, Elsa M. "Investigación bibliotecológica y desarrollo de la sociedad de la información en América Latina." En: *Revista de Bibliotecología de Brasília*, 1999/2000, v. 23/24, n.3, pp. 309-328.
- REILLY, Katherine; ECHEBERRÍA, Raúl. *El Papel del Ciudadano y de las OSC en el e-Gobierno. Un estudio de gobierno electrónico en ocho países de América Latina y el Caribe*. Asociación para el Progreso de las Comunicaciones (APC), 2003.
- RIBEIRO, Fernanda. "Archival Science and Changes in the Paradigm." En: *Archival Science*, 2001, n. 1, pp. 295-310.
- RODRÍGUEZ GALLARDO, Adolfo. "Library education in Latin America and the Caribbean." En: *New Library World*. 2007. v. 108, n. 1/2, pp. 40-54
- SHAPIRO, Jeremy J.; HUGHES, Shelley K., "Information Literacy as a Liberal Art." En: *Educom Review*, 1996, Mar/Apr, v. 31, n. 2.
- STEPHENSON, Elizabeth; SCHIFTER Caravello, Patti. "Incorporating data literacy into undergraduate information literacy programs in the social sciences. A pilot project." En: *Reference Services Review*, 2007, v. 35, n. 4, pp. 525-540
- THOMAS, James. M.; BENNIS, W. G. (eds). *The management of change and conflict*. Baltimore, Maryland: Penguin, 1972.
- THOMASSEN, Theo. "The development of archival science and its european dimension. The Archivist and the Archival Science. En: *Seminar for Anna Christina Ulfsparré*. Swedish National Archives. 1999, pp. 75-83.
- TORRES MEDINA, María José. *Historia de las telecomunicaciones en Cuba*. Consulta: 02.09.10. URL: [www.ahciet.net/historia/pais.aspx?id=10138](http://www.ahciet.net/historia/pais.aspx?id=10138).
- TRICAS LAMANA, Fernando. "E-servicios, un reto para las administraciones públicas: la transformación de procesos." En: *VII Congreso Internacional del CLAD sobre la Reforma del Estado y de la Administración Pública*. 2002, pp. 22-28
- UPWARD, Frank. "Structuring the records continuum. Part One: post-custodial principles and properties. En: *Archives & Manuscripts*, 1996, v. 24, n. 2, pp. 268-285.
- VIDAL LEDO, María. "Alfabetización digital e informatización de la sociedad. Un reto para el presente. En: *Revista Cubana de Informática Médica*. Consulta: 02.09.10. URL: [www.rcim.sld.cu/revista\\_9/.../alfabetizdigital.htm](http://www.rcim.sld.cu/revista_9/.../alfabetizdigital.htm).
- YAKEL, Elizabeth. *Archives and Manuscripts. Information literacy for primary sources: creating a new paradigm for archival researcher education*. En: *OCLC Systems & Services: International Digital Library Perspectives*, 2004, v. 20, n. 2, pp. 61-64
- YAKEL, Elizabeth; TIBBO, Helen. "Standardized survey tools for assessment in archives and special collections." En: *Performance Measurement and Metrics*, 2010. v.11, n. 2, pp. 211-222
- ZURKOWSKI, Paul G. "The Information Service Environment: Relationships and Priorities", National Commission on Libraries and Information Science, Nov 1974.

## Notas

- <sup>1</sup> Quero agradecer especialmente ás queridas colegas Arien González Crespo, de Cuba, e Aida Luz Mendoza, de Perú pola axuda brindada na preparación deste artigo. Así mesmo, desexo expresar o meu agradecemento aos organizadores do Seminario Internacional "O futuro da memoria: o patrimonio arquivísticos dixital" por ofrecerme a posibilidade de participar no mesmo.
- <sup>2</sup> Unha análise destes modelos pode consultarse en: Ester Kaufman. *Panorama latinoamericano de gobernos electrónicos, modelos existentes*. Segundo Congreso Argentino de Administración Pública. Sociedad, Estado y Administración. 2003
- <sup>3</sup> Unha análise detallada dos obxectivos das estratexias de goberno electrónico na América Latina e o Caribe poden atoparse en Reilly, Katherine e Raúl Echeberría. *El Papel del Ciudadano y de las OSC en el e-Gobierno. Un estudio de gobierno electrónico en ocho países de América Latina y el Caribe*. 2003
- <sup>4</sup> Unha meticulosa análise da lexislación da rexión en materia das TICs pode consultarse en "La realidad latinoamericana en gestión de documentos electrónicos" da avogada e consultora peruana Aida Luz Mendoza Navarro, presentado no evento Administración de documentos e Servizos á cidadanía na administración electrónica. Oviedo, España, en 2006.
- <sup>5</sup> Nota do tradutor: "... de cómo traducir al español...", no orixinal.
- <sup>6</sup> Nota do tradutor: "(al que se hizo equivaler en español)"

# Aspectos legais e arquivísticos da Administración electrónica: o impacto da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos

Daniel de Ocaña Lacal

Corpo Facultativo de Arquiveiros do Estado

## **A Administración electrónica: cuestións xerais**

**Introdución** | As administracións públicas, dende a súa consideración subxectiva como organización, realizan un conxunto de actividades de distinta natureza que, basicamente, se definen arredor dun estatuto constitucional aplicable a todas elas. O artigo 103.1 CE describe a Administración pública —a calquera delas— a partir da finalidade da súa actuación, concretada no servizo aos intereses xerais que debe levar a cabo con obxectividade, eficacia e pleno sometemento ao Dereito (Enciclopedia, 1995, vol I, 338). A eficacia, principio establecido no artigo 103.1 CE, é moi desexable e precisamente as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) poden ser un instrumento definitivo para conseguila. O seu uso pode ser a solución puntual ao problema secular do Dereito Administrativo, o de «atopar o xusto equilibrio entre eficacia e garantía».

Un desenvolvemento tecnolóxico imparabile no ámbito da información, por unha banda, e a extraordinaria incidencia da actividade das administracións públicas na vida dos cidadáns, cada vez máis esixidas en canto a niveis de calidade, de eficiencia, eficacia e transparencia, levou consigo a aspiración a acadar a máxima consecución deses intereses xerais, o cal explica en gran medida —aínda que non só— a importancia dun proceso que se xeneralizou en gran número de países e organizacións supraestatais e que, por canto se refire ás administracións públicas do noso país, aínda que se iniciou xa no último cuarto do século pasado, acelerouse especialmente na última década (Valero, 2003, 6-7)<sup>1</sup>.

En realidade, a *Administración electrónica* é tan antiga como a informática. Dende hai moitos anos, as administracións públicas utilizan ferramentas e medios informáticos para ser máis eficientes. No entanto, hoxe en día, a rápida evolución tecnolóxica e a aposta xeneralizada polas denominadas *Tec-*

*noloxías da Información e do Coñecemento (TIC)* como instrumento de desenvolvemento na chamada Sociedade da Información deron lugar a que, no contexto das administracións públicas, xurda o concepto de *Administración electrónica* como algo diferente, consecuencia da converxencia entre o tecnolóxico e as técnicas clásicas de Administración e que se redefina a si mesmo dependendo do ámbito concreto en que nos movamos (Aibar, 2007)<sup>2</sup>. E-goberno, e-democracia, etc., por analogía cos máis populares *e-commerce* (comercio electrónico), *e-business*, etc., son algunhas das múltiples expresións ao uso, aínda que non existe un consenso claro sobre que se entende exactamente por cada una delas<sup>3</sup>, como tampouco atopamos unha única acepción para outras expresións que, referidas ao ámbito da Administración pública —e indirectamente relacionadas con despregue da Administración electrónica—, afianzáronse cada vez máis, como é o caso do termo *gobernanza* (Cotino, 2005; Aibar, 2007, 30).

Unha definición de Administración electrónica achámola nun dos símbolos da nova cultura dixital, a Wikipedia:

*A e-administración ou administración electrónica refire calquera mecanismo que transforma as oficinas tradicionais, convertendo os procesos en papel en procesos electrónicos, co fin de crear unha oficina sen papeis. Esta é unha ferramenta que se utiliza para mellorar a produtividade e simplificación dos diferentes procesos do día a día que se dan nas diferentes organizacións (E-Administración).*

Xa no ámbito institucional, a Comisión Europea (Comisión) aporta a seguinte definición da Administración electrónica: *uso das tecnoloxías da información e as comunicacións nas administracións públicas, combinado con cambios organizativos e novas aptitudes, co fin de mellorar os servizos públicos e os procesos democráticos e reforzar o apoio ás políticas públicas.*

Esta última definición, ao incluír *procesos democráticos* e políticas públicas, vai máis alá do terreo administrativo e recoñécese mellor no concepto do e-Goberno. No entanto, amósanos que a Administración electrónica é moito máis que o uso da tecnoloxía. É evidente, e a ninguén se lle escapa as dificultades que iso ofrece, que non é cosa unicamente de tecnificar senón de *redeseñar numerosos aspectos do funcionamento das administracións públicas* (reenxeñería de procesos, adaptación de normativas...), así como recoller as transformacións socio-culturais que pode supoñer<sup>4</sup>.

Como se pode ver, a medida que se avanza no seu desenvolvemento o seu obxectivo inicial, a mera oficina sen papeis da que se ven falando dende xa lustros, amplíase á mellora en xeral de servizos e procesos. Xa non se tra-

ta, pois, de tecnificar a xestión administrativa tradicional: trátase de canalizala por enteiro a través de medios electrónicos.

O cambio de perspectiva obedece non só á evolución das TIC, senón tamén a cada vez maior presenza das mesmas no entorno doméstico e á crecente interacción multicanal dos cidadáns coas administracións públicas. Pásase así do tradicional uso interno das ditas tecnoloxías por parte desas administracións<sup>5</sup> á relación electrónica co cidadán e coas persoas xurídicas, públicas e privadas. No caso español, como veremos máis adiante, isto pode apreciarse na evolución normativa a partir da *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común* (en adiante LRPAC) e ata a recente *Lei 11/2007, de 11 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos* (en adiante LAE), sen esquecer outras normas sectoriais e autonómicas<sup>6</sup>.

Amplíase, por tanto, o contexto en que a Administración electrónica debe ser entendida. En primeiro lugar, é preciso establecer os que son os seus axentes, os protagonistas en maior ou menor medida do seu deseño, desenvolvemento e aproveitamento, pois os seus respectivos estatutos xurídicos e finalidades determinan en gran medida as normas que articularán a nova realidade: Cidadáns e persoas xurídicas privadas como usuarios de servizos, provedores ou suxeitos obrigados, outras administracións públicas... E tamén como se relacionan eses axentes entre si: administracións públicas con cidadáns, administracións públicas con empresas, administracións públicas entre si, cos seus empregados, etc. Identificalos é premisa imprescindible para o regulamento, específico segundo os casos, de aspectos clave como, por exemplo, a respectiva acreditación da identidade ou a autenticación duns e outros nas relacións electrónicas.

En segundo lugar, hai que subliñar que o concepto de Administración electrónica é aplicable a *todas* as administracións públicas, independentemente da súa titularidade; tanto á Administración Xeral do Estado como ás comunidades autónomas, administracións locais, órganos constitucionais, etc. E que, en tanto concepto teleolóxicamente amplo, a Administración electrónica impón a integración, a normalización, a intercomunicación... Nunha soa palabra, a *interoperabilidade*, obxectivo ineludible e, por iso mesmo, perseguido a escala transnacional<sup>7</sup>.

Finalmente, poderíamos establecer unha gran cantidade de clasificacións da Administración electrónica segundo a finalidade que se persiga (por tipos de servizo segundo o grao de interacción, segundo a natureza da transacción, o canal de comunicación, etc.). Pero, en todo caso e centrándonos no obxecto do noso interese no presente traballo, calquera delas contén sempre un elemento común a todas: A xestión dos documentos administrativos



electrónicos e dos arquivos en que se conserven, ao igual que os xerados por medios tradicionais, é unha función transversal a todos os servizos, transaccións ou axentes e precisa do correspondente marco normativo. Max Weber sinalaba que o modelo de organización burocrática, como sistema que garante a racionalidade fronte a sistemas anteriores, presentaba varias características: carácter legal de normas e regulamentos; carácter formal das comunicacións; racionalidade na división do traballo; impersonalidade nas relacións de traballo; xerarquía; rutinas e procedementos normalizados; competencia técnica e meritocrática, etc. Todas elas supoñen un *sistema técnico documental específico*, baseado no documento nun senso amplo, ben sexa en papel ou electrónico (Aibar, 2007)<sup>8</sup>.

A velocidade case vertixinosa do proceso tamén obriga a formular algunhas preguntas. Por exemplo, se os beneficios que se presumen da Administración electrónica compensan sempre os investimentos a realizar; ou se as enormes vantaxes que se lle supoñen son tales en función dos seus destinatarios reais e non potenciais; preguntarse tamén se tales melloras non puidesen verse, nalgún caso, magnificadas polo sector empresarial máis directamente beneficiado polos ditos investimentos, que non dubida incluso en apelar a sentimentos ecoloxistas. Ou se, por exemplo, cando dende instancias políticas se fala da mellora que a Administración electrónica suporá en materia de transparencia, temos claro o concepto e o alcance de tal expresión. Sería pois necesario calcular a proporción entre beneficios e custes e o resultado final, o que non é sinxelo porque non todos os elementos da ecuación son doadamente computables. En todo caso, sempre haberá que ter presente o rango constitucional do principio de eficacia no funcionamento das administracións públicas (Valero, 2003, 8-13).

Non é este, dende logo, o lugar para entra a analizar de forma global beneficios, custes e retos a superar. O obxecto da nosa atención son os arquivos e os documentos electrónicos e, máis especificamente, *a relación entre problemas técnicos e necesidades xurídicas a satisfacer*; isto é, esixencias cualificadas por motivos de legalidade nas relacións xurídico-administrativas. Significativamente, os problemas derivados do *recoñecemento xurídico do documento electrónico* mercé ao cumprimento de requisitos respecto da súa integridade, inalterabilidade, autenticidade e conservación. Iso leva canda si a necesidade de intervencións normativas e executivas de grandes proporcións, con numerosos cambios e, incluso, a reconsideración de todo ou parte do Dereito administrativo como concepto<sup>9</sup>. Así, centrarémonos no tratamento normativo dos documentos e arquivos electrónicos nas normas que soportan a armazón da Administración electrónica no noso país.

A modo de inciso, dende ámbitos impulsores da Administración electrónica e, significativamente, empresariais —tamén políticos— argumentouse en ocasións que as ditas normas, aínda que «ben intencionadas, inhiiben a innovación». Sen querer caer no sempiterno complexo de vítimas da profesión, dado que a cuestión do arquivo electrónico, dende a perspectiva normativa, apenas foi abordada ate agora, quizá non estea de máis lembrar que as administracións pública réxense polo Dereito administrativo, aínda que a *fluxida* do mesmo, en acepción moi estendida entre a doutrina, sexa algo frecuente. O equilibrio entre modernización e regulamento do funcionamento das administracións públicas é delicado pero imprescindible. Aínda que deba considerarse a aplicación de determinados criterios propios do sector privado para levar a cabo a súa función máis eficientemente, o dito funcionamento nunca poderá ser equiparable sen máis ao das empresas privadas e se realizará sempre con pleno sometemento ao Dereito. Porque é evidente que o principio constitucional de eficacia non pode entenderse de igual forma nas administracións públicas que no ámbito privado, da mesma maneira os fins non son os mesmos.

Isto ven a conto porque existe toda unha serie de obrigas normativas arredor dos documentos públicos, da súa autenticidade, da súa conservación, xa como *constancia* de dereitos e de deberes, xa como bens do patrimonio documental, pese a que, na voráxine da Administración electrónica, a súa xestión —en definitiva, a do arquivo electrónico— parecía haberse deixado nun certo segundo plano (Software, 2009)...

Por outra parte, non son iguais os riscos que presentan as TIC en comparación cos medios tradicionais en canto á preservación de dereitos relacionados coa información. As aplicacións de Administración electrónica debe protexer os dereitos dos cidadáns relativos á *protección dos seus datos persoais e da súa intimidade* nun entorno aberto (Internet) e non de todo seguro; ou respecto ás consecuencias que para as garantías do cidadán na súa relación coas administracións públicas poidan derivarse da implantación da Administración electrónica e que nos sitúan, entre outras cuestións, ante a denominada *fenda dixital*.

Como se concilie todo isto con políticas de transparencia e, en concreto, co exercicio activo do *dereito constitucional ao acceso a arquivos e rexistros públicos* (art. 105.b da Constitución española) é algo que está plenamente por definir.

### Antecedentes normativos da Administración electrónica

O documento electrónico antes da LAE I En todo documento probatorio é preciso diferenciar a materialidade do soporte, ao que se incorpora unha manifestación de vontade ou a expresión dun feito, e o seu contido. De forma histórica e inevitablemente lóxica, o concepto de documento que viñeron a recoller as nosas leis identificábase, máis que co documento *per se*, co papel e a escritura gráfica. No entanto, a aceptación legislativa dos medios electrónicos abriuse paso dende fai xa longo tempo (considerando que a evolución dos acontecementos relativiza notablemente o senso do adxectivo *longo*).

Unha das pioneiras, aínda que cunha finalidade moi específica, acaba de cumprir silenciosamente un cuarto de século: a *Lei 16/1985, de 25 de xuño, do patrimonio histórico español*, art. 49.1, que contempla os soportes informáticos na súa definición de documento, a cal foi, con maiores ou menores variacións, acollida por outras normas posteriores.

É, no entanto, nos ámbitos tributario ou mercantil e, en xeral, nos de contido fundamentalmente económico-financieiro, onde dende moi cedo e ate hoxe, o documento electrónico foi tomando carta de natureza<sup>10</sup>, aínda que non de forma exclusiva, nin moito menos. Noutros sectores tamén atopamos antecedentes significativos. Así, ademais da mencionada *Lei orgánica do poder xudicial*, a *Lei 10/1995 de 23 de novembro, do código penal* dispón no seu artigo 26: *Para os efectos deste código considérase documento todo soporte material que exprese ou incorpore datos, feitos ou narracións con eficacia probatoria ou calquera outro tipo de relevancia xurídica*.

Esta última cuestión é fundamental para comprender a necesidade de toda a armazón normativa referida á Administración electrónica en xeral e ao documento electrónico en particular. A *admisibilidade do documento electrónico como medio de proba*, en paralelo ao desenvolvemento normativo, tamén foi construíndose dende a xurisprudencia, tendo en conta o principio recollido no artigo 3 do Código civil<sup>11</sup>, *ate declarar a admisibilidade do documento electrónico, e a equiparación do mesmo, a todos os efectos, ao documento tradicional*. A realidade social á que alí se alude viña demandando a recepción do documento electrónico para efectos probatorios fronte á inicial —e lóxica, se se atende ao *state of the art* da tecnoloxía— resistencia dos tribunais<sup>12</sup>. A *STS de 5 de febreiro de 1988, xa sinalaba que*

*...As relacións de medios probatorios das leis de procedemento non teñen o carácter de exhaustivas, en canto configuran unha ordenación acorde co momento en que se promulgan. As innovacións tecnolóxicas —o cine, o vídeo, a cinta magnetofónica, os ordenadores electrónicos, etc.— poden e deben incorporar-*

*se ao acervo xurídico procesual na medida en que son expresión dunha realidade social que o dereito non pode descoñecer.*

En canto ao recoñecemento do documento electrónico, a STS de 3 de novembro de 1997, acetpaba que a problemática dominante en canto ao documento electrónico formúlase en canto a súa admisión e as condicións de *autenticidade, integridade e conservación do mesmo, se ben continuaba afirmando que [estamos] a asistir ao ocaso da civilización do papel... O documento, como obxecto corporal que reflicte unha soa realidade fáctica con transcendencia xurídica, non pode identificarse, xa, en exclusiva, co papel, como soporte, nin coa escritura, como unidade de significación...*

Ademais ao recoñecer esta sentenza o documento electrónico, determina a súa autenticidade *sempre que se asine electronicamente, o que supón, pola súa vez, a admisión desta nova modalidade de sinatura:*

*En definitiva, desta fragmentaria regulación despréndese a realidade da admisión do documento electrónico, baixo condición de que quede garantida a súa autenticidade, e que isto é factible, inclusive mediante o que podería cualificarse hoxe de sinatura electrónica —cifras, códigos, claves e similares procedementos—, é algo universalmente admitido<sup>13</sup>.*

Este recoñecemento da xurisprudencia acerca dos medios electrónicos abarca, pois, á sinatura dixital, dotándoa —funcionalmente— dos mesmos efectos que a sinatura convencional ou manuscrita.

Inevitablemente a normativa asume esta evolución en canto á admisibilidade do documento electrónico como proba. A *Lei de axuizamento civil 1/2000*, 7 de xaneiro, entra de cheo na cuestión, se ben con certas reservas que desaparecerán pouco dispois, mercede á modificación introducida no art. 17bis da Lei do notariado por virtude da *Lei 24/2001, de 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social*<sup>14</sup> e á regulación legal da sinatura electrónica á que nos referiremos sequera de forma somera.

**A sinatura electrónica** | Un documento, sen prexuízo das numerosas definicións ou interpretacións existentes, pode expresar o seu contido mediante un código inmediato ou mediato (a través dunha máquina) e presentará dúas características para cumprir a súa función:

- Perdurabilidade
- Fidelidade

A primeira característica, quizá o máis grave problema que presentan os documentos electrónicos, ven sendo obxecto do interese dos responsables da conservación da información<sup>15</sup>.

En canto á *fidelidade* do documento informático, tendo en conta que se pode crear por calquera e modificar sen deixar rastro, o problema que xurde de novo é o do seu valor probatorio. De aí a necesidade de combinar *medios técnicos e normas xurídicas* para dotar ao documento de maior seguridade, de maneira que non se dubide da súa autenticidade respecto da súa autoría e integridade, coa finalidade de permitir unha maior seguridade xurídica nas relacións que utilicen ou se baseen en documentos electrónicos.

Dende as perspectiva técnica, o desenvolvemento dos sistemas asimétricos baseados en clave pública foi absolutamente fundamental para facilitar a seguridade necesaria ás comunicacións electrónicas, como instrumento de autenticación, garantía de integridade da comunicación e de non repudio do autor da comunicación.

As primeiras iniciativas legislativas en materia de sinatura electrónica, xorden en EE.UU onde se aproba a primeira lei de sinatura dixital (a Utah Digital Signature Act de 1995). Dende entón moitos outros países aprobaron normas ao respecto. O risco de que tal dispersión puidese supoñer para o mercado único e a expansión do comercio electrónico problemas en todas as ordes e, por suposto, na xurídica, amosou a necesidade dunha normativa harmonizadora de ámbito comunitario. O resultado foi a *Directiva 1999/93/CE, Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de decembro, pola que se establece un marco comunitario para a sinatura electrónica*<sup>16</sup>.

A regulación da SE en España é relativamente recente. Deixando á parte o desenvolvemento do proxecto CERES, que constituirá a base dos servizos de certificación prestados pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, e que constitúe na actualidade o sistema de sinatura máis estendido, o primeiro regulamento de sinatura electrónica prodúcese no noso país co *Real decreto-Lei 14/1999*, substituído máis tarde pola *Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica (LSE)*<sup>17</sup>, que coincide basicamente —aínda que non de todo— coa directiva comunitaria. A súa finalidade é o regulamento do uso da sinatura electrónica, o recoñecemento da súa eficacia xurídica e a prestación ao público de servizos de certificación, co obxectivo de fomentar o seu uso con seguridade e confianza a través do establecemento dun marco xurídico adecuado. Resulta especialmente interesante sinalar a creación, por virtude da LSE, do *Documento Nacional de Identidade electrónico* (arts. 15 y 16). O eDNI, que a LSE articula como sinatura electrónica de obrigado recoñecemento por calquera Administración pública, é por iso un dos piares da Administración electrónica que a LAE pretende regular<sup>18</sup>.

En calquera caso, semella oportuno facer varias precisións: en primeiro lugar, dende a perspectiva da teoría da proba, o correcto non é regular o valor probatorio da sinatura electrónica, senón o *valor probatorio dos documentos asinados electronicamente*, pois a sinatura non é un medio de proba en por si. Tan é así que a propia definición que de documento electrónico incorpora a LSE o considera *soporte* de documentos públicos que o son *por estar asinados electronicamente*<sup>19</sup>. En palabras de PALOMAR OLMEDA, «as cousas son o que deben ser» e o que fai a tecnoloxía é proporcionar un soporte distinto á formalización dos actos administrativos (Palomar, 2007, 167-170). E, en segundo lugar, *sinatura electrónica* é un termo que, respondendo a unha mesma finalidade, na actualidade pode significar cousas ben distintas en canto á técnica empregada (vid. nota 13), como veremos no seu momento ao referirmonos ao *código seguro de verificación*.

**A Lei 30/1992 e a evolución cara o documento electrónico no contexto dos procedementos administrativos** | É verdade que o estado da tecnoloxía fai dez anos formulaba non poucas dúbidas entre os administrativistas e outros representantes do mundo do Dereito. Tampouco axudou moito a declaración contida no preámbulo da *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común* (en adiante LXPAC) cando proclamaba a *caducidade das técnicas formalistas, supostamente garantistas*, frase cualificada por algún de verdadeira bobada e que semellaba significar que unha maior eficacia na actividade administrativa só era posible a costa das garantías que o procedemento administrativo e, en definitiva, o Dereito administrativo establecen no marco do noso Estado social e democrático de dereito. Noutras palabras, o procedemento administrativo mantense como garantía da actividade administrativa. A LXPAC *dixitaliza* a actividade administrativa, permitindo outras vías ou soportes da información ou comunicación dentro do procedemento, cuxo carácter de garantía dunha actuación formal permanece inmutable. É evidente que nin a tecnificación nin a reorganización institucional e procesual das administracións públicas que leva canda si o desenvolvemento da Administración electrónica son causa suficiente para modificar nin o estatuto básico da Administración pública, nin as condicións de validez da súa actuación nin os dereitos dos cidadáns nas súas relacións con ela, de acordo co principio de equivalencia dos ditos dereitos e que a LAE, como veremos máis adiante, recolle.

Dende unha visión retrospectiva, a aparición das TIC vira xa a regulación de aspectos tales como a aparición de novas figuras contractuais para a contratación de equipos e sistemas informáticos; a creación de órganos especí-

ficos na Administración Xeral do Estado<sup>20</sup>; ou a regulación do tratamento de datos automatizados de carácter persoal, prevista na CE (art. 18.4) mediante a *Lei orgánica 1/1992, de 29 de outubro*, e, posteriormente, mediante a *Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro* (LOPD).

No entanto, o cambio esencia constitúeo a LRPAC, cuxo artigo 45 abre a porta ao uso, nas relacións cos cidadáns e no seo dun procedemento, dos novos medios electrónicos, informáticos e telemáticos (establecendo, pois, unha diferenciación entre estes tres tipos de documentos)<sup>21</sup>. Supuxo un impulso ao uso e recoñecemento da validez xurídica aos procedementos que se tramiten en soporte informático, ao mesmo tempo que consagraba a ampla utilización deses medios na actividade administrativa interna, non formalizada:

*Os documentos emitidos calquera que sexa o seu soporte, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos polas administracións públicas, ou os que estas emitan como copia dos orixinais almacenados por estes mesmos medios, gozarán da validez e eficacia do documento orixinal, sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade e conservación e, no seu caso, a recepción polo interesado, así como o cumprimento das garantías e requisitos esixidos por esta ou outras leis.*

Neste senso, representou un verdadeiro salto cualitativo. Se a tecnoloxía informática foi no seu día un factor novo, de modernización, para as administracións públicas, hoxe non é senón un exemplo máis da informatización global da sociedade. Na Administración pública unha cousa é o uso de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos na actividade administrativa non formalizada como soporte de xestión e outra moi distinta é ese mesmo uso na actividade administrativa formalizada ou regulada (Ochoa, 2000, Vol. I, 158). É sobre todo neste segundo caso, que inclúe as relacións dos particulares coa Administración a través das TIC, a súa principal novidade, onde as precaucións do lexislador son evidentes. A LRPAC aspiraba, mercé á vía electrónica, a facilitar aspectos concretos da actividade e do procedemento administrativo tan significativos como a iniciación de procedementos en rexistros informatizados, ao amparo do previsto no art. 38<sup>22</sup>, a súa tramitación (art. 45.3) e, consecuentemente, a posibilidade de alegar, notificar, desistir ou renunciar, pedir información ou recorrer. A súa modificación pola Lei 24/2001, de 27 de decembro, xa citada, afondou neste proceso, abrindo paso á regulamentación do funcionamento dos rexistros telemáticos, as notificacións e as transmisións e certificados telemáticos<sup>23</sup>. Así, o *RD 263/1996, de 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na Administración Xeral do Estado*, ademais de con-

<b>Xerais</b>	<b>Sociedade da información e TIC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Lei 34/2002, de servizos da sociedade da información</li> <li>→ Lei 59/2003, de sinatura electrónica; RD 1553/2005: DNI electrónico</li> </ul>
	<b>Administración electrónica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Lei 30/1992, art. 45 (case completamente derogado pola LAE). Modificada (arts. 38 e 59) por Lei 24/2001 e desenvolvida por RD 263/1996 e RD 772/1999, ambos os dous modificados por RD 209/2003.</li> <li>→ Orde PRE/1551/2003, de 10 de xuño.</li> <li>→ Lei 66/1997, art. 81: "Prestación de servizos de seguridade pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre para as comunicacións a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos", desenvolvido por RD 1317/2001.</li> </ul>
<b>Sectoriais</b>	<b>Contratación electrónica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ RD lexislativo 2/2000, desenvolvido por RD 1908/2001 (DA 10ª) e ordes EHA/1307/2005 (transposición Directivas comunitarias)</li> <li>→ EHA/1744/2005</li> <li>→ Lei 30/2007, de contratos do sector público (D.A. 19ª: Uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos regulados na Lei).</li> </ul>
	<b>Procedementos administrativos non rexidos pola LRJPAC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Réxime tributario: Habilitación por Lei 40/1998, do IRPF, para que o MEH establecese condicións para a presentación telemática de declaracións.</li> <li>→ Seguridade Social: sistema RED (Orde de 3 de abril de 1995).</li> </ul>
Figura 1		

ter unha definición xenérica dos *documentos electrónicos, informáticos y telemáticos*<sup>24</sup>, veu recoñecer a validez dos documentos electrónicos *emitidos polos particulares* nas súas relacións coa Administración pública e referíase expresamente a requisitos para dotar de validez aos documentos electrónicos mediante o uso de códigos ou sistemas de identificación. Pola súa parte, o *Real decreto 772/1999, de 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións perante a Administración Xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro* contemplaba a presentación de es-



critos por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos (art. 3). Ambos os dous decretos foron modificados polo decreto 209/2003, de 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados polos cidadáns, cuxa disposición final primeira foi desenvolvida por Orde PRE 1551/2003, de 10 de xuño, establecendo, entre outros, os requisitos de autenticidade, integridade, dispoñibilidade e confidencialidade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación. Foron dende entón moi numerosos os rexistros telemáticos creados para a recepción de documentos iniciadores de, iso si, un número moi limitado de procedementos regulados.

En resumo, ate a aparición da LAE, contamos co un conxunto de normas básicas antecedentes (Figura 1), ademais doutras moitas disposicións sectoriais principalmente no ámbito da Facenda e da Seguridade Social.

Gamero Casado conclúe que, ate a promulgación da LAE, as características máis sobresaíntes desta armazón normativa son (Gamero, 2008, 55-56):

■ *Unha continua remisión da normativa ao desenvolvemento regulamentario de todas as administracións públicas, o que supón dispersión e fragmentación, así como a ausencia dun código ou lei marco.* En canto a isto último, aínda que a doutrina non foi unánime respecto da necesidade de regular especificamente a actuación administrativa por medios electrónicos fronte á aplicación das normas tradicionais, máis alá das adaptacións necesarias e das especificacións que o requiran (Valero, 2003, 34-37), o certo é que ao final optouse por establecer un marco de regulación unificado, a LAE —se ben absolutamente complementario da LXPAC—.

■ *Regulación en normas programáticas, que esixen desenvolvemento para a súa aplicación por parte de todas as administracións públicas.*

■ *Carácter moi técnico en ámbitos sectoriais e frecuente divorcio entre calidade técnica e calidade xurídica.*

### **O sistema normativo da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (LAE)**

O proceso iniciado coa LXPAC e acelerado polo impulso das políticas da Unión Europea en materia de sociedade da información culminou no noso país —polo momento— coa promulgación da *Lei 11/2007, de 20 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (LAE)*<sup>25</sup>, norma legal do noso ordenamento que evidencia unha percepción global do fenómeno

da Sociedade da Información no Dereito Administrativo<sup>26</sup>. Aínda que o obxecto semella ser garantir o dereito dos cidadáns de relacionarse coas administracións públicas por vía electrónica<sup>27</sup>, a lei vai máis alá: ese obxecto é a Administración electrónica *in totum* pois formula os problemas e necesidades que a Administración electrónica entraña e prevén no articulado que o seu funcionamento os considere en todo momento: normas sobre autenticación, tipos de sinatura electrónica, réxime de transmisións de datos, notificacións, rexistros, documentos e arquivos electrónicos, etc. (Gameró, 2008, pp. 55-56). E aínda que será a estes últimos aos se cinguirá con maior detalle este traballo, é premisa previa facer un esbozo, sequera apresurado, da LAE.

Apuntado o seu obxecto, os fins da lei resúmense basicamente no recoñecemento das vantaxes da Administración electrónica nas relacións xurídico-administrativas<sup>28</sup>: Facilitar o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes por vía electrónica, eliminando barreiras, aumentando a transparencia, mellorando e simplificando o funcionamento da Administración pública. Como dicíamos ao principio, a Administración electrónica non supón tan só dixitalizar o preexistente.

O seu ámbito de aplicación<sup>29</sup> comprende as distintas administracións públicas, aínda que deixa algunha lagoa que xa causou problemas, tamén en canto ao réxime xurídico de arquivos e documentos se refire<sup>30</sup>.

En canto á súa posición no sistema de fontes<sup>31</sup>, isto é, na xerarquía normativa que determina a súa aplicación obrigatoria ou subsidiaria en concorrencia con outras normas estatais ou autonómicas, a LAE foi criticada por ter cedido un grande espazo ao desenvolvemento regulamentario das súas previsións en beneficio doutras administracións públicas (Estado, comunidades autónomas, Administración local, etc.), o que pode supoñer *unha verdadeira centrifugación do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*<sup>32</sup>. A única vía que permitiría minorar as consecuencias é a derivada do importante papel que se reserva ao Estado (art. 42 LAE) en materia de *interoperabilidade, obxecto do Real decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica* (en adiante RDENI) e cuxas normas técnicas de desenvolvemento aínda non viron a luz<sup>33</sup>. Semella indiscutible que a normalización e a interoperabilidade inherentes á Administración electrónica e ás tecnoloxías da información en xeral abocan sen remedio á colaboración entre as distintas administracións públicas. Un exemplo o constitúe a conclusión do documento do Goberno de Navarra «Principales tendencias en materia de Administración electrónica», inserto no Documento Marco de Administración Electrónica (Documento, 110):

*A Administración da Comunidade Foral de Navarra considera que o escenario máis efectivo para o desenvolvemento da Administración electrónica virá condicionado pola capacidade de colaborar e intercambiar experiencias coa Administración Xeral do Estado e con outras comunidades autónomas.*

*Por este motivo, fórmulase como premisa fundamental para a elaboración e implantación do Marco de Administración electrónica a avaliación e reutilización de experiencias e instrumentos doutras administracións públicas e o aliñamento coas directrices estatais en materia de seguridade, interoperabilidade e software libre.*

A LAE é lei básica e común por canto declara dereitos dos cidadáns ante a Administración electrónica, ademais de regular aspectos básicos do procedemento administrativo común (documentos electrónicos e as súas copias, notificacións e rexistros, fases do procedemento, etc.), derogando os preceptos da LRPAC sobre estas cuestións. E en especial porque regula unha materia específica, a Administración electrónica, dentro da regulación do procedemento administrativo, materia na que a LRPAC é lei xeral. No futuro, ao desaparecer o soporte papel é seguro que ambas normas se refundirán nunha soa. Agora ben, pola mesma razón cando unha lei sectorial conteña disposicións en materia de Administración electrónica será esta última a que haberá de aplicarse e a LAE será a norma supletoria<sup>24</sup>.

Na súa curta vida, a LAE foi obxecto ate a data de varios desenvolvementos regulamentarios por parte do Estado, así como se aprobaron, na súa aplicación, diversas iniciativas legislativas e administrativas autonómicas. Entre as primeiras, cómpre sinalar o *Real decreto 181/2008, de 8 febreiro, polo que se ordena o Boletín Oficial del Estado, agora xa electrónico*; o *Real decreto 1671/2009, de 6 de novembro* (en adiante RDDPLAE), que desenvolve parcialmente a lei no tocante a diversos aspectos, como os rexistros electrónicos, as sedes electrónicas, a identificación e autenticación de cidadáns e administracións públicas, o importantísimo dereito a non achegar documentos ou o cambio de soporte e, de ser o caso, destrución de orixinais en papel. E os *reais decretos 3/2010, do 8 de xaneiro e 4/2010, do 8 de xaneiro*, reguladores respectivamente dos esquemas nacionais de seguridade (en diante RDENS) e Interoperabilidade (RDENI).

### **Os principios xerais da LAE I**

A LAE enuncia unha serie de principios xerais que non son distintos dos predicables no modelo de Administración tradicional, aínda que si incorpora outros reitores, característicos da Administración electrónica (Martínez, 2009, 252-474; Gamero, 2008, 69 y ss). Todos eles, en maior ou menor medida,

teñen unha estreita relación coa xestión documental e arquivística. Podemos sinalar, entre outros, os principios de *integridade de garantías*<sup>35</sup> e de *equivalencia de soportes*. O primeiro supón considerar sempre un nivel equivalente de garantías, con indiferenza de se o trámite é en papel ou electrónico, mentres que o segundo, derivado do art. 45.5 LRPAC, aínda vixente<sup>36</sup>, comporta diferenciar entre o acto administrativo, o documento no que se dita o acto e o soporte (vid. nota 42). Se ben a LAE non di nada parecido, o principio está presente en moitos dos seus artigos<sup>37</sup>.

Intimamente conectado cos anteriores, o *principio de igualdade* (art. 4.b LAE) supón que en ningún caso o uso de medios electrónicos dará lugar á existencia de restricións ou discriminacións para os cidadáns que se relacionen coas administracións públicas por medios non electrónicos. É un recoñecemento da inevitable coexistencia, polo menos temporal, de documentos híbridos, pese a que, como veremos, a LAE contén toda unha serie de disposicións encamiñadas á transformación de soportes, algo imprescindible no camiño cara unha auténtica Administración electrónica.

O *principio de proporcionalidade* (4g. LAE) entenderase como a adecuación das esixencias legais e de seguridade, así como os datos estritamente necesarios á natureza e circunstancias dos distintos trámites e actuacións. Nel fundaméntase o dereito a non aportar datos e documentos que obren en poder da Administración (art. 6.2b), dereito que ven superar de forma cualitativa o enunciado do art. 35.f LRPAC posto que non se limita xa a documentos —electrónicos— senón que se refire tamén a *datos*, e que precisa necesariamente do intercambio interadministrativo de uns e outros. Isto último lévanos á cuestión da *interoperabilidade* que, aínda que non se incorporou á LAE como tal principio, así é considerada por algúns autores, dado o seu carácter transversal e de fundamental importancia (Martínez, 2009, 270-277)<sup>38</sup>. E tamén a aposta polo uso de estándares abertos, rexida polo *principio de neutralidade tecnolóxica* (art. 4.i LAE). Outra dimensión do principio consiste na non esixibilidade de sinatura recoñecida na LAE (só se menciona a avanzada), non incrementando as esixencias de seguridade ao documento electrónico fronte ao documento en papel (Serra, 2007)<sup>39</sup>.

Outros principios enunciados ou contidos na LAE son o de *legalidade e reserva de lei* (art.27.1 LAE), de acordo co regulamento de dereitos subxectivos dos cidadáns e aplicable no caso de impoñérselles o uso de medios electrónicos. Só cando ese uso sexa voluntario poderá regularse regulamentariamente, salvo en certos casos; o de *acesibilidade á información e aos servizos por vía electrónica* (art. 4.c LAE)<sup>40</sup>; de *simplificación administrativa* (Art.4.j); ou o de *transparencia e publicidade* (art. 4.k).

**Os dereitos dos cidadáns na LAE** | Diciamos ao principio deste traballo que a Administración pública se explica a partir da finalidade da súa actuación ao servizo dos intereses xerais. Iso, no entanto, non é óbice para que, progresivamente, o cidadán fortalecese a súa posición fronte á Administración pública como titular de dereitos e demandante de mellores servizos. Servir mellor a eses dereitos é o obxectivo básico da Administración electrónica en xeral e da LAE en particular. A LAE é unha “lei de dereitos” que, con todo, non parte de cero, pois xa a LRPAC contiña un catálogo de dereitos do administrado respecto das administracións públicas no seu art. 35 (sen esquecer o art. 37, que desenvolve o dereito 105.b CE ao acceso a arquivos e rexistros).

Sobre o particular, non entraremos aquí a analizar aspectos, por outra parte fundamentais, como a estrutura ou a natureza subxectiva dos dereitos recoñecidos na LAE. Ou a súa esixibilidade<sup>41</sup>. Baste dicir que todos eles parten de ou conflúen no *dereito á relación electrónica* («por medios electrónicos») coas administracións públicas, consagrado no art. 6.1<sup>42</sup> e cuxo contido comprende unha serie de elementos xerais, entre os que destacan o seu *carácter voluntario* —e revogable—, baseado no principio de *consentimento expreso* como regra xeral<sup>43</sup>; ou o seu exercicio non condicionado ao uso de formularios predeterminados<sup>44</sup>. As razóns técnicas para isto último son evidentes: as transaccións electrónicas e a xestión documental implican o uso e captura de metadatos que, en ausencia de formularios e cadros preestablecidos, serían moito máis problemáticos de capturar<sup>45</sup>.

Como todo dereito, ten as súas garantías. Unha delas é fronte a erros/problemas técnicos, aínda que é o RDDPLAE o que as contempla (art. 30.2): acuSES de recibo, copias, emisión de recibos acreditativos, copias autenticadas, prórrogas de prazos... Tamén o son os mecanismos de identificación a través de funcionario público para os que carezan de medios electrónicos ou non saiban usalos<sup>46</sup>.

Sen esquecer o *registro electrónico*, por suposto. Máis que garantía, os rexistros electrónicos<sup>47</sup> constitúen unha peza angular —como os non electrónicos na administración tradicional— no sistema documental dunha organización burocrática pública. Á súa vertente de garantía respecto da constancia nos fluxos de tramitación entre administracións públicas e cidadáns, unen a súa condición de instrumento fiscalizador e xestor dos momentos e situacións documentais nunha oficina; é dicir, da existencia, recepción e expedición de todos os documentos dunha dependencia pública (Romero, 2002)<sup>48</sup>. Un instrumento que presta servizos ao cidadán e á propia administración en que se insire e que, na súa actual configuración, son basicamente os seguintes:

### ■ Ao cidadán:

- Bríndalle constancia da entrada ou saída dun documento
- Asegúralle os seus dereitos respecto de calquera solicitude, consulta ou trámite e, no seu caso, das consecuencias da perda do documento pola administración actuante.
- Permítelle, cando acredite a súa condición de interesado nun procedemento, obter información, podendo incluso —como a LAE lle recoñece— coñecer o estado de tramitación dun expediente (art.6.2.d) o que *obriga a formular a necesaria interconexión do rexistro co arquivo de documentos electrónicos* (Serra, 2007, 5)<sup>49</sup>.

Este dereito é e será un dos máis custosos para as administracións públicas e a súa virtualidade estará intimamente vinculada ao desenvolvemento real e completo da Administración electrónica: redeseño de procesos e a súa tradución en sistemas de tramitación electrónica (workflow, BPM, etc.) conectados a sistemas de xestión documental que, pola súa vez, contarán con sitios web (o que en linguaxe bárbara denomínase *infraestruturas front office*) para o acceso electrónico aos procedementos polos cidadáns que teñan a condición de interesado. E, como unha consecuencia máis, o acceso aos procedementos xa arquivados, xa como interesados en tales procedementos, xa como titulares do dereito de acceso á información contida nos arquivos públicos —cando esta sexa accesible—. Un acceso que, se nos atemos ao establecido no art. 32.2 LAE, ben podería realizarse directamente aos documentos, aínda que esta posibilidade non foi obxecto de desenvolvemento regulamentario<sup>50</sup>. A conexión *rexistro-sistemas de tramitación-arquivo* e cos interfaces ao uso polo cidadáns devén nalgo tan lóxico como necesario.

### ■ Pola súa banda, o rexistro posibilita á administración

- Establecer os fitos temporais dende o inicio dun procedemento ate a súa finalización e diferenciar a data do documento da de entrada no rexistro.
- Identificar un documento, realizar o seu seguimento e identificar aos órganos e unidades participantes.
- Racionalizar o seu sistema de información e xestión documental, mediante o enrutamento dos procedementos segundo un plan previo de clasificación de documentos, de acordo cunha concepción global da xestión documental, con estreita coordinación, como xa se dixo, entre o rexistro xeral, oficinas e arquivo.

A LAE, e é doutrina case unánime, supuxo un gran avance na regulación do rexistro electrónico. Recuperase a admisión universal de documentos, en-

tendida como a posibilidade de recibir calquera tipo, a diferenza dos anteriores rexistros telemáticos, que só admitían os procedementos especificados nas súas normas de creación (arts. 24.2 b) e 24.3). Aínda que desaparece o dereito do artigo 38.4 LXPAC a presentalos en calquera rexistro (estatal, autonómico ou, no caso de convenio, local) e agora debe presentarse no rexistro da administración pública actuante<sup>51</sup>. Polo menos, hoxe por hoxe. Pois, ao igual que se creou ex art. 31 do RDDPLAE o Rexistro Electrónico Común na AXE<sup>52</sup>, non parece desatinado prever inteconexións rexistrais entre todas as administracións públicas. Ao fin e ao cabo iso é a Administración electrónica auténtica, un sistema integrado que, con independencia da titularidade das competencias, ofrezca servizos ao cidadáns, a quen tal cuestión non importa demasiado ou nada.

\*\*\*

Ao dereito xeral á relación electrónica únense outros, algúns dos cales apenas se esbozaron xa, e que son obxecto dos distintos apartados do art. 6.2. LAE (Cotino, 2008, pp. 190-217). Son, pola súa especificidade e alcance, os que maiores cargas impoñen ás administracións públicas respecto dos cidadáns e, no seu conxunto, determinan a necesidade ineludible de considerar a xestión dos documentos electrónicos como elemento estratéxico sen o cal a Administración electrónica non sería senón un mero *trampantoxo*.

Nalgúns casos, trátase dunha proxección —de maior alcance— dos dereitos recoñecidos no 35 LXPAC (dereito de non aportar datos e documentos, a coñecer estado de tramitación de procedementos ou obter copias dos mesmos). Noutros casos, comportan elementos de liberdade de elección dos cidadáns (canles, sinaturas electrónicas, aplicacións...). Pero é na garantía de dúas premisas inherentes á relación electrónica, a conservación dos documentos electrónicos, e as cuestións relacionadas co dereito de acceso á información e a protección de datos persoais onde vemos con maior claridade a importancia que a xestión documental adquire no contexto da Administración electrónica.

**Documento e expediente electrónicos e a súa conservación. O arquivo electrónico** | A LAE establece un concepto global de documentos electrónico, fronte ao concepto fragmentario que do mesmo ofrecía a LXPAC: *Información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.*

Regulado no art. 29 LAE, para ser considerado tal deberá ademais cumprir cos requisitos alí establecidos, isto é, estar asinado electronicamente e in-

cluír unha referencia temporal, no seu caso un selo de tempo<sup>53</sup>. No seu desenvolvemento regulamentario (art. 42 RDDPLAE) especificouse ademais unha obriga engadida, en canto á súa validez, que ven recoñecer un elemento arquivístico de primeira orde: a *contextualización* do documento mediante a adición de metadatos, obrigatorios e, no seu caso, complementarios.

A *preocupación constante pola constancia* (ademais de manifestarse en aspectos tales como a identificación e autenticación, tanto de cidadáns como de administracións públicas, os rexistros, etc.) parte, loxicamente, do documento individualmente considerado. Se, ademais, consideramos que distintos soportes e modos de facer convivirán algún tempo —por escaso que sexa—, a norma ha prever a súa coincidencia. Por iso a proluxa regulamentación das copias<sup>54</sup> e dos cambios de soporte que a LAE contén no seu art. 30. Concretamente se trata dos seguintes:

■ *Copias electrónicas auténticas a partir do orixinal electrónico*, diferenciando orixinal e copia, cando se dá un cambio de formato, mediante o metadato correspondente<sup>55</sup>.

■ *Obtención de copias electrónicas auténticas de documentos orixinais en papel* (cando sexan as administracións públicas as que as realicen mercé a procesos de dixitalización certificada).

■ *Copias de documentos privados aportados polos cidadáns*, podendo distinguirse entre

→ *Copias de documentos electrónicos asinados polos cidadáns*. Supón a atribución a estes da responsabilidade da custodia dos orixinais, que poderán ser solicitados polas administracións públicas para o cotexo coas copias aportadas.

→ *Imaxes electrónicas de documentos orixinais aportados polos cidadáns en papel*, obtidas mediante dixitalización certificada e compulsadas ou por funcionario públicos<sup>56</sup> ou mediante procesos automatizados con autenticación por selo electrónico. Tamén neste caso os cidadáns terán que responsabilizarse da custodia dos orixinais.

■ *Xeración a partir de documentos electrónicos orixinais de copias auténticas en papel*, que terán o dito carácter se se imprime nelas un *código seguro de verificación* (CSV). Este código é un dos sistemas de sinatura electrónica admitidos na LAE (art. 18) para a actuación administrativa automatizada. Trátase da combinación dun ID de usuario e dunha clave ou contrasinal que identifica ao autor aínda que non asegura a integridade do documento. Isto pode resolverse en fase inicial mediante a adición dun selo electrónico, co que se vincula autoría e contido. Para comprobar a autenticidade do documento debe acudirse á Administración pública au-



tora pero é doado de implantar e, posto que o código (alfanumérico) figura no propio documento, pode imprimirse e cotexarse mediante acceso en liña ao orixinal electrónico, representando unha gran vantaxe nun contexto de coexistencia de soportes electrónico e papel. Moi utilizado na AEAT, os seus bos resultados propiciaron que a LAE o impulse no apartado 5 do art. 30<sup>57</sup>.

Outra achega da LAE é a configuración legal do *expediente electrónico* (arts. 32 LAE e 53 RDDPLAE) dado que, respecto do tradicional, a lexislación non había establecido definición algunha, coa excepción da contida no Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais<sup>58</sup>. Como escribiu SERRA, *por primeira vez sobreponse un concepto arquivístico aos conceptos tecnolóxicos* (Serra, 2007)<sup>59</sup>, isto é, o expediente electrónico ou se contempla dende unha perspectiva non só tecnolóxica senón xurídica, procesual, o que implica a súa consideración como tal unidade de información, con independencia de se se trata dun único ficheiro ou dun conxunto de informacións-datos-ficheiros, dispersos aínda que relacionados mediante o *foliado electrónico* (en realidade outro documento electrónico que dá fe do contido do expediente) e cuxa unión a outros conceptos configura o que se ven denominando *carpeta cidadá*<sup>60</sup>. O expediente constitúe, pois, un *mecanismo de intercambio*, como se denominou en TECNIMAP 2010, precisado de normalización.

Na espera do desenvolvemento técnico definitivo de, entre outros, o RDE-NI, é evidente que moito está aínda por decidir ao respecto: formatos, estruturas de intercambio, tipos de sinatura, esquemas de metadatos...

Un aspecto crítico en relación co expediente electrónico, que creo pendente de perfilarse con maior claridade, é se debe formarse necesariamente en todo caso dende o inicio dunha tramitación ou se pode xerarse *por demanda* partindo da información conservada en bases de datos<sup>61</sup>. Noutras palabras, como establecer un modelo técnica e legalmente válido que xunte os modelos *docucéntrico* e *datacéntrico*. Quizá un caso aclare esta cuestión.

En TENCIMAP 2010 un alto cargo da Seguridade Social aludiu ao enorme número de transaccións anuais, que xeran millóns de rexistros nas súas bases de datos. A partir desas bases o sistema, cando é preciso, produce un expediente (como exemplo, unha solicitude de fe de vida laboral) co seu correspondente Código Seguro de Verificación (CSV). Pero, que sucede se un xuíz solicita «copia do documento orixinal»? Xorden dúas cuestións:

- a. A necesidade de crear un expediente electrónico conleva a de conservalo posteriormente e tal esixencia, confrontada cun volume de millóns

de rexistros mensuais a conservar durante longo tempo, esixe necesariamente normas e políticas adecuadas de valoración e eliminación de documentos.

- b. A cuestión da validez dos datos incorporados ás bases: naquela mesa propúxose garantir por lei a validez dos datos contidos nas bases da SS. Isto xa se contempla no art. 51.2 RDDPLAE... pero dos datos procedentes en orixe de documentos *electrónicos* —y, por tanto, asinados electronicamente—<sup>62</sup>.

O art. 6.2.f LAE establece o dereito dos cidadáns á conservación en formato electrónico polas administracións públicas dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente. Tralo concepto *conservación* atopamos diversas acepcións, en absoluto excluíntes entre si, máis ben o contrario:

- Conservación dos documentos públicos en tanto bens públicos.
- Conservación dos documentos como testemuño de e presupostos para o exercicio de funcións administrativas e a defensa de dereitos.
- Conservación dos documentos en tanto bens do patrimonio documental.

O primeiro que chama un tanto a atención é a incorporación dunha acepción máis: *a conservación como dereito cidadán*, fronte ao que ate agora fora unha obriga legal das administracións públicas. Esta configuración interpretouse positivamente nalgúns casos (Serra, 2007, 4), mentres que outros autores manifestaron certa desconfianza ante o risco de que a finalidade da conservación abandone o ámbito do interese público para adscribirse ao do interese particular (Cotino, 2008, 209). Sobre isto último, por exemplo, fórmulase a dúbida, á luz dos feitos, sobre a incidencia do dereito de cancelación recoñecido aos cidadáns na normativa en materia de protección de datos. Pois non parece admisible que exista un dereito incondicional do titular á cancelación dos datos en poer das administracións públicas cando estes cumpren os requisitos legalmente establecidos (entre outras, pola propia LDOPDP) en canto á súa recollida, tratamento, uso e conservación<sup>63</sup>.

Así mesmo, resulta innegable que ese dereito á conservación camiña paralelamente a unha asunción crecente de responsabilidade por parte do cidadán na custodia de orixinais.

É certo que non poden obviarse as normas xerais sobre destrución da documentación administrativa, que a propia LAE e o seu desenvolvemento regulamentario contempla, ao regular especificamente tanto a posibilidade de

destrución do soporte papel orixinal (art. 30.4 LAE e art. 46 do RDDPLAE) como a destrución de documentos electrónicos (art. 52 RDDPLAE) —aínda que, neste último caso, non se contempla procedemento algún—<sup>64</sup>. Pero non o é menos que, coa chegada da Administración electrónica, quizá chegase o momento en que esas regras se perfeccionen e completen. En materia de eliminación, por exemplo, moitas decisións tomáronse ao longo do tempo de forma sectorial e aplicando normas xurídicas con fins diferentes e, especificamente, interpretando os prazos de prescrición como regras de conservación dos documentos —ou de acceso a eles— (Palomar, 2007, 47-48; Torreblanca, 2009, 44)<sup>65</sup>.

O Art. 31 LAE regula o arquivo electrónico de documentos, aínda que non o define nin sequera no seu Anexo:

*1. Poderán almacenarse por medios electrónicos todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas.*

*2. Os documentos electrónicos que conteñan actos administrativos que afecten a dereitos ou intereses dos particulares deberán conservarse en soportes desta natureza, xa sexa no mesmo formato a partir do que se orixinou o documento ou noutro calquera que asegure a identidade e integridades da información necesaria para reproducilo. Asegurarase en todo caso a posibilidade de trasladar os datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso dende diferentes aplicacións.*

*3. Os medios ou soportes en que se almacenen documentos deberán contar con medidas de seguridade que garantan a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados. En particular, asegurarán a identificación dos usuarios e o control de accesos, así como o cumprimento das garantías previstas na lexislación de protección de datos.*

É unha verdade de Perogrullo que documentos e constancia son os ingredientes que constitúen a esencia do arquivo como función a través do tempo. A LAE, aínda que non o defina non podía deixar, por tanto, de regular, sequera de forma sintética, o arquivo electrónico, o cal, se nos atemos á realidade normativa preexistente en materia de arquivos, é xa un avance considerable (Rivero, 2010).

Faino comezando por establecer unha disociación entre o *poderán* e o *deberán*, nesta ocasión investindo un tanto os termos: son os documentos xerados na relación cos cidadáns e non tanto os producidos como froito da actividade interna das administracións públicas os que deben ser conservados obrigatoriamente en soporte electrónico. Algo lóxico se consideramos que,

no proceso de transición actual, é prioritario satisfacer o dereito de acceso electrónicos dos cidadáns, que se identifica, fundamentalmente, co acceso a aqueles e non tanto a estes últimos.

O art. 21 RDENI contén ademais moitas das medidas concretas que han favorecer a conservación dos documentos electrónicos e que, en boa medida, non son senón os procesos habituais que realizan os profesionais dos arquivos, aínda que referidos ate agora á información contida en documentos en soporte físico. Procesos que deberán modificarse en todo aquilo que sexa pertinente, sen prexuízo de que o papel aínda perdurará —aínda que quizá non tanto como se cría ate hai ben pouco—. As ditas medidas incluírán, entre outras, a definición dunha política de xestión de documentos, a identificación única e inequívoca de cada un deles, a asociación ao documento electrónico de metadatos, obrigatorios ou complementarios, ao longo do seu ciclo de vida, a clasificación funcional, etc.

Todo documento deberá estar convenientemente identificado e ter asociada información adicional que permita a súa contextualización e comprensión, durante e despois da súa tramitación e durante todo o tempo que deba conservarse. A definición de modelos de metadatos, dos criterios da súa asignación e de en que aplicacións se van xestionar é clave para unha axeitada xestión dos documentos electrónicos. Contamos xa con exemplos de cómo a normalización en tal sentido, amén de noutros, é non só fundamental senón que foi considerada estratéxica se ben, ate hai pouco, só en determinados casos, como é o da facturación electrónica<sup>66</sup>.

Tamén se inclúen a consideración acerca da validez dun documento, a garantía da súa autenticidade e procedencia, da integridade da información arquivada e o rexistro ou seguimento<sup>67</sup> das accións realizadas sobre a mesma e dos seus actores.

Finalmente, aínda que os sistemas informáticos ofrecen mecanismos cada vez máis potentes e refinados para a busca e recuperación da información segue a ser imprescindible —se non máis aínda— a clasificación e a normalización da documentación xerada ou recibida (neste caso, xa dende a entrada por rexistro); amén doutras funcións arquivísticas, significativamente da necesidade de conservación ou eliminación do documento e a valoración da accesibilidade. Unha conclusión sería que non se pode percibir o arquivo electrónico como algo relacionado unicamente coa xestión de sistemas informáticos<sup>68</sup>.

Un conxunto de tarefas que casan mal coa moda, a identidade ou a especificidade gratuíta e que, polo contrario, requiren de cooperación e amplitude de miras. Pois no mundo electrónico a normalización absoluta é premisa inevitable.

Impóñense tarefas que, non por albiscarse dende hai moito tempo como imprescindibles, se levaron a cabo como, por exemplo, o establecemento de clasificacións e descrições normalizadas e accesibles en liña respecto de funcións horizontais e procedementos nas diversas administracións públicas, para o que as normas como ISAD (G) serían moi útiles(Barbadillo, 2003, 136), máxime se consideramos a necesaria integración entre cadros de clasificación e catálogos de procedementos administrativos, cada vez máis frecuentemente obxecto de normas regulamentarias<sup>69</sup>. Ao fin e ao cabo, se un dos metadatos dos expedientes que, en boa lóxica, haberá de considerarse mínimo e obrigado é o da adscripción a un tipo de procedemento, isto é, o da súa clasificación —manual ou automática— como pertencente a unha serie documental, haberá de contarse cun esquema de valores normalizados que identifiquen tales procedementos/series...

Todas estas medidas levaranse a cabo sen perder de vista a seguridade da información na Administración electrónica, polo que os procedementos que aseguren a recuperación e conservación a longo prazo *dos documentos electrónicos producidos polas administracións públicas no ámbito das súas competencias forman parte da seguridade ex art. 21.2 do RDENS*.

Pois conservación e seguridade da información deveñen en sinónimos se atendemos ao establecido no art. 22 desta última norma:

*4. Os aspectos relativos á sinatura electrónica na conservación do documento electrónico estableceranse na Política de sinatura electrónica e de certificados, e a través do uso de formatos de sinatura lonxeva que preserven a conservación das sinaturas ao longo do tempo.*

*Cando a sinatura e os certificados non poidan garantir a autenticidade e a evidencia dos documentos electrónicos ao longo do tempo, estas sobrevivirán a través da súa conservación e custodia nos repositorios e arquivos electrónicos, así como dos metadatos de xestión de documentos e outros metadatos vinculados, de acordo coas características que se definirán na Política de xestión de documentos”.*

A sinatura electrónica lonxeva é aquela dotada de validez ao longo do tempo. Conséguese ao ir re-asinando e actualizando os selos de tempo de forma regular. Este proceso de re-asinado utilízase para garantir que uns datos que foron asinados con un algoritmo que era válido no seu día, pero inseguros actualmente debido á evolución tecnolóxica, non perdan valor xa que se foron re-asinando sempre con algoritmos criptográficos seguros en cada momento. A sinatura lonxeva ben poidera identificarse como unha «sinatura de arquivo», elemento definitorio dunha nova tarefa a realizar en ma-

teria de preservación, xunto a políticas de migración e cambio de soporte. A sinatura de arquivo ou sinatura lonxeva aplicaríase non xa aos documentos senón aos obxectos resultantes dun proceso de *empaquetamento* ou encapsulado de documentos electrónicos. Son eses obxectos ou paquetes —e os seus metadatos asociados— os que *se transfíren* a un repositorio centralizado onde se custodian xunto a documentación de diversidade de organismos e, incluso, de administracións públicas diferentes. Isto é xa unha realidade que foi xurdindo paulatinamente, polo menos no plano normativo, incluso antes da LAE, e que con esta acada un impulso definitivo<sup>70</sup>.

Con todo, non semella atrevido concluír que a Administración electrónica implica cambios profundos nos principios e quefaceres arquivísticos (e, consecuentemente, no perfil dos profesionais<sup>71</sup>) e na materia de infraestruturas, competencias e responsabilidades.

Un dos máis notables verase respecto das infraestruturas arquivísticas. O arquivo como concepto físico desaparece a favor de repositorios electrónicos residentes en servidores interconectados a través de redes como SARA ou, incluso, a nivel europeo, sTESTA. Tales repositorios considéranse *complementarios e equivalentes en canto á súa función aos arquivos convencionais* (art. 21.2. RDENI) que, todo parece indicar, están abocados a se converter, en tanto custodien fondos tamén convencionais, en arquivos pechados, a salvo do que poida implicar a transferencia aos mesmos de copias dos documentos electrónicos e, por descontado, de que se lles adxudique a función de custodia lonxeva dos mesmos<sup>72</sup>.

E isto é só o principio. Cada día adquire maior importancia «a nube», isto é, o *cloud computing*, circunstancia á que o sector público tampouco non é alleo e que implicará que nin sequera poderemos falar dos repositorios como sistemas de almacenamento de datos fisicamente situados nas administracións titulares senón en centros de datos ou *data houses* —públicos ou privados— que poden atoparse en Madrid, en Oslo ou en Wisconsin<sup>73</sup>.

A transferencia entre fases ou tipos de arquivo<sup>74</sup> verase substituída pola intervención, en distintos momentos, de diferentes actores responsables da cumprimentación —ou da determinación previa— de valores en distintos tipos de metadatos, tendo lugar na última fase do seu ciclo de vida.

Á espera das normas técnicas que desenvolvan os esquemas de interoperabilidade e de seguridade constatouse que, en xeral, existe unha sensación de indefinición arredor do arquivo electrónico, propiciado en parte por unha falla de criterios a seguir para a conservación dos contidos, que información é obrigatorio conservar, a definición de responsabilidades sobre a preservación da información electrónica e de mecanismos para a interoperabilidade con outros sistemas<sup>75</sup>.

**A Administración electrónica, unha Administración máis transparente? Dereito de acceso e protección de datos na LAE I** En cada foro, en cada publicación, en cada aproximación sobre a materia que nos ocupa inevitablemente xurde nalgún momento a palabra máxica: transparencia. Preséntase a Administración electrónica como «unha oportunidade» para conseguila en maior grao pero sen concretar demasiado como facelo e en que consiste. A identificación entre unha e outra chegou a ser tan grande que ás veces parece facerse unha disociación cualitativa da información en función do soporte, como se o dereito de acceso aos documentos electrónicos tivese un réxime xurídico distinto do acceso aos documentos en soporte papel.

Se a unha maior ou máis rápida difusión da información, xa sexa sobre proxectos ou servizos ofertados ao cidadán, ou a unha maior simplificación dos procedementos o conceptuamos como transparencia, é evidentes que esta é maior no ámbito da Administración electrónica. Pero eficiencia e transparencia non son sinónimos. A linguaxe pode ser sinxela, as interfaces amigables, o trámite a seguir, claro e preciso pero se, para alegar algo nun procedemento administrativo ou simplemente para facer unha investigación, debemos consultar certos documentos e se nos di que non é posible porque «poden afectar a intereses de terceiros», porque prevalezan «razóns de interese público» ou porque a documentación referente a certas «materias» non pode comunicarse, que temos conseguido? Na miña opinión, as ditas limitacións, nebulosas e susceptibles de interpretarse arbitrariamente, non permitirían falar dunha Administración transparente (en realidade non o permiten: son límites contidos no art. 37.4 da Lei 30/1992). E iso con independencia de se estamos a falar de tramitación electrónica ou en papel. Por iso transparencia administrativa, neste contexto, pode ter dous significados ou, quizá mellor, dous rangos:

- Entendida só como máis eficiencia (sinxeleza, rapidez, comodidade...) Pódese aforrar tempo e trámites, diminuír os erros e ser moi eficiente e, pola contra, ser a administración menos transparente do mundo, pois só todo iso non necesariamente implica cambios cualitativos na relación administración-cidadán dende tal perspectiva.
- Entendida, de forma global, non só como máis eficiencia, senón como unha característica das administracións públicas que se traduce en que as limitacións ao acceso á información sexan as imprescindibles; e derivadas da protección real doutros bens constitucionais, cuxo xogo ponderarase adecuadamente. E limitacións con prazo de caducidade determinado.

O que define a transparencia no ámbito administrativo non é senón o acceso á información en poder das administracións públicas, isto é, dereito de acceso puro e simple, consagrado no art. 105.b da Constitución e desenvolvido —de modo case unanimemente criticado—<sup>76</sup> no art. 37 LRPAC. Unha norma que, coa chegada da Administración electrónica e a consagración do dereito de acceso electrónico aos servizos públicos, queda aínda máis en evidencia, pois a tecnificación dos procedementos, se non media o dito cambio, só se diferencia no contexto da AE na inmediatez, na non necesidade de desprazamento físico (o que, certamente, non é pouco), pero non pode venderse como maior transparencia salvo que degrademos un tanto o verdadeiro significado do termo no contexto da información administrativa. O mesmo sucedería co termo «democracia»: un maior, máis preciso e rápido coñecemento dos intereses ou opinións dos cidadáns pode ser beneficioso para a democracia se se articulan os mecanismos para a tradución efectiva dos mesmos. O contrario, no entanto, sería tan só unha enquisa tecnoloxicamente máis elaborada onde o medio confúndese co fin.

Polo demais, a LAE, no seu art. 6.1, limitase a un reenvío en bloque ao art. 35 LRPAC (e, por ende, ao 37, regulador do dereito de acceso aos rexistros e arquivos das Administracións públicas) e ademais recoñece, en materia de transparencia, os dereitos seguintes:

■ 6.2.d) *A coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos nos que sexan interesados, salvo nos supostos en que a normativa de aplicación estableza restricións ao acceso á información sobre aqueles.* Este dereito predícase tanto de procedementos electrónicos como non electrónicos ex art. 37 LAE e non supón ningunha novidade lexislativa, salvo pola referencia aos medios electrónicos. Que, por certo, de acordo co enunciado do artigo, non permite saber se se refire a procedementos rematados ou non. Se inclúe tamén a estes últimos, é evidente a incidencia da normativa reguladora do dereito de acceso xeral. Xurde inmediatamente outra cuestión que, segundo o visto, queda pendente: o acceso directo non xa á relación de trámites ou á información sobre o estado en que se atope un procedemento, senón o *acceso directo, vía electrónica, aos documentos*. Como se verificará na Administración electrónica a modalidade de acceso contemplada no art. 37.7 LRPAC, consistente en eximir ao investigador da regra xeral de individualizar previamente os documentos aos que se desexa acceder, evitando así a intermediación da Administración para localizalos e poñelos á súa disposición?<sup>77</sup>

■ 6.2.e): *A obter copias electrónicas dos documentos electrónicos que formen parte de procedementos nos que teñan a condición de interesado.*



Algunhas recentes normas autonómicas amosan claramente as consecuencias de todo isto ao regular, no marco establecido pola LAE e presidido por políticas de mellora da calidade nos servizos administrativos, servizos de información ao cidadán nos que o dereito de acceso ou non aparece ou o fai mercé a unha simple remisión á normativa estatal<sup>78</sup>. De aí o clamor xeral entre boa parte da doutrina administrativa por unha nova regulación do dereito de acceso, necesidade cualificada por algún como «unha das grandes tarefas pendentes en España» (Cotino, 2008, 176 y ss.; Rivero, 2010, 39)<sup>79</sup>, máxime cando, partindo dun descoñecemento inexplicable, a confrontación coa normativa en materia de protección de datos persoais fai verdadeiramente insostible a situación. Pensemos que, no mundo da Sociedade da Información, fórmulase cada vez máis intensamente a cuestión do dereito ao esquecemento ou que a confidencialidade dos datos se considera máis ameazada no entorno electrónico (derivada do potencia de difusión dos medios electrónicos). Quizá por iso se está a traballar nun anteproxecto de lei de transparencia que moi recentemente foi filtrado á opinión pública<sup>80</sup>. O texto, por certo, volve formular cuestións interesantes dende a perspectiva, por exemplo, das competencias<sup>81</sup>.

En todo caso, non é sinxelo harmonizar coherentemente tan distintos elementos como interese público, intimidade e *privacidade*, protección de datos persoais e a secular tendencia ao escurantismo das estruturas administrativas.

\*\*\*

Quizá, chegados a este punto, un se atope con máis preguntas que respostas. Iso sucédelle, dende logo, a quen subscribe. Que vai pasar? Adiantar unha resposta a este e a outros moitos interrogantes equivalería a facer un exercicio de adiviñación. É certo que sempre existirá o arquivo como función pero como se configure en canto a procesos, en canto a «sistemas» ou en canto a responsabilidades está plenamente por ver.

Non é só cuestión de que a normativa estea moi *abierta* ou pendente de desenvolvementos; ou que a evolución da tecnoloxías nos depare escenarios nin siquera enxergados. É que xorden dúbidas por todas partes arredor de cuestións ate agora axiolóxicas. Desaparecerá o documento a favor dos datos contidos en bases? Non parece que, se atendemos á referida preocupación pola constancia, iso poida suceder. Outra cousa é esa mesma constancia confrontada aos cambios que poidan sufrir os rexistros das bases de datos. Perderanse ou rexistraranse mediante, por exemplo, metadatos para o seguimento desas modificacións? Nos casos como o da Seguridade Social, aludido anteriormente, o volume pode ser enorme...

A cuestión da orixinalidade do documento, axioma do concepto de arquivo e base da Arquivística, acaso non se dilúe ate desaparecer ou, polo menos, ate perder gran parte da súa importancia? Se a conservación da información faise con independencia de formatos, non haberá que considerar unha nova diplomática, indiferente diante dos caracteres externos dos documentos, que pode que xa non sexan tales?

E que dicir da profesión? Esta é unha cuestión que sobrepasa con moito a finalidade deste traballo e que foi, é e será —non sei por canto tempo— obxecto de debate. Deberá o arquivista —ou como queira que se lle chame— achegarse na súa intervención ás fases iniciais da produción de documentos, máis como participe na normalización de procesos e datos dende a perspectiva da xestión documental? Están os profesionais dos arquivos en condicións de liderar procesos de normalización cando levan anos intentando poñerse de acordo no dato da *data* ou no elemento *alcance* e contido e aínda non remataron? Se estivésemos en condicións de responder a estas e a outras preguntas quizá iso significase que temos unha capacidade de decisión ou de planificación da que, na miña opinión, carecemos no contexto da Administración electrónica. Tampouco non a tivemos no mundo papel, no que nos salvaba a súa dimensión como problema físico, agora desaparecido. Teño noticia de que no desenvolvemento da Plataforma Común da Administración Xeral do Estado, que será a base dos intercambios de datos e documentos electrónicos entre os diversos departamentos e organismos dependentes, participan algúns arquivistas, aínda que non pode dicirse que os traballos se estean a realizar nun marco de gran transparencia. Por iso é posible, incluso, que algunhas das posibles respostas ou propostas posibles en materia de procesos arquivísticos aplicados á Administración electrónica estean xa en curso de realización, aínda que non sexamos coñecedores diso.

O papel demostrou ate agora a súa capacidade para perdurar. Os soportes electrónicos non. Aínda que o futuro se constrúe a golpe de presente, no caso da ferramenta ao servizo da memoria que son documentos e arquivos —información en definitiva— o cambio tecnolóxico e cultural que supón o paso á Administración electrónica fai que tanto prevencións como inquietudes camiñen collidas da man. É tarefa de todos que as segundas vaian desaparecendo.

## Referencias

- ADMINISTRACIÓN electrónica. Edición preparada por Agustí Cerrillo i Martínez. Pamplona: Aranzadi, 2007.
- ALBAR, Eduard; URGELL, Ferran. Estado, burocracia y red. Administración Electrónica y cambio organizativo. Barcelona, 2007.
- APLICACIONES utilizadas para el ejercicio de Potestades. Criterios de conservación. Madrid: Ministerio para las Administraciones Públicas. Consulta: 20-06-2010. URL: <http://www.csi.map.es/csi/criterios/pdf/conservacion.pdf>
- BARBADILLO ALONSO, Javier. "Una propuesta para el desarrollo técnico de los archivos municipales". En Políticas públicas en el ámbito de los archivos municipales. Toledo: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, 2003
- CERRILLO i MARTÍNEZ, Agustí. Administración electrónica. Pamplona: Thomson Aranzadi, 2007.
- CIERCO SEIRA, César. "Algunas reflexiones sobre la simplificación de los procedimientos administrativos a la luz de los avances de la Administración Electrónica". En: Revista General de Derecho Administrativo, 2008, 19.
- COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS. Bruselas, 26.9.2003 [COM(2003) 567 final]. Comunicación de la Comisión al Consejo, al Parlamento Europeo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones: El papel de la administración electrónica en el futuro de Europa [SEC (2003) 1038]. Consulta: 13-06-2010. URL: <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2003:0567:FIN:ES:PDF>
- COTINO HUESO, Lorenzo. "El concepto "gobernanza" en la UE y su difícil aprehensión jurídica". En: GARCÍA HERRERA, Miguel Ángel. Constitución y democracia : 25 años de Constitución democrática en España (actas del congreso celebrado en Bilbao los días 19 a 21 de noviembre de 2003), 2005, vol. 2pp. 283-304.
- COTINO HUESO, Lorenzo. "Derechos del ciudadano". En: GAMERO CASADO, E.; VALERO TORRIJOS, J., (coordinadores). La Ley de Administración Electrónica. Comentario sistemático a la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos. Pamplona: Thomson-Aranzadi, 2008, pp. 117-233.
- CRUZ RIVERO, Diego. Eficacia formal y probatoria de la firma electrónica. Madrid: Marcial Pons, 2006.
- DAVARA RODRÍGUEZ, M. A., "El documento electrónico en la vigente LRJPAC". En: Revista de Administración Pública, 1993, mayo-agosto, núm. 131, pp. 483-484.
- DAVARA RODRÍGUEZ, M. A. Acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos. Madrid: La Ley, 2010
- ENCICLOPEDIA Jurídica Básica Civitas, 1995, vol. I, p. 338, voz "Administración Pública".
- DOCUMENTO Marco de Administración Electrónica. Consulta: 10-12-2011. URL: <http://www.navarra.es/NR/rdonlyres/4791219F-29D8-48CF-92F5-39089C23075C/117482/MAE03.pdf>
- E-Administración. Consulta: 13-06-2010. URL: [http://es.wikipedia.org/wiki/Administraci%C3%B3n\\_electr%C3%B3nica](http://es.wikipedia.org/wiki/Administraci%C3%B3n_electr%C3%B3nica)
- FERNÁNDEZ RAMOS, Severiano. El derecho de acceso a los documentos administrativos. Madrid: Marcial Pons, 1997.
- FERNÁNDEZ RAMOS, Severiano. "El derecho de acceso a los documentos públicos en el marco del sistema archivístico". En: VVAA. El derecho de acceso de los ciudadanos a la información contenida en los archivos. Toledo: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, 2001
- FERNÁNDEZ SALMERÓN, Manuel. "El derecho de acceso a los archivos y registros administrativos". En: Administración, archivos y ciudadanos. El derecho de acceso al documento administrativo: Murcia: Consejería de Turismo y Cultura de la Región de Murcia, 2001.
- FERNÁNDEZ SALMERÓN, Manuel. La protección de los datos personales en las administraciones públicas. Madrid: Civitas, 2003.
- FUNDACIÓN ORANGE, (abril de 2010). Consulta: 28-08-2010. URL: [http://www.informeespana.es/docs/Estudio\\_Ley\\_11\\_2007.pdf](http://www.informeespana.es/docs/Estudio_Ley_11_2007.pdf)
- FUNDACIÓN TELEFÓNICA (para 2009). URL: [http://e-libros.fundacion.telefonica.com/sie09/aplicacion\\_sie.html](http://e-libros.fundacion.telefonica.com/sie09/aplicacion_sie.html)
- LEGISLACIÓN de Administración Electrónica y de protección de datos. Ed. preparada por E. Gamero Casado y R. Martínez Gutiérrez. Madrid: Tecnos, 2008.
- GAMERO CASADO, E. "El derecho Administrativo ante la era de la información". En: GAMERO CASADO, E.; VALERO TORRIJOS, J., coord. La Ley de Administración Electrónica. Comentario sistemático a la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos. Pamplona: Thomson-Aranzadi, 2008.
- GAMERO CASADO, E., "Objeto, ámbito de aplicación y principios generales de la LAE: su posición en el sistema de fuentes". En GAMERO CASADO, E.; VALERO TORRIJOS, J., coord. La Ley de Administración Electrónica. Comentario sistemático a la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos. Pamplona: Thomson-Aranzadi, 2008.

- GARCIA DE ENTERRÍA, E.; FERNANDEZ, T. R. Curso de Derecho Administrativo, II, 4ª ed., Madrid, 1994.
- GUÍA práctica de la Ley 11/2007, de acceso electrónico de los ciudadanos a las Administraciones Públicas. Madrid: FEMP, 2009.
- GUICHOT REINA, Emilio. "Acceso a la Información en Poder de la Administración y Protección de Datos Personales". En: Revista de Administración Pública, 2007, núm. 173, pp. 407-445.
- GUICHOT REINA, Emilio. Publicidad y Privacidad de la Información Administrativa. Cizur: Thomson-Civitas, 2009.
- GONZÁLEZ PÉREZ; GONZÁLEZ NAVARRO. Comentarios a la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. Madrid: Civitas, 1993.
- GUIDANCE on managing records in cloud computing environments. En: NARA Bulletin, 2010, September, 08, 2010-05. Consulta: 29/09/2010. URL: <http://www.archives.gov/records-mgmt/bulletins/2010/2010-05.html>
- LIKANEN, Erkki. La Administración Electrónica para los servicios públicos del futuro, 2003. Consulta: 9-06-010. URL: <http://www.uoc.edu/inau-gural03/esp/article/index.html>
- LINARES GIL, Maximino. "Identificación y autenticación de las Administraciones Públicas". En GAMERO CASADO, E.; VALERO TORRIJOS, J., coord. La Ley de Administración Electrónica. Comentario sistemático a la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos. Pamplona: Thomson-Aranzadi, 2008, pp. 301-304
- LINARES GIL, Maximino. "Garantías del ciudadano frente a la Administración Electrónica obligatoria". En: Jornadas TECNIMAP 2010. Consulta: 9-09-2010. URL: <http://www.slideshare.net/tecnimap/maximino-linares-gil>
- MARTÍNEZ GARCÍA, Luis. "El archivero o breve opúsculo sobre el pesimismo profesional". En: Revista de la Asociación de Archiveros de la Comunidad de Madrid, pp. 4-19.
- MARTÍNEZ GUTIÉRREZ, Rubén. Administración Pública Electrónica. Pamplona, Thomson-Aranzadi, 2009.
- MARTÍNEZ NADAL, Apol·lònia. Comentarios a la Ley 59/2003 de firma electrónica. Madrid; Civitas, 2004.
- MESTRE DELGADO, J. F. El derecho de acceso a archivos y registros administrativos: análisis del artículo 105.b) de la Constitución. Madrid: Civitas, 1993
- OCAÑA LACAL, D. de. "Ignorancia, ilegalidad y otros males: panorámica del derecho de acceso a los archivos públicos en España". En: Boletín de ANABAD. Actas del VII Congreso Nacional, 1999, XLIX, 3-4, p. 173-210;
- OCAÑA LACAL, D. de. "El archivero y la aplicación de la legislación sobre acceso". En: El derecho de acceso de los ciudadanos a la información contenida en los archivos. Toledo: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, 2001.
- OCAÑA LACAL, D. de. "El archivero y el derecho de acceso en la sociedad democrática: algunas reflexiones". En: WVAA, Administración, archivos y ciudadanos. El derecho de acceso al documento administrativo. Murcia: Consejería de Turismo y Cultura de la Región de Murcia, 2001.
- OCHOA MONZÓ, Joseph. "¿Hacia la ciberadministración y el ciberprocedimiento?" En: El Derecho Administrativo en el umbral del siglo XXI. Homenaje al Profesor Ramón Martín Mateo. Valencia, 2000, vol I, p. 158.
- PALOMAR OLMEDA, A. La actividad administrativa efectuada por medios electrónicos. A propósito de la LAE. Pamplona: Thomson-Aranzadi, 2007.
- POMED SANCHEZ, L. A. "El acceso a los archivos administrativos: el marco jurídico y la práctica administrativa". En: Revista de Administración Pública, 1997, enero-abril, 142, p. 439-479.
- RIVERO ORTEGA, Ricardo. "Archivo y expediente electrónico: dos herramientas claves del Derecho Administrativo de la Sociedad de la Información y el Conocimiento". En SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Z., coordinadora, Nuevas Tecnologías, Administración y participación ciudadana. Granada: Comares, 2010, pp. 31-40.
- RODRÍGUEZ ADRADOS, Antonio. Firma electrónica y documento electrónico. Madrid: Consejo General del Notariado, 2004.
- ROMERO TALLAFIGO, M. "Del registro general del sello al registro general de entrada y salida de documentos: la introducción del *registratur* centroeuropeo en la España liberal". En La documentación para la investigación. Homenaje a José Antonio Martín Fuertes, vol. II. León: Universidad de León, 2002, pp. 537 a 582.
- SANZ LARRUGA, F.J. "Documentos y archivos electrónicos". En: GAMERO CASADO, E.; VALERO TORRIJOS, J., coord. La Ley de Administración Electrónica. Comentario sistemático a la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos. Pamplona: Thomson-Aranzadi, 2008, pp. 455-493.
- SENDÍN GARCÍA, M. A. "Concepto jurídico de documento". En: Diario La Ley, 2006, núm. 6587, pp. 1-5.
- SERRA i SERRA, Jordi. "La firma electrónica y el archivo digital". En: Pri-

meres jornadas de signatura electrònica, CatCert, Barcelona, 10-11 de juny de 2004. Consulta: 11-06-2010. URL: [http://eprints.rclis.org/archive/00002602/01/CATCERT\\_2004.pdf](http://eprints.rclis.org/archive/00002602/01/CATCERT_2004.pdf).

SERRA i SERRA, Jordi. "Gestión y conservación de los documentos electrónicos desde la perspectiva archivística: un nuevo escenario de actuación". En: El documento electrónico. Aspectos jurídicos, tecnológicos y archivísticos. Actas del I Congreso sobre gestión y conservación del documento electrónico. Castellón: Universitat Jaume I, 2007. Consulta: 24-06-2010. URL: [http://eprints.rclis.org/13057/1/UJI\\_2007\\_-\\_Text\\_ponencia.pdf](http://eprints.rclis.org/13057/1/UJI_2007_-_Text_ponencia.pdf).

SOLER, Joan. La preservación de documentos electrónicos. Barcelona, 2008.

SOFTWARE de fuentes abiertas en la Administración electrónica: Archivo electrónico de las Administraciones Públicas. Madrid: CENATIC, 2009. Consulta: 23-04-2010. URL: [http://www.cenatic.es/laecsp/page37/files/LAECSP\\_Archivo.pdf](http://www.cenatic.es/laecsp/page37/files/LAECSP_Archivo.pdf)

TORREBLANCA LÓPEZ, A. "La eliminación de documentos en la Administración General del Estado". En: Sistemas de eliminación de documentos administrativos. Murcia: Archivo General de la Región de Murcia, 2003, pp. 13-58.

TORREBLANCA LÓPEZ, A. "Política de archivos del Ministerio de Hacienda". En: Actas de las VIII Jornadas de Castilla-La Mancha sobre Investigación en archivos. Guadalajara, 2009,

VALERO TORRIJOS, Julián. El régimen jurídico de la E-Administración. El uso de medios informáticos y telemáticos en el procedimiento administrativo. Granada: Comares, 2003. [Hay una nueva edición de 2008].

## Notas

<sup>1</sup> Sobre a relación entre o principio de eficacia a Administración Electrónica véxase, entre outros moitos, ese traballo.

<sup>2</sup> Véxase o citado traballo de AIBAR para unha interesante aproximación non unicamente descritiva, etimolóxica e futrolóxica á Administración Electrónica.

<sup>3</sup> Boa parte das dificultades semánticas derivan, ben do intento de homoxeneizar tradicións administrativas distintas, ben de meras cuestións idiomáticas, tan cambiantes nun proceso relativamente novo e en curso. Así, *e-democracia* (democracia electrónica) alude a procesos electrónicos ou informáticos que permiten a participación cidadá na vida política, xa sexa de forma directa na toma de decisións políticas, ou por medio dos seus representantes. O voto electrónico é o paradigma. Por outra parte, E-goberno (gobierno electrónico) é un termo máis ambiguo e, con frecuencia, identifícase coa *e-Administración*. Esta última expresión (Administración electrónica, *e-government* en terminoloxía anglosaxona) fai referencia á prestación de servizos públicos da Administración tanto aos cidadáns como ás empresas por medios electrónicos. Sobre a equivalencia dos diversos termos: Martínez, 2009, 182 e ss.

<sup>4</sup> Sobre a conxunción entre TIC e cambio organizativo: Liikanen, 2003. Sobre a relación entre a *Lei 11/2007, de 11 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos* e a simplificación dos procedementos administrativos: Cierco, 2008. Por outra parte, existen numerosas análises e estudos estatísticos sobre a evolución da Administración Electrónica e o grao de aplicación da Lei 11/2007. Polo que se refire a España contamos coa información que tanto o Estado como as distintas Comunidades Autónomas ofrecen en liña nos seu portelos. Por parte do sector privado, entre outros, contamos cos da Fundación Orange (Fundación Orange, 2010) e da Fundación Telefónica (para 2009) (Fundación Telefónica, 2009).

<sup>5</sup> E non só nelas. Tamén, por exemplo, no Poder Xudicial, como representaba a *Lei Orgánica do Poder Xudicial* segundo redacción dada pola Lei Orgánica 16/1994, que admite o documento electrónico dándolle validez e eficacia (artigo 230) aínda que polo que se refire ás actuacións xudiciais e non aos medios probatorios a aportar en xuízo.

<sup>6</sup> Son moitas as recompilacións normativas en materia de Administración Electrónica dispoñibles nos distintos sitios web das diversas Administracións Públicas. Un exemplo —actualizado a marzo de 2010— é o dispoñible no portelo do Ministerio de Facenda [Consulta:

12/07/2010]: <<http://www.meh.es/Documentacion/Publico/AdministracionElectronica/Texto%20legal%202010.%20Administraci%C3%B3n%20Electr%C3%B3nica.%20Normativa%20general.pdf>>. En canto a recompilacións lexislativas manexamos *Legislación de Administración Electrónica y de protección de datos* (Legislación, 2008), (Administración, 2007).

<sup>7</sup> A prestación de servizos por parte das administracións públicas dos países membros da UE a cidadáns, empresas e entre si é necesaria para a realización das políticas comunitarias. Para iso, a *interoperabilidade* é premisa absolutamente necesaria. A Comisión Europea, que carece de competencias en materia de administración pública, ven desenvolvendo de acordo coas súas competencias en diversas materias actuacións e programas destinados a conseguir que a dita interoperabilidade sexa real, evitando a descoordinación e as posibles barreiras organizativas e técnicas. Neste senso, destacaron o programa IDA e o seu substituto, IDABC, Información en: <[http://europa.eu/legislation\\_summaries/information\\_society/I24147b\\_es.htm](http://europa.eu/legislation_summaries/information_society/I24147b_es.htm)> [Consulta: 2/07/2010].

<sup>8</sup> AIBAR y URGELL, *op. cit.*, p. 38. O papel do documento nas burocracias públicas deriva da importancia da *constancia*, incluso a longo prazo. A Administración Electrónica, cuxa existencia é inimaxinable sen os sistemas de tramitación baseados en bases de datos, amosa claramente a necesidade de combinar os denominados sistemas *docuécéntrico* e *datacéntrico*: (Serra, 2004); tamén Soler, 2008.

<sup>9</sup> Un exemplo sería a incidencia que sobre a teoría do órgano competente pode ter a automatización de procedementos administrativos cando a imputación dos actos administrativos resultantes non resulte evidente (Valero, 2003, 26 e ss.).

<sup>10</sup> Por exemplo, o sistema de facturación telemática regúlase de forma concreta na *Lei 7/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido* (OM de 22 de marzo de 1996), sen esquecer o *Regulamento do Imposto sobre Transmisión Patrimoniais e Actos Xurídicos documentados* (RD 828/1995, de 29 de maio), que entende por documento, “...calquera soporte escrito, incluídos os informáticos, polos que se probe, acredite ou se faga constar algunha cousa” (artigo 76.3.c.2). Outras normas que poden citarse como exemplo son a *Lei do Mercado de Valores, de 28 de xullo* (modificada polas Leis 37/1998 y 50/1998), que estableceu a posibilidade de emitir valores negociables representados mediante anotacións en conta, que debían constar nun rexistro contable informatizado, ou o *Regulamento do Rexistro Mer-*

*cantil de 1996* cuxo artigo 385.1 establece que “a *remisión de datos polos Rexistros Mercantís farase utilizando soportes magnéticos de almacenamento ou mediante comunicación telemática, a través de terminais ou de equipos autónomos, susceptibles de comunicación directa co ordenador do Rexistrador Mercantil Central. Outro exemplo constitúe o Real Decreto 430/1990, de 30 de marzo de modificación do Regulamento Hipotecario*, contempla xa unha informatización integral dos Rexistros da Propiedade.

<sup>11</sup> “As normas interpretaranse segundo o senso propio das súas palabras, en relación co seu contexto, os antecedentes históricos e lexislativos, e a realidade social do tempo en que han ser aplicadas atendendo fundamentalmente, ao espírito e finalidade de aquela”

<sup>12</sup> A *STS de 30 de novembro de 1981* negaba a consideración de documentos ás cintas magnetofónicas, sobre a base da dificultade que formulla comprobar a autenticidade da gravación, pero recoñecía: *terase en conta que se ben é certo que tradicionalmente o concepto de documento veuse identificando como un “escrito”, [...] e que a inmensa maioría dos documentos que se aportan a un proceso son “escritos”, iso non é óbice para que existan na actualidade outros obxectos que, sen ter esa condición, poidan facer proba fidedigna como aqueles e que, por analogía, poidan equipararse aos mesmos.*

<sup>13</sup> Na citada STS afirmase: *A firma autógrafa non é a única maneira de sinalar, pois hai outros mecanismos que, sen ser sinatura autógrafa, constitúen trazados gráficos, que así mesmo conceden autoría e obrígan [...]. O requisito da sinatura autógrafa ou equivalente pode ser substituído, polo lado da criptografía, por medio de cifras, signos, códigos, barras, claves ou outros atributos alfanuméricos que permitan asegurar a procedencia e veracidade da súa autoría e a autenticidade do seu contido... Polo tanto, se se dan todas as circunstancias necesarias para acreditar a autenticidade dos ficheiros electrónicos ou do contido dos discos dos ordenadores ou procesadores e se garante, coas probas periciais paro o caso necesarias, a veracidade do documentado e a autoría da sinatura electrónica utilizada, o documento mercantil en soporte informático, con función de xiro, debe gozar... de plena virtualidade xurídica operativa.*

<sup>14</sup> En concreto, a LEC, na súa redacción inicial (vid. arts. 299.1, 317, 318 e 319) categorizaba o documento electrónico non como “documento” senón como “instrumento” (art. 384), isto é dotado de distinta —inferior— forza probatoria. Sobre o particular véxase Rodríguez, 2004, 11 e ss.

<sup>15</sup> Unha das primeiras aproximacións “institucionais” ao tema traducíuse no coñecido documento *Aplicaciones utilizadas para el ejercicio de Potestades. Criterios de conservación*, (Aplicaciones) elaborado a instancias do desaparecido Ministerio para las Administraciones Públicas.

<sup>16</sup> A Directiva pretendía garantir o bo funcionamento do mercado interior no ámbito da sinatura electrónica, creando un marco legal harmonizado e adecuado para a utilización da sinatura electrónica na UE que permita aproveitar ao máximo as posibilidades económicas que as redes abertas como Internet ofrecen, para o cal era necesario crear un entorno seguro para a autenticación electrónica. Establece os criterios para o recoñecemento xurídico da sinatura dixital, define a sinatura electrónica, os dispositivos de creación e verificación de sinatura e outros conceptos e establece o recoñecemento xurídico da sinatura electrónica, para o cal recorre, como base de todo o sistema de confianza, á figura das Entidades que emprestan Servizos de Certificación (PSC), determinando as súas obrigas comúns, normas en materia de responsabilidades, cooperación, etc., nun marco de liberalización dos seus servizos.

<sup>17</sup> Modificada pola *Lei 56/2007, de 28 decembro, de medidas de impulso da Sociedade dta Información*. É moi abundante a bibliografía sobre a sinatura electrónica. Cito, a título unicamente de exemplo, os traballos ADRADOS (Rodríguez, 2004, pp. 43-82); CRUZ RIVERO (Cruz, 2006) y MARTÍNEZ NADAL (Martínez, 2004).

<sup>18</sup> Máxime se consideramos que, de acordo co establecido no Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica (RDENI), art. 18.1, a Administración Xeral do Estado definirá a súa política de sinatura electrónica e de certificados, que poderá inspirar as políticas doutras Administracións Públicas.

<sup>19</sup> Véxanse os apartados 5 e 6 do artigo 3 LSE, trala modificación operada pola *Lei 56/2007, de 28 decembro, de medidas de impulso da Sociedade da Información*.

<sup>20</sup> Principalmente, a Comisión Interministerial de Informática, as Comisións Ministeriais de Informática e o Consello Superior de Informática.

<sup>21</sup> Unha exhaustiva análise do art. 45 da Lei 30/1992 atopámolo en Valero, 2003.

<sup>22</sup> Modificado pola Lei 24/2001, de 27 de decembro, que engade un novo apartado 9.

<sup>23</sup> Aínda que a técnica normativa seguida, por acumulación, supuxo al-

gunhas dúbidas y escuridades (Valero, 2003, 21).

<sup>24</sup> É xa clásica a definición que dá de cada un destes tipos de documentos DAVARA RODRÍGUEZ (Davara, 1993, 483-484).

<sup>25</sup> A promulgación da LAE, como non podía ser doutra maneira, deu lugar á aparición de numerosos traballos. Ademais das obras xa citadas de GAMERO CASADO, E. y VALERO TORRIJOS, J., por un lado, e de PALOMAR OLMEDA, A., contamos coa segunda edición, aparecida en 2007, da tamén mencionada obra de VALERO TORRIJOS, J., *El régimen jurídico... , op. cit.* Tamén poden sinalarse, dende unha óptica máis utilitarista, DAVARA RODRÍGUEZ, M. A., *Acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos*, DAVARA RODRÍGUEZ, M. A., *Acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos* (Davara, 2010), ou a *Guía práctica de la Ley 11/2007, de acceso electrónico de los ciudadanos a las Administraciones Públicas* (Guía, 2009).

<sup>26</sup> Aínda que non a primeira. Se ben no ámbito autonómico, a Lei Foral 11/2007, de 4 de abril, para a implantación da Administración Electrónica na Administración da Comunidade Foral de Navarra é anterior á LAE.

<sup>27</sup> Art. 1 LAE

<sup>28</sup> Art. 3 LAE

<sup>29</sup> Art. 2 LAE

<sup>30</sup> Por exemplo, na LAE non se menciona expresamente ás Universidades ou á Administración corporativa. En canto a esta última, cómpre traer aquí o razoamento baseado no exercicio de función públicas (STS de 18 de febreiro de 1998 (RJ 1998, 1678), xa sexa por atribución, xa por delegación dos poderes públicos, e que é igualmente válido para outras cuestións (régime xurídico dos seus documentos, accesibilidade...). Tampouco a excepción respecto das actividades que as Administracións Públicas desenvolvan en réxime de dereito privado está sempre clara, a pesar de que a noción de documento administrativo non deba identificarse coa de “acto administrativo”. Vid. FERNÁNDEZ RAMOS, S., *El derecho de acceso a los documentos administrativos* (Fernández, 1997, 422-423). Tamén SENDÍN GARCÍA, M. A., (Sendín, 2006, 1-5) .

<sup>31</sup> Seguimos neste punto a obra de GAMERO CASADO, E., “Objeto, ámbito de aplicación...”, *op. cit.*, pp. 69 y ss.

<sup>32</sup> *Ibidem*, p. 79-83. Con todo, tamén sobre isto hai opinións contrapostas: Cerrillo, 2007, 19: “La LAE regula de manera excesivamente detallada algunas instituciones, dejando poco margen al desarrollo autonómico...”.

<sup>32</sup> Estando no prelo este traballo publicáronse varios borradores das normas técnicas en: <[http://administracionelectronica.gob.es/?\\_nfpb=true&\\_pageLabel=P60215901274203521811&langPae=es](http://administracionelectronica.gob.es/?_nfpb=true&_pageLabel=P60215901274203521811&langPae=es)>. [Consulta: 5/06/2011].

<sup>33</sup> Un exemplo é a *Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público* (vid. D.A. 19<sup>ª</sup>: Uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos regulados na Lei).

<sup>34</sup> Art. 4.d) LAE, antes, 45.2 LRJPAC.

<sup>35</sup> "Os documentos emitidos, calquera que sexa o seu soporte, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos polas Administracións Públicas, ou os que estas emitan como copias de orixinais almacenados por estes mesmos medios, gozarán da validez e eficacia de documento orixinal sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade e conservación e, de ser o caso, a recepción polo interesado, así como o cumprimento das garantías e requisitos esixidos por esta ou outras leis".

<sup>36</sup> Como, por exemplo, no art. 11, ao atribuír idénticos efectos á publicación electrónica e impresa de Boletíns Oficiais *nas condicións e garantías que cada Administración Pública determine*. Ou ao regular no documento administrativo electrónico (art. 29) e as súas copias (art. 30)

<sup>37</sup> O RDENI identifícaa como *calidade integral* (arts. 4. a y 5).

<sup>38</sup> O autor critica que o principio non fose máis amplamente desenvolvido, no senso de contemplar non xa os cambios de formato dos documentos, senón da súa estrutura.

<sup>39</sup> O RD 1494/2007, de 12 de novembro, non específico da Administración Electrónica, contén varias previsións acerca da cuestión da accesibilidade por parte de persoas con discapacidade ou limitacións de diversa índole.

<sup>40</sup> Xa sexa en función da vía a utilizar (esixencia fronte a inactividade ou responsabilidade patrimonial), xa por virtude da polémica cláusula *sempre que o permitan as disponibilidades orzamentarias* (LAE, Disposición Final Tercera), referida á posibilidade de exercer os dereitos que a LAE recoñece no ámbito autonómico e local. Unha análise exhaustiva destas cuestións en Cotino, 2008.

<sup>41</sup> Un dereito enunciado de forma taxativa que só admite unha excepción (art. 35.2), de interese no ámbito da xestión de documentos e arquivos: "Os interesados poderán aportar ao expediente copias dixitalizadas dos documentos, cuxa fidelidade co orixinal garantirán mediante a utilización da sinatura electrónica avanzada. A Administración Pública poderá solicitar do correspondente arquivo o cotexo do contido das

copias aportadas. Ante a imposibilidade deste cotexo e con carácter excepcional, poderá requirir ao particular a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida en tales documentos".

Supoñamos un expediente de título académico. O interesado, nun concurso de méritos, poderá aportar telematicamente copia dixitalizada do seu título, asinada dixitalmente por el. A Administración poderá cotejar a dita copia co orixinal (expediente ou información). É o que faría se o cidadán presentase orixinal e copia en papel nun rexistro para o seu cotexo. Se non é posible, porque se perdeu ou costa moito localizalo no centro de arquivo que o custodia, requirirá ao particular a exhibición do que obra no seu poder. Por esta razón o último parágrafo ("A achega...") o que fai, ao amparo da Lei de Protección de Datos, é autorizar a un organismo público a que poida localizar a dita información noutros organismos distintos do actuante, co obxectivo de permitir o obxectivo de non ter que aportar informacións que xa obran en poder da AAPP (art. 35.f da Lei 30/1992).

<sup>42</sup> Coa excepción da imposición a persoas xurídicas *ex art. 27.6*. No entanto, parece evidente que a LAE iniciou unha clara tendencia a impoñer a Administración Electrónica aos cidadáns, aínda que tal imposición, polo momento, só se manifeste respecto de tales persoas xurídicas ou colectivos cualificados de persoas físicas, como manifestou Maximino LINARES GIL no seu relatorio "Garantías del ciudadano frente a la Administración Electrónica obligatoria", nas Jornadas TECNIMAP 2010 (Linares, 2010).

<sup>43</sup> A LAE non os impón expresamente aínda que se opte pola vía electrónica. No entanto, pode facerse respecto de procedementos concretos, ao igual que agora en papel.

<sup>44</sup> Aínda que no borrador de proxecto de RD de desenvolvemento da LAE (de data 27.01.2009) se contiña a posibilidade de rexeitar os documentos "non normalizados" tal alusión desapareceu no texto definitivo.

<sup>45</sup> Art. 22 LAE; art. 16 RDDPLAE..

<sup>46</sup> Regulados nos arts. 24 a 26 LAE y en arts. 26 a 30 del RDDPLAE.

<sup>47</sup> Vid. tamén SERRA, 2007, p.6 do documento pdf: "[La LAE]... da un carácter genérico a la oficina de registro, con independencia del soporte documental".

<sup>48</sup> Nalgúns casos xa non se trata só de mera interconexión. Por exemplo, a Lei 9/2007, de 22 de outubro, de Administración da Xunta de Andalu-



cia, no seu art. 10 ("Arquivo de documentos electrónicos") fai depender os Arquivos dos documentos electrónicos que se reciban e transmitan a través do Rexistro telemático dos responsables da xestión dos servidores do dito Rexistro, *sen prexuízo da obriga do órgano que tramite o procedemento de archivar a copia do documento electrónico que lla faga chegar, así como das obrigas de transferencia destes documentos aos arquivos centrais nos supostos que dispón a normativa de arquivos aplicable*. No caso da Comunidade Autónoma de Extremadura, o *Decreto 2/2006, de 10 de xaneiro, polo que se crea o Rexistro Telemático, se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, así como o emprego da sinatura electrónica recoñecida pola administración da Comunidade Autónoma de Extremadura* contempla no seu art. 10 un "Arquivo de Documentos Electrónicos", responsabilidade do encargado da xestión dos servidores do dito Rexistro, que custodiará os recibidos e transmitidos polo Rexistro Telemático Único.

<sup>50</sup> O RDDPLAE, no seu art. 53.2, establece as regras para a formación dos expedientes electrónicos *que deban ser obxecto de remisión ou posta a disposición*. Vid. Vid. Martínez, 2009, 434-435.

<sup>51</sup> Inconveniente menor porque agora xa non se trata de ir a un ou a outro rexistro, senón que a distancia se salva cun click do rato, carga desprezable para o cidadán fronte aos grandes problemas que en materia de interoperabilidade entre distintas administracións públicas suporía manter o preexistente dereito a presentar documentos en calquera rexistro de calquera administración distinta da actuante. (Cotino, 2008, 167).

<sup>52</sup> Regulado na Orde PRE/3523/2009, de 29 de decembro.

<sup>53</sup> Unha definición do selo electrónico en <<http://www.cert.fnmt.es/index.php?cha=adm&sec=2&page=16&lang=es>> [Consulta: 9/09/2010]. Sobre o documento electrónico na LAE véxase Sanz, 2008.

<sup>54</sup> As copias emitidas, cando cumpran os requisitos establecidos na LAE, terán a consideración de *copias auténticas*, cuxo réxime xurídico se regula no 46 LRXPAC e no RD 772/1999.

<sup>55</sup> RDDPLAE, art. 43.2.c

<sup>56</sup> A diferenza das anteriores, carecen do carácter de copias auténticas *ex art. 48.1 RDDPLAE*. A copia auténtica, como documento público expedido por un fedatario público, ten valor probatorio pleno sobre os feitos ou actos que documente, equivalente ao documento orixinal (art. 319.1 da Lei de Axuízamento Civil e o 46 da LRXPAC). A compul-

sa, no entanto, é o resultado do cotexo que realiza un funcionario encargado de recibir documentos (vid. arts. 35 LRXPAC, 158 ROF e 8 do Real Decreto 772/1999): nela non intervéñ a fe pública, polo que o documento non acadará o estado de documento público. As "imaxes electrónicas" xa se atopaban reguladas antes da LAE, aínda que non de forma xeral, mentres que agora o son con carácter básico. Un fito o constitúe a Orde ITC/1475/2006, de 11 de maio, no seu art. 1: *A compulsa electrónica de documentos, para os efectos desta orde, é un procedemento seguro de dixitalización da documentación de orixinal en papel que produce unha copia electrónica do documento orixinal, utilizando para iso a sinatura electrónica recoñecida dun funcionario ou empregado público do Ministerio ou dalgún dos seus organismos públicos dependentes, que é a que garante a identidade dos contidos do documento orixinal e da copia electrónica*.

A Lei Foral 11/2007, pola súa banda, ao regular o arquivo electrónico de documentos, di: *os funcionarios responsables do arquivo poderán emitir e transmitir por medios electrónicos copias compulsadas dos documentos orixinais que obren no mesmo* (art.21.5).

<sup>57</sup> A obriga de comprobar en destino a súa autenticidade pode paliarse mediante a adición dun selo electrónico da Administración Pública actuante, baseado nun certificado, que é o que permite ao destinatario comprobar que non foi modificado. Este selo ou sinatura dixital administrativa ten máis semellanza cun selo de chumbo ou de placa que a xenuína sinatura manuscrita. Os restantes apartados do precepto conteñen algunhas regras sobre tales selos (Linares, 2008).

<sup>58</sup> Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, art. 164.

<sup>59</sup> p. 6 del documento pdf y nota 5.

<sup>60</sup> Un exemplo deste tipo de agrupación virtual de documentos para o caso das empresas é o DUE ou Documento Único Empresarial. Véxase o *Real Decreto 368/2010, de 26 de marzo, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do Documento Único Electrónico (DUE) para a posta en marcha das empresas individuais mediante o sistema de tramitación telemática*.

<sup>61</sup> Tal e como se establece no art. 51.2 del RDDPLAE.

<sup>62</sup> A STC 227/1991 (BOE de 3/01/1992) exemplifica de forma meridiana — nun caso referido precisamente á Seguridade Social— os problemas que poderían darse de brindar validez legal a meros datos non apoiados por un elemento de validación ou documento autenticado, a dife-

rencia dos que se contemplan no citado art. 51.2 RDDPLAE. Na mesa tamén se aludiu ao caso de Facenda e a AEAT. Para entender como se articulou esta cuestión dende hai xa tempo neste ámbito é de obrigada lectura o traballo de TORREBLANCA LÓPEZ, A., “Política de arquivos del Ministerio de Hacienda” (Torreblanca, 2009) en *Actas de las VIII Jornadas de Castilla-La Mancha sobre Investigación en archivos*, Guadalajara, 2009, p. 308. Creo oportuno transcribir unha parte pese a súa extensión: *A liquidación de cada imposto de forma individual, que outrora se calculaba mediante un procedemento administrativo de natureza tributaria, transformouse nunha campaña de achega de datos de periodicidade anual e de carácter voluntario na que o obrigado tributario, xa sexa unha persoa física ou xurídica, cumprimenta unha serie de impresos deseñados para o efecto para a recollida de dato - ben en soporte papel, ben electrónico.-, no que os cidadáns e empresas aportan a información que, tanto as institucións tributarias como o propio obrigado, estiman necesaria para deducir o importe da cota que debe aboarse en concepto de tributo, calquera que sexa estes. Pártese do principio de que a información se aporta voluntariamente e que o que se consigna nos ditos formularios é a verdade. Trátase dun concepto ben diferente de recollida de información que substitúe ao tradicional de procedemento [...]*

*Toda a información [...] é pasada ás bases de datos e confirmase a súa autenticidade mediante o contraste dos datos aportados coa información obtida pola AEAT por outros medios. Se hai acordo entre as institucións tributarias e o obrigado tributario, a satisfacción do imposto faise de forma automatizada e directa sen abrir ningún procedemento tributario. Isto quere dicir que as follas de recollida de datos —os formularios deseñados para estimar de forma obxectiva a contía a satisfacer—, non constitúen en por si mesmos documentos públicos administrativos; posto que o seu único obxecto é recoller unha información que posteriormente é pasada ás aplicacións informáticas[...] estes formularios non se constitúan en por si en documentos públicos administrativos e, por tanto, carecen do valor do documento de arquivo e non teñen por que ser tratados necesariamente con todos os requisitos establecidos pola normativa estatal vixente para aqueloutros que si o son; incluídos aqueles aspectos que teñen que ver coa súa eliminación ou cambio de soporte.*

*Isto quere dicir que as autoliquidacións que realizan os obrigados tributarios non implican a instrución dun procedemento económico-administrativo. Este último só se incoa de oficio se aa comprobación dos da-*

*tos aportados polos cidadáns e as empresas se determina que existe disparidade cos que previamente obtivo a propia Administración por medo doutras fontes de información fiscal. Se non se chega a un acordo previo entre as partes, só entón se dá lugar á apertura dun expediente por vía económico-administrativa. Instrúese un expediente administrativo en senso estrito que debe ser arquivado e conservado polo tempo que se estime necesario ate que se resolva de forma definitiva.*

*Onde queremos chegar con todo este longo razoamento? —Ao seguinte: os documentos de autoliquidación tributaria e da declaración de titularidade catastral, xa non son considerados como tales expedientes en senso estrito. O seu valor procesual desvirtuouse. Agora debemos considerarlos como simples follas de recollida de datos que serán introducidas nun sistema informático que será o responsable de xerar un expediente administrativo virtual; polo menos isto é parte da filosofía dos xestores tributarios e administrativos que inspira o Plan de impulso da Administración Electrónica no Ministerio de Economía e Facenda.*

<sup>63</sup> Pois os datos persoais poden conterse nun documento administrativo (con independencia do seu soporte), integrante do patrimonio documental e suxeito, por tanto, á normativa en materia de eliminación de documentos públicos en concreto a Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e o xa citado Real Decreto 1164/2002, de 8 de novembro. E aínda que esta última norma remite (DA 6<sup>ª</sup>) á propia LOPDP, iso non obsta ao que vimos expoñendo, máxime se consideramos as condicións que para o exercicio de, entre outros dereitos, o de cancelación, se conteñen na propia Instrución da Axencia de Protección de Datos 1/1998: *a cancelación non procederá [...] cando existise unha obriga de conservar os datos.*

<sup>64</sup> Ven establecerse así, polo menos aparentemente, un réxime distinto para a eliminación de documentos en ambos os dous soportes, aínda que me pregunto se a mencionada alusión ás normas xerais sobre conservación do patrimonio documental non conduciría en ambos os dous casos a unha mesma canle: o establecido no *RD 1164/2002, de 8 de novembro, polo que se regula a conservación de documentación histórica, o control da eliminación de documentos da AGE e os seus organismos públicos e a súa conservación en soporte distinto do orixinal.* Unha xhaustiva análise deste Real Decreto en TORREBLANCA, 2003.

<sup>65</sup> O mesmo art. 52 RDDPLAE establece que cada órgano administrativo de-

terminará os *períodos de conservación dos documentos electrónicos e non dos períodos máximos de utilidade administrativa*, como si se fai correctamente en, por exemplo, o *Decreto 12/2010, de 16 de marzo, polo que se regula a utilización de medios electrónicos na actividade da Administración da Xunta de Comunidades de Castela-A Mancha* (DOCM de 18 de marzo de 2010).

<sup>66</sup> É moi recomendable a lectura das análises da facturación electrónica e do formato da factura electrónica coñecido inicialmente como CCI-AEAT e posteriormente con formato *Facturae* dispoñibles na dirección <<http://www.facturae.es/es-ES/Documentacion/Paginas/Analisis.aspx>>.

<sup>67</sup> Lamentablemente éme imposible facer uso da expresión “pista de auditoría”, así como doutras cuxa ausencia no texto seguramente resulta clamoroso: “records”, “rendición de contas”, “trazabilidade”, etc.

<sup>68</sup> É imprescindible a participación dos arquiteiros no desenvolvemento e implantación de procesos de clasificación e conservación da documentación dixital” afirmase en CENATIC (Centro Nacional de Referencia de Aplicación de las TIC basado en Fuentes Abiertas), Software de fuentes abiertas en la Administración electrónica: Archivo electrónico de las Administraciones Públicas, Madrid, 2009, p. 14. Non parece, sen embargo, que a realidade sexa esta.

<sup>69</sup> Ao caso xa coñecido do cadro de clasificación do Goberno do Principado de Asturias xúntanse cada vez máis. Un bo exemplo é o recentísimo *Decreto 141/2010, de 4 de outubro, polo que se crea e regula o Catálogo de Procedementos Administrativos da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Canarias* (BOC de 7 de xaneiro de 2011)

<sup>70</sup> O exemplo máis coñecido o constitúe o proxecto iArxiu (inicialmente denominado XISPA), xestionado por CatCert (Autoridade de certificación de Cataluña): Información dispoñible en <[http://www.catcert.cat/web/cas/1\\_4\\_9\\_iArxiu.jsp](http://www.catcert.cat/web/cas/1_4_9_iArxiu.jsp)>. [Consultado o 18/09/2010]. Fóra de España o proxecto portugués RODA é similar. Vid. <<http://dgarq.gov.pt/servicos/arquivo-digital-roda/>> [Consultado el 20/09/2010]. Xa na Orde ITC/1475/2006, de 11 de maio (art.7.1) atopamos antecedentes normativos de repositorios electrónicos: *Os documentos compulsados electronicamente almacenaranse no Arquivo de Constancias Electrónicas (ARCE), conforme ao procedemento creado na Orde ITC/3928/2004, de 12 de novembro*, xa citada. No ámbito autonómico, a título de exemplo, o *Decreto 40/2005, de 19 de maio, polo que se regula a utilización de técnicas de Administración Electrónica pola Administración de Castela e León*, creaba o Depósito de Orixinais

Electrónicos (arts. 9 e 10). Con posterioridade á promulgación da LAE, o *Decreto 232/2007, de 18 de decembro, polo que se regula a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos administrativos*, do Goberno Vasco, que no seu art. 32 inclúe, entre os servizos comúns de tramitación telemática, un Repositorio de Documentos Electrónicos.

<sup>71</sup> Non é este o lugar para analizar as consecuencias que a Administración Electrónica pode supoñer para a profesión arquivística, aspecto sobre o que verteron xa ríos de tinta, nas beiras dos cales atopamos dende o pesimismo do que se sabe ao borde da extinción ate o entusiasmo que ve oportunidades por todas partes. Recomendo a lectura do artigo de MARTÍNEZ GARCÍA, L., “El archivero o breve opúsculo sobre el pesimismo profesional” en *Revista de la Asociación de Archiveros de la Comunidad de Madrid*, 2007 (Martínez, 2007).

<sup>72</sup> Como, por exemplo, se lle atribúe ao Arquivo de Castela-A Mancha art. 34.6. do xa citado Decreto 12/2010.

<sup>73</sup> O *cloud computing* consiste en que dende o almacenamento ou procedemento de datos ate a execución de programas pode trasladarse á “nube”, é dicir, á Rede. O modelo *na* nube supón utilizar recursos informáticos de procesamento e almacenamento como un como un subministro máis, igual que se se tratase da electricidade ou o teléfono. Aplicacións, redes, ferramentas de programación ou a capacidade de almacenamento son servizos susceptibles de se ofrecer a escala a través da Internet en lugar de funcionar de maneira local. Xestiónanse en grandes *data centers* remotos —de empresas privadas— que prestan servizo a múltiples clientes a través da Internet. Non é preciso subliñar as dificultades que isto pode crear respecto das Administracións Públicas e a información —dos cidadáns— que custodian se non se adoptan as medidas oportunas. Unha visión acerca da relación entre arquivos e *cloud computing* bríndaa o Arquivero dos Estados Unidos en <<http://www.archives.gov/records-mgmt/bulletins/2010/2010-05.html>> (Guidance, 2010).

<sup>74</sup> Que se menciona só no art. 21.1.j) RDEN: *Transferencia, de ser o caso, dos expedientes entre os diferentes repositorios electrónicos para os efectos de conservación, de acordo co establecido na lexislación en materia de Arquivos, de maneira que se poida asegurar a súa conservación, e recuperación a medio e longo prazo.*

<sup>75</sup> De aí que na edición de TECNIMAP 2010 fosen moitas voces as que manifestaron a urxencia dun desenvolvemento técnico para o denominado Esquema Nacional de Interoperabilidade. E de aí tamén que no

sector empresarial das TIC, tan interesado na evolución da Administración electrónica, xa se diga que “é o momento da xestión documental...”

<sup>76</sup> Son fundamentais os traballos de Severiano FERNÁNDEZ RAMOS (1997; 2001), entre outros. Tamén GUICHOT REINA (2009; 2007).

Outros traballos de importancia, entre os moitos existentes, son POMED SÁNCHEZ (1997; MESTRE DELGADO (1993); ou FERNÁNDEZ SALMERÓN (2001). Do mesmo autor, *La protección de los datos personales en las administraciones públicas*, Civitas, Madrid, 2003, especialmente as páxinas 165 a 191.

Remítome así mesmo ao xa dito nos meus traballos OCAÑA LACAL (1999; 2001) e “El archivero y el derecho de acceso en la sociedad democrática: algunas reflexiones”, en VVAA, *Administración, archivos y ciudadanos. El derecho de acceso al documento administrativo*, Consejería de Turismo y Cultura de la Región de Murcia, Murcia, 2001. Todos eles recollen bibliografía abondo sobre o tema.

<sup>77</sup> Non entramos a considerar a problemática que implica a determinación da relevancia das investigacións por parte das Administracións Públicas. (Fernández, 2001, 108).

<sup>78</sup> *Decreto Foral 54/2010, de 6 de setembro, polo que se regulan os servizos de información e atención cidadá na Administración da Comunidade Foral de Navarra; Decreto 236/2010, de 3 de setembro, de Atención ao Cidadán na Administración Pública da Rexión de Murcia; Lei 2/2010, de 11 de marzo, de Dereitos dos Cidadáns nas súas relacións coa Administración da Comunidade de Castela e León e de Xestión Pública*, art. 21.

<sup>79</sup> Xa en 1992 afirmaban voces moi autorizadas —e, segundo parece, equivocadas, polo menos durante longo tempo— que o dereito de acceso era *un dereito de enorme transcendencia chamado a transformar radicalmente os hábitos da nosa Administración*. (García, 1994, II, 467).

<sup>80</sup> Non é este o lugar nin acaso sexa tampouco o momento para emitir un xuízo acerca do anteproxecto —cuxa tramitación, ao parecer, se acha paralizada—. Sobre o mesmo Access-Info, a entidade que o difundiu, iniciou unha enquisa así como unha primeira análise que contén, ao meu xuízo, algunhas inexactitudes. [Consulta: 26/09/2010]. Dispoñible en: <[http://www.access-info.org/documents/Access\\_Docs/Advancing/Spain/Espana\\_Anteproyecto\\_Ley\\_Transparencia.pdf](http://www.access-info.org/documents/Access_Docs/Advancing/Spain/Espana_Anteproyecto_Ley_Transparencia.pdf)>.

<sup>81</sup> No proxecto atribúenselle á Axencia de Protección de Datos competencias en materia de resolución de recursos en materia de dereito de acceso, ao parecer co fin de evitar outra Axencia *ad hoc* o que suporía

un incremento do gasto público. Deixando a un lado se a Axencia é o actor máis idóneo para iso —que creo que non, dada a súa traxectoria ate a data—, pregúntome se ten sentido que algúns perseveren en atribuír competencias na materia á Comisión Cualificadora de Documentos Administrativos, dependente do Ministerio de Cultura.

# Os arquivos dixitais en México, Avances? Perspectivas...

**Alicia Barnard Amozorrutia**

Consultora independente

**Aurora Gómez Galvarriato Freer**

Directora General, Archivo General de la Nación

## **A modo de introdución**

Nas *Directrices para a Preservación do Patrimonio Dixital*<sup>1</sup> destácase a gran produción de patrimonio cultural, científico, e de información que se xera en formatos dixitais, así como os problemas para manter este material utilizable e dispoñible debido á inestabilidade dos medios onde se conservan e o rápido cambio tecnolóxico para acceder ao mesmo. Tamén sobresaen os problemas de carácter social e de organización ante a responsabilidade por permitir o seu acceso no longo prazo e en moitas ocasións sen recursos e con estratexias incertas (UNESCO, 2003).

Os principios que serviron de pauta ás recomendacións que o Consello Internacional de Arquivos e a UNESCO (2002) fixeron para considerar no Cumio da Sociedade da Información falan da importancia dos documentos de arquivo, en tanto fontes de información como un patrimonio da sociedade. Este documento establece que os arquivos son un produto directo e auténtico das actividades humanas e constitúen evidencia ao documentar o desenvolvemento da humanidade e o medio ambiente e recoñécense os seguintes principios.

- Os arquivos son únicos e insubstituíbles.
- Os arquivos son interese de todos os cidadáns hoxe e no futuro como evidencia dos seus dereitos e privilexios.
- Os arquivos son esenciais para unha gobernanza efectiva e prerrequisito para a rendición de contas.
- Os arquivos son un aspecto crucial para ter cidadáns informados.
- A preservación de arquivos garante autenticidade, integridade e dispoñibilidade da información no transcurso do tempo, o que é crítico nesta época cando a información é volátil e cambia e os medios elec-

trónicos son inestables e suxeitos a unha rápida obsolescencia tecnolóxica.

■ Os arquivos son as fontes existentes máis extensivas para información publicamente dispoñible e proporciona un uso libre e limitado da información do dominio público por cidadáns.

■ O acceso aos arquivos require dunha lexislación e implementación apropiada.

■ O acceso aos arquivos require unha capacitación apropiada para os usuarios, os responsables do seu manexo e os futuros responsables.

■ A tecnoloxía accesible e alcanzable permite o compartir información en liña e o desenvolvemento da sociedade do coñecemento global na cal os cidadáns son contribuíntes e usuarios, desta maneira creando a comunidade da información e coñecemento.

Por outra parte, e en particular respecto dos documentos de arquivo dixitais en México dinos Juan Voutssás (2009): «En México non contamos con ningún proxecto, programa, plan, iniciativa nin organización que actualmente traballe neste título (a preservación do patrimonio dixital) a gran escala. Todos os que existen son proxectos puntuais a nivel de certas institucións puntuais.» Máis adiante comenta: «...se queremos realmente vivir nunha sociedade da información —ou mellor aínda, do coñecemento—, debemos construíla día a día, con todo o noso empeño: non porque sexa unha moda, non por devoción ás tecnoloxías, senón porque cremos que ela pode cambiar a nosa realidade para ben.»

En plena coincidencia co sinalado por Voutssás e baixo a premisa de certas accións puntuais que se están a levar a cabo, é que abordaremos neste traballo a situación dos documentos dos arquivos dixitais en México.

### **Acerca da formación profesional e capacitación**

A falta dunha formación profesional e unha capacitación apropiada en canto aos aspectos particulares que leva consigo a creación, mantemento e preservación de documentos de arquivo dixitais no longo prazo son sen dúbida factores que inhiben a participación dos arquivistas. A primacía dos expertos en tecnoloxías da información no manexo deste tipo de materiais ten as súas consecuencias. Mentres os arquivistas están ao tanto dos contextos e esquemas de organización e conservación dos arquivos, os profesionais das TIC pouco coñecen destes temas imprescindibles para unha boa administración de arquivos. Di Brenda Cabral: «O problema de fondo é que non existen os recursos humanos cos coñecementos necesarios... debido a que na súa for-

mación profesional non se incluíron as ditas temáticas en ningún dos cursos. Ademais non existen cursos, diplomados, etcétera que se enfoquen ao dito fin.»<sup>2</sup>

No seu estudo a Dra. Cabral abordou conceptos como preservación, seguridade e arquivos co propósito de coñecer se en institucións de educación superior incluían materias relacionadas coa preservación en distintos tipos de materiais, preservación de arquivos dixitais específicos ou algún tema relacionado con iso. Incluíronse as once escolas do país onde se forman profesionais da información, sen considerar o nome da licenciatura ou postgrao. O estudo só identifica cinco escolas onde se imparte a carreira de arquivística, dentro das cales non existen nos plans de estudo materias relacionadas cos conceptos e a natureza dos documentos de arquivo dixitais e tampouco sobre a preservación no longo prazo destes materiais. En principio as materias vinculadas con esta temática están orientadas aos formatos tradicionais. Por outro lado, aquelas, as materias relacionada con aspectos do entorno dixital son de diversa índole, localízanse, entre outras, materias tales como bases de datos, deseño de sistemas ou dixitalización de arquivos, análise e deseño de sistemas de información, teoría de sistemas, conversión e migración da información por mencionar algunhas. No entanto, en ningunha se inclúe unha reflexión arquivística.

Ademais, se se revisan os plans de estudos das escolas estudadas onde se imparte a carreira de arquivonomía aínda non se inclúen contidos relacionados con regulación ou estándares para os sistemas de xestión documental en calquera formato, tales como ISO 15489 para a xestión documental ou a ISO 26122 para a análise de procesos ou a 23081 de metadatos, así como requisitos, modelos ou criterios internacionais relacionados coas funcionalidades destes sistemas e dos correspondentes coa preservación no longo prazo. Aínda que, é posible que algún destes temas sexa abordado dende outras materias, isto quedaría suxeito ao libre albedrío dos profesores.

De acordo a Philip Bantin (2008) no entorno dixital o coñecemento que requiren arquiveiros e administradores de documentos é de dous tipos: o primeiro é entender as características de deseño e a funcionalidade existente dos sistemas de información que se utilizan nas institucións, en segundo lugar se deben definir os requisitos funcionais para o tipo de sistema que eles requiren. En si, trátase de adquirir coñecementos que axuden a estes profesionais a comprender o funcionamento dos sistemas de información a fin de que o profesional estea en posibilidades de colaborar co creador e o informático ao mellor manexo dos arquivos en formato dixital que se derivan destes sistemas, xa que en principio, o arquiveiro ou o administrador de documentos debe recoñecer que a creación, mantemento e preservación dos ar-

quivos dixitais no longo prazo demandan dun traballo multidisciplinario. Non obstante, no estudo de Brenda Cabral tamén se percibe que as materias relacionadas coas tecnoloxías polo xeral se imparten con linguaxes moi técnicas que en pouco aportan á disciplina arquivística. Non é o desenvolvemento dunha base de datos o que un arquivista debe aprender senón o concepto na que esta se basea e como funciona. Para dar solución a este problema a autora propón a inclusión de materias optativas, así como revisar os plans de estudo para incluír materias obrigatorias, así mesmo propón ofrecer paquetes de cursos de captación para quen xa se acha a traballar en arquivos de institucións e organizacións.

Col propósitos de impulsar a formación e capacitación en temas relacionados cos documentos de arquivo dixitais e a súa preservación, o TEAM México do Proxecto InterPARES desenvolveu o contido dun curso de 20 horas, que se impartiu en diferentes institucións; espérase que o mesmo forme parte do programa anual de cursos no Arquivo Xeral da Nación. O curso ten como propósito introducir á mellor comprensión sobre a natureza dos documentos de arquivo dixitais e dar a coñecer os instrumentos útiles para a súa creación, manexo e preservación. Tamén, se están a elaborar os contidos para unha diplomatura de 140-160 horas a se impartir no Centro Universitario de Investigacións Bibliotecolóxicas da Universidade Nacional Autónoma de México (CUIB), o mesmo dará inicio nos primeiros meses de 2011. Posteriormente se analizará a opción de que esta diplomatura sexa impartida a distancia e tamén se espera incorporar unha materia optativa sobre arquivos dixitais no postgrao de *Biblioteconomía y Estudios de la Información* da Facultade de Filosofía da Universidade Nacional Autónoma de México.

### **O dixital, disposicións xurídicas, goberno electrónico e outras innovacións tecnolóxicas e o seu impacto no documento de arquivo electrónico.**

A pesares da falta dunha lei federal de arquivos e, en particular, a carencia de preceptos en canto á organización e preservación dos arquivos dixitais, en México xa se conta con disposicións que recoñecen o documento e sinatura electrónicos. Nunha rápida revisión realizada na base de datos InfoJus<sup>3</sup>, na lexislación federal, cando se busca a palabra «electrónico» despréganse 100 referencias de disposicións, aínda que debe sinalarse que non todas están enfocadas ao documento electrónico. Das mesmas pódese destacar o seguinte:

- É posíbel realizar notificacións electrónicas de carácter informativo (por exemplo, eventos de importancia epidemiolóxica)



- En visitas de fiscalización e rendición de contas é posible exhibir, ademais de papeis, libros ou arquivos, dispositivos magnéticos ou electrónicos de almacenamento de información.
- Pódense emitir cédulas relacionadas coa pensión, retiro ou cesantía en dispositivos magnéticos, dixitais ou electrónicos.
- Tamén en certos casos é posible realizar en liña certos trámites de rexistros, avisos, permisos, etc.

En casos particulares localizáronse ademais as seguintes disposicións:

- No Tribunal *Federal de Justicia Fiscal Administrativa*, xa dispón a inclusión dun control de notificacións que se reciban en liña, así como a emisión de acordos normativos que conteñan as directrices técnicas e formais que deban observarse para a substanciación de xuízos en liña (Lei orgánica do Tribunal, 2007).
- Tamén neste ano se emitiu a norma oficial mexicana NOM-024-SSA3-2010, que establece os obxectivos funcionais e as funcionalidades que deberán observar os produtos de sistemas de expediente clínico electrónico para garantir a interoperabilidade, procesamento, interpretación, confidencialidade, seguridade e uso de estándares e catálogos da información dos rexistros electrónicos en saúde.<sup>4</sup> A cal baséase no estándar Health Level 7, un protocolo de comunicación que permite que as institucións do coidado médico intercambien datos.<sup>5</sup>

Pola súa parte o Código de comercio (1989) xa inclúe todo un capítulo sobre o comercio electrónico no cal se establecen e especifican as formas e requisitos a que estarán suxeitas as mensaxes electrónicas e a sinatura electrónica, o Código define a mensaxe de datos como «A información xerada, enviada, recibida ou arquivada por medios electrónicos, ópticos ou calquera outra tecnoloxía» definición moi próxima ao que é un documento de arquivo<sup>6</sup>. Ademais, o citado Código define a sinatura electrónica como: «os datos en forma electrónica consignados nunha mensaxe de datos, ou achegados ou loxicamente asociados ao mesmo por calquera tecnoloxía, que son utilizados para identificar.» Un capítulo semellante localízase no Código fiscal da Federación (1981) respecto de pagos de contribucións e impostos para o cal delega ao Sistema de Administración Tributaria a emitir a sinatura electrónica avanzada. No Código se establece que nos documentos dixitais unha sinatura electrónica avanzada amparada por un certificado vixente substituirá á sinatura autógrafa do asinante, garantirá a integridade do documento e producirá os mesmos efectos que as leis outorgan aos documentos con sina-

tura autógrafa, tendo o mesmo valor probatorio. Ao igual que o Código de comercio, enténdese por documento dixital toda mensaxe de datos que contén información ou escritura xerada, enviada, recibida ou arquivada por medios electrónicos, ópticos ou de calquera outra tecnoloxía.

Pola súa parte, o Regulamento do Rexistro Civil do Distrito Federal define o documento electrónico como: «...aquele que acredite os feitos a que se refire e conteña todos os elementos de información que o integre, relativos ao tempo e lugar de emisión, que sexa auténtico e lexítimo, así mesmo que conte coa autorización do funcionario competente.» (2008)

Agora tamén, os servidores públicos están autorizados para entregar a copia dos anexos que forman parte do proceso de entrega-recepción de maneira impresa ou por medios electrónicos. Ao respecto, o acordo respectivo sinala que no caso de que se utilice o medio electrónico «o mesmo deberá permitir que os documentos sexan plenamente identificables, insubstituíbles, inviolables e que contén coa validación do responsable da súa elaboración ou expedición» (Secretaría de la Función Pública, 2005).

Especial relevancia reviste o Sistema INFOMEX (2008), instrumentado polo *Instituto Federal de Acceso a la Información* para o rexistro e captura automatizado de solicitudes de acceso á información por medios electrónicos ou tradicionais (correo postal, mensaxería, solicitude directa), mesmo que obrigatoriamente deberán utilizar as dependencias e entidades da Administración pública federal e, de maneira opcional, os órganos autónomos, outros poderes, e entidades federativas. Tamén, aínda que non se localiza unha disposición precisa ao respecto, O Instituto de Acceso á Información instrúe ás dependencias e entidades a utilizar o correo electrónico durante a xestión e resposta ás solicitudes de acceso á información.<sup>7</sup> A relevancia do sistema maniféstase cando a través do mesmo o citado Instituto reporta que no 2009 se recibiron preto de un millón de solicitudes. (7º. Informe al H. Congreso de la Unión, 2010) No entanto, descoñécese se o sistema cumpre con requisitos ou funcionalidades para a xestión documental ou se existe algunha disposición ao respecto para as dependencias e entidades que o utilizan.

Como pode observarse o número de transaccións e trámites entre a sociedade e os seus gobernantes no entorno federal é elevado e con toda seguridade verase incrementado cada vez máis. Ao respecto convén reflexionar sobre os seguintes aspectos:

Cando unha entidade dixital se crea como derivado dun proceso para un trámite ou transacción que obedece a unha función reúne, en principio as características dun documento de arquivo. Por tanto, o mesmo pode, en determinado momento, ser útil como evidencia das accións de goberno, tanto para a rendición de contas como para a transparencia. Tamén o documento elec-

trónico é necesario para as tarefas cotiás nas institucións pois proporciona información a quen o require para as súas funcións ou para os cidadáns que exercen o seu dereito de acceso á información. Non menos importante é a calidade evidencial e informativa para a historia das colectividades e das organizacións. Ao respecto e para o caso dos arquivos administrativos a norma xa mencionada ISO 15489 (2001) para a Administración de Documentos de Arquivo xa ofrece a orientación apropiada e indica cales son as bondades de contar cun sistema de xestión documental para crear, identificar, manter e acceder a documentos de arquivo no tempo. No entanto, o coñecemento e instrumentación das recomendacións da ISO 15489 de contar cun sistema de xestión documental, a súa implementación é escasa en México. Esta deficiencia, en parte, obedece á ausencia dunha lei federal de arquivos, así como a certas resistencias para a súa aceptación, no entanto que a mesma ofrece procesos que en certa forma xa se viñan implantando en México dende fins dos 80' s<sup>o</sup>.

Ao recoñecer que a existencia dun sistema de xestión documental é o mecanismo idóneo para a mellor organización dos documentos de arquivo en calquera soporte durante a súa etapa administrativa, cómpre preguntarse se todos eses trámites e transaccións que están a producir datos e documentos dixitais, debidamente regulados por leis e outras disposicións, áchanse organizados e conservados de maneira axeitada para cumprir cos fins dispostos. Ao respecto, é de esperarse que isto non suceda como función cotiá das institucións senón de forma illada. É moi probable tamén que existan mecanismos e procedementos tecnolóxicos tales como a seguridade informática e outros semellantes. No entanto, iso non é garantía para inferir autenticidade, fiabilidade e integridade nos documentos de arquivo pois os documentos electrónicos de arquivo poden carecer da información (metadatos) sobre os contextos onde foron creados (xurídico, administrativo, procesual, de procedencia e tecnolóxico), anotacións ou historia de eventos que dean conta das modificacións ou actualizacións que sufrisen durante a súa vida activa e semi-activa. Noutros caso poden non estar organizados en agregacións, senón como unidades simples co cal o inicio, desenvolvemento e conclusión dun evento vese limitado ante a falla de integración de agregacións —representadas nun cadro de clasificación arquivística— que dan conta dos documentos de arquivo que se derivan dos procesos dentro das institucións. Pola súa parte, a carencia de vixencias e regras de depuración leva consigo a garda indefinida de documentos de arquivos que xa non se usan e que por tanto poderían eliminarse. Ao respecto, o gran volume de datos, documentos e documentos de arquivo electrónico que xa non se usan e están situados en servidores das institucións traen canda si problemas de interoperabilidade, calcúlase que entre o 60% e 80% dos datos que se localizan en ser-

vidores son inactivos e as porcentaxes seguen a medrar (Olson, 2009). Por outro lado, esa acumulación de información desordenada de datos electrónicos, tamén leva consigo a perda abrupta dos documentos cando os soportes que os conteñen (tanto en termos de software como de hardware) perden vixencia, ou ben cando os informáticos deciden facer unha depuración para liberar espazo nos servidores. Depuración que nunca é precedida por ningún tipo de consideración arquivística, senón que polo xeral se basea en datas establecidas arbitrariamente que demarcan o que debe conservarse con respecto ao que debe destruírse.

Respecto da sinatura electrónica e a súa preservación a longo prazo Alejandro Delgado (2007) sinala *non hai limitación para o uso da mesma durante a súa vixencia administrativa ou legal, no entanto a preservación de documentos de arquivo dixitais leva consigo serios problemas* e enumera unha serie de factores a considerar, dentro dos que se destacan:

- A dependencia da validez da sinatura dixital de autoridades externas, que poden ser duradeiras ou non selo, cambiar de denominación ou de competencias, ser pública ou privadas.
- A orientación da sinatura dixital cara a transmisión segura de datos, non de documentos. Un documento dixital está composto por datos, máis o seu contexto de creación, máis a súa estrutura mentres esta se pode manter, máis a forma mediante a que se recoñece ese documento, máis o seu comportamento.
- A orientación da sinatura dixital cara a transmisión segura de datos impide garantir a integridade do documento, só garante a integridade dunha secuencia de bits no momento no que esta secuencia de bits se transmite. A sinatura dixital, pois, garante que unha secuencia de bits é íntegra nun punto do tempo, no que un documento dixital conserva a súa integridade ao longo do tempo.
- A forte dependencia da sinatura dixital do desenvolvemento da tecnoloxía.

A técnica de encapsulación das táboas ou ficheiros dunha sinatura electrónica co documento e de reasinar cantas veces sexa necesario recoméndase na actualidade como mecanismo de preservación de documentos de arquivo con sinatura dixital. No entanto, os sistemas caducan rapidamente e obrigan a conservar algo que pode non ter utilidade pois existe o risco de que no futuro o documento varias veces asinado non poida lerse.

Logo entónces a preservación de documentos dixitais con sinatura electrónica no longo prazo merece ser revisada, tanto polas institucións que re-

quiren sustentar legal ou administrativamente as súas actividades ou transaccións por longos períodos de tempo, así como por aquelas que de algunha maneira se converterán en depositarios de documentos de arquivos dixitais asinados dixitalmente como parte do seu acervo histórico.

### **O e.goberno e as novas entidades ou documentos de arquivo dixitais no entorno gobernamental**

Xunto co anterior no ámbito do Goberno federal, os servizos de e.goberno cada vez son máis en calquera dos seus ámbitos: entre as propias dependencias (Eercicio orzamentario), na relación de goberno cos cidadáns (Quejanet, Infomex, Sistemas de solicitudes e avaliación do Sistema Nacional de Investigadores e proxectos de CONACYT), coas empresas e os negocios (Tramitanet) e cos funcionarios e empregados públicos (Declaranet e *Servicio Profesional de Carrera*). Estes servizos conseguen que a Administración pública sexa máis eficiente, achegan o cidadán co goberno, serven á transparencia a ao acceso á información cunha forte inclinación a un mellor exercicio democrático. Aínda e cando estes materiais tamén reúnen características dun documento de arquivo os mesmos deberían ser capturados e mantidos nun sistema de xestión documental que conte cos procesos e controis para dar sustento a actividades de e.goberno, sen embargo non se ten referencia de que iso se estea a levar a cabo de forma xeneralizada.

Tamén, nas relacións da sociedade co e.goberno convén considerar o acceso a internet por parte da poboación, tanto para trámites, como para o acceso á información e o cumprimento de obrigas, a cal, ademais de ser auténtica e transparente, debería estar a disposición da poboación en calquera formato, inclusive papel, isto tanto a brecha dixital non se acurte e se logre que a maioría da poboación teña acceso a internet. Para ter unha idea sobre isto, o número de usuarios con acceso a internet para 2009, dentro e fóra do fogar, foi de 27.206.164<sup>9</sup> e se se toma en conta que na actualidade se calcula unha poboación de 103.263.000 de homes e mulleres de todas as idades<sup>10</sup> é posible ter unha idea clara da limitación da poboación en acceder a documentos e arquivos en formato dixital. Iso obriga a que os sistemas de xestión documental sirvan tanto documentos de arquivo en formatos tradicionais como dixitais, pois a existencia de arquivos híbridos prevalecerá aínda por un tempo, debido tamén a disposicións legais, xa que os documentos de arquivo dixital aínda non poden substituír completamente ao documento de arquivo en papel. Isto para dar certeza aos cidadáns que depositan a súa confianza nas institucións de que a información que entregan, en calquera formato para cumprir coas obrigas e realizar trámites está segura e

se mantén auténtica e fiable ao paso do tempo. Por outra parte, aínda se fai necesario que as institucións emitan regulacións de excepción para cidadáns e persoas que por idade avanzada ou discapacidades non se vexan obrigadas a realizar trámites a través da Internet como pode ser o caso de obter unha sinatura electrónica para estar en posibilidades de facer unha declaración de impostos.

No contorno das entidades dixitais que se crean dentro das institucións e que deberían ser consideradas como documentos de arquivo tamén se atopan entidades que cumpren con funcións debidamente regulamentadas e que requiren de estudos específicos para a súa preservación a longo prazo, tales como:

- As instantáneas das páxinas web ou o resultado do conxelación e captura dunha saída nun sistema que modifica a súa propia instrución de procesamento ou presentación de contidos de datos.
- Catálogos de vendas en liña ou páxinas web interactivas das institucións para a súa relación cos cidadáns.
- Documentos que de acordo co deseño do sistema permiten actualización, cambio ou alteración de datos pero sen mecanismos para conservar os datos anteriores, tales como páxinas web que reciben información interna ou externa de forma constante.
- Sitios que recuperan datos de usuarios ou acerca de interaccións destes a través dun sitio web como as transaccións bancarias en web ou en caixeiros automáticos.
- Sitios web que presentan información de tópicos tales como as taxas de cambio de moeda ou obras de arte interactiva. Sitios que involucran a programación ou modelaxe dos mercados financeiros. (Duranti y Thibodeau, 2006).

### **Novos retos aínda sen respostas claras**

Ademais do anterior, as redes sociais da web 2 traen agora cuestionamentos sobre se os contidos nun blog, un twitter, un wiki, etc. reúnen as características dun documento de arquivo. Sobre todo cando estes medios se converteron en forma de comunicación entre investigadores, artistas, funcionarios, os cales entre si analizan e comentan avances, achados, toman decisións, xestionan asuntos, etc. sen que agora se conte con esa información doutra forma, situación que tamén se presenta cando institucións utilizan estes medios para comunicarse coa cidadanía e, por tanto, o seu valor informativo ou evidencial aínda non pode descoñecerse. Na busca de coñecer máis acerca

dos sistemas de comunicación social, o TEAM Canadá do Proxecto InterPA-RES está a levar un estudo xeral sobre a Web 2 co propósito de identificar e avaliar as consecuencias potenciais do uso das tecnoloxías na práctica e teoría actual da administración de documentos e a arquivística co fin de facer recomendacións para unha investigación futura que examine as consecuencias e maior detalle e permita elaborar recomendacións para políticas e procedementos concretos da Web 2 <sup>11</sup>.

Pola súa parte, os servizos da «nube», tecnoloxías que permite a usuarios acceder e utilizar datos e servizos de cómputo compartidos a través da Internet ou dunha rede virtual privada ou pública, mediante un rango de recursos modulables sen que iso implique a construción da infraestrutura necesaria para utilizar e manter eses recursos dentro dos ambientes ou redes dunha organización, permitiu o desenvolvemento de servizos que son utilizados cada vez con maior frecuencia polas institucións e organizacións para as súas actividades e, se ben esta tecnoloxías ten considerables beneficios como o aforro nos plans de servizos ou a capacidade de subrogar grandes requirimentos de cómputo e aplicacións non críticas, tamén se teñen implicacións. Por exemplo, hai preocupación acerca da seguridade e a privacidade da información nun ambiente compartido, a protección de datos con información sensible, tamén no marco da administración de documentos de arquivo, algunhas aplicacións que non inclúen as funcionalidades *ad hoc* para arquivos tales como manter os vínculos entre os documentos de arquivo e os seus metadatos tampouco as relacionadas con transferencia ou eliminación dos mesmos, en ocasións tampouco contan con estándares técnicos sobre como se almacenan e manipulan os datos neste ambiente<sup>12</sup>.

En canto a estes novos servizos, percíbese que prevalecerá o aforro en gasto tecnolóxico e que a súa utilización cada vez será maior. No entanto, tamén é necesario considerar que a preservación de arquivos é un activo para a sociedade e as súas institucións e os riscos económicos por carecer de documentos de arquivo fiables e auténticos tamén é alta, tanto que os Arquivos Nacionais dos Estados Unidos recentemente emitiron a *Guía para o Manexo de Documentos de Arquivo en Ambientes de Computación na Nube*<sup>13</sup>.

### **Que hai en canto á regulación de arquivos en formato electrónico e en papel**

A reforma ao artigo 6º Constitucional en 2007 respecto do dereito á información sinala que *Para o exercicio do dereito de acceso á información, a Federación, os Estados e o Distrito Federal, no ámbito das súas respectivas*

*competencias, rexeranse polos seguintes principios e bases* (entre outras). «Os suxeitos obrigados deberán preservar os seus documentos en arquivos administrativos actualizados.» Por primeira vez en México se inclúe unha disposición constitucional respecto dos arquivos, aínda que haberá que interpretar ao lexislador respecto de «arquivos actualizados».

É preciso sinalar que dende 1978 e aínda vixente está o Acordo que dispón que o Arquivo Xeral da Nación (AGN) será a entidade central e de consulta do Executivo federal no manexo dos arquivos administrativos e históricos da Administración Pública Federal. Neste acordo séntanse as bases para regular a través desa Institución os arquivos da Administración Pública Federal. Por exemplo é a partir dese momento que a baixa ou eliminación de arquivo debe ser ditaminada polo AGN, sen dúbida, esta disposición contribuíu a protexer o patrimonio arquivístico do noso país ao emitirse ditames informados sobre o destino final dos arquivos. No entanto e a pesar de innumerables esforzos para impulsar a organización e conservación dos arquivos en dependencias e entidades o seu actuar viuse limitado principalmente debido á falla dunha lei de arquivos que lle dea a fortaleza xurídica para iso, así como a carencia de suficientes recursos humanos e materiais para logralo cabalmente.

Ademais doutras disposicións tales como a correspondente ao manexo do arquivo contable (1989) é na Lei federal de transparencia e acceso á información pública (2002) no seu artigo 32 onde se dispón ao Arquivo Xeral da Nación en coordinación co Instituto Federal de Acceso á Información a elaborar criterios para a clasificación e conservación dos documentos administrativos así como para a organización de arquivos de dependencias e entidades. Sen dúbida este artigo é o parte augas que favorece a organización dos arquivos en México.

Así, derivado da Lei enriba mencionada é que se emiten os *Lineamientos Generales para la Organización y Conservación de Archivos* publicados no Diario Oficial da Federación o 24 de febreiro de 2004, os cales no seu artigo segundo, fracción II, definen o arquivo como «o conxunto orgánicos de documentos en calquera soporte, que son producidos ou recibidos no exercicio das súas atribucións polas dependencias e entidades.» É a partir desta definición que os documentos de arquivo electrónicos ou dixitais, en principio, deberían cumprir cos citados *lineamientos*, ademais inclúese no *capítulo IV de los documentos electrónicos*.

Unha análise xeral dos *lineamientos* ofrece o seguinte:

- A obrigatoriedade de organizar arquivos en dependencias e entidades, así como dos mecanismos para a súa conservación e disposición final dos mesmos.



■ A existencia de áreas coordinadoras de arquivo, arquivos de trámite (xestión), arquivos de concentración (intermedios) e históricos, así como as responsabilidades en cada caso. Este esquema de organización estrutural dos arquivos non é novidoso xa que en 1991 o Arquivo Xeral da Nación o impulsa a través dos *Manuales del Sistema Red de Archivos*. Acaso a novidade é a obrigatoriedade da súa existencia.

■ Respecto da organización de arquivos establécense como instrumentos técnicos entre outros a obrigatoriedade dun cadro de clasificación arquivística e un catálogo de disposición documental (o concepto foi acuñado nesas *lineamientos*, no entanto que difire dos xa coñecidos como táboas de retención ou de vixencias documentais e por tanto así se usa en México), e inventarios. Neste caso a novidade é que por primeira vez obrígase ás dependencias a contar con este tipo de instrumentos técnicos e mecanismos de control. Ao respecto fanse comentarios máis adiante.

O anterior deu lugar a que por primeira vez e nun lapso non maior de 3-4 anos as dependencias e entidades da Administración Pública Federal contén con esquemas de organización de arquivos e instrumentos técnicos en soportes tradicionais. No entanto, en canto aos arquivos dixitais isto non foi igual xa que a pesar de estar suxeitos a estes *lineamientos* aínda non se ve que os mesmos se cumpran, pois dá a impresión de que na súa organización non se consideraron os instrumentos de control e os mesmos non están a cargo do responsable do arquivo de trámite. É válido tamén destacar o feito de que estes *lineamientos* xa incorporan certos procesos e controis establecidos na ISO 15489.

Respecto das disposicións a que fai mención en particular o capítulo 4 dos citados *lineamientos* a continuación coméntanse:

As dependencias e entidades tomarán as medidas necesarias para administrar e conservar os documentos electrónicos, xerados ou recibidos, cuxo *contido e estrutura* permitan identificalos como documentos de arquivo que aseguren a identidade e integridade da súa información.

Como se pode observar esta disposición é de carácter xeral respecto «das medidas necesarias para administrar e conservar os documentos electrónicos», por outra parte omítese un dos elementos indispensables para identificar os datos ou documentos como documentos de arquivo, os *contextos*, mesmos que pode expresarse en metadatos ou dentro do mesmo documento e que sen os mesmos resulta imposible contar con documentos de arquivo.

As dependencias e entidades aplicarán as medidas técnicas de administración e conservación que aseguren a validez, autenticidade, confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos documentos electrónicos de acordo coas especificacións de soportes, medios e aplicacións de conformidade coas normas nacionais e internacionais.

Ao igual que o anterior faise mención de medidas xerais e refírea a medidas tecnolóxicas para asegurar a validez, autenticidade, etc. dos mesmos, cando é sabido no entorno internacional que calquera solución para a preservación e conservación de arquivos é independente a calquera tecnoloxía ou soporte (MacNeil, et al, 2005):

*As dependencias e entidades realizarán programas de respaldo e migración dos documentos de arquivo de acordo cos seus recursos.*

Novamente se considera ao factor tecnolóxico e o restrinxe á dispoñibilidade de recursos cando estes materiais deberían ser tratados e mantidos como un activo importantes dentro das dependencias e institucións.

Recentemente a Secretaría da Función Pública publicou o Acordo polo que se establecen as disposicións en materia de recursos materiais e servizos xerais (2010), o obxectivo do cal é o de «establecer os procesos, disposicións normativas, responsables, indicadores e estándares que, respectando o marco legal, eliminen a sobre regulación e as actividades que non agregan valor. Deste modo a operación institucional de apoio pode ser máis eficiente, oportuna e transparente.»

Dentro do ámbito deste Acordo encóntrase tamén a relacionada coa administración de arquivos e, ao igual que nos *lineamientos* antes comentados, os mesmos están orientados a formatos tradicionais, aínda que para arquivos electrónicos ou dixitais (os cales non se definen) abre un apartado especial que di que os mesmos estarán suxeitos aos xa sinalados nos *lineamientos*, en tanto non se emitan outros e, no entanto se fan as seguintes recomendacións:

- Clasificar con plena equivalencia aos expedientes das series documentais correspondentes ao cadro de clasificación arquivística;
- Seleccionar un soporte de almacenamento ou preservación que asegure a integridade dos datos que conteña o documento electrónico de arquivo;
- Preservar, mediante a designación dun responsable ou coordinador

de concentración dos documentos electrónicos de arquivo, para no seu caso, protexer a autenticidade dos ditos documentos;

→ Conservar o contido dos documentos electrónicos de arquivo, nos termos e polo prazo que se plasme no catálogos de disposición documental;

→ *Prever unha ferramenta ou instrumento de conservación que permita soste a presentación dos documentos de arquivo electrónico, cando aquela na que foi creado resulte obsoleta ou en desuso; ou dito documento deba ser transferido ao arquivo de concentración conforme á vixencia e serie documental á que pertence ou, no seu caso, determinar se será borrado ou transferido ao arquivo histórico;*

→ *Elixir un medio, ferramenta ou sistema a través do cal se poidan facer buscas para localizar información específica e que se encontre no soporte de almacenamento ou preservación.*

A inclusión de recomendacións para que os arquivos electrónicos sexan clasificados e conten co catálogo de disposición documental conforme ao establecido nos *Lineamientos*, arriba comentados, serve parcialmente pois a falla dunha definición do que se quere dicir por arquivos electrónicos pode limitarse a aqueles que teñen semellanza ao de formato tradicional, omitindo aqueles que se manexan a través dos sistemas de información das institucións.

A designación dun responsable para este tipo de arquivos desvincula o fondo arquivístico das dependencias cando os estándares como a ISO 15489 refiren claramente que un sistema de xestión documental debe integrar documentos de arquivo en calquera formato. Percíbese pois que non será un arquiteiro ou especialista en administración de documentos de arquivo o responsable senón un informático.

O resto das disposicións, ao igual que os *Lineamientos* oriéntanse ao factor tecnolóxico. Así, «... seleccionar o soporte que asegure a integridade dos documentos» non é factor que serva en por si á integridade dun documento, posto que para contar con integridade faise necesario o desenvolvemento de procesos e controis que aseguren que o mesmo está completo e non foi alterado, tales como os controis de usuarios, os metadatos que identifican o documentos de arquivo como único, entre outros (MacNeil et al, 2005). De igual maneira, a disposición sobre a elección dunha ferramenta ou instrumento de conversión para recuperar o documento cando aquel mediante o que foi creado se volve obsoleto e a súa transferencia a un arquivo de concentración, fai pensar que os soportes mediante os que se transfiran posiblemente tampouco non poderán lerse no futuro mediato e non é solu-

ción para a que se poida, inclusive emitir un ditame de baixa por parte do Arquivo Xeneral, xa que a carencia de información sobre a autenticidade, como xa se mencionou, non ten que ver cos soportes senón con requisitos, metadatos que verifiquen que os mesmos son o que din ser, están completos, fixos e estables, entre outros. Polo que fai ao instrumento para buscas o mesmo, ao igual que as anteriores disposicións se ve moi limitado, pois unha base de datos pode facer o solicitado pero non cumpriría con outros elementos dentro dun sistema de xestión integral.

Finalmente, o colocar as disposicións referentes á xestión de arquivos, tanto en formato papel como electrónicos na materia de Recursos Materiais e Servizos Xerais non resulta prometedor en termos de que iso permita canalizar cara os arquivos os insumos profesionais e tecnolóxicos que requiren, e menos aínda cando pensamos nos arquivos electrónicos. Reflicte, en cambio, a percepción aínda persistente entre os funcionarios públicos mexicanos de considerar os arquivos como simples bodegas. Grazas á posibilidade de facer cambios é que o AXN xa está a falar ao respecto coa Secretaría da Función Pública.

Agora ben, precisa comentar acerca dos avances en canto aos arquivos en calquera formato e como estes poden ser útiles para os documentos de arquivo dixitais. Como xa se mencionou, os multicitados *Lineamientos de Archivos (2004)*, establecen a obrigatoriedade de contar con instrumentos de consulta e control tales como un cadro xeral de clasificación arquivística e o catálogo de disposición documental. Ao respecto, o Arquivo Xeneral da Nación con apoio do Comité Técnico Consultivo de Unidades de Correspondencia e Arquivo deuse á tarefa de elaborar en 2004 as instrucións parra a elaboración do Cadro de Clasificación Arquivística e do Catálogo de Disposición Documental<sup>14</sup>. A proposta dun cadro de clasificación por funcións deu lugar a que o catálogo de vixencias documentais se asociara a unha valoración funcional a nivel e de serie.

Na actualidade, a maioría de dependencias e entidades da Administración Pública Federal xa contan e instrumentaron un cadro de clasificación arquivística e un catálogo de disposición documental no cal se estableceron vixencias documentais e determinado as series con valor histórico, así como aquelas que poden darse de baixa unha vez que a súa vixencia administrativa prescribiu. De igual maneira, no citado catálogo incorporáronse elementos relacionados coa reserva e confidencialidade do contido das series, o anterior debido a que segundo os *Lineamientos de Archivos*, as dependencias e entidades da Administración Pública Federal debían contar con Cadro de Clasificación e Catálogo a máis tardar no mes de outubro de 2004.

Mostra do anterior é o incremento dos ditames de baixa de arquivos que o Arquivo Xeneral da Nación emitiu. Mentres que no 2004 o número de ditames emitidos foi de arredor de 400, en 2008 emitíronse 945 ditames, para 2009 foron 1000 o número de ditames e no período de xaneiro-xuño de 2010 xa se emitiron 600 ditames<sup>15</sup>.

O establecemento de cadros de clasificación e catálogos de disposición prodúcese, tanto nos poderes legislativo e xudicial así como en institucións autónomas non suxeitas aos *Lineamientos*. Respecto das entidades federativas, no entanto a autonomía constitucional, foi costume que unha vez que o Arquivo Xeneral da Nación, Rector da Arquivística Nacional, emite algunha disposición, polo xeral a mesma é adoptada polas entidades. Por outra parte, o Arquivo Xeneral de forma constante opina sobre o manexo de arquivos nos diferentes niveis do goberno. Tamén convén destacar o feito de que un número importante de institucións de educación superior, así como organismos autónomos federais ou estatais adoptan a regulación que emite o Arquivo Xeneral da Nación polo que non é de estrañar que as propostas dun cadro de clasificación por funcións e un catálogo de disposición documental asociado ao mesmo sexan o modelo utilizado. Exemplos disto veñen ser o cadro Xeneral de Clasificación Arquivística (Ríos, 2009) e o Catálogo de Disposición Documental da Universidade de Sonora (Moya, 2009), os cales teñen como base as propostas do Arquivo Xeneral da Nación e pola súa vez, serven de modelo a universidades e institucións de educación superior. O propio AGN apoiou a entidades para o desenvolvemento dos seus cadros e catálogos, como o é o caso dos traballos realizados para apoiar ao Arquivo Xeneral do Estado de Puebla<sup>16</sup>.

Un cadro de clasificación por funcións con vixencias e destino final vinculado a estas é un paso importante tanto na xestión de arquivos en calquera formato xa que son as funcións e os procesos os que constitúen un elemento indiscutible para a organización de documentos de arquivo dixitais, así como para a súa valoración documental e preservación no longo prazo.

### **A maneira de conclusión e o que segue...**

Para entender de maneira integral a problemática da preservación a longo prazo dos arquivos dixitais, convén retomar factores que lle afectan. Juan Voutssas (2009) fai referencia a cinco factores que en principio aplicarían ao patrimonio dixital en bibliotecas, pero que non están afastados dos que deberían contemplarse para os arquivos en formato dixital en xeral, estes son:

- **Factor cultural;** o cal refírese á falla de sensibilidade e entendemento por parte da sociedade e as autoridades sobre o problema.
- **Factor tecnolóxico;** neste factor contémlanse aspectos tales como a

tipoloxía de materiais que serán susceptibles de preservarse e as ferramentas tecnolóxicas que se utilizarán para unha mellor preservación.

■ **Factor legal;** no cal contéplanse conceptos como: dereitos de autor, piratería, depósito legal, regalías tanto de autores como de editores, copyright e outros aspectos relacionados con cuestións legais.

■ **Factor documental;** refírese ao rexistro e orde das coleccións para poderlas recuperar.

■ **Factor económico;** é dicir, os custes que implica a actividade de preservar os arquivos dixitais; refírese a cales son os mellores modelos económicos ou de negocio en programas de preservación dixital que sexan viables e sustentables a longo prazo. Ademais de algúns incentivos ou impedimentos económicos, sociais ou legais. Débense ter contemplado no momento de preservar os seguintes custes: de dixitalizar, de editar, de rexistrar, almacenar e finalmente actualizar.

■ **Factor social,** dito factor ten que ver co acceso e a usabilidade documental. Se se preservan a longo prazo os arquivos dixitais estaremos garantindo a circulación de coñecementos, promovendo e protexendo as ideas; creando desta maneira un entorno propicio para a comunicación e a xeración de novos coñecementos.

Estes factores deberían ser considerados tanto no desenvolvemento dun sistema de xestión documental como naqueles destinados á preservación no longo prazo, xa que os mesmos dan lugar ao mellor entendemento dos contextos onde os arquivos dixitais se crean e manteñen así como os requisitos funcionais que son útiles para o seu óptimo manexo.

Outro elemento que debe ser considerado no manexo dos documentos de arquivo dixitais é a cada vez máis rápida obsolescencia tecnolóxica e a súa inestabilidade, así como os riscos que iso leva consigo. A perda ou carencia de mecanismos preventivos para evitar obsolescencia e inestabilidade tecnolóxicas ten como consecuencia a perda ou inexistencia dos documentos de arquivo mesmos, o que, pola súa vez, carrega situacións de opacidade das institucións, invasión á privacidade das persoas, falla de proba ante a lei ou a carencia de información para exercer o dereito cidadán de acceso á mesma. O anterior en aparencia tan só tería un custe social, no entanto o mesmo pode traducirse en custes económicos. Por exemplo, a falla de transparencia na aplicación de recursos dos gobernos produce unha ineficiente asignación dos mesmos. De igual maneira, a falla de probas en xuízos e controversias, tanto para as institucións privadas como gobernamentais, xera un custe económico. Sen dúbida a perda das fontes para a construción da historia das institucións e da sociedade é tamén un risco importante (Barnard).

Derivado deste exercicio e volvendo ao inicio de que en México só se levaron a cabo accións illadas e puntuais, e que aínda non se teñen elementos para impactar nun ámbito máis amplo é que a continuación se propoñen certos aspectos a considerar para que as institucións gobernamentais conten no mediano prazo cos mecanismos necesarios para manter con documentos de arquivo dixitais organizados útiles á rendición de contas, a transparencia, o acceso á información e a súa preservación como memoria das institucións e a sociedade:

■ Emisión dunha lei que obrigue ao establecemento dun sistema de xestión documental que atenda a disposicións internacionais xa en práctica<sup>17</sup>, tanto para arquivos tradicionais como dixitais, a fin de que os documentos de arquivo respondan a unha organización institucional non compartimentada.

■ Requírese ademais que a Lei indique a obrigatoriedade de que polo menos o Arquivo Xeneral da Nación conte cun sistema de preservación ou repositorios dixitais para os arquivos cuxos valores testemuñais, evidenciais, culturais ou científicos poidan ser manexados e preservados da mellor maneira como patrimonio da humanidade. Para iso existen modelos e estándares para ser estudados e adaptados ao noso entorno<sup>18</sup>.

■ Derivado da Lei requírese ademais elaborar o regulamento correspondente así como diferentes instrumentos técnicos que orienten ás institucións no mellor manexo dos seus documentos de arquivo dixitais, tales como:

- Políticas, requirimentos e funcionalidades que deben cumprir os sistemas de xestión documental.
- As políticas específicas para a valoración documental de arquivos dixitais..
- Os procedementos e requisitos para a transferencia de arquivos dixitais a un sistema de preservación no longo prazo, os cales deberán incluír aspectos relacionados coa sinatura electrónica.
- Os *lineamientos* para os procesos de dixitalización de arquivos que serán preservados no longo prazo en formato dixital.
- Recomendacións para o deseño de plans para desastres e administración de riscos.
- *Lineamentos* para o manexo de correos electrónicos cando os mesmos se manexan fóra dun sistema de xestión documental.

■ A existencia de disposicións legais e normativas non é suficiente no entorno dixital q aínda que sucede tamén en ambientes de arquivo en papel, o tratamento e manexo é específico acorde aos seus contextos, formas e formato de aí que debería ser obriga das institucións tanto gober-

namentais como académicas establecer proxectos de investigación que ofrezan as mellores alternativas para estes materiais.

■ Como xa se mencionou a falla de recursos humanos obriga a aproveitar, adaptar e adoptar os avances que se realizaron internacionalmente sobre o manexo dos arquivos electrónicos por proxectos como InterPARES e o seu TEAM México, ou o proxecto ERA (Electronic Research Administration)<sup>19</sup> que ven desenvolvéndose nos Estados Unidos. Logralo require dun esforzo importante dentro da administración pública. Necesítase ademais un serio compromiso por parte das institucións académicas para desenvolver e difundir as mellores prácticas na materia a través dos seus programas de ensino, no só de licenciatura e postgrao, senón tamén de educación continua e capacitación no traballo.

Tal vez o estado da arte non resulta alentador, pero si o é o feito de que hai plena conciencia e compromiso por impulsar accións destinadas a que os documentos de arquivo dixitais, cando así corresponda, poida constituírse no patrimonio dixital do noso país.



## Bibliografía

- "ACUERDO que dispone que el Archivo General de la Nación será la entidad central y de consulta del Ejecutivo Federal en el manejo de los archivos administrativos." En: Diario Oficial de la Federación, México, 1978-07-14.
- ARCHIVO GENERAL DE LA NACIÓN; INSTITUTO FEDERAL DE ACCESO A LA INFORMACIÓN PÚBLICA: "Lineamientos Generales para la Organización y Conservación de Archivos en Dependencias y Entidades de la Administración Pública Federal. Diario Oficial de la Federación, México, 24-02-2004. Consulta 07-10-2010. URL: <http://www.agn.gob.mx/menuprincipal/archivistica/lineamientos.html>
- BARNARD, Alicia: "La valoración documental. De los archivos en papel a los archivos digitales" Ed. Universidad Nacional Autónoma de México-Instituto de Investigaciones sobre la Universidad-Archivo Histórico. En prensa
- DELGADO, Alejandro: "La conservación a largo plazo de firmas digitales auténticas: reflexiones para el debate desde el punto de vista archivístico". En: Jornadas de Signatura Electrónica, Agencia Catalana de Certificación, 2007, Barcelona, pp. 8-11.
- DURANTI, Luciana; THIBODEAU, Kenneth: "The Concept of Record Interactive, Experiential and Dynamic Environments: the View of InterPARES". En: Archival Science 2006, v.6, pp. 13-68.
- "DECRETO por el que se adiciona un segundo párrafo con siete fracciones al Artículo 6o. de la Constitución Política de los Estados Unidos Mexicanos." En: Diario Oficial de la Federación, México, 2007-07-20. Consulta: 20-08-2010. URL: <http://www.scjn.gob.mx/Transparencia/Paginas/Articulo6Constitucional.aspx>
- INSTITUTO FEDERAL DE ACCESO A LA INFORMACIÓN: "Lineamientos que deberán observar las dependencias y entidades de la Administración Pública Federal en recepción, procesamiento y trámite de las solicitudes de acceso a la información gubernamental que formulen los particulares, así como en su resolución y notificación, y la entrega de la información, en su caso con exclusión de las solicitudes de acceso a datos personales y su corrección." México. Diario Oficial de la Federación, 2008, febrero, 12. Consulta: 25-08-2010. URL: <http://www.ifai.org.mx/Publicaciones/publicaciones>.
- INSTITUTO FEDERAL DE ACCESO A LA INFORMACIÓN: "7º Informe al H. Congreso de la Unión 2009. Instituto Federal de Acceso a la Información." México. Julio, 2010. Consulta: 25-8-2010. URL: <http://www.ifai.org.mx/Publicaciones/infHCU2009>
- ISO 15489-1 "Information and documentation – Records management – Part 1: General". . Ginebra, International Standard Organization, 2001
- "LEY Federal de Transparencia y Acceso a la Información Pública Gubernamental." Diario Oficial de la Federación, México, 2002-06-11. Consulta: 28-07-2010. URL: <http://www.ifai.org.mx/Publicaciones/publicaciones>
- MACNEIL, Heather, GUILLILAND-SWETLAND, Ann, *et al.*: "Informe del Grupo de Trabajo sobre Autenticidad". En: DURANTI, Luciana, ed.; Delgado, Alejandro, trad. La Conservación a largo plazo de documentos electrónicos auténticos. Hallazgos del Proyecto InterPARES. Cartagena: Ayuntamiento, Concejalía de Cultura, 2005.
- OLSON, Jack: "Data Archiving Basics. A new Function for Improving Data Management". Information Management, 2009, septiembre. Consulta: 20-08-2010. URL: [http://www.information-management.com/specialreports/2009\\_164/databases\\_data\\_management\\_storage\\_information\\_lifecycle\\_management-10016143-1.html](http://www.information-management.com/specialreports/2009_164/databases_data_management_storage_information_lifecycle_management-10016143-1.html).
- MOYA, Concepción: "Avances del Catálogo de disposición documental de la Universidad de Sonora." En: Boletín Expedientes Universitarios, 2009, Nueva Época, v 7, pp. 21-44.
- SECRETARÍA DE LA FUNCIÓN PÚBLICA: "Acuerdo por el que se establecen las disposiciones en Materia de Recursos Materiales y Servicios Generales. Manual Administrativo de Aplicación General en Materia de Recursos Materiales y Servicios Generales" fracción 238. En: Diario Oficial de la Federación. México. 2010-07-16. Consulta: 12-09-2010. URL: [http://www.normateca.gob.mx///Archivos/50\\_D\\_2444\\_16-07-2010.pdf](http://www.normateca.gob.mx///Archivos/50_D_2444_16-07-2010.pdf) .
- SECRETARÍA DE HACIENDA Y CRÉDITO PÚBLICO: "Acuerdo por el que se establecen los Lineamientos a que se sujetará la guarda, custodia y plazo de conservación del Archivo Contable Gubernamental." En: Diario Oficial de la Federación. México. 1989-08-09. Consulta: 28-07-2010). URL: <http://www.ifai.org.mx/transparencia/LFTAIPG.pdf>
- RÍOS, Patricia. "Cuadro General de Clasificación Archivística: Avances del instrumento para la organización de Archivos en la Universidad de Sonora." Boletín Expedientes Universitarios, 2009. Nueva Época, v. 7 pp. 7-20.

## Notas

- <sup>1</sup> Para os fins deste traballo os conceptos *documentos de arquivo dixitais*, *arquivos dixitais* ou *documentos de arquivo electrónicos* ou *arquivos electrónicos* serán utilizados de forma indistinta para referímonos a aqueles documentos de arquivos que naceron dixitalmente ou que foron transformados a unha representación dixital. De acordo co Glosario de InterPARES, "dixital" significa: A representación dun obxecto ou un proceso físico a través de valores binarios discretos. En contraste a unha representación analóxica dun obxecto ou proceso físico, unha representación codificada dixitalmente non é semellante ao orixinal. O mesmo glosario define "documento de arquivo electrónico" como un documento de arquivo análogo ou dixital que é transportado por un condutor eléctrico e que require do uso de equipo electrónico para ser intelixible por unha persoa. Glosario en inglés dispoñible en: InterPARES 2 Terminology Database. Consulta: agosto, 2010. URL: [http://www.interpares.org/ip2/ip2\\_terminology\\_db.cfm](http://www.interpares.org/ip2/ip2_terminology_db.cfm)
- <sup>2</sup> O estudo "La preservación de la información en la sociedad del Conocimiento ¿existe formación de recursos humanos? ", aínda non publicado, foi realizado pola Dra. Brenda, Cabral, investigadora do Centro Universitario de Investigaciones Bibliotecológicas, UNAM e membro do TEAM México do Proxecto InterPARES.
- <sup>3</sup> Base de Datos Información Jurídica. Legislación Federal Mexicana (Legislación Federal). Instituto de Investigaciones Jurídicas, Universidad Nacional Autónoma de México. Consulta: 20 de agosto, 2010. URL: <http://info4.juridicas.unam.mx/ijure/fed/default.htm?s>
- <sup>4</sup> Dispoñible en <http://www.dgis.salud.gob.mx/>
- <sup>5</sup> Para maior información sobre Health Level 7 consúltase <http://www.hl7.org/> (consulta: agosto 25, 2010)
- <sup>6</sup> A ISO 15489-1 Información y Documentación. Administración de documentos de Archivo, define o documento de arquivo como: "*información creada, recibida e mantida como evidencia e información por unha organización ou persoa en cumprimento das súas obrigas legais ou funcións*". Consulta: agosto, 2010. URL: <http://www.iso.org>
- <sup>7</sup> Nota. Alicia Barnard exerceu como funcionaria habilitada para o acceso á información na Secretaría de Saúde e coñeceu na práctica o sinalado.
- <sup>8</sup> O modelo de organización e procedementos para os arquivos de trámite (xestión), concentración (intermedio) e histórico foi establecido a partir de 1986 polo Arquivo Xeral da Nación. Foi nese ano que se iniciou a emisión do manual de políticas e normas dos *Sistemas Red de Archivos del Gobierno Federal*, o manual de organización dos sistemas así como cinco manuais de procedementos. Estes manuais veñen ser un modelo novidoso xa que os mesmos non só se refiren á xestión documental senón tamén á organización e operación de arquivos históricos, é dicir todo o ciclo de vida dos documentos de arquivo.
- <sup>9</sup> Instituto Nacional de Estadística y Geografía. Usuarios da Internet por lugares de acceso 2001-2009, Consulta: agosto 2010. URL: <http://www.inegi.org.mx/est/contenidos/espanol/soc/sis/sisept/default.aspx?t=inf212&s=est&c=5569> (Consulta, agosto 2010)
- <sup>10</sup> Instituto Nacional de Estadística y Geografía. Indicadores seleccionados de población por países seleccionados, último período disponible. Consulta: 18-agosto-2010. URL: <http://www.inegi.org.mx/est/contenidos/espanol/soc/sis/sisept/default.aspx?t=inf212&s=est&c=5569>
- <sup>11</sup> Nota. Para maior información sobre a proposta de este estudo consultar [http://www.interpares.org/ip3/display\\_file.cfm?doc=ip3\\_canada\\_gs09\\_research\\_proposal\\_v1-2.pdf](http://www.interpares.org/ip3/display_file.cfm?doc=ip3_canada_gs09_research_proposal_v1-2.pdf)
- <sup>12</sup> Para maior información da "Nube" ver o sitio <http://www.archives.gov/records-mgmt/faqs/cloud.html> NARA. Frequently Asked Questions About Managing Federal Records In Cloud Computing Environments (consulta: 20-agosto-2010)
- <sup>13</sup> A Guía para o manexo de documentos de arquivo en ambientes da nube foi emitida mediante o Boletín 05 de 2010, a mesma pode consultarse en <http://www.archives.gov/records-mgmt/bulletins/2010/2010-05.htm> (consulta: setembro-2010)
- <sup>14</sup> As instrucións poden consultarse en : <http://www.agn.gob.mx/menu-principal/archivistica/archivistica.html#cursos> (consulta: xullo-2010)
- <sup>15</sup> Agradécese a Araceli Alday García, Directora do Sistema Nacional de Arquivos do Arquivo Xeral da Nación, que me proporcionase a información sobre ditames emitidos.
- <sup>16</sup> Nota de Alicia Barnard.
- <sup>17</sup> ISO's 15489, 23081 y 26122, dispoñibles en <http://www.iso.org> , MoReq 2 dispoñible en <http://www.moreq2.eu/moreq2> , DOD. 5015.2, dispoñible en: <http://www.dtic.mil/whs/directives/corres/pdf/501502std.pdf>, entre outras (consulta: agosto-2010)
- <sup>18</sup> No que a preservación de arquivos dixitais destacan documentos técnicos tales como oReference Model for an Open Archival Information System (OAIS) dispoñible en: <http://public.ccsds.org/publications/archive/650x0b1.pdf> , así como:Trustworthy repositories certification audit and checklist, dispoñible en: <http://www.digitalrepositoryaudi>

[tandcertification.org/pub/Main/ReferencelInputDocuments/trac.pdf](http://tandcertification.org/pub/Main/ReferencelInputDocuments/trac.pdf)

(consulta: agosto-2010) .

- <sup>19</sup> Para información sobre el TEAM México del Proyecto InterPARES consultar [http://www.interpares.org/ip3/ip3\\_index.cfm?team=5](http://www.interpares.org/ip3/ip3_index.cfm?team=5) respecto del Proyecto ERA revisar <http://www.archives.gov/era/> (consulta: agosto

# Estratexias en arquitecturas para a captura de documentos

**David Bearman**

Archives & Museum Informatics,  
Toronto Canadá

## **Estratexias en arquitecturas para capturar documentos dixitais**

Dende a articulación a principios dos anos noventa do século vinte dos principios fundamentais do arquivar electrónico, as arquitecturas evolucionaron para facer máis doado o deseño de estratexias para o arquivar dixital, aínda cando a xeneralización da cultura dixital a todas as actividades da vida complicou implantacións que non fan uso delas.

Conceptualmente, soubemos como capturar e como conservar documentos dixitais durante quince anos. Pero a estratexia que se utilizou para traer os documentos electrónicos aos arquivos fallou. Os documentos electrónicos que se mantiveron en sistemas ofimáticos locais antes da transferencia ao arquivo, en gran medida non foron transferidos en absoluto, e cando o foron, tiveron un dubidoso valor como evidencia a causa das condicións baixo as que foron almacenados dende o momento da súa creación. Este fracaso fundamental é unha consecuencia inherente a unha estratexia que confiou nas transferencias masivas de documentos electrónicos dende sistemas activos, e de maneira máis recente dende sistemas separados deseñados para a xestión de documentos, aos arquivos. En lugar desta estratexia, deberíamos estar ingresando documentos en ámbitos seguros dende o momento da creación e a «transferencia» aos arquivos debería ser simplemente un cambio no estado do documento, baseado nunha valoración que pode ter lugar en calquera momento despois da inxesta.

A implantación técnica que tivemos que realizar para satisfacer esta estratexia é construír servizos web de arquivo (que tamén poderían chamarse servizos de xestión de documentos) as APIs dos cales fagan imposible que os creadores dos documentos non xeren documentos con carácter de evidencia das súas actividades en curso e proporcionen os controis requiridos por xestores de documentos e arquivadores para xestionar o documento ao longo do tempo. Para

comprender por que e como estas APIs detectables para servizos de arquivo poderían resolver o problema da xestión de documentos a aqueles que queren manter documentos electrónicos é necesario re-establecer os principios da arquitectura dos arquivos dixitais, identificar onde sucedeu o fallo, e explorar os principios e métodos das arquitecturas orientadas a servizos.

### **O marco dunha arquitectura para a xestión de documentos electrónicos.**

O primeiro, e máis fundamental principio, de calquera arquitectura para a xestión de documentos electrónicos é que os documentos o son de transaccións. Por definición, as transaccións só suceden cando os datos se moven entre un sistema ou fonte, e outro. Isto proporcionáanos tanto a definición funcional de documento como os medios a xulgar para capturar documentos cando, e no modo que, cruzan o espazo lóxico entre sistemas ou fontes.

Dado que os documentos son creados pola transacción, o documento auténtico só pode ser capturado no momento da súa creación e recepción. Isto era en efecto o que as oficinas de rexistro do século dezanove facían, servindo como único conduto dos documentos dende os creadores ate os receptores, e capturando unha copia para lograr isto. Demostrouse que a ausencia dunha función correlativa no proceso de comunicación electrónica das organizacións é o problema esencial das estratexias de arquivo electrónico que adoptamos ate a data. Os arquivistas foron en gran medida culpables disto, en particular porque o Proxecto IntePARES adoptou unha definición de documentos de arquivo como aqueles que foron *realizados ou recibidos e gardados para a acción ou referencia*. Aínda que «gardados» só requiría que os documentos entraran primeiro *baixo o control* da oficina de orixe ou de recepción, parecía que se requiría aos implantadores que os documentos se almacenaran fisicamente de maneira local, conducindo a esforzos custosos e en gran medida ineficaces para crear sistemas de xestión de documentos localmente distribuídos, seguros, dentro das axencias. Loxicamente, non se puxo ningunha barreira á implantación desta definición de documento mediante un fluxo que garantira ter un servizo centralizado e remoto de documentos e arquivos que obtivese todas as transaccións cando sucedesen, e eliminando os documentos sen importancia arquivística sobre unha base regrada. Esta última estratexia foi a que os meus colegas e máis eu adiantamos nos anos noventa do século vinte, pero neste momento existían estratexias tecnolóxicas inadecuadas para o control a nivel de ítem (2) e a captura durante a creación de documentos, como discutirei posteriormente na sección II.

En cincuenta anos de experiencia con sistemas electrónicos aprendemos que deixar os documentos ou os datos en mans dos usuarios e os seus sistemas case sempre conduce á perda de documentos, porque se compromete fatalmente o seu carácter de evidencia. Ademais, posto que ao permitir que as trans-accións se resisten de maneira local se pasa por alto o momento da transmisión, no que o sistema de emisión podería proporcionar unha copia arquivística para o arquivo, mentres simultaneamente proporciona a copia da actividade ao emisor e ao receptor pretendido, se provoca que o servizo de arquivo desperdicie a súa única oportunidade para capturar evidencia que se puidese certificar. Almacenar inicialmente un documento nunha localización e un entorno físicos distintos de aqueles nos que en último extremo será arquivado, incluso aínda que fora posible capturar un documento en tal localización, converte o ingreso nun proceso técnico arriscado, máis que nun simple cambio de estado. Obviar estes riscos requiriría que os sistemas nos que os usuarios traballan cumpriran completamente cos requisitos de xestión de documentos, unha demanda que ate a data se mostrou imposible de satisfacer na práctica, a menos que a captura teña lugar no momento da creación.

O segundo principio da arquitectura dos arquivos é o de que os arquivos deben capturar e conservar non simplemente o contido do documento, senón tamén o seu contexto e estrutura, para darlle senso intelectual e técnico ao contido, especialmente no curso do tempo, e para localizalo dentro do contexto da súa procedencia. Este segundo elemento da arquitectura dos sistemas de xestión de documentos conduce á especificación dos metadatos que os documentos deben ter para servir como evidencia, para que estes datos poidan capturarse de maneira certificable, conservarse de maneira verificable e, en último extremos, recuperarse de maneira útil.

Unha vez máis, os arquivistas contribuíron á complexidade da práctica nesta área, fracasando ao especificar de maneira coherente que metadatos contextuais e estruturais se requiren. No Modelo de Referencia para Comunicacións de Negocio Aceptables, discutido máis adiante, adiantouse unha especificación formal baseada nas características da evidencia, pero dende entón non se chegou a un acordo nin se desenvolveron normas a nivel de metadatos para darlles esa posición universal que necesitan. Con todo, sabemos que a menos que os metadatos necesarios fosen capturados nos sistemas de xestión de documentos antes da transferencia non poden, na práctica, asociarse cos documentos ao longo do tempo. Os métodos para facer isto cos documentos físicos dependían da propiedade de permanecer xuntos nun lugar unha vez que se poñían alí, que por suposto non é o modo en que os documentos electrónicos son xestionados por sistemas de almacenamento aleatorio.

O terceiro principio crítico da arquitectura de sistemas para a xestión de documentos electrónicos é que os métodos, as estruturas e as normas da informática cambian ao longo do tempo, así que os documentos deben migrarse de maneira continua a formatos máis contemporáneos para que sirvan aos potenciais usuarios. Así, unha vez capturados e documentados, os documentos teñen que ser migrados a novas estruturas de datos de maneira permanente, ás veces inmediatamente despois da súa captura. Aprendemos que cando os documentos se manteñen, xa en instalacións locais de arquivos, xa nas oficinas que crean os documentos, tanto os custes de desenvolvemento de métodos adecuados de migración como o criterio acerca de cando aplicar eses métodos están máis alá da capacidade dos seus custodios. Na pasada década conseguíuse un substancial progreso no desenvolvemento de métodos para a conservación de formato e modelos de depósitos nos que se podería confiar para levar a cabo tales conversións como parte das estratexias de conservación a longo prazo. Se a xestión da conservación a longo prazo fora encomendada a tales servizos remotos, teríamos unha oportunidade moito maior de conservar a lexibilidade e utilidade dos documentos ao longo do tempo. Os arquivistas inclínanse a elixir almacenar os seus documentos en depósitos remotos administrados polos tipos de axencias culturais coas que traballaron dende hai tempo —universidades e departamentos de patrimonio do goberno— pero os riscos asociados a depender de tales entidades a longo prazo exceden con moito o risco de almacenar os documentos patrimoniais en servizos de *cloud computing* administrados de maneira comercial. A maquinaria da economía moderna seguirá a funcionar, incluso cando as esixencias políticas creen flutuacións no apoio á academia e aos ministerios de patrimonio.

Estes tres elementos fundamentais da arquitectura, descritos por primeira vez hai máis de quince anos, foron refinados por completo durante máis dunha década. Os momentos de risco asociados con eles foron recentemente reafirmados, despois dunha revisión da literatura que identificaba as orixes dos fallos nos sistemas de xestión de documentos dixitais (Bearman, 2006). O elemento de risco, e a análise de sistemas, que non foi formalmente calculado neste modelo, derívase da conduta humana e a política. Aprendemos que o mero requirimento ás organizacións de que depositen os documentos non conducirá a que sexan depositados axeitadamente, ou conservados de maneira arquivística, a menos que existan solucións relativamente simples e susceptibles de ser implantadas universalmente.

Dende que estes principios foron aceptados por primeira vez de maneira xeneralizada, estivemos a loitar con dous retos inherentes á súa implantación: como capturar documentos dos que se poida asegurar que son autén-

ticos e como adquirir da mellor maneira os metadatos necesarios para manter a súa capacidade de uso e o seu contexto. Ás veces estes dous requisitos incluso parecían estar en contradición; se queríamos dos datos dos metadatos, tiñamos que adquirilos dos custodios que xestionaban os documentos, pero si permitiamos aos custodios xestionar os documentos antes de que os arquivos os adquiriran, a autenticidade dos documentos quedaría comprometida. Pero isto non tería por que ser así si puidésemos asegurar que todos os documentos quedasen depositados nos sistemas de xestión de documentos ou de arquivo dende o momento da súa creación ou recepción, cos metadatos axeitados.

### **Captura de documentos a nivel de ítem no momento da creación**

Os documentos capturados no momento da creación estarán entrando no sistema de xestión de documentos, por definición, a nivel de ítem. No momento en que o autor articulou por primeira vez estes requisitos de captura a nivel de ítem e o Modelo de Referencia para Comunicacions de Negocio Aceptables (BAC), non existía unha solución de arquitectura obvia para o problema da captura, aínda que a captura no momento da creación do documento se identificou como un compoñente necesario de calquera sistema arquivístico (Bearman, 1994). Todas as prácticas arquivísticas tradicionais asumen que unha «oficina que xera documentos» ou «a oficina de orixe» transfiren os documentos nunha agregación, pola súa «orde orixinal» (a fin de conservar a procedencia e o contexto). Por tanto, os requisitos para o ingreso a nivel de ítem teñen que asegurar a captura da procedencia e o contexto. As suxestións do autor no BAC e noutros informes do proxecto *Pittsburgh Electronic Records* propuñan cadros estruturados de fluxos de tarefas, identificadores únicos de ítem e encapsulación de metadatos en capas entre as características dunha arquitectura que resolvería os problemas de capturar documentos por adiantado.

Estas e outras solucións técnicas foron aprobadas por varios proxectos nos anos noventa do século vinte. Pero os primeiros experimentos coa captura de documentos e a adquisición automática de metadatos a partir da análise dos documentos mesmos, como no prototipo *Victorian Electronic Records Strategy*, tiveron que recorrer a intervencións bastante complexas, semi-automatizadas, a nivel de cada sistema de aplicación de negocio para capturar documentos no momento da súa creación e dirixilos aos arquivos (*Victoria Public Records Office*, 1998). Despregando XML e DOI, dúas aproximacións que eran nese momento moi orixinais, si xeraron no entanto os metadatos



de procedencia xulgados necesarios por eles dentro do marco do Modelo de Referencia para Comunicacions de Negocio Aceptables e deron aos documentos que encapsulaban a permanencia que os arquivos requiren. Posteriormente, a análise da Universidade de Indiana de métodos alternativos que implicaban a inserción dun «nodo» de programación en todo o software de procesos de negocio, suxeriu que a súa implantación sería extremadamente difícil e custosa a escala de organización e utilizando as entón dominantes arquitecturas de bases de datos relacionais e cliente-servidor (Flynn, 2002). A súa estratexia reflectía a do proxecto *Philadelphia Human Resources Information Systems*, que implantou unha aproximación á xestión de documentos conforme con BAC nunha soa aplicación de negocio do goberno a fins dos anos noventa do século vinte, pero demostrou que facelo para todos os sistemas non sería adaptable (Giguere, 1997; Weinberg et. al, 1998).

Así, máis ou menos fai unha década a implantación dunha solución parecía máis alá do noso alcance, aínda que a análise indicara en principio como tería que resolverse. En lugar diso, moitas grandes organizacións arquivísticas desenvolveron marcos e plans para crear sistemas locais de xestión de documentos arquivisticamente seguros. Estes esforzos culminaron na publicación da especificación MoReq, que tamén utilizan arquitecturas clientes-servidor, a comezo dos anos 2000 (DLM Forum). Pero a aproximación EDRMS (Electronic Documents and Records Management System) era tan pesada e complexa que se presentaron propostas de solicitudes por centos de millóns de dólares para desenvolvemento de sistemas, deixando por completo a xestión de documentos electrónicos fóra da capacidade da maioría das organizacións, incluso aínda que tivesen experiencia para implantala, algo que fixeron poucas, se é que algunha. Volvendo atrás a mirada á experiencia dos últimos cinco anos podemos observar que estes sistemas non tiveron o efecto de resolver o problema da captura de documentos de arquivo.

### **Arquitecturas en capas, APIs e Servizos web**

A primeiros dos anos noventa do século vinte, eramos conscientes de que as capas OSI, as interfaces de aplicacións, e o recentemente articulado modelo OASIS eran parte da solución, sendo este o motivo polo que o Modelo de Referencia BAC imaxinou unha estrutura de metadatos en múltiples capas con roles funcionalmente deliñados para cada capa de metadatos, deseñada para arquivos non orientados pola custodia, nun momento en que o almacenamento remoto era un asunto contencioso e a súa implantación non trivial. Nós imaxinamos o uso de APIs e o almacenamento arquivístico remoto, incluso aínda que Internet non xogaba o rol universal na transmisión de comu-

nicacións electrónicas que xoga agora e a Web aínda non fora inventada. De que maneiras evolucionou a nosa comprensión, e implantación, de APIs para a provisión de servizos imprecisos?

Primeiro, os principios de arquitectura das APIs, que deben ser chamadas por unha aplicación e poden impoñer requisitos de protocolos de enlace sobre o seu cliente, poden requirir que se satisfagan os requisitos de metadatos para a xestión de documentos electrónicos. Cunha arquitectura baseada en APIs, os usuarios contratarían un servizo arquivístico e posteriormente habilitarían os seus sistemas para obter servizos de xestión de documentos a partir dos arquivos, transmitindo transaccións aos arquivos e ao receptor (sistema ou persoa) pretendido ao mesmo tempo, no momento en que tivesen lugar. Cunha arquitectura baseada en APIs, os datos requiridos para obter os servizos arquivísticos ofrecidos virían especificados polos servizos de xestión de documentos, e os programadores de aplicacións que xeran documentos escribirían a transmisión de aqueles datos como un compoñente do diálogo de chamada da API.

Entre os inhibidores para utilizar APIs para a inxesta de documentos nos arquivos nos anos noventa do século vinte e a principios dos dous mil achábase a ausencia dun marco de negocio e técnico que fixera posible a provisión de servizos remotos sobre a rede, particularmente un marco para a localización e a utilización de servizos en rede. Posteriormente, no entanto, houbo unha evolución nas solucións de arquitecturas para problemas similares, o cal achantou o camiño para unha implantación relativamente doada da captura de documentos de arquivo a nivel de ítem cos necesarios metadatos asociados. A solución é despregar marcos de arquitecturas que chegaron a ser de uso xeneralizado nos últimos cinco anos: as Arquitecturas Orientadas a Servizos (SOA) e os servizos web, familiares para a maioría baixo a forma de Google Docs ou Facebook, por utilizar dous exemplos ubicuos.

Con unha arquitectura de servizos arquivísticos baseada en APIs detectables, estamos requirindo do sistema xerados que sexa o axente que chama a unha API remota. Neste senso, estamos volvendo poñer o deseño de sistemas na ecuación arquivística, pero dun modo que é máis doado de implantar que cando foi en gran medida abandonado nos anos noventa do século vinte. En 1989, suxerimos que os sistemas serían a clave do arquivar se cada un deles fose deseñado cun módulo arquivístico (Bearman, 1990), pero sabiamos que era pouco probable que nin os individuos nin as organizacións fosen capaces de implantar sistemas deste modo, nin sequera de comprender as políticas requiridas. En 1990, os sistemas que se utilizaban en oficinas eran case que exclusivamente propietarios e faltábanlles as arquitecturas amigables de APIs, en capas, baseadas en normas, que poderían permitir

xuntarlles módulos arquivísticos, incluso aínda que puidésemos deseña tales módulos para todo sistema e organización. Os vínculos entre sistemas estaban, por definición, codificados dentro de cada sistema. Pasaríamos por un momento difícil para comprender o modo en que poderían executarse sobre a marcha despois de localizalos no ciberespazo e non había maneira de evitar o re-escibir o código en cada sistema para facer uso de tales servizos. Pero se os servizos de arquivo tivesen que ser chamados por outros servizos API requiridos para que as trans-accións tivesen lugar, como o protocolo de transporte, en todos os casos nos que un contrato para tales servizos existise a nivel organizativos, entón todo o sistema introducido nunha organización inmediatamente se aproveitaría dos servizos de arquivo sen programación complementaria.

A base para o uso xeneralizado de tales servizos é unha linguaxe de declaración (usualmente unha linguaxe de descrición de servizos web), que describe os servizos e como utilízalos. As actuais comunicacións entre os servizos e os clientes usan tipicamente o protocolo SOAP. Estanse a desenvolver moitas variacións sobre o modelo básico e, por suposto, os protocolos subxacentes poden evolucionar ao longo do tempo, pero os principios fundamentais de servizos imprecisos proporcionados por axentes remotos elabóranse agora no marco da reflexión acerca de arquitecturas informáticas para a web. Isto débese a que as APIs web e a arquitectura de servizo web que está asociada co seu despregue, esencialmente, obvia o requisito de re-escibir toda a aplicación en uso na organización e escribe código que intervirá a nivel de programación e enviará unha copia das transaccións ao arquivo designado. En cambio, podemos publicar os requisitos da función *inxesta* do OAIS do servizo web, incluído o primeiro paso de «captura», ao que OAIS chama «adquirir», e os métodos de comunicación dos sistemas cliente poden facer as chamadas e proporcionar os metadatos demandados pola API.

Cando se chama ao servizo web de arquivo que inxire o contido dunha transacción electrónica nun sistema de xestión de documentos, pode requirir que a aplicación que xerou o documento declare:

1. O «propietario» do documento (en forma da clave requirida para engadir controis de acceso ao documento).
2. O momento físico da transmisión (creación) do documento.
3. Unha definición altamente concreta da procedencia arquivística en forma do axente ou o responsable da función que xerou a transacción. Os parámetros requiridos polo argumento especifican unha persoa ou un sistema (axente) que executa unha función (acción) nun contexto (organización, entorno, etc.) e un receptor (persoa/función/organización/sistema).

4. calquera dato do que o propietario dite que debe estar presente para efectos de control da valoración e selección dos documentos. O acordo de servizo resume a lóxica subxacente do arquivo nun conxunto de requisitos de metadatos. Con posterioridade a esta etapa de «adquisición» do proceso, o servizo de Inxesta do OAIS procesa o documento, asignándolle unha URI que será o ID permanente da transacción arquivada e «empaquetando» o envío cun envoltorio de metadatos, que crea un paquete de información arquivística completo.

Os almacéns remotos de datos non eran unha solución práctica nunha era anterior á rede, así como tivemos que imaxinar depósitos certificados en, ou polo menos para, cada organización que creara documentos con enlaces de negocio e técnicos bastante estritos entre a organización creadora e o seu depósito arquivístico. Hoxe en día, cun servizo arquivístico de xestión de documentos que almacene documentos «na nube» baixo os termos dun contrato axeitado (CAARA, 2010), todos os documentos nun formato dado poderían migrarse dunha vez con independencia da súa «propiedade» (p. ex., a súa procedencia) ou a súa localización física. O proceso de verificación de equivalencia técnica acordado polas partes interesadas no arquivar pode executarse sobre todos os documentos nese momento. Os creadores individuais e as axencias poden ser relevados da responsabilidade de xulgar acerca de cando migrar ou como migrar datos, que foron incapaces de exercer adecuadamente.

Agora que moitas transaccións que requiren o arquivar teñen lugar en ámbitos de aplicacións totalmente distribuídos (incluídos móbiles) que implican o intercambio de *tokens* (a facturación dixital nos aviós) entre axentes máquina, ou que usan control remoto (inspección por videocámara) por vez de inspección persoal *in situ*, é natural asumir que o documento vive na nube e que o acceso queda apoiado dende calquera lugar, en calquera momento. A cuestión que os arquivadores teñen que abordar é o modo en que o documento chega alí, como queda asegurada a súa autenticidade polo servizo que o mantén, e o modo en que os requisitos legais da xurisdición dos propietarios se imponen sobre o provedor de servizos para garantir que o propietario pode satisfacer eses requisitos.

### **Implantacións dunha inxesta automática conforme con OAIS**

Dado que as arquitecturas orientadas a servizos están xeneralizadas e teñen éxito, esperaríamos descubrir que xa están a ser despregadas en contextos arquivísticos. En efecto, outros arquivadores promoveron o potencia de SOA para os arquivos (Evans, 2008; Reed, 2008), pero non se enfocaron especifi-

camente sobre a implantación de servizos de Inxesta conformes con OAIS a nivel de ítem como medio para resolver o problema de vincular os metadatos contextuais aos documentos, como estamos a propoñer aquí. Unha revisión da literatura non revela que ningún arquivo estea realmente empregando SOA e un servizo web de arquivo para depositar o documento de transaccións no arquivo no momento no que suceden. O moi innovador proxecto PEKIN de *King's College*, Universidade de Londres, que na opinión do autor achegouse moito planea *proporcionar algunha forma de integración entre o sistema arquivístico Alfresco e Sharepoint*. (Knight, 2010).

Nós si que vemos que se están a despregar con éxito exemplos de SOA, aínda que con modelos de inxesta de transferencia masiva. A *U.S. National Archives Electronic Records Archive Architecture* (RAA), que emprega un marco de Arquitectura Orientada a Servizos, utiliza SOA para xestionar inxestas masivas, iniciadas pola axencia (o que NARA chama «transferencias periódicas dende sistemas»). Pero o modo en que RAA implantou SOA é sub-óptimo (Nguyen and Harvey 2009), unha vez máis en gran medida porque o modelo é o das transferencias masivas iniciadas pola axencia. A asunción de que os documentos residen coas axencias e están suxeitos a transferencia física está tan fondamente interiorizada polas prácticas de NARA, que a arquitectura resultante, aínda que coherente cunha API aberta, a causa dunha política dirixida pola aplicación de xeración, realmente non se acomoda cun depósito a nivel de ítem.

A inxesta arquivística conforme con OAIS que utiliza SOA, non se limita a NARA; é proporcionada como un Servizo web por outros diversos depósitos «arquivísticos». Como NARA, no entanto, cada un deles asume actualmente que a inxesta ten lugar como consecuencia da decisión humana de ingresar obxectos electrónicos nun arquivo, máis que como o resultado dunha acción automatizada executada no momento da creación do documento. Nestes casos non se trata de ser cativos do paradigma da transferencia masiva iniciada pola axencia, senón máis ben de deseñar servizos de «arquivo» que sirvan como depósitos para artigos de xornal e informes técnicos, p.ex., son depósitos orientados como biblioteca máis que depósitos de xestión de documentos.

Por exemplo, a Inxesta OAIS con SOA reflíctese no *e-Framework for Research and Education* ([www.e-framework.org](http://www.e-framework.org)) e, particularmente, no proposto, peor aínda non adoptado, Modelo de Uso de Servizo «Ingest Digital Resource for Preservation» (Hedges, 2010). O marco proposto utiliza explicitamente OAIS para nomear os seus compoñentes: o evento inxesta transforma un SIP (Paquete de Envío de Información) OAIS nun AIP (Paquete de Información Arquivística) engadíndolle os metadatos requiridos (descritos por PREMIS) e realizan outras transformacións para reducir as dependencias.

O *Joint Information Systems Committee* (JISC) comezou traballar nunha API de Depósito en 2006 (JISC, 2006). Buscou os puntos de vista de diversos axentes que desenvolven software de depósito para a súa idea de deseño, pero o concepto é aínda o dunha inxesta activada manualmente, máis que a funcionalidade de auto-arquivar baseada nun evento que iniciase o proceso. O esforzo conduciu ao desenvolvemento de SWORD (*Simple Web Service Offering Repository Deposit*) en 2007/8. SWORD foi implantado como un módulo de *DSpace*, *Fedora* e un certo número de outras plataformas de depósito (Allinson, 2009).

SWORD foi implantado como unha parte das regras de negocio de *arXiv.org* (un depósito que xestiona un arquivo de artigos en *Cornell University*). O manual do usuario da API de depósito SWORD (ArXiv, 2009) deixa claro que aínda implantado, o proceso de depósito é conforme con ATOM (RFC5023) e podería ter lugar enteiramente baixo control da máquina. En xeral, os depósitos existentes asumen que unha persoa inicia o proceso de envío, incluso aínda que o servizo SWORD faga despois o envío a numerosos depósitos a elixir en nome do petionario. Cando se automatiza, como cun *script*, se limita a clases específicas de petionarios, como no caso de *arXiv* referente a peticións de textos de conferencias por parte dos organizadores da conferencia. Semella que a proposta orixinal de desenvolvemento dos software SWORD puido estar máis aberta ao concepto de depósitos enviados pola máquina, antes que aos depósitos que realmente existen (*EPrints*, 2007). En Nova Zelandia, Stewart Lewis creou a ferramenta *Easy Deposit* para facer posible que individuos non preparados lanzaran unha inxesta ao arquivo (Lewis, 2010), o que é un modelo do modo en que un evento que desencadeara unha función automaticamente configuraría a interacción cliente/servizo. En setembro de 2010, o *Curation Center* da Universidade de California lanzou un conxunto de ferramentas que foron deseñadas para axustarse a este tipo de arquitectura, pero con todo non dan o salto lóxico suficiente para o depósito de ítems transmitidos utilizando os Servizos web aos que chama a aplicación (DITUW) (University of California, 2010).

### **Servizos de inxesta de documentos conformes con OAIS a nivel de ítem**

Diferentes comunidades teñen diferentes necesidades de servizos arquivísticos de inxesta (Vardigan, 2007). As comunidades ás que lles concirnen os documentos de negocio actuais, do goberno e da actividade privada teñen que capturar evidencia de transaccións cando teñen lugar. Un dos principios básicos das arquitecturas orientadas a servizos é que xestionan eventos

ou iniciadores producidos pola transacción (Erl, 2010). Esta funcionalidade relaciónase de maneira crítica co aspecto de captura de documentos no momento da súa creación, dado que o evento-creación, ou transacción, debe desencadear unha chamada ao servizo de xestión de documentos.

Unha organización que desexe aproveitarse dun servizo de arquivo remoto proporcionado baixo SOA asinaría un contrato formal cun depósito arquivístico certificado, no que se establecerían as expectativas acerca do modo en que o depósito xestionaría os documentos que lle son enviados pola API. O entorno de almacenamento arquivístico podería ser un depósito dixital certificado ou de confianza (RLG, 2005), aínda que esta arquitectura non foi imaxinada nos primeiros «depósitos fiables» (CRL, 2007), nos que a asunción era que as organizacións emisoras enviaban ficheiros de acordo a unha aplicación definida de maneira local, en lugar de utilizar servizos web imprecisos. En último extremo, as organizacións que tratan de usar almacenamento arquivístico remoto terán que tomar determinacións relativas á xestión do risco en canto a se os «depósitos dixitais fiables» dos sectores académicos e do goberno satisfán mellor as súas necesidades de almacenamento a longo prazo que as «nubes» comerciais. Existen motivos para crer que os caprichos do financiamento académico e gobernamental son abondo como para que a pesares do seu declarado compromiso co patrimonio puidese ser menos arriscado contratar a provedores comerciais de almacenamento de datos que son críticos para toda a economía dixital e só poderían desaparecer se a economía internacional baseada en servizos dixitais de datos finalizara por completo.

En ambos os dous casos, cando se fai a chamada á API dos servizos web, a aplicación que crea o documento proporciona os metadatos esenciais ao arquivo. Isto resolve as dificultades atopadas polos primeiros esforzos en analizar os datos de maneira non intrusiva (*Victoria Public Records Office*, 1998), ou de pedir os datos aos usuarios e ás interfaces fiables de fluxos de tarefas que os recollían (John McDonald, 1997). Obvia a necesidade dos esforzos agora dirixidos á recolección de metadatos para a xestión de documentos. Unha petición WSDL de datos pode ser o suficientemente explícita como para que a aplicación do cliente a satisfaga e para o usuario final non é en absoluto intrusiva, asegurando que os requisitos de metadatos se satisfán por completo no momento da creación e o depósito do documento.

Con este marco de arquitectura en uso, a API real non é tecnicamente máis complicada que un *app* de Twitter que usa a *api* aberta de Facebook para actualizar Facebook cando vostede twitea, ou o *app* de Facebook que usa unha *api* de Twitter para twitear cando actualiza o seu estado en Facebook, a API é unha función escrita cun evento desencadeante que causa unha acción nun sistema para engadir datos a outro.

Unha función por completo correcta de xestión de documentos e arquivos na web tería que ofrecer toda unha gama de servizos. Os iniciadores baseados en eventos tamén se empregarían en características de calendario e valoración e selección dos documentos, ligadas a eventos externos; e as funcións de informe sobre acceso e uso dun servizo de arquivo tamén poderían desencadearse desta maneira. Por exemplo, podería deseñarse un servizo para recuperar un documento ou unha serie de documentos dados a partir do «centro de documentos», ou para retirar automaticamente os documentos que satisfíxeron as regras de valoración e selección establecidas polos seus creadores, ou para emitir copias certificadas de documentos para o seu uso como evidencia cando son pedidos como testemuños legais. Todo isto é imaxinable porque dende a pasada década o entorno no que os eventos de telecomunicacións tiñan lugar entre sistemas propietarios illados está a ser desprazado por outro no que os eventos citados, descritos en XML, teñen lugar na web, e poden supervisarse e rastrearase, e pódese responder a eles.

### **Conclusiones**

Os arquivistas deberían enfocarse sobre a implantación de servizos que fagan posible que quen desexe conservar documentos dixitais poida facelo. Sabemos que os medios para capturar e conservar documentos dixitais auténticos son suficientes só se as organizacións queren despregalos. Isto tamén era probablemente certo dos documentos en papel, como queda testemuñado polo relativo éxito da documentación en ámbitos onde as organizacións utilizan unha función de rexistro e o relativo fracaso onde non o fan. Non obstante, nós tampouco non proporcionamos medios efectivos en termos de custos e relativamente simples para que as organizacións exploten servizos arquivísticos dixitais.

Crear un servizo web con almacenamento remoto seguro de documentos permite que calquera garde documentos nos arquivos sen grandes custos adicionais. Calquera sistema que xere documentos simplemente se declara a si mesmo á interfaz, xunto cunhas poucas e sinxelas dimensións de datos. A API SOA casa as aproximacións de control a nivel de ítem co requisito de declaración de metadatos dos sistemas de información da oficina de xeración. Baseándose en metadatos acerca da procedencia e en etiquetas locais vinculadas ás recomendacións organizativas sobre valoración, as institucións que utilicen un servizo remoto e seguro de documentos poden executar decisións de selección en calquera momento dende o momento da inxesta ate a data a partir dos seus calendarios de conservación de documentos, e po-



den «transferir» documentos aos arquivos, indicando o seu estatus arquivístico no momento da creación ou no posterior á valoración.

Os metadatos que indican os formatos e as dependencias de software do obxecto electrónicos son aportados polo sistema xerador e están dispoñibles para o servizo de documentos dende o momento da inxesta e para o servizo de arquivos dende o momento da designación arquivística. As transformacións de formato requiridas para conservar os documentos poden realizarse inmediatamente despois da inxesta ou en masa, con outros documentos que teñen as mesmas dependencias, nunha data posterior despois de que a comunidade en xeral probase certificase unha nova transformación de formato ou un cambio na dependencia. Non é de esperar que as institucións individuais e os creadores dos documentos sexan conscientes dos requisitos de transformación e de dependencia, nin que tomen decisións acerca da súa oportunidade.

Os metadatos relevantes para a xestión do acceso dentro do servizo de documentos e arquivos poden gobernar a vista dos documentos e a recepción de copias certificadas, así como o rexistro dos seus usos. Calquera documento alterado é por suposto unha nova transacción e crea novos documentos que son eles mesmos capturados do mesmo modo, así que ningún documento volve nunca ao servizo de documentos ou ao arquivo dende os usuarios finais, excepto como novas transaccións. As regras usuais da organización con respecto á retención de tales variantes e versións aplicaranse dentro dos calendarios de conservación sobre os que actúan os servizos.

Un servizo web que xestione a captura de documentos a nivel de transacción, con características arquivísticas completamente correctas, sustentado por contratos examinados por autoridades arquivísticas e almacenamento comercial baseado na nube podería crearse nun período de tempo moi curto, cun relativamente pequeno investimento, e servir os xestores de documentos de todo o mundo. Probando que a inxesta SOA a nivel de ítem funciona, os servizos remotos e seguros de documentos e arquivos descargarían o peso sobre aquelas organizacións que fracasaron en facer os seus sistemas conscientes de tales servizos web para explicar por que non se estaban a beneficiar desa función. As organizacións que fracasen no arquivar xa non terán escusa; os arquivos xa non terían que desenvolver as súas propias ferramentas para arquivar documentos electrónicos.

Pero primeiro temos que alterar a estratexia da nosa arquitectura para a inxesta de documentos.

## Referencias

- ALLINSON, Julie; FRANÇOIS, Sebastien; LEWIS, Stuart "SWORD: Simple Web-service Offering Repository Deposit". En: Ariadne, 2009, 54, URL: <http://www.ariadne.ac.uk/issue54/allinson-et-al/>  
"ArXiv.org SWORD/APP Deposit API User's Manual", Cornell, 2009 URL: [http://arxiv.org/help/submit\\_SWORD](http://arxiv.org/help/submit_SWORD)
- BANTIN, Philip."Electronic Records Management - A Review of the Work of a Decade and a Reflection on Future Directions". En: Encyclopedia of Library and Information Science, Volume 71, Supplement 34 (2002), pp. 47-81.
- BEARMAN, David  
1990, "Management of Electronic Records: Issues and Guidelines". En: United Nations Advisory Committee for Coordination of Information Systems. Electronic Records Management Guidelines: A Manual for Policy Development and Implementation. NY: United Nations, 1990, pp. 17-70, 89-107, 135-189; reimpresso parcialmente en [http://edit.archimuse.com/publishing/electronic\\_evidence/ElectronicEvidence.Ch3.pdf](http://edit.archimuse.com/publishing/electronic_evidence/ElectronicEvidence.Ch3.pdf)  
1993, "Record Keeping Systems". En: Archivaria, 1993, #36 pp.16-36  
1994, "Towards a Reference Model for Business Acceptable Communications", 1994. URL: <http://web.archive.org/web/19970707064048/http://www.lis.pitt.edu/~nhprc/prog6-5.html>  
1996, "Item Level Control and Electronic Recordkeeping". En: Archives & Museum Informatics, 1996, vol.10, #3,pp.195-245 <http://www.archimuse.com/papers/nhprc/item-lvl.html>  
2006, "Moments of Risk: Identifying Threats to Electronic Records". En: Archivaria, 62, 2006
- CAARA (Council of Australasian Archives and Records Authorities).  
"Advice on Managing the Recordkeeping Risks Associated with Cloud Computing", 2010. URL: <http://www.adri.gov.au/products/Advice%20on%20managing%20the%20recordkeeping%20risks%20associated%20with%20cloud%20computing.pdf>
- COUNCIL ON LIBRARY RESOURCES."Ten Principles", Jan 2007. URL: <http://www.crl.edu/archiving-preservation/digital-archives/metrics-assessing-and-certifying/core-re>
- DLM FORUM. Model Requirements for the Management of Electronic Records.URL: <http://dlmforum.eu/>
- EPRINTS."Repositories and Preservation Proposal". Enviado al JISC Capital Programme. URL: <http://83.137.214.22/media/documents/programmes/capital/SWORDbid.pdf>
- ERL, Thomas The principles of service-orientation part 1 of 6: Introduction to service-orientation, 2010. URL: [http://searchsoa.techtarget.com/tip/0,289483,sid26\\_gci1165286\\_mem1,00.html](http://searchsoa.techtarget.com/tip/0,289483,sid26_gci1165286_mem1,00.html)
- EVANS, Joanne; REED, Barbara; Mckemmish, Sue. "Interoperable data: Sustainable frameworks for creating and managing recordkeeping metadata". En: Records Management Journal, 2008, Vol. 18.2, pp.115 – 129
- FLYNN, Rosemary Pleva, Workflow and Electronic Records Capture. Indiana University Archives, 2002. URL: <http://www.libraries.iub.edu/index.php?pageId=3313>
- GIGUERE, Mark D. "Automating Electronic Records Management in a Transactional Environment: The Philadelphia Story". En: ASIS Bulletin, 1997,June/July
- HEDGES, Mark. Ingest Digital Resource for Preservation v.1.0 proposal...URL: <http://www.e-framework.org/Default.aspx?tabid=1007>
- JISC, 2006. URL: [http://www.ukoln.ac.uk/repositories/digirep/index/Deposit\\_API\\_brainstorm](http://www.ukoln.ac.uk/repositories/digirep/index/Deposit_API_brainstorm) y [http://www.ukoln.ac.uk/repositories/digirep/index/Deposit\\_API](http://www.ukoln.ac.uk/repositories/digirep/index/Deposit_API)
- KNIGHT, Gareth, PEKIN, en correspondencia personal con el autor, escribe: No estamos haciendo nada particularmente interesante con las interfaces WSDL o REST en el actual proyecto PEKin, aunque tenemos planes para utilizarlas si recibimos financiación para un posterior desarrollo del *King's College*. En su fase actual, nos estamos enfocando sobre el desarrollo de un servicio mediado a ser utilizado por personal de archivos. URL: <http://www.jisc.ac.uk/whatwedo/programmes/inf11/digpres/pekin.aspx>
- LEWIS, Stewart, "Easy Deposit–SWORD Deposit Tool Creator",2010. URL: <http://blog.stuartlewis.com/2010/02/03/easydeposit-SWORD-deposit-tool-creator/>
- MCDONALD, John, "Towards Automated record Keeping, interfaces for the Capture of Records of Business Processes". En: Archives and Museum Informatics, 1997, vol.11, ,pp.277-285
- NGUYEN, Quyen L; HARVEY, Betty. "Agile Business Objects Management Application for Electronic Records Archive Transfer Process." Presentado en Balisage: The Markup Conference 2009, Montréal, Canada, August 11 - 14, 2009. En: Proceedings of Balisage: The Markup Conference 2009. Balisage Series on Markup Technologies, 2009, vol. 3 . doi:10.4242/BalisageVol3.Harvey01 URL: <http://www.balisage.net/Proceedings/vol3/html/Harvey01/BalisageVol3-Harvey01.html>

REED, Barbara, "Service-oriented Architectures and Recordkeeping". En: Records Management Journal, 2008, vol. 18 #1, pp.7-20

O'REILLY, Patrick, "A Briefing for Directors and Heads of IT Services". En: JISC, Technology Change in Higher and Further Education – a service oriented approach, 2010. URL: <http://soa.cetis.ac.uk/soa-pack/section-1/1.2%20A%20Briefing%20for%20Directors%20and%20Heads%20of%20IT%20services>

"SWORD v1 Clients and Demonstrator Repositories". URL: <http://SWOR-Dapp.org/SWORD-v1/SWORD-v1-clients-and-demonstrator-repositories/>

UNIVERSITY OF CALIFORNIA, DIGITAL CURATION CENTER. "Deposit, save, share, find that content and data: new UC3 services launch", September 16, 2010. URL: <http://www.cdlib.org/cdlibinfo/2010/09/16/deposit-save-share-find-that-content-and-data-new-uc3-services-launch/>

VARDIGAN, Mary; WHITEMAN, Cole. "ICPSR meets OAIS: applying the OAIS reference model to the social science archive context". En: Archival Science, 2007, vol.7, .p.73-87

VICTORIA PUBLIC RECORDS OFFICE. Victorian Electronic Records Strategy: Final Report, 1998. URL: <http://www.prov.vic.gov.au/vers/vers/background.asp>

WEINBERG, David, GIGUERE, Mark; MILLER, David; O'Leary, Celelia. Letter to the Editor. En: Archivaria, 1998, 45, pp.1-3

## Notas do tradutor (inglés-español)

(1) "Stateless" tradúcese como "sen estado" porque é un termo técnico aceptado no entorno da enxeñaría; é dicir, non é un termo arquivístico. A súa definición é "Con estado e sen estado son adxectivos que describen se un ordenador ou un programa informático foi deseñado para anotar e lembrar un ou máis eventos precedentes nunha secuencia dada de interaccións cun usuario, outro ordenador ou programa, un dispositivo ou outro elemento externo. Con estado significa que o ordenador ou o programa mantén o rastro do estado da interacción, usualmente establecendo valores nun campo de almacenamento deseñado para este propósito. Sen estado significa que non existe rexistro de interaccións anteriores e cada interacción pide ser tratada baseándose por completo na información que trae con ela. Con e sen estado derivanse do uso de *estado* como unha serie de condicións nun momento do tempo. (Os ordenadores funcionan inherentemente con

estado, así que estes termos se usan no contexto dunha serie particular de interaccións, non no modo en que os ordenadores funcionan en xeral)". Whatis.com. URL: [http://whatis.techtarget.com/definition/0..sid9\\_gci213051\\_00.html](http://whatis.techtarget.com/definition/0..sid9_gci213051_00.html) (Consulta: 11-2-2011)

(2) "Item" non se traduce como "documento", "unidade documental simple", etc. Porque non se usa no seu senso arquivístico, aínda que no momento en que Bearman o usou por primeira vez quizá si estaba máis preto dese senso. No presente texto, no entanto, cando o autor quere falar do documento utiliza os termos "document" ou "record". Nun marco interdisciplinar e no ámbito de sistemas electrónicos, "item" definiríase como "A unidade arquivística indivisible menor, que representa a entidade intelectual menor dentro dun fondo, xa non divisible pola súa vez para efectos descritivos". InterPARES 2 Terminology Database. URL: [http://www.interpares.org/ip2/ip2\\_terminology\\_db.cfm](http://www.interpares.org/ip2/ip2_terminology_db.cfm). É dicir, un item pode ser, por exemplo, un compoñente, un ficheiro, unha táboa, etc. Por estes motivos preferiuse conservar o termo.

## Notas

<sup>1</sup> John McDonald fixo notar, ao ler un borrador anterior deste artigo, que os formularios oficiais para memorandos utilizados por todos no goberno canadense tiñan unha folla superior para o receptor, unha folla media para o emisor e outra folla inferior para a oficina de documentos, "automatizando" este paso "mediante unha marabillosa peza de tecnoloxías chamada papel carbón".

# Políticas e prácticas de conservación dixital: automatización, experimentación e medición do funcionamento

**Seamus Ross**

iSchool. University of Toronto

A omnipresencia das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) transformou o modo en que creamos, accedemos a, utilizamos, e temos que xestionar entidades dixitais.<sup>1</sup> A dependencia por parte das empresas e das institucións do sector público das TIC está a producir unha masiva acumulación de material á espera de ser ponderado para decidir o seu destino, que nalgúns casos pode significar traelo ás institucións da memoria. As cantidades e a diversidade dos materiais significan obstáculos incluso en canto á súa ponderación por parte de arquivistas, xestores de documentos e outros conservadores da información. O patrimonio científico e cultural do mundo contemporáneo que virá ser conservado nas nosas institucións da memoria proporcionará os historiadores materiais en bruto para interpretar o século XXI. Máis aínda, estes activos serven como recursos sostibles e renovables para ser explotados nunha sempre crecente diversidade de maneiras. Os usuarios esperarán ser capaces de facelo. Na súa forma dixital estes materiais proporcionan recursos centrais para facer posible a educación, para soste a aprendizaxe continuada, para sustentar o desenvolvemento de novos produtos por parte de industrias creativas, e melloras na nosa calidade de vida.

As iniciativas de comercio e goberno electrónicos seguen a aumentar a consciencia da necesidade de fontes de información fiables e válidas. Cunningham e Phillips argumentaron que «xestionar información en formatos electrónicos dispoñibles para a e-democracia é un ben público, coma o son os servizos de saúde, a educación ou as pontes» (Cunningham; Phillips, 2005, 314). A nosa confianza na responsabilidade do e-goberno e o seu éxito, por tanto, depende da institución de mecanismos de conservación dixital transparentes, seguros e factibles dentro dos ámbitos do sector público. Proporcionar esta visión depende da supervivencia de datos dixitais en forma accesible, utilizable, fiable e auténtica (Commission, 1996).

Grazas polos seus esforzos a todos os meus colegas que traballaron en proxectos como *DigitalPreservation Europe*, *DRAMBORA*, *Automated Metadata Extraction*, e *PLANETS*.

O problema dos materiais dixitais é que existen moitos factores que parecen conspirar para facelos inaccesibles. Os avances tecnolóxicos fomentan a obsolescencia dos mecanismos de acceso e aceleran a perda de material. Por exemplo, aínda que é certo que os soportes se degradan ao longo do tempo, incluso antes de que o fagan, os dispositivos para acceder a clases particulares de soportes debeñen escasos e pode que os conservadores descubran imposible extraer os contidos dos soportes. Con frecuencia, incluso aínda que o obxecto dixital sexa accesible, segue a ser inintelixíbel a causa de que sobrevive insuficiente información descritiva, técnica, estrutural e de xestión acerca do obxecto. Así pois, aínda que o fin da conservación dixital é conservar información ou obxectos dixitais que sexan auténticos, comprensibles e accesibles ao longo do tempo, a conservación dixital non só implica a conservación de materiais dixitais, senón tamén a actualización, a corrección e a anotación de materiais.

No centro da conservación reside a planificación e o recoñecemento de que *a conservación e a preservación dixitais son actividades de xestión do risco en todas as etapas da senda da lonxevidade* (Ross; McHugh, 2005). Ao emprender tarefas de conservación os individuos e as organizacións deben «calcular as dimensións correctas» do seu risco. Moitas das aproximacións á conservación descritas na literatura foron deseñadas para ser implantadas e utilizadas por grandes organizacións, e en particular arquivos e bibliotecas nacionais. Significan os custos e procesos percibidos como asociados coa conservación que as institucións de pequeno e mediano tamaño non teñen oportunidade de conservar ou preservar de maneira activa as entidades dixitais ao seu coidado? Como veremos, existen pasos proactivos e aproximacións a diversa escala que fan accesible a case todas as institucións a aplicación de estratexias de conservación.

Os recursos electrónicos son unha parte central do noso patrimonio cultural e intelectual, pero este material está en risco. A memoria dixital necesita xestión constante, utilizando novas técnicas e procesos, para refrear riscos tales como a obsolescencia tecnolóxica. O risco comeza antes de que o documento dixital se crease e continúa durante tanto tempo coma o obxecto dixital teña que ser conservado. Ao problema de desenvolver as solucións requiridas para a conservación de, e para a provisión de acceso continuado a, a información dixital, enfróntanse en diversos graos o sector público, as organizacións comerciais e incluso os individuos privados. No entanto, a conservación dixital é un asunto demasiado grande para que as institucións, ou nin sequera os sectores, individuais a aborden de maneira independente. Existe unha crecente necesidade de construír sinerxías entre as iniciativas na área da conservación dixital. Os retos que as organizacións da administración

governamental/pública, do patrimonio cultural e de difusión están a abordar ao conservar obxectos dixitais son tan complexos e innovadores que non é posible que as institucións traballen soas para resolvelos. Se é que han ter éxito, os esforzos para satisfacer estes retos deben estar coordinados. Os recursos, a experiencia e o esforzo necesarios requiren a colaboración multidisciplinar das organizacións, a industria e as institucións para achegarse a solucións, sequera temporais.

Os arquivistas e os xestores de documentos serán conscientes de que a estrutura organizativa das institucións e o modo en que as ferramentas de creación e xestión de información se están a despreñar constitúen en por si un obstáculo á conservación. A falta de colaboración entre xestores de documentos, creadores e persoal das TIC tamén contribúe coa súa cota de problemas. A probabilidade de que os materiais dixitais sexan adecuadamente conservados ao longo do tempo está intimamente unida ao seu valor recorrente ou ao seu uso activo continuado. O valor recorrente xurde do uso dos obxectos dixitais polo seu valor de evidencia, digamos para delimitar a responsabilidade corporativa, para demostrar os dereitos primarios sobre unha idea, unha invención ou unha propiedade, para satisfacer a conformidade ou os requisitos reguladores, ou para lograr unha vantaxe competitiva. O valor recorrente pode xurdir cando un recurso pode volver a explotarse, xa sexa mediante re-empaquetamento, xa por publicación nalgunha forma nova e inesperada. Certas series de datos que se explotan regularmente para os efectos comerciais ou de investigación, como as series de datos metrolóxicos ou científicos (p. ex., bases de datos de proteínas), é probable que se beneficien dun nivel de coidado que asegurará a súa accesibilidade a un prazo máis longo.

*Digital Preservation Europe (DPE)* fomenta a colaboración e as sinerxías entre moitas iniciativas nacionais existentes na Área de Investigación Europea. *DPE* aborda a necesidade de mellorar a coordinación, a cooperación e a coherencia nas actividades actuais para asegurar unha conservación eficaz dos materiais dixitais. Os socios do proxecto *DPE* orientan o traballo para que:

- aumente o perfil da conservación dixital;
- promova a capacidade dos estados membros para actuar xuntos co fin de engadir valor ás actividades de conservación en toda Europa;
- se utilice a cooperación inter-sectorial para evitar a redundancia e a duplicación de esforzos;
- asegure que se seleccionan e introducen normas auditaes e certificadas para procesos de conservación dixital;
- facilite o desenvolvemento de actividades mediante paquetes de forma-



Figura 1: Páxina principal de *Digital Preservation Europe*.

ción; faga posible a coordinación e o intercambio de investigación relevante;

■ desenvolva e promova unha folla de ruta do programa de desenvolvemento; e

■ axude a que tanto os cidadáns coma os profesionais especialistas recoñezan o rol central que a conservación dixital xoga nas súas vidas e os seus traballos.

### Valor de evidencia a longo prazo

A conservación dixital trata de asegurar o valor das entidades dixitais. «Cando traballamos con obxectos dixitais queremos saber o que pretendemos ser e que están completos e non foron alterados nin corrompidos (InterPARES, 2002).» Estes conceptos xemelgos están encapsulados nos termos *autenticidade* e *integridade*. Como os obxectos dixitais altéranse e corrómpense de maneira máis

doadada que, digamos, os documentos en papel, os creadores e os conservadores con frecuencia descubren que demostrar a súa autenticidade é un reto. Na medida en que os obxectos dixitais aos que lle falta autenticidade e integridade teñen valor limitado como evidencia, ou utilidade como recurso de información, a capacidade para establecer a autenticidade de e a confianza nun obxecto é crucial (Ross, 2002, 7-8). Unha ben documentada cadea de custodios axuda a establecer a autenticidade, e volveremos a iso máis adiante.

Cada representación dun obxecto dixital debe portar a mesma forza que a forma inicial, ás veces etiquetada como o orixinal. Reflexionando sobre as conclusións da investigación executada por *ERANET*, o *DELOS Digital Preservation Cluster*, e *InterPARES*, o mesmo concepto de «orixinal» semella unha etiqueta inadecuada para os obxectos dixitais. Se algunha vez existe o orixinal dun documento dixital, existe só durante un momento fugaz na memoria do ordenador no que o obxecto dixital foi creado no momento en que foi creado. Quizá podería facerse unha mellor referencia á primeira representación dos obxectos dixitais coma unha «representación ou ocorrencia» inicial (II). O problema é como podemos rexistrar a funcionalidade e a conduta, así como o contido desa ocorrencia inicial para que poidamos validar posteriores representacións. Se as posteriores representacións (SI) comparten precisión de semellanza en contido, funcionalidade e conduta coa ocorrencia inicial, pode dicirse que as «SI's» teñen a mesma autenticidade e integridade

que as «ll's». Así pois, non hai copias na Era Dixital, toda re-presentación validada é en certo senso «o orixinal».

### **Que pensan as organizacións acerca da conservación dixital?**

*ERPANET*, o predecesor de *DigitalPreservationEurope*, é un esforzo por comprender mellor o modo en que os xestores de documentos, o persoal de tecnoloxías da información, e os xestores administrativos consideraban os documentos electrónicos e a súa conservación a máis longo prazo, executou case 100 estudos de caso entre 2002 e 2004. Algúns agudos estudos recentes amosan que aínda que houbo unha expansión no interese na conservación dixital e na investigación, moitas das cuestións que identificamos fai seis ou oito anos seguen a ser válidas agora. Os nosos estudos proporcionan percepcións acerca das actuais prácticas de conservación en diferentes contextos institucionais, xurídicos e de xestión, así como nos sectores tanto público coma privado. Nós esperabamos que estas percepcións nos axudasen a comprender as aproximacións contemporáneas á lonxevidade dixital, fixesen posible as comparacións inter-sectoriais, proporcionasen unha indicación dos tipos de ferramentas e educación que se necesitaban, e identificasen cuestións que requirían investigación posterior.

A investigación levouse a cabo mediante unha combinación de cuestionario estruturado e entrevista. Os entrevistados recibiron o cuestionario antes da entrevista, que normalmente se realizaba por teléfono. A nosa mostra extraeuse de toda Europa, aínda que nos países nos que *ERPANET* tiña presenza (Italia, Holanda, Suiza e o Reino Unido) tiñan máis representación. Contactamos a algo máis de 500 organizacións e ao peche de *ERPANET* logramos unha taxa de participación de preto do 15,6%. Convencer ás organizacións para que tomasen parte foi un reto. Máis do 60% das organizacións nunca responderon á pescuda inicial nin aos seguintes intentos. Outras expresaron inicialmente a súa vontade en tomar parte, pero posteriormente se retiraron. Un bo exemplo deste último caso foi a Banca di Roma, onde o persoal de arquivo e das TIC indicaron que desexaban participar, pero os seus superiores no Banco non podían ser animados a pechar esa participación.

Os estudos de caso investigaron cinco temas. Primeiro, tratábamos de comprender en que medida eran conscientes as organizacións dos riscos formulados polo almacenamento de material en forma dixital e como percibían o impacto potencial deses riscos na súa organización. Segundo, a enquisa estaba concibida para proporcionármonos información acerca do modo en que a conservación dixital tiña impacto na organización. Terceiro, queríamos reu-



nir unha impresión das accións que as organizacións emprendían para previr a perda de materiais dixitais. Cuarto, o estudo estaba orientado a proporcionarmonos unha apreciación do modo en que as organizacións con actividades de conservación as supervisaban. Finalmente, os estudos estaban desenhados para dármonos unha indicación acerca do modo en que as organizacións planificarían a abordaxe dos seus futuros requisitos de conservación. Inspirándonos nos estudos de caso esperabamos ser capaces de establecer evidencia de boas prácticas e identificar as aproximacións e as xustificacións á aproximación que outras institucións poderían utilizar para elaborar estudos de caso de conservación.

Neste capítulo non podemo discutir os achados con detalles; os achados preliminares están dispoñibles en forma impresa noutro lugar (Ross; Greena; McKinney, 2004 (a); Ross; Greenan; Mckinney, 2004 (b)), e outros aparecerán en breve. A consciencia das cuestións que circundan a conservación dixital variaba entre organizacións máis que entre sectores. Cando accedemos ás motivacións da acción de conservación descubrimos que ao valor cultural e histórico (como se fixo notar máis arriba) se lle daba a menor prioridade; pode que isto reflecta en parte a natureza da nosa cohorte de destino, que incluía poucas institucións do patrimonio cultural. Destacaban catro motivacións centrais: o enfoque sobre a actividade central, a reutilización, a conformidade legal e reguladora, e a experiencia de perda de información. Os radiodifusores recoñeceron a conservación esencial como se tivesen que maximizar o potencial de reutilización dos seus recursos, mentres que os farmacéuticos se sentían motivados para abordar cuestións de conservación que esta asegurase a conformidade coas regulacións. Outras organizacións que sinalaron a reutilización foron os organismos do sector público (*European Patent Office*), as axencias de prensa (*Deutsche Presse Agentur*, *Swiss News Agency*), e as compañías petrolíferas.

As discusións dos participantes e os moderadores da Reunión de *ERPANET* sobre políticas de conservación dixital indicaron que as políticas e procedementos de conservación «representan un problema que aínda necesita moita atención. Aínda existe moi pouca experiencia práctica e a maioría das ideas son aínda bastante teóricas. Aínda que existen organizacións que teñen unha experiencia relativamente longa en conservación dixital» (*ERPANET*, 2003, 16). Esta conclusión extraeuse dos resultados dos estudos de caso. Cando se desenvolvían ou se comprobaban novos sistemas, os informantes facían notar que as estratexias de conservación non se articulaban usualmente nas especificacións.

Con frecuencia tampouco non se prestou atención ás políticas de valoración e selección, e cando se facía non se implantaba necesariamente en to-

da a organización. Existía un recoñecemento xeneralizado de que os problemas de conservación e almacenamento viñan agravados pola complexidade, a diversidade dos tipos ou formatos, e o tamaño das entidades dixitais. Poucas organizacións adoptaban unha perspectiva a longo prazo e as que o facían eran, ou institucións nacionais de conservación da información (p. ex., bibliotecas), ou institucións que se sentían expostas ao risco regulador. En xeral, dos estudos de caso emerxeu a sensación de que a conservación requiría unha aproximación práctica.

As organizacións que participaron na investigación recoñeceron que había pouca información acerca dos custos da conservación dixital e cando intentaran predicir custos o fixeran de maneira moi pobre —esta é unha conclusión extraída doutros estudos— (Sanett, 2002). Os informantes fixeron notar que se puidesen xustificar os custos sería difícil xustificalos no entorno corporativos. Aínda que *The Deutsche Presse-Agentur* (dpa) «non estaba en posición de revelar cifras detalladas» recoñeceu que «os custos da conservación a longo prazo estaban aproximadamente na dimensión do un por cento do volume de negocios da compañía» (Sanett, 2002).

O *Centraal Bureau voor de Statistiek* (CBS) de Holanda informou de que:

«identificado os beneficios dos custos da xestión e o arquivo dixitais de documentos como triplos: primeiro, a xestión de documentos pode converterse nunha parte integral dos procesos de traballo automatizados da organización; segundo, un descenso no uso de papel e un incremento na xestión de documentos dixitais fai posible compartir mellor os documentos e que haxa menos coleccións localizadas de documentos; e terceiro, a xestión e o arquivo dixitais de documentos permite un mantemento organizado da memoria histórica organizativa. Non existe financiamento separado para as actividades de conservación dixital, e espérase que o orzamento do departamento de TIC atenda ao mantemento continuado dos documentos (ERPANET).»

Os beneficios para as empresas comerciais derivados da conservación dixital a longo prazo amosáronse esquivos e o seminario de *ERPANET* sobre Modelos de Negocio realmente non tivo éxito ao identificalos (*ERPANET*, 2004). En xeral, o valor da conservación dixital só é evidente moito despois de que se fixese o investimento inicial.

Unha das xustificacións primarias que se dá na literatura para a conservación dixital é o acceso. Dentro da cohorte entrevistada por *ERPANET* o acceso foi considerado primeiramente para uso interno. Onde se proporcionaba acceso externo se facía segundo diferentes aproximacións: intermediarios, información proporcionada en CDs, e rara vez mediante portais en liña. Os

obstáculos para o acceso eran a seguridade, a privacidade e os retos técnicos (p.ex., a falla de formatos de ficheiros normalizados).

O que resultaba sorprendente entre os setenta e oito estudos de caso analizados aquí era a enorme variación que existía na consciencia do risco —algúns non eran conscientes de que existise e un número moi pequeno tiña un sentimento do risco altamente preciso—. O valor que se daba os materiais dixitais polas organizacións dependía en parte de canto dependese a organización dos materiais para a súas actividades, dando o maior valor á información as organizacións que, ou consideraban ou explotaban a potencial reutilización da transformación da información; ou identificaban os riscos asociados a non tela dispoñible. A responsabilidade da conservación dixital rara vez se adoptaba a nivel corporativo. As organizacións non tiñan un único punto de contacto para a conservación, e dentro das organizacións non sempre había un individuo claramente identificado que tivese responsabilidade sobre esa actividade.

As estratexias de conservación eran raras. A natureza reservada de moitas organización non apoia a acción cooperativa para abordar o problema da conservación. O que realmente destacaba era a preponderancia do punto de vista das organizacións respecto a que non deberían investir de maneira interna en definir solucións, senón que deberían esperar a que alguén externo llas proporcionara.

Os achados dos estudos de *ERPANET* complementáanse cos realizados noutros lugares (InterPARES I). Por exemplo, un grupo de traballo conxuntamente patrocinado polo *Online Computer Library Center* (OCLC) e o *Research Libraries Group* (RLG) sobre Metadatos de Conservación: Estratexias de Implantación (PREMIS) informou de que «hai moi pouca experiencia en conservación dixital (PREMIS, 2004).» De maneira máis recente, unha enquisa que ICABS levou a cabo para a *Koninklijke Bibliotheek*, *Building Networks in Digital Preservation: Recent Developments in Digital Preservation in 15 National Libraries* (borrador de xullo de 2005) descubriu que as bibliotecas non adoptaron unha única estratexia para lograr a conservación e o acceso a longo prazo da diversidade de obxectos dixitais que entran nas súas coleccións. De feito, algunhas aínda non adoptaron ningunha estratexia, a pesar de que son conscientes dos riscos asociados a unha pobre conservación dos materiais dixitais. En moitos casos isto parece reflectir unha falla de acceso aos recursos de información axeitados, de formación, de sostén dun depósito, da necesidade de auditoría e servizos de certificación, e da necesidade de acceso aos resultados da investigación. As enquisas nos arquivos nacionais e locais contan a mesma historia, como Hans Hofman fixo notar no informe sobre *Enabling Persistent And Sustainable Digital Cultural Heritage in Europe* (setembro de 2004):

«a pesar das resolucións e declaracións decididas polo Consello de Ministros Europeo, a Asemblea Xeral da UNESCO e o NRG [Grupo de Representantes Nacionais], e a pesar de que despertaron moita consciencia, as consecuencias aínda non foron integradas nin formuladas en plans de acción, nin se adoptaron máis alá do nivel dun tema illado. Na medida en que a integración práctica da conservación nos nosos asuntos cotiáns económicos, sociais, culturais e de política non se logrou, será difícil formulala e facela politicamente atractiva e interesante para efectos de financiamento» (Hofman; Lunghi, 2004)

O que estivo de maneira intrigante ausente das discusión cos entrevistados dos estudos de caso de *ERPANET* foi o enfoque sobre a tecnoloxía, e isto a pesar de que o persoal de TIC foi entrevistado.

### **Comunicación acerca de conservación dixital**

Unha cuestión que estaba clara para nós era que a consciencia xeral sobre a conservación dixital segue a ser baixa. Tamén sucede que estamos a usar mecanismos erróneos para facer xurdir esa consciencia. Temos que saber cales son. *DigitalPreservationEurope* experimentou con varios.

Todo o modo no que estamos a divulgar a mensaxe acerca da importancia da conservación dixital está a cambiar. Agora nos enfocamos sobre o uso da Optimización dos Motores de Busca (SEO) e as técnicas de marketing dos motores de busca para divulgar a mensaxe da conservación dixital entre as nosas comunidades de práctica. Pero utilizaremos ferramentas de redes sociais como *Slideshare*, *Delicious*, *Facebook*, *Flickr*, *YouTube*. En tanto comunidade, realmente non explotamos *Wikipedia* de maneira tan eficaz como deberíamos nin en inglés nin noutras linguas.

En *DigitalPreservationEurope* comezamos a traballar na produción de animacións para divulgar a mensaxe acerca da conservación dixital. Non son moito máis caras de producir que os materiais tradicionais de marketing, pero teñen un impacto moito máis inmediato e sostible. Na Figura 2 pódese ver un pantallazo da primeira destas animacións, que proporciona unha introdución xeral aos retos clave da conservación dixital, de modo que faga o tema accesible a unha audiencia ampla.

DPE produciu e publicou cinco animacións curtas que presentan e explican os problemas e solucións da conservación dixital a unha audiencia xeral. Adoptamos o modelo evocador dos debuxos animados dos anos sesenta, como «Roger Ramjet». Este estilo non só nos permitiu representar situacións e escenarios de maneira clara sen abarrotar a pantalla, senón que tamén soporta a difusión da nosa mensaxe educativa. Os meus colegas e máis eu che-



Figura 2:  
Escena dunha  
das animacións sobre  
conservación dixital  
de DPE<sup>2</sup> ©HATII Uni-  
versity of Glasgow

gamos á conclusión de que a provisión dun diálogo que fose «descaradamente explicativo ou expositivo» sería un modo realmente potente de comunicar a nosa mensaxe.

Lanzamos o Programa de Intercambio DPEX destinado a superar a limitada comunicación e a limitada colaboración entre grupos de investigación en conservación dixital.

Deseñamos e implantamos un *European Digital Preservation Challenge* anual como medio para despertar a consciencia entre os investigadores

acerca dalgúns aspectos da conservación dixital. O *Preservation Challenge*, que funconou durante tres anos, proporcionaba aos concursantes acceso a cinco «obxectos descoñecidos» (p.ex., unha cadea de bits que representaba un programa, un ficheiro, un grupo de ficheiros, unha gran serie de datos científicos) e se lles pedía que representase estes obxectos e os fixesen coñecidos, así como o seu contido. Isto podería implicar o uso da emulación, da migración ou dalgunha outra aproximación á conservación. Mediuse, avaliouse e explorouse o patrocinio comercial/de fundacións/público para *European Digital Preservation Challenge* como un medio de despertar a consciencia entre grupos significativos de partes interesadas en Europa.

Construímos un Programa de Formación Cooperativa. Na medida en que a educación en conservación e preservación dixital é esencial, así o é a formación. DPE deseñou unha metodoloxía de ensino que combina o acceso en liña a materiais anteriores e posteriores ao curso, desenvolvendo unha plataforma de formación en liña baseada no software *Moodle*<sup>3</sup>, conferencias por parte de expertos e practicantes do arquivar, exercicios prácticos, e discusións en grupo sobre cuestións clave. A nosa ponderación dos eventos de formación realizados ate a data revelou que se considerou que estaban ben organizados e estruturados, e que proporcionaban métodos de ensino eficaces para os participantes, particularmente mediante un certo número de exercicios prácticos.

### Automatización e conservación

A automatización é unha característica esencial dos programas de conservación dixital a longo prazo. Sen autorización non será factible recoller, describir e xestionar o substancial número de obxectos dixitais que os depósitos teñen que tratar (Ross; Hedstrom, 2005, 321). Existen moitos puntos na cadea da conservación dixital que poden beneficiarse da automatización. Por

Animación DPE e (data de publicación)	Número de visitas a 8-11-2010
<i>Digital Preservation and Nuclear Disaster: An Animation</i> (1 de maio de 2009)	33.264
<i>Team Digital Preservation and the Aeroplane Disaster</i> (7 de setembro de 2009)	9.033
<i>Team Digital Preservation and the Deadly Cryptic Conundrum</i> (10 de novembro de 2009)	5.344
<i>Team Digital Preservation and the Arctic Mountain Adventure</i> (14 de xuño de 2010)	2.171
<i>Team Digital Preservation and the PLANETS Testbed</i> (14 de xuño de 2010)	2.031
<i>WePreserve and Metafor: Team Digital Preservation and the Metafor Common Information Model</i> (24 de agosto de 2010)	1.024

exemplo, a avaliación de obxectos dixitais para ser inxeridos é un punto que probablemente sexa altamente susceptible de automatización (Oliver; Ross; Guercio; Pala, 2008).

A automatización pode levarse a cabo tamén a diferentes escalas. Por exemplo, o proxecto *PLANETS*<sup>4</sup> consideraba a automatización dos procesos da conservación dixital a unha macro escala (véxase a figura 3). O proxecto construíu un marco para apoiar a caracterización dos obxectos dixitais, o uso desta información para planificar servizos de conservación, e logo despreñar ambas as dúas pezas de información para executar accións de conservación (véxase Figura 3). Todo o proceso estaba envolvido dentro dun marco de interoperabilidade, non só para asegurar que os tres servizos centrais puidesen funcionar unidos eficazmente, senón tamén para facer posible que os servizos empregaran recursos e ferramentas externos de información no curso das accións de conservación. A arquitectura total está ben captada na figura 3. Como este é o asunto de numerosos ensaios (véxase o sitio web do proxecto *PLANETS*) non afondaremos demasiado nel aquí. O punto crucial é que este é un tipo de arquitectura que sustenta a automatización das prácticas de conservación.

Por exemplo, as cantidades, a calidade e o nivel de coherencia dos metadatos que se requiren para xestionar obxectos dixitais dentro de depósitos esixen que a súa extracción se automatice dalgún modo (Greenberg; Spurgin; Crystal, 2006). Co fin de axudar no proceso de inxesta, de selección e de valoración, para a conservación de materiais dixitais, a finalidade dun equipo liderado en Glasgow é considerar modos de automatizar o proceso de extracción de metadatos semánticos e crear unha ferramenta prototipo, para integrar esta ferramenta con outras ferramentas de extracción de metadatos e cos procesos de inxesta utilizados para sustentar o ingreso automático nos depósitos de documentos (Ross; Kim, 2005). Aínda que a nosa investigación se enfoca sobre a extracción de metadatos na área dos documentos textuais,





Figura 3:  
 Arquitectura  
 PLANETS, © PLANETS  
 Project Partners  
 (2006), <http://www.PLANETS-project.eu>

noutros lugares realizouse un traballo moi bo con contido audiovisual. Nós estamos a utilizar técnicas de análise lingüístico e de distribución para automatizar este proceso de extracción de metadatos. Dentro desta tarefa, a investigación pode dividirse en seis dominios: (a) selección de metadatos para ser extraídos e que poden ser extraídos, (b) integración de investigación relacionada anterior e actual, (c) deseño dun prototipo de ferramenta de extracción de metadatos, (d) implantación dun prototipo de ferramenta de extracción de metadatos, (e) establecemento dun corpo ben deseñado de documentos para validar a eficacia do prototipo, e (f) validación e refinamento do prototipo. Xa se fixeron algúns progresos cos dominios de (a) a (c). Como esta investigación se enfoca principalmente sobre a automatización da adquisición de metadatos descritivos será de maior valor inmediato á comunidade de bibliotecas dixitais e só proporcionará unha parte dos metadatos requiridos no entorno arquivístico (p. ex., non inclúe metadatos contextuais) (Ross; Kim; Dobрева, 2007).

O proceso de extracción automática de metadatos descríbese nos fluxos de datos amosados na táboa 1, e no marco presentado na figura 3. Os procesos xerais subxacentes considéranse por completo no ensaio en prensa sobre «Automated Metadata Extraction» no *Digital Curation Manual* do *Digital Curation Centre* ( Ross; Kim; Dobрева, 2010).

Na figura 4 cáptase o fluxo de tarefas para xestionar o proceso de extracción automatizada de metadatos. Como explicamos no noso ensaio en pre-

Figura 4:  
 Automatización da  
 extracción de  
 metadatos na inxesta  
 © Ross, Kim, y  
 Dobрева (2010)




sa, «A operación sobre o obxecto é iniciada polo xestor de contido do depósito dixital. Para os efectos de simplicidade, aquí só consideramos a situación en que un obxecto é procesado unha vez; en realidade, é máis probable que se procesen simultaneamente múltiples obxectos dixitais. Sen embargo, a nosa finalidade principal é presentar a lóxica do proceso. A nosa asunción é que o Xestor de Contido do Depósito Dixital colocará múltiples obxectos nunha cola cando estes xurdan, e serán procesados consecutivamente» (Ross; Kim; Dobрева, 2010).

Por suposto, un precursor de todas as actividades de conservación dixital é a clasificación de xénero, porque se un sabe a que xénero pertence un obxecto construír (ou seleccionar) un extractor de metadatos para sacar gran parte dos metadatos descritivos e bibliográficos directamente do obxecto mesmo é bastante sinxelo (Kim; Ross, 2006; Kim; Ross, 2007 (b); Kim; Ross, 2007 (a); Kim; Ross, 2008). A figura 5 proporciona unha indicación do uso de múltiples clasificadores para situar os obxectos dixitais en xéneros coñecidos antes de pasar os obxectos ao extractor de metadatos axeitado. Esencialmente o noso argumento é que se sabemos a que clase de xénero pertence

<b>Táboa 1: Fluxos de datos na actividade do fluxo de tarefas de extracción automatizada de metadatos © Ross, Kim, and Dobрева (2010)</b>			
<b>Proceso</b>	<b>Input de datos</b>	<b>Output de datos</b>	<b>Depósitos necesarios</b>
<i>Preparación do obxecto dixital</i>	Obxecto dixital	Obxecto dixital + Obxecto dixital en PDF	Depósito de convertedores PDF
<i>Clasificación automatizada de xénero</i>	Obxecto dixital + Obxecto dixital en PDF	Obxecto dixital + Obxecto dixital en PDF + Xénero	
<i>Extracción automatizada de metadatos</i>	Obxecto dixital + Obxecto dixital en PDF + Xénero Formato Calidade Dereitos	Obxecto dixital + Obxecto dixital en PDF + Xénero + Metadatos <b>ou</b> Petición dunha ferramenta (se non existe una ferramenta de extracción de metadatos)	Depósito de ferramentas automatizadas de extracción de metadatos. Cola de obxectos dixitais dun xénero para o que no hai dispoñible unha ferramenta de extracción de metadatos
<i>Control de calidade</i>	Requisitos de calidade pre-establecidos por	Inxesta do obxecto dixital e os metadatos <b>ou</b> repetición do proceso.	Depósito dixital



Figura 5: Xestor de clasificación de xénero © Dobрева, Kim, y Ross (2010)



un obxecto podemos seleccionar un extractor de metadatos que se axuste a el. O meu colega Yunhyong Kim e máis eu examinamos os diversos aspectos da clasificación de xénero a partir de clasificadores para considerar que ten e que non a cuestión de verdade fundamentada.

Esencialmente o obxectivo ten que ser desprazar tanto como se poida a actividade de conservación dende un proceso manual a un automático (ou polo menos semi-automático). Automatizando os fluxos de tarefas podemos integrar servizos (p.ex., verificando nos rexistros de formato ou de información sobre a representación se a forma en que unha peza particular de datos está representada é axeitada), o rexistro e a creación do documentos poden normalizarse, os custos poden reducirse, os erros eliminarse, e a seguridade e a fiabilidade mellorarse.

### Construción e supervisión dun depósito dixital

O deseño do depósito atópase a sustentar todas as actividades de conservación dixital. Os depósitos non son diferentes dos edificios que aloxan arquivos e bibliotecas tradicionais teñen que ser renovados e os contidos que aloxan desprazados a andeis actualizados ou a novos ámbitos (Anderson; Heery, 2005). Como vimos anteriormente unha das características da tecnoloxía é a súa fluidez. Isto significa que un depósito é só unha abeiro de aloxamento temporal, incluso aínda que esteamos a pensar en períodos de tempo de cinco a dez anos. Un modelo de conservación de uso común é o *Reference Model for an Open Archival Information System* (OAIS) (ISO 14721:2003) [OAIS, 2002], que especifica un marco conceptual para un sistema arquivís-

tico xenérico. OAIS foi desenvolvido por protagonistas chave da comunidade espacial baixo a tutela do *Consultative Committee for Space Data Systems* e agora é unha norma ISO. Ao crear OAIS os investigadores do espazo notaron que as observacións realizadas nas ciencias do espazo eran tanto insubstituíbles coma non reproducibles (Esanu; Davidson; Ross; Anderson, 2004, 230). Se os metadatos tiñan que ser reproducibles no futuro, estes e os seus metadatos asociados terían que ser traspasados entre diferentes tecnoloxías. O modelo reflicte o recoñecemento de que a información terá que ser representada en diferentes formatos e que estas representacións cambiarán ao longo do tempo. OAIS detalla todas as funcións dun entorno de conservación. Aínda que adopta unha visión fortemente centrada en OAIS e nas bibliotecas, o informe de OCLC e RLG sobre os Atributos de Depósitos Fiables (RLG/OCLC, 2002) proporciona un modelo de alto nivel para o deseño, a provisión e o mantemento dun depósito dixital. Deliña os procesos que teñen de ser certificados e auditables se se quere dicir dunha institución que está a funcionar cun depósito dixital fiable. Por exemplo, insisten en asercións claras por parte dos propietarios do depósito en asuntos como políticas e asuncións (p.ex., prácticas, entorno e seguridade), definición dos procesos en uso para xestionar a fidelidade das verificacións para a inxesta, e os procesos de creación e xestión de metadatos. Central ao modelo RLG/OCLC é o recoñecemento de que todos os procesos relacionados co funcionamento do depósito teñen que estar ben documentados, ser auditables, e estar validados.

Ao nivel máis simple, un depósito debe ser capaz de aceptar obxectos dixitais con independencia do tipo, o formato ou o soporte. Unha vez que os ítems foron inxeridos polo depósito deben xestionarse de modo seguro, e a autenticidade e a integridade das entidades dixitais non deben quedar comprometidas. Os materiais inxeridos polo depósito deben ser susceptibles de devolver resultados en formatos que puidesen ser inxeridos por unha «próxima xeración de depósitos». Quizá poderíamos comezar con cales poderían ser as propiedades dun depósito dixital e discutir despois como poderíamos medir o seu funcionamento. Nunha reunión no *Centre for Research Libraries* de Chicago (Xaneiro 15-16, 2007) acadouse o acordo das dez características básicas dos depósitos de conservación dixital (<http://www.crl.edu/content.asp?l1=13&l2=58&l3=162&l4=92>). Estas características resúmense na figura 6.


Avanzar dende estes criterios á provisión do depósito mesmo é complexo. Un marco como OAIS proporciona un contexto para o desenvolvemento dun depósito, pero non proporciona un libro de receitas para o desenvolvemento dun depósito. A maioría das organizacións necesitan algo máis que

un modelo de referencia, necesitan un libro de receitas. En DPE desenvolve-mos *PLATTER (Planning Tool for Trusted Electronic Repositories)* para proporcionar unha guía aos planificadores de depósitos que tratan de lograr o estatus de fiables. *PLATTER* funciona sen problemas con ferramentas de auditoría e certificación como *DRAMBORA* e as listas de verificación *TRAC* e *nes-tor*. A ferramenta fará posible que os planificadores de depósitos desenvolvan fins e obxectivos para o seu depósito coherentes con normas internacionalmente aceptadas relativas ao deseño e a xestión de depósitos.

Se a súa organización desexa constituírse como depósito fiable, os seguintes nove pasos deberían constituír o fundamento dunha infraestrutura sostible de depósito:

- Defina os obxectivos e fins do seu depósito, e a partir deles especifique os servizos que proporcionará. Os obxectivos e servizos deberían quedar documentados;
- Determine se a súa organización está ben situada para desenvolver un depósito en por si ou se debería establecer un depósito compartido ou comprar o uso de servizos de depósito;
- Desenvolva políticas e procedementos para xestionar todos os procesos: inxeta, xestión de datos, almacenamento arquivístico, administración, planificación da conservación e acceso;
- Poña en vigor mecanismos para supervisar a aplicación destas políticas e en que medidas son eficaces;
- Defina os roles e as responsabilidades da alta xestión en relación cos depósitos;
- Asegúrese de que todos os servizos, as tecnoloxías (hardware e software), as excepcións e as prácticas quedan documentadas;
- Desenvolva e manteña rexistros de riscos, que identifiquen claramente os riscos, indiquen a súa probabilidade, especifiquen o seu impacto probable, describan como abordaría o risco se tivese lugar, e fagan notar que está a facer para evitar que xurdan;
- Manteña informes de estado e actas das reunións;
- Defina, implante, supervise e verifique servizos de recuperación de desastres.

Figura 6: Criterios centrais dun depósito dixital



O cambio será unha característica de todos os depósitos. As tecnoloxías subxacentes de almacenamento serán substituídas de maneira regular, pecharanse servizos e iniciaranse outros novos, e

os fluxos de tarefas adaptaranse a medida que a tecnoloxía, as políticas ou os procesos cambien. Os fondos dos depósitos terán que ser trasladados a novos soportes de almacenamento (isto é, refrescados), migrados, ou simplemente emulados. Se o cambio é unha característica dos depósitos, entón a flexibilidade na infraestrutura técnica e na aproximación organizativa é a resposta necesaria.

O corazón dos depósitos non é a tecnoloxía. O son as políticas e os procedementos que subxacen: acordos de depósito, presentación de recomendacións sobre información, plans de xestión, políticas de acceso, plans de recuperación de desastres, e estratexias de conservación (p. ex., a migración). O maior reto para a supervivencia dos depósitos non é a tecnoloxía, senón o aparello organizativo e cultural que fai que as operacións funcionen e o modo en que a institución establece a confianza das comunidades de usuarios do depósito. Como pode asegurar un depósito a confianza dos depositarios, usuarios (persoas e máquinas), e corpos reguladores no feito de que ten en vigor mecanismos para asegurar os activos dixitais a longo prazo? Que pasos teñen que dar para manter esa confianza? E de maneira importante, que sucede se a perden?

A xestión dun depósito pode ser unha tarefa altamente complexa. Un modo de reducir a complexidade é identificar un conxunto de funcións básicas de xestión do depósito, como almacenar, copiar, depositar e manter tipos dispares de datos. Para os obxectos e metadatos que xestiona, un depósito dixital debe proporcionar almacenamento seguro, facilitar o mantemento da integridade e a autenticidade, e permitir a destrución autorizada de ítems. As cinco funcións primarias que deben ser habilitadas a nivel administrativo son inxerir, recuperar, procurar, verificar e destruír, e a nivel de usuario os servizos chave que se necesitan son a recuperación e a verificación (Ross, 2003). Houbo un certo número de proxectos que se enfocaron sobre o establecemento dos fundamentos para o almacenamento a longo prazo de obxectos dixitais (Ross, 2003). Existen proxectos que desenvolveron arquitecturas e solucións independentes da plataforma: *Flexible Extensible Digital Object and Repository Architecture* (Fedora), *DSpace*, y *LOCKSS*. Ningún deles son entornos xerais de conservación da información nin poden satisfacer os requisitos para ser unha aplicación de depósito fiable.

Conseguir o deseño correcto para un depósito non é suficiente. Vostede ten que asegurarse de que o depósito fai o que di que fará. Estes principios



Figura 7: Pantallazo do video introductorio de *PLATTER*, © Socios de DigitalPreservation Europe

foron utilizados para guiar o desenvolvemento das ferramentas de auditoría de DPE (véxase Figura 8). Na actualidade existe certo debate en relación ao que significa isto exactamente. Para algúns unicamente ten que medir se o depósito cumpre co Marco OAIS ou non. Outros non están de acordo. Se o seu depósito satisfai os requisitos establecidos na figura 8, entón non importa realmente se é conforme co modelo OAIS ou con algún outro modelo. O que vostede realmente quere facer é estar seguro de que está a facer o que di que fará. Para facer esta ponderación existe unha ferramenta de axudan. Algúns métodos existentes de auditoría de depósitos dixitais como *TRAC (Trustworthy Repositories Audit and Certification)*, *NESTOR (Network of Expertise in Long Term Digital Preservation)* e *DINI (Deutsche Initiative für Netzwerkinformation)*, foron analizados e comparados, e identificáronse as súas fortalezas e debilidades (Ross; McHugh, 2006). Chegamos á conclusión de que as ferramentas dispoñibles non eran realmente suficientes para a tarefa que tiñamos entre mans.

Desenvolvido conxuntamente polo *Digital Curation Centre (DCC)* e *Digital Preservation Europe (DPE)*, o Método de Auditoría de Depósitos Dixitais Baseado na Ponderación do Risco (*DRAMBORA*) representa o principal resultado intelectual dun período de auditorías piloto de depósitos emprendidas polo DCC entre 2006 e 2007. Presenta unha metodoloxía para a auto-ponderación, que anima ás organizacións a establecer unha auto-consciencia totalizadora dos seus obxectivos, actividades e activos antes de identificar, ponderar e xestionar os riscos implícitos na organización.

Como os meus colegas Hans Hofman, Andrew McHugh, Raivo Ruusalepp e máis eu explicamos na introdución a *DRAMBORA*:

Figura 8: Pantallazo da ferramenta de ponderación do risco *DRAMBORA* © DPE/DCC

The screenshot shows the DRAMBORA interactive registration interface. At the top, it reads 'DRAMBORA interactive Digital Repository Audit Method Based on Risk Assessment'. A navigation menu on the left includes links for 'Home', 'Latest News', 'Get Expert Help', 'Having Problems?', 'Download Offline Version', 'Submit Feedback', 'DRAMBORA Training', 'About', 'Objectives', 'Benefits', 'The DRAMBORA Team', 'Collaborations', 'Dissemination', and 'DRAMBORA Users'. The main content area is titled 'Register a new Repository for DRAMBORA Risk Assessment' and features a progress indicator with three steps: 'Describe Repository', 'Create/Link User', and 'Define Staff Status'. Below this, there is a registration form with fields for Name, Institution, Type, Address, URL, Country, E-mail, and Description. A sidebar on the right contains 'News' and 'Download' sections.

«Dentro de *DRAMBORA*, a conservación dixital caracterízase como unha actividade de xestión do risco; o traballo do conservador dixital é racionalizar as incertezas e as ameazas que inhiben os esforzos por manter a autenticidade e a comprensibilidade do obxecto dixital, transformándoas en riscos xestionables. Dentro do proceso hai implícitas seis etapas. As etapas iniciais requiren que os auditores desenvolvan un perfil organizativo, que describan e documenten o mandato, os obxectivos, as actividades e os activos do depósito. Posteriormente se derivan os riscos de cada un deles, e pondéranse en termos da súa probabilidade e do seu impacto potencial. Finalmente, anímase os auditores a concibir respostas axeitadas para a xestión do risco dos riscos identificados. O proceso fai posible a asignación eficaz de recursos, capacitando os administradores do depósito para identificar e asignar categorías ás áreas onde as deficiencias son máis evidentes ou teñen maior potencial de trastorno. O proceso mesmo é iterativo e por tanto posteriores comprobacións avaliarán a eficacia das anteriores implantacións de xestión do risco» (McHugh; Ross, 2007).

O propósito da caixa de ferramentas de *DRAMBORA* é facilitar o auditor:

- A definición do mandato e alcance das funcións do depósito
- A identificación das actividades e os activos do depósito
- A identificación dos riscos e as vulnerabilidades asociados co mandato, as actividades e os activos
- A ponderación e o cálculo de riscos
- A definición de medidas de xestión do risco
- O informe sobre a auto-auditoría

A primeira versión da caixa de ferramentas de *DRAMBORA* foi verificada en sete depósitos diferentes polos socios de DPE, os que fixeron extensos comentarios sobre a posibilidade de uso, a metodoloxía e a utilidade da caixa de ferramentas de auditoría. Tamén se recibiu posterior *feedback* doutros usuarios de *DRAMBORA*, externos ao proxecto DPE. Na actualidade a caixa de ferramentas foi descargada por máis de 1.000 usuarios diferentes. Despois da publicación da segunda versión da caixa de ferramentas de auditoría, levouse a cabo unha serie de cinco auditorías piloto en bibliotecas dixitais (baixo comisión do *DELOS Digital Preservation Cluster*) por parte do persoal de DPE e DCC. A fins de 2008 executáramos 15 auditorías en organizacións nacionais e internacionais (McHugh; Ross; Innocenti; Ruusalepp; Hofman, 2008):

- *British Library*, (para o Programa *Monitor & Review in its Risk Assessment*), Londres, Reino Unido

- Servidor de Documentos do CERN, Suiza
- Biblioteca Dixital da *Kungliga Biblioteket*, Biblioteca Nacional de Suecia
- *Gallica*, Biblioteca Nacional de Francia, Francia
- *GeoWeb*, Biblioteca Marciana, Venecia, Italia
- E-LIS (*E-prints in Library and Information Science*), Roma, Italia
- *International Institute for Social History*, Amsterdam, Holanda
- *Lithuanian Museum of Ethnocosmology*, Lituania
- *Ludwig Boltzmann Institute* en cooperación co *Ars Electronica Centre*, Linz, Austria
- *Michigan-Google Digitization Project (MBooks)*, Universidade de Michigan, EE.UU.
- Arquivo Nacional de Escocia, Edimburgo, Reino Unido
- Biblioteca Nacional da República Checa, Praga, República Checa
- Biblioteca Nacional, Florencia, Italia
- *Netarkivet (Internet Archive danés)*, Dinamarca
- *U.S. Geological Survey (USGS)*, EE.UU.

A auditoría é un potente método para medir se un depósito está a lograr os seus obxectivos e nós recomendaríamos *DRAMBORA* como ferramenta para levalo a cabo.

### **Experimentación**

A conservación e a preservación dixital é un dominio de investigación fértil. Os problemas a investigar inclúen cuestións teóricas, retos metodolóxicos e necesidades prácticas. Despois de máis de vinte anos de investigación en conservación e preservación dixital, as teorías, os métodos e as tecnoloxías reais que poden fomentar ou asegurar a lonxevidade dixital seguen a estar sorprendentemente limitados. Se se contrasta Roberts 1994 con Tibbo 2003 resulta obvio que aínda que a nosa comprensión dos problemas que circundan a conservación dixital avanzou, as aproximacións á conservación seguen a ser limitadas (Roberts, 1994); Tibbo, 2003). Hai moitas explicacións posibles para esta situación; por exemplo, existiu unha falla de recoñecemento dos retos a investigar formulados pola conservación dixital, unha falla de sensación de urxencia, a falla de casos demostrados que poderían ter animado o desenvolvemento desta como un sector de investigación ou tecnolóxico, o feito de que no pasado a axenda de investigación estivo dirixida por profesionais da información que traballaban en institucións da memoria ou en equipos corporativos de xestión de documentos, o limitado financiamento para este tipo de investigación, e, por suposto, a velocidade do desenvolvemento tecnolóxico. De

maneira recente, os cambios na paisaxe da investigación e da tecnoloxías espartaron o interese da investigación polos retos que arrodean a conservación dixital e fixeron evidente que existen substanciais oportunidades comerciais.

Fundamentalmente, no entanto, a investigación en conservación dixital caracterizouse ate os últimos cinco anos máis ou menos (con anterioridade a 2005) por unha case científica aleatoriedade en canto á actividade e método. Unha serie de proxectos financiados pola Comisión no período posterior a 2005 baixo os Sexto e Sétimo Programas Marco da Unión Europea fixeron moito para alterar radicalmente este terreo de xogo. Entre eles se atopa o traballo do Proxecto *PLANETS*. Construír ámbitos de verificación experimental foi durante longo tempo unha característica das disciplinas científicas establecidas. Por exemplo, os investigadores do *Children's Hospital Boston* desenvolveron un Peixe Cebra transparente para facer posible observar a migración de células cancerixenas (isto é, certas células cancerixenas parecen ter un «instinto doméstico» o que significa que buscan sitios particulares nos organismos) (Transparent fish). Na ciencia existen outros moitos exemplos deste tipo de construcións de bancos de proba para asegurar a coherencia da investigación científica e a posibilidade de comparar resultados. Se a conservación dixital ha actuar de maneira científica ten que mellorar toda unha gama de métodos que sustentan a actividade académica. Entre eles áchase a construción de ámbitos experimentais.

Na investigación en conservación dixital un banco de proba proporcionaría un entorno de investigación cooperativa onde as ferramentas e os servizos de conservación poderían ser sistematicamente verificados e podería recollerse evidencia en canto á súa idoneidade, compararse e facerse accesible a outros grupos de investigación. No proxecto *PLANETS* o equipo tiña o obxectivo de construír un entorno de probas reutilizable que proporcionase aos socios do proxecto acceso a unha infraestrutura de investigación controlada. Sobre a base do traballo desenvolvido polo proxecto holandés *Preservation Testbed* e polo proxecto de *Testbed* do *DELOS Digital Preservation Cluster*, HATII, da Universidade de Glasgow, liderou o deseño, desenvolvemento, verificación, despregue e mantemento dun ámbito de probas (Aitken; Helwig; Jackson; Lindley; Nicchiarelli; Ross, 2008).


O *Testbed* identificou un proceso experimental en seis pasos: (a) definir as propiedades básicas, (b) deseñar o experimento, (c) executar o experimento, (d) recoller resultados experimentais, (e) analizar os resultados, e (f) avaliar o experimento. O banco de proba xestiona todas as partes do proceso de definición do problema dende a retención dos resultados ate a comparación e a análise posteriores. É, coma o Peixe Cebra transparente, unha ferramenta que sustenta a boa ciencia.



## Conclusións

Merece a pena reiterar que a conservación dixital é un proceso. Hoxe en día é unha asunción xeneralizada que se queremos asegurar os datos durante longos períodos de tempo deberíamos aproximármolos á súa conservación durante períodos curtos, porque actualmente non temos ningunha solución permanente. Existe unha continua demanda de investigación continuada acerca do que realmente debería ser a natureza da axenda de investigación en conservación. Nos anos recentes houbo moitos intentos para producir esa axenda de investigación. *DigitalPreservationEurope*, a partir do traballo do grupo de traballo de *DELOS* sobre Conservación Dixital e o seu informe «Invest to Save» (Ross; Hedstrom, 2005; Ross; Hedstrom, 2003), seguiu a avanzar para producir un *Research Roadmap*. Esta Folla de Ruta da Investigación, que analizaba o estado da cuestión en investigación sobre Conservación Dixital e as axendas de investigación existentes, distribuíuse en marzo de 2007. Esta é a primeira folla de ruta de investigación nesta área que bota unha mirada ás outras follas de ruta e considera a conservación dixital dende a perspectiva máis xeral da conservación e a preservación de obxectos dixitais. Dende que a completamos, houbo outras que salientan diferentes aspectos da conservación dixital e a preservación de datos. O punto crucial aquí é que a necesidade de investigadores en conservación/preservación para re-avaliar continuamente para onde imos e onde estamos é esencial. Algúns deles contemplarán de maneira xeral o problema como un todo e outros serán moito

Figura 9:  
Un pantallazo do  
Banco de Probas de  
*PLANETS* (c) HATII  
at the University of  
Glasgow (2010)



máis estritos, considerando que investigación se necesita en áreas definidas de maneira máis axustada, como no seminario celebrado en xullo de 2010 en *Schloss Dagstuhl*, no *Leibniz Center for Informatics*, que se enfocaba sobre os problemas relacionados cos aspectos da automatización neste campo (Chanod; Dobrevá; Rauber; Ross, 2010).

Predicir os tipos de investigación que poderían ser posibles nos arquivos dixitais do futuro é difícil. Como Perer, Shneiderman, e Oard fixeron notar:

«Os historiadores e os científicos sociais cren que os arquivos son artefactos importantes para comprender aos individuos e ás comunidades aos que representan. No entanto, na actualidade existen poucos métodos ou ferramentas para explorar eficazmente estes arquivos... Presentar novos modos de aproximarse á exploración dos arquivos de correos electrónicos non só nos proporciona un novo paso para a exploración, senón que tamén esperta a consciencia sobre a difícil tarefa de comprender os arquivos de correos electrónicos.» (Perer; Shneiderman; Oard, 2005, 18)

No caso do correo electrónico poderíamos considerar por un momento como poderíamos usar a información contextual dos datos das mensaxes (p. ex., "a" e "de") para identificar comunidades tanto formais coma informais dentro das organizacións e incluso para identificar aqueles individuos que xogan un rol de liderado dentro destas comunidades. Josh Tyler e os seu colegas de *Hewlett-Packard* desenvolveron unha ferramenta para facer isto e aplicárona. Eles «... descubriron que fai un traballo eficaz ao poñer ao descuberto comunidades de práctica só cos datos do correo electrónico ("a:" e "de:")». (Tyler; Wilkinson; Huberman, 2003) Noutros casos pode que quixésemos aplicar ferramentas de visualización para revelar «os datos e patróns que están ocultos dentro do arquivo de correo electrónico» (Donath, 2004). O que é evidente é que os usuarios de arquivos dixitais esperarán ser capaces de acceder, manipular e analizar materiais de modos que nunca foron posibles no pasado e a relación entre o usuario e o arquivo se desprazárase. Isto cuestiona realmente o modo en que temos que pensar acerca da conservación e a preservación dixital.

Po exemplo, a funcionalidade inherente a algún software de edición documental para procurar os cambios nos documentos proporcionará unha preciosa evidencia documental para os académicos futuros. A evidencia contemporánea disto procede, por exemplo, da publicación en outubro de 2005 por parte das Nacións Unidas da versión en *Microsoft Word* do informe da ONU sobre o asasinato do anterior primeiro ministro libanés Rafik Hariri. De-la emerxeu o feito de que os nomes chave caeran do informe oficial cando

«unha versión electrónica distribuída por funcionarios da ONU o xoves á noite permitiu os receptores procurar a edición dos cambios» (Bone; Blanford, 2005). O feito de que a información oculta nos documentos dixitais con frecuencia proporciona unha ventá aberta ás intencións e ideas orixinais, e pode facer posible que os usuarios posteriores procuren o modo en que os argumentos e as ideas se desenvolveron fará que a capacidade para afondar nestas pegadas dixitais sexa tan crucial para os académicos do futuro como a edición, e as notas interlineais e marxinais dos autores (ou incluso dos usuarios) o son para aqueles que traballan con documentos analóxicos.

Máis ou menos neste momento pode que esperásemos sacar do sombreiro unha solución aos retos da conservación dixital, pero á vista das tecnoloxías constantemente cambiantes e das posibilidades de representación o obxectivo de sacar unha solución do sombreiro parece estar cada vez máis lonxe.

Isto non significa que non haxa nada que poidamos facer no presente. Moi ao contrario, hai moitas cousas que podemos facer. Así, os procesos de Conservación Dixital deberían asegurar que enviamos ao futuro evidencia utilizable, auténtica e fiable. Se as aproximacións actuais son inadecuadas, que podería facerse no intermedio. Quizá hai sete accións que os arquiteiros e xestores de documentos poderían adoptar para axudar polo menos a estabilizar os documentos e os recursos dixitais ao seu coidado:

- Manterse ao día dos desenvolvementos en conservación dixital e manterse en por si educado en novas aproximación e en novos riscos identificados.
- Actuar como un defensor activo das actividades de conservación dixital divulgar a mensaxe. E tratar de utilizar aproximacións aos medios de comunicación social, e tamén a medios populares como as novelas gráficas e as animacións.
- Asegurar que a súa organización ten políticas e procedementos eficaces que regulan a creación, a xestión (tanto a retención como a valoración e a selección), e a conservación de materiais dixitais;
- Permanecer atento ao mantemento dos materiais dixitais baixo o seu coidado (p. ej., facer notar cando é o momento de refrescar os soportes, procurar os formatos nos que os seu fondos están representados para estar certo de que se migran antes de que os «medios de migración» para este formato desaparezan);
- Evitar as normas propietarias para a representación, a codificación, o software, o hardware, e especialmente os servizos de copia de seguridade;
- Non asumir que existe unha solución única para todos os retos da conservación, ou que se se adopta unha aproximación para un conxunto de

materiais dixitais nun punto dado do tempo non haberá que usar unha aproximación diferente ate dentro de dez anos, e,

■ Calquera que sexa a aproximación á conservación que se aplique, (p.ex., refresco de soportes, migración, emulación), debe ser controlada, supervisada, documentada, auditada e validada.

É certo que asusta o que está a suceder no mundo en acelerado desenvolvemento da tecnoloxía. Os tipos de información que representamos, os modos en que a representamos, os modos en que a procesamos, os modos en que a intercambiamos e os modos en que a consumimos están a cambiar rapidamene. Ademais, os documentos prodúcense cada vez máis fóra da organización e dos fluxos de tarefas tradicionais. Estes cambios retan ás profesións da xestión de documentos e de arquivos. Demandan novos marcos conceptuais e metodolóxicos. En tanto profesión, temos que responder a estes retos con novas conceptualizacións, novas prácticas e novos métodos.

## Referencias

- AITKEN, Brian; HELWIG, Petra; JACKSON, Andrew; LINDLEY, Andrew; Nicchiarelli, Eleonora; ROSS, SEAMUS. "The Planets Testbed". En: Science for Digital Preservation, 2008, Code4lib, Issue 3, 2008-06-23. URL: <http://journal.code4lib.org/articles/83>
- ANDERSON, S.; HEERY, R. "Digital Repositories Review". London, 2005. URL: [http://www.jisc.ac.uk/uploaded\\_documents/digital-repositories-review-2005.pdf](http://www.jisc.ac.uk/uploaded_documents/digital-repositories-review-2005.pdf)
- BAILER, W.; HÖLLER, F.; MESSINA, A.; AIROLA, D.; SCHALLAUER, P.; HAUSENBLAS, M. PrestoSpace Deliverable D15.3 MDS3 State of the Art of Content Analysis Tools for Video, Audio and Speech. Paris, 2005. URL: [http://www.prestospace.org/project/deliverables/D15-3\\_Content\\_Analysis\\_Tools.pdf](http://www.prestospace.org/project/deliverables/D15-3_Content_Analysis_Tools.pdf)
- BONE, J.; BLANFORD, N. "UN office doctored report on murder of Hariri". En: *Times Online*, 22 Oct. 2005. Consulta: 15 de diciembre de 2005. URL: <http://www.timesonline.co.uk/article/0,,251-1837848,00.html>
- BYRES, S. "Scalable Exploitation of, and Responses to Information Leakage Through Hidden Data in Published Documents", 2003. URL: [http://www.user-agent.org/word\\_docs.pdf](http://www.user-agent.org/word_docs.pdf).
- BYRES, S. "Information Leakage Caused by Hidden Data in Published Documents". En: *IEEE Security and Privacy*, 2004, vol. 2.(2), pp. 23-27
- CBS. CENTRAAL BUREAU VOOR DE STATISTIEK. Consulta: febrero 2006. URL: <http://www.cbs.nl>.
- CHANOD, Jean-Pierre; DOBREVA, Milena; RAUBER, Andreas; ROSS, Seamus. "Issues in Digital Preservation: Towards a New Research Agenda". Informe del Schloss Dagstuhl, en el Leibniz Center for Informatics celebrado en julio de 2010. (En prensa).
- COMMISSION ON PRESERVATION AND ACCESS AND THE RESEARCH LIBRARIES GROUP. Preserving Digital Information. Report of the Task Force on Archiving of Digital Information. Mountain View, 1996.
- CUNNINGHAM, A.; PHILLIPS, M. "Accountability and accessibility: ensuring the evidence of e-governance in Australia". En: *Aslib Proceedings: New Information Perspectives*, 2005, 57.4, 314.
- "DIGITAL Preservation and Nuclear Disaster: An Animation". URL: <http://www.youtube.com/watch?v=pbBa6Qam7-w>
- DONATH, J. "Visualizing Email Archives—borrador". 2004, p.2. Consulta: febrero 2006. URL: <http://smg.media.mit.edu/papers/Donath/Email/Archives.draft.pdf> ,
- ERPANET. "Policies for Digital Preservation". En: ERPANET Training Seminar. Paris, January 29-30, 2003, p. 16. Consulta: febrero 2006. URL: [http://www.ERPANET.org/events/2003/paris/ERPATraining-Paris\\_Report.pdf](http://www.ERPANET.org/events/2003/paris/ERPATraining-Paris_Report.pdf) ,
- ERPANET. "Case Studies". Consulta: febrero 2006. URL: <http://www.ERPANET.org>.
- ERPANET. "Business Models Related to Digital Preservation", 2004. Consulta: febrero 2006. URL: [http://www.ERPANET.org/events/2004/amsterdam/Amsterdam\\_Report.pdf](http://www.ERPANET.org/events/2004/amsterdam/Amsterdam_Report.pdf) , 17.
- ESANU, J.; DAVIDSON J.; ROSS, S.; Anderson, W. "Selection, Appraisal, and Retention of Digital Scientific Data: Highlights of an ERPANET/CODATA Workshop". En: *Data Science Journal*, 2004, December, 3, 30, p 230. URL: [http://journals.eecs.qub.ac.uk/codata/journal/Contents/3\\_04/3\\_04pdfs/DS390.pdf](http://journals.eecs.qub.ac.uk/codata/journal/Contents/3_04/3_04pdfs/DS390.pdf).
- GREENBERG, J.; SPURGIN, K.; CRYSTAL, A. "Final Report for the AMeGA (Automatic Metadata Generation Applications) Project". En: *International Journal of Metadata, Semantics and Ontologies*, 2006, vol. 1.1, 3-20. URL: [http://www.loc.gov/catdir/bibcontrol/lc\\_amega\\_final\\_report.pdf](http://www.loc.gov/catdir/bibcontrol/lc_amega_final_report.pdf)
- HOFMAN, H; LUNGHI, M. Enabling persistent and sustainable digital cultural heritage in Europe: The Netherlands questionnaire responses summary and Position Paper. En: *The Dutch Presidency on Towards A Continuum Of Digital Heritage - Strategies For A European Area Of Digital Cultural Resources*, 2004, XLIV. Consulta: febrero 2006. URL: <http://www.minervaeurope.org/publications/globalreport/globalrepdf04/enabling.pdf>
- INTERPARES AUTHENTICITY TASK FORCE. Authenticity Task Force Report in The Long-term Preservation of Authentic Electronic Records: Findings of the InterPARES Project. Vancouver, 2002. Consulta: febrero 2006. URL: <http://www.InterPARES.org/book/index.cfm>.
- INTERPARES I. Consulta: febrero 2006. URL: <http://www.InterPARES.org>.
- KIM, Y.; ROSS, S. "Genre classification in automated ingest and appraisal metadata". En: Gonzalo, J. (Ed.). *Proceedings [of] European Conference on advanced technology and research in Digital Libraries (ECDL). Lecture Notes in Computer Science*. Berlin: Springer Verlag, 2006, Vol. 4172, pp. 63-74.
- KIM, Y.; ROSS, S. (a) "Detecting Family Resemblance: Automated Genre Classification". En: *Data Science Journal*, Vol 6, 2007, pp. S172-S183. URL: [http://www.jstage.jst.go.jp/article/dsj/6/0/S172/\\_pdf](http://www.jstage.jst.go.jp/article/dsj/6/0/S172/_pdf)
- KIM, Y.; ROSS, S. (b). "The Naming of Cats: Automated Genre Classification". En: *The International Journal of Digital Curation*, 2007, Vol 2,

- N.1. URL:<http://www.ijdc.net/ijdc/article/view/24/27>
- KIM, Y.; ROSS, S. "Examining Variations of Prominent Features in Genre Classification". En: Proceedings 41st Hawaiian International Conference on System Sciences. IEEE Computer Society Press, 2008.
- KLIMT, B; YANG, Y. "Introducing the Enron Corpus", 2004. Consulta: febrero, 2006. URL:<http://www.ceas.cc/papers-2004/168.pdf>.
- McHUGH, A.; ROSS, S.; RUUSALEPP, R.; HOFMAN, H. "The Digital Repository Audit Method Based on Risk Assessment (DRAMBORA)", 2007. URL: <http://www.repositoryaudit.eu>.
- McHUGH, Andrew; ROSS, Seamus; INNOCENTI, Perla; RUUSALEPP, Raivo; HOFMAN, Hans. "Bringing Self-assessment Home: Repository Profiling and Key Lines of Enquiry within DRAMBORA". En: International Journal of Digital Curation, 2008, Vol 3, N.2. URL: <http://www.ijdc.net/index.php/ijdc/article/view/93/64>
- NORUP, T. "Danish PM's private communications disclosed by MS Word". En: The Risks Digest: Forum on Risks to the Public in Computers and Related Systems, 2004, January, 12, vol. 23, 12. URL: <http://catless.ncl.ac.uk/Risks/23.12.html#subj4>
- OLIVER, G; ROSS, S.; GUERCIO, M; PALA, C. 2008. Report on Automated re-Appraisal: Managing Archives in Digital Libraries (Deliverable 6.10.1). Pisa: DELOS,2008.
- PAYETTE, S.; y STAPLES, T. "The Mellon Fedora Project: Digital Library Architecture Meets XML and Web Services". En: AGOSTI, M.; THANOS, C.(eds.) ECDL 2002, LNCS 2458, pp. 406-421.
- PERER, A.; SHNEIDERMAN, B.; OARD, D. W. "Using Rhythms of Relationships to Understand Email Archives' examined a novel.", p.18 (sin fecha, pero probablemente 2005). URL: <http://hcl.cs.umd.edu/trs/2005-08/2005-08.pdf>.
- COMISIÓN EUROPEA. SEXTO PROGRAMA MARCO. Planets project IST-033789. URL: <http://www.PLANETS-project.eu>
- PREMIS WORKING GROUP. Implementing Preservation Repositories for Digital Materials. Dublin: OH and Mountain View CA, 2004, p. 13. Consulta: febrero 2006. URL:<http://www.oclc.org/research/projects/pmwg/surveyreport.pdf>.
- REFERENCE Model for an Open Archival Information System (OAIS) – ISO 1472, 2002. Consulta, 10 de octubre de 2005. URL: <http://www.ccsds.org/documents/650x0b1.pdf>.
- RLG/OCLC WORKING GROUP ON DIGITAL ARCHIVE ATTRIBUTES. Trusted Digital Repositories: Attributes and Responsibilities, 2002. URL: <http://www.rlg.org/longterm/repositories.pdf>
- ROBERTS, D. "Defining Electronic Records, Documents and Data". En: Archives and Manuscripts, 1994, May, pp. 2214-26.
- ROSS, S. "Position Paper on integrity and authenticity of digital cultural heritage objects". En: Integrity and Authenticity of Digital Cultural Heritage Objects, 2002, Thematic Issue 1, pp. 7-8. URL: <http://www.digitcult.info>
- ROSS, S. "Approaching Digital Preservation Holistically". En: Information Management and Preservation. Oxford: Chandos Press, 2006, pp. 115-153
- ROSS, S. "Digital Preservation, Archival Science and Methodological Foundations for Digital Libraries. Keynote Address". En: 11th European Conference on Digital Libraries (ECDL), 2007 URL:[http://www.ecdl2007.org/Keynote\\_ECDL2007\\_SROSS.pdf](http://www.ecdl2007.org/Keynote_ECDL2007_SROSS.pdf),
- ROSS, S.; GREENAN; M.; MCKINNEY, P. (a) "Digital Preservation Strategies: The Initial Outcomes of the ERPANET Case Studies". En: Preservation of Electronic Records: New Knowledge and Decision-making, Ottawa, 2004, pp. 99-111.
- ROSS, S.; GREENAN M.; MCKINNEY, P. (b) "Strategie per la conservazione digitale: Descrizione e risultati dei primi studi di casi di ERPANET". En: Archivi e Computer, 2004, XIV/3.04, pp. 99-122.
- ROSS, S.; HEDSTROM, M. Invest to Save: Report and Recommendations of the NSF-DELOS Working Group on Digital Archiving and Preservation, 2003. URL: <http://DELOS-noe.iei.pi.cnr.it/activities/internationalforum/Joint-WGs/digitalarchiving/Digitalarchiving.pdf>
- ROSS, S.; HEDSTROM, M. "Preservation Research and Sustainable Digital Libraries". En: International Journal of Digital Libraries, 2005, vol. 5,4, pp. 317-325, URL: <http://eprints.ERPANET.org/archive/00000095/>.
- ROSS, S.; KIM, Y. "Digital Preservation Automated Ingest and Appraisal Metadata". En Thanos, C. (ed). DELOS Research Activities. Pisa, 2005.
- ROSS, S., KIM, Y.; DOBREVA, M.(2007). Preliminary framework for designing prototype tools for assisting with preservation quality metadata extraction for ingest into digital repository. Deliverable 6.8.1. Pisa: DELOS NoE, 2007, December
- ROSS, S.; McHUGH, A. "Audit and Certification: Creating a Mandate for the Digital Curation Centre". En: Diginews, 2005, 9 (5). Consulta: febrero 2006. URL: [http://www.rlg.org/en/page.php?Page\\_ID=20793#article1](http://www.rlg.org/en/page.php?Page_ID=20793#article1).
- ROSS, S.; McHUGH, A. "The Role of Evidence in Establishing Trust in Repositories". En: Archivi e Computer, 2006, 01. (Reimpresión de <http://www.dlib.org/dlib/july06/ross/07ross.html>)

SANETT, Shelby. "Toward Developing a Framework of Cost Elements for Preserving Authentic Electronic Records into Perpetuity". En: College & Research Libraries, 2002, 63.5, pp. 388-404

TIBBO, H. R. "On the Nature and Importance of Archiving in the Digital Age". Advances in Computers, 2003, v. 57, pp.1-67.

"TRANSPARENT fish to make human biology clearer: Researchers can watch cancer spread and bone marrow engraft", 2008, URL:<http://www.childrenshospital.org/newsroom/Site1339/mainpageS1339P1sublevel400.html>

TYLER, J. R.; WILKINSON, D. M.; HUBERMAN, B. A. "Email as Spectroscopy: Automated Discovery of Community Structure within Organizations." En : Communities and Technologies, 2003, pp. 81-96. URL : <http://www.hpl.hp.com/research/idl/papers/email.email.pdf>.

## Notas

<sup>1</sup> Dous dos meus anteriores ensaios, que me proporcionaron recursos para preparar este, son: S. Ross, 2007, y S Ross, 2006.

<sup>2</sup> *ERPANET*, con financiación do Goberno Federal suízo e a Comisión Europea (IST-2001-32706), liderado polo *Humanities Advanced Technology and Information Institute* (HATII) da Universidade de Glasgow (Reino Unido), e os seus socios o *Schweizerisches Bundesarchiv* (Suíza), *IS-TBAL* na Universidade de Urbino (Italia) e o *Nationaal Archief van Nederland* (Holanda), traballou entre novembro de 2001 e fins de outubro de 2004 para mellorar a conservación de obxectos dixitais culturais e científicos.

<sup>3</sup> <http://www.dpc.DELOS.info>. *DELOS: A Network of Excellence on Digital Libraries* financiado baixo o Programa IST do Sexto Programa Marco. O Proxecto engloba baixo a prioridade temática: IST-2002-2.3.1.12 (Ensin e Acceso ao Patrimonio Cultural Mellorados pola Tecnoloxías). O seu número de proxecto é: 507618. *DELOS* enfócase sobre seis dominios primarios de investigación que abarcan dende a arquitectura da biblioteca dixital ate a avaliación. O *cluster* de conservación dixital *DELOS (DELOS-DPC)* reúne a investigadores de sete países europeos para liderar investigación de primeira liña en conservación dixital.

<sup>4</sup> *ERPANET* levou a cabo arredor de 100 estudos de caso entre 2002 e fins de 2004, destes setenta e oito publicados no sitio web de *ERPANET*.

<sup>5</sup> Os achados de *ERPANET* en Europa tamén foron confirmados a partir da evidencia en USA. No recente caso de *In re Old Banc One Shareholders Securities Litigation*, 2005 U.S. Dist. LEXIS 32154 (N.D. Ill. Dec. 8, 2005), 'Os empregados do banco testemuñaron que non sabían que os documentos perdidos tivesen que ser retidos, e o banco non informou aos empregados da necesidade de reter os documentos para este litixio, nin os empregados leran nin seguían a versión electrónica da política que se establecera.'

<sup>6</sup> Digital Preservation and Nuclear Disaster: An Animation, <http://www.youtube.com/watch?v=pbBa6Oam7-w>

<sup>7</sup> <http://training.digitalpreservationeurope.eu/>

<sup>8</sup> Planets Project, Comisión Europea, Sexto Programa Marco, IST-033789

<sup>9</sup> PrestoSpace, o proxecto financiado polo FP6 na área de conservación dixital de materiais audiovisuais produciu dous informes sobre o estado da cuestión que tratan estas cuestións. Un considera as aproximacións ao análise automatizado de contido audiovisual e outro estuda os socios do proxecto. (Bailer; Höller; Messina; Airola; Schallauer; Hausenbalas, 2005).

<sup>10</sup> Podería ser posible facer funcionar un depósito especializado en tratar unha estreita gama de tipos de representación de obxectos, por exemplo, só en tratar formatos de imaxe.

<sup>11</sup> <http://www.fedora.info> Unha excelente discusión sobre Fedora pode atoparse en Payette; Staples, 2002.

<sup>12</sup> <http://dspace.org/index.html>

<sup>13</sup> <http://lockss.stanford.edu/>

<sup>14</sup> Neste estudo o equipo aplicou unha nova aproximación á comprensión dos arquivos de correos electrónicos no estudo de 45.000 mensaxes recollidos durante 15 anos por un só individuo. (Consulta: 7 de decembro de 2005).

<sup>15</sup> Estas comunidades con frecuencia transcenden as estruturas organizativas. Actualmente existen poucos casos dos que sexa posible obter datos para realizar estudos máis complexos. Unha posible fonte que los arquiteiros poderían utilizar para investigar o modo en que os investigadores do futuro poderían examinar os arquivos de correos electrónicos sería experimentar co *Enron Email Dataset*. A serie de datos está dispoñible en <http://www.cs.cmu.edu/~enron> e contén máis de 500.000 mensaxes. B Klimt e Y Yang fixeron notar que a serie orixinal de datos contiña 619.446 mensaxes de 158 usuarios antes de que produciran un 'corpo *Enron* limpo' e este inclúe 225.000 correos electrónicos de 151 executivos senior durante o período 1997-2004 (véxase por exemplo <http://sonic.ncsa.uiuc.edu/enron/about.htm>). Existe unha discrepancia entre a escala do corpo 'limpo' tal e como está descrito no sitio web por Klimt e Yang, 2004, en 'Introducing the Enron Corpus', <http://www.ceas.cc/papers-2004/168.pdf>. A maior parte do interese na serie de datos ate agora procedeu de expertos en comunicacións e recuperación da información. A limpeza da serie de datos eliminou por exemplo duplicados, pero iso reduce o valor arquivístico da serie de datos porque os duplicados contan a súa propia historia. Consulta aos sitios: febreiro 2006.

<sup>16</sup> O fallo dos autores ao non notar que *Microsoft Word* tamén xestiona metadatos de historia da revisión fixo posible que Richard M. Smith identificara os individuos que foran responsables das últimas edicións do documento e isto contribuíu á nosa comprensión acerca de cómo evolucionara o documento '1RAQ – Its Infrastructure of Concealment, Deception and Intimidation' publicado polo Gabinete do Primeiro Ministro o 6 de febreiro de 2003. Unha análise do *log* pode encontrarse en <http://www.computerbytesman.com/privacy/blair.htm>. A estas utili-

dades de procura dentro do software de edición documental faise referencia con frecuencia como "perigos ocultos", pero nun litixio e para os futuros académicos poden proporcionar fontes de valiosa información. Como reacción a isto existe unha crecente tendencia a que os documentos oficiais sexan publicados en PDF máis que nos seus formatos nativos de procesador de textos (p. ex., o Primeiro Ministro danés, Anders Fogh Rasmussen, véxase Norup, 2004. Véxase ademais o caso do preito do Grupo SCO contra Daimler Chrysler (2004) no que un documento creado con *Microsoft Word* fixo posible que os avogados observasen que o Grupo SCO pasara algún tempo a tratar de dirixir a demanda cara o Banco de América.

<sup>17</sup> Para unha discusión adicional disto dende o punto de vista do risco véxase Byres, 2003; 2004. De maneira notable, Byres descubriu que entre 100.000 documentos descargados da web todos tiñan información oculta, cun 50% que tiñan máis de 50 palabras, un 33 por cento que tiñan ate 500, e un 10 por cento que tiñan máis de 500 palabras. Isto proporciónanos un exemplo contemporáneo do desenvolvemento na creación de pegadas do documento que axudará aos académicos a comprender o modo en que se formaron.



# A conservación do noso patrimonio dixital: estratexias de conversión e migración<sup>1</sup>

**Ross Harvey**

Graduate School of Library & Information Science,  
Simmons College, Boston, USA

## **Introdución**

A conservación dixital trata de producir e xestionar documentos dixitais de maneira que asegure que reteñen tres características: lonxevidade, integridade e accesibilidade. Entre toda a gama que se aplica comunmente, dúas estratexias de conservación son a normalización (conversión) e a migración. A normalización refírese á transformación de materiais dixitais a un número limitado de formatos de ficheiro, dos que resulta máis probable que sexan viables por períodos máis longos que os formatos orixinais. A migración é o proceso de transferir materiais dixitais dunha tecnoloxía (unha xeración de hardware o software) a outro, ou dun formato a outro.

As estratexias de normalización e de migración, aínda que se aplican de maneira común, teñen asociadas cuestións significativas, para os efectos de conservación dos materiais arquivísticos. Unha cuestión particularmente significativa é a ameaza directa á autenticidade dos documentos dixitais que formulan as estratexias de normalización e de migración. As repetidas migracións de datos dun formato a outro, cada un dos cales implica a realización de cambios moi pequenos nos datos, poden dar como resultado unha acumulación de cambios que constitúa unha importante alteración dos datos.

Este ensaio fai notar en primeiro lugar o que estamos a intentar conseguir cando conservamos documentos dixitais. Logo describe as estratexias de normalización e de migración. Examina os cambios que teñen lugar e fai notar algúns dos modos en que a integridade pode quedar asegurada, incluso aínda que os datos cambiasen no proceso de ser conservados. Finalmente, o ensaio fai fincapé nalgúns das implicacións da práctica da conservación dixital nos arquivos.

## Os fins da conservación dixital

A conservación dixital trata de producir e xestionar datos de maneira que asegure que reteñen tres características: lonxevidade, integridade e accesibilidade. (Un comentario acerca do termo *datos*: este ensaio utiliza as definicións que se atopan no Modelo do Ciclo de Vida da Conservación Dixital do *Digital Curation Centre*. *Datos* son: «calquera información en forma dixital binaria» e «inclúen obxectos dixitais e bases de datos». Os obxectos dixitais poden ser:

simples... (ítems dixitais separados como ficheiros de texto, ficheiros de imaxe ou ficheiros de son, xunto cos seus identificadores e metadatos relacionados) ou complexos... (obxectos dixitais separados realizados mediante a combinación dun certo número doutros obxectos dixitais, como os sitios web).

As bases de datos son *coleccións estruturadas de rexistros ou datos almacenados nun sistema informático* («Modelo do Ciclo de Vida da Conservación do DCC»).

A *lonxevidade* refírese á dispoñibilidade dos datos durante tanto tempo coma os seus usuarios actuais e futuros (a Comunidade Designada do Modelo de Referencia OAIS) o requiran. (A Comunidade Designada é definida no Modelo de Referencia OAIS (ISO, 2003) como *Un grupo identificado de consumidores potenciais que deberían ser capaces de comprender un conxunto particular de información*).

Estamos a tratar de asegurar que os usuarios actuais e futuros sexan capaces de localizar os datos, recuperalos dende onde estean localizados, representalos (convertelos a unha forma na que poidan ser comprendidos), manipularlos e utilízalos; todo iso sobre a base dunha tecnoloxía que cambia co que parece ser unha rapidez e aumento. A causa desta tecnoloxía rapidamente cambiante o ciclo de vida dos datos é curto, a non ser que se emprendan accións. O período de tempo durante o que teñen que se manter os datos varía, pero o período mínimo de tempo usualmente é superior ás expectativas de vida de acceso (o hardware e o software deseñados para ver e/ou utilizar os datos).

A *integridade* refírese á autenticidade dos datos ao feito de que non fosen manipulados, falsificados nin substituídos. Posto que case todas as técnicas de conservación dixital alteran de maneira inevitable os datos (un punto que se explora con detalle máis adiante) a autenticidade ten que amosarse prestando atención a características tales como a procedencia (de onde viñan os datos) e o contexto (as circunstancias que circundan a creación, a recepción, o almacenamento ou o uso dos datos e as súas relacións con outros datos).

A *accesibilidade* refírese á capacidade para localizar e utilizar os datos. Facer accesibles os datos require que poidamos localizar e utilizar os datos no futuro dun modo que sexa aceptable para a súa Comunidade Designada. Por exemplo, unha imaxe (coma un PDF) pode ser aceptable para algúns obxectos dixitais (coma a documentación), pero para outros obxectos (unha base de datos, por exemplo) pode que no futuro a súa Comunidade Designada requira a capacidade de manipular ou de interrogar ese obxecto.

Entre a gama de estratexias de conservación que temos dispoñibles para satisfacer os fins da conservación dixital áchanse a conversión (normalización) e a migración. Son só dúas entre un certo número de estratexias e métodos de conservación. O informe de Lord e Macdonald (2003), unha publicación chave para establecer o campo da conservación dixital, fai notar algúns dos principais métodos de conservación, coma a migración, a emulación, as «descricións formais» (o Ordenador Virtual Universal), a arqueoloxía dixital e os «museos informáticos» (conservación da tecnoloxía). A migración enfócase sobre a conservación dos *datos*, transformándoos dun formato a outro. A emulación enfócase sobre a *tecnoloxía*, desenvolvendo programas de ordenador que emulan sistemas informáticos obsoletos e por tanto fan posible que as aplicacións orixinais e os datos que deben ser procesados funcionen en ordenadores actuais. O Ordenador Virtual Universal (as «descricións formais» de Lord e Macdonald) tamén se enfoca sobre a tecnoloxía, proporcionando especificacións de software para que un ordenador virtual poida funcionar sobre ordenadores que sexan construídos no futuro; é semellante á emulación nalgúns aspectos. A arqueoloxía dixital intenta recuperar datos de soportes e sistemas obsoletos. A conservación da tecnoloxía (os «museos informáticos» de Lord e Macdonald), que tamén se enfoca sobre a *tecnoloxía*, baséase no mantemento en condicións de funcionamento de ordenadores e software obsoletos.

Na práctica, a migración e a emulación son os dous métodos primarios de conservación, pero un só método non pode aplicarse só en por si; por exemplo, outros métodos dependen da migración en maior ou menor grao. A selección de métodos a aplicar está determinada por factores como a natureza dos datos e os obxectos dixitais que deben ser conservados, cuestións técnicas, custos e requisitos organizativos (Lord e Macdonald 2003, 31). As estratexias de conservación non deberían ser consideradas en competencia unhas con outras, senón mellor como estratexias diferentes que traballan xuntas quizá a migración se aplique a algúns conxuntos de datos e a emulación a outros.

Cando se elixe un método ou unha combinación de métodos adecuados de conservación dixital deberían conservarse cinco criterios chave.

■ O primeiro é a natureza dos datos e dos obxectos dixitais que deben ser conservados. Por exemplo, aínda que é unha práctica normalizada manter a cadea orixinal de bits cando se migran datos, para algúns materiais coma bases de datos moi grandes, os custos de facelo deste xeito poden ser prohibitivos. Os requisitos da comunidade designada determinarán que características dos datos se conservarán; aquí terán de determinarse que propiedades significativas (definidas como *aqueles aspectos do obxecto dixital que se deben conservar ao longo do tempo para que o obxecto dixital siga a ser accesible e significativo* (INSPECT)).

■ O segundo é a infraestrutura técnica requirida; por exemplo, requírense algúns compoñentes da conservación da tecnoloxía para sacar os datos de soportes obsoletos e migrar os datos.

■ O terceiro, os custos que entran en xogo: pode a organización facer fronte á implantación dunha estratexias particular? Pode facer fronte ao custo de manter o conxunto de datos ao longo do tempo cando se aplica esa estratexia? Acometer unha migración de datos require de maneira inevitable un gasto permanente en futuras migracións.

■ O cuarto, teñen que ser tomados en conta os factores organizativos; por exemplo, algunhas disciplinas terán en uso estratexias de conservación ben establecidas.

■ Finalmente, a xestión de dereitos pode xogar un rol central: Posúe a organización os dereitos para proceder a unha reenxeñería de software? A resposta a esta pregunta podería ser relevante se se desenvolve software de emulación.

Este ensaio enfócase sobre a conversión (normalización) e a migración como estratexias primarias de conservación.

### **Conversión e normalización**

Neste ensaio o termo *conversión* refírese ao proceso de converter os formatos de ficheiro recibidos por un depósito a unha gama normalizada de formatos de ficheiro. O termo *normalización* refírese á estratexia de conservación que impón a conversión a formatos normalizados e sostén os formatos normalizados ao longo do tempo. Por exemplo, no ICPSR (o *Inter-University Consortium for Political and Social Research*), con sede na Universidade de Michigan, nos Estados Unidos, os ficheiros dixitais depositados no arquivos ICPSR convértense do seu formato orixinal a un formato do que o ICPSR determinou que é un formato de conservación, e retéñense tanto o ficheiro orixinal coma o ficheiro normalizado (ICPSR). É importante darse conta de que

a estratexia de normalización se refire a dous conxuntos de actividades. A primeira é a conversión dos materiais dixitais a un número limitado de formatos de ficheiro que é probable que sexan viables durante períodos máis longos, son tipicamente abertos, utilízanse de maneira ampla, e gozan de boa asistencia. A segunda é facer o que sexa necesario para soste estes formatos ao longo do tempo.

O software de normalización é abundantes. Un arquivo dos EE.UU. usa de maneira común software comercial dispoñible, como Adobe Acrobat Profesional para converter ficheiros a PDF/A e Solid PDF Tools para a conversión por lotes dende formatos de ficheiro Word, PowerPoint e Excel a PDF/A. Os ficheiros Lotus 1-2-3 convértense a ficheiros CSV utilizando ABC Amber Lotus 1-2-3 Converter, que tamén pode utilizarse para converter a outros formatos.

A normalización xoga un importante rol na conservación dixital. Limitar o número de formatos fai máis factibles todas as demais estratexias de conservación dixital. A normalización lévase a cabo normalmente antes de que se apliquen outras estratexias. Os formatos de ficheiro normalizados aos que se normalizan outros ficheiros selecciónanse sobre a base de que serán viables durante períodos máis longos (non devirán obsoletos rapidamente), son tipicamente abertos (non propietarios, o que significa que existe documentación pública acerca das súas características), utilízanse de maneira xeneralizada, e están ben sostidos por un amplo corpo de usuarios e de persoal que os desenvolven.

Podemos localizar de maneira inmediata algúns exemplos dos formatos de ficheiro preferidos. Os formatos de ficheiro preferidos polo *UK Data Archive* (UK Data Archive) foron adoptados de maneira xeneralizada, son normas de facto, non propietarios e están ben documentados. Para datos textuais cualitativos os formatos preferidos son *eXtensible Markup Language* (XML), texto marcado de acordo cunha adecuada Definición de Tipo de Documentos (DTD) ou un *schema* adecuado, *Rich Text Format* (.rtf), datos en texto plano, e ASCII (.txt). Para datos de audio dixital os formatos preferidos son *Free Lossless Audio Codec* (.flac) e ficheiros WAV (.wav). Outras recomendacións sobre formatos de ficheiro son «Supported and Recognized File Formats» do *Florida Digital Archive* (Florida Digital Archive «Supported») e a súa «Recommended Data Formats for Preservation Purposes in the Florida Digital Archive» (Florida Digital Archive «Recommended»), así como *Selecting File Formats for Long-Term Preservation* (Brown, 2008) do Arquivo Nacional (U.K.).

Non debería considerarse a normalización de formatos de ficheiro como unha estratexia dixital a longo prazo. Non aborda os efectos da obsolescen-

cia dos formatos de ficheiro. Nin aborda os problemas da súa futura obsolescencia. O que logra é facer máis doado procesar e converter formatos de ficheiro cando debeñen obsoletos, debido ás características polas que foron seleccionados como formatos de conservación, como non ser propietarios e ter unha gran base de usuarios. Noutras palabras, normalizar formatos de ficheiro reduce eficazmente a frecuencia coa que o arquivo dixital ten que tratar coa obsolescencia dos formatos de ficheiro.

A normalización ten unha longa historia nos arquivos de datos e actualmente se aplica nalgúns contextos arquivísticos significativos. Por exemplo, o Arquivo Nacional de Australia aplica a normalización no seu software *Xena*, un compoñente da súa Plataforma de Software de Conservación Dixital (National Archives of Australia). Está implantado de maneira xeneralizada en depósitos institucionais; por exemplo, utilízase cando se especifican como un requisito para a recepción de datos formatos de ficheiro para o envío de teses e outros materiais. A normalización dos formatos de datos funciona mellor para materiais para os que é esencial conservar o seu contido, pero é menos importante reter outras características. Isto é debido a que o proceso de converter dende un formato de ficheiro non preferido a un preferido pode significar que algúns aspectos dos obxectos dixitais, como a funcionalidade, se perdan. A normalización de formatos de datos non é axeitada para materiais que teñen que conservar características importantes, especialmente aquelas características que aseguran que o material pode ser comprendido. Existe un alto risco de que estas se perdan na conversión a un formato de ficheiro normalizado.

Para a normalización ser eficaz, requírense políticas e recomendacións claras. Estas deber cubrir os formatos que son aceptables para un arquivos, procesos eficaces de conversión de datos e normas de alto nivel de control de calidade. A normalización de formatos de datos ten potencial para un uso máis eficiente dos recursos de conservación dixital, porque simplifica a migración e logra economías de escala. Pode facer máis lento o ritmo ao que os formatos de ficheiro debeñen obsoletos porque é probable que o software necesario para utilizar eses formatos estea dispoñible durante períodos máis longos. A normalización de formatos de ficheiro elimina vínculos a plataformas de hardware e de software específicas, especialmente as propietarias.

### **Migración**

Unha definición normalizada do termo *migración* di: *a migración... refírese ao proceso de transferir materiais dixitais dunha tecnoloxías (xeración de hardware ou software) a outra, ou dun formato a outro («Transformar»).*

Outra definición describe a migración como *un medio para superar a obsolescencia técnica transferindo recursos dixitais dunha xeración de hardware/software á seguinte* (Beagrie e Jones, 2001).

O propósito da migración tamén se fai notar nesta definición como *conservar o contido intelectual dos obxectos dixitais e reter a capacidade dos clientes para recuperar, visualizar ou dalgunha outra maneira utilízalos fronte a unha tecnoloxía constantemente cambiante* (Beagrie e Jones, 2001). A migración aborda os problemas causados pola obsolescencia da tecnoloxías (hardware e software) e dos formatos de ficheiro, para que o contido intelectual dos obxectos dixitais migrados se conserve e para que se reteña a capacidade dos usuarios para recuperalos, visualízalos e utilízalos (Borghoff et al., 2006, especialmente capítulos 3 e 9).

Como xa se fixo notar a migración considérase comunmente como un dos métodos primarios de conservación, sendo o outro a emulación. A migración e a emulación baséanse en diferentes solucións ao problema da obsolescencia. A migración enfócase sobre o contido ou as propiedades dos obxectos dixitais, e intenta manter estes ao longo do tempo facéndoos utilizables en software e hardware novo. A emulación, por outra parte, enfócase sobre a tecnoloxías, creando emuladores —aplicacións de software que replican a conduta dun sistema informático sobre un sistema diferente— para que o segundo sistema informáticos pareza comportarse como o primeiro. A migración é un proceso que foi ben comprendido. Usualmente se aplica en resposta aos cambios nos formatos de ficheiro (como no caso de obsolescencia inminente), ou aos cambios no entorno de almacenamento ou a plataforma tecnolóxica, e para contrarrestar a obsolescencia do hardware ou do software.

Existe un certo número de aproximacións diferentes a, e métodos de migración. Non é o mesmo que o proceso de refresco, que é o simple mantemento da cadea de bits copiándoa a un soporte novo e usualmente máis duradeiro. A migración realmente cambia ou transforma un obxecto dixital para que poida utilizarse con novo hardware ou software. A migración subdivídese en migración de versión, migración a formatos de ficheiro máis recentes ou normalizados, e migración baixo demanda. Un exemplo dunha migración de versión simple atópase con frecuencia dentro dun produto de software, como novas versións de Microsoft Word que funcionan con versións anteriores de Word, aínda que o número de versións para as que a compatibilidade retrospectiva é posible está tipicamente limitado polos fabricantes. A migración a formatos de ficheiro máis recentes ou normalizados implántase cando o software ou o hardware deviñeron obsoletos ou cando a obsolescencia é inminente.

A migración baixo demanda ten lugar no momento no que se require o acceso aos materiais dixitais. Un exemplo de migración baixo demanda que se atopa de maneira común ten lugar cando se solicita acceso a documentos que foron creados cun paquete de software que se volveu obsoleto. Algunhas aplicacións de software permiten que os documentos que foron creados nas súas versións anteriores se abran en versións posteriores. Por exemplo, a *suite* de software de fonte aberta *OpenOffice* soporta ficheiros creados co software de procesamento de texto Microsoft Word 6.0/95/97/2000/XP (extensións de ficheiro .doc and .dot) , *Microsoft Word 2003 XML* (.xml), *Microsoft Win-Word 5* (.doc), formatos *StarWriter* (.sdw, .sgl, and .vor), *ApartisDoc* (Palm) (.pdb), *Pocket Word* (.psw), *WordPerfect Document* (.wpd), *WPS 2000/Office 1.0* (.wps), e *DocBook* (.xml). Tamén proporciona funcionalidades similares para outras *suites* de software de oficina.

Existen variacións adicionais a estas aproximacións. Unha é manter a cadea orixinal de bits e migrar as ferramentas de software que permiten aos usuarios acceder a esa cadea de bits.

Recoñeceuse que a migración é a máis axeitada para tratar con grandes coleccións de obxectos dixitais de tipos similares que teñen unha estrutura simple (por exemplo, imaxes de páxinas de mapas de bits, ficheiros ASCII ou formatos XML ben definidos). Con frecuencia se aplica en conxunción coa normalización de formatos de datos (normalización) cando os materiais dixitais son *inxeridos* polo arquivo. Como xa se fixo notar, cando os formatos de datos se normalizan, hai que tratar menos formatos e pode economizarse mediante accións como automatizar tantas tarefas implicadas como sexa posible. Cando se migran datos, é esencial seleccionar estruturas de datos ou formatos de ficheiro aceptables como formato de destino (o formato ao que os ficheiros van ser migrados); por exemplo, as normas de formatos de datos non propietarias e ben documentadas incrementarán a posibilidade de que os datos sexan recuperados no futuro. Tamén é esencia documental por completo os procedementos de migración nos metadatos.

A recomendación normalizadas é reter a cadea de bits orixinal sempre que sexa posible. Unha excepción a isto considérase cando as cantidades de datos son tan grandes que o gasto de reter a cadea de bits é prohibitivo, como se indicou anteriormente. Deben desenvolverse e aplicarse rigorosamente estritos procedementos de verificación da calidade. Existen ferramentas de migración que axudan neste proceso.

A migración ten unha longa historia e é a principal técnica de conservación aplicada ate a data. Existe unha considerable experiencia en migración para algúns tipos de obxectos dixitais e formatos, particularmente documentos e series de datos. Os procedementos están ben establecidos, e a tecno-



loxía necesaria para implantar estes procedementos é relativamente simple. Existe dispoñible de maneira inmediata software de conversión para algúns formatos. Considérase que a migración é un modelo fiable para conservar o contido intelectual de obxectos dixitais simples, como documentos en páxinas, e de coleccións de materiais que teñen formatos uniformes.

A migración, no entanto, non é a panacea para todos os retos da conservación dixital, e cando se implanta os seus resultados non son de ningún modo perfectos. A natureza dos obxectos dixitais para os que a migración é a mellor opción é un factor que diminúe a súa eficacia xeral. É máis axeitada para obxectos dixitais simples e coleccións de materiais que teñen formatos uniformes; non trata materiais complexos cuxa funcionalidade se perderá e cuxa integridade quedará comprometida se se aplica unha estratexia de migración. Outra limitación significativa da migración é que ten lugar de maneira regular ao longo de toda a vida dos materiais aos que se aplica, co que se incorre en considerables custos permanentes. Por exemplo, pode que os datos teñan que ser migrados a un novo soporte en períodos de tres a cinco anos; pode que tamén teñan que se migrar a novos formatos en períodos de cinco a dez anos, antes de que as aplicacións de software que se necesitan para acceder a eles se volvan obsoletas. É un método de conservación que consume traballo; por exemplo, a necesidade de documentar coidadosamente o proceso nos metadatos (esenciais para asegurar a integridade e a autenticidade dos datos migrados, como se fai notar máis tarde) e a necesidade de implantar procedementos estritos de verificación da calidade requiren un esforzo permanente que leva tempo e consume considerables recursos.

O factor máis significativo que limita as oportunidades de empregar a migración como estratexias é o feito de que os datos cambien durante o proceso de migración. Pode que repetidas migracións realicen pequenos cambios nos datos cada vez, pero ao longo do tempo acumulan alteracións importantes dos datos orixinais. Esta limitación é unha cuestión crucial que se fai notar máis adiante.

### **A normalización e a migración usadas de forma conxunta**

A normalización e a migración úsanse frecuentemente xuntas. Un exemplo da combinación das dúas estratexias pode observarse nos procesos de conservación implantados no ICPSR, ao que se fixo referencia máis arriba, que adoptou a normalización e a migración como as súas estratexias primarias de conservación dixital. A normalización aplícase para limitar a gama de formatos de ficheiro que teñen que se conservar *para asegurar que a carga de conservación dixital é xestionable* e para asegurar que os formatos de ficheiro

están dispoñible nas súas versións actuais, máis que nas obsoletas. Os ficheiros de datos e os ficheiros de documentación convértense a formatos de ficheiro *que están tan próximos como é posible a ASCII para texto, ou TIFF para imaxes, para facer posible a conservación, e o contido dixital cópiase desde os soportes de almacenamento máis antigos aos novos de maneira regular. Os procesos de migración están regulados por políticas e aplícanse sistematicamente* (McGovern).

Outro exemplo do uso conxunto da normalización e a migración queda demostrado no *Florida Digital Archive* (Caplan, 2007), que emprega unha estratexia de migración activa que pretende *perder o mínimo posible, e reter o contido, a aparencia e os comportamentos da fonte* (Caplan, 2007, 307). Os formatos de ficheiro tratados mediante migración son AIFF, AVI, JPEG, JP2, JPK, PDF, TIFF, WAVE, XML, XML DTD, QuickTime, e texto plano. Estes formatos foron seleccionados baseándose na asunción de que a maioría de ficheiros das bibliotecas participantes serían ficheiros documentais de texto, imaxe, ou son, en tanto opostos a software executable. Desenvolvéronse fluxos de tarefas e rutinas para a migración destes formatos. Os ficheiros recibidos polo arquivo noutros formatos para os que non hai dispoñible ningunha rutina de migración se conservan como cadeas de bits, pero pode que estes se migren no futuro se o arquivo recibe unha petición de acceso a estes ficheiros. Posto que o desenvolvemento de rutinas de migración para novos formatos de ficheiro require recursos considerables, os ficheiros engadidos ao arquivo se normalizan a un dos formatos de ficheiro soportados. Os PDF, por exemplo, convértense a imaxes TIFF durante os procesos de inxesta.

### **Os datos cambian**

Como xa se fixo notar, dúas estratexias de conservación que se aplican de maneira común son a conversión/normalización e a migración. Ambas teñen asociados moitos problemas no relativo á conservación de materiais arquivísticos; ambas as dúas cambian os datos, e ao longo do tempo se acumulan pequenos cambios incrementais que dan como resultado alteracións importantes dos datos orixinais.

Observemos máis preto a migración. O proceso de migración cambia os datos. Estes cambios poderían implicar a transformación da codificación dixital dos datos para facelos máis adecuados para a súa conservación, ou a transformación do ficheiro ou obxecto orixinal nunha forma que poida ser procesada con ferramentas que sexan eficaces no momento do acceso. Repetidas migracións, cada unha das cales realiza pequenos cambios, poden acumular alteracións importantes dos datos; noutras palabras, os datos

transfórmanse e convértense en novos datos, con características e conduta que difiren das dos datos orixinais.

É moi raro que os datos permanezan sen cambios en calquera proceso de migración. É posible que exista perda de información e/ou cambios na conduta do sistema. Chris Rusbridge describe unha experiencia común:

se migro ficheiro dende aquel PowerPoint 4 ao PowerPoint de hoxe en día, e despois dende o PowerPoint de hoxe en día ao de mañá, e despois dende o de mañá ao seguinte aínda mellor, introducirei erros acumulativos cuxo impacto só serei capaz de ponderar nalgún momento horriblemente temible, como no medio dunha representación que utiliza un *host* (Rusbridge).

Posto que é probable que a funcionalidade se perda e a integridade quede comprometida como resultado da migración, débese ter o coidado de establecer e implantar estritos procedementos de verificación da calidade.

Os exemplos de cambios causados pola migración abundan. A banda de rock alternativo Radiohead publicou o seu álbum «In Rainbows» para que os seus fans o descargaran ao prezo que quixeran pagar («In Rainbows»)<sup>2</sup>. Ao facer a súa música dispoñible deste modo, a banda estaba a facer unha declaración contra a burocracia das compañías discográficas, e a facer a música máis inmediatamente accesible aos seus fans. A información acerca da posición da banda contra as compañías podería perderse facilmente se o audio se convertese a un formato de ficheiro que non permitise capturar detalles robustos nos metadatos. Un segundo exemplo tamén concirne aos ficheiros de son dixital, cuxa calidade de son está regulada pola taxa de compresión de audio. O tamaño de ficheiro dos ficheiros MP3, por exemplo, é menor, pero tamén hai unha perda adicional de calidade do son a causa da compresión dixital que é necesaria para converter grandes ficheiros en ficheiros de son moito máis pequenos para escoitar en iPods («The Loudness Wars»).

### **Implicacións do cambio dos datos para os arquivos**

Que as estratexias utilizadas de maneira común para conservar datos nos arquivos dixitais cambien os datos que procesan é potencialmente unha moi grande preocupación para os arquivistas. Como poden os arquivistas satisfacer os requisitos de lonxevidade (a dispoñibilidade dos datos durante tanto tempo coma a súa comunidade actual e designada os requira), de integridade (a dispoñibilidade de datos que non foron manipulados, falsificados nin substituídos), e de accesibilidade (a capacidade para localizar e utilizar os datos), identificadas como requisitos ao comezo deste ensaio? O Proxecto In-

terPARES (InterPARES Project) realizou significativas contribucións á nosa comprensión do que se necesita para satisfacer estes requisitos, e a seguinte sección é un intento de resumir as súas conclusións.

Asegurar a lonxevidade dixital implica moitos procesos orientados a localizar, recuperar, representar, manipular e utilizar datos. Algúns destes procesos cambian os datos. A integridade e a autenticidade dos obxectos dixitais son conceptos que están relacionados de maneira moi íntima. Ambas teñen que ser mantidas se os obxectos dixitais teñen que seguir a ser o que pretenden ou demandan ser, e non estar corruptos. Se un obxecto dixital é un documento, a validez dese obxecto é vital. Seamus Ross, ao informar sobre o traballo do Grupo de Traballo sobre Autenticidade de InterPARES, fai notar:

Os obxectos dixitais que lles falta autenticidade e integridade teñen valor limitado como evidencia ou incluso como fonte de información. Posto que os obxectos dixitais se poden alterar e corromper de maneira máis doada que, digamos, os documentos en papel, os creadores e conservadores con frecuencia atopan desafiante demostrar súa autenticidade.

Ross proporciona un exemplo:

Cantos de nós nos sentiríamos cómodos se o noso médico utilizase un conxunto de datos de probas clínicas das que non puidese verificar a autenticidade dos materiais contidos para planificar un réxime de tratamento? (Ross, 2007,1).

É esencial, por tanto, que as estratexias de conservación que aplicamos aos obxectos dixitais baixo a nosa custodia se esforcen por asegurar que a súa autenticidade e a súa integridade se manteñen.

Como establecemos e mantemos a autenticidade? A resposta a esta pregunta é vital á luz do feito de que as principais estratexias de conservación que temos ao noso dispor presentan cambios nos datos, como se demostrou neste ensaio. Os requisitos chave poden resumirse como control do proceso de inxesta, verificación permanente dos ficheiros, un almacén de datos inmutable e inalterable, xestión dos procesos de conservación e capacidade para auditar a cadea de custodia e a historia dos procesos aplicados aos ficheiros no arquivo.

### **Que podemos facer**

Esta sección do ensaio fai notar algúns dos modos en que a lonxevidade, a integridade e a accesibilidade poden demostrarse, incluso aínda que os datos cambiasen no proceso de ser conservados.

### ■ *Asegurar a lonxevidade.*

As principais prácticas de conservación dixital de uso común que aseguran a longa vida dos obxectos dixitais inclúen:

- refresco de datos (trasladar datos a unha versión máis recente do mesmo soporte de almacenamento, ou a un soporte de almacenamento diferente, sen cambios na cadea de bits);
- verificación da exactitude dos resultados do refresco;
- xeración de metadatos que documenten os procesos aplicados ao refresco de datos;
- mantemento de copias múltiples, xeograficamente distribuídas, da cadea de bits;
- xestión da pegada dos cambios (especialmente a obsolescencia) no hardware, o software, os formatos de ficheiro; e de normas que poderían ter impacto sobre a conservación dixital.

### ■ *Asegurar a integridade*

As principais prácticas de uso común que aseguran a autenticidade dos obxectos dixitais inclúen:

- refresco de datos;
- verificación da exactitude dos resultados do refresco;
- xeración de metadatos que documenten os procesos aplicados ao refresco de datos;
- protección de datos xestionándoos de acordo con boas prácticas da TIC para seguridade dos datos, copias de seguridade, e verificación de erros;
- mantemento de copias múltiples, xeograficamente distribuídas, da cadea de bits;
- xestión da propiedade intelectual e doutros dereitos.

### ■ *Manter a accesibilidade*

As prácticas chave de uso actual inclúen:

- mantementos da capacidade para localizar materiais dixitais de maneira fiable asignándolles identificadores persistentes para asegurar que poidan ser atopados;
- rexistro de suficiente información sobre a representación de obxectos dixitais para que a cadea de bits aínda sexa significativa e comprensible no futuro;
- produción de obxectos dixitais en formatos abertos, mantidos de forma adecuada e normalizados;
- limitación da gama de formatos de conservación que deben ser xestio-

nados (con frecuencia normalizando datos en formatos normalizados);

- xestión da pegada dos cambios (especialmente a obsolescencia) no hardware, o software, os formatos de ficheiro e as normas que poderían ter impacto sobre a conservación dixital, e;
- mantemento de múltiples copias, xeograficamente distribuídas, da cadea de bits.

Estas prácticas satisfán os requisitos chave que se fixeron notar anteriormente. Existe unha forte énfase en cada un destes conxuntos de prácticas na provisión de metadatos (que inclúen *información sobre a representación*, un termo utilizado no Modelo de Referencia OAIS (ISO, 2003)). Os metadatos son necesarios para proporcionar un medio para localizar obxectos dixitais de maneira fiable, para documentar os procesos de conservación aplicados, e para capturar información acerca dos dereitos de propiedade intelectual, entre outras cousas. Cada unha destas funcións dos metadatos contribúe a que seaxamos capaces de auditar a cadea de custodia e a historia dos procesos aplicados aos ficheiros no arquivo dixital. Tamén se salienta a verificación permanente dos ficheiros. A xestión dos procesos de conservación represéntase aplicando prácticas normalizadas de TIC para a seguridade dos datos, as copias de seguridade, e a verificación de erros, o mantemento de copias múltiples da cadea de bits e a limitación da gama de formatos de conservación. O control do proceso de inxesta queda indicado nas prácticas de refresco de datos e no uso de formatos abertos, mantidos de forma axeitada e normalizados.

### **Automatización dos procesos**

Os métodos de conservación aplicáronse tipicamente a pequena escala. Xa se fixo notar que consumen moito traballo. Isto significou que as cantidades de datos que poden ser conservados víronse severamente limitadas. Necesítanse modos recoñecidos para conservar cantidades moitos máis grandes de datos e, en consecuencia, establecéronse proxectos de investigación e desenvolvimento cuxos resultados incluíron fluxos de tarefas e procedementos de conservación automatizada. Os procedementos automatizados de conservación necesitan ferramentas de software e algunhas xa foron desenvolvidas por proxectos como CASPAR e PLANETS (proxectos de conservación dixital financiados pola Unión Europea), o DCC no Reino Unido e o NDIPP (o *National Digital Information Infrastructure and Preservation Program*) nos Estados Unidos. O software que tales proxectos desenvolveron (e seguen a desenvolver) é usualmente de fonte aberta, satisfai unha necesidade inmediata compartida por moitas organizacións e é doado de utilizar. Calquera que sexa respon-

sable da conservación de información dixital debe supervisar continuamente o desenvolvemento de ferramentas de software, posto que da actividade de investigación e desenvolvemento constantemente están a emerxer outras novas. Sobre a web hai dispoñibles listas de ferramentas de conservación dixital, como as «Digital Curation Tools» do DCC (DCC «Tools») e o «Partner Tools and Services Inventory» do NDIIPP (Library of Congress).

A automatización pode aplicarse a todos os aspectos da conservación dixital, pero os de maior interese para os efectos deste ensaio son as ferramentas de normalización e de migración. Un exemplo de normalización automatizada, Xena, fíxose notar anteriormente de maneira breve. Xena (*XML Electronic Normalizing for Archives*) foi desenvolvido polo Arquivo Nacional de Australia. Detecta o formato de ficheiro dun obxecto dixital, incluídos formatos propietarios, e convérteo a un formato aberto.

Posto que a migración, o método de conservación aplicado de maneira máis común, é unha técnica normalizada utilizada en moitas áreas da xestión de datos, abundan as ferramentas de migración. Como exemplos, as ferramentas utilizadas para a migración de formatos nunha institución inclúen a *suite* de programas de fonte aberta *ImageMagick* para a migración de formatos de imaxe, e outro programa de software de fonte aberta, *SoX*, para a migración de ficheiros de son. Outra institución utiliza as ferramentas comerciais de software *Acrobat Professional*, *Solid PDF*, e *Amber Lotus 1-2-3 Converter*. Proxectos como *Conversion and Recommendation of Digital Object Formats* (CRiB) tratan de proporcionar ferramentas que axuden á implantación de procedementos de migración. Para a migración pode utilizarse software de fonte aberta que estea inmediatamente dispoñible; as ferramentas de fonte aberta utilizadas para migrar datos de ciencias sociais e científicos dende soportes antigos (CD-ROM, DVD, disquetes) nun experimento inclúen *OpenOffice* para converter ficheiros *Microsoft Word*, *PowerPoint* e *Corel WordPerfect* a PDF (Woods e Brown, 2008). O proxecto *Planets (Preservation and Long-term Access through Networked Services)*, que rematou o 31 de maio de 2010 e continúa no traballo da *Open Planets Foundation*, examinaba as ferramentas de migración dende a perspectiva do desenvolvemento. O proxecto determinou que mellorar as ferramentas de migración existentes, mellor que desenvolver ferramentas dende cero, era unha aproximación máis adecuada e eficaz para proporcionar moitas aínda necesarias (Zierau and van Wijk, 2008).

### **Conclusión<sup>3</sup>**

Que a migración de datos cambia o obxecto dixital orixinal é algo obvio na conservación dixital. Isto ten implicacións para moitos aspectos fundamentais

da conservación dixital, como a autenticidade, a fiabilidade, a fixeza, a integridade, a dispoñibilidade, a capacidade de representación e a comprensibilidade. Manter sacrosanto o documento orixinal e o seu contexto é un principio básico do arquivado no mundo analóxico, no que ningunha migración de formato se considera aceptable. Unha fotocopia ou unha transcripción dun documento en papel escrito a man por un secretario no século dezaseis son simplemente unha copia e non se considera que poidan substituír de maneira aceptable o orixinal, aínda que poderían ser aceptables como unha copia á que os usuarios dun arquivo poden acceder para reunir a información acerca do contido do documentos que necesiten. Para o conservador dixital, no entanto, cambiar o orixinal aplicando migración de datos pode que sexa o único modo de asegurar a dispoñibilidade, a capacidade de representación e a comprensibilidade do obxecto dixital no futuro. Como contrapunto da seguridade que proporcionan estas tres características críticas debe ponderarse a perda (ou polo menos o incremento da debilidade) da autenticidade, a fiabilidade, a fixeza e a integridade. É pouco probable que o principio básico do arquivado no mundo analóxico sexa sostible no mundo dixital.

O conservador dixital ten que tomar decisións difíciles. Canta perda de autenticidade pode tolerarse? Que aspectos do obxecto son funxibles? Pode a intención do creador do obxecto migrarse xunto cos datos (asumindo que o conservador poida determinar a intención, por suposto)? Por exemplo, se o obxecto dixital orixinal só pode verse utilizando un software caro, propietario, baixo licenza ao que a maioría de usuarios potenciais non terán acceso, entón pode que o obxecto teña que ser migrado a un formato non propietario, o cal é probable que sexa un proceso con perda (danse exemplos no proxecto FACADE («FACADE»). Ademais, o conservador dixital terá que ser consciente de todos os cambios que teñen lugar. Este é un reto moi difícil, porque o software utilizado para crear obxectos dixitais pode ser moi complexo, con moitas características escuras ou arcanas. Sen unha atención dilixente a este reto, sen embargo, os cambios que afectan á autenticidade, a fiabilidade ou a integridade poderían pasar inadvertidos ate que fora demasiado tarde para facer algo relativo ao nivel de cambio. Os arquivados están afeitos a facer xuízos de valor, de maneira moi notable nos procesos de valoración do mundo analóxico. No entanto, o nivel de detalle dos xuízos de valor necesarios nun entorno dixital van moito máis alá do que foi común na práctica arquivística ate a data. Ademais, o método para facer eses xuízos requirirá que o arquivado utilice unha experiencia técnica que aínda non se posúe de maneira xeneralizada na profesión arquivística.



## Referencias

- BEAGRIE, Neil; JONES, Maggie. *Preservation Management of Digital Materials: A Handbook*. London: British Library, 2001. Consulta: 29 de septiembre de 2010. URL: [www.dpconline.org/publications/digital-preservation-handbook](http://www.dpconline.org/publications/digital-preservation-handbook)
- BORGHOFF, U.M. et al. *Long-term Preservation of Digital Documents: Principles and Practices*. Berlin: Springer, 2006.
- BROWN, Adrian. *SELECTING FILE FORMATS FOR LONG-TERM PRESERVATION* (Digital Preservation Guidance Note 1). London: The National Archives, 2008. Consulta: 26 de abril de 2010. URL: [www.nationalarchives.gov.uk/preservation/advice/digital.htm](http://www.nationalarchives.gov.uk/preservation/advice/digital.htm)
- CAPLAN, Priscilla. "The Florida Digital Archive and DAITSS: A Working Preservation Repository Based on Format Migration". En: *International Journal on Digital Libraries*, 2006, v.6, n.4, pp. 305-311.
- DIGITAL CURATION CENTRE. "Tools". Consulta: 27 de diciembre de 2010. URL: [www.dcc.ac.uk/tools/digital-curation-tools](http://www.dcc.ac.uk/tools/digital-curation-tools)
- "DCC Curation Lifecycle Model". Consulta: 27 de diciembre de 2010. URL: [www.dcc.ac.uk/resources/curation-lifecycle-model](http://www.dcc.ac.uk/resources/curation-lifecycle-model)
- "FACADE - Future-proofing Architectural Computer-Aided Design". Consulta: 27 de diciembre de 2010. URL: [facade.mit.edu/](http://facade.mit.edu/)
- FLORIDA DIGITAL ARCHIVE. "Recommended Data Formats for Preservation Purposes in the Florida Digital Archive". Consulta: 26 de abril de 2010. URL: [www.fcla.edu/digitalArchive/pdfs/recFormats.pdf](http://www.fcla.edu/digitalArchive/pdfs/recFormats.pdf)
- FLORIDA DIGITAL ARCHIVE. "Supported and Recognized File Formats". Consulta: 26 de abril de 2010. URL: [www.fcla.edu/digitalArchive/formatInfo.htm](http://www.fcla.edu/digitalArchive/formatInfo.htm)
- HARVEY, Ross. *Digital Curation: A How-To-Do-It Manual*. New York: Neal-Schuman; London: Facet, 2010.
- ICPSR. "Glossary [Normalization]". Consulta: 29 de septiembre de 2010. URL: [www.icpsr.umich.edu/icpsrweb/ICPSR/curation/preservation/glossary.jsp;jsessionid=6D3B89760E01060DB3074628A7AC0DFZ](http://www.icpsr.umich.edu/icpsrweb/ICPSR/curation/preservation/glossary.jsp;jsessionid=6D3B89760E01060DB3074628A7AC0DFZ)
- "IN Rainbows". En: Wikipedia. Consulta: 27 de diciembre de 2010. URL: [en.wikipedia.org/wiki/In\\_Rainbows](http://en.wikipedia.org/wiki/In_Rainbows)
- INSPECT. "Significant Properties and Digital Preservation". Consulta: 29 de septiembre de 2010. URL: [www.significantproperties.org.uk/](http://www.significantproperties.org.uk/)
- INTERNATIONAL ORGANIZATION FOR STANDARDIZATION. *Space Data and Information Transfer Systems—Open Archival Information System—Reference Model*. Standard 14721:2003. Geneva: International Organization for Standardization, 2003.
- InterPARES Project. "Project Overview". Consulta: 27 de diciembre de 2010. URL: [www.interpares.org](http://www.interpares.org)
- LIBRARY OF CONGRESS. "Partner Tools and Services". Consulta: 27 de diciembre de 2010. URL: [www.digitalpreservation.gov/partners/resources/tools/index.html](http://www.digitalpreservation.gov/partners/resources/tools/index.html)
- LORD, Philip; MACDONALD, Alison Macdonald. *e-Science Curation Report: Data Curation for e-Science in the UK: An Audit to Establish Requirements for Future Curation and Provision*. Twickenham: The Digital Archiving Consultancy, 2003. Consulta: 29 de septiembre de 2010. URL: [www.jisc.ac.uk/uploaded\\_documents/e-ScienceReportFinal.pdf](http://www.jisc.ac.uk/uploaded_documents/e-ScienceReportFinal.pdf)
- "The LOUDNESS Wars: Why Music Sounds Worse", All Things Considered, National Public Radio, December 31, 2009. Consulta: 29 de septiembre de 2010. URL: [www.npr.org/templates/story/story.php?storyId=122114058](http://www.npr.org/templates/story/story.php?storyId=122114058)
- McGovern, Nancy. "ICPSR Digital Preservation Policy Framework". Consulta: 29 de septiembre de 2010. URL: [www.icpsr.umich.edu/icpsrweb/ICPSR/curation/preservation/policies/dpp-framework.jsp](http://www.icpsr.umich.edu/icpsrweb/ICPSR/curation/preservation/policies/dpp-framework.jsp)
- NATIONAL ARCHIVES OF AUSTRALIA. "Digital Preservation Software Platform". Consulta: 29 de septiembre de 2010. URL: [dpsp.sourceforge.net/](http://dpsp.sourceforge.net/)
- ROSS, Seamus. "Digital Preservation, Archival Science and Methodological Foundations for Digital Libraries, Keynote Address". En: 11th European Conference on Digital Libraries (ECDL), 2007. Consulta: 29 de septiembre de 2010. URL: [www.ecdl2007.org/Keynote\\_ECDL2007\\_SROSS.pdf](http://www.ecdl2007.org/Keynote_ECDL2007_SROSS.pdf)
- RUSBRIDGE, Chris. "Migration on Request: OpenOffice as a Platform?". Digital Curation Blog, comentario subido el 20 de marzo de 2008. Consulta: 27 de septiembre de 2010. URL: [digitalcuration.blogspot.com/2008/03/migration-on-request-openoffice-as.html](http://digitalcuration.blogspot.com/2008/03/migration-on-request-openoffice-as.html)
- "TRANSFORM". Consulta: 27 de diciembre de 2010. URL: [wvoca.com/r/data/ross/SeqA\\_Transform.htm](http://wvoca.com/r/data/ross/SeqA_Transform.htm)
- UK Data Archive. "Managing and Sharing Data: A Best Practice Guide for Researchers". Consulta: 29 de septiembre de 2010. URL: [www.esds.ac.uk/news/publications/managingsharing.pdf](http://www.esds.ac.uk/news/publications/managingsharing.pdf)
- WOODS, Kam; BROWN, Geoffrey. "Migration Performance for Legacy Data Access." En: *International Journal of Digital Curation*, 2008, v.3, n.2, pp.74–87. Consulta: 26 de abril de 2010. URL: [www.ijdc.net/index.php/ijdc/article/viewFile/88/59](http://www.ijdc.net/index.php/ijdc/article/viewFile/88/59)
- ZIERAU, Eld; van Wijk, Caroline. "The Planets Approach to Migration To

ols". En: IS&T Archiving conference, 2008. Consulta: 29 de septiembre de 2010. URL: [www.planets-project.eu/docs/papers/Archiving2008\\_Zierau\\_Wijk.pdf](http://www.planets-project.eu/docs/papers/Archiving2008_Zierau_Wijk.pdf)

## Notas

---

- <sup>1</sup> Este ensaio está baseado en Harvey, 2010, e foi mellorado polos comentarios de Maurice Bouchard.
- <sup>2</sup> Agradezo aos meus estudantes do curso LIS444 de outono de 2010 do Simmons College que me apuntasen algúns dos exemplos utilizados neste ensaio.
- <sup>3</sup> En esta conclusión estoy profundamente en deuda con los comentarios, usados con permiso, de Maurice Bouchard, un ingeniero informático y estudiante en la *Graduate School of Library and Information Science* de *Simmons College*.

# A macrovaloración no século vinteún: cara un novo marco documental para a memoria pública

**Richard Brown**

Director General, Strategic Research  
Library and Archives Canada

A sociedade, no noso século vinteún, volveuse completamente consciente da utilidade social, económica e para a memoria da información, e o procesamento de recursos de información a alfabetización en medios de comunicación volvéronse fundamentais para a aprendizaxe, o coñecemento e o progreso contemporáneos. Colectivamente, en tanto individuos, grupos e organizacións, na actualidade creamos, proporcionamos, inxerimos e almacenamos información en proporcións e niveis anteriormente inimaxinables, e somos voraces produtores e consumidores de recursos de información. En medio de toda esta produción e consunción, están a comezar a xurdir dúas cuestións moi básicas en relación coa actual e continuada 'relevancia' das institucións —arquivos, bibliotecas, museos *et al.*— tradicionalmente asociadas coa identificación, xestión e conservación de recursos de información, para representar e permitir a memoria pública ao longo do tempo. Primeiro, cal é a relevancia destas institucións nunha sociedade tan cargada de información e de información tan intensiva? E, segundo, como se establecerá e manterá esta relevancia?

Neste ensaio, gustaríame explorar algúns aspectos destas cuestións, con referencia a unha experiencia familiar para todos os arquiteiros: o momento sen rupturas no tempo e no espazo, dentro do proceso de lembranza, no que as comunidades se volven conscientes de, e enfróntanse a, a inestabilidade, a fragilidade e a natureza efémera da memoria pública. É entón cando a sociedade debe tomar decisións acerca da comunicación, a captura, o tratamento e a xestión dos seus recursos de información en relación coas percepcións ou reflexións acerca do seu propósito, o seu valor, a súa utilidade, o seu impacto ou o seu ligado continuados. É entón cando as 'colectividades' deben finalmente, de xeito moi deliberado e consciente, investir en e garantir a conservación de información, inicialmente como activo social ou

económico, e posteriormente como un ben cívico accesible, a memoria pública, que aporta significado á sociedade ao longo do tempo. Aínda que nos círculos arquivísticos xeralmente se considerou que constitúen actos de 'valoración' ou 'adquisición', a este continuo contemplativo espazo-tempo e punto de decisión chamóuselle recentemente o *momento documental* (Brown, Caron, en prensa 2011)¹.

En *Library and Archives Canada*, a macrovaloración é realmente a rúbrica dun programa moi amplo que se refire ás teorías, estratexias, metodoloxías e procesos empregados pola institución para desempeñar os seus roles e responsabilidades con respecto á valoración e selección de documentos gobernamentais e ministeriais, notablemente para desenvolver e recomendar Normas de Valoración e Selección de Documentos para a súa aprobación polo bibliotecario e arquivista. Estas normas son promulgadas polo bibliotecario e arquivista para proporcionar ás institucións de goberno permiso legal para seleccionar os documentos que xa non teñen utilidade operativa, e para requirir a transferencias dos documentos dos que se determina que teñen valor arquivístico ou histórico á custodia o o control de *Library and Archives Canada* baixo os termos e condicións de acordos negociados. Neste senso, a macrovaloración representa unha manifestación codificada do momento dentro do contexto operativo da administración pública na medida na que:

- Representa un significativo punto de decisión dentro dun continuo particular de recursos de información baseado nun conxunto particular de proposicións de valor.
- Os resultados da toma de decisións posteriormente conducen á construción e á constitución da memoria pública.

A 'aproximación da macrovaloración' á valoración e selección de documentos gobernamentais e ministeriais foi introducida por primeira vez en 1991 polo anterior Arquivo Nacional de Canadá para abordar cuestións de responsabilidade, de política e operativas baixo a nova lexislación que o habilitaba para iso. Dende ese momento, e dende diversas perspectivas metodolóxicas e administrativas, evolucionou substancialmente mediante varias fases de novas reparticións de papeis e de reenxeñería. E unha vez máis hoxe en día, existen algunhas importantes cuestións emerxentes acerca da capacidade continuada da macrovaloración para sustentar os obxectivos estratéxicos de LAC na realización dos seus roles e responsabilidades, en canto o sitio institucional da memoria corporativa e histórica do Goberno de Canadá.

Este ensaio discutirá a macrovaloración á luz dos retos presentados pola Era Dixital, incluídas a transformación social, as novas tecnoloxías da infor-

mación e as comunicacións, e a nova volumetría dos recursos de información. Ponderará se este novo contexto socio-tecnolóxico require algún correspondente cambio filosófico ou metodolóxico na estratexia actual. Enlazando con esta discusión, o ensaio tamén se referirá ao desenvolvemento e á implantación dunha nova xestión pública dentro do Goberno de Canadá, mediante unha nova arquitectura de empresa, modelos de gobernanza cooperativa e interacción cidadán-estado enfocada no cliente; e a que significa potencialmente o impacto desta transición para a macrovaloración e a valoración e selección de información do sector público en xeral. Á luz destes cambios, seguen a servir as actuais perspectivas documentais e os resultados desexados da macrovaloración á constitución dunha memoria pública representativa que satisfaga as expectativas contemporáneas e a longo prazo, institucionais e públicas? Comeza a cambiar o concepto de 'valor documental' dentro do marco estratéxico existente e dos obxectivos da macrovaloración, o marco e os obxectivos mesmos requiren ser re-calibrados?

### **Unha ollada dentro da infosfera dixital (Floridi, 2009)<sup>2</sup>**

En opinión dalgúns expertos recentes no asuntos da Internet, Google ou "nos está a facer estúpidos" (Carr, 2008) ou "nos está a facer máis intelixentes" (Cascio, 2009)<sup>3</sup>. Dependendo de a quen ou o que lea vostede —e algúns observadores suxerirían que xa non 'lemos' no senso tradicional, senón que unicamente 'escaneamos' información simplemente para identificar e inxerir información destilada a partir de recursos máis grandes de información mantidos en contedores de información ou redes aínda máis grandes— na Era Dixital tamén representa ou o fin ou o comezo do esquecemento. (Rosen, 2010; Bearman, 1994)<sup>4</sup>. Aparentemente, é unha era con capacidade para construír unha infraestrutura de 'lembianza total' mediante unha e-memoria sostida pola intelixencia artificial e por servizos de *cloud computing* dentro do espazo da web semántica (tamén coñecida como Web 3.0) (Bell, Gemell, 2009)<sup>5</sup>; ou alternativamente, é unha era que seguirá requirindo intervención humana e procesamento interactivo intelixente dentro de redes ambientais e o espazo da web participativa (tamén coñecida como Web 2.0) para producir e refinar coñecemento e memoria continua e acumulativamente ao longo do tempo (Floridi, 2009 (b), especialmente, S.6).

É tamén unha era de produtividade e volumetría de recursos de información superabundantes, o alcance, a escala e as dimensións dos cales estanse a expandir nunha taxa de progresión que esgota a comprensión básica. Grazas á web e ás súas sempre expansivas capas de aplicación e contido, así como a outras redes afiliadas, ás facultades para establecer vínculos de comu-

nicacións e de difusión, o mundo está agora no medio do que os expertos en informática chaman unha “exainundación” (de exabytes). As correspondentes analoxías para explicar a evolución en tamaño e extensión do depósito global de coñecemento son interesantes e informativas, no senso metafórico, sendo a máis recente o Wikibon iStack. De acordo co contexto que rodea esta imaxe, a cantidade estimada no actual (2010) universo dixital acadou 1,2 zetabytes, aparentemente o suficiente para encher 75 billóns de iPads de Apple de 16 GB completamente cargadas, con un iStack resultante capaz de cubrir toda a superficie do campo de fútbol do Estadio Wembley de Londres, estendéndose aproximadamente 339 millas no ceo e chegando máis alá dos límites da Exosfera (Wikibon Blog, 2010; Ganz, 2007; Palfrey, Gasser, 2008; Swanson, 2007)<sup>6</sup>. Con independencia de que cálculos se acepten, ou a natureza da imaxe e os criterios que se usen, en que ano se tomou a medida —e calquera porcentaxe de información que poida ser considerada redundante ou duplicada— a “produtividade” é prodixiosa e continuamente acelerada; excede o espazo de almacenamento dispoñible tanto a nivel xeral como local en certo número de casos; e xeralmente hai en vigor moi poucos determinantes recoñecidos, socio-económicos ou doutro tipo, que permitan a diferenciación de recursos de información para os efectos de decidir a súa persistencia, conservación, ‘recuperabilidade’ ou valoración e selección continuadas, baseándose en criterios de valor.

Esencialmente, a web representa o ‘caos’ semántico e epistemolóxico, especialmente dende as perspectivas do desenvolvemento de recursos de información do sector público e da conservación da memoria pública. Por difícil de maneira sinxela, estase a producir unha enorme cantidade de información, algunha dela ten valor significativo como capital intelectual ou para a memoria, pero moita ten valor temporal, mínimo, ou ningún en absoluto, os custos de xestionar (non necesariamente de almacenar) información volvéronse exorbitantes, e colectivamente, en canto sociedade, non estamos realmente seguros de que facer con respecto a esta situación, que sexa distinto de constante e continuamente pulsar o botón “gardar” para mantelo todo, a falta de capacidade para tomar decisións (Brown, Caron, en prensa, 2011)<sup>7</sup>. Desafortunadamente neste caso, como se fixo notar hai varios anos, a Era Dixital tamén sinal o ‘fin’ da Era ‘da colección’, tal e como adoitabamos comprendela no entorno analóxico, que certamente acumulaba indiscriminadamente recursos de información (NARA, 2010; y Cox, 2002, 87-309)<sup>8</sup>. A sociedade terá que determinar os modos e os medios para identificar recursos de información de valor documental continuado para os efectos da súa conservación durante certos períodos de tempo, e para eliminar a súa información ‘lixo’.

Dentro da infosfera dixital, algúns académicos suxiren que pode que a natureza, o alcance e as dimensións da memoria existan agora dentro dun estado de absoluta 'atemporalidade' dixital (Floridi, 2009 (b), especialmente S.6). En efecto, cando o historiador francés Pierre Nora escribiu (1989) acerca da "aceleración da historia" e da "conquista e erradicación da memoria pola historia" mediante a moderna 'cuantificación' e a correspondente preocupación pola auto-consciencia e o auto-coñecemento contemporáneos, non podía imaxinar ate que punto a sociedade adoptaría finalmente a súa noción de aceleración histórica (Nora, 1989, 7-24). Nun mundo que deveu quintaesencialmente auto-documental, xa non nos damos por satisfeitos unicamente co presente ou co pasado. Na infosfera dixital de hoxe en día, corporacións xigantescas como Google ou Microsoft, que utilizan a inimaxinable masa dos seus datos almacenados e un enorme poder en informática distribuída, xa están a levar a cabo 'análises de tendencias temporais' para predicir e analizar eventos futuros. Imaxinen. A aplicación de Google (*Recorded Future*) xa está a acelerar a historia, anticipando o futuro e identificando os documentos que serán necesarios para comprendelo. Isto inclúe o despregue dos novos (así chamados) "poderes psíquicos" de Google (*Google Instant*), destinados a facer de Google "a terceira parte do cerebro" predi-cindo as peticións de busca na Internet e amosando os resultados tan axiña como un comece a escribir e axustando os resultados a media que se introduzan letras de maneira sucesiva (Cain Miller, 2010). En efecto, dentro da infosfera dixital todo acerca, arredor e dentro do contexto e da constitución da memoria está a cambiar e medrar en complexidade. Por exemplo, se o momento documental é enteiramente activo, presente e transitorio no 'agora' inmediatamente dixital, e o longo momento analóxico dun tempo e un espazo contemplativos é (aparentemente) maior na teoría e na práctica, o momento documental, potencialmente, tamén proxecta e alonga —máis que contrae— o seu tempo e espazo cara adiante nunha continua toma de decisións en un continuo aprovisionamento de conservación da memoria sobre unha base anticipatoria ou predictiva (Brothman, 2010, 141-189)<sup>9</sup>.

En todo isto —e aquí só estamos a rascar a superficie núa dos cambios e as súas cuestións relacionadas— un podería inclinarse a concluír que o futuro parece tanto difícil como incerto para as institucións tradicionais da memoria, como o arquivo. A visibilidade institucional é un problema, e algo di certamente o feito de que nalgunhas das principais obras recentes que anticipan a chegada e discuten as primeiras etapas evolutivas da Era Dixital, por exemplo na masiva e imponente colección de ensaios en catro volumes editada por Robin Mansell, *The Information Society*, a palabra 'arquivo' nunca se utiliza nin se fai referencia a ela por parte de ningún dos autores que contribúen á

mesma (e para o caso tampouco a palabra 'conservación') (Mansell, 2009; Castells, 2000). Un pregúntase se a perda de visibilidade é unha mera coincidencia con, ou está casualmente vinculada dalgún modo, á perda dun monopolio *de facto* anteriormente exercido sobre a constitución e a mediación da memoria pública polos arquivos, as bibliotecas e os museos. Durante polo menos douscentos anos, ate o século vinteún, e podería dicirse que máis, este monopolio institucional xeneralizado mantívose mediante a case exclusiva identificación, selección, custodia, control, organización, ordenación e descrición de información, coñecemento e recursos culturais considerados como 'coñecemento cívico'. No seu apoxeo a mediados do século vinte, practicamente se estendía a todo elemento que se poida concibir ou establecer, sinalar, sistematizar, iluminar e presentar a memoria pública mediante intervencións institucionais e vocacionais, incluída a determinación da súa forma, estrutura, contido, conservación, discurso, significado e accesibilidade.

Coa introdución e a rápida evolución das tecnoloxías da información e as comunicacións e dos soportes dixitais, que estiveron a avanzar dende os anos noventa, no entanto, emerxeron novos poderes, novas fontes, novos axentes para habilitar e novos distribuidores de información que expanden a natureza, a escala, e as dimensións da determinación e da mediación da memoria en relación coa súa formulación, a súa interpretación e o seu significado. Estas forzas están a desprazar a paisaxe da memoria pública dende experiencias controladas, ordenadas, formais, e relacións limitadas establecidas dentro do espazo físico de depósitos oficiais e de comunicacións analóxicas cara experiencias incontroladas, desordenadas, informais na ilimitada relatividade do ciberespazo, permitidas pola web e polas redes sociais. Estas tamén están a cambiar de maneira fundamental a entorno operativa da memoria pública e as súas 'regras' de compromiso, primeiramente:

- Mercantilizando e comercializando os recursos de información e culturais para proporcionar coñecemento aos consumidores a unha escala anteriormente sen paralelo e inimaxinable.
- Comprometendo e habilitando a participación dos consumidores de coñecemento simultaneamente na creación, produción e conformación do contido e do contexto de maneira co-extensiva sobre unha base transaccional (*ergo* a noción de 'produsuarios', isto é, individuos, grupos e organizacións son de maneira coincidente usuarios e produtores de información).
- Establecendo ou facilitando novas formas de intermediación dixital, isto é, sitios web, redes, medios sociais, 'nubes' informáticas, enxeños de 'etiquetado e enlace', '*mashups*', '*blogs*', etc. Especificar, capturar, conservar e distribuír os bens cívicos da memoria pública segue a ser unha función



socio-económica central, pero se converteu nun sub-conxunto dunha máis ampla 'actividade' de memoria híbrida na que os anteriores monopolistas foron reducidos ao estatus de participantes, colaboradores ou competidores nun 'espazomercado' moi grande, dinámico e conxestionado.

Máis probelmática para o arquivo, creo, é a recente re-concepción de Luciano Floridi (2009) do 'ciclo de vida' da información dentro da infosfera dixital, que segue baseándose en e reflexionando sobre as nocións de memoria en rede ou participativa ou ontolóxica ou xenerativa, propostas e discutidas por unha serie de analistas, observadores e usuarios web. No modelo particular de Floridi do continuo de memoria web participativa-xenerativa, non existe compoñente de conservación, no senso tradicional do seu funcionamento ou significado. Máis ben, dende o seu punto de vista, a conservación constitúe unha "función de reciclaxe", sendo a idea o que calquera información importante seguirá a ser persistente dentro da nube informática mediante un proceso de creación, colección, almacenamento, distribución, consunción, readaptación e reciclaxe durante tanto tempo como siga a ser útil ou relevante para os 'inforgs' —os 'organismos de información' que habitan a infosfera dixital— e está se non suxeita *de facto* á destrución deliberada ou borrado accidental pola súa manifesta irrelevancia, isto é, o da memoria é un concepto transitorio de información continuamente en evolución enmarcada polo seu uso e a súa relevancia contemporáneos: non é resistente, senón 'perecedoira' ou 'reciclable' (Floridi, 2009). En efecto, para moitos observadores que actualmente escriben acerca da información no entorno dixital, 'arquivo' converteuse en gran medida nunha palabra morta en un concepto morto; é simplemente un proceso nuns sistema de información informatizado entendido polos usuarios como a función temporal 'salvar' ou 'gardar'. Dende a perspectiva pura das tecnoloxías da información, a funcionalidade de salvar ou gardar non está investida de ningún significado semántico relativo a unha decisión consciente tomada ou polo creador ou polo usuario acerca do valor do obxecto ou do recurso de información mesmo. É só parte dun proceso de información maior. Dende a perspectiva da conservación —ou a readaptación ou o reciclase no contexto de Floridi— o valor da información está tipicamente vinculado a unha memoria transaccional ou espontánea de natureza transitoria. Noutras palabras, non existen proposicións de valor para os recursos de información dentro da infosfera dixital máis alá da relevancia taxonómica ou folksonómica contemporánea e a utilidade económica orientada polo mercado. En tal entorno de memoria fluída, cales son incentivos para investir na conservación incremental de memoria estática ou rexistrada a longo prazo e ao longo do tempo? Cando é ade-

cuado facelo? Cales son as expectativas públicas no que se refire a este contexto permanente de memoria?

Aínda así o concepto de arquivo e a conservación intencional da memoria rexistrada a longo prazo persisten dende diversas perspectivas sociais, históricas e arqueolóxicas. Seguen a permanecer intactos e críticos para académicos que escribiron e están a escribir acerca da sociedade, de teoría social, de epistemoloxías social e agora de transformación social, incluído o impacto das novas tecnoloxías da información e das comunicacións e dos medios sociais sobre a estrutura social, a organización, a acción e a condición humana en xeral. Abondan as etiquetas para este fenómeno de ‘lebranza social’ no curso dun longo ‘momento documental’, p. ex., memorial cultural, memoria retrospectiva, memoria histórica, memoria colectiva e incluso memoria resistente ou perpetua. Ultimamente, en *Library and Archives Canada*, estivemos a articular a conservación do que a nosa lexislación nacional chama “patrimonio documental” como unha manifestación de identificación, selección e descrición dos “bens cívicos da memoria pública” (Caron, 2010)<sup>10</sup>.

Se se observan os roles e as responsabilidades do arquivo dentro do contexto da administración pública e do goberno —que é esencialmente o enfoque deste ensaio— a conservación a longo prazo de ‘memoria estatal’ auténtica, fiable e recuperable tamén se converteu nun compoñente fundamental da responsabilidade administrativa do século vinteún, consonte cunha gobernanza transparente, unha administración corporativa eficaz e un eficaz subministro de programas e servizos aos cidadáns mediante empresas de servizos públicos. Durante moito tempo, dende a Alta Idade Media, os produtos e as funcións administrativas da chancelería e das axencias centrais foron evolucionando; hoxe en día a produción e a conservación da *causa materials* documental do estado e da súa administración pública de forma aberta e accesible —especialmente en relación co desenvolvemento de políticas, a toma de decisións e as relacións interactivas entre os cidadáns e a maquinaria do goberno— son cada vez máis centrais para a constitución e o mantemento dun consenso democrático concibido baixo o Estado de dereito. Neste contexto, estamos a falar do arquivo como unha das localizacións esenciais do poder do estado e da manifestación de autoridade mediante a súa posesión e o seu control sobre as formas da evidencia documental. Como Jacques Derrida fixo notar unha vez con perspicacia acerca desta íntima relación administrativa *non hai poder político sen control do arquivo, cando non da memoria* (Derrida, 1998).

O procesamento de coñecemento e de recursos de información temporal e transaccional executado dentro do ciberespacio pode que satisfaga, ou pode que non, os requisitos de memoria dos creadores, consumidores, ‘produ-

suarios', 'inforgs' de información e outros 'nativos dixitais' que habitan a infosfera dixital; no entanto, a lembranza transitoria non serve para o desenvolvemento e a comprensión da memoria social, a epistemoloxía social e a historia de maneira continua ao longo do tempo, nin representa nin satisfai ningunha das condicións da memoria, as normas de documentación ou as normas de xestión de documentos que se requiren para a administración pública e a gobernanza contemporáneas dentro dun estado de dereito, incluídas as regras de evidencia e procedemento dentro dos sistemas legais. Nestes ámbitos particulares da memoria, indícase e espérase un resultado diferente, isto é, a creación, a captura e a conservación de memoria a longo prazo auténtica, fiable e compilada de maneira incremental, apoiada por metadatos de validación, isto é, o que serve como evidencia documental persistente, durable e accesible que teña permanencia substantiva ao longo do tempo. O reto actual é o feito de que unha combinación dos contextos e as circunstancias contemporáneas, tanto directa como indirectamente vinculados, converteu en cada vez máis problemática dentro do entorno dixital a conservación de evidencia documental a longo prazo.

Durante o recente desenvolvemento e a introdución dun novo réxime regulador da xestión de documentos no Goberno de Canadá, a investigación emprendida por LAC recoñeceu que a xestión da información do sector público e a conservación a longo prazo da 'memoria estatal' ou corporativa do goberno fisicamente dentro, ou virtualmente baixo, o control dun depósito organizativo ou un servizo de depósito na nube tiña necesariamente asociados algúns compoñentes de tecnoloxías da información (TIC) E algunhas cuestións relacionadas coa infraestrutura que as habilitaba. A nosa principal conclusión, sen embargo, —e esta determinación influíu moito na discusión relativa ao contido 'regulador' dentro do que se converteu oficialmente na Directiva de Xestión de Documentos do Goberno de Canadá en 2009 — foi que os departamentos e as axencias tiñan que abordar unha emerxente e en rápido aumento crise de valores da información, establecendo normas de documentación para as actividades dos seus programas e servizos directamente vinculados á arquitectura de xestión institucional (e notablemente non á arquitectura TIC nun primeiro nivel de exemplificación), isto é, a solución ao que era esencialmente un problema intelectual —a articulación do valor de xestión para os recursos de información dentro do contexto da administración pública— non podía e non debería estar orientado nin ser resolvido polas TIC (Treasury Board of Canada Secretariat, 1984, 1994, 2000, 2007; Office of the Auditor General of Canada, 1994, 1996)<sup>11</sup>. De maneira coincidente, a nosa investigación tamén indicaba que a natureza da crise de valores da información tiña un certo número de dimensións e atributos que

a animaban, notablemente a natureza, o alcance e a escala da produción de información en termos dunha volumetría abafante e da extensa perda de custodia e de control organizativos sobre información concibida e considerada como recurso para a xestión. Os tributos da procedencia dentro das redes de información —que proporcionan e apoian a negociación coas fontes de orixe/autoridade administrativas ou doutro tipo para os efectos de conservar a memoria a nivel institucional ou organizativo dentro do contexto da macrovaloración— tamén deviñeron problemáticos (Brown, 1995, 121-172)<sup>12</sup>.

De importancia crítica e fundamental, no entanto, era a conspicua ausencia de proposicións de valor adecuadas e actualizadas que fixeran posible a creación, a captura, a xestión e a valoración e a selección de recursos de información dentro de departamentos e axencias individuais, e en xeral en todo o goberno. En terminoloxías arquivística, ao goberno faltáballe unha estratexia, unha metodoloxía e os correspondentes criterios para ponderar o valor dos seus recursos de información para os efectos de levar a cabo as súas actividades públicas. Mediante a Directiva de Xestión de Documentos, o primeiro paso cara a resolución deste problema foi requirir aos departamentos e ás axencias que identificaran e aseguraran a creación de recursos de información que tivesen valor de xestión (Treasury Board of Canada Secretariat, 2009). Con este paso actualmente en marcha e en fase de cumprimento e implantación, pode a extensión dos principios da macrovaloración ao contexto institucional de xestión de documentos axudar o goberno a establecer o valor de xestión dos seus recurso de información? Como veremos posteriormente, o comezo da resposta a esta pregunta é un si 'cualificado'.

### **Dous contos sobre a crise e o Manifesto da Macrovaloración**

En *Library and Archives Canada*, a introdución dos novos principios e conceptos da valoración dos documentos do goberno comezou dentro do contexto de discusións internas e externas acerca da reforma da valoración a fins dos anos oitenta e comezos dos noventa. Se se observan a posteriori as discusións internas, pódense identificar un certo número de factores que contribuíron ao inicio dun 'movemento de reforma' do dominio local, que posteriormente conduciu á transformación dos fins, obxectivos, criterios e procesos da valoración da institución, determinando colectivamente o estatus e a valoración e a selección da información do sector público. Unha descrición das circunstancias ambientais que conduciron orixinariamente ao Arquivo Nacional a propoñer a estratexia da macrovaloración para a valoración e a selección de documentos públicos foi detallada nun certo número de artigos e ensaios; no entanto, para os efectos de establecer o contexto e os víncu-

los evolutivos de continuidade relativos á progresión da macrovaloración na Era Dixital, merece a pena resumir os principais factores que sitúan as orixes prácticas e os seus inicios teóricos (Cook, 2005, 101-161; Brown, 2000, 15-32; Brown, 1999, 113-122; Brown, 1998, 51-65; Brown, 1991-1992, 34-56; Brown, 1991, 152-156)<sup>13</sup>. Algúns destes factores seguen a permanecer intactos e relevantes hoxe en día dentro do entorno dixital e a súa migración circunstancial cara o futuro segue a requiren formas de intervención estratéxica, se ben de natureza, perspectiva e constitución algo diferentes ás anteriores proposicións e resolucións. Chamada formalmente o *Government-Wide Plan for the Disposition of Records*, a estratexia canadense de macrovaloración foi articulada en gran medida como resposta ás recomendacións e directrices contidas nunha serie de estudos internos, auditorías e declaracións de estratexia. Estas foron orixinalmente concibidas e desenvolvidas primeiramente para abordar diversas cuestións práctico-loxísticas concernentes aos fins e obxectivos respecto ao patrimonio e á memoria do anterior Arquivo Nacional, así como a outros roles e responsabilidades á luz das novas leis e políticas sobre información promulgadas polo goberno federal ao longo da década dos oitenta, incluídas a *Access to Information Act* y la *Privacy Act* (1983), a nova lexislación nacional arquivística de 1987 (a *National Archives of Canada Act*), e a introdución por parte do Secretariado da Xunta do Tesouro da política *Management of Government Information Holdings* (1988) (Nelson, 1995; Treasury Board of Canada Secretariat, 1994)<sup>14</sup>. En efecto, o Arquivo Nacional de Canadá decidiu examinar o seu funcionamento corporativo con vistas á mellora da provisión de programas e servizos, como institución nacional que conserva o patrimonio documental e como axencia central que facilita a xestión de documentos gobernamentais con responsabilidades, poderes e autorizacións estatutarios específicos, relativos á súa valoración, selección ou destrución. No camiño, apareceron algunhas significativas revelacións e resolucións acerca do valor arquivístico e histórico dos documentos públicos e a identificación e determinación destas 'calidades'. Estas revelacións e resolucións atoparían unha codificación estratéxica, metodolóxica e de xestión nun corpo de teorías e procesos ao que chamo o *Manifesto da Macrovaloración*.

### **O primeiro conto: a crise dos valores arquivísticos e históricos**

Gran parte do debate e da discusión institucionais enfocáronse inicialmente sobre os roles e as responsabilidades do Arquivo Nacional dentro do proceso de 'establecer calendarios de documentos' do goberno, isto é, dentro do marco tradicional de xestión da información. De feito, a nova *suite* de lexis-

lación e políticas de información dos anos oitenta situara o arquivo de maneira vantaxosa dentro do ciclo de vida da información do goberno, na medida en que a xestión da información na súa fase final de valoración e selección requiría agora a autorización formal do Arquivo Nacional. Isto capacitou ao Arquivo para intervir de maneira positiva e proactiva no proceso de xestión da información para conservar documentos arquivísticos e históricos, dado que:

- Ningún documento do goberno podía destruírse sen o consentimento escrito do arquivista nacional.
- O arquivista nacional tamén tiña autoridade para identificar os documentos arquivísticos e históricos e para requirir a súa transferencia ao Arquivo Nacional. Alternativamente, estas 'intervencións' tiveron consecuencias, de maneira notable que os correspondentes 'calendarios de documentos' departamentais tamén tiñan que ser autorizados. Isto vinculou a valoración e a selección de documentos dentro dos departamentos e das axencias directamente coa toma de decisións dentro do proceso de valoración arquivística. Inadvertidamente en un curso rápido este vínculo sumiu o Arquivo Nacional nunha crise de valores arquivísticos e históricos.

Para resumir a situación de maneira breve, a demanda por parte dos departamentos e das axencias da autorización do Arquivo Nacional para dispoñer dos documentos —en forma de permiso formal escrito que proporcionaba ás institucións do goberno capacidade para proceder á implantación dos seus 'calendarios de documentos'— excede rapidamente a capacidade do AN de dúas maneiras. Primeiro, naquel momento (c. 1990) realmente non había en vigor ningún proceso formal dentro do goberno que previse o proceso de valoración e selección dos documentos do goberno como unha actividade de petición e aprobación entre o Arquivo Nacional e os departamentos. O proceso de valoración e selección dos documentos do goberno tiña que crearse, e necesitaría un intervalo de 4-5 anos de experimentación, investigación e desenvolvemento, antes de que algo satisfactorio e robusto comezara a emerxer de maneira codificada.

Isto incluíría finalmente todos os elementos e pasos administrativos requiridos para xestionar a valoración e a selección dos documentos do goberno e a valoración arquivística, agora vinculadas nunha soa transacción (la concesión de autorización), incluídos o desenvolvemento e a xestión de peticións de selección de documentos departamentais, os correspondentes informes de valoración arquivística, os instrumentos para a autorización da valoración e selección de documentos, os acordos de valoración e selección de docu-

mentos, os termos e condicións dos acordos para a transferencia dos documentos con valor arquivístico, etc.; e finalmente pero non en menor grao, a creación dun secretariado armado coa capacidade de supervisión administrativa e de planificación mediante ferramentas automatizadas de xestión de proxectos. E non só o Arquivo Nacional tiña que desenvolver e implantar todos os procesos, os instrumentos e a infraestrutura administrativa practicamente dende 'cerco'; todo o paquete tiña que ser negociado e acordado tamén cos departamentos baixo os auspicios da política de xestión da información da axencia central (en Canadá o Secretariado da Xunta do Tesouro é a axencia central responsable da política administrativa aplicable a todos os departamentos). A pesar de ser o axente que autorizaba dentro do proceso de valoración e selección de documentos do goberno, o arquivista nacional non estaba en posición de actuar unilateralmente. En calquera caso, non sería prudente facelo. Como queira que finalmente o Arquivo Nacional desenvolvería a teoría, a metodoloxía e os criterios de valoración arquivística, todo se tiña que poder implantar na práctica, e isto requiriría necesariamente a cooperación dos departamentos e do Secretariado da Xunta do Tesouro.

Non quero estenderme no procedemento administrativo e no proceso da macrovaloración, pero é unha parte tan importante do actual programa de valoración e selección de documentos do goberno de LAC como os elementos e as características asociados á política da súa teoría, a súa metodoloxía e os seus criterios de valoración, cos que a maioría do mundo arquivístico está agora familiarizado. Non podo salientar en demasía os importantes que foron a creación, o desenvolvemento e a adaptación continuados de eficacia administrativa e de xestión na nosa articulación e na nosa implantación do contido intelectual da macrovaloración ao longo do tempo, nin o modo en que a mellora das actividades segue a animar os desenvolvementos dentro do contexto da xestión de documentos gobernamentais hoxe en día na LAC. Nos primeiros anos, o Arquivo Nacional proporcionou de maneira moi deliberada á macrovaloración un forte fundamento en planificación de xestión de proxectos, análises de sistemas de información e calendarios de actividades de valoración, informes de decisións, seguimento de documentos, negociación co cliente, e rendición de contas e/ou sinatura de instrumentos e aprobacións. O noso punto de vista actual é que a constitución e a construción da memoria pública (ou 'estatal') —como calquera outro elemento da empresa pública— debe estar baseada en políticas e apoiada por procesos lóxicos e procedementos administrativos. De feito, isto representa un elemento clave dentro do *mantra* da modernización institucional baixo o noso novo bibliotecario e arquivista, isto é, a articulación e a conservación da memoria pública é un obxectivo da política pública e implántase dentro do con-

texto da administración pública (Caron, 2010 (c); Caron, 2010, (a); Caron, 2010, (b)). En consecuencia, debemos ter capacidade para ser predicibles, medibles e responsables en relación cos resultados. Inicialmente comezamos a aprender esta lección durante os anos noventa do século vinte, e dende entón deveu unha parte esencial do manifesto da macrovaloración, e continúa a evolucionar 20 anos despois do seu comezo. De maneira significativa, tamén ten moito que ver co modo en que o anterior Arquivo Nacional comezou a abordar o outro problema ao que se enfrontaba no medio das crise de valores arquivísticos e históricos: a conspicua ausencia de estratexias, metodoloxías e criterios de valoración.

Aínda que gran parte da discusión inicial se enfocou sobre as liñas de xestión para a provisión de programas e servizos, tal e como se esbozou máis arriba —sendo neste caso o iniciador a presión exercida polos departamentos e as axencias para obter autorizacións de valoración e selección— pronto se fixo evidente que había outras cuestións que requirían resolución, moitas notablemente conectadas coa ponderación dos elementos do goberno para establecer o seu valor arquivístico ou histórico, isto é, a outra cadea do vínculo coa valoración e selección dos documentos do goberno, expresada mediante a concesión de autorización. Tipicamente, no Arquivo Nacional, (e como eu o experimentei persoalmente) durante os anos oitenta, e como practicamente en calquera outro lugar no mundo arquivístico —especialmente en Norteamérica— a determinación do valor arquivístico ou histórico en relación cos documentos do goberno consistía en gran medida nunha avaliación pseudo-histórica do contido informativo que contiñan os documentos, xa seguindo, xa aplicando de maneira flexible interpretacións, dos criterios de valoración que foran desenvolvidos e obtiveran o estatus de case codificación dentro da profesión arquivística durante un período de 50 anos, máis ou menos dende os anos trinta do século vinte. Dende unha perspectiva intelectual, a expresión seminal e máis convincente destes criterios foi desenvolvida polo arquivista americano Theodore Schellenberg nos anos cincuenta e comezos dos sesenta do século vinte, e o pensamento e as ideas de Schellenberg influíron no contido de moitos dos manuais de valoración producidos nos Estados Unidos e noutros lugares durante os anos setenta do século vinte e despois (e continúan a facelo hoxe en día)(Cook, 1997, 17-63). No Arquivo Nacional de Canadá, utilizando elementos da 'guía' de Schellenberg e proposicións contidas noutros variados manuais de valoración derivados (incluídos manuais de xestión de documentos), os arquivistas examinaban tipicamente os documentos expediente por expediente ou documento por documento para estar certos dos seus valores de evidencia, informativos, para a investigación histórica, legais, fiscais e outros valores secun-



darios (en tanto opostos ao seu valor administrativo primario como documentos de xestión), incluso incluído o seu evidente valor ‘intrínseco’.

Como a incapacidade para enfrontarse ás demandas departamentais de autorizacións de valoración e selección de documentos, e o recoñecemento dun ‘proceso de valoración’ libremente baseado na taxonomía de valores de Schellenberg —e que chegaba a ter unha intuición pseudo-histórica altamente subxectiva— estaban inhibindo o progreso na valoración e selección de documentos como unha materia horizontal de política pública, o Arquivo Nacional comezou a ponderar e a analizar os resultados acumulados da súa aproximación á determinación do valor arquivístico e histórico en relación cos documentos do goberno que estaba a adquirir (e que adquiriu ao longo do tempo). De maneira rápida chegou a algunhas importantes conclusións:

- Tanto a taxa de inxesta como a extensión física dos documentos de arquivo gobernamentais conservados polo AN estaban a medrar a un ritmo cada vez máis alarmante.
- Unha significativa proporción destes documentos, ou contiñan información xenericamente duplicada, ou consistían ademais en expedientes repetitivos e en gran medida homoxéneos relativos a transaccións de programas e servizos básicos do goberno.
- Os documentos importantes da actividade do goberno aos niveis máis altos de formulación de políticas, toma de decisións e xestión de programas só se estaban a transferir ao AN de maneira esporádica, coincidindo cunha desproporcionada representación arquivística e unha adquisición de documentos que documentaban actividades de baixo nivel, burocráticas.
- A natureza das actividades do goberno evolucionara significativamente dende o as anos sesenta do século vinte, cambiando no último extremo a natureza da documentación que creaba e xestionaba, e dando como resultado o que nominalmente pasaba por criterios de valoración arquivística en gran medida inadecuados ou ineficaces.
- Non existía coherencia nin constancia na natureza da toma de decisións sobre valoración a nivel operativo de implantación (variaba de persoa a persoa ou de aplicación a aplicación).
- O volume de documentos producidos ou acumulados polo goberno medrara en tal medida que xa non era factible ponderar o seu valor arquivístico expediente por expediente nin documento por documento.

De feito, as circunstancias volvéranse completamente insostibles, na medida en que os documentos do goberno estaban a ser adquiridos polo Ar-

quivo Nacional baixo un proceso de 'retención selectiva', isto é, a decisión real acerca do seu valor arquivístico ou histórico estíbese pospoñendo a unha data posterior para satisfacer o requisito administrativo inmediato de producir normas de valoración e selección de documentos para os departamentos e as axencias. Con independencia dos 'resultados intelectuais' e das cada vez máis dubidasas natureza e constitución da memoria pública obtida mediante a aplicación dunha taxonomía de valores de información á produción e aos produtos documentais do goberno, o proceso de valoración era enormemente incómodo e lento. De maneira moi clara, o 'sistema' que o Arquivo Nacional utilizaba para ponderar o valor dos documentos do goberno para os efectos da súa conservación a longo prazo non era un sistema en absoluto, e a institución estaba a fracasar en satisfacer os novos requisitos da lexislación que a capacitaba e lle encargaba a valoración e a selección dos documentos do goberno. Ademais, algunhas das decisións recentes do AN acerca do valor arquivístico ou histórico e a conservación de certos documentos do goberno estaban a ser cuestionadas por autoridades externas á institución (por moi bos motivos), e había moi pouca lóxica nin documentación para racionalizar estas decisións de maneira satisfactoria e responsable (Cook, 2002, 37-65)<sup>15</sup>. A posteriori, tense unha visión máis relaxada das cousas, e hoxe en día podemos recoñecer que o anterior Arquivo Nacional estaba bloqueada nunha forma de valoración arquivística que era tanto altamente subxectiva como altamente ineficaz, porque descansaba case por completo na artesanía intuitiva de arquivistas profesionais que traballaban unilateral e individualmente, e en gran medida sen que a través dunha estratexia, unha metodoloxía e uns criterios de valoración se lles proporcionara guía institucional. A crise de valores arquivísticos e históricos que isto causou foi aguda, e esixía unha acción drástica. No curso da década seguinte, emerxería un corpo de pensamento crítico sobre a valoración que atoparía tanto codificación como implantación práctica.

### **O Manifesto da Macrovaloración**

Chamo á macrovaloración un *manifesto* porque xe xerou mediante declaracións moi claras, fortes e centrais de intención de política en relación co modo en que se establecería o valor arquivístico e histórico dos documentos do goberno por parte do Arquivo Nacional, conforme o tempo avanzase, e porque esta reflexión e esta determinación permanentes estiveron continua e sucesivamente enraizadas en novas asercións direccionais en evolución, incluído un novo marco documental (xestión de documentos) recentemente articulado por *Library and Archives Canada* (Library and Archives Canada,

2010). Aínda que o manifesto da macrovaloración non é en modo algún doutrinal —pola contra, segue a representar moitísimo un compromiso táctico entre a teoría e a práctica— está fundado non obstante na doutrina, isto é, un conxunto de principios que anima a súa estratexia, a súa metodoloxía e os seus criterios. Estes principios da macrovaloración emerxeron por primeira vez ao longo da década dos anos noventa, seguen a reformularse e refinarse papeis na media en que o contexto da súa aplicación segue a evolucionar e cambiar. A natureza e a constitución do seu fundamento intelectual (incluso me aventuraría a dicir que eclécticas), vinculadas a múltiples fontes de inspiración que combinan elementos da arquivística e as ciencias da información, da teoría social e da análise de sistemas de xestión. Tal e como os vezo hoxe, en 2010, resumirá os obxectivos documentais definitorios e os principios básicos do manifesto da macrovaloración en *Library and Archives Canada* como segue:

■ Obxectivos documentais:

- conservar documentos seleccionados que documenten deliberacións, decisións e accións do goberno en relación coas funcións, programas e actividades que lles asignaron, así como documentos que establezan a soberanía, a organización e a administración do goberno;
- conservar documentos seleccionados que proporcionen ao goberno e ao público información exacta, auténtica e integral acerca das políticas, as decisións e os programas das institucións do goberno ao longo do tempo para os efectos de revisión, escrutinio e comprensión;
- conservar documentos seleccionados que documenten o impacto da toma de decisións do goberno sobre os cidadáns e grupos de Canadá e a interacción entre o público canadense e o estado federal;
- conservar documentos seleccionados que se consideren esenciais para protexer os dereitos e privilexios colectivos e individuais dos canadenses, e o seu entorno social, cultural e físico;
- conservar documentos seleccionados que conteñan información única para o goberno, e que enriquecerá substancialmente a comprensión acerca da historia, a sociedade, a cultura e as xentes de Canadá; e
- conservar documentos seleccionados cuxo mantemento por un período substancial de tempo é requirido polo Goberno de Canadá por lei, ou en virtude do seu valor permanente e a longo prazo para o goberno.

■ Cinco principios básicos:

1. A macrovaloración é unha forma, un formato e un soporte 'agnóstico', isto é, a súa aplicación esténdese a todos os recursos de infor-

mación creados, capturados, utilizados ou xestionados polo Goberno de Canadá en apoio da toma de decisións e a execución de actividades, tanto en forma publicada como non publicada, e con independencia da fonte de comunicación, o formato de información, o modo de produción ou o soporte de gravación.

2. O resultado desexado da macrovaloración é conservar unha representación ou ilustración documental do modo en que o goberno desenvolve políticas, toma decisións, establece infraestruturas e proporciona programas e servizos aos cidadáns de maneira interactiva por medio da administración pública ao longo do tempo, e non dá conta de maneira completa de todas as actividades e os seus correspondentes recursos de información a nivel de transacción.

3. A valoración dos documentos do goberno lévase a cabo no nivel do creador dos documentos e non no nivel dos documentos *ergo* o valor do contido informativo dos documentos en referencia á súa potencia utilidade para a investigación histórica ou doutro tipo non é un criterio de valoración. Máis ben, o valor arquivístico e histórico dos documentos do goberno ven determinado en relación coa procedencia da súa creación ou produción, e co seu estatus como evidencia documental das funcións e actividades asociadas coa fonte primaria da súa orixe administrativa.

4. A procedencia dos documentos do goberno ven contextualmente establecida por:

→ A súa vinculación a unha entidade corporativa ou un sitio organizativo con responsabilidade dentro dunha estrutura administrativa institucional.

→ O correspondente comportamento funcional da entidade corporativa ou o sitio institucional ao proporcionar programas e servizos institucionais dentro do dominio da empresa pública, isto é, a funcionalidade organizativa expresada mediante actividades e transaccións institucionais.

→ A natureza multidimensional das relacións —tanto virtuais como non virtuais— establecidas dentro de dominios de autoridade que comparten roles e responsabilidades no desenvolvemento e a implantación de políticas dentro da empresa e a infraestrutura asociadas.

5. O valor permanente dos documentos do goberno está supeditado ao significado e o impacto dos programas e servizos que se proporcionen, tanto sobre unha base horizontal pan-gobernamental ao nivel

institucional (departamental) vinculado ás prioridades estratéxicas do goberno, como, de maneira interna, dentro de axencias vinculadas ás responsabilidades e os roles que se lles asignaron, expresados como arquitectura de xestión (arquitecturas das actividades dos programas ou con orientación ao servizo).

A aplicación e a implantación do Principio 5 son especialmente importantes, dado que LAC está a realizar determinacións de valor e tomando decisións de conservación baseadas no significado e o impacto das funcións e actividades do goberno. Actualmente en Canadá, o contexto xeral da empresa pública federal enténdese dentro dun Marco de Goberno Total que vincula os resultados estratéxicos e as actividades dos programas/servizos dos departamentos, as axencias e as corporacións federais coas áreas de gastos e resultados definidas polo goberno federal, concibido como unha administración non-uniforme pero 'holística'. A nivel interno, dentro dos departamentos, a delineación da provisión de programas e servizos e a súa gobernanza ven determinada en relación coa arquitectura de actividade do programa e a arquitectura de orientación a servizos. Noutras palabras, os obxectos funcionais da administración pública do goberno son os seus programas e servizos. En liña con esta determinación, o manifesto da macrovaloración indica que os problemas que os arquivistas teñen que resolver neste contextos consisten en responder ás seguintes preguntas:

1. Cal é o significado e o impacto dos programas e servizos dentro dos departamentos en relación cos obxectivos documentais xerais da macrovaloración (máis arriba), e cal é a medida e a orde de prioridades dende a perspectiva da memoria pública.
2. Que entidade ou sitio organizativo, tanto a nivel institucional pan-gobernamental como a nivel de responsabilidade dentro dun departamento proporciona a evidencia máis comprehensiva dos programas ou servizos dos que se considera que teñen significado ou impacto (cal é a Oficina—ou o Dominio de Autoridade— de Interese Primario).
3. Cal é a identidade, e de maneira coincidente cal é a extensión virtual ou física dos documentos creados ou producidos por estas entidades ou sitios (con independencia do soporte), requiridos para proporcionar evidencia documental suficiente e sostible dos programas e servizos dos que se determinou que teñen significado e impacto. En tanto é un macro-nivel de avaliación e implantación, vinculado aos obxectivos documentais, *Library and Archives Canada* practica a análise funcional-estrutural, ou o que se veu coñecer globalmente como macrovaloración.

De moitas maneiras, ao longo dos vinte e pico anos dende a súa concepción e progresión evolutiva, a experiencia de perseguir e implantar o manifesto da macrovaloración no Arquivo Nacional e agora en *Library and Archives Canada* conduciu a cambios fundamentais nas nosas percepcións e reflexións institucionais acerca do valor arquivístico e histórico en relación coa información do sector público e a produción documental; cambiou os papeis e forzou un proceso de reexxeñería no modo en que traballamos como unha institución da memoria dentro do goberno para realizar os fins e obxectivos asociados coa conservación do patrimonio documental e a documentación corporativa de Canadá; e tivo unha significativa influencia na cultura profesional de LAC e dentro da comunidade arquivística en xeral. Ao mesmo tempo, a historia non sempre foi a dun éxito sen obstáculos e continuado. Houbo algunha 'fochanca' no camiño, e aínda que pode que teñamos algún motivo para celebrar unha notable transformación no modo en que *Library and Archives Canada* (e anteriormente o seu predecesor) identifica e reúne de maneira intencional a memoria pública no nome dos canadense mediante a macrovaloración do sector público, debe admitirse que o entorno de desenvolvemento de recursos de información dentro do goberno non estaba exactamente preparado para o novo manifesto cando se pronunciou por primeira vez, e que incluso hoxe, a pesar dalgún proceso substancial cara un novo réxime regulador da xestión de documentos que se acomode por completo e adopte de feito os principios da macrovaloración, seguen a existir problemas que arrodean a súa comprensión, a súa aplicación e a súa implantación.

Para superar algúns dos impedimentos iniciais, LAC comezou en primeiro lugar a desenvolver 'mecanismos de adaptación', por exemplo, para axudar os departamentos coa aplicación das normas de valoración e selección de documentos e cos termos e condicións dos correspondentes acordos relativos á identificación e a transferencia de documentos de arquivo; LAC segue a producir guías de aplicación de normas de valoración e selección de documentos. Estas ferramentas proporcionan de maneira substancial 'mapas' que capacitan aos funcionarios responsables da información dentro dos departamentos a vincular a análise funcional-estrutural de LAC e a ponderación baseada na procedencia do valor documental cos cadros de clasificación de documentos internos de constitución e capacidade tradicionais (tipicamente, cadros de clasificación cronolóxicos, alfa-numéricos ou temáticos). LAC tamén continúa propoñendo un novo modelo organizativo para os recursos de información do goberno, chamado Sistema de Clasificación Estrutura Actividade Asunto (BASCS), para que os departamentos o usen en lugar das actuais taxonomías de clasificación corporativas (Sabourin, 2001, 137-154). A fins de 2005, no entanto, LAC recoñeceu que as incapacidades departa-

mentais que arrodaban a aplicación e a implantación do manifesto da macrovaloración LAC mediante o mecanismo das normas de valoración e selección de documentos eran sintomáticas de algo moito máis fondo. Para implantar final e completamente a macrovaloración no contexto e da maneira en que foi teoricamente concibida e proposta, LAC tería que asumir un novo rol de liderado para resolver a crise de xestión da información do goberno.

### **O segundo conto: a crise da xestión da información**

Non pretendo describir por completo a natureza da crise da xestión da información dentro do Goberno de Canadá, porque as súas orixes, fontes e contextos están ben documentados nun certo número de revisións federais, estudos e análises de situación. É tamén unha historia familiar para moitos gobernos nacionais e estatais hoxe en día, consistindo en gran medida as únicas diferenzas entre eles nas circunstancias do dominio local e nas variacións respecto a diversos temas, dependendo do modo no que un se interese en analizar e explicar o entorno de recursos de información e a súa infraestrutura (ou a súa ausencia no caso deste último), e neste caso o noso conto canadense local da crise da xestión da información é moi pouco notable. Isto non significa minimizar o impacto da crise en Canadá —foi profundo dentro dos círculos e o funcionamento da administración pública federal, por exemplo— pero creo que a historia do modo en que LAC está a desenvolver de maneira cooperativa modos e medios para axudar a remediar a actual situación táctica e abordar de maneira estratéxica os retos dixitais emerxentes é máis interesante que as orixes da problemática. No entanto, no contexto canadense, hai que facer algunhas observacións clave acerca das circunstancias contextuais que arrodaron e instigaron a crise.

Primeiro, a crise da xestión da información na administración pública federal de Canadá non está necesariamente enraizada na ausencia de teoría de xestión da información, de ferramentas de xestión da información ou de recursos e infraestrutura en tecnoloxías da información. Temos disto (e tivemos) abondo, aínda que certo número de elementos requiren seguramente un axuste e unha redirección críticos, e parte do noso pensamento corporativo está claramente desactualizado e desaliñado tanto co entorno dixital como cos actuais requisitos de empresa. Dende o meu punto de vista, a crise está, e estivo, enraizada nunha combinación de factores que inclúen:

- Novas concepcións da empresa e da Administración pública que están a transformar o comportamento organizativo a todos os niveis no lugar de traballo.

- Cambios na produción de información e nos fluxos de información, así como nas comunicacións.
- Algunhas malinterpretacións críticas, ou ilusións creadas de maneira equivocada, arredor do poder e dos impactos das tecnoloxías da información e das comunicacións baseadas na informática.
- Unha extensa perda do control corporativo exercido sobre os documentos administrativos e de xestión, cun significativo impacto sobre a accesibilidade e a capitalización dos recursos de información, e finalmente.
- O continuado concepto erróneo e a representación equivocada da xestión da información como unha industria de servizos separada, e en consecuencia a súa separación artificial das funcións administrativas.

En particular, gustárame subliñar dous destes catalizadores da crise. En primeiro lugar, dende fins dos anos oitenta, pasando polos noventa, até a primeira década do século vinteún, o servizo público federal canadense —como en moitos países— permaneceu nun estado de redirección e transformación, desprazándose dende unha organización baseada na actividade a unha organización baseada nos resultados. Isto implica a articulación e a continuada evolución de novas éticas e condutas corporativas para a administración do sector público (novos modelos de xestión pública e de gobernanza) e a introdución dun “xerencialismo administrativo” nas actividades dos programas e os servizos públicos, apoiado por novas e altamente autoconscientes formas de supervisión, escrutinio e revisión, incluída unha contabilización financeira e de débedas baseada en resultados, isto é, novas manifestacións de política de responsabilidade pública orientada aos resultados (Caron, Kellerhals, 2011; Charih, Rouillard, 1997)<sup>6</sup>. Aínda así, o impacto máis inmediato e visible desta transición foi a transformación social e cultural dentro dos departamentos, as axencias e as corporacións federais —por exemplo, a forte inclinación dende as xerarquías de comando e control institucionais cara equipos horizontais e grupos de traballo multidisciplinares e interdepartamentais, comités e redes máis xerais que veñen posibilitadas polas novas tecnoloxías da información e das comunicacións— como unha nova dirección das políticas e de efectividade e/ou eficacia dos programas. Como resultado destes cambios, sabemos que os fluxos de información están a cambiar e que se están a abrir (ou alternativamente a pechar) novas relacións dentro de novas redes (tecnolóxicas ou doutro tipo), que axustan a natureza dos requisitos de documentación en relación cos novos imperativos de responsabilidade e administración, e que tamén alteran a cultura administrativa e os comportamentos de xestión a todos os niveis dentro do goberno. Esta transformación cultural condúceme a outro catalizador da crise.



De feito, a nova horizontalidade asociada coa nova xestión pública combinada co novo *ethos* en rede do espazo de traballo dixital tivo un enorme impacto sobre o modo en que os funcionarios pensan acerca de e crean, usan, intercambian, canalizan, reciben, almacenan e proporcionan información. Ironicamente, no entanto, algúns dos beneficios e das utilidades que foron posibles para a administración pública mediante esta integración de persoas e tecnoloxía tamén conduciron inadvertidamente á emerxencia dunha cultura institucional cada vez máis penetrante e en gran medida desenfreada de rampante produción de información e indiscriminado almacenamento e indiscriminada selección da información que evoluciona de maneira anti-intuitiva con respecto ás necesidades de recursos de información e os requisitos organizativos (Drucker, 1994; Castells, 2000; Dutton, Kahin, O'Callaghan, Wyckoffe, Dutton, 2005; Mansell, 2009; Gantz, 2007, The Sedona Conference, 2007, 2-6)<sup>17</sup>. Esta 'contra-cultura' é enormemente problemática, dado que todos os requisitos de rendición de contas e responsabilidade asociados cunha administración pública baseada en resultados están completamente supeditados á creación, a produción, a captura, a xestión e a persistencia da información necesaria para soste a toma de decisións corporativa e para satisfacer o corolario dos requisitos de revisión, medición do funcionamento, avaliación e auditoría, e, de maneira máis xeral, o contexto emerxente do escrutinio público. Neste entorno de xestión pública, a omnipresencia da evidencia central esencial de forma inmediatamente accesible é absolutamente vital. No entanto, a asunción da presenza e a accesibilidade documentais non está especialmente ben sostida nin na teoría nin na práctica, e un control corporativo coherente sobre os documentos e outras formas de evidencia é cada vez máis sospeitoso, cando non por completo dubidoso. A investigación de LAC indica que este estado da cuestión pode atribuírse de maneira diversa a algunha mitoloxía persistente que emerxeu e se desenvolveu arredor do poder e da capacidade das tecnoloxías da información como ferramenta de almacenamento, organización e recuperación da información; a subsistencia da xestión da información como un compoñente de servizo separado das TIC, e a ausencia de proposicións de valor para os documentos e os recursos de información dentro dos departamentos do goberno en xeral.

### **Macrovaloración, normas de documentación e o regreso da xestión de documentos: cara un novo marco documental para a memoria pública**

Dos diversos elementos que contribúen á crise da xestión da información, seguramente a máis significativa foi a 'fe cega' (en moitos sectores e a moitos

niveis) na capacidade das tecnoloxías da información tanto para tratar a volumetría da actual produción de información como para soste a ‘precisión de recuperación’ necesaria para unha administración pública eficaz sobre unha base continuada. A manifestación operativa desta mitoloxías das tecnoloxías da información —é auténticamente mitoloxía— é a de que resulta innecesario considerar o valor dos recursos de información dende ningunha lente, nin dende ningunha perspectiva-marco, nin xestionar os recursos de información de maneira diferenciada, dado que o Goberno de Canadá (obviamente) ten capacidade de almacenamento para mantelo todo, e poder informático para facer o ‘todo’ instantánea e precisamente accesible mediante ferramentas de software e aplicacións de busca. En realidade, actualmente o Goberno de Canadá non ten nin a capacidade necesaria de almacenamento de información nin a precisión na recuperación da información que se requiren para xestionar eficazmente o volume de información do sector público que se está a crear, como tampouco non as ten ninguén, para o caso (Caron, 2010).

É dalgún modo notable o feito de que a información logrou agora o que se ten por un estatus de recurso bi-modal, simultaneamente como capital para a xestión e como mercancía comercial nunha economía global do coñecemento ben establecida, e ate agora se desenvolveron poucos criterios ou poucas normas para medir o seu valor real tanto no que se refire á súa capacidade, como ás estratexias horizontais no uso para asegurar a súa persistencia ou conservación ao longo do tempo, baseadas na súa utilidade continuada económica, pública ou doutro tipo, especialmente dados os riscos asociados cunha pobre xestión dos recursos de información. De feito, cando LAC decidiu entrar na nova aproximación do Goberno de Canadá á xestión de documentos, an dirección de normas de documentación para actividades de programas e servizos institucionais a comezos do 2008, atopamos poucos exemplos dos que extraer inspiración , con excepción dalgúns requisitos básicos de documentación dentro das industrias farmacéutica, sanitaria, da banca, e outros sectores reguladores en gran medida enmarcados baixo a obriga do ‘deber de documentar’. Non atopamos codificacións reais de normas de documentación para a administración pública *per se* en ningún lugar, e por tanto estabamos obrigados a establecer mecanismos que permitisen os departamentos e axencias crear as súas propias normas en relación coas súas responsabilidades organizativas baixo o *Management Accountability Framework* do goberno e a *Program Activity Architecture* institucional (Caron, 2008).

*Library and Archives Canada* adoptou a dirección das normas de documentación para actividades (dentro da administración pública) (Library and

Archives Canada, 2008), por un certo número de motivos, pero primeiramente porque a nosa investigación e a nosa análise indicaban que o goberno estaba en gran medida en medio dunha 'crise de valores da información' máis que nunha crise de xestión da información (Eisenstein, 1983, 42-91; Carey, 2009, 155-177; Shirky, 2008; Palfrey y Gasser, 2008, 185-208).<sup>18</sup> Certamente, eran necesarios algúns axustes críticos aos modos e os medios en que se xestionaba información dentro do Goberno de Canadá, incluídos de maneira notable a introdución e a implantación de novos requisitos funcionais para a xestión de documentos dentro de sistemas electrónicos e o desenvolvemento de depósitos dixitais seguros. No entanto, o pensamento predominante en LAC era que a problemática da xestión da información era primeiramente un produto do volume de recursos de información que se estaban a crear ou capturar; da ausencia dunha aproximación diferenciada á xestión dos recursos de información, baseada en criterios de valor administrativo; e das correspondentes dificultades que circundan a custodia, o control, a valoración e a selección de recursos de información, unha vez máis enlazadas na ausencia de criterios de valor para a información. As institucións do goberno no só estaban a intentar xestionar todos os recursos de información de maneira acumulativa e sobre unha base continuada, senón que tamén perderan unha extensa custodia e un extenso control sobre gran parte da súa información capital, e nos casos en que se estableceran custodias e controis corporativos, non existía valoración nin selección da información, con independencia do seu valor. Para todos os efectos, o proceso de valoración e selección dos documentos do goberno deixara de funcionar eficazmente. Ou por dicilo doutra maneira, o goberno esquecera o importante que é xestionar recursos de información sobre unha base de valor diferenciada, e que importante é tirar información ao lixo sobre unha base sistemática. Permítanme definir algún contexto adicional arredo destas conclusións.

Anteriormente, aludín a circunstancias polas que a maioría das institucións do goberno non estaban necesariamente preparadas para o manifesto da macrovaloración en termos da súa teoría e das súas intencións, pero non especialmente en relación aos seus requisitos de adquisición e conservación de documentos, isto é, os departamentos atopaban difícil cumprir cos termos e condicións das normas de valoración e selección de documentos que os dirixían a transferir documentos a *Library and Archives Canada*. A nosa determinación do valor arquivístico e histórico dos documentos do goberno —que se basea nunha aproximación funcional-estrutural aos procesos/actividades institucionais e na correspondente captura da súa evidencia documental en relación cos obxectivos documentais específicos— non ten tipicamente vinculacións obvias ou lóxicas cos cadros de clasificación existentes dentro

dos departamentos, que son de maneira típica tradicionais e en gran medida temáticos ou alfa-cronolóxicos. Para complicar máis as cousas, moitos dos documentos nos que LAC ten interese en tanto memoria pública non están baixo o control corporativo efectivo, senón que realmente residen en redes, sistemas e ficheiros *'bootleg'* baixo o control de individuos e grupos no seu escritorio. Todo isto —e un certo número doutros factores que tamén contribuíron— fíxose 'oficialmente' claro por primeira vez en 2003, cando o auditor xeral de Canadá fixo notar significativas deficiencias no programa de valoración e selección de documentos gobernamentais, así como na identificación dunha crise da xestión da información dentro do goberno (Office of the Auditor General of Canada, 2003). As observacións do auditor confirmaron outras perspectivas sobre a natureza insatisfactoria da xestión da información dentro da administración pública do goberno, expresadas de maneira diversa polo Comisionado de Información de Canadá, a Sección do Director de Información do Secretariado da Xunta do Tesouro e o Departamento de Xustiza, por non mencionar os resultados das verificacións sobre capacidade de xestión da información internas aos departamentos, ou os diversos comentarios realizados por membros da xunta acerca dun certo número de recentes comisións de investigación e outros paneis. No entanto, foron as preguntas formuladas polo auditor concernentes á calidade e eficiencia do programa de valoración e selección de documentos do goberno as que finalmente proporcionaron a *Library and Archives Canada* unha oportunidade para intervir de maneira substantiva en asuntos relacionados coa xestión da información dentro dos departamentos e as axencias.

Despois dos comentarios do auditor, e dato o continuo enfoque sobre a nova xestión pública e os seus impactos transformadores —p. ex., mellores requisitos de responsabilidade e transparencia, novos valores e unha nova ética para a administración pública— o bibliotecario e arquivista recoñeceu a necesidade de elevar os retos asociados ao contemporáneo desenvolvemento de recursos de información e á xestión de documentos ao nivel executivo máis alto do goberno. Situados dentro do contexto en evolución dos documentos electrónicos e das tecnoloxías da información e as comunicacións en xeral, estes retos tiñan a suficiente importancia como para atraer a atención do secretario do Consello Privado e do Secretariado da Xunta do Tesouro, os que apoiaron ao bibliotecario e arquivista de Canadá na creación dunha serie de mesas redondas co ministro viceprimeiro de Xestión da Información e Xestión de Documentos no outono de 2006. Pouco despois, creouse un Grupo de Traballo sobre Xestión de Documentos de maneira interna para todo o goberno e a nivel de ministro viceprimeiro adxunto para desenvolver estratexias e solucións.

A natureza e o impacto substantivos das intervencións de LAC dentro deste Grupo de Traballo comezaron a emerxer cando os MVAs aprobaron de maneira colectiva un significativo 'punto de inflexión' nas discusións e as deliberacións do comité, en gran medida sobre o asunto dos documentos transitorios e a correspondente necesidade de revisar a Norma de Documentos Transitorios. Promulgada polo anterior Arquivo Nacional en cooperación co Secretariado da Xunta do Tesouro en 1990, a Norma de Documentos Transitorios estaba entre os instrumentos de valoración e selección de documentos que máis se usaban (e dos que máis se abusaba) no goberno, porque proporcionaba ás institucións unha enormemente ampla flexibilidade de discreción e interpretación sobre a identificación e selección de documentos transitorios, dado que se definían como "documentos que se requiren só durante un tempo limitado para asegurar a finalización dunha acción rutineira ou a preparación dun documento posterior, ou documentos que o goberno non require para controlar ou documentar a provisión dde programas, para levar a cabo as súas funcións, para tomar decisións, nin para render contas das súas actividades". Isto estaba a causar unha enorme preocupación dentro da xestión da información do goberno e outros círculos da administración pública por motivos obvios.

Cando, por tanto, o Grupo de Traballo pediu a *Library and Archives* que revisara a Norma de Documentos Transitorios, acordamos facelo, suposto que o Grupo de Traballo abordase primeiro as implicacións da circunstancia primaria sobre a que se baseaba esta Norma, isto é, se o goberno só precisaba certa información durante un tempo limitado para completar transaccións rutineiras ou para facilitar a preparación de documentos posteriores, que documentos necesitaba o goberno para "controlar, xestionar ou documentar a provisión de programas, para levar a cabo as súas funcións, para tomar decisións, ou para render contas das súas actividades"? De maneira notable —ou quizá non notable, dadas as circunstancias e a claridade da súa lóxica proposicional— o Grupo de Traballo acordou que tiña que desenvolverse un novo contexto de xestión de documentos para establecer o valor administrativo dos recursos de información institucionais ao longo do tempo, antes de que puidese ser considerada a cuestión da valoración e a selección. Nun instante e de feito, *Library and Archives Canada* puxera por completo ao revés a conversación sobre xestión da información, e desprazado o seu enfoque tradicional dende a identificación, a valoración e a selección dos residuos documentais do goberno cara a creación e captura de documentos que tivesen un valor permanente en apoio da administración pública, isto é, dende a valoración e a selección de información innecesaria cara a 'xestión de documentos' para os efectos administrativos. Neste proceso, a LAC asig-

nóuselle a responsabilidade intelectual de desenvolver os principios, os conceptos e as teorías da xestión de documentos, e ao Secretariado da Xunta do Tesouro se lle asignou a dirección da súa implantación, aclarando deste modo os roles e responsabilidades dentro do goberno no concernente ao desenvolvemento e a xestión de recursos de información. De maneira máis importante, permitiuse que *Library and Archives Canada* enfocase a atención da xestión do traballo e da información sobre a creación de proposicións de valor para os seus recursos institucionais de información, para posteriormente asignar un novo papel á macrovaloración como compoñente da xestión de documentos a este respecto, e finalmente para establecer a xestión de documentos como un bloque no desenvolvemento dun novo marco documental para a memoria pública.

A raíz deste 'acordo', mediante grupos de traballo establecidos e co-dirixidos por LAC e o SXT, e recorrendo á experiencia de diversos departamentos do goberno, emerxeu un certo número de asuncións estratéxicas que finalmente proporcionarían a plataforma para a nova Directiva de Xestión de Documentos do Goberno de Canadá. As conclusións primarias da investigación e a análise de LAC —aprobadas polos máis altos niveis da nosa administración pública— eran que:

■ O goberno non podía abordar a xestión de todos os seus recursos de información de maneira non diferenciada, nin era viable na práctica nin intelectualmente lóxico facelo, incluso aínda que houbera recursos dispoñibles.

■ O goberno requiría dun réxime regulador da xestión de documentos para crear, capturar e xestionar recursos de información deseñados para ter valor continuado como documentos. Un dos desenvolvementos innovadores a este respecto foi o *White Paper on Documentation Standards* (2008) de LAC, que por primeira vez articulaba e adaptaba os conceptos e os principios dunha estratexia de macrovaloración reactivada ao nivel dos obxectivos intelectuais e administrativos da xestión de documentos, influía no fundacional 'camiño a seguir' da iniciativa de xestión de documentos do goberno, e finalmente proporcionaba a substancia dos novos requisitos de xestión de documentos do goberno, tal e como viñan expresados na nova Directiva de Xestión de Documentos. En efecto, a macrovaloración evolucionou e deveu parte dun novo marco documental para a administración pública baixo a rúbrica de xestión de documentos.

O pensamento de LAC evolucionou considerablemente dende a publicación do *White Paper*. Por exemplo, a *praxe* das normas de documentación

converteuse posteriormente en requisitos de xestión de documentos baixo un instrumento regulador, isto é, a Directiva de Xestión de Documentos do Goberno de Canadá, promulgada polo Secretariado da Xunta do Tesouro. Non obstante, a *doxa* das normas de documentación do *White Paper* segue a ser esencialmente a mesma dentro do novo contexto da xestión de documentos.

As normas de documentación son codificacións da estratexia, a metodoloxía, os procesos e os procedementos de xestión de documentos, determinadas e establecidas polas institucións do goberno en apoio da toma de decisións e para asegurar a presenza continuada dunha evidencia documental adecuada de actividades ao longo do tempo.

Especificamente, as normas de documentación están deseñadas para proporcionar contexto, coherencia e explicación á toma de decisións, os programas, os servizos e os resultados institucionais.

1. Identificando recursos de información con valor administrativo aos niveis suficientes de materialidade ou de detalle requiridos polas organizacións para executar as súas actividades, completar transaccións, lograr resultados e medir ou ponderar o funcionamento.
2. Integrando o desenvolvemento de activos de recursos de información nos procesos de xestión da administración pública como un requisito funcional de planificación, organización, dirección, control e supervisión das actividades.
3. Vinculando e facendo corresponder os requisitos de documentación dos programas e servizos institucionais ao contexto organizativo, desenvolvendo modelos de proceso integrados e diagramas de actividades de programas de orientación a servizos que identifiquen fluxos de tarefas e especifiquen as etapas en que deben crearse ou capturarse os documentos, e
4. Determinando e describindo a natureza, as características, a extensión, a organización, o tratamento, a conservación, a valoración e a selección dos recursos de información que deben crearse ou capturarse como documentos por parte das organizacións de maneira continuada para satisfacer os requisitos das actividades, de responsabilidade, de administración e legais.

En moitos aspectos, as normas de documentación son simplemente prescricións para a xestión de documentos organizativa. Dentro de parámetros de función e proceso definidos de maneira separada e formal, as normas de documentación identifican a evidencia documental requirida polas organiza-

cións para facer funcionar e render contas das súas actividades de programas e servizos; determinan a natureza, a composición e a extensión da documentación que ten que ser creada e xestionada polas organizacións para satisfacer estes requisitos de evidencia; e explican o modo en que as institucións do goberno capturarán, xestionarán e conservarán esta evidencia ao longo do tempo, *con independencia de súa orixe, fonte, forma ou formato.*

Ao identificar a natureza, a substancia e a suma da evidencia documental requirida polas organizacións, e ao prescribir a maneira en que continuamente será creada, capturada e xestionada como un activo baixo custodia e control institucionais dentro dun depósito de xestión de documentos, as normas de documentación tamén fan posible a valoración e a selección sistemáticas e oportunas de información innecesaria ou allea mediante procesos de valoración e selección de documentos autorizados e documentados.

Dende as perspectivas tanto estratéxica como metodolóxica, a proposición de normas de documentación para a xestión de documentos asume que a información ten diferentes valores e estados dentro e entre organizacións, variando de acordo cun certo número de factores, por exemplo, o seu propósito; a súa procedencia (quen a creou); o seu contido, a súa substancia e a súa forma; o seu impacto como evidencia en apoio da toma de decisións; o seu rol como documento dunha acción (documentación de actividades), ou a súa contribución á coherencia e á continuidade administrativas dentro de procesos financeiros, de planificación, de medición do funcionamento, e de informe.

Ao aceptar de maneira fundamental que os recursos de información teñen valores e estados variables dentro e entre organizacións, relativos a e determinados polo seu contido substantivo, o seu contexto e a súa función en apoio das actividades de programas e servizos, a proposición de normas de documentación para a xestión de documentos tamén acepta como corolario un certo número de distincións que requiren certas decisións significativas.

En efecto, as normas de documentación están especificamente deseñadas para proporcionar ás institucións do goberno capacidade estratéxica e metodolóxica para xestionar recursos de información de valor e utilidade administrativa continuados, como activos capturados en forma de documentos, e par eliminar calquera outra información innecesaria ou allea para a actividade de goberno e os seus correspondentes procesos; todas elas trata basicamente acerca da xestión de recursos de información de maneira diferenciada como activos (ou doutor tipo) a partir dunha escala graduada de valores.

Con este obxectivo estratéxico en mente, ás institucións do goberno requiriráselles que fagan certo número de distincións e que tomen algunhas decisións críticas acerca do valor e o estado dos seus recursos de información



a medida que desenvolvan normas de documentación para as actividades dos seus programas e servizos. Por exemplo, dentro dos diversos modelos e compoñentes dunha norma de documentación, preguntáraselles que distingan entre recursos de información que teñan valor incidental ou estado transitorio, e recursos de información que teñan valor como activo e estado persistente. Tamén se lles pedirá que desenvolvan criterios para asignar perfís organizativos aos recursos de información que teñan valor como activo ou estado persistente, para a súa atención e tratamento como documentos, e para desenvolver protocolos e regras para capturar e xestionar estes documentos dentro dun depósito de xestión de documentos autorizado e completamente accesible baixo custodia e control institucional.

Ademais, as institucións tamén decidirán a medida en que os recursos de información de valor incidental ou estado transitorio poden ser xestionados de maneira informal a discreción de individuos ou grupos en lugar de organizacións en almacéns de información temporal, con accesibilidade limitada ou reducida, e para proporcionar a selección oportuna e sistemática de recursos de información innecesarios ou alleos baixo procesos de valoración e selección de documentos autorizados e documentados. Ao mesmo tempo, deben prescribir unha aproximación forma á creación, identificación, selección, captura e xestión de recursos de información diferenciados como documentos en virtude da súa intervención organizativa, constituída baixo criterios, protocolos e regras, e trata de que as normas ou permitan a súa selección ou requiran a súa conservación posterior como documentos históricos por *Library and Archives Canada*.

Ao facer estas distincións e tomar decisións acerca do valor e do estatus dos seus recursos de información —tanto enfocando a atención e o investimento organizativos na creación, a captura e a xestión de documentos, como facilitando a eliminación sistemática e oportuna de información innecesaria ou allea— espérase que as institucións do goberno teñan un acceso inmediato aos documentos correctos e á evidencia a efectos administrativos e de xestión, e a seguridade documental das actividades dos seus programas e servizos estean continuamente apoiadas en evidencia que satisfaga os requisitos de responsabilidade, de administración ou legais.

A iteración máis recente da *doxa* destas normas de documentación na *praxe* da xestión do documento do goberno foi o desenvolvemento e a aprobación dunha nova norma de valoración e selección para a *Selección de Recursos de Información Transitoria das Institucións do Goberno suxeitas á Lei de Library and Archives of Canadá* (2010). Isto pecha con eficacia o círculo do debate sobre xestión de documentos orixinalmente comezada baixo os auspicios do Grupo de Traballo de VMAs, que comeza e remata coa noción

de información transitoria. No entanto, non nos fagamos ilusións acerca do estatus e substancia desta conversación. A Norma de Selección e Valoración Multi-Institucional 2010/003 aplícase a todas as institucións do Goberno de Canadá “tan pronto como satisfixeron os seguintes requisitos, baixo a Directiva de Xestión de Documentos promulgada o 1 de xuño de 2009 polo Secretario da Xunta do Tesouro”, isto é:

- A identificación dos recursos de información con valor para a xestión, baseándose nunha análise das funcións e as actividades departamentais (Sección 6.1.1), e
- O establecemento e a implantación de depósitos nos que os recursos de información con valor para a xestión se almacenen ou conserven nun espazo de almacenamento físico ou electrónico (Sección 6.1.3, punto 1).

A *doxa* das normas de documentación e a *praxe* da xestión de documentos alteraron e recolocaron substancialmente o momento documental, tanto dentro do goberno como de maneira máis ampla dentro do contexto da valoración. Están a impulsar o ‘punto de decisión’ acerca do valor documental e da memoria pública augas arriba dentro do continuo de espazo-tempo de recursos de información manifestos como actos auto-conscientes institucionais ou organizativos e como resultados dunha documentación deliberada e deliberativa; están a enfocar a atención dos directivos sobre o valor para a xestión e a capitalización dos seus recursos de información; están a recolocar e a reactivar a macrovaloración como un manifesto de teoría, método e proceso entrelazado con e enclavado en regras de negocio e protocolos que fan posible o que os departamentos e axencias do goberno ponderen o valor dos seus recursos de información. Tamén están a establecer (necesariamente) a circunstancia dunha memoria pública e un patrimonio documental, na medida en que o valor permanente dos recursos de información do goberno se converteu nun subconxunto de valores do capital intelectual do goberno tal e como ven expresado e capturado nos seus documentos. A este respecto, están a integrar a toma de decisións acerca da xestión, memoria pública e valor permanente un só punto de decisión documental antes ou durante a creación de documentos para os efectos da xestión e da memoria pública, tanto dentro do contexto administrativo da nova xestión pública como dentro da infosfera dixital. No entanto, incluso co manifesto da macrovaloración agora en posesión dos funcionarios, a discusión arredor da natureza, a definición, o significado, as fontes, as relacións (procedencia) e a constitución do valor para a memoria pública dentro destas localizacións e ámbitos de produción ven de comezar.

Anteriormente indiquei que o manifesto da macrovaloración, podería axudar neste proceso dunha maneira 'cualificada'. Unilateralmente e en por si, a macrovaloración non representa necesariamente unha resposta á problemática de identificar e capturar valores para a xestión e a memoria permanente nos recursos de información, aínda que contén varios compoñentes e elementos de análise fundamentais que teñen que aplicarse de maneira táctica dentro do contexto desta toma de decisións sobre unha base continuada e cara o futuro. Pódeselle dar á súa teoría e á súa metodoloxía un novo papel, un novo marco, adaptado ademais para abordar as novas circunstancias do momento documental dentro da Era Dixital? Quizá será nesta estratexia de reasignación de papeis e marcos —incluída a súa 'recolocación' nun espazo e un tempo dixitais— onde comezaremos a atopar solucións arredor da cuestión do valor documental, pero isto é un asunto a tratar noutro momento.

## Referencias

- BEARMAN, David. *Electronic Evidence: Strategies for Managing Records in Contemporary Organizations*. Pittsburgh: Archives and Museums Informatics, 1994.
- BELL, Gordon; GEMMELL, Jim. *Total Recall: How the E-Memory Revolution will Change Everything*. Dutton: New York, 2009.
- BROTHMAN, Brien, "Perfect present, perfect gift: finding a place for archival consciousness in social theory". En: *Archival Science*, 2010, v.10, n.2, pp.141-189.
- BROWN, Richard; CARON, Daniel J. "The Documentary Moment in the Digital Age: Establishing New Value Propositions for Public Memory". En: *Archivaria*, 2011, v. 71, Spring.
- BROWN, Richard. "Making Choices and Assigning Values: Macro-Appraisal in a Shared Accountability Framework for Government Record-Keeping". En: *Proceedings of the Fourth General Conference of EASTICA*. Hong Kong: EASTICA, August 2000, pp. 15-32.
- BROWN, Richard. "Back to the Strategic Roots: Appraisal Reform at the National Archives of Canada". En: *Archival Issues*. 1999, v. 22, n. 4, pp. 113-122.
- BROWN, Richard. "Funkcionalno vrednovanje u Držvnom arhivu Kanade: sedam godina stvarne praske" ("Functional Appraisal at the National Archives of Canada: Seven Years of Actual Practice"). En: *Arhivski Vjesnik*, 1998, v. 41 1998, pp.51-65.
- BROWN, Richard. "Macro-Appraisal Theory and the Context of the Public Records Creator". En: *Archivaria*, 1995, v. 40, Fall 1995, pp. 121-172
- BROWN, Richard. "Records Acquisition Strategy and its Theoretical Foundation: The Case for a Concept of Archival Hermeneutics". En: *Archivaria*, 1991-1992, v.33, n. Winter, pp. 34-56.
- BROWN, Richard. "The Value of Narrativity in the Appraisal of Historical Documents: Foundation for a Concept of Archival Hermeneutics". En: *Archivaria*, 1991 v. 32, n. Summer, pp. 152-156.
- CAIN MILLER, Claire. "Google Unveils Tool to Speed Up Searches". En: *The New York Times*, 9 September 2010. Consulta: 8 de diciembre de 2010.  
URL:<http://www.nytimes.com/2010/09/09/technology/techspecial/09google.html>.
- CARON, Daniel J. ; Kellerhals, Andreas "Supporting Democratic Values Through a Relevant Documentary Foundation: An Evolutionary Complex". En: *Archivaria*, 2011 en prensa, véase especialmente la sección "The Canadian Experience".
- CARON, Daniel J. (a) "Memory institutions in the 21st century: The need for convergence and collaboration". En: *The War of Independence Reconsidered: Librarians and Archivists (Past, Present and Future)*. Archives Society of Alberta (ASA), May 2010. Consulta: 8 de diciembre de 2010,  
URL:<http://www.collectionscanada.gc.ca/lac/012007-1000.007-e.html>.
- CARON, Daniel J. (b) "Memory, Literacy and Democracy". Remarks by the Librarian and Archivist of Canada at the Canada 150 Anniversary Conference, 11 March 2010. Consulta 23 de diciembre de 2010.  
URL:<http://www.collectionscanada.gc.ca/lac/012007-1000.002-e.html>.
- CARON, Daniel.(c) J. Library and Archives Canada, "Shaping our Continuing Memory Collectively: A Representative Documentary Heritage". Consulta: 23 de diciembre de 2010. URL:<http://www.collectionscanada.gc.ca/lac/012007-1000.001-e.html>.
- CARON, Daniel J. Library and Archives Canada, "The Recordkeeping Initiative: Findings of Assessment Projects and the Way Forward". 2008. Consulta: 23 de septiembre de 2010. URL: <http://www.collectionscanada.gc.ca/government/news-events/007001-6301-e.html>.
- CARR, Nicholas. "Is Google Making Us Stupid?". En *The Atlantic magazine*, 2008, July/August.
- CASCIO, Jamais. "Get Smarter: Is Google Actually Making Us Smarter", 2009, July/August.
- CASTELLS, Manuel. *The Information Age: Economy, Society and Culture*. Oxford: Blackwell, 2000.
- CHARIH, Mohamed; Rouillard, Lucie. "The New Public Management". En: *New Public Management and Public Administration in Canada*. Toronto: The Institute of Public Administration of Canada, 1997.
- COOK, Terry. "Macroappraisal in Theory and Practice: Origins, Characteristics, and Implementation in Canada, 1950-2000". En: *Archival Science*, 2005, n. 2-4, pp. 101-161.
- COOK, Terry. "'A Monumental Blunder': The Destruction of Records on Nazi War Criminals in Canada". En Cox, Richard; Wallace, David. *Archives and the Public Good: Accountability and Records in Modern Society*. Westport CT and London: Quorum Books, 2002, pp. 37-65.
- COOK, Terry. "What Is Past Is Prologue: A History of Archival Ideas since 1898, and the Future Paradigm Shift". En: *Archivaria*, 1997, v.43 n. Spring, pp. 17-63.
- COX, Richard. "The End of Collecting: Towards a New Purpose for Archival Appraisal". En: *Archival Science*, 2002, v.2, n. 3-4, pp. 87-309.

- DERRIDA, Jacques. *Archive Fever: A Freudian Impression*, Chicago: University of Chicago Press, 1998.
- DRUCKER, Peter. "The Age of Social Transformation". En: *The Atlantic Monthly*, November 1994.
- DUTTON, W.H. ; Kahin, B; O'Callaghan, R. ; Wyckoff Dutton, A.W. *Transforming Enterprise: The Economic and Social Implications of Information Technology*. Cambridge MA: MIT Press, 2005.
- EISENSTEIN, E. *The Printing Revolution in Early Modern Europe*, Cambridge: Cambridge University Press, 1983, pp. 42-91; Carey, J. "Technology and Ideology: The Case of the Telegraph". En: *Communication as Culture*. New York: Routledge, 2009, pp. 155-177.
- FLORIDI, Luciano. (a) "The Information Society and Its Philosophy: Introduction to the Special Issue on "The Philosophy of Information, its Nature and Future Development"". En: *The Information Society*, 2009, v.25, n. 3, pp. 153-158. Consulta: 8 de diciembre de 2010. URL:<http://www.philosophyofinformation.net/publications/pdf/tisip.pdf>.
- FLORIDI, Luciano. (b) "Web 2.0 vs the Semantic Web: A Philosophical Assessment". En *Episteme*, 2009, v. 6, pp. 25-37. Consulta: 8 de diciembre de 2010. URL:<http://www.philosophyofinformation.net/publications/pdf/w2vsw.pdf>.
- GANTZ, John F. Project Director. *IDC White Paper, The Expanding Digital Universe: A Forecast of Worldwide Information Growth Through 2010*. Framingham: IDC, 2007. Consulta: 7 de diciembre de 2010. URL:<http://www.emc.com/collateral/analyst-reports/expanding-digital-idc-white-paper.pdf>.
- GOVERNMENT OF CANADA. TREASURY BOARD OF CANADA SECRETARIAT. "The Directive on Recordkeeping". Ottawa: 2009. Consulta: 23 de septiembre de 2010. URL:<http://www.tbs-sct.gc.ca/pol/doc-eng.aspx?section=text&id=16552>
- GOVERNMENT OF CANADA. TREASURY BOARD OF CANADA SECRETARIAT. *Policy Framework for Information and Technology*. Ottawa: 2007. Consulta: 23 de diciembre de 2010. URL:<http://www.tbs-sct.gc.ca/pol/doc-eng.aspx?id=12452&section=text>.
- GOVERNMENT OF CANADA. TREASURY BOARD OF CANADA SECRETARIAT AND NATIONAL ARCHIVES OF CANADA. *Information Management in the Government of Canada - A Situation Analysis*. Ottawa: 2000. Consulta: 23 de diciembre de 2010. URL:<http://www.tbs-sct.gc.ca/ip-pi/im-gi/imreport/imreport-rapportqi00-eng.asp>.
- GOVERNMENT OF CANADA (A). TREASURY BOARD OF CANADA SECRETARIAT. *Enhancing Services Through the Innovative Use of Information and Technology*. Ottawa: 1994. Consulta: 23 de diciembre de 2010. URL:<http://www.tbs-sct.gc.ca/pol/doc-eng.aspx?section=text&id=13585>.
- GOVERNMENT OF CANADA (B). TREASURY BOARD OF CANADA SECRETARIAT, FINANCIAL AND MANAGEMENT INFORMATION BRANCH. *Blueprint for Renewing Government Services Using Information Technology*. Ottawa: 1994. Consulta: 23 de diciembre de 2010. URL:[http://www.tbs-sct.gc.ca/pubs\\_pol/ciopubs/tb\\_oimp/uit-ati/uit-ati-eng.asp](http://www.tbs-sct.gc.ca/pubs_pol/ciopubs/tb_oimp/uit-ati/uit-ati-eng.asp).
- GOVERNMENT OF CANADA (C). TREASURY BOARD OF CANADA SECRETARIAT. *Treasury Board Manual: Information and Administrative Management Component: Information Management: Part 3, Government Information Holdings: Chapter 3-1, Policy on the Management of Government Information Holdings* (Catalogue no. BT52-6/6). Ottawa: 1994.
- GOVERNMENT OF CANADA. TREASURY BOARD OF CANADA SECRETARIAT, Policy Implementation and Review Division. *Review of information technology and systems in the Government of Canada*. Ottawa: 1984.
- Library and Archives Canada. "Documentary Heritage Management Framework". Consulta: 23 de septiembre de 2010. URL:<http://www.lac-bac.gc.ca/modernization/012004-2010-e.html>.
- LIBRARY AND ARCHIVES CANADA. "Creating Documentation Standards for Government Programs, Services and Results: A Developmental Framework and Guide for Business Managers and Information Resource Specialists 2008". Consulta: 23 de septiembre de 2010. URL:<http://www.lac-bac.gc.ca/obj/007001/f2/007001-5000.1-e.pdf>.
- MANSELL, Robin. *The Information Society (Critical Concepts in Sociology)*. New York: Routledge, 2009. pp. 1-1,984.
- NARA. (U.S. NATIONAL ARCHIVES AND RECORDS ADMINISTRATION). *National Records Management Program, A Report on Federal Web 2.0 Use and Record Value*, 2010. Consulta: 7 de diciembre de 2010. URL:<http://www.archives.gov/records-mgmt/resources/web2.0-use.pdf>.
- NORA, Pierre. "Between Memory and History: Les Lieux de Mémoire". En: *Representations*, Special issue: Memory and Counter-Memory, 1989, Spring, n. 26, pp. 7-24.
- NELSON, Michael. "Federal Information Policy: An Introduction". En: *Go-*

vernment Information in Canada / Information gouvernemental au Canada, 1995, v. 1, n. 3.1 (1995).

OFFICE OF THE AUDITOR GENERAL OF CANADA. "Chapter 3, Sponsorship Program" En: Report of the Auditor General of Canada, November 2003. Ottawa: Minister of Public Works and Government Services Canada, 2003. Consulta: 5 de marzo de 2009. URL: <http://www.oag-bvg.gc.ca/internet/docs/20031103ce.pdf>.

OFFICE OF THE AUDITOR GENERAL OF CANADA. "Chapter 16 —Treasury Board Secretariat— Renewing Government Services Using Information Technology". Report of the Auditor General of Canada to the House of Commons. Ottawa: Minister of Public Works and Government Services Canada, September 1996. Consulta: 23 de diciembre de 2010. URL: [http://www.oag-bvg.gc.ca/internet/English/parl\\_oag\\_199609\\_e\\_1151.html](http://www.oag-bvg.gc.ca/internet/English/parl_oag_199609_e_1151.html).

OFFICE OF THE AUDITOR GENERAL OF CANADA. "Chapter 8 —Information Technology: Reaping the Benefits and Managing the Risks— The Rapidly Changing Environment Requires New Approaches to Reap the Benefits of Information Technology". En: Report of the Auditor General of Canada to the House of Commons. Ottawa: Minister of Public Works and Government Services Canada, September 1994. Consulta: 23 de diciembre de 2010. URL: [http://www.oag-bvg.gc.ca/internet/English/parl\\_oag\\_199411\\_e\\_1156.html](http://www.oag-bvg.gc.ca/internet/English/parl_oag_199411_e_1156.html).

PALFREY, John; Gasser, Urs. Chapter 8 "Overload". En: *Born Digital: Understanding the First Generation of Digital Natives*. New York: Basic Books, 2008, pp. 185-208.

ROSEN, Jeffrey. "The Web Means the End of Forgetting". En: *New York Times*, 19 July 2010.

SABOURIN, Paul. "Constructing a Function-Based Records Classification System: Business Activity Structure Classification System". En: *Archivaria*, 2001, v.51, n. Spring, pp. 137-154.

THE SEDONA CONFERENCE. "The Sedona Principles: Second Edition, Best Practices Recommendations and Principles for Addressing Electronic Document Production". June 2007, pp. 2-6. Consulta: 21 de septiembre de 2007. URL: <http://www.thesedonaconference.org/>.

SHIRKY, Clay. "It's Not Information Overload. It's Filter Failure". Web 2.0 Expo, New York, 2008. Consulta: 23 de diciembre de 2010. URL: <http://www.web2expo.com/webexny2008/public/schedule/detail/4817>.

SWANSON, Bret. "The Coming Exaflood". En: *Wall Street Journal*, January 20, 2007. Consulta: 11 de diciembre de 2009. URL: [\[ne.wsj.com/article/SB116925820512582318.html\]\(http://www.wsj.com/article/SB116925820512582318.html\).](http://onli-</a></p></div><div data-bbox=)

WIKIBON BLOG. "Wikibon iStack". Consulta: 7 de diciembre de 2010.

URL: <http://wikibon.org/blog/cloud-storage/>

## Notas

<sup>1</sup> O concepto de momento documental foi introducido por primeira vez polo Bibliotecario e Arqueiro de Canadá, Daniel J. Caron, na súa conferencia inaugural para a conferencia anual da Association of Canadian Archivists celebrada en Halifax, Nova Scotia, en xuño de 2010. Unha discusión máis detallada desta idea pode atoparse en Brown, Richard; Caron, Daniel J. "The Documentary Moment in the Digital Age: Establishing New Value Propositions for Public Memory". En: *Archivaria*, 2011, en prensa.

<sup>2</sup> Utilízase a noción de infoesfera dixital tal e como foi presentada e definida por Floridi, Luciano, 2009(a), e en 2009(b).

<sup>3</sup> Véxase a interesante aposición representada por dous artigos recentes en Carr, 2008, que discute os cambios nos nosos hábitos de lectura e as súas consecuencias, e en Cascio, 2009, que se enfoca sobre o aumento da intelixencia.

<sup>4</sup> Véxase, por exemplo, o recente artigo de Rosen, 2010. Alternativamente, David Bearman argumentou longamente, e correctamente na miña opinión, que a introdución de novos sistemas de información electrónica marcou o comezo dunha era de masiva e continua (e en gran medida inadvertida) perda de memoria debido a unha xestión de documentos negligente e a unhas prácticas de conservación pobres, véxanse especialmente o seu ensaios en Bearman, David, 1994.

<sup>5</sup> Véxase a interesante e oportuna discusión sobre o 'rexistro da vida', o *cloud computing* e a visión da tecnoloxías do "mundo que ven da Lembranza Total" no recente libro Bell; Gemmill, 2009. Ironicamente, Bell y Gemmill admiten que se está a producir demasiada información e que algunha forma de valoración da información será necesaria para xestionar unha persistencia da memoria lóxica e continuada.

<sup>6</sup> Unha análise da expansión da escala da información e da escalada da taxa de produción de información - incluídas as correspondentes analoxías - ven proporcionado por Gantz, 2007. Para unha análise analóxica complementaria, véxase ademais Palfrey; Gasser, 2008, en particular o capítulo 8 "Overload", pp. 185-208. O termo orixinal "exainundación" foi acuñado por Swanson, no seu artigo de opinión no *Wall Street Journal* de 20 de xaneiro de 2007, "The Coming Exaflood".

<sup>7</sup> Directamente vinculado á cuestión da abafadora xeración e produtividade de recursos de información áchase o problema fundamental da conservación da información, na medida en que a capacidade da sociedade para crear e producir información distanciouse moitos da súa capacidade tanto física como virtual para almacenala e conservala, e este oco segue a medrar exponencialmente. Un dos grandes mitos das contemporáneas tecnoloxías da información é a noción de que a sociedade posúe capacidade ilimitada de almacenamento da información. De feito, a produción de información dixital xa superou a capacidade global de servidor nun factor estimado de 4 ou 5. Un mito relacionado concirne aos custos do almacenamento da información. Tipicamente, a cuestión do almacenamento se considera en termos de capacidade física e é certo que os avances continuados na enxeñería do micro-chip están a reducir o espazo de almacenamento de información a un estatuto virtual que o aproxima ao nivel atómico, e que os contedores para almacenamento dixital se están a volver cada vez menos caros do que o foron antes. No entanto, o custo real da conservación de información non reside no almacenamento físico dos datos, senón na administración, a xestión e a accesibilidade dos ‘obxectos’ de información dentro dos contedores de almacenamento —con independencia do grandes que sexan— ao longo do tempo, os custos das cales están a subir rapidamente máis alá do que acada a vista. Isto é especialmente certo no caso do almacenamento e da conservación en liña, que é a norma esperada dentro dun ciberespazo participativo, e fundamental para o descubrimento, a capitalización e a utilidade pública dos recursos de información, en canto opostos ao almacenamento case en liña ou o “escuro almacenamento” fóra de liña, que son progresivamente menos caros dende o punto de vista da accesibilidade, aínda que non necesariamente dende unha perspectiva administrativa e de xestión.

<sup>8</sup> Que é precisamente polo que moitas institucións están comezando a renovar o seu enfoque sobre o valor dos recursos de información, véxase por exemplo o recente estudo do U.S. National Archives and Records Administration, 2010. Véxase ademais Cox, 2002.

<sup>9</sup> Algúns aspectos do tempo e o espazo documentais e as súas íntimas relacións co arquivo —ou o que Caron e Brown chaman o momento documental— foron recentemente explorados nun estimulante ensaio de Brothman, 2010. En particular, véxase pp. 170-180, “Writing, ‘recordness’, sacrifice and the elusiveness of the perfect present”.

<sup>10</sup> Para a noción de memoria pública constituída como ‘bens cívicos’, véxase Caron, 2010 (b), e tamén Brown; Caron, en prensa.

<sup>11</sup> Aínda que non exhaustivas, véxanse por exemplo as sucesivas publicacións do Secretariado da Xunta do Tesouro de Canadá e da Oficina do Auditorio Xeneral de Canadá, en particular: Treasury Board of Canada Secretariat, 1984; 1994 a), b). Véxase ademais Office of the Auditor General of Canada, 1994, 1996.

<sup>12</sup> A problemática da procedencia é discutida en extenso en Brown, 1995, 121-172

<sup>13</sup> A literatura sobre macrovaloración é vasta. Ademais dos moitos artigos sobre o tema escritos por Terry Cook, quen en gran medida concibiui, foi o pioneiro e conduciu o desenvolvemento da aproximación da valoración no anterior Arquivo Nacional de Canadá, véxase Cook, 2005, 101-161, que é o mellor informe acerca de cómo foi formulada a macrovaloración por primeira vez e posteriormente posta en funcionamento. As miñas propias contribucións á literatura sobre a macrovaloración inclúen, de maneira diversa: Brown, 1991-1992, 34-56; Brown, 1991, 152-156.

<sup>14</sup> Para unha breve visión xeral da política de Xestión de Fondos de Información do Goberno en 1989, consúltense Nelson, e Treasury Board of Canada Secretariat, 1994 (c).

<sup>15</sup> A decisión que se cuestionaba incluía a destrución deliberada de expedientes de inmigración que requirira unha Comisión Real federal que investigaba a potencial presenza de criminais de guerra Nazis en Canadá despois de 1945, o que levou a un ministro do gabinete federal a describir o proceso de valoración e selección de documentos do Arquivo Nacional como “incomprensible”. Para unha recente e extensa análise deste evento véxase Cook, 2002, 37–65.

<sup>16</sup> O contexto canadense está ben descrito e analizado véxase Caron,; Kellershals, 2011 en prensa, véxase especialmente a sección “The Canadian Experience”. Para máis información, véxase Charih; Rouillard, 1997.

<sup>17</sup> Para unha perspectiva de alto nivel, véxase Drucker, 1994; Castells, 2000.; Dutton, Kahin,, O’Callaghan, Wyckoff Dutton, 2005; Mansell, 2009. Para a problemática de la volumetría de la información, véxase Gantz, 2007. Para unha perspectiva alternativa sobre o achado de material electrónico a efectos de litixio, véxase The Sedona Conference, 2007.

<sup>18</sup> Os retos da sobrecarga de información foron discutidos en relación con moitos períodos de tempo, de maneira notable: Eisenstein, 1983, 42-91; Carey, 2009, 155-177; e a conferencia inaugural de Shirky, 2008. Véxanse ademais as estatísticas, analoxías e percepcións arredor da noción de sobrecarga de información en Palfrey, 2008, en particular

# Repositorios dixitais: aplicación do modelo OAIS e os esquemas de metadatos á conservación do patrimonio documental arquivístico

**Pepita Raventós**

Universidade de Lleida  
Servizo de Arquivo e Xestión de Documentos

There is an inherent paradox in digital preservation. On the one hand, it aims to deliver the past to the future in an unaltered, authentic state. On the other hand, doing so inevitably requires some alteration.

Thibodeau, K. (2002) Overview of technical approaches to digital preservation and challenges in coming years. In *The state of digital preservation: an international perspective*. Washington, DC: Council on Library and Information Resources. p. 28)

## **Xestión de documentos e arquivo nas organizacións**

As nosas institucións e organizacións, se queren ser valoradas e consideradas eficaces, cada vez máis, teñen en conta na súa xestión a forma en que se crean e controlan os documentos. Independentemente de cal sexa o seu tamaño ou cal sexa a súa actividade, crean documentos nos seus procesos de traballo. É polo que necesitan considerar os documentos como bens e como activos da súa actividade, e velar para que se adecúen ao propósito para o que son creados e conservados. A xestión de documentos debe axustarse á medida das súas necesidades.

As institucións e organizacións forman parte do contexto local, nacional e global no que operan. Teñen obrigas con este entorno. Hai moitos factores que as impulsan a incrementar a súa velocidade de resposta a este entorno a fin de se manter viables e financeiramente estables. Factores como a transformación para ofrecer servizos online, unha crecente competencia comercial, cambios tecnolóxicos que impulsan o comercio electrónico e a administración electrónica, entorno máis aberto que require alianzas e coope-



ración, compartir o coñecemento e colaborar, velocidade das comunicacións e difusión da información, complexidade do entorno legislativo e normativo, expectativas dos cidadáns e clientes en relación á democratización das organizacións para que actúen dun modo coherente e transparente, responsable e socialmente comprometido, etc. poden afectar a calquera tipo de organización ou institución. Hai unha demanda para que as organizacións, tanto as que teñen ánimo de lucro como as que non, empresas e administracións públicas, grandes ou pequenas, reduzan os seus custos e incrementen o seu grao de reacción ao entorno.

Os documentos son o resultado da actividade que desenvolven as institucións e organizacións. Eses documentos creados, reflexo dos procesos de negocio ou das actividades individuais, son conservados como evidencia desa actividade.

Como resposta a isto, a normalización e a estandarización permite que ao implantar un sistema de xestión de documentos e arquivo, a creación e control dos documentos e o establecemento de puntos de referencia para que as organizacións valoren a adecuación dos seus documentos, melloran considerablemente. Ademais a esta realidade de evidencia, hai que engadir a de memoria (Cook, 2000), a de facer accesible a memoria colectiva (PiggoT; Mckemmish, 2002).

### **Estándares na xestión de documentos e arquivo**

A estandarización axudou en xeral a dar un empuxe importante á implantación das funcións da xestión de documentos nos arquivos. Foi a partir do ano 2001, coa publicación da norma ISO 15489: 2001 que se conseguiu unha visión integral, multidimensional e co enfoque necesario para unha realidade de cambiante, o entorno papel e o entorno dixital.

ISO 15489:2001 como norma principal e xeral para a xestión de documentos senta as bases para identificar e discutir os beneficios da xestión de documentos, o marco normativo, a política e responsabilidades, as características dos documentos e os sistemas de xestión de documentos, os procesos da xestión de documentos e de control e supervisión, auditoría e formación. Un eixo central, no “programa de actuación arquivística” do cal teñen lugar todos os procesos propios da xestión de documentos. Aporta unha sistemática que se contempla como un compoñente máis no conxunto dos procesos de xestión das organizacións, interactuando con cada un deles (Llansó, 2009). A tradución da norma ao español e ao catalán por parte do SC1 do CTN/50 de AENOR, conservando a mesma numeración, garantiu a súa difusión en España.

Moi preto dos requisitos funcionais están os metadatos, con todo o cal entramos nun dominio increíble, complexo e desconcertante (Hofman, 2005). Foi en maio de 2004 cando se publicou a primeira especificación técnica sobre os metadatos para a xestión de documentos, ISO 23081-1:2004 que foi revisada e publicada de novo no ano 2005. É un estándar moi importante que expón que son os metadatos para a xestión de documentos, por que son necesarios, que roles e responsabilidades se poden identificar, que tipos de metadatos existen e como se poden xestionar (Delgado; Barbadillo, 2009). Das dúas partes publicadas que ten o estándar, a segunda parte, ISO 23081-2:2004, dá unha explicación máis detallada de cómo construír e implementar esquemas de metadatos. Falta a terceira parte, que constituirá un instrumento de autoavaliación dos esquemas de metadatos que implantou unha organización, e que está en proceso de aprobación nestes momentos. No seguinte apartado analizo a importancia dos metadatos.

No ámbito da preservación dixital, o principal estándar é o modelo de referencia *Open Archival Information System (OAIS)*, ISO 14721:2003. O modelo de referencia adaptado por ISO ofrece un panorama comopleto do que se necesita para preservar os obxectos dixitais de calquera tipo a través do tempo, tendo en conta os cambios tecnolóxicos e cando xa non se utilizan dentro do seu ambiente orixinal. OAIS serviu como punto de partida a iniciativas necesitadas de estandarización no seu proceso de desenvolvemento. Un exemplo, que é obxecto de análise neste traballo, é a iniciativa de crear repositorios dixitais que garantan as propiedades dos documentos.

Outras normas que cubren de maneira específica calquera aspecto do ciclo de vida e baixo a cobertura funcional da norma ISO 15489, como por exemplo, ISO 26122:2008 sobre a análise dos procesos de traballo para os documentos, ISO 15801:2004 sobre a información almacenada electronicamente, recomendacións para a veracidade e admisibilidade de documentos, ISO 18492:2005, sobre a conservación a longo prazo da información electrónica baseada en documentos, ISO 19005:2005 sobre formato de ficheiros e de documentos electrónicos para a conservación a longo prazo. Normas imprescindibles no noso traballo profesional á fronte das nosas organizacións (Nuñez, 2007).

### **A importancia dos metadatos na xestión de documentos e arquivo**

A norma UNE-ISO 15489-1:2001, apartado 9.6, cando fala do almacenamento e manipulación dos documentos, di:

Os sistemas de xestión de documentos deberíanse deseñar de modo que os documentos permanezan accesibles, auténticos, fiables e utilizables durante todo o período de conservación, con independencia de calquera cambio operado no sistema; como, por exemplo, a migración a un software diferente, unha nova presentación en formatos de emulación ou calquera outra forma futura de presentar os documentos. Cando un destes procesos teñen lugar, se debería conservar un testemuño do mesmo xunto cos datos relativos a calquera variación do deseño e formato dos documentos.

Esta definición é a que vou xustificar ao longo deste traballo.

A esencia dun documento de arquivo, e o que o distingue doutros tipos de obxectos dixitais, é a existencia de metadatos que definen o contido, o contexto e a estrutura do documento ao longo do tempo (Duranti, 1996; Duranti; Thibodeau, 2006).

Os arquivistas e xestores de documentos descubrimos que os metadatos, que por defecto acompañan un obxecto dixital, con frecuencia non son tan completos como sería necesario para describir ese obxecto. Unha das razóns desa deficiencia é que están creados inicialmente sen proveer a suficiente evidencia do contexto de creación e uso, como son os metadatos que van dirixidos a responder cuestións de por que se creou o documento, cando se mandou e recibíu, cales eran os usuarios do documento, quen tivo a custodia do documento. A dispoñibilidade deses metadatos é imprescindible para establecer a diferenza entre un documento de arquivo ou non, sobre todo cando se analizan en períodos máis longos de tempo.

Outra deficiencia na creación de metadatos é a ausencia da documentación da estrutura do documento. É dicir, é de suma importancia a descrición de metadatos estruturais que describan como se abriu ou leu un documento de arquivo, como era orixinalmente e foi visualizado. Moitas veces os sistemas de metadatos non incorporan suficiente cantidade e calidade de metadatos que permitan aos arquivistas xestionar o obxecto a través do tempo e transmitir aos futuros usuarios da organización os tipos de decisións e as consecuencias desas decisións. Realmente se eses metadatos non son significativos, non imos poder cualificar eses documentos electrónicos como documentos de arquivo porque non se pode demostrar a súa evidencia (Bearman, 1994).

Os metadatos poden estar almacenados co obxecto dixital ou pódense almacenar por separado. Aínda que este almacenamento dos metadatos co obxecto que describe, garante que os metadatos non se perden, evita pro-

blemas da vinculación entre os datos e os metadatos e axuda a garantir que estes e o obxecto se actualicen xuntos. Pero non sempre é posible integrar os metadatos nalgúns tipos de obxectos. E ademais o almacenamento dos metadatos por separado pode simplificar a súa xestión e facilitar a busca e a recuperación. Polo tanto o máis común é que se almacenen nunha base de datos e se vinculen ao obxecto descrito.

### **Elementos esenciais ou *significant properties***

A orixinalidade é un concepto difícil na xestión dos documentos electrónicos (Yeo, 2010), en cambio pode ser máis factible falar da autenticidade (Harvey, 2005; Duranti, 1999). Elementos relacionados coa autenticidade como son a integridade, a identidade, ou os elementos esenciais ou *significant properties*, que se se conseguen protexer nos documentos, garantirán a súa preservación en procesos de migración ou conversión. E por tanto serán garantía de evidencia.

O proxecto InSPECT (*Investigating the Significant Properties of Electronic Content Over Time*) (InSPECT, 2006) investigou estes elementos ou características esenciais que dan ao obxecto dixital que vais ser conservado. Foi fundado polo *Joint Information Systems Committee* (JISC) entre o mes de marzo de 2007 e marzo de 2009 dentro do seu programa de Repositorios e Conservación (*Repositories and Preservation Programme*), inicialmente baixo a dirección do Servizo de Datos de Artes e Humanidades e dispois polo Centro para a Investigación Electrónica (CeRch) do King's College London e con soporte dos Arquivos Nacionais inglés (TNA). Este proxecto formulouse como obxectivo que o documento/obxecto dixital debe ser conservado todo o tempo, accesible e con significado. As propiedades do obxecto dixital (*significant properties*, SP) definidas neste proxecto como "as características que os obxectos dixitais deben conservar no tempo en orde a asegurar a continuidade da accesibilidade, usabilidade e o significado dos obxectos, e a súa capacidade de ser aceptados como evidencia do que se pretende documentar", amósanse segundo a categoría contido, contexto (metadatos), aparencia (cor, forma), funcionamento (interacción, funcionalidade) e estrutura (paxinación, seccións). Débese decidir cal destes aspectos de cada categoría deben conservarse ao longo do tempo para unha correcta planificación, en orde a establecer boas prácticas para a conservación dos obxectos dixitais.

O proxecto centrouse en amosar que na conservación dixital, os enfoques centrados en datos, é dicir, preocupados por manter o obxecto de datos utilizable no tempo, ofrecen mellores perspectivas de éxito que aqueles que es-

tán centrados no proceso, por exemplo tratar de manter o software orixinal e/ou entornos de hardware operativos. O reto fundamental da conservación dixital é o de preservar a accesibilidade e a autenticidade dos obxectos dixitais a través do tempo e os dominios e cambios do entorno técnico segundo as necesidades das comunidades que vaian usar eses obxectos. Isto require a aceptación tanto da inevitabilidade do cambio, e da separación inherente ao obxecto do seu entorno físico. Calquera estratexia de conservación que busque o éxito debe conciliar a esixencia de manter a integridade dese obxecto de información lóxica, coa inevitable transformación do entorno técnico no que reside o obxecto. Un modelo conceptual útil para entendela é o proporcionado polo modelo de rendemento "e o concepto de esencia", desenvolvido polo Arquivo Nacional de Australia en 2002 e presentado con gran lucidez este 2010 no *Australian Government Recordkeeping Metadata Standard*. Este concepto evolucionou ate converter esa "esencia", en propiedades ou subpropiedades que describen a entidade (documento, axente, normas, actividades e relacións) por algún aspecto concreto e nun medio particular. Existen 26 propiedades no estándar, das cales cinco son aplicables a todas as entidades: categoría, identificador, nome, data ou intervalo de datas e descrición. O tipo actúa como mediador na implementación de diversas entidades e para indicar a cal se refire en cada descrición. Estas propiedades defínense a través dos metadatos..

A planificación e execución de estratexias de conservación require dunha comprensión detallada das propiedades do obxecto físico. O máis fundamental deles é o formato de representación no que se codifica a información obxecto, aínda que outros explícitos e implícitos tamén necesitan ser entendidos, para poder avaliar a necesidade de adoptar medidas de conservación (en termos de risco), ou para identificar as estratexias axeitadas de conservación.

Unha organización con responsabilidade en obxectos dixitais non pode afirmar ou demostrar a autenticidade dos seus obxectos dixitais, e nos seus procesos de transformación (migración), a menos que poida identificar, mediar e demostrar as propiedades específicas sobre as que depende a autenticidade. Tampouco non pode realizar as accións de conservación necesarias para manter o acceso a eses obxectos, a menos que as súas actuais representacións técnicas as faga co detalle suficiente. O proxecto pretendía establecer as propiedades máis significativas para os diferentes tipos de obxectos e definir aquelas características máis importantes para a representación do obxecto (cadros e formatos), e establecer unha metodoloxías para a súa definición. Centrouse en catro obxectos tipo: imaxes, mensaxes de correo electrónico, texto e audio dixital.

O proxecto tivo un especial interese en presentar suxestións relativas á necesidade de investigar para apoiar a conservación de imaxes dixitais, en particular respecto da avaliación do risco e a perda de datos a través da migración.

InSPECT baseouse para a definición das propiedades, no modelo OAIS e a súa relación coa representación da información. Este traballo valeu para a incorporación na definición do Obxecto de Información de OAIS deste significado, *as características do obxecto de información que deben ser mantidas no tempo para asegurar o seu acceso, uso, e significado, e a súa capacidade para aceptarse como evidencia do que se pretende documentar*. Así consta na nova versión draft de revisión do modelo OAIS, libro rosa de agosto de 2009 (CCSDS, 2009).

Na análise dos obxectos dixitais, InSPECT aplica o modelo FBS: Función (*Function*), Conduta (*Behavior*), Estructura (*Structure*). Quere dicir que reinterpretou a terminoloxía de base utilizada na conservación e o conxunto de actividades necesarias para realizar o proceso de recopilación de requisitos dos obxectos dixitais.

A aplicación do método de deseño FBS serve para identificar as funcións dun obxecto dixital que se definiron polo creador e avaliar, se é necesario, volver crealos nas manifestacións posteriores do obxecto de información, segundo OAIS e as súas comunidades designadas. O fluxo de traballo que se define está composto por tres grupos de actividades (cada un composto por varias subtarefas): O obxecto da análise, análise dos actores (tamén forman parte da análise de requisitos) e a súa reformulación.

Na análise de requisitos, o arquivista necesita reunir información sobre as funcionalidades do obxecto dixital e comprender as tarefas que a persoa interesada no obxecto dixital desexa realizar. A información recopilada durante esta análise pode utilizarse posteriormente para determinar as propiedades dos obxectos de datos que son significativos para a recreación dun obxecto de información, por exemplo, como parte dun *Dissemination Information Package* (DIP). O proxecto distingue dúas correntes de actividades: *Análise do obxecto*, onde o arquivista analiza unha mostra representativa dun tipo de obxecto, identifica funcións e comportamento, e as propiedades que son necesarias para o seu rendemento; *Análise de persoas interesadas*: o arquivista identifica unha ou máis persoas interesadas que teñen algunha relación co obxecto de información e analizan as funcións que desexen facer. A análise de requisitos componse de dúas correntes de actividade e cada unha posúe un conxunto secuencial de subtarefas a realizar.

O importante deste proxecto é a súa metodoloxía de traballo, na análise dos catro obxectos: imaxes, mensaxes de correo electrónico, texto e audio

dixital que aportan unha visión importante no significado destes obxectos e o mantemento da súa autenticidade ao longo do tempo, incluso en procesos de migración e conversión (InSPECT, 2009).

### **O modelo OAIS**

O modelo de referencia *Open Archival Information System (OAIS)* erixiuse como o modelo sobre o cal moitos repositorios de arquivo para a conservación a longo prazo basearon a súa arquitectura. Non imos reproducir aquí todo o modelo OAIS, que pode consultarse na páxina do *Consultative Committee for Space Data Systems (CCSDS, 2002)*, pero si imos ver as razóns da súa popularidade e os elementos máis importantes.

O seu éxito radicou en que soubo definir a conservación máis amplamente que outros modelos anteriores, que se baseaban exclusivamente en tecnoloxía, en requisitos de hardware e software para a preservación dos obxectos a través do tempo. É dicir, o obxectivo era asegurar a súa lectura e intellexibilidade e nada máis. OAIS vai máis aló. Un sistema de conservación debe asegurar que un documento de arquivo está completo, é veraz e que pode ser usable ao longo do tempo. É dicir, tal como se citaba anteriormente e recollía ISO 15489-1:2001 no apartado 9.6, o sistema de xestión documental debe conservar a autenticidade do documento de arquivo e asegurar a súa accesibilidade, fiabilidade e asegurar que sexan utilizables durante todo o período de conservación, e se segue o modelo OAIS poderao conseguir. A introdución desta norma ISO 14721: 2003 indícanos *que se trata dun modelo de referencia aberto para o arquivo da información, tanto dixitalizada como física, para conservar a información e facela dispoñible á comunidade que o necesite*.

OAIS para asegurar que un sistema de xestión documental e arquivo segue os seus obxectivos sobre conservación, desenvolveu un amplo conxunto de especificacións de metadatos no seu modelo funcional. De maneira breve citar que este modelo se basea en cinco funcionalidades:

- Función de Aquisición, onde recibe a información dos produtores, prepáraa para almacenala e xestionala no repositorio;
- Función de xestión de arquivo, que define o uso do repositorio, o mantemento de paquetes de información de arquivo, responsable de asegurar que o contido se arquivou, fíxose de forma adecuada para garantir o seu mantemento a longo prazo;
- Función de xestión dos datos, que permite describilos;
- Función de administración que xestiona as operacións diarias do arquivo;

→ Función de acceso que axuda os usuarios a identificar e obter a información e permite a súa consulta. Para conseguir dar cumprimento a estas funcionalidades o modelo define tres etapas diferenciadas: a adquisición, a conservación e o acceso (Lavoie, 2004; Soler, 2009).

A adquisición pódese producir de dúas maneiras, por entrada directa ou dispois dun proceso de valoración, polo que o paquete de información pode ser recibido no formato orixinal ou como obxecto dixital. A súa denominación é de *Submission Information Package* (SIP). Unha vez no sistema o obxecto dixital transformárase nun obxecto dixital preservable, o *Archival Information Package* (AIP), xunto cos seus metadatos asociados. O novo obxecto dixital configúrase pola súa vez en catro paquetes de información sobre o contido (*Content Information*), o documento orixinal (*Content Data Object*), a información de representación (*Representation Information*) e a información relativa á conservación (*Preservation Description Information*). Desta forma o obxecto dixital aglutina a información que necesita para ser conservado a longo prazo, para efectos de identificalo de forma completa: o seu contido, o contexto en que se creou e a estrutura que o produciu e o formato en que foi creado e/ou migrado. Toda esta información transmítese a través dos metadatos asociados.

A conservación pódese conseguir grazas ao repositorio de arquivo e á migración feita na etapa anterior. Unha vez depositados no repositorio de maneira periódica hai que executar accións de detección de erros e de garantía de lexibilidade. Trátase de conseguir que o sistema de arquivo a longo prazo non quede obsoleto tecnoloxicamente, e que conserve os obxectos dixitais estables, igual que os mecanismos que permiten o seu uso.

O acceso e a posibilidade de usar os obxectos dixitais gardados no repositorio a longo prazo é o obxectivo final. A consulta destes obxectos dixitais prodúcese en tres etapas:

1. A consulta do inventario dos obxectos dixitais construído a partir dos metadatos;
2. A consulta do obxecto dixital a través dunha representación do mesmo a un formato intelixible para o usuario. Para efectos de manter a integridade, realízase unha conversión do obxecto cunha copia de consulta con referencia os metadatos que permiten garantir a súa autenticidade. No modelo OAIS é o que se denomina *Dissemination Information Package* (DIP);
3. O obxecto dixital transformado para a consulta transfírese a unha área accesible para o usuario.



## ■ O modelo PAMIAS

No ano 2006, publícase unha nova norma ISO 20652:2006. *Producer-Archive Interface Methodology Abstract Standard (PAMIAS)* que complementa ISO 14721:2003. Como estándar, ocúpase de identificar, definir e proporcionar a estrutura das relacións e interaccións entre un produtor e un arquivo dixital (Huc; Boucon; Sawyer; Garret, 2004). A norma define a metodoloxía a seguir para xestionar as actividades e as interfaces dende o contacto inicial entre o produtor e o arquivo ate que os obxectos de información son recibidos e validados por el. Estas actividades están enmarcadas na primeira etapa do proceso de adquisición definidos no modelo OAIS.

### **Repositorios dixitais de arquivo**

A función principal pola que se recoñece un repositorio dixital de arquivo é a *de proporcionar un acceso fiable a longo prazo dos recursos dixitais dunha determinada comunidade, no momento actual e no futuro* (RLG, 2002).

Noutras palabras seguindo o modelo OAIS, o repositorio debe asegurar que a información se conserva independentemente da comunidade desingada tanto tempo como sexa necesario.

Un repositorio dixital de arquivo debe documentar as estratexias de preservación, pero non dicindo simplemente o que fará, senón que debe amosalo a través do documento de política, as prácticas e os procedementos de funcionamento. Así debe ser capaz de demostrar: como tomo as súas decisións sobre que formatos vai aceptar; sobre os protocolos a seguir para a transferencia de obxectos, onde se inclúen os roles e as responsabilidades do produtor e de quen xestiona o repositorio; explicitar a evidencia das conversións que suceden nun AIP xerado dende un SIP; asegurar os mecanismos de calidade e as medidas a tomar para que o AIP sexa completo e corrector; prever e aplicar accións que garantan a seguridade do AIP, como plans de conservación, planificados, comprobados e aplicados; documentar os diferentes rexistros; políticas, procedementos e boas prácticas de conservación para asegurar unha captura correcta dos obxectos e o seu almacenamento e atender o inevitable cambio tecnolóxico; dispoñer dun rexistro de auditoría para a súa verificación.

Este conxunto de actividades a desenvolver nun repositorio é o que axudará a garantir que a información estea disponible e usable para futuras xeracións. O proceso para xestionar o cambio, é dicir, a estratexias coa que se formule, pode afectar á consecución da política de conservación.

Un repositorio dixital de arquivo debe establecer claramente que usuarios poden ou non ter acceso, e con que perfís. É un claro exemplo que a estratexia de funcionamento do repositorio debe recoller.

## ■ Tipos de repositorios de arquivo

Os tipos de repositorios de arquivo poden ser tres, según Laura Millar (Millar, 2010). Segundo esta autora canadiana, os tres tipos poden ser igualmente eficaces depende da decisión da organización que deba xestionalo e os recursos de que dispoña.

→ O primeiro tipo, é o centralizado na propia institución que crea e mantén os seus documentos. Este modelo respondería ao repositorio de arquivo que cree un arquivo nacional para xestionar os seus propios documentos gobernamentais, por exemplo o que creou o *Public Records Office of Victoria* de Nova Gales do Sur en Australia.

→ O segundo tipo de repositorio de arquivo, é o descentralizado ou é un organismo terceiro que recibe e conserva os documentos de arquivo das institucións que o crearon. Contrata os seus servizos como proveedor. Un exemplo próximo é iArxiu da Entidade Catalana de Certificación (Catcert).

→ O terceiro tipo de repositorio dixital de arquivo é a creación dun repositorio centralizado. Con este modelo unha institución crea o repositorio de arquivo e provee tecnoloxías e infraestrutura a outras institucións máis pequenas que dispoñan de documentos de arquivo a cambio dunha taxa polo depósito e a conservación.

## ■ Certificación e auditoría

No ano 2003, o *Research Library Group* (RLG) e os *National Archives and Records Administration* (NARA) uníronse para analizar a posibilidade de crear repositorios dixitais seguros e poder acreditar esa capacidade. O obxectivo era permitir a auditoría do repositorio, a avaliación e a súa certificación. Este grupo de traballo RLG-NARA, autores de *Trustworthy Repositories Audit & Certification: Criteria and Checklist* (TRAC), xunto coas operacións do *Center for Research Libraries* (CRL), o *Digital Curation Centre* e o *Digital Preservation Europe*, desenvolvedores de *Digital Repository Audit Method Based on Risk Assessment* (DRAMBORA) e o *Nestor Working Group*, autores de *Catalogue of Criteria for Trusted Digital Repositories* fixaron as condicións para poder crear depósitos e arquivos dixitais seguros auditables e certificables.

Dous anos máis tarde, no ano 2007, todos estes autores acordaron dez requisitos básicos que as súas propostas de repositorios dixitais de arquivo deberían cumprir para garantir a compatibilidade dos seus esforzos e producir resultados da súa actividade no tempo: Dedicación e compromiso cos obxectos dixitais; organización; legalidade; eficiencia e eficacia nas políticas; infraestrutura técnica adecuada; adquisición; integridades, autenticidades e

usabilidades na conservación do obxecto dixital; xestión de metadatos e existencia dunha pista de auditoría; difusión; planificación e actuación.

Nos tres casos, TRAC, DRAMBORA e Nestor, o modelo de referencia para repositorio dixital de arquivo é OAIS. Todos eles nacen co obxectivo e a necesidade de establecer pautas para medir o cumprimento deste modelo completo en todas as súas funcionalidades, aínda que cada un fixa o contido dos criterios que establecen para a súa avaliación de maneira distinta.

### **Proxectos con esquemas de metadatos para a xestión de documentos e/ou repositorios dixitais de arquivo**

#### **■ Estados Unidos**

Proxecto da Universidade de Pittsburg *The Functional Requirements for Evidence in Recordkeeping* foi o proxecto que administrou a Escola de Ciencias da Información da Universidade de Pittsburg entre 1992 e 1996 grazas a unha axuda da *National Historical Publications and Records Commission*. O proxecto, dirixido por Richard J. Cox quería examinar as variables que afectan á integración dos requirimentos da xestión documental nos sistemas electrónicos de información. Os principais obxectivos do proxecto foron desenvolver un conxunto de requirimentos funcionais de xestión documental, —tendo en conta todas as variables legais, administrativas e outras necesidades que poidese ter unha organización— e fosen útiles para deseñar e implementar sistemas de información electrónicos. O proxecto tamén tivo en conta, como a estas funcións lles afectan as políticas organizativas, a cultura e o uso dos estándares da tecnoloxías da información, o deseño dos sistemas e a implantación.

Foi o primeiro proxecto de investigación deseñado para identificar que metadatos son útiles para a xestión documental. O conxunto de especificacións de metadatos debían servir para garantir que os datos foran usables no tempo, foran accesibles para o seu creador e tivesen propiedades que garantiran a súa veracidade, como evidencia e como resultado das actividades de negocio. Identificaron 67 elementos de metadatos organizados en seis categorías: identificación, condicións e conceptos, estrutura, contexto, contido e uso. Esquema que serviu de inspiración a outros esquemas posteriores. Introduciu o concepto de repetible ou non repetible, obrigatorio e opcional, de grande axuda no momento da análise e para a súa aplicación real.

#### **■ Canadá**

Proxecto InterPARES (1999-2012). Este proxecto, dirixido por Luciana Duranti dividiuse en tres fases e xurdiu ante a dificultade de crear e manter os

documentos en soporte electrónico. Comezou por establecer como é un documento e como se pode recoñecer o seu entorno electrónico. Continuou co estudo dos tipos de sistemas electrónicos que xeran documentos, a formulación de criterios para a segregación de documentos, a definición de requerimentos conceptuais para garantir a veracidade e a autenticidade dos documentos, a articulación de requerimentos administrativos, de procedementos técnicos e asegurar que esta metodoloxías se pode aplicar a diferentes perspectivas: administrativa, xurídica, cultural, etc.

Unha das súas contribucións máis importantes deste proxecto da Universidade British Columbia foi o establecemento dunha teoría sobre as actividades e as entidades incluídas na xenése e conservación dos documentos e o modelo que ilustra as relacións entre actividades que teñen lugar na xestión dos fondos arquivísticos.

Na fase de InterPARES2, publicado nun número especial da revista *Archivi* titulado *International Research on Permanent Authentic Records in Electronic Systems (InterPARES): Experiential, Interactive and Dynamic Records*, o grupo de investigación traballou sobre os roles e requerimentos, manifestacións e a xestión dos metadatos na creación de veracidade e a preservación da autenticidade das entidades dixitais dentro do informe da *Task Force*, entre outros aspectos. O modelo de metadatos que o proxecto desenvolveu non é propiamente un esquema de metadatos senón un rexistro de metadatos. O seu nome é MADRAS (*Metadata and Archival Description Registry and Analysis System*).

InterPARES 3 é a terceira fase do proxecto, *Theoretical Elaborations into Archival Management (TEAM): Implementing the Theory of Preservation of Authentic Records in Digital Systems in Small and Medium-Sized Archival Organizations*. Iniciouse no ano 2007 e prevese que remate no 2012. Este proxecto quere trasladar a teoría e os proxectos de preservación dixital desenvolvidos polo proxecto InterPARES e outras iniciativas de investigación actuais, cara plans concretos de acción, para volumes de documentos que deben ser conservados a longo prazo en arquivos e unidades documentais ou arquivísticas das organizacións que contan con recursos limitados.

#### ■ Australia

SPIRT, este proxecto de investigación foi o resultado da colaboración entre Sue McKemmish, da Universidade australiana de Monash e Ann Peder-son, da Universidade de Nova Gales do Sur e algúns representantes da industria, os Arquivos Nacionais de Australia, a *State Records Authority* de Nova Gales do Sur, os Arquivos Estatais de Queensland, a Asociación de *Records Management* de Australia e o Consello de Arquivos Australiano. O acrónimo

SPIRT provén da beca de investigación que deu nome ao proxecto: *Strategic Partnership with Industry – Research & Training (SPIRT) Support Grant*, resultado da financiación obtida a través do Consello de Investigación Australiano e partners da industria.

O proxecto *SPIRT Recordkeeping Metadata* foi pensado para construír un framework no que outros estándares de metadatos doutros sectores poidesen desenvolver a súa propia aplicación.

*Recordkeeping Metadata Standards for Managing and Accessing Information Resources in Networked Environments Over Time for Government, Commerce, Social and Cultural Purposes* é o esquema de metadatos para a xestión de documentos australiano resultado da investigación. Contén unha guía de usuario e un prototipo de sistema de xestión de documentos que desenvolve de maneira efectiva o *Recordkeeping Management System (RkMS)* no que se basea o modelo teoría do continuo dos documentos. O Grupo de investigación que desenvolve esta teoría explorou, cara 2007, como deixar de utilizar a atribución manual de metadatos e sistemas individualizados e ir cara sistemas integrados que teñan en conta as funcións de xestión de documentos nas actividades de xestión e procesos.

Neste esquema inspirouse a norma ISO 23081 cando reproduce o esquema das principais entidades (actividades de xestión, axentes e documentos) e as súas relacións do esquema de metadatos.

O novo *Australian Government Recordkeeping Metadata Standard (AGRkMS) Implementation Guidelines: Exposure Draft* (NAA, 2010) distingue entre propiedades e subpropiedades que describen a entidade (documento, axente, normas, actividades e relacións) por algún aspecto concreto e nun medio particular. Existen 26 propiedades no estándar, das cales cinco son aplicables a todas as entidades: categoría, identificador, nome, data ou intervalo de datas e descrición. O tipo actúa como mediador na implementación de diversas entidades e para indicar a cal se refire en cada descrición. Estas propiedades defínense a través do esquema de metadatos. O interesante desta aportación do AGRkMS é a determinación da súa obriga ou non no esquema de metadatos como propiedade obrigatoria, repetible ou non e opcional.

VERS é o proxecto de investigación que promoveu o *Public Records Office Victoria (PROV)* no ano 1996 para estudar como asegurar a retención e garantir o acceso aos documentos electrónicos creados neste momento e no futuro. En 1998, VERS, xa funcionaba como un estándar e amosou que era posible e práctico capturar, xestionar e descubrir documentos electrónicos usando o formato de obxecto de VERS (VEO). O informe final da investigación, que se publicou en 1999 xa incluía unha definición de VERS documento dixital XML.

O esquema de metadatos de VERS distingue entre contedores de metadatos e elementos simples de metadatos. Un elemento simple de metadatos pode conter un valor textual, como por exemplo a data. Un contedor de metadatos pode conter outros elementos de metadatos, que poden ser pola súa vez contedores ou simples elementos de metadatos. Tamén distingue entre os elementos de metadatos que son obrigatorios, condicionais e opcionais.

No ano 2002 creou o seu primeiro repositorio de documentos electrónicos. No ano 2004, desenvolveu o repositorio de arquivo a longo prazo, para os documentos de arquivo que identificaron con esa necesidade. O proxecto desenvolveuno PROV e DMR Consulting e Fujitsu, nunha plataforma de Documentum que se integrou co repositorio inicial. Xestiona documentos electrónicos dende xullo de 2005, sen descuidar a xestión dos documentos de arquivo en papel.

VERS é un conxunto de estándares cuxo obxectivo é garantir a veracidade e a autenticidade do arquivo dos documentos electrónicos que se producen xa non só no Estado de Victoria.

#### ■ Londres

No ano 1999, o *Public Records Office* (PRO) do Reino Unido iniciou o traballo de definición dos requerimentos funcionais necesarios para a implantación dun sistema electrónico de documentos (ERMS). Foi revisado e completado co esquema de metadatos *e-Government Metadata Standard* (e-GMS), no ano 2002. Este estándar estaba constituído por 17 elementos e cos seus respectivos subelementos necesarios para unha xestión efectiva dos documentos electrónicos no goberno central do Reino Unido.

Os 17 elementos son:

identificador, título, asunto, descrición, creador, data, dirección, tipo de documentos, relación, agregación, lingua, localización, dereitos, disposición, sinatura dixital, conservación e obriga.

Na definición de cada un destes elementos, o estándar engade puntos de explicación sobre o tipo, a aplicación, obriga, nivel e significado.

No ano 2004, para garantir as funcionalidades de interoperabilidade do Goberno inglés o estándar e-GMS usa a linguaxe XML como medio de intercambio dos metadatos dende o sistema electrónico de documentos.

#### ■ Unión Europea

Moreq é o modelo de requisitos funcionais para a xestión de documentos electrónicos promovido pola Comisión Europea e debatido no marco de DLM

Forum dende antes da súa primeira aprobación no 2001. No ano 2008 foi substituído por Moreq2. De maneira práctica Moreq2 queres ser aplicable ás administracións públicas que queren implantar un ERMS, para ter unha guía clara do que deber cumprir un ERMS e así esixilo aos que fabriquen ou desenvolvan software, a consultores de xestión documental, aos que contraten servizos de xestión documental, etc.

O modelo de metadatos que propón, baséase na norma ISO 23081-2 e define 9 elementos: cadro de clasificación; clases, expedientes, subexpediente, volumes e documentos; redacción dos documentos (situacións da creación dos documentos), estrutura de metadatos (para reclasificación, destrución, transferencia, etc.), tipos de documentos, compoñentes, táboas de retención e disposición, axentes (usuarios, grupos e roles); entidades e axentes.

### ■ Portugal

RODA (*Repository of Authentic Digital Objects*) como iniciativa dos Arquivos Nacionais Portugueses (FARIA; CASTRO, 2007), que iniciou a súa andadura a mediados de 2006 para dar resposta ás necesidades de organización e infraestrutura necesarias para apoiar os procesos de xestión dos obxectos dixitais producidos pola administración pública portuguesa. O proxecto RODA creou un repositorio dixital que ingresa, xestiona e proporciona acceso a diversos tipos de obxectos dixitais: documentos de texto, imaxes, bases de datos, video e audio: A súa arquitectura baséase no modelo OAIS en canto á definición do ingreso, xestión de datos, conservación ou almacenamento e acceso, con dúas unidades adicionais denominadas administración e planificación da preservación. Antes de facer o desenvolvemento técnico, o equipo de arquivistas do proxecto definiron os requisitos funcionais necesarios para proceder ao estudo da plataforma que utilizarían como repositorios. Esta plataforma é *Fedora Commons*.

A normalización ten un papel importante no proxecto para normalizar formatos. Ao mesmo tempo a Universidade portuguesa de Minho comezou desenvolver un proxecto denominado CRiB (*Conversion and Recommendation of Digital Object Formats*) co obxectivo de axudar ás institucións e usuarios que quixesen levar a cabo intervencións de preservación baseadas na migración. Este sistema deseñouse para ofrecer servizos de identificación de formato, conversión deste a un formato máis actual, control de calidade da migración e conversión, idoneidade do rendemento e formato para a conservación a longo prazo, xeración de metadatos de conservación de acordo co formato PREMIS, etc. Este sistema pasou formar parte do proxecto RODA como unidade de planificación e execución da preservación.

Aínda que se dedicaron moitos esforzos ao desenvolvemento do proxecto aínda non levaron a cabo ningunha acción que fomente a conservación dixital activa real, xa que unha vez que os materiais se almacenaron no arquivo se conservan intactos e, por tanto, dende o punto de vista do formato, son susceptibles de obsolescencia tecnolóxica (RAMALHO; FERREIRA; FARIAS; CASTRO; BARBEDO; CORUJO, 2009).

### ■ Cataluña

i-Arxiu é unha plataforma desenvolvida pola Axencia Catalana de Certificación de Cataluña. Preséntase como un servizo de arquivo electrónico para as administracións públicas catalanas que necesiten conservar os seus documentos a longo prazo. Baséase no modelo OAIS. A xestión dos metadatos dos obxectos dixitais está nun ficheiro independente do obxecto dixital inicial e incorpora os metadatos dos esquemas MPEG 21 *Digital Item Definition Language*, PREMIS *Data Dictionary* e METS e o Vocabulario de metadatos (GRUP D'INNOVACIÓ TECNOLÒGICA (2008). Neste describe catro vocabularios de metadatos: para expediente ou unidades documental composta, documento ou unidade documental simple, documento ou unidade documental simple que forma parte dun expediente, ou o de sinatura electrónica. i-Arxiu combina categorías de metadatos de acordo con estes esquemas que fan referencia a representación, procedencia, contexto, referencia, seguridade, dereitos, descrición e empaketamento representados fundamentalmente en XML.

### Reflexións

Remato esta ponencia cunha reflexión, un sistema de xestión de documentos e arquivo debe dispoñer dun repositorio dixital de arquivo. Forma parte dese sistema. Debo dicirlles ademais que os documentos que se xeran no curso das actividades desenvolvidas nos nosos organismos necesitan conservarse, algunhas veces de maneira permanente, como instrumentos críticos de responsabilidade, como protección de dereitos individuais, corporativos ou gobernamentais, ou outras veces como recursos de información, investigación ou de estudo. O coidado físico dos documentos non é suficiente para asegurar a súa conservación como protección, perpetuación e avance da sociedade moderna. É importante garantir a autenticidade, recuperabilidade e accesibilidade dos documentos que deben conservarse permanentemente. Como resultado da fragilidade dos media e a obsolescencia tecnolóxica, o concepto preservación aplicado aos documentos electrónicos adquire sentido e integridade.



Moitas organizacións e persoas importantes xeran documentos en gran variedade de medios e formatos, que engaden un grao máis de dificultade para determinar o contexto de creación destes documentos para a súa conservación. Pero tampouco é factible reducir todos os documentos a un único medio, e renunciar a unha cantidade de perda de contido deses documentos ou información. Como foron evidentes os efectos de adoptar tecnoloxías da información e da comunicación sen previsión e planificación, nun entorno onde os documentos en soporte papel e electrónico conviven, a evolución desa tecnoloxía, as particularidades das aplicacións e programas, etc.

A accesibilidade aos documentos é unha necesidade que teñen as organizacións ou institucións. Os arquivistas ocupámonos de custodiar, manter e describir os documentos en soporte papel, e agora nos toca a quenda cos documentos electrónicos. Non tería sentido se a tarefa do arquivista non se recoñecese dende o momento da creación do documento.

A estandarización axuda a iso, como vimos as normas permítenos establecer as regras para definir o sistema que mellor conveña ás nosas organizacións. Nas nosas organizacións é conveniente que se produzan cambios, e eses cambios non resultan da nada senón resultado de aplicar estratexias que impulsen todo o necesario para garantir unha boa xestión de documentos e arquivo. Co cal será posible mellorar a conservación dos documentos a longo prazo, porque os recursos necesarios para facelo posible van ser factibles de obter. Doutra maneira, se non existen as estratexias e a necesidade nas nosas organizacións, e non sabemos darlle resposta, os nosos documentos, o noso patrimonio documental perderase.

Tamén hai que ser conscientes que o marco legal e normativo no noso país ou comunidade onde nos movemos, é importante, así como de investigación. No noso país deuse un paso importante coa aprobación do esquema nacional de interoperabilidade e de seguridade e co seu desenvolvemento terá que vir o impulso a todo este entramado teórico coa definición do esquema de metadatos pero tamén o marco para a xestión dos documentos nas nosas organizacións.

O cambio está servido.

## Referencias

- ACLAND, G.; REED, B.; MCKEMMISH, S. "Documenting Business: The Australian Recordkeeping Metadata Schema", 1999. Consulta: 9 septiembre 2010. URL:<http://www.infotech.monash.edu.au/research/groups/rcrg/publications/adcs.html>
- AGÈNCIA CATALANA DE CERTIFICACIÓ. "i-Arxiu. L'arxiu segur de les administracions públiques catalanes". Consulta: 9 septiembre 2010. URL:[http://www.catcert.cat/web/cas/1\\_4\\_9\\_iArxiu.jsp](http://www.catcert.cat/web/cas/1_4_9_iArxiu.jsp).
- BEARMAN, David. "Electronic Evidence: Strategies for Managing Records in Contemporary Organizations". Pittsburgh: Archives and Museum Informatics, 1994, p. 2.
- CCSDS (2002). Open Archival Information System. "Space data and information transfer Systems. Reference model". CCSDS 650.0-b-1. Blue book. January 2002". Consulta: 9 septiembre 2010. URL:<http://public.ccsds.org/publications/archive/650x0b1.pdf>.
- CCSDS. Open Archival Information System. "Reference Model for an Open Archival Information System. Draft Recommended Standard. CCSDS 650.0-P-1.1 (Pink Book) Issue 1.1. August 2009". Consulta: 9 septiembre 2010. URL:<http://public.ccsds.org/sites/cwe/rids/Lists/CCSDS%206500P11/Attachments/650x0p11.pdf>.
- COOK, Terry. "Beyond the screen: The Records Continuum and Archival Cultural Heritage". Paper delivered at the Australian Society of Archivists Conference, Melbourne. August 18, 2000. En: BATIN, Philip. Understanding Data and Information Systems for Recordkeeping. London: Facet Publishing, 2008, pp. 28-29.
- DELGADO, Alejandro; BARBADILLO, Javier. "Introducción a los metadatos para la gestión de documentos". En: Revista d'Arxius, 2009, n. 8, pp. 33-86.
- DIRECCIÓ GENERAL DE ARCHIVOS PORTUGUESES. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: <http://dgarq.gov.pt/servicos/arquivo-digital-roda/>
- DRAMBORA. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: [http://www.repositoryaudit.eu/img/drambora\\_flyer.pdf](http://www.repositoryaudit.eu/img/drambora_flyer.pdf)
- DURANTI, Luciana. "Préservation de l'intégrité des données électroniques ». En : Actes du DLM-Forum sur les données lisibles per machine, 18-20 décembre, 1996, p. 62.
- DURANTI, Luciana. "Permanently authentic Electronic records: An International call to action". En: Proceedings of the DLM-Forum on Electronic records. 18-19 october, 1999, p. 159.
- DURANTI, Luciana; PRESTON, Randy. "International Research on Permanent Authentic Records in Electronic Systems (InterPARES) 2. Experiential, Interactive and Dynamic Records". En: Archivi, 2008, 2, pp. 402-459.
- DURANTI, Luciana; THIBODEAU, Kenneth. "The Concept of Record in Interactive, Experiential and Dynamic Environments: the View of InterPARES". En: Archival Science, 2006, v. 6, n. 1, pp. 13-68.
- E-GMS-e-Government Metadata Standard. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: <http://www.esd.org.uk/standards/egms/>
- EUROPEAN COMMISSION. "Model requirements for the management of electronic records. Update and extension 2008". Consulta: 9 septiembre 2010. URL: [http://ec.europa.eu/transparency/archival\\_policy/moreq/doc/moreq2\\_specc.pdf](http://ec.europa.eu/transparency/archival_policy/moreq/doc/moreq2_specc.pdf)
- FARIA, Luís; CASTRO, Rui. "RODA. Repository of Authentic Digital Objects. Position paper for PresDB'07", 2007. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: [http://homepages.inf.ed.ac.uk/hmueller/presdb07/papers/positionpaper\\_faria.pdf](http://homepages.inf.ed.ac.uk/hmueller/presdb07/papers/positionpaper_faria.pdf)
- "FUNCTIONAL Requirements for Evidence in Recordkeeping: The Pittsburgh Project". Consulta: 9 septiembre 2010. URL: <http://www.archimuse.com/papers/nhprc/>.
- GRUP D'INNOVACIÓ TECNOLÒGICA. "Vocabulari de metadades". Barcelona: Generalitat de Catalunya. Direcció General de Patrimoni Cultural, 2008.
- HARVEY, Ross. "Preserving Digital Materials". München: KG Saur, 2005, pp. 88-89.
- HOFMAN, Hans. "The use of standards and models". En: McLEOD, J.; HARE, C. "Managing Electronic Records". London: Facet Publishing, 2005, p. 25.
- HUC, C.; BOUCON, D.; SAWYER, D.M.; GARRET, J.G. "The Producer-Archive Interface Methodology Abstract Standard (PAIMAS)", 2004. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: <http://www.aiaa.org/spaceops2004archive/downloads/papers/SPACE2004sp-template00446F.pdf>.
- INPECT. *Investigating the Significant Properties of Electronic Content Over Time*. "Project plan", 2006. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: <http://www.significantproperties.org.uk/inspect-projectplan.pdf>.
- INPECT. *Investigating the Significant Properties of Electronic Content Over Time*. "Final report", 2009. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: <http://www.significantproperties.org.uk/inspect-finalreport.pdf>.
- INTERPARES PROJECT. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: <http://www.interpares.org/>
- ISO 14721: 2003. Space data and information transfer Systems. Open ar-

- chival information system. Reference model. CCSDS 650.0-b-1. Blue book. January 2002. Geneve: ISO, 2003.
- ISO 20652:2006. Space data and information transfer Systems. Producer-Archive Interface Methodology Abstract Standard. CCSDS 651.0-B-1. Blue Book. May 2004. Geneve: ISO, 2006.
- LAVOIE, Brian F. "The Open Archival Information System Reference Model: Introductory Guide". Dublin: OCLC Online Computer Library Center, Inc. and Digital Preservation Coalition, 2004, pp. 9-12.
- LLANSÓ SANJUAN, Joaquim. "Gestión de documentos electrónicos. La importancia de los sistemas de gestión de documentos". Las Palmas: Anroart ediciones, 2009, p. 25.
- MILLAR, Laura. "Archives principles and practices". London: Facet Publishing, 2010.
- NATIONAL ARCHIVES OF AUSTRALIA (NAA). "Australian Government Recordkeeping Metadata Standard Implementation Guidelines: Exposure Draft". Consulta: 9 septiembre 2010. URL: [http://www.naa.gov.au/Images/AGRkMS%20guidelines%20draft\\_tcm2-32405.pdf](http://www.naa.gov.au/Images/AGRkMS%20guidelines%20draft_tcm2-32405.pdf).
- NESTOR WORKING GROUP. "Catalogue of Criteria for Trusted Digital Repositories", 2006. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: [http://files.d-nb.de/nesor/materialien/nesor\\_mat\\_08-eng.pdf](http://files.d-nb.de/nesor/materialien/nesor_mat_08-eng.pdf)
- ÚÑEZ, Eduardo. "Archivos y normas ISO". Gijón: Trea, 2007, pp. 117-121.
- OCLC Online Computer Library Center, Inc. "Trustworthy Repositories Audit & Certification: Criteria and Checklist (TRAC)", 2007. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: [http://www.crl.edu/sites/default/files/attachments/pages/trac\\_0.pdf](http://www.crl.edu/sites/default/files/attachments/pages/trac_0.pdf).
- PIGGOTT, Michael; McKEMMISH, Sue. "Recordkeeping, Reconciliation, and Political Reality". Paper presented at the Society of Archivists Annual Conference., Sydney, August 2002. En BATIN, Philip. "Understanding Data and Information Systems for Recordkeeping". London: Facet Publishing, 2008, p. 29.
- RAMALHO, J. C.; FERREIRA, M.; FARIA, L.; CASTRO, R.; BARBEDO, F.; CORUJO, L. "RODA i CRIB. Un repositori digital orientat als serveis". En: Revista Lligall, 2009, n. 30. p. 315.
- RLG. "Trusted Digital Repositories: attributes and Responsibilities. May 2002". Mountain View, California: RLG, 2002. Consulta: 9 septiembre 2010. URL: <http://www.oclc.org/research/activities/past/rlg/trusted-repositories.pdf>.
- RODA. Repositório de Objectos Digitais Autênticos. Relatório Final. Projeto 613/2006 POAP Consulta: 9 septiembre 2010. URL: [http://dgarq.gov.pt/files/2008/10/roda\\_relatorio1.pdf](http://dgarq.gov.pt/files/2008/10/roda_relatorio1.pdf)
- SOLER, Joan. "Del bit al logos. Preservar documents electrònics a l'Administració local". Barcelona: Diputació de Barcelona, 2009, pp. 191-192.
- UNE-ISO 23081-1. Información y documentación. Procesos de gestión de documentos. Metadatos para la gestión de documentos. Parte 1: Principios. AENOR. Madrid, 2008. p. 16
- UNE-ISO/TS 23081-2 Información y documentación. Procesos de gestión de documentos. Metadatos para la gestión de documentos. Parte 2: Elementos de implementación y conceptuales. AENOR. Madrid, 2008. p. 12
- VICTORIA ELECTRONIC RECORDS STRATEGY (VERS). Consulta: 9 septiembre 2010. URL: <http://www.prov.vic.gov.au/vers/vers/background.asp>.
- YEO, Geoffrey. "Nothing is the same as something else: significant properties and notions of identity and originality". En: Archival Science, 2010, v. 10, n.2, pp. 85-116.

# O documento electrónico no Esquema Nacional de Interoperabilidade de España

**Miguel A. Amutio Gómez**

Ministerio de Política Territorial e Administración Pública  
Xefe de Área de Planificación e Explotación

## **O documento electrónico no marco legal da Administración electrónica**

*A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos* inclúe, entre as grandes pezas da Administración electrónica, o documento electrónico, o expediente electrónico e o arquivo electrónico, nos seus artigos 29 a 32.

Así, ademais de definir o documento electrónico, regula:

- A emisión válida de documentos administrativos por medios electrónicos.
- As copias realizadas por medios electrónicos polas administracións públicas de documentos electrónicos emitidos polo propio interesado ou polas administracións públicas, así como de documentos emitidos orixinalmente polas administracións públicas en soporte papel.
- As copias en soporte papel de documentos públicos administrativos emitidos e asinados electronicamente.
- E a obtención por parte das administracións públicas de imaxes electrónicas dos documentos privados aportados polos cidadáns e, de ser o caso, a destrución de orixinais.

Do expediente electrónico, a lei ofrece unha definición e regula tanto o seu foliado mediante un índice electrónico, como a súa posta a disposición por medios electrónicos que poderá substituír á remisión do mesmo.

Do arquivo electrónico de documentos establece que poderán almacenarse por medios electrónicos todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas e regula o deber de conservar os documentos electrónicos en soportes desa natureza, asegurando en todo caso a posibilidade de trasladar

os datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso dende diferentes aplicacións; e tamén o deber de adoptar medidas de seguridade que garantan a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados, así como a identificación dos usuarios e o control de accesos, máis o cumprimento das garantías previstas na lexislación de protección de datos.

Ademais, a Lei 11/2007, ao crear no seu artigo 42 o Esquema Nacional de Interoperabilidade, inclúe a conservación xunto coa seguridade e a normalización dentro do conxunto de criterios e recomendacións que deberán ser tidos en conta polas administracións públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade.

Este Esquema, materializado no *Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica*, é de aplicación ás administracións públicas, aos cidadáns nas súas relacións coas mesmas e ás relacións entre elas, segundo se establece no artigo 2 da citada Lei 11/2007.

Persegue a creación das condicións necesarias para garantir o adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa dos sistemas e aplicacións empregados polas administracións públicas, que permita o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes a través do acceso electrónico aos servizos públicos, á vez que unha maior eficacia e eficiencia dos ditos servizos.

O Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) atende a todos aqueles aspectos que conforman de maneira global a interoperabilidade, incluíndo, como se desenvolve máis adiante, a recuperación e conservación do documento electrónico. Os seus elementos principais, dende unha perspectiva xeral, son os seguintes:

- Os principios específicos da interoperabilidade.
- As dimensións da interoperabilidade: organizativa, semántica e técnica ás que se refire o artigo 41 da Lei 11/2007, sen descoidar as referencias á dimensión da interoperabilidade no tempo.
- O uso de estándares nas condicións previstas na normativa para garantir a independencia na elección, a adaptabilidade ao proceso e a non discriminación dos cidadáns por razón da súa elección tecnolóxica.
- As infraestruturas e os servizos comúns, elementos recoñecidos de dinamización, simplificación e propagación da interoperabilidade, á vez que facilitadores da relación multilateral.
- A reutilización, das aplicacións das administracións públicas, da documentación asociada e doutros obxectos de información, dado que a voz

«compartir» se acha presente na definición de interoperabilidade recollida na Lei 11/2007 e xunto coa voz «reutilizar», constitúe un eixo de relevancia para interoperabilidade, e como tal, áchanse entroncadas coas políticas da Unión Europea en relación coa idea compartir, reutilizar e colaborar.

- A interoperabilidade da sinatura electrónica e dos certificados.
- A recuperación e conservación do documento electrónico, segundo o establecido na citada Lei 11/2007 como manifestación da interoperabilidade ao longo do tempo e que afecta de forma singular ao documentos electrónico.

Por último, créanse as normas técnicas de interoperabilidade e os instrumentos para a interoperabilidade, para facilitar a aplicación do Esquema.

A interoperabilidade concíbese, en consecuencia, dende unha perspectiva integral na que non collen actuacións puntuais ou tratamentos conxunturais, debido a que a debilidade dun sistema a determina o seu punto máis fráxil e, con frecuencia, este punto é a coordinación entre medidas individualmente adecuadas pero deficientemente ensambladas.

Por outra parte, o *Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos* regula, entre outros aspectos, os documentos electrónicos e as súas copias. En particular, este real decreto regula para a Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes:

- As características do documento electrónico.
- A adición de metadatos aos documentos electrónicos.
- A realización de copias electrónicas dos documentos electrónicos e de documentos en soporte non electrónico.
- A emisión de copias en papel dos documentos públicos administrativos electrónicos.
- A destrución de documentos en soporte non electrónico.
- A referencia temporal dos documentos administrativos electrónicos.
- As imaxes electrónicas aportadas polos cidadáns.
- E a obtención por parte dos cidadáns de copias electrónicas de documentos electrónicos e copias electrónicas para os efectos de compulsa.

Ademais, trata o arquivo electrónico de documentos e a conservación de documentos, así como a formación do expediente electrónico.

## **Medidas para garantir a recuperación e conservación do documento electrónico**

O citado Real decreto 4/2010 dedica o seu capítulo X á recuperación e conservación do documento electrónico. En liñas xerais este capítulo X trata a adopción de medidas para a recuperación e conservación dos documentos; os aspectos de seguridade, os formatos dos documentos e a dixitalización de documentos en soporte papel.

En primeiro lugar, establece que as administracións públicas adoptarán as medidas organizativas e técnicas necesarias para garantir a recuperación e conservación do documento electrónico ao longo do seu ciclo de vida, contemplando o seguinte:

- A definición dunha política de xestión de documentos.
- A inclusión nos expedientes dun índice electrónico asinado polo órgano ou entidade actuante que garanta a integridade do expediente electrónico e permita a súa recuperación.
- A identificación única e inequívoca de cada documento por medio de convencións axeitadas, que permitan clasificalo, recuperalo e referirse ao mesmo con facilidade.
- A asociación dos metadatos mínimos obrigatorios e, de ser o caso, complementarios, asociados ao documento electrónico, ao longo do seu ciclo de vida, e incorporación ao esquema de metadatos.
- A clasificación, de acordo cun plan de clasificación.
- O período de conservación dos elementos de acordo coa lexislación en vigor.
- O acceso completo e inmediato aos documentos a través de métodos de consulta en liña que permitan a visualización dos documentos.
- A adopción de medidas para asegurar a conservación dos documentos electrónicos ao longo do seu ciclo de vida.
- A coordinación horizontal entre o responsable de xestión de documentos e os restantes servizos interesados en materia de arquivos.
- A transferencia, de ser o caso, dos expedientes entre os diferentes repositorios electrónicos para os efectos de conservación, de acordo co establecido na lexislación en materia de arquivos, de maneira que se poida asegurar a súa conservación, e recuperación a medio e longo prazo.
- Se o resultado do procedemento de avaliación documental así o establece, borrado da información, ou de ser o caso, destrución física dos soportes, de acordo coa lexislación que resulte de aplicación, deixando rexistro da súa eliminación.




Figura 1: Medidas para a recuperación e conservación do documentos electrónico.

- A formación tecnolóxica do persoal responsable da execución e do control da xestión de documentos, como do seu tratamento e conservación en arquivos ou repositorios electrónicos.
- A documentación dos *procedementos que garantan a interoperabilidade a medio e longo prazo*, así como as medidas de identificación, recuperación, control e tratamento dos documentos electrónicos.

Establécese, ademais, que as administracións públicas crearán repositorios electrónicos, *complementarios e equivalentes en canto á súa función aos arquivos convencionais, destinados a cubrir o conxunto do ciclo de vida dos documentos electrónicos*. Enténdese aquí por repositorio electrónico o arquivo centralizado onde se almacenan e administran datos e documentos electrónicos, e os seus metadatos.

En segundo lugar, trátase a seguridade relativa á recuperación e conservación dos documentos electrónicos. Para este fin se establece que se debe aplicar o previsto no *Real decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica*, en relación co cumprimento dos principios básicos e dos requisitos mínimos de seguridade, mediante a aplicación das medidas de seguridade adecuadas aos medios e soportes nos que se almacenan os documentos, de acordo coa categorización dos sistemas; e que:

estas medidas se aplicarán co fin de garantir a integridade, autenticidade, confidencialidade, dispoñibilidade, trazabilidade, calidade, protección, recuperación e conservación física e lóxica dos documentos electrónicos, os seus soportes e medios, e se realizarán atendendo aos riscos aos que poidan estar expostos e aos prazos durante os cales deban conservarse os documentos.



O Esquema Nacional de Seguridade reconece que a garantía da recuperación e a conservación dos documentos electrónicos forman parte tamén da seguridade.

Así, o principio básico de seguridade de *prevención, reacción e recuperación* contempla de forma explícita que:

sen mingua dos demais principios básicos e requisitos mínimos establecidos, o sistema garantirá a conservación dos datos e informacións en soporte electrónico

e que

de igual modo, o sistema manterá dispoñibles os servizos durante todo o ciclo vital da información dixital, a través dunha concepción e procedementos que sexan a base para a preservación do patrimonio dixital.

Por outra parte, o requisito mínimo de *protección da información almacenada e en tránsito* establece que:

forman parte da seguridade os procedementos que aseguren a recuperación e conservación a longo prazo dos documentos electrónicos producidos polas administracións públicas no ámbito das súas competencias.

Ao cal se engade que:

Toda información en soporte non electrónico, que fose causa ou consecuencia directa da información electrónica á que se refire o presente real decreto, deberá estar protexida co mesmo grao de seguridade que esta. Para iso se aplicarán as medidas que correspondan á natureza do soporte en que se atopen, de conformidade coas normas de aplicación á seguridade dos mesmos.

No terreo máis concreto das medidas de seguridade, as denominadas *medidas de protección* inclúen apartados dedicados á *protección da información* que recollen medidas relativas a datos de carácter persoal, cualificación da información, cifrado, sinatura electrónica, selo de tempo, limpeza de documentos e copias de seguridade; e á *protección dos soportes de información* que recollen medidas relativas a etiquetado, criptografía, custodia, transporte, borrado e destrución.

Volvendo ao Esquema Nacional de Interoperabilidade, en relación cos aspectos relativos á sinatura electrónica na conservación do documento elec-

trónico, este remítase á Política de sinatura electrónica e de certificados e apunta que:

cando a sinatura electrónica e os certificados non poidan garantir a autenticidade e a evidencia, estas se garantirán a través da conservación e custodia nos repositorios e arquivos electrónicos.

En relación cos formatos dos documentos, o Esquema Nacional de Interoperabilidade contempla o seguinte:

- Conservación no formato en que o documento fose elaborado, enviado ou recibido, e preferentemente nun formato correspondente a un estándar aberto que preserve ao longo do tempo a integridade tanto do contido do documento, como da sinatura electrónica e dos metadatos que o acompañan.
- Elección de formatos normalizados e perdurables parra asegurar a independencia do soporte segundo o previsto sobre estándares.
- Aplicación, cando exista risco de obsolescencia, de procedementos normalizados de copiado auténtico dos documentos con cambio de formato, de etiquetado con información do formato utilizado e, de ser o caso, das migracións ou conversións de formatos.

En relación coa dixitalización de documentos en soporte papel, establécese que esta se realizará de acordo co indicado na norma técnica de interoperabilidade correspondente en relación cos seguintes aspectos:

- Formatos estándares de uso común para a dixitalización de documentos en soporte papel e técnica de compresión empregada.
- Nivel de resolución.
- Garantía de imaxe fiel e íntegra.
- Metadatos mínimos obrigatorios e complementarios, asociados ao proceso de dixitalización.

Finalmente, co fin de facilitar a aplicación do Esquema, establécense diversas normas técnicas de interoperabilidade, entre as cales se significan as seguintes polo seu interese para o documento electrónico:

- Política de xestión de documentos electrónicos
- Documento electrónico
- Expediente electrónico




Figura 2: Panorámica de conceptos a manejar.

mo as grandes orientacións e cuestións que se deberían tratar á luz do estado da arte na materia e cuxos detalles deberán precisarse e acordarse.

O desenvolvemento das normas técnicas de interoperabilidade estase a realizar no ámbito dos órganos da Administración con competencia en materia de Administración electrónica, segundo a mesma dinámica de participación de todas as administracións públicas que se aplicou para a realización dos Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e de Seguridade.

### Política de xestión de documentos electrónicos

O Real decreto 4/2010 define a Política de xestión de documentos electrónicos como

aquelas orientacións ou directrices que define unha organización para a creación e xestión de documentos auténticos, fiables e dispoñibles ao longo do tempo, de acordo coas funcións e actividades que lle son propias. A política apróbase ao máis alto nivel dentro da organización, e asigna responsabilidades en canto á coordinación, aplicación, supervisión e xestión do programa de tratamento dos documentos a través do seu ciclo de vida.

E establece que:

incluírá directrices para a asignación de responsabilidades, tanto directivas como profesionais e a definición dos programas, procesos e controis de xestión de documentos e administración dos repositorios electrónicos, e a documentación dos mesmos, a desenvolver polas administracións públicas e polas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas.

A norma técnica de interoperabilidade de política de xestión de documentos electrónicos persegue, en consecuencia, ofrecer pautas para a implanta-

■ Dixitalización de documentos

■ Procedementos de copiado auténtico e conversión entre documentos electrónicos, así como dende papel ou outros medios físicos a formatos electrónicos.

No momento de redacción deste texto estas normas atópanse en curso de elaboración, polo que aquí soamente se poden apuntar os numerosos, diversos e interrelacionados conceptos que hai que manexar e de ser o caso concretar, así co-

ción práctica do sistema de xestión de documentos e do seu programa de tratamento, e identificar os requisitos e procesos de xestión de documentos no marco da administración electrónica sobre a base de normas e boas prácticas consolidadas a nivel nacional e internacional; sinalando que a definición, aprobación e implantación da Política de xestión de documentos electrónicos nunha administración implicará diferentes graos de responsabilidade que deben asumirse por directivos, responsables de procesos, técnicos arquiveiros e empregados públicos.

Os grandes aspectos a contemplar serían os que se citan a continuación á luz dos referentes asentados na materia:

En primeiro lugar, as características que acompañan aos documentos electrónicos ao longo do seu ciclo de vida: autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade.

En segundo lugar, a implantación dun sistema institucional de xestión de documentos electrónicos, como un sistema de xestión máis, no conxunto dos sistemas de xestión dunha administración (como, por exemplo, económica, de persoal, etc.). Este sistema alimentaríase dos documentos incorporados a través do proceso de captura, con independencia de que fosen creados dentro ou fóra da propia Administración. Os seus compoñentes son a política, os recursos, o programa e os propios documentos electrónicos.

En terceiro lugar, o establecemento dun programa de tratamento específico para a xestión de documentos electrónicos dunha administración, de aplicación tanto en ámbitos puramente electrónicos como analóxicos ou híbridos. Incluiría os seguintes procesos de xestión de documentos a levarse a cabo segundo os procedementos establecidos para cada un deles:

- Captura de documentos, na que se asigna un identificador ao documento e se establece a relación entre este, o seu produtor e o contexto en que se orixinou, proporcionándolle así o valor probatorio necesario.
- Rexistro de documentos como requisito legal definido na lexislación de procedemento administrativo.
- Clasificación de documentos segundo criterios de actividade de acordo cos cadros de clasificación específicos, e que pode complementar-se mediante a definición de linguaxes controladas e índices.
- Descrición de documentos que, orientada especificamente á recuperación da información, se nutre principalmente da información aportada na asignación dos metadatos necesarios para a xestión dos documentos electrónicos.
- Cualificación dos documentos que inclúe a determinación dos docu-

mentos esenciais, determinación dos prazos de conservación e ditame da autoridade cualificadora.

- Conservación dos documentos a través da estratexia documentada correspondente que describa os requisitos e procedementos a seguir.
- Acceso aos documentos que debe establecerse en función das súas características, valores e o determinado na lexislación de aplicación en cada caso.
- O control de trazabilidade como proceso esencial da xestión de documentos nunha Administración pública chamado a facilitar o seguimento do movemento e uso dos documentos dentro dun sistema de xestión de documentos.

Estes procesos deberían acompañarse en calquera caso das seguintes actuacións horizontais:

- Documentación de cada proceso de xestión nun manual de procesos de xestión de documentos entendido como conxunto de procedementos para levar a cabo os distintos procesos de xestión de documentos.
- Programa de formación continua en xestión de documentos electrónicos con programas adaptados a responsables do deseño, a implantación e a administración do programa de tratamento de documentos electrónicos, así como a todo o persoal con responsabilidades na creación de documentos e a súa incorporación ao sistema de xestión de documentos.
- Supervisión e auditoría que garantan que os procesos de xestión de documentos se realizan conforme ao establecido na política e nos requisitos recollidos nos procedementos de xestión de cada proceso. Para iso, os procedementos e accións segundo os cales se levan a cabo os distintos procesos deberían xerar de forma automatizada ou manual rexistros coas evidencias da correcta aplicación dos ditos procedementos.

O gráfico da figura 3 amosa o enfoque da política de xestión de documentos electrónicos nunha administración como unha máis entre o conxunto de políticas adoptadas pola administración no desempeño das súas actividades.

### **Documento electrónico**

O Esquema Nacional de Interoperabilidade establece que a norma de documento electrónico:




Figura 3: Contexto da Política de xestión de documentos na administración (Fonte: traballo en curso no ENI).

tratará os metadatos mínimos obrigatorios, a asociación dos datos e metadatos de sinatura ou de selado de tempo, así como outros metadatos complementarios asociados; e os formatos de documento.

Así, a intención da norma técnica de interoperabilidade de documento electrónico é abordar os compoñentes do documento electrónico, así como a estrutura e formato para o seu intercambio, co obxecto de fixar unhas bases que permitan satisfacer os requisitos e as necesidades inmediatas á vez que posibles necesidades futuras mediante, de ser o caso, oportunas ampliacións de forma sucesiva.

Parece necesario, en primeiro lugar, clarificar os conceptos de documento electrónico, documentos administrativo electrónico, documentos do cidadán ou documento privado, así como apuntar unha visión dos procesos principais asociados ao seu ciclo de vida.

O anexo da Lei 11/2007 define documento electrónico como:

información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.

En canto a documento administrativo electrónico, o artigo 29 da citada Lei establece que:

as administracións públicas poderán emitir validamente por medios electrónicos os documentos administrativos aos que se refire o artigo 46 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que incorporen unha ou varias sinaturas electrónicas conforme ao establecido na sección III do capítulo II da presente Lei.

Establece ademais que *os documentos administrativos incluirán referencia temporal, que se garantirá a través de medios electrónicos cando a natureza do documento así o requira.*

Non se dispón dunha definición como tal de documento administrativo electrónico senón que aparecen uns requisitos adicionais relativos á incorporación dunha ou varias sinaturas electrónicas e a referencia temporal. No entanto, pódese realizar un reflexo directo das tipoloxías de documentos administrativos convencionais no mundo electrónico, o que supón tratar:

- Documentos de decisión: resolucións e acordos.
- Documentos de transmisión: comunicacións, notificacións e publicacións.
- Documentos de constancia: actas, certificados e dilixencias.
- Documentos de xuízo: informes.
- Documentos do cidadán: solicitudes, denuncias, alegacións, recursos e comunicacións.
- Outros: acuses de recibo, incautados.

Pódese concluír, por tanto, que un documento administrativo electrónico é un obxecto dixital administrativo que contén tanto a información obxecto (datos, sinatura electrónica) como os datos asociados a esta (metadatos).

En segundo lugar, enténdese a sinatura electrónica do documento electrónico como:

conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que permite detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos aos que se refire e foi creada por medios que o asinante pode manter baixo o seu exclusivo control.

Para garantir a autenticidade e integridade de calquera documento electrónico se lle asociará, polo menos, unha sinatura electrónica. No caso dos documentos administrativos electrónicos estes deben ter sempre asociada, polo menos, unha sinatura electrónica.

En terceiro lugar, hai que considerar os metadatos do documento electrónico. Os metadatos constitúen un compoñente do documento electrónico que, como información estruturada ou semi-estruturada, facilita a creación, xestión e uso de documentos ao longo do tempo no contexto da súa creación.

A definición común de metadatos é «*dato que define e describe outros datos*». Segundo o Real decreto 1671/2009 enténdese por metadato:

calquera tipo de información en forma electrónica asociada aos documentos electrónicos, de carácter instrumental e independente do seu contido, destinada ao coñecemento inmediato e automatizable dalgunha das súas características, coa finalidade de garantir a dispoñibilidade, o acceso, a conservación e a interoperabilidade do propio documento.

O citado Real decreto 1671/2009 dedica o seu artigo 42 aos metadatos do documento electrónico. Establece que os documentos electrónicos susceptibles de integrarse nun expediente electrónico deben ter asociados metadatos que permitan a súa contextualización, así como a información relativa á sinatura do documento e a referencia temporal dos mesmos.

Refírese aos metadatos mínimos obrigatorios que unha vez asociados a un documento electrónico non poderán modificarse en ningunha fase posterior do procedemento administrativo, salvo que se observe a existencia de erros ou omisións nos metadatos inicialmente asignados ou que poida tratarse de metadatos que requiran actualización. A identificación dun conxunto de metadatos mínimos obrigatorios, xunto cos seus esquemas de valores que poida ser manexado de forma automatizada é un dos aspectos aos que se lle está a dedicar maior esforzo.

Ademais, indica que se poderán asociar metadatos de carácter complementario, para as necesidades de catalogación específicas que non estarán suxeitos ás prohibicións de modificación establecidas para os metadatos obrigatorios.

Para manexar os metadatos dende unha perspectiva xeral parece necesario elaborar un esquema de metadatos para a xestión de documentos electrónicos.




Figura 4: Perspectiva multi-entidade dos metadatos. (Fonte: traballo en curso no ENI).



Os metadatos do documento electrónico poden definirse no marco dun sistema de xestión documental completo dende unha perspectiva multi-entidade na que, ademais dos propios documentos, participan outro tipo de entidades caracterizadas polos seus propios metadatos, como poden ser axentes, regulacións ou actividades. Este esquema viría constituír un modelo funcional para a aplicación dos metadatos como ferramenta de xestión global.

Como tal, podería ser utilizado como ferramenta de apoio para a adecuación de cada organización aos requisitos de interoperabilidade en materia de xestión documental, se ben, cada unha debería establecer as súas aplicacións particulares, de acordo coas súas propias necesidades de xestión de documentos.

Dito o anterior, cabería establecer o modelo conceptual no que se apoie o modelo de metadatos, as súas propiedades e a súa lóxica subxacente; a descrición de cada un dos elementos e sub-elementos de metadatos, a través da descrición da cada unha das súas características: definición, propósito, obrigatoriedade, etc.; os esquemas de valores necesarios para cumprimentar os valores dos elementos de metadatos relevantes; as referencias ás normas utilizadas como base, así como a outras normas de potencial utilidade.

Para toda esta tarefa se poden considerar referentes tales como o esquema de metadatos proposto e utilizado polo Arquivo Nacional de Australia *Australian Government Recordkeeping Metadata Standard Version 2.0*, no que habería que excluír e adaptar unicamente aqueles compoñentes nacionais que non teñan sentido no noso ámbito, e incorporar os compoñentes necesarios para facelo compatible cos requisitos das restantes normas técnicas e a lexislación vixente.

A forma de implementación dos metadatos para o seu tratamento e xestión a nivel interno quedaría libre e, como tal, debería ser deseñada por cada organización en base ás súas necesidades, criterios e normativa específica. En particular, a conveniencia dun determinado nivel de integración entre sinatura e metadatos derivado da implementación adoptada, debería ser valorada segundo as necesidades e normativa específica de cada organización. Deberá terse en conta que, se a sinatura cubre os metadatos, estes non poderán modificarse, ou ben, a súa modificación provocará a necesidade de volver asinar o documento. Por tanto, en caso de sinatura de metadatos habería que considerar só aqueles cuxo valor non poida variar ao longo da vida do documento.

En calquera caso, para garantir a dispoñibilidade e integridade dos metadatos, cada organización debería aplicar as medidas de seguridade adecuadas, establecidas a tal efecto no Esquema Nacional de Seguridade.

En cuarto lugar, tras a descrición do concepto de documento electrónico, sinatura e metadatos hai que tratar os formatos de ficheiros aplicables ao contido dos documentos electrónicos. Segundo o ENI, *o formato dun documento electrónico é o conxunto de regras ou algoritmos que define a maneira correcta de intercambiar ou almacenar datos en memoria*. Tratar os formatos implica referirse a estándares no marco establecido pola Lei 11/2007, no senso de que se utilizarán estándares abertos e de ser o caso, e de forma complementaria, estándares que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns. Esta é unha cuestión da que se ocupará a norma relativa ao catálogo de estándares.

En quinto lugar, hai que tratar a estrutura e compoñentes dos documentos electrónicos en intercambios entre administracións e co cidadán. Cómpre considerar o documento electrónico como unha unidade lóxica cunha estrutura que inclúe os seguintes elementos: (i) bloque de datos formado polos datos de contido, é dicir, os datos en que se substancia a información dun documento, materializado no ficheiro que soporta tanto o contido como os datos para a identificación, a autenticación e a validación do documento, tales como a sinatura electrónica asociada ao ficheiro de contido; e (ii) bloque de metadatos. Parece conveniente formular, así mesmo, unha proposta para o intercambio de documentos electrónicos, baseada nun formato XML normalizado, de maneira que o ficheiro contedor inclúa contido, sinatura e metadatos.

Así, un documento electrónico, na súa forma máis común e simple, estaría composto por un só ficheiro de información, un conxunto de metadatos e obrigatoriamente se é un documento administrativo electrónico, unha ou varias sinaturas electrónicas. Para os efectos do seu tratamento, xestión e conservación, a suma de compoñentes do documento constituiría un único obxecto electrónico.


Finalmente cómpre apuntar que esta norma non debería ser un procedemento de xestión do documento electrónico; nin unha implantación específica do documento electrónico máis alá de operacións de intercambio e comunicación, sendo esta libre sempre que cumpra o requisito mínimo necesario de manter as relacións entre o documento e os seus metadatos.

### **Expediente electrónico**

O Esquema Nacional de Interoperabilidade establece que esta norma *tratará da estrutura e formato do expediente electrónico, así como das especificacións dos servizos de remisión e posta a disposición do mesmo*.

A Lei 11/2007 define no seu artigo 32 o expediente electrónico como o: *conxunto de documentos electrónicos correspondentes a un procedemento*

Figura 5:  
Compoñentes do  
documento  
electrónico (Fonte:  
traballo en curso no  
ENI).



*administrativo, calquera que sexa o tipo de información que conteñan. Engade que o*

foliado dos expedientes electrónicos levarase a cabo mediante un índice electrónico, asinado pola Administración, órgano ou entidade actuante, segundo proceda. Este índice garantizará a integridade do expediente electrónico e permitirá a súa recuperación sempre que sexa preciso, sendo admisible que un mesmo documento forme parte de distintos expedientes electrónicos.

En consecuencia, os compoñentes dun expediente electrónico serían os seguintes:

- Documentos electrónicos: conteñen a información obxecto (contido, sinatura) e os datos asociados a esta (metadatos).
- Índice electrónico: contén a identificación substancial dos documentos electrónicos que compoñen o expediente, a efectos de preservar a integridade do mesmo.
- Sinatura do expediente: conxunto de datos de identificación que serve para a validación do contido e a estrutura dun expediente, para os efectos de garantir a súa autenticidade e integridade, podendo abarcar, ademais da información propia do índice, outra de carácter procesual particular de cada organización. A sinatura do expediente é, por tanto, unha sinatura electrónica da organización responsable do expediente. A sinatura do expediente aplicaríase ao seu índice electrónico, avalando a integridade do dito índice e, por extensión, do contido do expediente electrónico.

■ **Metadatos do expediente:** conxunto de datos que proporcionan contexto ao contido, estrutura e sinatura do expediente. Ademais, os metadatos do expediente poden incluír particularidades procesuais cara facilitar a súa xestión. Os metadatos do expediente estarían asociados ao índice electrónico.

Cando se produzan solicitudes de remisión ou posta a disposición de expedientes entre distintas organizacións ou por parte dos cidadáns, estas deberían seguir unhas pautas comúns para levar a cabo as ditas consultas e o intercambio de expedientes electrónicos. Tanto a posta a disposición do expediente como a remisión, implican que os interesados poidan obter o orixinal ou unha copia do mesmo, segundo o procedemento que aplique de ser o caso.

Por último, habería que incluír unha serie de consideracións xerais a ter en conta para a implementación e xestión do expediente electrónico, así como unha proposta de esquemas XML para o intercambio de expedientes electrónicos e os seus diferentes compoñentes.

Considérase que esta norma non debería ser unha regulación para a xestión interna do expediente electrónico por parte de cada organización; nin unha implantación específica do expediente electrónico máis alá de operacións de intercambio e comunicación.

### Dixitalización de documentos

A intención da norma técnica de interoperabilidade de dixitalización de documentos, atendendo ao mandato do Esquema Nacional de Interoperabilidade,




Figura 6:  
Compoñentes do expediente electrónico (Fonte: traballo en cursos no ENI).

é establecer os formatos e estándares aplicables, as características e parámetros básicos a garantir nos procedementos para a dixitalización de documentos en soporte papel independentemente de que fosen aportados polo cidadán ou xerados por unha administración, incluíndo os niveis de calidade e as condicións técnicas e os metadatos asociados ao proceso de dixitalización. Outros soportes, como aqueles que rexistran o son, a imaxe ou ambos os dous, quedarían excluídos do alcance, nun principio, sen prexuízo da súa posible inclusión en versións posteriores. Defínese a dixitalización de documentos como o:

proceso tecnolóxico que permite a obtención de un ou varios ficheiros electrónicos que conteñen a imaxe codificada, fiel e integra dun documento papel a través de técnicas fotoeléctricas de escaneado.

Defínese como imaxe electrónica o *resultado de aplicar un proceso de dixitalización a un documento en soporte papel ou noutro soporte que permita a obtención fiel da dita imaxe.*

En primeiro lugar cómpre facer a seguintes consideracións:

- A imaxe electrónica obtida a través dun proceso de dixitalización, aínda que non poida ser completamente idéntica ao documento en soporte papel, si debería ser suficientemente fiel ao contido orixinal e garantir a súa integridade.
- A aplicación proporcional das esixencias de fidelidade e integridade específicas de cada documento debería ser establecida por cada organización segundo a normativa aplicable en cada caso. A calidade do documento resultado do proceso de dixitalización, ao igual que outros parámetros do seu contexto, debería ser determinada pola organización responsable do proceso segundo as características do documento a dixitalizar e a normativa aplicable a cada caso.
- O resultado do proceso de dixitalización é a creación dun documento electrónico, entendido este como un obxecto dixital formado por un conxunto de compoñentes que comprende a imaxe electrónica obtida, os seus metadatos e a sinatura asociada ao proceso de dixitalización.

En segundo lugar, a finalidade de establecer uns requisitos do proceso de dixitalización é establecer uns mínimos sobre os que cada organización, en función das características dos documentos a dixitalizar, pode establecer esixencias ou limitacións superiores para dar resposta a necesidades específicas, ou de máis amplo alcance, provocadas por motivos legais, documentais, sociais, técnicos ou culturais.

As características a contemplar incluírían os formatos admitidos para a imaxe electrónica obtida; o nivel de resolución mínimo de 200 ppp (píxeles por polgada), tanto para imaxes obtidas en branco e negro, escala de grises ou a cor; metadatos no proceso de dixitalización nos que, baixo a implementación de cada organización, se rexistren as características e condicións en que levaron a cabo a captura da imaxe electrónica; e a garantía de imaxe fiel.

En relación con este último aspecto, enténdese por imaxe fiel aquela formada por un conxunto de compoñentes dixitais que representan o contido e aspecto do documento orixinal, así como as características ou metadatos asociados que contribúen a garantir a fidelidade da imaxe que, en calquera caso, virá avalada pola sinatura electrónica correspondente. A fidelidade da imaxe debe interpretarse de forma proporcional ás esixencias de fidelidade e integridade específicas de cada documento que deben establecerse por cada organización segundo a normativa de aplicación en cada caso.


En terceiro lugar, o proceso de dixitalización enténdese como un procedemento informático automático no que, sen interrupción do mesmo, se inclúen as tarefas de:

- Dixitalización por medios fotoeléctricos para obter un ficheiro imaxe na memoria do sistema, entendida esta en sentido amplo (RAM, HDD...). Este ficheiro imaxe debe ser fiel ao documento orixinal en papel, é dicir, debe representar a aparencia e contido daquel, e debe tender a minimizar en todo o posible a perda de contexto e estrutura de maneira proporcional ás esixencias de fidelidade e integridade específicas de cada documento.
- Optimización da imaxe para garantir a súa lexibilidade de modo que todo o contido do documento orixinal poida apreciarse e sexa válido para a súa xestión. Esta optimización comprende aspectos tales como *umbralización*, reorientación, eliminación de bordes negros ou outros de natureza análoga.
- Conformación do documento electrónico como obxecto dixital que inclúe o ficheiro imaxe obtido anteriormente, os metadatos do proceso de dixitalización e a sinatura do dito proceso. Esta sinatura aplícase ao ficheiro imaxe obtido e debe estar suxeita ao establecido para calquera documento electrónico na norma de documento electrónico.

Finalmente quedarían fóra do alcance desta norma cuestións tales como as seguintes:

- A descrición do proceso de xeración de copias electrónicas auténticas de documentos en soporte papel, xa que será necesario cumprir ademais os

Figura 7: Proceso de digitalización (Fonte: traballo en curso no ENI).



requisitos que se desenvolven na norma de copiado auténtico e conversión.

- Un procedemento de dixitalización, pois o procedemento particular debe ser desenvolvido e implantado por cada organización.
- Consideracións para o tratamento de imaxes electrónicas aportadas polos cidadáns nas súas relacións coas administracións.
- Un procedemento con carácter retroactivo para o tratamento de documentos que fosen dixitalizados con anterioridade á publicación da norma.
- Un instrumento para a homologación de aplicacións ou dispositivos de dixitalización, sen prexuízo de que posibles futuras versións se desenvolvan considerando tamén a dita finalidade.

### Copiado auténtico e conversión

A intención da norma técnica de interoperabilidade de copiado auténtico e conversión é definir os tipos de copia auténtica, as consideracións para a súa xeración, os metadatos asociados e soporte e formato que as caracterizan, así como establecer as condicións que poden motivar a conversión dun documento electrónico, entendida esta como un cambio de formato, definir as pautas para executar procedementos deste tipo e os metadatos asociados.

Dito o anterior, pódese entender por copia auténtica, un novo documento expedido por unha organización con competencias atribuídas para iso, con valor probatorio pleno sobre os feitos ou actos que documenta, equivalente ao documento orixinal. A copia auténtica pode consistir na transcripción do contido do documento orixinal ou nunha copia realizada por calquera medios informáticos, electrónicos ou telemáticos. Ademais, en cada copia debe figurar a acreditación da súa autenticidade identificando a organización que a expide e a persoa responsable de tal expedición. Cómpre lembrar aquí que o artigo 9.2 do Real decreto 772/1999, de 7 de maio, di que:

... A copia auténtica poderá consistir na transcripción íntegra do contido do documento orixinal ou unha copia realizada por calquera medio informático, electrónico ou telemático. En ambos os dous casos figurará a acreditación da autenticidade da copia identificando o órgano, arquivo e organismo que a expide e a persoa responsable de tal expedición.

(o ámbito de aplicación deste Real decreto é soamente a Administración Xeral do Estado). Nas copias electrónicas, estas características reflíctense no documento a través da sinatura e os metadatos.

Non debería confundirse a xeración dunha copia auténtica dun documento electrónico con procesos de consulta e ou ben descarga do orixinal, a través, por exemplo, da habilitación dun acceso nunha determinada sede electrónica. A vista ou o acceso a un documento non implica necesariamente a realización dunha copia, senón soamente unha representación ou manifestación do documento orixinal en pantalla, que se se descarga xunto a todas as propiedades do orixinal, tería tamén a súa mesma eficacia, é dicir, carácter de orixinal.

Para a expedición dunha copia auténtica é necesario asegurar que a súa expedición é realizada por unha organización competente para iso conforme ás normas de competencia e procedemento que corresponden en cada caso (artigo 46 da Lei 30/1992). A copia xerada deberá ter a sinatura electrónica da organización competente e o seu identificador reflectiríase no metadato correspondente. Para este procedemento, o documento sobre o que se expide a copia debe ter calidade de «orixinal» ou «copia auténtica» e ser conservado pola organización responsable da súa custodia.

Para avaliar a autenticidade e integridade do documento copia, este debe incluír unha sinatura electrónica. Esta sinatura pode ser incorporada nalgún dos procesos previos aplicados (dixitalización ou conversión). No caso da copia papel auténtica do documento electrónico, incluírá a representación da sinatura para a súa verificación na sede electrónica.

Pódense considerar os seguintes tipos de copia auténtica:

■ Copia electrónica auténtica con cambio de formato. Tanto a orixe como o destino teñen natureza electrónica e ademais, para a obtención da copia se require un cambio de formato. Aplicaríase un procedemento de conversión de formato. O carácter de copia auténtica, reflectiríase no correspondente metadato.

■ Copia electrónica auténtica de documento papel. A partir dun orixinal en soporte papel créase un novo documento electrónico con calidade de copia auténtica para o que é necesario aplicar un proceso de dixitaliza-



ción. Aplicaríase un procedemento de dixitalización do documento en soporte papel segundo o especificado na norma de dixitalización de documentos. O carácter de copia auténtica reflectiríase no metadato correspondente.

■ **Copia papel auténtica de documento electrónico.** A orixe é un documento electrónico e a copia maniféstase en soporte papel. Aplicaríanse as condicións establecidas para a reprodución e impresión que se especifiquen na norma de documento electrónico, incluíndo a representación do carácter de copia no documento impreso.

■ **Copia electrónica parcial auténtica.** A copia contén un extracto do documento orixe (por exemplo, por razón da protección de datos de carácter persoal).

Por outra parte, o concepto de conversión de documentos electrónicos fai referencia ao proceso ou procedemento de cambio de formato (ou da versión do mesmo) dun documento electrónico que dá como resultado a xeración dun novo documento electrónico.

A xeración dun documento electrónico, como resultado dun proceso de conversión, que difire no formato dalgún dos seus ficheiros, pode ser provocado por razóns tales como políticas de conservación de documentos electrónicos, normalización de formatos, garantía de independencia tecnolóxica, obsolescencia tecnolóxica, calquera outra solicitude razoada que derive nun cambio de formato ou outras decisións estratéxicas.

A fiabilidade do proceso de conversión garantiríase mediante a aplicación de procedementos de conversión normalizados e a incorporación dunha sinatura autorizada ao remate do proceso.

A calidade ou estado de elaboración do documento resultado do proceso de conversión ao igual que outros parámetros do seu contexto, debería ser determinada pola organización responsable do proceso segundo as características concretas do documento a converter e a normativa aplicable a cada caso.

Pódese considerar que calquera proceso de conversión debería constar das seguintes fases: planificación para a elección do formato e tempo e forma do proceso, conversión para a realización do proceso de conversión propiamente dito, validación para a comparación co orixinal e proporcionar garantía ao proceso e conformación para incorporar sinatura electrónica, metadatos mínimos obrigatorios e, de ser o caso, establecer pegadas do proceso.

Independentemente do procedemento de conversión específico aplicado, a organización debería documentar todas as operacións que se leven a ca-




Figura 8: Proceso de copiado auténtico (Fonte: traballo en curso no ENI).

bo, incluíndo posibles danos ou perdas anteriores ao proceso de conversión que deben reflectirse xunto ás decisións tomadas.

Finalmente, pódese considerar que esta norma non debería ser:


- A relación completa de consideracións e tipos de copias de documentos pois trataría soamente a xeración de copias auténticas.
- A definición de organizacións e entes competentes para a xeración de copias auténticas.
- A descrición de procedementos de solicitude de copias, prazos de expedición e consideracións específicas a aplicar segundo o contido do documento sobre o que é necesario xerar unha copia (datos persoais, datos de terceiros, etc.).
- Un procedemento de xeración de copias auténticas nin de conversión de formatos, xa que só inclúe as principais cuestións a ter en conta no deseño e implantación daqueles.
- Unha serie de consideracións para a xeración de copias nas que o orixinal e copia se presenten en soporte papel.

## Conclusiones

A modo de conclusión cómpre resaltar o seguinte:

- No momento de redacción deste texto, as normas técnicas de interoperabilidade relativas ao documento electrónico previstas no Esquema Nacional de Interoperabilidade atópanse en estado de elaboración; en con-

Figura 9: Proceso de conversión  
(Fonte: traballo en curso no ENI)



secuencia, pódense producir cambios en relación co exposto neste texto.

■ Máis arriba apuntáronse as grandes cuestións que deberían tratarse sobre o documento electrónico, o expediente electrónico, a dixitalización de documentos en soporte papel, os procedementos de copiado auténtico e conversión e a política de xestión de documentos electrónicos á luz do estado da arte na materia.

■ O seu desenvolvemento estase a realizar no ámbito dos órganos colexiados da Administración con competencia en materia de Administración electrónica, segundo a mesma dinámica de participación de todas as administracións públicas que se aplicou para a realización dos Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e de Seguridade. Nos correspondentes grupos de traballo figuran expertos do ámbito dos arquivos e da xestión documental. Todo o proceso ven esixindo un esforzo de formación dunha comprensión común das cuestións tratadas, de consenso e de concreción de detalles.

■ Tráballase co obxectivo de que as ditas normas poidan satisfacer necesidades derivadas da normativa aplicable e de que poidan aplicarse cun esforzo razoable dentro dos prazos previstos para a adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade. Isto implica a necesidade de tomar decisións, sempre dende unha formulación baseada en mínimos que favoreza a súa implantación en corto prazo, por exemplo, en canto á limitación do alcance dunha norma.

■ O obxectivo final é a súa publicación no Boletín Oficial do Estado, de acordo co previsto no apartado 2 da disposición adicional primeira do Real decreto 4/2010.

■ As bases definidas para o desenvolvemento das normas perseguen proporcionar un marco inicial sobre o que evolucionar de forma gradual e atender a posibles futuras necesidades mantendo o seu aliñamento con tendencias e estándares europeos e internacionais.

## **Agradecementos**

A elaboración destas normas técnicas de interoperabilidade está a ser posible grazas ao traballo que coa coordinación do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública ven realizando o Grupo de Traballo do Esquema Nacional de Interoperabilidade, destacando en particular, a contribución da Axencia Estatal de Administración Tributaria e do Ministerio de Cultura, co apoio de INTECO e do seu equipo técnico, así como dos expertos Joaquim Llansó da Universidade Pública de Navarra e Alejandro Delgado do Concello de Cartagena. Ademais, a incorporación a estas tarefas das comunidades autónomas e das corporacións locais a través do grupo de traballo correspondente permitirá, sen dúbida, refinar e perfeccionar aínda máis o traballo en curso. A todos eles agrézoilles a súa colaboración, dedicación e apoio.

## Más información

---

"LEY 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los Servicios Públicos". URL: <http://www.boe.es/boe/dias/2007/06/23/pdfs/A27150-27166.pdf>

"REAL Decreto 1671/2009, de 6 de noviembre, por el que se desarrolla parcialmente la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos". URL: <http://www.boe.es/boe/dias/2009/11/18/pdfs/BOE-A-2009-18358.pdf>

"REAL DECRETO 4/2010, de 8 de enero, por el que se regula el Esquema Nacional de Interoperabilidad en el ámbito de la Administración Electrónica". URL: <http://www.boe.es/boe/dias/2010/01/29/pdfs/BOE-A-2010-1331.pdf>

"Real Decreto 3/2010, de 8 de enero, por el que se regula el Esquema Nacional de Seguridad en el ámbito de la Administración Electrónica". URL: <http://www.boe.es/boe/dias/2010/01/29/pdfs/BOE-A-2010-1330.pdf>

MINISTERIO PARA LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS. "Manual de documentos administrativos". Madrid. Editorial Tecnos S.A., 1994.

CECA, CEE, CEEA. "MoReq2. i.Model Requirements for the Management of Electronic Records: Update and Extension, 2008: Moreq2 Specification". Bruxelles, Luxembourg., 2008. URL: <http://www.moreq2.eu/>

CECA, CEE, CEEA. "MoReq2. ii.Model Requirements for the Management of Electronic Records: Update and Extension, 2008: Appendix 9 to the Moreq2 Specification: Metadata Model". Bruxelles, Luxembourg: CECA, CEE, CEEA, 2008. URL: <http://www.moreq2.eu/>

CECA, CEE, CEEA . "MoReq2. iii.XML Schema V. 1.03.01". Bruxelles, Luxembourg: CECA, CEE, CEEA, 2008. URL: <http://www.moreq2.eu/>

AENOR. "UNE-ISO 15489-1:2006. Información y documentación: Gestión de documentos. Parte 1: Generalidades".

AENOR. "UNE-ISO 23081-1:2008. Información y documentación: Procesos de gestión de documentos: Metadatos para la gestión de documentos. Parte 1: Principios".

AENOR. "UNE-ISO/TS 23081-2:2008. Información y documentación: Procesos de gestión de documentos: Metadatos para la gestión de documentos. Parte 2: Elementos de implementación y conceptuales".

AENOR. "UNE-ISO/TR 15489-2:2006. Información y documentación: Gestión de documentos. Parte 2: Directrices".

INTERNATIONAL COUNCIL ON ARCHIVES AND AUSTRALASIAN DIGITAL RECORDS INITIATIVE. "Principles and Functional Requirements for Records in Electronic Office Environments – Module 1: Overview and

Statement of Principles, 2008". URL: <http://www.ica.org/en/node/38972>

INTERNATIONAL COUNCIL ON ARCHIVES AND AUSTRALASIAN DIGITAL RECORDS INITIATIVE. "Principles and Functional Requirements for Records in Electronic Office Environments – Module 2: Guidelines and Functional Requirements for Electronic Records Management Systems, 2008". URL: <http://www.ica.org/en/node/38970>

INTERNATIONAL COUNCIL ON ARCHIVES AND AUSTRALASIAN DIGITAL RECORDS INITIATIVE. "Principles and Functional Requirements for Records in Electronic Office Environments – Module 3: Guidelines and Functional Requirements for Records in Business Systems, 2008". URL: <http://www.ica.org/en/node/38968>.

"AUSTRALIAN Government Recordkeeping Metadata Standard Version 2.0". URL: <http://www.naa.gov.au/records-management/create-capture-describe/describe/rkms/index.aspx>

# Plan de Modernización

## Xunta de Galicia–Xestión Documental

**María José García Sexto**

Xunta de Galicia. Subdirección Xeral de Sistemas  
de Información e Modernización da Administración Pública

### **O desenvolvemento da eAdministración para o exercicio dos dereitos dos cidadáns.**

A Administración electrónica non é algo recente, o estado das tecnoloxías da información e a comunicación facilita dende hai varios lustros a posibilidade de abordar a tramitación electrónica do procedemento.

A *Lei 30/1992*, de 26 de novembro, de *régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común* (LRJAP-PAC) xa recollía nalgúns dos seus artigos o impulso por parte da Administración do emprego e aplicación de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos co obxecto de desenvolver a súa actividade e o exercicio das súas competencias así como habilitaba a posibilidade de que os cidadáns poidesen relacionarse coas administracións públicas para exercer os seus dereitos a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos ou telemáticos cando isto fose compatible cos medios técnicos de que dispuxeran estas.

Deixábase en mans das propias administracións determinar se os cidadáns ían poder de modo efectivo, ou non, relacionarse por medios electrónicos con elas, segundo que estas quixesen poñer en pé os instrumentos necesarios para esa comunicación.

A evolución tecnolóxica, o grao de penetración dos ordenadores e o número de persoas con acceso a internet cambiou nos últimos anos o escenario tecnolóxico da sociedade. Os cidadáns, ao igual que noutros contextos da vida diaria, afanse ás relacións telemáticas. Comprar un libro, realizar operacións bancarias ou reservar os billetes de avión e hotel, son accións cotiás que xa se fan habitualmente no contexto telemático. Igual consideración deben ter as relacións coa Administración pública.

É importante lembrar que todos os cidadáns (tanto persoas físicas como no ámbito da actividade empresarial ou profesional) nalgún momento da no-

sa vida temos contacto coa Administración pública (en calquera dos seus niveis estatal, autonómica ou local). Así pois, as administracións públicas non poden quedar á marxe da realidade social.

É no ano 2007, coa publicación da *Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos*, o momento no que se produce o impulso definitivo á integración da tecnoloxía na actividade das administracións públicas. Esta regulación reconece o dereito dos cidadáns —e non só a posibilidade— de acceder mediante comunicacións electrónica á Administración. *A Lei 11/2007 dá o paso do «poderán» ao «deberán», é dicir, o que na Lei 30/1992 se formulaba como algo opcional e recomendable na Lei 11/2007 pasa ser unha obriga.*

A Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, supón un cambio transcendental no modelo establecido de relación co cidadán. De feito, *a súa razón de ser é o mellor servizo ao cidadán*. Establécese que esta lei debe axudar configurar unha administración moderna, dende o convencemento de que as tecnoloxías da información permiten salvar as barreiras que se interpoñen entre o cidadán e unha administración complexa, con moitos ámbitos e diferentes niveis de proximidade ao cidadán. Ao falar de barreiras, referímonos ao exceso de tempo que se dedica aos trámites, ao desprazamento ate a situación física da administración, etc.

O seu ámbito de aplicación é a Administración Xeral do Estado, a Administración das comunidades autónomas, a Administración local, e é aplicable ás relacións cidadáns-administracións públicas e ás relacións entre administracións.

Non está de máis lembrar os principais dereitos que se lle reconecen ao cidadán:

- Elixir a canle de relación cos servizos das AA.PP.
- Non aportar datos xa en poder das AA.PP.
- A coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos.
- A obter copias electrónicas de documentos que formen parte de procedementos nos que teña condición de interesado.
- Á conservación electrónica do documento.
- A obter os medios de identificación electrónica necesarios para calquera trámite electrónico con calquera administración pública.
- Á utilización de variados sistemas de sinatura electrónica.
- Á garantía de confidencialidade e seguridade dos datos.
- Á calidade dos servizos públicos prestados por medios electrónicos.
- A elixir as aplicacións para relacionarse coas AA.PP.
- Á tramitación a través dun acceso único por vía electrónica dos proce-

dementos relativos ao acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio.

Este escenario regulamentario complementábase coas seguintes normas básicas que deben dirixir calquera actuación no marco do desenvolvemento da Administración electrónica:

■ Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro (BOE do 29 de xaneiro), polo que se regula o *Esquema Nacional de Seguridade* no ámbito da Administración electrónica, que busca a creación das condicións necesarias de confianza no uso dos medios electrónicos, a través de medidas para garantir a seguridade dos sistemas, os datos, as comunicacións, e os servizos electrónicos, que permita aos cidadáns e ás administracións públicas, o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes a través da aplicación segura destas tecnoloxías.

■ Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro (BOE do 29 de xaneiro), polo que se regula o *Esquema Nacional de Interoperabilidade* no ámbito da administración electrónica, que persegue a creación das condicións necesarias para garantir o adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa dos sistemas e aplicacións empregados polas administracións públicas, que permita o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes a través do acceso electrónico aos servizos públicos, á vez que redun-da en beneficio da eficacia e a eficiencia.

■ Lei 59/2003, do 19 de decembro de 2003, de sinatura electrónica, que regula a sinatura electrónica, a súa eficacia xurídica e a prestación de servizos de certificación.

As administracións públicas están inmersas nas reformas administrativas necesarias para acadar a excelencia do servizo e mellorar a calidade de vida do cidadán. Deben facer fronte a esta obriga nun contextos cada vez máis esixente.

Os cidadáns e empresas están cada vez mellor informados e son cada vez máis esixentes, as condicións económicas e sociais son difíciles e cambiantes, e internamente fan fronte aos cambios organizativos e incluso institucionais que o impacto das novas tecnoloxías da información e comunicación ten na forma de realizar a súa actividade. *A demanda por parte da cidadanía e as empresas dun enfoque integrado e integral dos servizos que presta a administración é unha realidade dende hai anos, que aumenta de intensidade conforme pasa o tempo.*

É neste contexto no que a Xunta de Galicia asume que as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) constitúen un instrumento de alto ni-



vel estratéxico polo seu potencial para impulsar a modernización das administracións públicas, así como pola súa capacidade para estimular e sustentar o desenvolvemento social e económico de Galicia.

O Plan de Modernización da Administración Pública na Xunta de Galicia (plan para o desenvolvemento da e-Administración) baséase na mellora e modernización dos servizos que se ofrecen ao cidadán. Apóstase polo desenvolvemento e uso das TIC na actuación administrativa para auxiliar na tramitación do procedemento administrativo e facilitar a participación e información en tempo rela da cidadanía:

- Ofertar novos servizos aos cidadáns que se relacionan coa Administración autonómica e canalizalos a unha relación electrónica ou telemática.
- Prestar unha atención personalizadas á cidadanía, mediante un punto único de contacto.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías nas relacións coa Administración pública.
- Promover a proximidade co cidadán e a transparencia administrativa.
- Aumentar a competitividade de Galicia, facilitando e mellorando o acceso aos servizos.

### **Do procedemento ao procedemento electrónico.**

### **Do documento ao documento electrónico. Do expediente ao expediente electrónico. Do arquivo ao arquivo electrónico.**

Calquera desenvolvemento da Administración electrónica, estrutúrase arredor dun cambio no escenario de actuación, ao dar o salto ao marco dixital e electrónico. De forma xeral, calquera procedemento administrativo supón:

- A **presentación** por parte do cidadán e rexistro, do formulario e documentación.
- **Xestión** por parte da administración. Verificación da documentación e do cumprimento dos requisitos establecidos.
- **Pagos** de taxas, se é de aplicación, por parte do cidadán.
- Emisión das **resolucións** por parte da administración.
- **Notificación** ao interesado.
- **Arquivo** do expediente por parte da administración.
- Consulta por parte do cidadán do estado da súa tramitación.

É imprescindible levar estas actuacións ao escenario electrónico, e falar de presentación electrónica, notificacións electrónicas, pasarelas de pago, consulta *on-line* do expedientes administrativo. No desenvolvemento da administración electrónica e en concreto da tramitación electrónica do procede-

mento administrativo distínguense catro ferramentas clave: a *dixitalización*, a *xestión documental*, o *workflow* ou *fluxo de procedementos* e a *sinatura electrónica*. E para acadar o cumprimento dos dereitos do cidadán hai ademais un elemento imprescindible: a *cooperación interadministrativas que se acada mediante o desenvolvemento da interoperabilidade*.

A Lei 11/2007 define o *documento electrónico* como *información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado*.

No proceso da tramitación do procedemento administrativo identificaremos como *documento electrónico* calquera documento aportado directamente en formato electrónico polos interesados ou colaboradores no procedemento, ou os xerados pola administración durante a tramitación orixinalmente en formato electrónico, ou eses mesmos documentos aportados ou xerados en formato papel que se incorporan ao expediente electrónico a través do proceso de dixitalización nos rexistros ou nas unidades tramitadoras. Os documentos electrónicos deberán expedirse e asinarse electronicamente mediante os sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada, e sinatua electrónica do persoal ao servizo das administracións, dentro das posibilidades que ofrezca o porta-sinaturas corporativo da Xunta de Galicia ou o protocolo de identificación de sinatura electrónica.

A aparición da Lei 59/2003, de 19 de decembro de 2003, de sinatura electrónica, abriu a posibilidade de que se poidan xerar documentos electrónicos coa mesma validez xurídica que o documento en papel, resolvendo outros puntos como a identificación do asinante e/ou a validez das copias.

O *expediente electrónico* defínese no art. 32.1 da Lei 11/2007 como o *conxunto de documentos electrónicos correspondentes a un procedemento administrativo, calquera que sexa o tipo de información que conteñan*.

Así, na *definición legal de expedientes administrativo electrónico* resáltase a *súa esencia documental*, pois resulta indubidable que os documentos son os soportes dos datos que a Administración precisa para a súa actuación.

O expediente electrónico, ao igual que o expediente en papel, debe respectar o principio xeral de esixencia, é dicir, que as actuacións administrativas informatizadas tamén deben quedar documentadas. Por conseguinte, preténdese unha tutela a priori ante os posibles riscos e efectos negativos das novas tecnoloxías sobre o principio de documentación ou formalización do actuar administrativo.

Así, a Lei 11/2007 establece que *o tránsito do procedemento en papel ao das novas tecnoloxías non favoreza unha mingua das garantías*. Así, o prin-

cipio de legalidade recollido no art. 4,d) da Lei 11/2007 en canto ao mantemento da integridade das garantías xurídicas dos cidadáns ante as administracións públicas; e o principio de seguridade do apartado f) do mesmo artigo, na medida en que se esixirá polo menos o mesmo nivel de garantías e seguridade que se require para a utilización dos medios non electrónicos na actividade administrativa.

As vantaxes do expediente electrónico respecto do expediente en papel son numerosas ao permitir aplicacións complexas (por exemplo, a posibilidade de acceder a través da Internet) xa que a súa xestión non está asociada a un soporte físico.

- Evítanse as incomodidades de desprazamentos.
- Redúcese a carga documental abusiva
- Poténciase a accesibilidade dos cidadáns aos documentos
- Facilita o labor de tratamento e sistematización dos datos que dispón a Administración para adoptar as súas decisións que contribuirá á racionalización e planificación da toma de decisións.
- Debe fomentar a evolución cara a administración verde, reducindo o consumo de soporte papel.

O *arquivo electrónico*, ou arquivo de documentos electrónicos ou sistema de expediente dixital, permitirá garantir a autenticidade, fiabilidade, integridade, dispoñibilidade e seguridade dos documentos electrónicos.

### **O Plan de Modernización da Xunta de Galicia – Eixos de actuación**

O plan de modernización da Xunta de Galicia estrutúrase en catro eixos de actuación:

- **Sistemas horizontais** (transversais para eAdministración): Simplificación, interoperabilidade e servizos dixitais horizontais.
- **Colectivos**: Sistemas para o cidadán, a empresa, o emprego público e a administración local.
- **Cadro de mandos**: da eAdministración e de avaliación da xestión pública.
- **Medidas instrumentais**: Regulación, formación e divulgación. que se desenvolven en 12 áreas de traballo e 33 programas.

Aínda que o número de actuacións é amplo, quixera destacar as seguintes liñas prioritarias de actuación:

1. *Tramitación telemática integral do procedemento administrativo* coas garantías de legalidade e seguridade precisas. Este proceso debe ir acompañado da aplicación de criterios de racionalización e simplificación administrativa, reducindo aqueles procesos que son gravosos para a administración e o cidadán, e sobre todo *eliminando a petición de documentación e a información en poder da Administración pública*.

A Xunta de Galicia xa foi pioneira en establecer un sistema único de xestión para os procedementos administrativos a instancia de parte, coñecido co nome de Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA). A guía do cidadán da Xunta de Galicia recolle uns 1.800 procedementos tanto subvencións e axudas, inscricións en rexistros, declaracións responsables,...

Sen embargo, é necesario abordar unha nova fase de simplificación e racionalización, que implica o establecemento previo dun inventario dos procedementos existentes na Xunta, o seu estado, vixencia, os documentos vinculados a cada procedemento, etc... O obxectivo é identificar e resolver as necesidades documentais dos procedementos administrativos iniciados a instancia de parte, identificar onde se atopan actualmente ese documento e eliminar a súa solicitude ao cidadán.

2. *Desenvolver o marco de interoperabilidade* que establece o Esquema Nacional de Interoperabilidade, cuxo maior efecto visible cara o cidadán é a eliminación da petición de documentación que está en poder doutras administracións:

- AXE: Dni, Libro de familia, Padrón
- Axencia tributaria: Renda, débedas
- Rexistro civil: partidas de nacemento
- Os documentos recollidos na propia administración e compulsados electronicamente.
- *Documentos xerados pola propia Xunta*: certificados de minusvalía, certificados de inscrición nos rexistros da Xunta.
- Etc...

Así mesmo, a Administración pública de Galicia debe ser provedora para o resto de administracións daquela documentación que se xera no marco da súa actividade.

3. Posta en marca da *acreditación dixital do empregado público*. Facilitar aos empregados públicos as capacidades de sinatura electrónica, e a súa acreditación dixital mediante o certificado de empregado público.

4. Configuración da *Personalidade Administrativa Dixital*. Repositorio de persoas físicas ou xurídicas con información daquelas que teñen o tiveron algunha relación coa Administración. Xestiona a documentación aportada pola persoa e a Administración. A PAD debe servir de base para a integración de datos comúns entre os distintos sistemas da Administración. O cidadán non está obrigado a aportar a documentación que xa está en mans da Administración actuante ou fose xerada por ela (documentos de ate 5 anos de antigüidade, sempre que así o faga constar o cidadán...). O funcionario debe poder consultar se efectivamente ese documento está na Administración para non ter que pedilo ao cidadán. Se está na Administración, pódese emitir un certificado ao cidadán no que se deixe constancia deste feito. A utilización da PAD debe garantir a seguridade e confidencialidade dos datos, tal e como establece a normativa vixente. Cada documento recollido deberá ir acompañado de:

- A identificación do cidadán/entidade á que se asocia a documentación.
- Data de alta no sistema do documento.
- Data de inicio da validez do documento.
- Data de caducidade do documento.
- Metacaracteres específicos dos documentos.

Para a incorporación da información se deberán habilitar diferentes procedementos:

- O propio cidadán a través da Internet.
- Unhas unidades administrativas específicas que recollan, validen e incorporen ao sistema a documentación que o cidadán entrega en papel unha única vez.
- Os xestores administrativos no momento da tramitación dos expedientes.

5. Mellorar a atención á cidadanía constituíndo un *sistema único de información ao cidadán*, que consolide a información que os diferentes departamentos facilitan ao cidadán, o obxectivo é que para el sexa transparente o modelo organizativo da administración e se centre en buscar o servizo que necesita. O sistema de información debe desenvolver canles electrónicas e establecer novas canles de comunicación (tdt, móbil,...).

6. Constitución da *sede electrónica* da Xunta de Galicia. A sede electrónica é a dirección electrónica a través da cal os cidadáns acceden á información, servizos e trámites electrónicos da Administración. A sede elec-

trónica está formada por un conxunto de páxinas que representan unha fonte de información na que se garanten a integridade, veracidade e actualización da información e os servizos aos que se pode acceder a través desta. A consolidación da sede electrónica inclúe a formalización definitiva de usos xa comúns, destaco os seguintes:

- Taboleiros electrónicos: Coa mesma validez que os taboleiros existentes nas distintas dependencias administrativas para notificación de actos administrativos.
- O DOG electrónico. O Diario Oficial de Galicia está actualmente dispoñible, na web da Xunta de Galicia, sen embargo prevalece o papel sobre a web como soporte oficial e referencia legal. Debe modificarse esta situación mediante a substitución do formato papel polo formato electrónico con plenos efectos xurídicos.
- A «carpetas do cidadán», na que poida consultar o estado dos seus asuntos, información e documentos que del teña a administración, e realizar os trámites administrativos que precise.
- Obtención de copias electrónicas, dos documentos electrónicos do expediente dixital, tanto privados como administrativos, garantindo a súa correspondencia co orixinal, incluíndo a impresión dun código electrónico que permitirá a verificación da súa autenticidade e integridade.

7. Unificación dos rexistros, posta en marcha do *registro telemático e dixitalización da documentación* no rexistro presencial. Integrando as funcións de compulsión electrónica que se realizará mediante selo electrónico no marco do protocolo de dixitalización e compulsión electrónica establecido na Xunta.

8. Posta en marcha dun *arquivo documental*, que garanta o mantemento ao longo do tempo de todos os documentos electrónicos. Coa Administración electrónica chega un novo soporte legal, distinto do papel, novo soporte que incorpora novos requirimentos para a súa conservación. Por iso, é necesario desenvolver unha solución conxunta das administracións que minimize os principais riscos asociados ao soporte electrónico, a obsolescencia tecnolóxica dos soportes e formatos e a ruptura das garantías de integridade da información incorporada neles. É necesario dispoñer de sistemas que garantan a adecuada xestión da documentación electrónica, garantindo a súa autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade futura con independencia da evolución tecnolóxica futura.

Todas estas actuacións deben ir acompañadas das seguintes medidas instrumentais:

- **Regulación normativa** que estableza as plenas garantías legais e xurídicas coas que é procesio dotar o novo contexto de traballo e a relación que se presenta.
- **Formación do empregado público.** A eAdministración afecta ao modelo de relación Administración/Administrado, así como ao exercicio da actividade administrativa. O empregado público debe coñecer as novas capacidades e servizos dispoñibles coa implantación da eAdministración e as medidas operativas a adoptar para unha correcta incorporación das mesmas.
- **A divulgación ao cidadán.** Dar a coñecer a eAdministración no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e as vantaxes do emprego das novas tecnoloxías para relacionarse coa Administración para cidadáns e empresas é un obxectivo fundamental para axilizar a adopción dos novos servizos de eAdministración.

### **O Plan de Modernización da Xunta de Galicia – Decreto de desenvolvemento**

A posta en marcha da eAdministración require dotar ao novo contexto de traballo e relación que se presenta da cobertura normativa axeitada. Para iso, débese dar cumprimento ás leis vixentes para regular o marco xurídico autonómico.

A principal regulación normativa a nivel autonómico indícase a continuación:

- O Decreto 230/2008, de 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ten por obxecto a regulación das normas de utilización dos sistemas de información e comunicacións, fixos e móbiles da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Establece as obrigas das persoas usuarias dos sistemas de información e comunicacións no relativo á súa seguridade e bo uso, para garantir a protección da información das persoas e as empresas nas súas relacións coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dependentes da mesma.
- Lei 1/2010 de 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia

para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

E por último o *Decreto 198/2010, de 2 de decembro*, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.<sup>1</sup> O obxectivo deste Decreto é establecer as bases para o cumprimento da Lei 11/2007, servindo como guía na creación ou redeseño de servizos electrónicos na Administración Pública de Galicia.

■ O capítulo 1 regula o obxecto do Decreto, o seu ámbito de aplicación e a finalidade da súa incorporación ao ordenamento xurídico galego. Esténdese o seu ámbito de aplicación a todos os departamentos e organismos que configuran a estrutura da Administración pública de Galicia.

■ O capítulo 2 establece o marco para a sede electrónica da Xunta de Galicia así como determina a existencia do rexistro electrónico como puntos fundamentais para o establecemento da relación directa no contexto telemático entre o cidadán e a administración.

■ O capítulo 3 regula a creación do Diario Oficial de Galicia na súa edición electrónica que terá unha consideración de publicación única, dotándoa de validez xurídica, que substituirá á edición impresa. Neste caso o documento electrónico terá xa prevalencia sobre o soporte papel.

■ O capítulo 4 trata sobre os mecanismos de identificación e autenticación, tanto por parte do cidadáns como por parte da propia Xunta de Galicia.

■ O capítulo 5 recolle os criterios para a xestión e tramitación de procedementos administrativos mediante a utilización de medios electrónicos, así como o impulso, a ordenación e o desenvolvemento dos servizos electrónicos. Establece a guía de procedementos e servizos ao cidadán e aos propios empregados públicos, así como os mecanismos (informe técnico-funcional revisado polo órganos coordinadores da Administración electrónica) que garantan a homoxeneidade do desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

■ O capítulo 6 trata sobre a regulación da comunicación e o sistema de notificacións electrónicas.

■ O capítulo 7 regula o documento electrónico, as copias electrónicas, a compulsa electrónica de documentos e o arquivo da documentación electrónica, atendendo ás súas características, forma de obtención, arquivo e validez.

■ O capítulo 8 trata sobre a interoperabilidade. Este capítulo ten por obxecto fomenar a cooperación administrativa. Neste senso, este protocolo de interoperabilidade determinará o procedemento para incorporar e



consumir a información en soporte electrónico da Xunta de Galicia e organismos dependentes.

■ O capítulo 9 concreta as funcións dos órganos de coordinación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

A raíz da definición do decreto de eAdministración no mesmo, prevese a elaboración de 5 protocolos no prazo dun ano dende a entrada en vigor do Decreto:

- Protocolo de interoperabilidade
- Protocolo de identificación e sinatura electrónica
- Protocolo de creación de sedes electrónicas da Xunta de Galicia
- Protocolo de arquivo e documento electrónico
- Protocolo de dixitalización e compulsa electrónica

Ademais, prevese o que establece o mecanismo de autorización de procedementos electrónicos.

### **O Plan de Modernización da Xunta de Galicia-Directrices para o desenvolvemento**

O desenvolvemento da Administración electrónica é unha actuación «transversal», afecta a todos os departamentos e niveis da Administración pública e está relacionada con outras políticas como as de desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicación ou as de desenvolvemento da Sociedade da Información. Na Xunta de Galicia existen actualmente iniciativas sectoriais que acadaron diferentes niveis de evolución no relativo á Administración electrónica. O Plan de Modernización pretende integrar progresivamente esas iniciativas nun modelo común de servizos e completar as inexistentes.

Nesta liña definíronse as directrices nas que debe basearse o desenvolvemento transversal destas iniciativas:

■ **Directrices de xestión de entidades** (entendendo como entidades as diferentes partes intervenientes nos procedementos administrativos. Polo tanto, unha «Entidade» pode ser un empregado público, un organismo público, un cidadán ou unha empresa) e acreditación dixital: O obxecto deste documento é realizar a recompilación de información e a análise sobre as necesidades de autenticación e sinatura dos trámites realizados mediante administración electrónica. Os elementos a ter en conta son os tipos de autenticación posibles, definición dos actores participantes nos procedementos administrativos, sinatura electrónica de documentos, procesos de xestión de usuarios.

Así mesmo inclúense as directrices a seguir polos distintos procedementos administrativos que requiran a autenticación dos distintos actores, así como a inclusión de sinatura dixital.

■ **Directrices de interoperabilidade.** Establece as directrices que rexerán o marco de desenvolvemento da interoperabilidade na Xunta de Galicia. Mediante o establecemento das ditas directrices se disporá dunha guía para o desenvolvemento da interoperabilidade nos sistemas e servizos de administración electrónica da Xunta de Galicia. Os elementos a ter en conta son:

- As dimensións organizativa, semántica e técnica ás que se refire o art. 41 da Lei 11/2007.
- Os estándares que a Lei 11/2007 pon ao servizo da interoperabilidade así como da independencia na elección das alternativas tecnolóxicas e do dereito dos cidadáns a elixir as aplicacións ou sistemas para relacionarse coas administracións públicas.
- As bases que sentan o Esquema Nacional de Interoperabilidade e o Esquema Nacional de Seguridade.
- As infraestruturas e os servizos comúns, elementos recoñecidos de dinamización, simplificación e propagación da interoperabilidade, á vez que facilitadores da relación multilateral.
- A reutilización da documentación asociada e doutros obxectos de información.
- A interoperabilidade da sinatura electrónica e dos certificados.
- A conservación como manifestación da interoperabilidade ao longo do tempo, e de cómo afecta de forma particular ao documento electrónico.

■ **Directrices de arquivo e xestión documental.** O obxecto deste documento é desenvolver un Modelo de Xestión Documental (en adiante MXDX) de aplicación e utilización na Xunta de Galicia para a actuación administrativa. Un modelo estandarizado como o proposto contribúe a un aforro de custos e eficiencia administrativa ao homoxeneizar o tratamento dos documentos.

### **O Plan de Modernización da Xunta de Galicia-O MXDX**

Os documentos (tanto electrónicos como físicos) conteñen información que constitúe un *recurso valioso e un activo importante da Organización*. O con-

tido documental das organizacións pode existir en multitude de formatos e representa o *Coñecemento Corporativo da Organización*. O MXDX pretende dar resposta ás necesidades de captura/incorporación, tratamento, xestión, explotación, e conservación dese coñecemento corporativo.

Entre outros beneficios, considerando os que recolle a norma UNE-ISO 15489-1, os sistemas de xestión de documentos permiten ás organizacións, e á Xunta de Galicia non é unha excepción:

- Realizar as súas actividades dunha maneira ordenada, eficaz e responsable
- Prestar servizos de modo coherente e equitativo. O cidadán recibe o mesmo servizo dende calquera departamento da Administración pública.
- Proporcionar coherencia, continuidade e produtividade á xestión e á administración.
- Garantir a continuidade en caso de catástrofe.
- Cumprir cos requisitos legislativos e regulamentarios, incluídas as actividades arquivísticas, de auditoría e de supervisión.
- Proporcionar protección e apoio en litixios, incluíndo a xestión de riscos en relación coa existencia ou ausencia de evidencia das actividades realizadas pola organización.
- Protexer os intereses da organización e os dereitos dos usuarios e as partes interesadas presentes e futuras.
- Apoiar e documentar as actividades de investigación e desenvolvemento presentes e futuras, as realizacións e os resultados, así como a investigación histórica.
- Proporcionar evidencia acerca das actividades das organizacións.
- Establecer unha identidade persoal, cultural e da organización. manter a memoria corporativa, persoal ou colectiva.
- Proporcionar un aforro de custos ao simplifica o ciclo de vida do circuíto documental así como eliminar o soporte físico do mesmo.

A Xestión Documental actúa sobre o ciclo de vida dos documentos, que a grandes rasgos estrutúrase en:

- **Captura/Incorporación:** Procedemento polo cal os documentos son incorporados ao sistema. Os documentos poden ter unha orixe electrónica (por xeración nun sistema informático ou por recepción telemática) ou poden recibirse en soporte papel. Neste último caso débese habilitar un procedemento de captura que garanta a validez do formato electrónico resultante (rexistro e compulsa electrónica).
- **Tramitación:** durante a tramitación o documento electrónico pasa por diferentes estados/fases onde o seu acceso e consulta se rexen por unha determinada normativa.

■ **Arquivo/Custodia/Destrución:** Ao final do seu ciclo de vida os documentos electrónicos chegan a un proceso de destrución ordenada (se a política e normativa aplicable ao mesmo así o establece) ou son enviados a un arquivo para a súa custodia e explotación histórica.

A maior parte das actuacións que se inclúen no Plan de Modernización da Xunta de Galicia estarán incompletas ou non chegarán a consolidarse se non se establece un modelo de referencia que recolla o ciclo de vida do documento electrónico que levan acompañadas ou que estableza uns mecanismos de acceso ao documento ou á información dende calquera departamento da Administración pública que o precise. É necesario garantir a dispoñibilidade, o acceso e a integridade da documentación electrónica que xera.

Como xa se mencionou anteriormente, este modelo debe abordarse de forma transversal a toda a Administración pública. Unha organización complexa como é a Xunta de Galicia con departamentos con competencias en diferentes ámbitos de negocio, con cambios estruturais dependentes de estratexias e obxectivo de goberno, posiblemente cambiantes ante cambios políticos, debe formular un modelo de soporte nos seus sistemas de información de relación co cidadán que sexa dalgún modo transparente a eses cambios.

Isto non supón a constitución dun único repositorio para toda a organización, senón o establecemento dun modelo común e compartido. *O Modelo de Xestión Documental da Xunta de Galicia*, en adiante MXDX, no marco da eAdministración.

Para o desenvolvemento do modelo de xestión documental MXDX da Xunta de Galicia tivéronse en conta os seguintes marcos e normativas:

- *UNE-ISO 15489 (1 e 2)*. Información y documentación. Gestión de documentos
- *UNE-ISO 23081-1: 2008* Información y Documentación. Procesos de gestión de documentos. Metadatos para la gestión de documentos. Parte 1: Principios
- *UNE-ISO/TS 23081-2: 2008* Información y documentación. Procesos de gestión de documentos. Metadatos para la gestión de documentos. Parte 2: Elementos de implementación y conceptuales
- *UNE-ISO/TR 26122: 2008* Análisis de los procesos de trabajo para la gestión de documentos
- *ISO 14721: 2003* Reference Model for an Open Archival Information System (OAIS)
- *ISO / TR 18492: 2005* Long-term preservation of electronic document-based information

- *ISO 19005-1: 2005 Document management*. Electronic document file format for long-term preservation. Parte 1: Use of PDF 1.4 (PDF/A- 1)
- *ISO / TR 15801:2004 Electronic Imaging*. Information stored electronically. Recommendations for trustworthiness and reliability
- Especificación MoReq2, Modelo Requirements for the management of Electronic Records, publicada en 2008
- Principles and Functional Requirements for Records in Electronic Office Environments, Module 3, Guidelines and Functional Requirements for Records in Business Systems', estudo do Consello Internacional de Arquivos (CIA / I CA) publicado no ano 2008.5
- *UNE-ISO/IEC 27001:2007* Tecnología de la información (TI). Técnicas de seguridad. Sistemas de Gestión de la Seguridad de la Información
- Criterios de seguridad, normalización y conservación de las aplicaciones utilizadas para el ejercicio de potestades. Ministerio de Administraciones Públicas (v2.2 de 24/06/2004) 1
- Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- Lei 53/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica

Os fundamentos do MXDX son:

- **Homoxeneizar un método de traballo da xestión documental** para a súa utilización no ámbito da Xunta de Galicia; tanto se a documentación se orixina nun procedemento administrativo como se non.
- Axilizar a consulta e recuperación de documentos tanto por parte da Administración como da cidadanía, establecendo uns mecanismos de acceso uniformes.
- **Proporcionar un modelo de ciclo de vida** de documento estandarizado para as diferentes unidades administrativas da Xunta de Galicia.
- **Racionalizar os procedementos de captura e incorporación de soportes documentais** ao circuíto documental.
- **Garantir a conservación da documentación** con valor probatorio para a Administración así como a necesaria polo seu valor históricos.
- **Contribuír ao aforro de custos** no desenvolvemento tecnolóxico de modelos departamentais.
- **Mellorar a eficiencia administrativa** ao homoxeneizar o tratamento de documentos.

O MXDX proporciona un modelo para capturar, xestionar, distribuír e almacenar documentos relacionados cos procesos da Xunta de Galicia, determinando así o seu alcance (Figura 1).

O Modelo de Xestión Documental configúrase mediante:

- o establecemento de políticas e normas
- a asignación de responsabilidades e competencias
- o establecemento e promulgación de procedementos e directrices
- a prestación dunha serie de servizos relacionados coa súa xestión e uso, para consumo dos sistemas de información.
- o deseño, a implementación e a administración de sistemas especializados de xestión de documentos
- a integración da xestión de documentos nos sistemas e os procedementos da organización.

### **O Plan de Modernización da Xunta de Galicia – O MXDX. Marcos de traballo.**

A implantación de MXDX debe ter en contar tres marcos de traballo:

- **Normativo:** a aplicación dun determinado marco normativo determina, non só a concepción do modelo xeral, senón a admisión de solucións tecnolóxicas (*desenvolvemento do protocolo de arquivo e documento electrónico previsto no Decreto 198/2010*)
- **Organizativo:** describe o modelo organizativo, de clasificación e de servizos ligados aos procedementos de xestión documental. A clasificación virá determinada pola normativa e cadros de clasificación que estableza o Arquivo Histórico da Xunta de Galicia.
- **Tecnolóxico:** neste ámbito descríbense as mellores prácticas de selección de produtos tecnolóxicos. O modelo MXDX parte na súa base dunha independencia tecnolóxica que permite aos participantes a selección da súa propia solución tecnolóxica.

### **O Plan de Modernización da Xunta de Galicia – O MXDX. Modelo de infraestrutura.**

O modelo MXDX de infraestrutura baséase nun modelo distribuído de implantacións MXDX locais e unha implementación central de soporte dun *framework* de servizos:

MXDX supón un modelo distribuído de implantación que:

- Permite que cada participante/organización dentro da Xunta de Galicia poida adoptar ao seu ritmo as necesidades de xestión documental que poidan xurdir (fundamentalmente repositorios de almacenamento documental)
- Permite un mellor control do investimento adaptando a presenza de so-




Figura 1: Esquema Xeral do Modelo de Xestión Documental

poida dispoñer de arquivos de custodia independentes se se require funcionalmente.

lucións de xestión documental ás demandas reais da organización

- Facilita a posibilidade de recoller as distintas solucións tecnolóxicas que están xa desenvolvidas, sabendo que a linguaxe do modelo global será común: mesmos formatos soportados, mesmo ciclo de vida, mesma semántica, mesmos servizos, etc.

- Habilita a posibilidade de que cada participante

Unha implementación central de MXDX permitirá á Xunta de Galicia habilitar un repositorio documental para o proceso xeral da tramitación electrónica, para a xestión das unidades que polo seu tamaño ou entidade non requiriran un modelo específico, servirá de punto central para os servizos comúns da plataforma que puidesen existir: sinatura electrónica, datado, catálogo de servizos, etc., e permitirá a convivencia con modelos documentais específicos ou especializados e descentralizados (arquivos sectoriais, como poden ser o expediente electrónico sanitario, de benestar, xudicial, ou o propio arquivo histórico da Xunta de Galicia).

Este tipo de implementación permite un modelo de crecemento gradual xa que a incorporación de sucesivas implantacións de MXDX permitirá ampliar o espazo de almacenamento tecnolóxico baixo demanda.

A independencia de implantación tecnolóxica proposta por MXDX debe garantir a interoperabilidade dos sistemas e unificar o tratamento da documentación. Este *framework* de servizos deberá seguir ademais as *Directrices de interoperabilidade da Xunta de Galicia*.

A posta en marcha do MXDX levarase a cabo de forma paralela ao desenvolvemento do modelo de rexistro unificado, rexistro telemático e dixitalización de documentación, mencionado como unha das liñas de desenvolvemento da Administración electrónica. Supón as seguintes tarefas de desenvolvemento:

- 1. Deseño do sistema de xestión de documentos.** Desenvolvemento de políticas e normativas asociadas a Directrices MXDX. Desenvolvemento de cadros de clasificación iniciais asociados ás necesidades do Rexistro de E/S. É por iso que o deseño do sistema de xestión de documentos e os procesos que soporta deben adoptarse conforme cos sistemas de organización xa existentes.

- Validación de Selección de produto tecnolóxico de soporte base MXDX

- Selección de soportes físicos tecnolóxicos de conservación do repositorio.
- Definir/completar o catálogo de procedementos
- Definir/completar a tipoloxía documental
- Definir o modelo de auditoría documental
- Definir entidades responsables dentro da Xunta de Galicia
- Definir o nivel base de metadatos (identificación, tipoloxía, clasificación, indexación) asociados aos documentos
- Desenvolver normativa asociada a MXDX dentro do ámbito da Xunta de Galicia
- Desenvolver políticas base asociadas ás directrices MXDX en función do ciclo de vida/tipoloxía de documentos
- Establecer a arquitectura de sistemas, dimensionamento e tipoloxía de modelo distribuído de MXDX




Figura 2: Modelo distribuído.

**2. Deseño de Procesos e controis da xestión de documentos.** Características complementarias, seguridade, almacenamento, clasificación e consulta. Nesta fase desenvolveranse os procesos, protocolos e controis que teñen que ver co núcleo central e globalizador do MXCX. Deberanse realizar as seguintes tarefas:

- **Documentos que deben incorporarse ao sistema:** en función do marco regulamentario, as necesidades de xestión e o risco que suporía que non se incorporasen os documentos.
- **Determinación dos prazos de conservación:** igualmente baseado no marco regulamentario e con especial atención á súa contribución á memoria da organización e ao soporte legal probatorio da propia conservación.
- **Incorporación dos documentos:** para iso deberá definirse a clasificación e indexación dos documentos de maneira que se permita a correcta asociación, agrupación, denominación, protección, concesión de permisos de uso e recuperación, disposición e identificación de documentos esenciais.
- **Rexistro:** O obxectivo principal do rexistro nun sistema de xestión de documentos é proporcionar testemuño da creación ou incorporación dun documento e pola súa vez facilitar a súa recuperación. O rexistro



Figura 3: Modelo de Xestión Documental



baséase na incorporación dunha breve información descritiva ou de metadatos sobre o documento orixinal así como a asignación dun código identificador único no sistema. O rexistro formaliza a incorporación dun documento no sistema de xestión de documentos.

■ **Clasificación, cadros de clasificación e vocabularios:** clasificación documental en función das actividades da organización. Os vocabularios controlados proporcionan un apoio para os sistemas de clasificación e os índices. Estes debe ser proporcionais á complexidade dos documentos que trate a organización. Os vocabularios deben explicitar as definicións así como o uso dos termos dentro da organización.

■ **Indización, atribución de números e códigos:** que permita identificar e localizar os documentos.

■ **Almacenamento e manipulación:** Todo documento que forma parte do sistema de xestión de documentos débese almacenar en soportes e formatos que garantan a súa dispoñibilidade, fiabilidade, autenticidade e conservación durante o tempo necesario. Todo o relativo ao seu mantemento, manipulación e almacenamento cobra especial relevancia ao longo da súa existencia.

■ **Control de acceso:** O control de acceso garantírase mediante a asignación dun nivel de acceso que poderá afectar tanto aos documentos como aos individuos que acceden a eles. A xestión do acceso debe garantir que:

- Todo documento queda dividido en categorías de acordo ao seu nivel de acceso nun momento dado.
- Únicamente as persoas que estean autorizadas a ver un documento poderán recibilo.
- Todo documento encriptado poderá ser lido cando se requira e fose autorizado.
- Únicamente as persoas autorizadas poderán realizar procesos e operacións relacionados con documentos.
- As unidades da organización responsables dunha función concreta atribúen os permisos de acceso aos documentos da súa área de responsabilidade.

■ **Trazabilidade:** do uso, accións realizadas sobre os documentos e situación dos mesmos.

■ **Disposición/Destrución documental.**

3. Implantación Infraestrutura MXDX e Desenvolvemento de *Framework* base de servizos. Servizos soporte de plataforma e servizos iniciais asociados ao Rexistro de E/S.

4. Formación. Débese formar aos participantes no uso do sistema para a súa correcta utilización.

### **O Plan de Modernización da Xunta de Galicia – A seguridade**

Para garantir o efectivo exercicio do dereito a *comunicarse a través de medios electrónicos coas administracións*, é esencial que o uso da tecnoloxías garanta un grao óptimo de seguridade da información, establecendo as medidas de seguridade informática apropiadas que reduzan ao mínimo o impacto dos incidentes de seguridade na prestación dos servizos e na *confianza que a cidadanía deposita na Administración*, como factor decisivo na implantación da Administración electrónica e na Sociedade da Información.

A protección de datos configúrase como un dereito fundamental dos cidadáns, concretándose no amparo dos mesmos fronte á utilización dos seus datos persoais por terceiros, en forma non autorizada, para confeccionar unha información que, afecte á súa contorna persoal, social ou profesional, nos límites da súa intimidade. Ao establecer a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos (LOPD), os principios, dereitos e obrigas que se observarán no tratamento de datos de carácter persoal, faise necesario establecer os mecanismos e procedementos adecuados e necesarios co fin de levar a cabo un tratamento legal e leal dos datos persoais.

A Administración pública galega expresa o seu *compromiso coa seguridade da información*, co Plan Director de Seguridade da Información que establece as actuacións a levar a cabo pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de seguridade da información así como os axentes involucrados e as súas respectivas responsabilidades. Define as directrices necesarias para xestionar de forma segura os sistemas de información da Administración e manifesta o recoñecemento da importancia que ten a seguridade da información sobre a confianza que os cidadáns depositan na Administración. De forma resumida estas actuacións concrétnanse, entre outras, en:

- Concienciar e implicar na xestión da seguridade a toda a dirección e persoal da Administración pública.
- Promover o máximo aproveitamento das TIC na actividade administrativa, asegurando o respecto das garantías e dereitos dos cidadáns na súas relacións coa Administración.
- Xestionar os riscos que poidan afectar aos sistemas de información.
- Garantir a dispoñibilidade dos sistemas de información de acordo cos requisitos establecidos para os servizos prestados.
- Proporcionar un entorno de seguridade que garanta o cumprimento

de requisitos legais para a validez e eficacia dos procedementos administrativos que utilicen medios electrónicos, informáticos e telemáticos, establecendo para cada sistema de información responsables diferenciados de información, dispoñibilidade e seguridade.

■ A Administración pública debe actuar como elemento xerador de confianza nos medios electrónicos (e-confianza), que promovan un tecido empresarial sólido na seguridade da información e incremente a confianza e a protección dos dereitos da cidadanía galega na Sociedade da información.

## **O Plan de Modernización**

### **da Xunta de Galicia – O acceso do cidadán**

O desenvolvemento da Administración electrónica debe asumir os obxectivos de creación de servizos públicos de calidade e a consolidación da Sociedade da Información. Implica a eliminación, ou drástica redución dos tempos de espera na tramitación, a redución da documentación a aportar por parte das empresas. Supón tamén un aporte de competitividade ás empresas, a introdución masiva da sinatura electrónica ou a mellora da interoperabilidade das administracións públicas.

Os principais factores que inciden na propensión ao uso das TIC por parte dos cidadáns de Galicia son:

■ **A idade.** A pirámide da poboación galega por idade en termos comparativos con España amosa un desequilibrio importante cara os segmentos de idades máis altos, cun punto de inflexión no segmento dos 45-50 anos. As baixas cifras de penetración e uso da Internet neses segmentos de idade require un maior esforzo no ámbito da incentivação da demanda con accións específicas para este colectivo.

■ **Nivel de formación:** Na medida en que aumenta a idade, o nivel de formación vai diminuindo. O menor nivel formativo dos sectores de idade máis altos e máis presentes en Galicia supoñen outra barreira neste sector.

■ **Nivel de renda:** O nivel de uso de elementos TIC (ordenador, internet...) é menor nas familias con menos recursos económicos.

■ **Concentración xeográfica da poboación:** En Galicia existe unha forte polarización da poboación, cun total do 80% aproximadamente da mesma que reside no 16% dos concellos, fundamentalmente arredor do eixo atlántico Ferrol – A Coruña – Santiago – Vigo. Ademais, existe unha forte dispersión da poboación fóra dos núcleos máis densos. Do mesmo modo, os concellos das provincias do interior son de

carácter máis rural: máis núcleos con menor poboación e con medias de idade máis elevadas.

A implantación da Sociedade da Información e do Coñecemento pon en primeiro plano a necesidade de desenvolver as infraestruturas sociais e administrativas que permitan ao cidadán o acceso aos servizos que se desenvolvan. Debe estar orientada a reducir a fenda dixital en lugar de aumentar esa fenda dixital. Para iso debe ir acompañada do fomento da creación da infraestrutura para a súa efectiva implantación: infraestruturas de comunicacións de banda ancha que acaden a todos os núcleos de poboación para evitar diferenzas por cuestións xeográficas, fomento do uso dos medios dixitais como DNI electrónico ou sinatura electrónica, ordenación das redes de centros de dinamización como puntos de divulgación ordenada, identificación de servizos «tractores» que fomenten o achegamento do cidadán a internet, á confianza no uso da identidade e dos medios dixitais.

En definitiva, facer efectivo o Plan de acción i2010: *Ningún cidadán debe quedarse atrás: avanzar a inclusión a través da Administración electrónica, para que no 2010 todos os cidadáns se beneficien con confianza de servizos innovadores e dun acceso doado para todos.*

## **Notas**

---

<sup>1</sup> Decreto 198/2010, de 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, publicado en DOG nº241 de 17 de decembro 2010.

# A experiencia do Arquivo Municipal de Zaragoza na implantación da Administración Electrónica

Elena Rivas Palá

O Concello de Zaragoza, como a maioría das administracións pública nos últimos tempos, está inmerso nun duro proceso de conversión cara a Administración electrónica, impulsado de maneira especial pola lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

No ano 2008 e liderado pola nova Dirección Xeral de Ciencia e Tecnoloxía, o Concello adxudicou dous contratos para a implantación dunha Administración electrónica por un importe de 1,2 millóns de euros.

O primeiro dos concursos adxudicouse para o estudo dos procedementos administrativos do Concello de Zaragoza, incluíndo a súa análise, a súa clasificación por familias e a metodoloxía de mellora, simplificación e redeseño, co obxecto de proceder á súa tramitación electrónica. É dicir, tratábase de elaborar un inventario de procedementos e o estudo pormenorizado de ca-




Figura 1:  
Arquitectura

da unha das familias e de, polo menos, os máis significativos dentro de cada familia co obxecto de modelalos e deixalos dispostos para o seu desenvolvemento na aplicación.

O segundo concurso dedícase á implantación dunha plataforma de servizos telemáticos. A solución tecnolóxica elixida polo Concello está baseada no proxecto W@NDA, que é a plataforma de desenvolvemento creada pola Xunta de Andalucía, fundamentalmente se utiliza o módulo TREW@ como motor de tramitación. Unha das razóns de máis peso para esta elección é a súa condición de software libre, pois esta é unha das liñas estratégicas dende hai uns anos do Concello, que o está a implantar en servidores, no escritorio e nas aplicacións (Cavero, 2008).

### **A xestión de documentos e o arquivo no proceso de implantación da Administración electrónica**

Unha das funcións que debe cumprir un sistema de Administración electrónica é a xestión de documentos en todo o proceso, dende o seu deseño ate a conservación definitiva ou eliminación. Os documentos son o testemuño e a proba da actuación da organización e un sistema electrónico, ao igual que ocorre co documento en papel, deben ser creados, conservados, consultados e presentados, e deben manterse auténticos, fiables e íntegros. E no entanto en moitos casos cando se pon en marcha a implantación da Administración electrónica non se ten en conta os aspectos referidos á xestión de documentos e o arquivo. O papel dos responsables de xestión de documentos e/ou do arquivo é precisamente ese: velar por que a organización sexa consciente da importancia (legal, histórica, empresarial...) de crear e conservar os seus documentos electrónicos de maneira adecuada.

No Concello de Zaragoza a Dirección Xeral de Ciencia e Tecnoloxía, impulsora e responsable da implantación da Administración electrónica, creou un grupo de traballo no que se incluíu o Arquivo, o que nos permitiu definir políticas e tomar decisións, aínda que moitas veces tivemos que chegar a un consenso entre o recomendable dende o punto de vista da xestión e conservación de documentos e o posible nas circunstancias do momento. Imos ver as principais cuestións relativas á xestión de documentos e ao arquivo nas que se interveu, e como se fixo. En concreto, o Arquivo participou na elaboración do prego de condicións técnicas para o concurso de adxudicación da plataforma de servizos telemáticos, na elaboración da Ordenanza de Administración electrónica, nas cuestións relativas á definición de procedementos e á tramitación, no deseño do que demos en chamar xestor de documentos corporativos, no establecemento da relación entre o cadro de clasificación e

o inventario de procedementos, no proceso de transferencia, a definición de formatos, o esquema de metadatos, os requisitos para a aplicación de arquivo e os da creación de copias electrónicas auténticas mediante a dixitalización de documentos.

### **Prego de condicións técnicas**

Os requisitos de xestión documental e arquivo que o Concello formulou para a aplicación de Administración electrónica extraíense das conclusións dos traballos realizados con anterioridade polo Servizo de Modernización, o Arquivo e o Centro Municipal de Informática. Destacan os seguintes requisitos:

- A plataforma debe incluír funcionalidade para o arquivo e a xestión de documentos electrónicos.

- A plataforma debe cumprir a lexislación vixente relacionada coa materia, así como coas normas técnicas sobre xestión de documentos e arquivo, incluíndo a norma UNE-ISO 15489, a especificación MoReq2 (*Model Requirements for the management of electronic records*), e as normas e estruturas internacionais de descrición e intercambio de datos en arquivos.

- O módulo de xestión documental deberá incluír funcionalidades referentes á incorporación de documentos (e os seus metadatos) ao sistema, incluíndo a dixitalización. Tamén debe definir a situación física dos documentos e a estrutura do seu almacenamento, e os sistemas de busca, localización e presentación de documentos; igualmente se estipulan os requisitos respecto ao control de accesos e a identificación de usuarios e especialmente as necesidades na xestión de documentos, con especificacións como a seguinte:

- O sistema debe permitir establecer políticas de retención dos documentos para a súa eliminación ou paso ao módulo de arquivo en función do ciclo de vida asociado. A destrución de documentos debe ser segura e estar documentada.

- O módulo de arquivo cumprirá pola súa vez os seguintes requisitos funcionais:

- Crear e compartir varios cadros de clasificación de estrutura flexible, con múltiples niveis xerárquicos que herden a información.

- Debe permitir a xestión dos depósitos físicos e dos repositorios de almacenamento electrónico de maneira flexible, facilitando a xestión do seu espazo. Debe contar cun instrumento de seguimento que permita controlar e rexistrar información sobre a situación e movementos dos expedientes, tanto tradicionais como electrónicos, ao longo do tempo.



- Debe xestionar e estandarizar o proceso automático de ingreso de documentación dende a aplicación de xestión de documentos e dende os arquivos de xestión, transferindo os documentos e os metadatos asociados a estes, permitindo multirregistro para os ingresos e posteriores accesos. Así mesmo, debe contar con instrumentos integrados para exportar documentos de arquivo e metadatos.
- Contar coas ferramentas necesarias para realizar a descrición da documentación, incluíndo o uso de descritores e a indización.
- O sistema debe permitir establecer e aplicar políticas de valoración dos documentos para a súa eliminación ou conservación permanente, é dicir, manter e aplicar calendarios de conservación. A destrución de documentos debe ser segura e estar documentada.
- O sistema debe permitir establecer e aplicar políticas de acceso (nos seus diversos niveis) aos documentos ao longo do tempo. Debe estar dotado dos mecanismos necesarios para realizar buscas de documentación que permitan localizar os documentos e xestionar os tipos de acceso e saída da mesma.
- O sistema debe permitir especificar os formatos permitidos para cada tipo de documento e rexeitar ou migrar os documentos que non se atopen nos ditos formatos.

Ademais, e de maneira xeral, a plataforma debe garantir que se poida confiar nos documentos e se poida demostrar a súa integridade e autenticidade mediante mecanismos como a integración coa plataforma de sinatura electrónica. Tamén debe garantir que os documentos electrónicos poidan manter as súas calidades ao longo do tempo de modo que a accesibilidade, autenticidade e fiabilidade se manteñan mentres o documento sexa necesario, debe permitir supervisar o uso ou movemento dos documentos mediante un sistema de trazabilidade (pistas de auditoría) incluíndo o cumprimento da LOPD, así como a agrupación de documentos en expedientes e o seu tratamento como unidades de xestión e almacenamento a todos os efectos.

### **Ordenanza**

O Concello pleno aprobou en febreiro de 2010 a Ordenanza de Administración electrónica<sup>1</sup>. Elaborada por un equipo de traballo que contou con expertos xuristas e con membros da Dirección Xeral de Ciencia e Tecnoloxía, do Servizo de Modernización (incluído o Arquivo e o Rexistro) e de outros servizos municipais, esta ordenanza é o instrumento normativo que vai rexer a implantación e o desenvolvemento da administración electrónica no noso

Concello. No referente á xestión de documentos e ao arquivo, cómpre destacar o título IV, dedicado na súa totalidade aos documentos electrónicos. O capítulo I deste título céntrase nas clases de documentos e dedica cadanseu artigo aos metadatos e aos formatos. O capítulo II versa sobre a realización de copias en todas as súas modalidades e sobre a destrución dos documentos en papel, e o capítulo III está dedicado á xestión e conservación dos documentos, con especial incidencia na eliminación e o acceso. Dentro deste capítulo hai un artigo titulado «creación e finalidade do arquivo electrónico», que di así:

1. Créase o arquivo electrónico do Concello de Zaragoza, dependente do Arquivo Municipal e co soporte técnico do órgano competente en materia de tecnoloxía.
2. A finalidade do arquivo electrónico do Concello de Zaragoza é a recepción, almacenamento, preservación e consulta de documentos electrónicos, garantindo a autenticidade, integridade, confidencialidade, conservación, dispoñibilidade, trazabilidade e custodia dos mesmos, así como a non obsolescencia dos soportes e aplicacións utilizados.
3. O arquivo electrónico do Concello de Zaragoza divídese en dúas unidades:
  - a) O arquivo de xestión, que conserva os documentos de arquivo a partir do momento en que son transferidos dende a plataforma de tramitación e mentres manteñen o seu valor para a xestión administrativa.
  - b) O arquivo central, que conserva os documentos de arquivo unha vez decaído o seu valor para a xestión administrativa, e encárgase da súa preservación e conservación a longo prazo.

Ademais desta parte da ordenanza que regula directamente a xestión de documentos e o arquivo, hai moitos outros artigos que lles afectan:

- Nos artigos 71 e 72 regúlase a presentación de documentos de forma presenza, tanto en soporte electrónico como en papel, e de que forma serán incluídos no sistema e dados por presentados.
- O concepto de expediente mantense no mundo electrónico, e así queda reflectido no artigo 80 (formación de expedientes electrónicos), incluíndo a obriga de que dispoñan dun conxunto de metadatos e dun índice electrónico.
- No artigo 83 fálase da iniciación de procedementos e dos formularios que a tal efecto se disporán na web.

Figura 2: Procesos de incorporación e conservación de documentos



### Procedementos

Tralo paso polo rexistro, é no tramitador onde o responsable de xestionar o procedemento correspondente inicia o expediente. Nese momento, terá que elixir entre un dos procedementos específicos xa modelados ou, se non é o caso, abrir un procedemento xenérico. Este procedemento habilítase no tramitador co obxectivo de poder xestionar todos aqueles expedientes cuxo procedemento non foi aínda estudado e modelado expresamente na aplicación, e deseñouse de tal forma que se poida realizar calquera trámite, dende o inicio ate a resolución. Dende o punto de vista do arquivo o problema que se formulaba era que estes expedientes podían quedar todos agrupados indiscriminadamente baixo este procedemento xenérico que actuaría como un gran «varios» e impediría unha clasificación e recuperación adecuada. Por iso se decidiu que ao iniciar o expediente o responsable da súa tramitación debía obrigatoriamente seleccionar un procedemento do inventario de procedementos<sup>2</sup> e, no caso de que non estivese incluído no dito inventario, se abriría o cadro de clasificación de fondos para a súa relación cunha serie documental, de tal forma que non exista ningún expediente sen a súa adscripción a un procedemento ou, no seu defecto, directamente ao cadro de clasificación.

## **Tramitación**

Os documentos en tramitación ou pertencentes a expedientes xa concluídos pero non transferidos aínda ao Arquivo consérvanse no xestor Alfresco, aínda que este resulta transparente para o usuario, que realizará todas as buscas e recuperacións a través do tramitador. Polo tanto, non tivemos que deseñar pantallas de busca nin de presentación na parte de Alfresco que se ocupa de conservar os documentos pertencentes a expedientes, aínda que si imos ter que facelo cos que se conservan no xestor de documentos corporativos, tamén baixo Alfresco.


## **Relación do cadro de clasificación co inventario de procedementos**

Un dos puntos máis importantes do proceso dende o noso punto de vista é establecer a relación entre o inventario de procedementos e o arquivo. Para iso, cada un dos procedementos incluídos no inventario ten a súa relación cunha serie do cadro de clasificación de fondos, e cada serie do cadro está ligada a un ou varios procedementos. Isto realízase mediante unha base de datos (véxase contido no anexo I) que inclúe nun dos seus campos o procedemento ou os procedementos aos que cada serie documental está asociada, así como as decisións sobre a súa conservación ou eliminación. Desta forma, no momento en que se crea un expediente e se lle adscribe a un dos procedementos incluídos no inventario, automaticamente se produce a súa relación coa serie documental que lle corresponde e pola súa vez coa información sobre os períodos de conservación, data prevista de eliminación, mostraxe, acceso, etc. Esta información inclúese como metadatos asociados ao expediente.

Pola súa vez, ambos os dous instrumentos (cadro e inventario) están unidos ás entidades ou unidades xestoras que os producen, tamén a través dunha base de datos (véxase anexo II). A base de datos de entidades inclúe o establecemento de relacións xerárquicas que permiten a recreación do organigrama, e temporais, que dan información sobre a evolución ao longo do tempo, información moi útil para a aplicación de xestión electrónica de documentos xa que establece as relacións de sucesor-antecesor e permite «herdar» os expedientes asociados ás diversas entidades.

O inventario de procedementos está unido polo outro extremo co cidadán a través da web semántica, que permite buscar trámites ou procedementos utilizando unha linguaxe natural.<sup>3</sup>

Figura 3:  
Relacións entre  
web, entidades,  
clasificación e  
procedementos



### Xestor de documentos corporativos

O obxectivo da Dirección Xeral de Ciencia e Tecnoloxía era acabar co papel no traballo cotián do Concello, especialmente nas comunicacións internas. Por outra banda, había que dar tamén unha solución a toda esa documentación que non forma parte de ningún expediente regrado pero si é documento de arquivo, como poden ser actas, memorias, informes de actuacións, rexistros, etc. E por último era necesario atopar a maneira de organizar a documentación de traballo dos servizos, aquela que serve como apoio informativo pero que normalmente non remata no Arquivo.

Para integrar toda esta masa documental se optou por utilizar a mesma aplicación de xestión de documentos que está unida ao tramitador, é dicir, Alfresco, no que denominamos «xestor de documentos corporativos». Este xestor está dividido en tres zonas: zona de traballo, zona de arquivo e zona de comunicacións. Cada servizo ten a súa zona de traballo e a organiza segundo as súas necesidades. A documentación que se garda na zona de traballo non pasa ao Arquivo nin se controla de ningunha maneira, aínda que si se van establecer uns criterios de eliminación periódica para que non se colapse. A zona de comunicacións será a que permita eliminar o correo interno en papel. Por último, na zona de arquivo os diferentes servizos municipais deberán gardar aquela documentación que ate agora transferían ao Arquivo e que non estaba formada por expedientes. A organización desta zona de arquivo debería ser unha transposición do cadro de clasificación, pero nestes momentos non dispoñemos da capacidade de analizar cada un dos servizos para estudar a totalidade da documentación corporativa que xeran e actua-

lizar o cadro, polo que se optou por deixar liberdade ao servizo xestor para organizar a estrutura de carpetas, pero obrigando a inserir uns metadatos no momento de incorporar o documento á zona de arquivo: eses metadatos dirrannos o tipo de documento (segundo o listado que aparece no anexo VII), o servizo produtor, o título do documento, a data de creación, etc. No momento da transferencia ao arquivo esta información será a que nos permita clasificar e describir adecuadamente a documentación.

### **Transferencias**

As transferencias de expedientes ao Arquivo central electrónico realizaranse, como norma xeral e mentres non se decida outro prazo, un ano despois do peche do expediente. Nese momento formarase un «paquete» cos diversos documentos que compoñen o expediente, cos seus metadatos, o seu índice e os metadatos do expediente, e será este paquete o que se transfira ao Arquivo (Nualart, 2008).

Esta transferencia non ten por que implicar un cambio de repositorio ou servidor, pero si, e isto é o importante, un cambio de responsabilidade. Dende o momento en que o expediente «paquete» é aceptado no Arquivo e selado por este, as decisións sobre el serán responsabilidade do Arquivo, o que deberá aplicar as políticas de conservación e eliminación, realizar os cambios de formato, ocuparse da recuperación da información e da súa posta a disposición, controlar as consultas e aplicar as políticas de acceso, así como realizar os reselados necesarios.

### **Arquivo electrónico**

O Concello de Zaragoza decidiu xestionar o Arquivo electrónico co motor Fedora e o interface de usuario Muradora. Fedora Commos (CENATIC, 2009)<sup>4</sup> é un software de arquitectura modular desenvolvido en Java para a administración de activos dixitais (Digital Asset Management) sobre o cal poden ser implementados moitos tipos de repositorio dixitais como bibliotecas dixitais, repositorios institucionais, arquivos dixitais, galerías de imaxes, arquivos de audio e vídeo, etc. Encárgase de definir os rexistros e executar/manter as políticas de conservación e ten interfaces para as distintas necesidades do arquivo, almacenamento, sinatura-reselado, obsolescencia de formatos... Muradora é unha interface de usuarios creada expresamente sobre Fedora para a xestión das consultas, buscas e recuperación da documentación. Nestes momentos estase a traballar na implantación das pantallas de busca e recuperación e do esquema de metadatos elaborados polo Arquivo.

Por outra banda, e respecto á responsabilidade do arquivo sobre o patrimonio documental, o artigo 59 da Ordenanza establece que os documentos xerados e recibidos polo Concello pasan a formar parte do patrimonio documental municipal e son obxecto de conservación cos seus metadatos e sinaturas e selos correspondentes. Igualmente se regula a posibilidade de destruír os documentos electrónicos segundo os procedementos previstos para iso na normativa reguladora do arquivo, é dicir, a Comisión Cualificadora de Documentos Administrativos. Desta forma quedan cubertas normativamente cuestións tan importantes para o arquivo como a declaración de patrimonio documental e a eliminación de documentos electrónicos.

### **Formatos**

Unha das primeiras cuestións que o Arquivo formulou ao equipo de traballo da Administración electrónica no Concello de Zaragoza foi a dos formatos dos documentos.

A lei 11/2007 no seu artigo 6 establece entre os dereitos dos cidadáns o dereito:

*k)* A elixir as aplicacións ou sistemas para se relacionar coas administracións públicas sempre e cando utilicen estándares abertos ou, de ser o caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

No entanto, permitir aos cidadáns, empresas e asociacións remitir os documentos ao Concello en calquera formato podería supoñer graves problemas de preservación no futuro. Como manter accesibles de aquí a 5, 20 ou 50 anos documentos en diversos formatos e versións? Adoptouse a decisión de buscar uns formatos que non fosen dependentes de desenvolvementos e cambios e elaborar neles todos os documentos xerados polo propio Concello. Por outra banda, tamén se acordou ofrecer todas as facilidades ao cidadáns para que utilice eses e non outros formatos, especialmente a través da sede web, que «devolve» ao interesado os documentos no formato admitido para que este só teña que asinalos. Ademais, estase a traballar con determinados colectivos profesionais para establecer unhas pautas comúns.

Os documentos textuais e as imaxes fixas van ser conservadas en PDF/A. Os planos e proxectos en PDF/E. Polo momento non se tomou ningunha decisión definitiva sobre o formato dos documentos sonoros e en imaxe.

## Metadatos

Para a elaboración do esquema de metadatos analizáronse as diferentes normas e propostas (Vocabularis; Casellas, 2007; ISO23089; MoReq; ISO15489). En primeiro lugar elaborouse a ficha coa información que se debía incorporar sobre cada metadato para os técnicos que implantan as aplicacións.<sup>5</sup>

O esquema de metadatos<sup>6</sup> que resultou froito do traballo dun equipo composto por persoal dos servizos informáticos, do Arquivo e da empresa que desenvolveu o proxecto (Indra) distingue entre metadatos propios do documento e os do expediente.

A información que se converterá en metadatos vaise recompilando ao longo da vida dos documentos e expedientes, dende a súa incorporación ao sistema (registro) ate a súa chegada ao Arquivo, momento no que se converten realmente nos metadatos que van ir unidos ao documento o expediente e aos que se engadirán posteriormente os xerado no Arquivo (como por exemplo os referentes á eliminación ou a cambios nas condicións de acceso).

## Copias electrónicas e dixitalización de documentos

Tal e como se contempla na Ordenanza (artigos 54 ao 58), hai tres posibilidades de copias auténticas:

- Copias electrónicas de documentos en papel: o procedemento para a súa realización inclúe a obtención da imaxe a través de escáneres configurados non modificables polos operadores, a optimización da imaxe a través de procesos automáticos, o cotexo da imaxe co documento orixinal en papel e a sinatura da copia electrónica. Contéplase a posibilidade de realizar copias electrónicas auténticas dun conxunto de documentos en papel de natureza xurídica uniforme de maneira automatizada sempre que estean asinados cun selo do Concello.
- Copias electrónicas de documentos electrónicos: dous tipos, copias en novo formato e copias *anonimizadas* (eliminación dos datos identificativos). Igualmente se regula a sinatura e os metadatos (que farán referencia ao carácter de copia do documento).
- Copias en papel de documentos electrónicos: levará un código de verificación que se poida aprobar a través da sede electrónica do Concello, na cal se poderá acceder ao documento electrónico orixinal.

Igualmente se regulan as autorizacións para a realización das copias, así como a posibilidade de encomendar a terceiros as tarefas de copiado, sempre que se poida garantir a fiabilidade dos resultados.



O artigo 58 especifica as condicións para a destrución de documentos orixinais en soporte papel que teñan unha copia electrónica auténtica. Esta destrución é responsabilidade do arquivo municipal, sempre que se cumpran as condicións especificadas e mediante un estrito control do proceso de destrución, que debe quedar documentado cunha acta. Contémplase a posibilidade de que a destrución sexa encomendada a terceiros, coa emisión do correspondente certificado por parte da empresa.

En cumprimento da Ordenanza (artigo 54) os escáneres que realizan a dixitalización de documentos, tanto no rexistro como nas oficinas ou nas empresas contratadas para a dixitalización masiva, configuraróense de maneira que os seus parámetros non se poidan modificar polos operadores. Os parámetros xerais son:

- Todas as saídas a PDF.
- Resolución 200 dpi.
- Branco e negro e/o escala de grises (8 bits).
- Dobre cara.
- Corrección automática da imaxe: procesos automáticos de optimización de imaxes (umbralización, reorientación, eliminación de bordes negros, etc...) para garantir a súa lexibilidade, así como controis para asegurar que se respecta a xeometría do orixinal en tamaños e proporcións, e no sentido da orientación do texto ou gráfico.
- Multipáxina: Para documentos de varias páxinas, posibilidade de tratar as imaxes conxuntamente.

Ao operador só se lle permitirá elixir outra opción cando se trate de fotografías e gráficos; nese caso o escáner traballará a cor e alta resolución (300 dpi).

Para a dixitalización en rexistro/oficinas se definiu que no momento en que o documento escaneado se incorpora á plataforma de tramitación, esta debe solicitar o metadato de tipo de documento, ademais de gardar automaticamente os metadatos de dixitalización. Este metadato de tipo de documento elíxese entre os contidos nun listado, pero este listado varía segundo a procedencia do documentos dixitalizado:

- Documentos presentados polos cidadáns e dixitalizados no rexistro ou nas oficinas (véxase listado en anexo V).
- Documentos internos creados no tramitador polos traballadores municipais (véxase listado en anexo VI).
- Tipos de documentos para o xestor de documentos corporativos (véxase listado en anexo VII).

Igualmente se traballou nun prego-tipo de dixitalización masiva para o caso de que se contrate con terceiros os procesos de escaneo de grandes cantidades de documentos homoxéneos, posibilidade recollida pola ordenanza no seu artigo 54.5. As condicións que se estipulan son as seguintes:

- O software debe estar homologado pola Axencia Tributaria para a dixitalización certificada de facturas.
- Parámetros técnicos: os mesmos que na dixitalización realizada por empregados municipais. 200 dpi, b/n, PDF-A, non modificables polos operadores, optimización automática da imaxe.
- Metadatos: distínguese entre os metadatos que son iguais para todos os documentos ou se obteñen de maneira automática (tipo de documento, carácter de copia ou orixinal, procedemento manual ou automatizado, identidade do autor da dixitalización, data e hora, parámetros de configuración do escáner) e os propios de cada documento (identificador único, nome do ficheiro, expediente ao que está asociado, etc...), que se inserirán na base de datos.
- Especificácase cal debe ser o tratamento da documentación en papel durante todo o proceso: entrega, dixitalización e devolución.
- Considéranse como garantías técnicas e xurídicas suficientes para asegurar a autenticidade e integridade as seguintes:
  - Custodia segura da documentación en papel.
  - Utilización de software certificado.
  - Selado de tempo.
  - Sinatura realizada mediante un proceso automático, inmediatamente despois do escaneo, mentres a imaxe está aínda en memoria.
  - Sinatura da base de datos adxunta.
  - Dobre control de verificación pola empresa.
  - Documentación de todo o proceso.
- Entrega do traballo: especificanse as condicións da devolución da documentación en papel e da entrega das imaxes dixitalizadas.
- Condicións de protección de datos: a empresa debe asegurar que se mantén a confidencialidade dos datos. Esíxese á empresa que non conserve copia dos documentos dixitalizados.
- Sistema de supervisión e auditoría por parte do Concello, coa posibilidade de rexeitar as dixitalizacións defectuosas e conseguinte obriga por parte da empresa de volver escanear os documentos que non cumpran cos mínimos de calidade.

## Conclusións

O proceso de implantación, que se prevía duro, está a selo en moitos aspectos. Houbo e hai dificultades, técnicas e organizativas. Cremos que un dos maiores problemas é que no Concello de Zaragoza falla nestes momentos unha definición de responsabilidades no referente á xestión de documentos, é unha terra de ninguén que semella que deba ser asumida polo Arquivo, pero no entanto non se outorgaron competencias reais ao arquivo para asumir esta función.

Outra dificultade para o desenvolvemento normal do proceso normal do proceso foi, dende o noso punto de vista, a lentitude de implantación de Alfresco e Fedora. E queda pendente algo que nos preocupa no Arquivo dende hai anos e que non fomos capaces de concretar: a definición das políticas de conservación das aplicacións corporativas (bases de datos de territorio, poboación, terceiros, fiscal, etc.)

Está claro que queda moito por facer, e que nos achamos case ao principio do camiño, especialmente no referido á conservación a longo prazo. Pero se algo sacamos en claro é que a participación activa do arquivo na definición de conceptos e na toma de decisións é vital, non só para o propio Arquivo, senón fundamentalmente para a organización: se non se regula e define dende o principio o referente á xestión de documentos e ao arquivo o edificio da Administración electrónica vai ser un castelo de naipes sen fundamentos, e os problemas legais, de xestión, de consulta e de conservación do patrimonio presentaranse inmediatamente, provocando grandes danos á organización.

Por outra parte, non foi especialmente difícil participar nesta toma de decisións: as técnicas, conceptos e métodos da xestión de documentos e a arquivística non cambian e son perfectamente aplicables; estanse a confirmar como válidos e necesarios nesta nova etapa.

## **Anexo I: Base de datos de cadro de clasificación**

**Obxecto:** O obxecto desta base de datos é xestionar o cadro de clasificación de documentos do Concello de Zaragoza, incluíndo os cambios que se vaian producindo ao longo do tempo.

### **Campos:**

- Código: 4 díxitos (o primeiro alfabético e os tres restantes numéricos)
- Denominación: textual
- Unidade responsable: (enlace coa táboa ou base de unidades): código e nome
- Procedemento
- Código do inmediato superior: 4 díxitos (o primeiro alfabético e os tres restantes numéricos)
- Data de alta: aaammdd
- Data de baixa: aaaammdd (a ausencia de data final indica a vixencia da unidade)
- Outros códigos: libre
- Transferencia ao Arquivo: si/non
- Prazo de transferencia: dous díxitos numéricos
- Expurgo: si/non
- Prazo de expurgo: dous díxitos numéricos
- Mostraxe: si/non
- Tipo de mostraxe (despregable)
- Observacións ao expurgo
- Prazo xeral de acceso: dous díxitos numéricos
- Condicións do acceso: textual
- Observacións: textual
- Datos de control:
  - Data de alta no rexistro: aaaammdd
  - Nome do autor do rexistro: textual

### **Requisitos:**

- Buscas: poderán realizarse buscas sobre todos os campos e termos
- Dende a aplicación do tramitador, rexistro e xestor documental, e a través do código do cadro de clasificación, deberá poderse consultar e visualizar os rexistros desta base de datos

## **Anexo II: Base de datos de unidades administrativas**

**Obxecto:** O obxecto desta base de datos é controlar e ter actualizadas as unidades administrativas que interveñen na tramitación dos expedientes ou que son responsables destes, incluíndo os cambios que se vaian producindo ao longo do tempo. Para iso é necesario ter un mapa da situación actual pero tamén poder remontarse a denominacións anteriores, e coñecer as funcións que en cada momento ten asignadas cada unha das unidades e a súa relación coas unidades actuais.

### **Campos:**

- Código: 5 díxitos numéricos
- Tipo: área, servizo, unidade, sección, unidade técnica, negociado
- Denominación: textual
- Outras denominacións (siglas, etc.): textual
- Data inicio: aaaammdd
- Data final: aaaammdd (a ausencia de data final indica a vixencia da unidade)
- Competencias e funcións: textual
- Norma de creación: textual
- Observacións: textual
- Unidade relacionada: (repetible)
- Tipo de relación (xerárquica: pai, fillo; temporal: sucesor, antecesor; asociativa: relación entre iguais con competencias semellantes)
- Nome da unidade relacionada: textual
- Código: 5 díxitos numéricos
- Descrición da relación: textual
- Datas da relación: aaaa / aaaa
- Datos de control:
  - Data de alta no rexistro: aaaammdd
  - Nome do autor do rexistro: textual

### **Requisitos:**

- Buscas: poderán realizarse buscas sobre todos os campos e termos
- Dende a aplicación do tramitador, rexistro e xestor documental, e a través do código de unidade, deberá poderse consultar e visualizar os rexistros desta base de datos de unidades administrativas
- Sería interesante que na parte esquerda da pantalla se puidese ver a árbore xerárquica de dependencia orgánica, polo menos a actual (unidades vixentes)

- Posibilidade de recuperar a estrutura xerárquica nun momento dado (organigrama)
- Debe existir a posibilidade de navegar entre uns rexistros e outros con enlaces no campo “unidade relacionada”
- O campo “norma de creación” ten que permitir o enlace co texto da norma

### Anexo III: Ficha de metadato

<b>METADATO</b>
Definición
Función
Obriga
Buscable
Tipo dato
Repetible
Valor por defecto ou táboa de valores
Metadatos ou BBDD asociados
Incorporación
Procedencia da incorporación
Observacións
<hr/> <hr/> <hr/> <hr/>

## Anexo IV: Listaxe de metadatos

METADATOS DO EXPEDIENTE	
Expediente	N.º expediente
	Ano
	Data inicio
	Data peche
	Tipo de documento
	Título
	Código de procedemento
	Nome de procedemento
	Descrición
	Outros identificadores
	Código (unidade responsable)
	Área (unidade responsable)
	Nome da unidade (unidade responsable)
	Código persoal (responsable do expediente)
	Nome e apelidos (responsable do expediente)
	Posto (responsable do expediente)
	Tipo (promotor)
	Nome (promotor)
	Apellido (promotor)
	DNI ou NIF (promotor)
	Dirección (promotor)
	Teléfono (promotor)
	Fax (promotor)
	Correo electrónico (promotor)
	Selección vía de comunicación (promotor)
	Tipo (representante)
	Nome (representante)
	Apelidos (representante)
	DNI ou NIF (representante)
	Enderezo (representante)
	Teléfono (representante)
	Fax (representante)
	Correo electrónico (representante)
	N.º de rúa na listaxe normalizada
	Tipo de vía
	Nome da vía
	Número
	Nº Duplicado
	KM
	Bloque
	Porta
	Local
	Descrición local
	Lugar
	Entidade colectiva
	N.º acordo ou resolución
	Órgano
	Tipo de acordo ou resolución
	Data
	Contido
	Expediente anulado
	Expediente que anula
	Localización lóxica

<b>Arquívisticos</b>	Código de clasificación
	Serie documental
<b>Relacións</b>	Identificador (exp. relacionados)
	Tipo de relación
	Título do expediente relacionado
<b>Plan de eventos</b>	Número correlativo
	Tipo de evento
	Data de planificación
	Data prevista para o evento
	Descrición
	Base normativa
	Responsable
<b>Eventos</b>	Identificador
	N.º Plan de eventos
	Data e hora
	Tipo de evento
	Descrición
	Base normativa
	Responsable
<b>Sinaturas</b>	Sinatura electrónica
	Titular da sinatura
	Entidade emisora da sinatura
	Versión
	Algoritmo da sinatura
	Válido dende
	Válido ata
	Clave pública
Tipo de certificado	
<b>Accesibilidade</b>	Accesibilidade para consulta
	Unidade de consulta
	Usuarios de consulta
	Motivo
<b>Sinatura de custodia de arquivo</b>	Sinatura electrónica
	Titular da sinatura
	Entidade emisora da sinatura
	Versión
	Algoritmo da sinatura
	Válido dende
	Válido ata
Clave pública	
Tipo de certificado	



## METADATOS DO DOCUMENTO

<b>Unidade responsable do documento</b>	Código (unidade responsable)
	Área (unidade responsable)
	Nome da unidade (unidade responsable)
<b>Unidade produtora</b>	Código (unidade produtora do documento)
	Área (unidade produtora do documento)
	Nome da unidade (unidade produtora d documento)
<b>Documento</b>	Nome e apelidos (autor interno)
	Código persoal (autor interno)
	Posto (autor interno)
	Tipo (autor externo)
	Nome (autor externo)
	Apelidos (autor externo)
	DNI ou NIF (autor externo)
	Enderezo (autor externo)
	Teléfono (autor externo)
	Fax (autor externo)
	Correo electrónico (autor externo)
	Selección vía de comunicación (autor externo)
	Tipo (destinatario externo)
	Nome (destinatario externo)
	Apelidos (destinatario externo)
	DNI ou NIF (destinatario externo)
	Enderezo (destinatario externo)
	Teléfono (destinatario externo)
	Fax (destinatario externo)
	Correo electrónico (destinatario externo)
	Selección vía de comunicación (destinatario externo)
	Tipo de documento
	Aplicación de orixe
	Id. de documento
	Nivel de protección de datos
	Localización física
	Data do documento
	Título
	Descrición
	Outros identificadores
	Número de orde
Número de páxinas	
<b>Expediente</b>	Identificador de expediente
	Código do tipo de procedemento
	Nome do procedemento
	Data de incorporación ao expediente
	Título do expediente
<b>Relacións</b>	Identificador (documentos relacionados)
	Tipo de relación (documentos relacionados)
	Título do expediente relacionado
<b>Rexistro</b>	N.º Rexistro Xeral de Entrada
	N.º Rexistro Xeral de Saída
	Código (unidade destinataria do documento)
	Área (unidade destinataria do documento)
	Nome da unidade (unidade destinataria do documento)
	Nome e apelidos (destinatario interno)
	Código persoal (destinatario interno)
	Posto (destinatario interno)

<b>Accesibilidade</b>	Accesibilidade para consulta
	Unidade de consulta
	Usuarios de consulta
	Motivo
<b>Plan de eventos Expurgo/Transferencia</b>	Número correlativo
	Tipo de evento
	Data de planificación
	Data prevista para o evento
	Descrición
	Base normativa
	Responsable
<b>Eventos</b>	Iniciador
	Identificador
	N.º plan de eventos
	Data e hora
	Tipo de evento
	Descrición
	Base normativa
Responsable	
<b>Arquivísticos</b>	Código de clasificación
	Serie documental
	Persoas
	Institucións
	Lugares
<b>Sinatura de custodia de arquivo</b>	Materias
	Sinatura electrónica
	Titular da sinatura
	Entidade emisora da sinatura
	Versión
	Algoritmo da sinatura
	Válido dende
	Válido ata
	Clave pública
Tipo de certificado	
<b>Compoñente</b>	Tipo de compoñente
	Acceso consulta compoñente
	Tipo de formato
	Formato
<b>Dixitalización</b>	Versión do formato
	Compoñente dixitalizado
	Imaxe de documento orixinal
	Orixinal destruído
	Unidade de dixitalización
	Usuario dixitalizador
	Data e hora de dixitalización
Parámetros de configuración escaneo	
Aplicación utilizada	
<b>Sinaturas</b>	Sinatura electrónica
	Titular da sinatura
	Entidade emisora da sinatura
	Versión
	Algoritmo da sinatura
	Válido dende
	Válido ata
	Clave pública
Tipo de certificado	

## Anexo V: Tipos de documentos achegados polos cidadáns

MENU	SUBMENU
INSTANCIA	Solicitud / Alegacións / Recurso / Dº de petición Denuncia
CERTIFICADOS	de empadramento, residencia, IAE, non estar dado de alta na Seguridade Social, bancarios, de estar ao día en pagamentos á Seguridade Social e a Facenda, minusvalidez, invalidez, médico ou sanitario (veterinario), escolaridade, nacemento, de estado civil, de convivencia, falecemento, homologación estudos, antecedentes penais, dependencia económica, de haberes/ingresos, técnicos (características de vehículos, homologación de maquinaria, cumprimento de ordenanzas, posta en servizo...), de cualificación, de vida laboral, de póliza de seguros
XUSTIFICANTES	Xustificante de pagamento (ou de exención do mesmo), deste xustificante de ingreso (autoliquidación), xustificante bancario, xustificante de parella de feito, xustificante de adjudicación de vivenda, xustificante de notario, xustificante de matrícula ou inscrición
DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA IDENTIDADE	DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, tarxeta de identificación fiscal
DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DE CONDICIÓNS ESPECÍFICAS	Título familia numerosa, Tarxeta desemprego, discapacidade
DOCUMENTOS DE CURRICULUM	Titulos académicos, <i>curriculum vitae</i>
DOCUMENTOS ECONÓMICOS	Nómina, declaración de renda (?) aval, factura, albará, recibo, oferta económica
DOCUMENTOS DE ORIGE NOTARIAL	Acreditación de representación, actas, escrituras, poderes notariais, aceptación de herdanza, hipotecas, estatutos e actas fundacionais
DOCUMENTOS DE ORIGE XUDICIAL	Sentenza, auto
DOCUMENTOS TÉCNICOS	Estudo de viabilidade, memoria, proxectos e planos, fotografías, taxación
DECLARACIÓN	(expresa, xurada, de herdeiros, renda, responsable)
CONTRATOS	
DOCUMENTO SEN DETERMINAR	

## **Anexo VI: Tipos de documentos internos creados no tramitador polos traballadores municipais**

- Acta
- Carta
- Circular
- Comparecencia
- Comunicación
- Dilixencia
- Documento contable
- Fotografías
- Informe
- Memoria
- Oficio
- Planos e proxectos
- Prego
- Proposta de resolución
- Resolución
- Solicitud de oferta

## **Anexo VII: Tipos de documentos para o xestor de documentos corporativos**

- Rexistros (entrada e saída, censos, fichas persoais, análises...)
- Solicitudes de servizos
- Inventarios (de bens, de documentos...)
- Actas
- Memorias
- Informes e estudos
- Relacións e listaxes
- Partes (actuación, obras, intervención)
- Ordes e circulares
- Proxectos
- Plans (emerxencia, autoprotección)
- Correspondencia
- Programacións

## Referencias

CASELLAS i Serra, Lluís-Esteve; Oliveras Artau, Sònia. «Estrategias de gestión de los documentos electrónicos en la Administración local: la experiencia del Ajuntament de Girona. I Congreso sobre Gestión y Conservación del Documento Electrónico. Castelló de la Plana, 2007». Consulta: 30-10-2010URL: [http://www.ajuntament.gi/sgdap/docs/gestion\\_documentos\\_electronicos.pdf](http://www.ajuntament.gi/sgdap/docs/gestion_documentos_electronicos.pdf)

CAVERO Arcéiz, Ricardo. «La administración electrónica y los archivos en el Ayuntamiento de Zaragoza». En: Compartir archivos: Actas de las VIII Jornadas de Archivos Aragoneses. Huesca, 25-28 de noviembre de 2008. Huesca: Gobierno de Aragón, 2008. Consulta: 30-10-2010. URL: <http://portal.aragon.es/portal/page/portal/CULTURA/PUBLICACIONES/PATRIMONIOCULTURAL/ARCHIVOS/Actas%20VIII%20Jornadas%2020La%20Administraci%C3%B3n%20Electrónica%20Archivos%20Ayto%20Zgz.pdf>

CENATIC (Centro Nacional de Referencia de Aplicación de las TIC basadas en fuentes abiertas). «Software de fuentes abiertas en la Administración electrónica Archivo electrónico de las Administraciones Públicas». Badajoz, 2009. Consulta: 1-10-2010. URL: <http://www.cenatic.es/>

GENERALITAT DE CATALUNYA. GRUP DE INNOVACIÓ TECNOLÒGICA. «Vocabularis de metadades». 25 d'abril de 2008. Consulta: 30-10-2010. URL: [http://www2.gencat.cat/docs/CulturaDepartament/Cultura/Temes/Arxius/Subdireccio%20General%20d%20Arxius/Materials%20d%20Interes/20080425\\_vocabularis.pdf](http://www2.gencat.cat/docs/CulturaDepartament/Cultura/Temes/Arxius/Subdireccio%20General%20d%20Arxius/Materials%20d%20Interes/20080425_vocabularis.pdf)

«MoReq. Modelo de requisitos para la gestión de documentos electrónicos de archivo. Especificación MoReq». 2001, Marzo. Consulta: 30-10-2010URL: <http://www.csi.map.es/csi/pg5m52.htm>. Copyright, Bruselas - Luxemburgo, CECA;CEE;CEEA, 2001

NUALART Mercadé, Ramón: «JARXIU. Un servicio de custodia y preservación a largo plazo de documentos electrónicos». En: El documento electrónico: aspectos jurídicos, tecnológicos y archivísticos. Castellón de la Plana, Universitat Jaume I, D.L. 2008, p. 177-213

UNE-ISO 15489-1: 2001. Información y Documentación. Gestión de documentos: Generalidades. Madrid: AENOR, 2006

UNE-ISO-TR 15489-2: 2001. Información y Documentación. Directrices. Madrid: AENOR, 2006

UNE-ISO 23081-1:2006. Información y Documentación. Procesos de gestión de documentos. Metadatos para la gestión de documentos. Parte 1: Principios. Madrid: AENOR, 2008.

UNE-ISO 23081-1:2006. Información y Documentación. Procesos de gestión de documentos. Metadatos para la gestión de documentos. Parte 2: Elementos de implementación y conceptuales. Madrid: AENOR, 2008

## Notas

<sup>1</sup> BOP N° 89 DE 21 DE ABRIL DE 2010. URL: [http://www.zaragoza.es/ciudad/normativa/detalle\\_Normativa?id=922](http://www.zaragoza.es/ciudad/normativa/detalle_Normativa?id=922)

<sup>2</sup> Para ver os procedimientos do Concello de Zaragoza e o estudo pormenorizado para a súa telematización <http://www.zaragoza.es/ciudad/organizacion/catalogoprocedimientos/default.htm>

<sup>3</sup> Véxase [http://www.zaragoza.es/ciudad/encasa/buscador\\_Tramite](http://www.zaragoza.es/ciudad/encasa/buscador_Tramite)

<sup>4</sup> Sobre o uso de software libre no ámbito da xestión de documentos e arquivo nas administracións públicas é moi interesante o estudo que se cita de CENATIC (Centro Nacional de Referencia de Aplicación das TIC baseadas en fontes abertas).

<sup>5</sup> Véxase ficha en anexo II

<sup>6</sup> Véxase anexo IV

# Xerar, conservar e difundir a memoria dixital.

## Principais proxectos do AHEB-BEHA e do Centro Icaro

**Anabella Barroso Arahetes**

Directora do Arquivo Histórico Eclesiástico de Bizkaia (AHEB-BEHA),  
do Centro Icaro e do Servizo Diocesano de Arquivos de Bilbao

### **Introdución**

A aposta polo uso das xa non tan novas técnicas dixitais de edición, publicación e creación de documentos formula aos arquivos diversos retos e desafíos que afectan, principal pero non exclusivamente, á política de difusión. Leva con ela unha nova forma de comunicación cun abano máis amplo de usuarios que acceden virtualmente ao arquivo. Iso supón a publicación on line de catálogos e inventarios e incluso a xeración de expedientes electrónicos cando solicitan reproducións dos documentos. Os usuarios afanse a atopar o que buscan a «golpe de click» e os arquivos deben estar preparados para dar resposta e servizos de calidade en tempos razoables. Isto supón un desafío e un reto, pero, na miña opinión, supón unha auténtica oportunidade de mellora para os arquivos, aínda que a celeridade con que se dan os cambios dá un pouco de vértigo, porque o que está cada vez máis claro é que unha vez que un arquivo se embarca na aventura dixital, hai escasas posibilidades de volta atrás.

No Arquivo Histórico Eclesiástico de Bizkaia - Bizkaiko Elizaren Histori Artxiboa (AHEB-BEHA) optamos dende o ano 2000 pola dixitalización como un medio de difusión activa do servizo de arquivo. O que inicialmente foi formulado como un proxecto de dixitalización se converteu moi pronto nun máis amplo de creación do servizo dixital de arquivo, porque a dixitalización trae canda si, ademais da reprodución doutros soportes, unha redefinición de todos os servizos e políticas do arquivo. A difusión do rico patrimonio documental diocesano foi un dos motivos de creación do Arquivo e, tanto os proxectos do AHEB-BEHA, como as directrices da política arquivística diocesano, están encamiñados a ampliar cada vez máis este aspecto.

Dende a súa creación en 1950, a diocese de Bilbao amosou unha especial sensibilidade e preocupación por poñer ao servizo da sociedade o seu pa-

rimonio documental. A través das parroquias, dos organismos autónomos e dos servizos xerais diocesanos asumiu coherentemente o custo derivado da conservación, utilización e difusión dun patrimonio documental que, se ben pola súa natureza e os seus fins é primordialmente pastoral, ten un valor social e cultural innegable. A política arquivística diocesana sempre respondeu ao convencemento de que a inherente función pastoral da documentación eclesiástica se complementa co valor histórico, informativo e probatorio duns documentos que, sen dúbida, pertencen ao patrimonio cultural da sociedade. Os cambios da política arquivística diocesana afrontou os mesmos retos que o resto de arquivos, entre os que podemos citar a difusión, a normalización da descrición e a aplicación das novas tecnoloxías, como unha adaptación ás demandas requiridas pola sociedade da información na que a Igrexa, como unha institución máis, se acha inmersa.

Dúas datas son cruciais na política arquivística diocesana. Por un lado, dende 1976 a 1997 o Arquivo Histórico Eclesiástico de Bizkaia/Bizkaiko Elizaren Histori Artxiboa (en adiante AHEB-BEHA) concentra diversos arquivos parroquiais e ofrece un servizo digno aos usuarios internos e investigadores externos, que poden consultar uns fondos tratados coas técnicas arxivísticas vixentes nese momento. Dende 1997, a creación do Servizo Diocesano de Arquivos, marca o inicio dunha nova etapa de unificación de directrices para todos os arquivos de organismos e institucións diocesanos, ademais das parroquias, e supón unha nova fase de normalización descritiva e adaptación ás novas tecnoloxías. A partir de 1997, danse os pasos necesarios para a implantación do sistema de xestión integral dos arquivos da diocese de Bilbao, integrando o Arquivo Histórico existente como peza fundamental, onde chegará toda a documentación de conservación permanente. A nova función do AHEB-BEHA non foi en detrimento da función de difusión e conservación, senón que ambas as dúas víronse incrementadas con creces coa creación e posta en marcha do servizo dixital dende o ano 2004, podendo acceder aos fondos de arquivo de forma presencial e tamén a través da Internet.

O AHEB-BEHA, con aproximadamente 2 quilómetros lineais de ocupación de depósito, é un dos arquivos históricos máis importantes do País Vasco pola natureza dos seus fondos (nun arco cronolóxico dende o s. XII ao XXI) e pola súa ampla oferta. Permite consultar toda a documentación parroquial de Bizkaia dende 1500 ate practicamente 1940 máis a documentación de máis de 70 fondos non parroquiais —na súa maioría organismos diocesanos e movementos laicais—. Ademais, posibilita o acceso en liña ao catálogo e a máis de dous millóns de rexistros extractados de libros sacramentais de bautismo, matrimonio e defuntos ([www.aheb-beha.org](http://www.aheb-beha.org)). A medida que a oferta documental e de servizos máis cualificados aumenta, tamén se eleva

a demanda por parte dun amplo abano de persoas de diversas idades, procedencias e formación. Os seus aproximadamente 4000 usuarios que contaban con carnés de investigador dende o ano 1976 ate o 2004 e os seus máis de 6000 usuarios dados de alta no sistema de servizos on line, así como as máis de 21000 solicitudes de reprografía nos últimos 6 anos e os máis de 3000 usuarios diferentes que visitan a web do arquivo, forzan a que un dos principais piares de xestión deste arquivo sexa a correcta difusión dos seus fondos e o control dos servizos xerados pola crecente demanda. A creación do Centro Icaro. Centro Avanzado de Coñecemento da Historia<sup>1</sup> —accesible xa en [www.centroicaro.net](http://www.centroicaro.net)— e inaugurado o pasado 4 de novembro de 2010, ofrece amplas oportunidades para difundir e dar a coñecer a documentación diocesana e, sobre todo, as posibilidades de investigación e coñecemento da historia e a sociedade vizcaínas.

### **O servizo dixital do AHEB-BEHA: aposta pola difusión activa**

Dende o ano 1997, o AHEB-BEHA que xurdira como un arquivo de concentración de fondos parroquiais da diocese de Bilbao, converteuse na peza fundamental do sistema arquivístico diocesano, impulsado e coordinado polo Servizo Diocesano de Arquivos. A partir de aí, o AHEB-BEHA tivo que adaptarse á súa nova función e comezou a renovar as súas formulacións. A aposta pola normalización descritiva e pola automatización dos instrumentos de descrición foron os obxectivos fundamentais a partir de 1998.

O plan de actuación que tiña o AHEB-BEHA para o quinquenio 2000-2005 incluía distintos aspectos que implicaban a modernización e profesionalización do arquivo. Así os aspectos concretos formulaban a consolidación dun equipo de traballo estable, multidisciplinar e polivalente con formación teórica e práctica continuada. O segundo punto centrábase na mellora cuantitativa e cualitativa da atención ao público (máis días, máis horario e calidade na atención) e un aumento da difusión. O resto de puntos centrábanse en aspectos puramente técnicos (normalización, adaptación á Norma ISAD (G), xestión integral, automatización, función dentro do sistema arquivístico diocesano). Eses eran os obxectivos formulados á Delegación de Patrimonio, da que o Arquivo depende organicamente. Contábamos cunhas novas instalacións, con máis persoal (por subvencións do Departamento de Cultura do Goberno Vasco ás que accediamos os dous primeiros anos anteriores como arquivo privado), cun plan de traballo e cuns obxectivos claros a corto, medio e longo prazo.

Nese contexto, no ano 2000, tras diversas conversas co Departamento de Cultura do Goberno Vasco, chegou a posibilidade de comezar un proxecto



de dixitalización das series sacramentais dos fondos parroquiais<sup>2</sup>. Superados a euforia e o desconcerto iniciais, pronto puidemos comprobar que non se trataba dun mero cambio de soporte, senón que traía canda si un cambio cualitativo de gran importancia. En primeiro lugar, sen dúbida, o máis necesario era modificar o plan de actuación para o quinquenio 2000-2005, porque había que integrar o citado proxecto de dixitalización. Agora ben, dende o principio o concibimos como creación do servizo dixital do arquivo. Non está de máis lembrar de novo o obvio, a dixitalización trae canda si, ademais da reprodución noutros soportes, unha redefinición de todos os servizos e políticas do arquivo, afectando notablemente á súa política de difusión e dando un alto valor engadido á documentación custodiada.

Así á hora de definir o proxecto, os seus obxectivos e a súa metodoloxía, tiñamos en perspectiva a creación dun servizo de información e difusión interactiva, non só un mero cambio de soporte ou copia de seguridade (xa tiñamos o 90%) dos fondos microfilmados). O obxectivo principal era facilitar ao máximo a consulta dos rexistros sacramentais que, como amosaban as estatísticas dende 1976, xeraban máis do 85% dos pedidos en sala e case o 100% das peticións externas por correo ordinario, teléfono ou, dende 1998, por correo electrónico. Incluso deseñamos o iter de traballo en función das estatísticas de consultas que tiñamos dende 1976, dando prioridade ás parroquias máis consultadas. Optamos pola dixitalización da colección de pergamínos —porque non estaban microfilmados— e das series sacramentais das 190 parroquias con documentación anterior a 1900 depositada no AHEB-BEHA. Apostamos pola reprodución dixital como medio para unha mellor difusión dos fondos, porque as pantallas de ordenador —máis baratas que os lectores de microfilme— permiten imaxes de maior calidade ou incluso a restauración dixital e, ademais, para asegurar a rápida localización e identificación dos rexistros sacramentais, todo o proceso vai acompañado dunha exportación de datos.

Esta documentación parroquial, sen esquecermonos da súa función primaria de rexistro da administración de sacramentos e reflexo da vida dunha comunidade cristiá ao longo dos séculos, posúe unhas características que facilitan a priori a dixitalización e indexación, pola súa aparente uniformidade. Aínda que con diferenzas de forma, esta documentación contén unha información específica e orixinal, representativa de toda a poboación (os rexistros sacramentais á sazón actúan como rexistro civil ate fins do século XIX). A súa facilidade de uso e relativa sinxeleza na lectura e acceso (sobre todo a partir do século XVIII), fan que poida ser utilizada por un amplo abano de usuarios e non estea dirixida a un público elitista ou minoritario. Por outra parte as series sacramentais dos fondos parroquiais eran e seguen a ser con moito as

máis consultadas e solicitadas. A nosa intención era promover o acceso universal a un tipo de documentos de arquivo de interese tamén universal e alto contido social. A posta en marcha da páxina web e sobre todo o sistema on line de consulta de catálogo e rexistros sacramentais, déronnos a razón, porque supuxo a ampliación e variación do tipo de usuarios tanto pola súa procedencia xeográfica, idade, formación e maio ou menor destreza no uso da informática.

O proxecto integrouse perfectamente entre todas as tarefas habituais do arquivo, aínda que en moitas ocasións nos desbordou. A área de conservación e preservación do Arquivo incluíu entre as súas tarefas a de preparación e comprobación de microfílm para a súa dixitalización e despois o cotexo dos fotogramas, as imaxes dixitais e os orixinais, asegurando a perfecta correspondencia e a codificación correcta das imaxes, porque despois esa sinatura dixital é a que permite enlazalas coa base de datos de indexación e de catalogación. Ademais, a dixitalización supuxo a incorporación masiva dun novo soporte que hai que almacenar e conservar doutra maneira (cd's, dvd's, imaxes e documentos electrónicos). O AHEB-BEHA redefiniu parte da súa política de preservación para conservar as imaxes dixitais e todos os documentos electrónicos, intentando garantir a óptima conservación da información e dos dispositivos de almacenamento, así como aplicar os estándares e procedementos para asegurar a integridade dos documentos electrónicos ao longo do tempo, realizando os pertinentes estudos e calendarios de conservación dos documentos (tanto en papel como electrónicos).

Da mesma forma, a difusión dos instrumentos de descrición na internet impulsounos a afondar o proceso xa iniciado de normalización da descrición e, dado que a dixitalización vai acompañada do proceso de indexación, o proxecto levou canda si a redefinición da planificación descritiva do arquivo e a sistematización das pautas de descrición do AHEB-BEHA, combinando unha catalogación retrospectiva de aquilo que estaba xa descrito co tratamento arquivístico do que no o estaba e de forma paralela, elaborando unha proposta de adaptación da ISAD (G) ao noso sistema arquivístico.

A dixitalización dos fondos do AHEB-BEHA vai, como indicamos, acompañada do proxecto de indexación ou xeración de índices dos rexistros sacramentais (bautismos, matrimonios e defuncións ate 1900) da diocese de Bilbao. Na base de datos extráctanse os datos principais de localización e filiación dos que reciben os sacramentos. O obxectivo era facilitar o labor investigador, non realizar a investigación, por iso, aínda sendo conscientes de que deixabamos datos de grande interese no tinteiro, había que formular un proxecto que fose viable nun prazo razoable e cuns resultados visibles a curto prazo. O máis importante era normalizar a introdución dos datos polo que

houbo un intenso labor de definición dos criterios de indexación dos rexistros sacramentais, recollidos de forma exhaustiva nos manuais elaborados a tal efecto polo equipo técnico que coordinou os labores de indexación dun amplo equipo de profesionais que, con distintas vinculacións e dedicacións, desenvolveu este arduo e pola súa vez enriquecedor traballo<sup>3</sup>.

O feito de ter que aplicar as novas tecnoloxías para a difusión e consulta dos rexistros sacramentais proporcionou, como sinalamos, un alto valor engadido e interese público a esta documentación. Por outra parte, a necesidade de colocar na web un elevado volume de datos (uns cinco millóns de rexistros previstos inicialmente), provocou unha reformulación do desenvolvemento informático do Arquivo. Se nunha primeira etapa de informatización plasmáramos os conceptos básicos de xestión arquivística, nesta segunda tivemos que asegurar a descrición e normalización xunto coa difusión dos instrumentos de descrición e consulta na Internet así como a xestión de usuarios e expedientes de solicitudes on line (Castillo; Barroso, 2006, 87-90).

Para integrar todo isto, pasamos do sistema de xestión anterior (Sistema AdHoc tamén elaborado no propio arquivo en FileMaker) a un sistema inet, que denominamos SIGA-AKIS (Sistema Inet de Xestión de Arquivos-Agiritegien Kudeaketarako Inet Sistema). Funciona totalmente cunha interfaz de usuario web e está desenvolvido con software libre, GNU/Linux, e PostgreSQL, o que posibilita un alto rendemento na xestión dos grandes volumes de información e unha optimización na xestión interrelacionada de datos. Foi elaborado a partir das directrices e requirimentos prefixados polo persoal técnico do AHEB-BEHA e polo equipo técnico de Novas Tecnoloxías do Bispado de Bilbao e Suspergintza Elkarte, actualmente St3Elkartea, o que supón, ademais, un bo exemplo de colaboración interdisciplinar entre profesionais da arquivística e da informática.

### **Arquivo on line: apertura sen límites de tempo nin espazo**


Dende maio de 2004, a páxina web do arquivo, [www.aheb-beha.org](http://www.aheb-beha.org), permite, como xa sinalamos, a consulta en liña do catálogo xeral do arquivo e de máis de dous millóns de rexistros sacramentais anteriores a 1900 inclusive, que estaban a ser actualizados case diariamente durante o proceso de extracción, coa correspondente referencia en Badator<sup>4</sup>. Ofrecemos, tamén, a posibilidade de solicitar servizos de reprografía (fotocopias de microfilme, certificados, transcripcións literais, etc.) e só neste caso deberá darse de alta como usuario, coa única condición, se se realiza a alta a través da Internet, de dispoñer de correo electrónico para realizar por este medio todas as comunicacións dunha forma case automática.

As consecuencias de entrar na rede de redes ou o que ás veces denominamos «un salto sen rede» non se fixeron esperar. A páxina web multiplicou as posibilidades de difusión dos fondos e actividades do AHEB-BEHA, ampliando o radio xeográfico e lingüístico (euskera, castelán e inglés) dos seus usuarios. Isto traducíuse nun incremento exponencial do número de consultas ao arquivo e de peticións de solicitude de reprografía, que non só non deixou de aumentar dende a súa posta en marcha na web, senón que en ocasións chegou desbordar os servizos de atención ao público. O noso obxectivo actual é que a xestión interna deses servizos se axuste, na medida do posible, á rapidez coa que os nosos usuarios poden acceder á información exposta e aos servizos que ofrecemos.

Grazas á web cumprese o tópicos de que o arquivo está accesible 365 días ao ano, 7 días á semana durante 24 horas. As estatísticas de uso da páxina web dende o ano 2004 permítennos constatar que as consultas da páxina aumentan considerablemente a partir de maio de 2004 en que se poñen en marcha os servizos on line e a posibilidade de consulta de rexistros sacramentais e catálogos on line. A partir daí o número de visitas vai medrando de forma progresiva ano tras ano. O apartado de servizos e consultas on-line é con moitos o máis consultado da páxina web, pero tamén aumentou significativamente o correspondente a fondos e a instrumentos de descrición, así como as actividades do Servizo Diocesano de Arquivos. Mantéñense durante todo este tempo as medias de consulta (máis de 3.000 visitantes cada mes), chegando a máis de 5000 en datas nas que coincide con aparicións e reportaxes do Arquivo en diversos medios de comunicación. Case un 70% accede xa coa dirección [www.aheb-beha.org](http://www.aheb-beha.org) e o resto o fai dende buscadores tipo google ou dende páxinas doutras dioceses, do propio Bispado de Bilbao ou dende Iragi (centro patrimonio documental do Goberno Vasco). Aproximadamente un 17% dos usuarios virtuais consultan a páxina entre 15 e 60 minutos e un 2% máis de unha hora. Mensualmente entre un 55% e un 70% de usuarios engádea aos seus favoritos. Analizando aqueles casos en que podemos saber os países de procedencia dos usuarios da web, constatamos a variedade, destacando en número os procedentes de América Latina —cada vez máis nos últimos anos— e Estados Unidos, seguidos de países europeos como Francia, Italia e Holanda e a un pouco máis de distancia Xapón e Canadá.

O SIGA-AKIS e a posibilidade de solicitar reprografía on line funciona dende maio de 2004. Analizando as estatísticas de solicitudes de reprografía isto levou aparelado un aumento de máis do 40% das solicitudes en xeral, pero a repercusión máis directa é a redistribución da procedencia das solicitudes, gañando por goleada as solicitudes on line. Dende febreiro de 2010

Figura 1: Número de solicitudes e servizos dende 2001 a 2010.



constatamos ademais un aumento progresivo das solicitudes que chegan a partir da extranet da sala de investigación, o que nos permite constatar o cambio de hábitos dos usuarios presenciais que consultaron previamente na casa a base de datos e que realizan as peticións de reprografía directamente dende o Sistema SIGA-AKIS, ben dende a casa ou dende os terminais de consulta da sala de investigación —xa a pleno rendemento dende febreiro de 2010—. É dicir, a área de atención ao público é a que máis aumento de traballo diario está a notar pola posta en marcha dos servizos on-line. En can-

Táboa 1. Consultas efectivas aos formularios na internet

	2008	2009	2010	TOTALES
<b>BAUTISMOS</b>	1.253.629	1.503.216	1.470.162	4.227.007
<b>MATRIMONIOS</b>	346.539	378.960	372.332	1097831
<b>DEFUNCIÓNS</b>	107.968	177.135	155.755	440.858
<b>TOTAIS</b>	1708136	2059311	1998249	5.765.696

Táboa 2. Consultas efectivas aos formularios en extranet (dende febreiro de 2010, con sala pechada por obras os meses de agosto, setembro e outubro)

	febreiro-xuño de 2010	novembro-décembro 2010	TOTAIS
<b>BAUTISMOS</b>	18.623	7344	25.967
<b>MATRIMONIOS</b>	6433	2061	8494
<b>DEFUNCIÓNS</b>	6726	1684	8410
<b>TOTAIS</b>	31.782	11089	42.871

to ao número de usuarios no sistema SIGA-AKIS, dende maio de 2004 a setembro 2010, temos un total de 10800. O número de solicitudes recibidas dende 2001 ate o 30 de decembro de 2010 ascende a un total de 22.760, das cales 2694 son dende 2001 ate 2003 e o resto, isto é 20.075 foron recibidas dende a posta en marcha do SIGA-AKIS en maior de 2004. O máis rechamante é o número de consultas efectivas aos formularios que contabilizamos dende febreiro de 2008 e que nos falan dunha media diaria de máis de 5.000 consultas aos formularios de bautismos.

Trala posta en marcha da páxina web no ano 2004, o número de usuarios presenciais aumentou, porque a web actuou como un poderoso altofalante que deu coñecer o Arquivo en lugares e colectivos para os que o Arquivo e a súa documentación eran totalmente descoñecidos. Como mantiñamos a cita previa, implantada dende o ano 1998, aumentaron as listas de espera. É importante tamén insistir en que a posta en marcha do SIGA-AKIS non supuxo un descenso inmediato das visitas e solicitudes de usuarios presenciais, pero si constatamos que moitos dos usuarios presenciais cursan as súas peticións a través da web. A lista de espera aumentou ao principio, aínda que a raíz do funcionamento da consulta de imaxes na sala, o tempo para obter unha cita —e un posto de consulta na sala— puido, por fin, reducirse. Constatamos que os usuarios presenciais veñen menos veces ao arquivo, porque localizan a documentación en menos tempo.

Ademais da consulta de orixinais (moi restrinxida por cuestións de conservación) e de microfilmes (máis do 85% dos fondos está microfilmado), pódese acceder ás imaxes dixitalizadas, ben dende o microfilme —caso das series sacramentais— ou dende o orixinal— pergamiños e algúns documentos de maior interese, así como as últimas transferencias de documentación sacramental non microfilmada—. É previsible que, a medio prazo, despois dun período de convivencia, os ordenadores substitúan na sala aos lectores de microfilme e este soporte volva recuperar a súa función exclusiva de copia de seguridade, sendo a copia dixitalizada a destinada á difusión. De feito, aínda que mantemos os lectores de microfilme na sala, cada vez son menos utilizados polos usuarios que prefiren maioritariamente utilizar as pantallas de ordenador. Xa notamos un cambio de comportamento nos usuarios presenciais, porque moitos deles realizaron as buscas on-line dende os seus domicilios ou lugares de traballo e xa veñen ao Arquivo para consultar os documentos «a tiro fixo». Isto axiliza a súa investigación e desborda aos responsables de sala, porque, ao ser a localización máis rápida, hai máis peticións de unidades documentais (en calquera soporte). Téñase en conta que ao ser máis coñecido o arquivo, cada día poden chegar varios usuarios que descoñecen totalmente o funcionamento do mesmo, polo que o persoal ten que asesorar conve-

nientemente sobre como utilizar os instrumentos de descrición e os lectores de microfilme ou os terminais da sala e incluso orientar a busca.

Afortunadamente, como era de esperar moitos usuarios están a seguir o mesmo procedemento na consulta ás imaxes, é dicir que previamente consultan o catálogo en liña para comprobar, por exemplo, que libros sacramentais, de que parroquias e datas, están depositados no arquivo, para despois proceder, se está extractado o seu contido, a buscalos máis concretamente no formulario de «Consulta de rexistros sacramentais». A diferenza é que, tras unha sinxela formación en estratexias de busca, eles poden acceder directamente ás imaxes sen ter que recorrer ao persoal de sala, excepto se queren solicitar a reprografía no momento mediante o formulario tradicional. A verdade é que, como sinalamos, están a aumentar as solicitudes que chegan dende a extranet e a baixar as que chegan na propia sala para atención inmediata.

Realizamos unha serie de enquisas e en xeral, o servizo foi valorado satisfactoriamente, pero as suxestións e achegas recibidas permitíronnos proceder á corrección e mellora do sistema. Finalmente, dado o volume de imaxes actuais e as previsibles, optamos por converter todas as imaxes a formato djvu, cun visualizador axeitado para iso. Deseñamos tamén a normativa de acceso e consulta para os usuarios deste servizo dixital. Aínda que nesta fase non está previsto aínda o acceso de todas as imaxes de rexistros sacramentais a través da internet, non descartamos nun futuro próximo permitir a visualización on-line dos fondos dixitalizados e, de feito, tecnicamente o sistema xa o preveu. Aos usuarios facilitámoslles un cadro para que, no caso de detectar erros, nolo indiquen, para proceder a corrixir os posibles erros de concordancia de firmas con imaxes ou cos datos indexados. Hai que destacar a excelente colaboración do noso público que detecta —e desculpa— posibles erros e contribúe a que sexan corrixidos. É un primeiro paso cara a interacción entre usuarios e profesionais e tamén entre a propia comunidade de usuarios, porque na base de datos tamén puxemos un botón para «engadir comentario» que permite dar pistas a outros futuros usuarios.

Os datos que posuímos despois deste anos de funcionamento confirman as nosas previsións sobre o tipo de usuarios. A páxina estaba deseñada en función dun público especialista, historiador e/o profesionais de arquivos, e un amplo abano de usuarios. En canto aos temas de investigación, a estrela principal segue a ser a xenealoxía e a historia familiar. Máis do 80% dos nosos usuarios achéganse virtual ou presencialmente ao arquivo para buscar datos sobre os seus antepasados para facer estudos xenealóxicos, pero tamén para a realización de diversos trámites civís<sup>5</sup> e eclesiásticos. Apreciamos un constante e significativo aumento das consultas para investigación histórica. A maior profundidade nas descricións dos fondos e unidades documen-

tais depositados no AHEB-BEHA e a difusión do catálogo na web deu a coñecer a riqueza documental a un público aínda minoritario máis interesado en diversos aspectos de investigación histórica. O noso reto é que estes usuarios, maioritariamente xenealoxistas, coñezan outros fondos e documentos do propio Arquivo cos que, sen dúbida, poderían completar a súa historia familiar e local, ademais de iniciar proxectos con arquivos —especialmente os de protocolos notariais —cuxa documentación complementa a información que conserva a nosa documentación.

A pesar da normalización da descrición e a pesar da maior ou menor profundidade das descrições ou dos sistemas descritivos, o certo é que as consultas por texto libre para recuperar a información seguen a ser maioritarias. Parece ser que os usuarios, polo menos os do noso arquivo, desexan formularios intuitivos, sinxelos e rapidez na recuperación da información (para isto é válido o botón de mostra da consulta de rexistros sacramentais). A maioría dos usuarios non desexa facer unha ardua investigación cada vez que necesita información do arquivo, senón que desexa obter resultados rápidos e se o sistema non llo proporciona directamente, pídeo por mail, por teléfono ou polos formularios normalizados que poñemos á súa disposición. Todo isto levou a formular no arquivo a oferta de servizos con valor engadido, segundo as tarifas vixentes, que se concretaron na creación do SIA (Servizo de Información do Arquivo) para atender as cada vez máis numerosas demandas de información e consultas e tamén na posta en marcha do Servizo de Reprodución Documental (SRD) para atender as peticións de reprografía, maioritariamente en soporte dixital, optando en breve pola sinatura dixital.

Para iso, unha vez finalizado o proxecto de indexación dos rexistros sacramentais, comezamos unha nova fase no arquivo, na que atenderemos novamente á normalización e a descrición, especialmente dos fondos parroquiais. Non deberemos esquecer que o sistema de descrición arquivística polo que optemos deberá ter en conta a experiencia anterior na descrición do arquivo e todo o esforzo normalizado e haberá que afonda na reflexión, pero tamén haberá que pensar nos usuarios aos que xa servimos información e tamén aos que potencialmente deberemos atraer mediante uns formatos de saída e de recuperación de información axeitados.

### **Icaro: un paso máis na recuperación e difusión da memoria dixital**

A aposta pola creación do Centro Icaro. Centro de Coñecemento Avanzado da Historia, cunha subvención do Plan Avanza Contidos na súa convocatoria de 2008, supón un paso máis na aposta pola difusión interactiva dos fondos do Arquivo. A palabra ICARO fai referencia a Investigación, Coñecemento,



Arquivo, Rede, Organización. O Centro quere ser un centro avanzado e organizado de coñecemento e investigación para a difusión da riqueza documental depositada no Arquivo Histórico Eclesiástico de Bizkaia que ademais actúa como peza fundamental do sistema arquivístico diocesano. É dicir, non só se ocupa da documentación xa depositada e de valor histórico, senón que recolle e dá as normativas para a creación, xestión e conservación da documentación actualmente xerada nos organismos diocesanos. O seu labor no só consiste en custodiar a memoria documental e audiovisual, senón tamén pretende xeral e crear a concienciación para que a documentación actual sexa a memoria do futuro. O obxectivo fundamental do Centro Icaro é renovar as tarefas e funcións do Arquivo, potenciando o seu labor de difusión mediante a creación dunha ree avanzada de coñecemento, no que intentará integrar a outras entidades (Universidades, arquivos, centros de documentación, etc.).

O Centro Icaro ten por obxecto principal aumentar a accesibilidade aos fondos de arquivo depositado en AHEB-BEH como custodio do patrimonio documental pertencente á diocese de Bilbao. Este patrimonio xerado e conservado en todo tipo de soporte abarca un arco cronolóxico que vai dende o século XII á actualidade. Pretendemos xerar, mediante a creación dun centro de excelencia, un entorno adecuado que facilite a comprensión da función que os arquivo en xeral e o noso en particular teñen para a sociedade e a cidadanía, como fonte primaria de coñecemento do legado histórico e proba de feitos e actuacións, ademais de servir como instrumento para coñecer a importancia da escritura —nas súas diferentes versións ate a actualidade en soporte electrónico— como principal medio de transmisión do saber e dos actos ao longo da historia.

Neste Centro preténdese facer evidente de que maneira as principais funcións dos arquivos, isto é, recoller, preservar e difundir, son esenciais para construír a actual sociedade do coñecemento, adaptándose ás necesidades consultivas da cidadanía, servindo como testemuños do paso da historia e dos seus avatares, e facilitando tarefas administrativas fundamentais para probar actos e asegurar liberdades e dereitos ás persoas. Tratamos de converter en información útil e, sobre todo, accesible física ou virtualmente, e a todo tipo de usuario, o coñecemento acumulado durante séculos nos documentos que se conservan no Arquivo e sensibilizar sobre a importancia dos documentos actuais para preservar a memoria actual para o futuro. Ademais, co programa educativo, que foi presentado o pasado mes de maio e que se porá en marcha durante o curso 2010-2011, queremos dar coñecer a estudantes de todos os niveis educativos a importancia da memoria individual e colectiva para valorar o pasado, incidir no presente e asegurar o futuro da sociedade.

Este Centro quiere contribuir ao desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento e da Sociedade da Información mediante a introdución das TIC en todos os procesos de comunicación, creación e aprendizaxe implicados no desenvolvemento e a creación do Centro. Pretende tamén contribuir á difusión e implantación das TIC en xeral e do software libre<sup>6</sup> en particular, dentro do contexto xeral da Sociedade da Información. Para iso as utiliza en:

- A produción de novos contidos en soporte dixital
- Relación con persoas usuarias e visitantes, tanto presenciais como virtuais
- Relación co alumnado e a docencia a través de web 2.0, guías didácticas e obradoiros
- Servizo dixital e audiovisual: Este Centro Icaro concibido dende a dobre vertente de espazo, por un lado, e de Centro de coñecemento virtual, por outro, servirá de ponte en ambos medios e constituirase no espazo tanxible e virtual de contacto directo entre o produtor de contidos de arquivo e o usuario-cidadán e a comunidade educativa.
- Desenvolvemento de aplicacións accesibles utilizando as últimas tecnoloxías de desenvolvemento e audiovisuais.

Nestes momentos, estamos a desenvolver algunhas das liñas de actuación principais do Centro Icaro, posibilitando a dixitalización de documentos e a súa difusión na sala de investigación e na web (por exemplo a colección de pergamínos), pero tamén que os propios usuarios contribúan á formación do Arquivo Dixital. Dende o pasado mes de decembro de 2009, xa está operativa a páxina web [www.centroicaro.net](http://www.centroicaro.net) como espazo virtual avanzado no que existen imaxes, vídeos, rexistros sonoros e exposición virtuais interactivas. O usuario pode participar deixando os seus comentarios e escribindo no Panel da Memoria e tamén poden depositar as súas propias fotografías e documentos. Este é un primeiro paso do intento de crear unha comunidade virtual de usuarios que poden acceder aos documentos e tamén depositar documentación (fotografías, textos, testemuños orais, etc.) converténdose así en axentes xeradores de memoria, que axuden a crear, recuperar e rescatar documentos e testemuños.

Ademais, Icaro, Centro Avanzado de Coñecemento da Historia desenvolverá e potenciará traballos de investigación sobre a historia. Polo momento, dentro dos actos conmemorativos do 60 aniversario da historia da diocese, van poñerse en marcha dous programas de recollida de documentos e testemuños. Axúdanos construír a historia pretende recoller documentos e «O teu testemuño tamén conta» é un programa de recollida de fontes orais para a recuperación de testemuños de primeira man sobre acontecementos e vidas.

Así mesmo apoiará a transformación de ideas ou proxectos aportados por usuarios así como proxectos científicos de contido social, político e cultural da sociedade vasca, resaltando a rendibilidade do estudo dos fondos do arquivo para o coñecemento do pasado en diversos aspectos. Nesta liña, participa en diversos congresos e fará un obradoiro sobre historia, memoria e arquivos.

Na súa liña de ser útil á sociedade, o Centro ofrece información sobre o valor administrativos e legal dos documentos depositados no AHEB-BEHA, á marxe do seu indubidable valor pastoral e histórico. Parte da información recopilada nos documentos do arquivo e especialmente nos rexistros sacramentais, proporciona datos de interese para a realización de trámites referentes á nacionalidade, herdanzas, xustificación de propiedades, límites, cambio de apelidos, etc. Isto é especialmente importante para que o cidadán —e os estudantes como futuros usuarios destes servizos— valoren os arquivos. É necesaria unha gran sensibilización e concienciación sobre a necesidade de conservar os documentos xerados na actualidade en soportes maioritariamente electrónicos polo valor administrativo actual e polo seu potencial valor informativo e histórico no futuro.

O Centro de Interpretación de Arquivos ofrece dende o de novembro de 2010 a posibilidade de coñecer os diversos fondos do Arquivo, as súas posibilidades de investigación, pero sobre todo amosa os diferentes labores que realizamos no Arquivo para xerar, conservar e difundir a memoria en todo tipo de soporte.

Quizá un dos aspectos máis rechamantes do Centro Icaro é o seu programa educativos<sup>7</sup>, con vocación de converterse nunha das liñas principais de actuación cara a captación dun público máis variado en canto a idade e formación. Da man de Icaroto e Icarota que invitan a aprender xogando, a páxina web recolle xogos interactivos para diversos niveis nos que poder coñecer letras antigas, pergamiños, fotografías, facer puzzles. Ademais, a partir de novembro, o Centro Icaro pretende implantar un servizo pedagóxico de animación de carácter cultural que responda ás necesidades que distintos colectivos (centros escolares de ensino primario e secundario, universidades, colectivos infanto-xuvenís e de adultos) demandan en relación á accesibilidade adaptada e oferta cultural destinada ao sistema educativo non formal e oferta de ocio en espazos informais.

En interacción co sistema educativo e deseñado ser un axente educativo máis, AHEB-BEHA e o centro Icaro pretende dar un paso máis e ofrecer unidades didácticas que se farán chegar aos centros educativos e que estarán dispoñibles na plataforma modelos, para que se poidan utilizar no ensino regrado, segundo os diferentes niveis educativos, potenciando as competencias básicas de convivencia cívica mediante a conservación e respecto á me-

**Táboa 3. Estatísticas visitas de ICARO** (dende o 4 de novembro ao 31 de novembro de 2010)

	Solicitudes de visita	Número de Persoas	homes	mulleres
Total ano 2010 (dende o 5 nov)	107	<b>323</b>	<b>160</b>	<b>163</b>
Inauguración		80	40	40
<b>Portas abertas</b>	100	187	102	85
Portas abertas visitas individuais	49	49	37	12
Portas abertas visitas de agrupacións	49	127	60	67
Portas abertas visitas en familias	2	11	5	6
<b>Visitas guiadas</b>	7	136	58	78
Castelán	104	184	99	85
Euskera	3	34	11	23
Solicitude individual	52	52	40	12

moria individual e colectiva, con especial atención e fomento das competencias dixitais. Estas unidades serán completadas con visitas ao AHEB-BEHA onde tamén poderán desenvolverse obradoiros adaptados a diversos niveis para coñecer a evolución da escritura ate os actuais ordenadores, así como os documentos en distintos tipos de soportes e a historia de Bizkaia e o País Vasco. Por outro lado, un dos obxectivos específicos é dar coñecer o traballo de arquivo e poñelo en valor na sociedade actual. Interésano tamén de fomra especial facer chegar as metodoloxías propias da profesión ao colectivo docente-estudiantil, tanto de Primaria como de Secundaria e Bacharelato. Por iso, haberá unidades didácticas que formulen, coa adaptación curricular necesaria en cada caso, os traballos de conservación, preservación, catalogación, clasificación, difusión que son necesarios para que os documentos e a memoria sexan accesibles a todos os públicos.

O Centro Icaro utilizará diversos espazos formativos:

1. Aprendizaxe na aula do Arquivo
2. Aprendizaxe na propia aula do centro docente
3. Aprendizaxe virtual, previamente planificado dende ámbitos virtuais (aprendizaxe autónoma). Potenciando novas tecnoloxías derivadas da Web 2.0 (blogs, wikis, sindicación de contidos, etc.)


A utilización destes tres espazos formativos pretende un traballo interactivo do arquivo ás aulas e viceversa. O obxectivo é que se poida traballar previamente na aula, que logo se visite o Arquivo, se realicen os obradoiros e que

logo volta traballarse na aula e os resultados revertan novamente ao Arquivo, mediante blogs, etc. e que opinións e traballos poidan incluírse no Panel da Memoria que estará no propio Centro de Interpretación e que xa está operativo na páxina web do Centro Icaro. Interéxanos especialmente este último aspecto de interacción co alumnado e que incluso poidan, sobre todo, nos grupos de maior idade converterse en axentes xeradores de memoria.

A visita ao Arquivo contempla o acceso á sala de investigación, a un depósito, á sala onde está o Servizo de Reprodución Documental (para ver como se dixitaliza dende o orixinal e dende o microfilme diversos documentos en distintos soportes) e ao Centro de Interpretación, cuxos principais obxectivos son dar coñecer as funcións do Arquivo e as amplas perspectivas de investigación sobre a historia de Bizkaia que ofrecen os documentos depositados no Arquivo. Segundo a idade dos visitantes, poderán, ademais, ver orixinais e realizar unha pequena investigación in situ. Interéxanos explicar por que na cultura actual en que todo vale apenas tres minutos, o noso traballo consiste en conservar documentos antigos que reflectan a memoria da sociedade e ademais queremos sensibilizar sobre a importancia dos documentos actuais —maioritariamente electrónicos— como memoria do futuro.

Ademais, contemplamos a posibilidade de montar un Aula de Arquivo, baseada na experiencia do AHEB-BEHA e con metodoloxía e obxectivos didácticos concretos destinados a estudantes de arquivística e profesionais dos arquivos que desexen intercambiar experiencias. A Aula de Arquivo ofrecerá ademais unha liña de difusión moi importante aos usuarios potenciais, organizando seminarios de formación de usuarios en relación a contidos concretos dos fondos do arquivo, metodoloxías para facer accesibles eses fondos e aos proxectos realizados nel.

Figura 2: Materiais didácticos



## Conclusión

A dixitalización de arquivos cun gran volume de documentación supón unha toma de decisións de grande alcance se se opta por este cambio de soporte como un medio de difusión activa do servizo de arquivo. No caso do AHEB-BEHA, a posta en marcha do Servizo Dixital do Arquivo levou aparellada unha serie de actuacións e cambios que repercutiron nas tarefas habituais de todo o arquivo. É moi salientable, o labor do Arquivo en aras dunha normalización da descrición e da adaptación da Norma ISAD (G) como un requisito fundamental para a difusión virtual dos seus instrumentos de descrición. En definitiva, supuxo un salto cualitativo de grande interese no AHEB-BEHA que apostou decisivamente pola difusión virtual. Unha vez que un arquivo se embarca na aventura dixital, hai poucas oportunidades para non continuar por esta liña. Neste ano e ao abeiro do proxecto de dixitalización, o arquivo modernizouse e é verdade que, aínda que soe a tópico, demos un salto cualitativo moi importante. Sen dúbida, compartir a información na web marcou un antes e un despois na vida do AHEB-BEHA. Non só supuxo a saída ao mundo e unha publicidade extraordinaria para os fondos do arquivo, tamén obrigou a sistematizar as rutinas de traballo para poderlas ofrecer de forma normalizada. Optando por un sistema inet de xestión, a nosa forma de traballar tamén cambiou, non só supuxo un cambio tecnolóxico, senón que temos que traballar en rede e sobre todo en equipo.

A necesidade de dar saída a todo o capital informativo existente obrigounos a normalizar a descrición e a mellorar e sistematizar os procesos para podermos comunicar cos nosos usuarios de forma electrónica. Aumentamos considerablemente os nosos servizos e intentamos responder con rapidez ás numerosas peticións que nos chegan. Por outra parte, vemos como a posta en marcha do Servizo Dixital e dos servizos on line modificou o comportamento dos usuarios dentro e fóra do Arquivo, realizando as buscas de forma previa e aproveitando ao máximo o tempo de estancia na sala de investigación para comprobar e solicitar máis datos. Sen dúbida, o noso gran desafío será adaptármonos ás demandas cada vez máis complexas de público cada vez máis variado que, grazas á web, pode acceder ao Arquivo.

### Na web:

Aprende xogando con Icaroto

- Unidades didácticas on line (clave-usuario)
- Blog-red social con centros educativos

### Na aula do centro:

- Materiais e unidades didácticas
- Visita persoal Arquivo

### No arquivo:

- Obradoiros: escritura, soportes, xenealoxía, selos, pintar, manualidades, uso tecnoloxías (panel memoria)
- Visita ao Arquivo (sala investigación, depósito, SRD)
- Visita ao Centro de Interpretación de Arquivo

Figura 3:  
Interactuación  
despois da visita co  
Arquivo.

Tamén quixemos presentar as principais liñas de actuación do Centro Ica-ro, que supón un paso máis na aposta pola difusión interactiva dos fondos do AHEB-BEHA. Tanto o espazo virtual avanzado, co avance na dixitalización de fondos e a súa posta a disposición do público, como o Centro de Interpretación de Arquivos no que hai un espazo expositivo importante, obedece a un intento de dar coñecer ao máximo número de persoas a documentación depositada no Arquivo. Xunto cun programa de conferencias e unha oficina de información sobre trámites que completa a ampla actividade da Área de Atención ao Público, non podía faltar un programa educativo. Os arquivos deben cumprir esa función de difusión tentando chegar a un amplo colectivo e para iso o AHEB-BEHA amplía as actividades culturais que xa realizaba (visitas guiadas a diversos colectivos, xornadas de portas abertas...) coa posibilidade de realizar obradoiros e visitas ao arquivo, así como cursiños de formación para usuarios. A nosa proposta quere dar un paso máis e converter o Arquivo nun axente que interactúe co sistema educativo ofrecendo non só o acceso ás fontes primarias, senón unidades didácticas e o máis importante a posibilidade de interactuar antes, durante e despois das visitas ao Arquivo, de forma presencial e sobre todo aproveitando as oportunidades que brindan as redes sociais.

## Referencias

CASTILLO PÉREZ, Cristina; BARROSO ARAHUETES, Anabella: "Sistematización, normalización e integración de procesos en el archivo: El caso del Archivo Histórico Eclesiástico de Bizkaia (AHEB-BEHA)". En: Actas VII Jornadas de Archivos Electrónicos "Hacia una normalización técnica y terminológica: Soluciones y experiencias". Legajos : Cuadernos de investigación archivística y gestión documental, 2006, nº 9 Extraordinario, pp. 87-90

## Notas

<sup>1</sup> Para este proxecto contouuse cunha subvención do Plan Avanza Contidos, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, obtida na convocatoria de 2008/2.

<sup>2</sup> Este proxecto encádrase na sinatura do Convenio do Goberno Vasco coas dioceses de Bilbao, San Sebastián e Vitoria para a dixitalización dos seus arquivos diocesanos. Foi asinado en 2000 e renovado os exercicios 2002 e 2003. En decembro de 2004, procedeuse á sinatura dun novo Convenio plurianual (de 2004 a 2008) entre o Departamento de Cultura do Goberno Vasco e as dioceses de Bilbao, San Sebastián e Vitoria para a indización e difusión por internet dos rexistros sacramentais dos tres Arquivos Históricos Diocesanos.

<sup>3</sup> Por este proxecto pasaron máis de 80 persoas, pero o equipo básico estivo formado polo persola técnico do arquivo e polas persoas integradas agora nas empresas de xestión documental Codex S.L y MSN Dokutalde S.Coop.

<sup>4</sup> En cumprimento das cláusulas do convenio asinado co Goberno Vasco de carácter plurianual ate o 2008, os índices de descrición documentais aparecerán tamén na base de datos de Irargi, Badator. [www.irargi.org](http://www.irargi.org).

<sup>5</sup> Para solicitudes de nacionalidade española, cada vez máis crecentes en función dos diversos convenios da Unión Europea con distintos países latinoamericanos ou segundo as recentes achegas da Lei de Memoria Histórica ou a disposición adicional sétima da Lei 52/2007 de 26 de decembro (BOE número 310); cambios de apelidos e nomes, para rectificación de partidas, para coñecer os datos de filiación, para saber o número co que acudir aos arquivos de Benestar Social no caso de expósitos; en ocasións para acreditar propiedades e reclamar herdanzas, porque non esquezamos que ate a posta en marcha dos rexistros civís (entre 1870 e 1872) os rexistros sacramentais ofrecen datos fia-

bles de poboación e parte desta documentación eclesiástico ten valor xurídico e probatorio.

<sup>6</sup> Este proxecto, ao igual que o de xestión do propio AHEB-BEHA está desenvolvido utilizando ferramentas de software libre e código aberto (Open Source), e está implementado sobre unha plataforma GNU/Linux, cun servidor web Apache que nos ofrece un alto grao de seguridade e dispoñibilidade, bases de datos MySQL e linguaxe de programación PHP, podendo clasificalo dentro do que comunmente se coñece como software LAMP (Linux, Apache, MySQL e PHP). Ao igual que no caso do Sistema de Xestión de Arquivos (SIGA-AKIS) todo o relacionado con Icaro está desenvolvido por un equipo multidisciplinar formado polo persola técnico do Arquivo e persola técnico de ST3 Elkarte.

<sup>7</sup> Este proxecto é unha aposta pola interdisciplinabilidade e deseñamos as unidades didácticas e obradoiros entre o persola técnico do Arquivo, profesores e persola técnico de Suspergintza Elkarte, do Grupo EDE.



# Dixitalizar para preservar e difundir. O proxecto CARMESÍ da Rexión de Murcia

**Rafael Fresneda Collado**  
Archivo General de la Región de Murcia

## **Introdución. O proxecto CARMESÍ. Os seus obxectivos**

En Europa reside unha porción moi importante da historia da civilización. Dende a antigüidade, os países europeos construíron e desenvolveron as súas estruturas políticas, económicas ou sociais e avanzaron incluso a partir dos seus propios conflitos. Tanto os grandes acontecementos históricos coma os feitos sen relevancia aparente teñen o seu fiel reflexo nos documentos, que dan proba fidedigna deles e constitúen a fonte primaria de información para coñecer os avatares cos que se forxou a historia de cada país, cuxas causas e consecuencias son, naturalmente, susceptibles de interpretación. A posta en valor deste importante patrimonio histórico é unha responsabilidade dos diferentes gobernos, que deben promover políticas que faciliten a difusión e o acceso dos cidadáns á información, e, ao mesmo tempo, unha necesidade para os que investigan e escriben sobre a historia individual e común dos pobos europeos. E os arquivos, custodios de tales documentos, foron correa de transmisión entre as organizacións que os produciron e os cidadáns que os consultaron con fins de estudo ou información.

No entanto, conservar os documentos para garantir a súa dispoñibilidade no tempo ou fomentar a súa difusión para o coñecemento e a ampliación da oferta cultural, foi unha dicotomía que, dende sempre, tivo difícil solución. A preservación e a difusión, tradicionalmente confrontadas, estiveron presentes no diario quefacer dos arquiteiros; a preservación a través da permanente imposición de medidas que posibilitasen a mellor protección do patrimonio documental custodiado; a difusión mediante a montaxe de exposicións e outros recursos, xeralmente didácticos, que permitisen amosar as fontes de información máis atractivas pola súa importancia histórica ou pola súa beleza e estética. Hoxe a sociedade do coñecemento na que nos atopamos obriga a promover a accesibilidade dos documentos na maior medi-

da e da mellor maneira posible, e as tecnoloxías da información e das comunicacións amósansenos como unha eficaz ferramenta para coadxuvar na protección do patrimonio documental, mentres os servizos baseados nestas tecnoloxías poden contribuír a un mellor coñecemento e difusión do referido legado sen deterioro algún do mesmo a través da Rede.

A necesidade de ver, tocar e ler o documento orixinal coa finalidade de realizar estudos de carácter histórico pode ser substituída pola consulta virtual do documento dixitalizado. O clásico investigador presencial, amante de revisar, manipular e até ulir o pergamiño e o papel antigo como parte ritual do seu estudo, áchase en franca decadencia e en breve estará en fase de extinción, mentres se abren paso de forma preponderante os que se interesan polo contido dos documentos máis que polo aspecto do soporte e as súas características físicas, que quedan para os historiadores do papel ou para as especializadas mans dos restauradores cando procede a súa recuperación. Por iso, cando a tecnoloxía dixital se converte nun poderoso aliado para conseguir maiores cotas de preservación dos orixinais e para incrementar de forma exponencial a difusión coas infinitas posibilidades que ofrece Internet, faise preciso apostar pola constante innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a permanente creación de contido dixitais que reforcen a protección do patrimonio histórico e favorezan o acceso a distancia á información interesada. As modernas técnicas de dixitalización ademais de obter unha copia fidedigna de cada documento, permiten o tratamento posterior das imaxes para eliminar manchas, mellorar a súa aparencia ou reconstruír virtualmente zonas danadas nos documentos orixinais. En definitiva, trátase de coidar o noso patrimonio e velar pola nosa historia sen descoidar nin obviar o actual e recente, que está marcado polas tecnoloxías máis novas (sempre en estado futuro), nun continuo desafío que nos transporta permanentemente do pasado ao presente inmediato e viceversa.

Neste senso, o proxecto CARMESÍ da Rexión de Murcia é un produto do noso tempo; unha modesta contribución para conxugar preservación e difusión de documentos, dúas finalidades antagónicas até datas moi recentes, un tempo próximo no que a dixitalización fíxoas concorrer para que ambas as dúas se desenvolvan de forma sintética. Co noso proxecto perséguese a dixitalización de fondos documentais de carácter histórico e libre acceso coa finalidade de preservar os orixinais e facilitar a súa consulta e difusión a través da Internet<sup>1</sup>. O cumprimento deste obxectivo básico e principal propicia, en realidade, a consecución simultánea de varios fins asociados<sup>2</sup>:

1. Garántese a mellor conservación do patrimonio documental no noso ámbito rexional, posibilitando a súa consulta en soporte dixital e preservando os orixinais do seu continuo manexo.

2. Promóvese a difusión a través das tecnoloxías da información e das comunicacións, facilitando o acceso a investigadores e cidadáns, ou, dito doutro modo, multiplícase excesivamente a accesibilidade, xa que os documentos se poden consultar a distancia e ao mesmo tempo por diversos interesados e en diferentes localizacións.

3. Posibilitase o uso didáctico por parte da comunidade educativa e científica, poñendo a disposición do profesorado as fontes primixenias de investigación histórica. Para que a divulgación sexa máis eficiente e coa finalidade de estimular a curiosidade do alumnado se engaden textos explicativos acerca dalgúns documentos históricos reproducidos: unhas sinxelas noicións sobre as diversas tipoloxías documentais que se poden atopar nos arquivos<sup>3</sup>.

4. Impúlsase a descrición arquivística mediante o inventario e catalogación das series e pezas documentais de maior interese conservadas en arquivos públicos e privados, porque a dixitalización esixe normalizar previamente o que está desorganizado ou falto de descrición, para que a posterior recuperación da información se realice con axilidade e sen menoscabo algún.

5. Prodúcese un importante aforro dos onerosos custos que conlevan os desprazamentos ate o lugar no que se atopan os documentos orixinais, custodiados en arquivos que, ás veces, se achán moi afastados dos seus potenciais usuarios, obrigándolles durante un tempo a executar importantes gastos económicos en viaxes e estancias na localidade onde se sitúa o arquivo de referencia.

6. Amplíanse considerablemente os limitados horarios de atención ao público dos centros arquivísticos e, por conseguinte, os tempos de traballo de investigadores, usuarios e interesados, que poden efectuar as súas consultas as 24 horas do día durante os 365 días do ano.

7. En definitiva, supón un avance máis no proceso de democratización da cultura, xa que os beneficios do documento dixital colgado na Internet transcenden ao restrinxido número de cidadáns dunha circunscrición inmediata, porque se dirixen e se ofrecen *urbi et orbi*, para a propia localidade titular dos fondos e tamén para o resto dos interesados, onde queira que se atopen.

Trátase, pois, dun proxecto modesto en canto ao seu alcance (a Rexión de Murcia) e financiamento (sempre limitada, como calquera proxecto arquivístico), pero ambicioso nos seus obxectivos, xa apuntados, e na ampla participación institucional, á que abaixo nos referimos. Por iso, o plan deseñado precisa ser mantido no tempo para poder ser executado en diferentes fases ate a súa conclusión prevista en varios anos. É obvio que non todo pode nin debe ser reproducido en soporte dixital (todo proxecto debe ser avaliado para buscar a súa máxima rendibilidade), así que dende a xénese os eixos marcaron os criterios á hora de dar prioridade os documentos seleccionados para a súa dixitalización: a cronoloxía e a facilidade de consulta. Baixo estes criterios, o proxecto reproduciu os documentos máis antigos antes que os máis modernos, e tivo sempre presente o interese dos cidadáns para que a divulgación fose o máis ampla posible e chegase ao maior número de interesados.

O reto actual sobre o que xa se traballa é dotar o proxecto dos estándares esixidos para repositorios abertos (protocolo OAI, *Open Archives Initiative*, <http://www.openarchives.org>), como Europeana (<http://www.europeana.eu>), con vistas á súa interconexión cos proxectos europeos do mesmo tipo.

### **O marco institucional. A xestión e a implicación**

O que caracteriza, en esencia, ao proxecto CARMESÍ, o que o identifica como proxecto singular, non é a dixitalización de documentos históricos (este xa é un labor que se acomete con afán en multitude de centros arquivísticos)<sup>4</sup>, senón a participación en común, é dicir, a colaboración entre numerosas institucións en pos de lograr os obxectivos marcados, que basicamente se reducen á reprodución dixital dos documentos históricos de cada una delas e á súa proxección reunida nunha soa web. O compromiso de axuda entre elas está implícito no proxecto dende a súa propia concepción, e trasládase a cantas institucións, tanto públicas como privadas, son titulares de documentos de interese histórico e queiran implicarse nalgunha das súas fases.

Nace así O CARMESÍ en 2005, proposto e impulsado dende a Consellería de Cultura para a participación conxunta de diversas institucións, organismos e administracións, de maneira que resulta imprescindible a cooperación entre elas, pero que tamén esixe, ao mesmo tempo, unha clara división de roles. Nun proxecto de ampla participación coma este resulta moi importante para o seu axeitado desenvolvemento conseguir un racional reparto de funcións e a natural distribución de competencias. O Arquivo Xeral da Rexión de Murcia, a Fundación Integra e a Fundación Séneca, pertencentes á Comunidade Autónoma, constitúen o núcleo que permanece inalterado dende a orixe e foron sempre parte substancial do proxecto. Os cambios

operados nos órganos políticos non modificaron a súa principal función de xestionalo e financeiro, a pesar de estar adscritos a distintas consellerías da Comunidade Autónoma. A súa intervención esténdese a todas as fases executadas, co que proporcionan ao proxecto a cohesión e estabilidade necesaria para a súa permanencia.

Ao Arquivo Xeral competen as tarefas relacionadas coa xestión do proxecto e a súa coordinación xeral. Cada ano debe analizar e seleccionar os fondos documentais susceptibles de dixitalización para propoñelo ás fundacións arriba sinaladas antes de adoptar entre todos a decisión definitiva. Así mesmo, coordina os arquivos titulares dos fondos que se ceden para dixitalizar e resérvase a supervisión e control das tarefas de descrición arquivística.

A Fundación Integra ten entre os seus fins fundacionais a implantación de servizos relacionados coa Sociedade da Información, a realización de experiencias piloto e a súa difusión web a través do portal *Región de Murcia Digital*. É unha entidade creada pola Comunidade Autónoma coa misión de estimular o proceso de implantación da Sociedade da Información na Rexión de Murcia, e que ten encomendada a realización do proxecto *Región de Murcia Digital*, portal de colaboración e de divulgación que inclúe entre os seus obxectivos recoller o maior número posible de contidos dixitais relacionados coa nosa Rexión (os seus contidos poden verse en <http://www.reg-murcia.com>). E, precisamente, un dos contidos dixitais que o seu portal aloxa é o proxecto CARMESÍ, ao que se somete a actualizacións periódicas para incorporar o executado en cada fase. Esta Fundación xoga, ademais, un papel crucial porque proporciona o sustento económico ao proxecto a través de recursos procedentes de fondos europeos, desenvolve e xestiona o portal que acolle CARMESÍ e atende as mellores técnicas deste proxecto arquivístico que segue unha estrutura tan específica como a norma ISAD (G). A plataforma tecnolóxica está baseada nun xestor de aplicacións de desenvolvemento propio en tecnoloxías *Java* con acceso a base de datos oracle. Os documentos ate agora dixitalizados do proxecto CARMESI atópanse nun servidor de almacenamento e ocupan actualmente 80 Gbytes. Para a visualización das imaxes débese utilizar un visor denominado "DjVu", de descarga gratuíta dende a propia páxina do Carmesí.

A outro nivel colabora tamén no proxecto a Fundación Séneca, Axencia de Ciencia e Tecnoloxía da Rexión de Murcia (<http://www.f-seneca.org>), que é unha entidade creada polo Goberno rexional co cometido de fomentar a investigación científica de excelencia en todos os ámbitos do coñecemento, o desenvolvemento tecnolóxico, a transferencia e aplicación de resultados, os procesos innovadores e o aprecio social pola ciencia e a tecnoloxía como elementos de desenvolvemento económico e de progreso social e cultural.

Á Fundación Séneca interésalle o proxecto CARMESÍ polos programas que desenvolve sobre formación para a ciencia e a tecnoloxía e sobre xeración e intercambio do coñecemento científico. É de resaltar aquí o pragmatismo que ten o CARMESÍ pola súa alta posibilidade de aplicación no ensino, tanto de grao medio como superior, e o uso didáctico que se pode facer del. Esta Fundación coopera coa achega de persoal técnico, xeralmente seleccionado mediante a convocatoria de bolsas para a realización de inventarios e catálogos dos documentos dixitalizados.

As corporacións locais e outras organizacións, pública e privadas, propietarias de fondos de interese común representan a parte máis imprescindible do proxecto, porque facilitan os documentos obxecto de reprodución, sen os cales o CARMESÍ se extinguiría. Sen custo algún para elas, só debe autorizar a dixitalización e a difusión das imaxes no portal. O seu número acada hoxe 23 institucións<sup>5</sup>, e nos próximos anos a cifra incrementarase coa participación de novos concellos e entidades do ámbito da ciencia e a cultura, así como de coleccionistas particulares de prensa local.

Por outra parte, CARMESÍ non é un produto erudito destinado exclusivamente a consumados historiadores e a outros especialistas do ramo. A este colectivo bástalle con dispoñer das imaxes dos documentos e unha breve descrición dos mesmos para saciar a súa necesidade de investigación ou esporádica consulta. O CARMESÍ ten un deseño eminentemente divulgativo, e o noso empeño é chegar ao maior número de cidadáns posible e cunha preparación heteroxénea. Esta idea expúxose á Real Academia Alfonso X o Sabio, institución murciana da área da investigación en humanidades e ciencias sociais, que a acolleu con interese, advertiu o seu proveito e utilidade, e desde 2007 se incorporou ao proxecto coas transcricións de documentos históricos publicadas nos numerosos volumes editados da súa *Colección de Documentos para la Historia del Reino de Murcia*. Así, a transcripción asociada ao documento orixinal facilita a súa consulta e lectura por parte dos non iniciados no coñecemento da paleografía. No momento de escribir estas liñas logrouse xa instalar na web a totalidade das transcricións dispoñibles nos libros antes citados, que acadan o número de 2.694.

É importante sinalar tamén que o CARMESÍ non conta con persoal propio que o atenda en exclusiva. Por iso, é de xustiza recoñecer a implicación directa e persoal do reducidísimo equipo humano que intervén cada ano en dotar de contido cada nova fase do proxecto. Este equipo áchase conformado por arquivistas (do Arquivo Xeral e Municipais) e enxeñeiros (da Fundación Integra) que realizan no seu quefacer cotián funcións distintas nos seus centros de traballo, e aos que cada ano se lles pide un esforzo complementario para sacar adiante unha nova fase do proxecto.

O nome co que se designa o proxecto(CARMESÍ) é o acrónimo de **Catálogo de Archivos de la Región de Murcia en la Sociedad de la Información**, que posúe certa indefinición e, incluso, podería dar pé a algunha confusión, xa que, como pode comprobarse, non inclúe os vocábulos dixitalización nin difusión, cando son, precisamente, dous termos que definen o proxecto. Tampouco non se realiza catálogo de todos os documentos dixitalizados, aínda que figure na cabeceira do acrónimo. No entanto, ninguén, ou moi poucos, coñecen o proxecto polas palabras que o compoñen, senón polo seu acrónimo, que é en definitivo o que se lembra. O nome CARMESÍ está buscado a propósito para facelo coincidir coa cor predominantes da bandeira e escudos rexionais o que supón unha homoxeneización cos sinais de identidade da Rexión de Murcia. Aínda que a denominación pareza unha cuestión de pouca importancia, en realidade non o é, porque o proxecto será coñecido por ela. Por conseguinte, a unha iniciativa desta natureza convén poñerlle un nome sonoro, acorde co obxecto que pretende e doado de lembrar, de forma que cos seus contidos adquira notoriedade e ao tempo sexa doada a súa localización a través dos buscadores. A súa proposta, debate e elección debe efectuarse na fase de deseño do proxecto, o cal debe nacer co nome xa seleccionado.

### **O ámbito xeográfico. A participación.**

#### **Competencias e compromisos**

Se as nosas referencias non están equivocadas, a orixinalidade do proxecto CARMESÍ áchase no feito de que, por vez primeira, o ámbito dos documentos copiados e pasados a soporte dixital non se cingue os fondos contidos nun arquivo, nin se limita a unha determinada poboación, nin tampouco queda restrinxido a documentos conservados por unha mesma administración ou entidade, senón que se pretende a máis ampla cooperación institucional para posibilitar a dixitalización de documentos históricos conservados nos arquivos da Rexión de Murcia, calquera que sexa a súa titularidade.

A superficie total da Rexión de Murcia é de 11.314 Km<sup>2</sup>, un espazo que apenas representa o 2,2% do territorio nacional. Constituída en comunidade autónoma uniprovincial conta, ademais, cun reducido número de municipios, 45, e non moitas organizacións que afonden as súas raíces na historia remota, salvo as de natureza eclesiástica (as primeiras fontes conservadas datan do século XIII, época da conquista do territorio murciano por Afonso X o Sabio). Estas características contribúen a que o proxecto sexa considerado abarcable no seu ámbito e extensión, e aínda máis se precisamos que 10 dos 45 municipios se constituíron nos séculos XIX e XX<sup>6</sup>.

Desta forma, a decisión de reproducir os documentos históricos de todas as institucións radicadas na rexión non é quimérica nin desacertada, senón posible e efectiva, sobre todo se se parte da idea de dixitalizar só aquelas fontes de maior antigüidade, de especial valor histórico e de frecuente consulta. O proxecto deseñouse en 2005 co obxectivo inicial de dixitalizar toda a documentación medieval da rexión. O estudo previo estimou un volume aproximado de 70.000 imaxes, cantidade asumible dende o punto de vista económico e técnico. Nos tres anos seguintes o proxecto se desenvolveu, e xa participaron, dunha ou outra maneira, ate oitos consellerías<sup>7</sup>, dúas fundacións públicas, dezanove concellos (algúns deles en máis dunha fase), a Real Academia Alfonso X o Sabio e, a partir de 2008, o CARMESÍ abriuse ás entidades privadas coa incorporación ao mesmo do arquivo da Real Sociedade Económica de Amigos do País e un coleccionista privado. En total, 25 institucións a día de hoxe, se contabilizamos as oitos consellerías como unha mesma organización ao estar integradas na Comunidade autónoma.

Aínda que en contados casos foi necesario empregar certa capacidade de persuasión para lograr vencer algunha actitude tépeda acerca das bondades da participación colectiva, en xeral o proxecto goza do alento e estímulo de todos os que o integran e dos que o valoran polos servizos que presta a as utilidades que aporta<sup>8</sup>. No entanto, convén resaltar aquí que pese aos persistentes intentos de subscribir acordos coa Igrexa Católica para compartir proxecto e contribuír ao enriquecemento dos contidos dixitais do CARMESÍ, coa adición, especialmente, dos libros sacramentais (bautismos, matrimonios e defuncións) e dos libros de contas de fábrica, que tanto interese posúen para os estudos sobre demografía, xenealoxía (tan de moda nos últimos tempos) e de historia da arte, só se achou por resposta longos tempos de espera, indefinición e receo. Dende esta óptica, son loables outras iniciativas como a do Arquivo Histórico Diocesán de Vizcaia, cos diversos servizos que ofrece (<http://www.aheb-beha.org/>). No entanto, permanecen intactas as esperanzas da pronta unión ao proxecto das valiosas fontes documentais ecle-siásticas, unha vez se logre concordar sobre a importancia de contar con elas para a súa difusión na Rede<sup>9</sup>.

O procedemento xurídico establecido para formalizar a colaboración institucional é o convenio, que resume e formaliza por escrito e de forma explícita o pacto de mutua cooperación previamente acordado. Estes convenios contemplan as competencias e compromisos das partes asinantes e reflicten os esforzos realizados para lograr unha actuación coordinada e conxunta en aras da consecución da finalidade proposta. O tedio que pode chegar producir o complexo trámite administrativo que deben sufrir os convenios pola revisión que soportan en cada un dos servizos xurídicos vese altamente com-



pensado cando se obteñen froitos dos acordos e se contemplan os resultados conseguidos.

Nestes convenios a consellería competente en materia de arquivos garante o cumprimento da normativa arquivística e vela pola seguridade dos fondos documentais suxeitos a posible traslado para executar a súa dixitalización, que debe contar, así mesmo, coa autorización do arquivo titular<sup>10</sup>. A Fundación Integra comprométese a aportar o financiamento (que se nutre dos seus propios orzamentos e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), a contratar os traballos de dixitalización e á súa difusión web a través do portal Rexión de Murcia Dixital<sup>11</sup>. Obrígase tamén a ceder á institución propietaria dos documentos unha copia en alta e outra en baixa resolución (mínimo de 300 dpi e máximo 150 dpi, respectivamente), e ao Arquivo Xeral da Rexión unha copia de todos os documentos dixitalizados, como medida de seguridade e para supervisar a súa posterior descrición. A Fundación Séneca colabora na difusión dos resultados do proxecto entre a comunidade investigadora e coopera, frecuentemente, coa convocatorio para tarefas técnicas de descrición dos documentos dixitalizados. Por último, os propietarios dos documentos (xeralmente arquivos públicos pertencentes maioritariamente ás corporacións locais) facilitan o acceso aos mesmos para os fins definidos no proxecto CARMESÍ, permiten, no caso de ser necesario, o seu traslado ao centro de dixitalización co que se contrate o traballo e, a través dos arquiteiros municipais ou de persoal técnico contratado —onde o hai—, colaborar na súa descrición.

### **Os resultados**

Para a análise e avaliación dos resultados do proxecto CARMESÍ a unidade de medida non debera quedar restrinxida ao número de imaxes. A cantidade actual, que se cifra en 587.846 imaxes obtidas en cinco anos de actividade (por debaixo doutras iniciativas de maior calado e orzamento), devén da mesura e moderación coa que medra e progresa o proxecto. Aínda que é importante o dato numérico das imaxes efectuadas, o seu principal activo hai que buscalo no amplo conxunto de arquivos participantes, a diversidade de fontes que acolle e no feito de que, fronte a outros proxectos, todos os rexistros levan asociadas as imaxes. O primeiro ano (2005) a dixitalización acadou a todos os documentos medievais da rexión custodiados en arquivos públicos. No período quedou comprendido no período cronolóxico situado entre 1245, data do primeiro documento conservado —unha carta de Fernando III dirixida á cidade de Mula outorgándolle o Foro de Córdoba—, e 1504, ano da morte da raíña Isabel e, por tanto, final do reinado dos Reis Católi-

cos. O número de imaxes xeradas nesta primeira fase ascendeu a 69.525, obtidas a partir dos orixinais conservados en 10 centros arquivísticos (oito deles arquivos municipais)<sup>12</sup>.

Reproducidos e descritos os documentos medievais, antes de iniciar a segunda fase (ano 2006) foi necesario acordar os documentos obxecto de dixitalización para a Época Moderna —o criterio cronolóxico permanece e impera—, e non houbo dúbida: as actas capitulares dos concellos —a administración máis antiga e próxima aos cidadáns—, conteñen a información máis completa e de maior interese para a investigación e a historia local, proporcionan as bases que permiten coñecer e comprender os sinais de identidade de cada pobo e ademais achantan a elaboración de estudos máis amplos e globais. Trece concellos da Rexión de Murcia conservan actas capitulares do século XVI (obxecto da segunda fase), co que cinco arquivos municipais se engadiron aos que participaron na fase anterior para acadar agora as 107.156 imaxes.

As actas capitulares dos concellos continuaron como obxectivo de reprodución dixital durante a terceira fase (2007). Nesta ocasión foi o século XVII a meta marcada e, como é lóxico, medrou o número de municipios participantes, ate chegar a dezaioito, cinco máis que na fase anterior, e tamén aumentou a cifra de imaxes tomadas, que foi de 201.904. No entanto, o CARMESÍ experimentou un significativo xiro na súa cuarta fase (2008), xa que modificou a súa concepción orixinal, cuxo designio eran os documentos públicos, para que puidesen ter cabida igualmente os fondos de carácter privado. Así, os documentos sinalados que se conservan no Arquivo da Real Sociedade Económica de Amigos do País da cidade de Murcia foron dixitalizados, e incluídas no proxecto as 19.344 imaxes resultantes<sup>13</sup>. Ao mesmo tempo, rompeuse co rigor da cronoloxía e o documentos textual, e procedeuse á reprodución de 33.744 fotografías, conservadas en soportes de vidro e acetato, dos séculos XIX e principios do XX, que, ademais da transcendental reportaxe de acontecementos históricos que ofrecen e os aspectos estéticos que conteñen, comunican unha precisa e puntual información sobre as personaxes da época na que quedou fixada a imaxe<sup>14</sup>.

A acción e efecto de diversificar as fontes susceptibles de dixitalización e difusión confirmouse o pasado ano 2009 coa reprodución das coleccións completas e os exemplares soltos que aínda se conservan da prensa local publicada na Rexión de Murcia, que se concentra sobre todo e de forma maioritaria entre os anos 1870 e 1940, aínda que o primeiro xornal murciano data de 1786. O triunfo do liberalismo e da liberdade de expresión no século XIX favorece a aparición de publicacións periódicas que se converten en instrumentos de comunicación de masas e, como tales, son utilizadas tamén

polos partidos políticos como órganos de expresión e propaganda ideolóxica. Houbo prensa de temática concreta e outra con tendencia á información xeral, en cuxas páxinas se mesturaban artigos de opinión política, colaboracións literarias e culturais, investigación científica e técnica, testemuños relixiosos, crónicas deportivas, curiosos anuncios, etc. (Lara e Fresneda, 1996).

Sen embargo, a escasa calidade do papel utilizado (consonte co carácter efémero da noticia), as deficientes condicións en que xeralmente se conservou e a súa limitada consideración (ate tempos recentes) como documento básico para o coñecemento da cultura e da historia, facilitaron en gran medida un acelerado deterioro, cando non a súa destrución. Como resultado de todo iso, son numerosos os títulos dos que unicamente permanece a noticia da súa existencia; da maioría apenas quedan uns números, e moi poucos os que se contan por coleccións completas. Son razóns suficientes para emprender a reprodución destas valiosas fontes de información, co fin de preservar o que nos queda antes de que a fraxilidade do seu soporte nos impida definitivamente a súa lectura. Comezouse a dixitalización pola prensa local de Cartagena, Lorca, Mula e Yecla, cun total de 28.481 exemplares de 384 cabeceiras publicadas entre 1786 e 1939 que se custodian en arquivos, bibliotecas e coleccións privadas e das que resultaron 154.203 imaxes. A diferenza da reprodución dos manuscritos, cada páxina dixitalizada de prensa pasa por un proceso de recoñecemento automático de caracteres (OCR), o que permite a súa indexación e integración en bases de datos, potenciando o servizo de buscas por palabras dentro dos documentos.

Todos os documentos medievais, as actas capitulares dos concellos dos séculos XVI e XVII e o fondo da Sociedade Económica xa colgan da Internet. Son case 400.000 imaxes (exactamente 397.929) que se corresponde cos 5.178 documentos que actualmente están dispoñibles na Web. Como se indicou, o proxecto actualízase permanentemente e, no momento de escribir estas liñas (setembro de 2010), trabállase na descrición das coleccións de fotografía e prensa que se poderán consultar ao finalizar o presente ano. Paralelamente, procederase ao escaneo da prensa editada nos municipios de Fortuna, Jumilla, Molinda de Segura e Murcia capital e das actas capitulares do século XVIII destes mesmos concellos. Nos próximos dous anos prevese completar a dixitalización de toda a prensa local e das actas do XVIII.

Pero, sen dúbida, o maior incentivo que devolve o proxecto CARMESÍ aos seus impulsores e participantes son os adúladores datos que posuímos acerca do seu uso e explotación por parte de investigadores e interesados nel. No último ano as "visitas de calidade" suman 6.480, entendendo por tales aquelas que pasan da páxina inicial, computando como unha soa visita as procedentes dunha mesma dirección IP en intervalo inferior a 30 minutos, e

non contabilizando as os que administran a web nin as actualizacións periódicas dos ordenadores dos grandes buscadores. Pola súa parte, o número de documentos consultados (tamén no último ano) ascende a 87.685. Estes datos adquiren relevancia se temos en conta se temos en conta que o CARMESÍ é un produto relativamente recente e que os documentos que se ofrecen agora levan canda si a dificultade da paleografía. Auguramos a multiplicación das consultas unha vez se instalen no CARMESÍ os exemplares dixitalizados da prensa local da rexión murciana. Doutro lado, as cifras das consultas web en aumento proban o gran cambio que se ven producindo na práctica investigadora: o usuario presencial transfórmase en investigador “virtual” cando dispón dunha cómoda web que lle permite a consulta a distancia.

Por fortuna, a ameaza da crise económica, que tantos proxectos truncou nos últimos tempos, non mutilou aínda esta iniciativa. Este feito supón un novo acicate para continuar a avanzar nun proxecto arquivístico que consideramos de alto valor científico, tecnolóxico e cultural, no que se achan implicadas unha ampla gama de organizacións de natureza política, financeira e cultural en pos de conseguir ao unísono a preservación do noso patrimonio e a divulgación dos documentos da nosa historia.

## Referencias bibliográficas

- ARMARIO SÁNCHEZ, F.; CASTILLO FERNÁNDEZ, J. "La digitalización y descripción de los documentos medievales de la Región de Murcia: balance de la primera fase del proyecto CARMESÍ". En: Tejuelo, Revista de ANABAD-MURCIA, 2006, año IV, número 4-5-6, diciembre, pp. 38-45. Consulta: 20 de agosto de 2010 . URL: <http://www.anabad.org/archivo/docdow.php?id=418>
- CHACÓN JIMÉNEZ, F.; FRESNEDA COLLADO, R. Los municipios de la Región de Murcia. Origen y análisis de un proceso histórico. Murcia: Asamblea Regional de Murcia, 2002.
- FRESNEDA COLLADO, R. "Compartir para divulgar. El proyecto CARMESÍ de la Región de Murcia". En: Actas de las VIII Jornadas de Archivos Aragoneses. Huesca 2008, pp 133-150. Consulta: 22 de septiembre de 2010. URL: <http://portal.aragon.es/portal/page/portal/CULTURA/PUBLICIELECTRONICAS/PATRIMONIO CULTURAL/ARCHIVOS/Actas%20VII%20Jornadas%202/Actas%20VIII%20jornadas%20de%20Archivos%20Tomo%202.pdf>
- LARA FERNÁNDEZ, F.; FRESNEDA COLLADO, R. Catálogo de publicaciones periódicas de la Región de Murcia (1786-1939). Murcia: Fundación Instituto de la Comunicación, 1996.

## Notas

- <sup>1</sup> Sobre o proxecto CARMESÍ véxase tamén Fresneda, 2008, páxinas 133-150.
- <sup>2</sup> Aos catro primeiros puntos xa se alude nun artigo sobre a orixe e primeira fase do proxecto CARMESÍ elaborado por Armario e Castillo, 2006, páxinas 38-45.
- <sup>3</sup> Dentro da web do proxecto, unha pestana co epígrafe "tipoloxías documental" recolle un breve comentario sobre as series documentais máis frecuentes nos arquivos nos que se realizou a dixitalización de fondos, especialmente os municipais.
- <sup>4</sup> Son numerosos xa os arquivos que emprenden proxectos de dixitalización de fondos documentais con ánimo de preservalos e difundílos, aínda que con diferentes recursos e resultados. É coñecido pola súa especial relevancia e dimensión o proxecto PARES (<http://pares.mcu.es>) que xestiona e mantén o Ministerio de Cultura, e son destacables tamén o que está en marcha no Arquivo Municipal de Zaragoza (<http://www.zaragoza.es/ciudad/usic/archivo/default.htm>), e, pola súa especificidade, o que desenvolve o Arquivo Histórico Eclesiástico de Bizkaia (<http://www.aheb-beha.org>).
- <sup>5</sup> A propia Comunidade Autónoma de Murcia, dezanove concello da rexión, Caixa Mediterráneo, Real Sociedade Económica de Amigos do País de Murcia, e un coleccionista privado, posuidores todos eles de documentos históricos.
- <sup>6</sup> Sobre a creación dos municipios na Rexión de Murcia e o seu reflexo en documentos véxase Chacón e Fresneda, 2002.
- <sup>7</sup> Nos seis anos que perdura o proxecto foron oitos as consellerías con algunha competencia sobre o mesmo. Actualmente o proxecto depende das de Economía e Facenda, Cultura e Turismo e Universidades, Empresa e Investigación.
- <sup>8</sup> O interese xeral polo proxecto amósase no feito de que, pese á crise económica que nos oprime, non viu diminuído o seu orzamento, que está ao redor dos 100.000 euros anuais.
- <sup>9</sup> Facemos notar que no sitio <http://www.familysearch.org/>, pertencentes á Igrexa de Xesucristo dos Santos dos Últimos Días (mormóns), poden consultarse as imaxes de todos os libros sacramentais de todas as parroquias de todos os municipios da Rexión de Murcia. Descoñecemos as razóns polas que os mormóns xestionan as imaxes dixitais dos documentos da Igrexa Católica.
- <sup>10</sup> A reprodución dixital realízase nos centros arquivísticos seleccionados polo seu maior volume de fondos e atópanse situados sempre dentro

da Rexión (salvo as coleccións de prensa e algúns formatos especiais, que se trasladan á empresa adjudicataria de realizar a dixitalización). Os riscos relacionados co traslado de documentos e da súa manipulación ao dixitalizalos, quedan cubertos de contingencias en traslados e depósitos temporais noutros arquivos coas súas correspondentes pólizas de seguro.

- <sup>11</sup> A empresa adjudicataria dos traballos de reprodución é seleccionada mediante contratación por procedementos aberto (as condicións e requisitos esixidos poden verse no meu artigo antes citado “Compartir para divulgar. El proyecto CARMESÍ de la Región de Murcia”). A Fundación Integra aloxa os resultados do CARMESÍ no portal Región de Murcia Digital (<http://www.regmurcia.com>) dentro do canal Historia.
- <sup>12</sup> A distribución de imaxes por municipio e arquivo das tres primeiras fases pode verse en Fresneda, 2008, páxinas 133-150, y en <http://www.regmurcia.com>.
- <sup>13</sup> As Sociedades Económicas de Amigos do País foron creadas no século XVIII en pleno período da Ilustración, e emitiron interesantes estudos, informes e propostas de tipo económico, educativo e cultural impregnados do espírito reformador da época. A de Murcia fundouse en 1777 e o seu arquivo constitúe unha fonte de información clave para os estudos centrados nos séculos XVIII e XIX.
- <sup>14</sup> As fotografías dixitalizadas pertencen ao Centro Histórico Fotográfico da Rexión de Murcia (CEHIFORM), que depende do Arquivo Xeral da Rexión, aínda que ten a súa sede en Cartagena.

# Novos retos en PARES (Portal de Archivos Españois): Interoperabilidade, normalización, calidade descritiva e eficiencia do acceso ao patrimonio arquivístico dixital español

**Alfonso Sánchez Mairena**

Jefe de Área de Relaciones Institucionales.

Subdirección General de los Archivos Estatales. Ministerio de Cultura

## **Introdución**

No ano 2001 publicáronse os *Principios de Lund* (Principios, 2001), polos que se primaba as fontes de coñecemento científico e cultural como unha das liñas estratéxicas para o fomento da memoria escrita, analóxica e electrónica, e como e o coñecemento como unha das bases do desenvolvemento, cultural, científico e económico na Europa da primeira metade do século XXI. A sociedade do coñecemento e da información pon de manifesto a importancia do acceso público e a preservación a longo prazo dos arquivos, potenciando especialmente a xestión da información que se xere en formato electrónico, pero tamén, fomentando a dixitalización dos fondos documentais da tradicional memoria escrita e o máximo nivel de xestión electrónica dos servizos públicos arquivísticos. Estas serían algunhas das chaves do moderno concepto da Memoria da Sociedade da Información [*Memory of the Information Society*]. A ela, no ámbito da Unión Europea se consagraron importantes esforzos de asesoramento e respaldo técnico para os profesionais do mundo dos arquivos, as bibliotecas e os museos como *DLM-FORUM Electronic Records* [[www.dlmforum.eu](http://www.dlmforum.eu)], o *MINERVA eEurope* [[www.minervaeurope.org](http://www.minervaeurope.org)], para o desenvolvemento de metodoloxías e técnicas de traballo que faciliten o desenvolvemento da Administración electrónica, a dixitalización e o acceso en rede [*on-line*] de toda esta memoria escrita xurídico-administrativa, cultural ou científica. Dentro do ámbito dos arquivos do entorno europeo é boa mostra destas inquietudes a elaboración do Report on Archives (Report 2005), destinado a materializar a cooperación entre os sistemas arquivísticos dos países membros da Unión Europea (UE/EU) para poñer en práctica *e-Europe Action Plans and digitisation*. Este documento ofrece o estado da cuestión sobre os arquivos de cara a xulgar un papel estratéxico no sector do coñecemento e as tecnoloxías no século XXI; e destaca especial-

mente o papel do acceso en rede, a evolución dos procesos de descrición tradicionais cara a máxima implantación das normas internacionais así como a súa interoperabilidade cos repositorios de arquivos abertos. Unha das liñas de actuación é a creación dun *Portal de Arquivos Europeo* ao que contribuirán todos os sistemas de información arquivística dos países membros. Nestes momentos estase a desenvolver APENet [[www.apenet.eu](http://www.apenet.eu)] coa coordinación de España (Ministerio de Cultura. Subdirección Xeral dos Arquivos Estatais) de varios grupos de traballo onde se integran dezasete países e institucións.

Por iso, neste traballo imos expoñer unha breve imaxe dos principais retos que supón a converxencia do *Portal de Arquivos Españóis-PARES* [<http://pares.mcu.es>] respecto a APENet como un dos seus provedores de contidos arquivísticos, que pola súa vez se integrarán nun novo universo da información, como é EUROPEANA [<http://www.europeana.eu/portal/>], que integrará contidos de diferente natureza: arquivísticos, bibliotecarios, museísticos e doutras procedencias posibles.

### **O Portal de Arquivos Españóis: PARES**

O *Portal de Arquivos Españóis* [<http://pares.mcu.es>] (Sánchez, 2008; Sánchez) é unha plataforma informática desenvolvida polo Ministerio de Cultural [Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas. Subdirección Xeral dos Arquivos Estatais] con dous obxectivos fundamentais. Por un lado, servir de plataforma de difusión xeral na Internet dos fondos e coleccións documentais preservados nos arquivos, mediante o recurso á dixitalización dos documentos e a súa vinculación a bases de datos descritivas normalizadas coas que poder localizar e acceder aos documentos. Por outro lado, PARES, mediante o seu desenvolvemento modular, prové á rede de arquivos estatais xestionados polo Ministerio de Cultura dunha segunda xeración de ferramentas electrónicas para o control, a xestión e a descrición dos documentos e dos servizos públicos prestados polos arquivos. O portal foi inaugurado en maio de 2007, como a terceira fase no proceso de modernización automatizada dos arquivos estatais que se comezou co programa piloto de informatización do Arquivo Xeral de Indias en 1992, e que se ampliou en 2003 coa primeira plataforma de difusión arquivística española integrada na Internet, como foi *Arquivos Españóis en Rede* [AER].

Como outras plataformas, o Portal de Arquivos Españóis pode ser enfocado dende un dobre punto de vista: o tecnolóxico e o arquivístico. PARES é unha plataforma web de difusión na Internet, ao mesmo tempo que unha plataforma profesional interna de traballo en rede, que proporciona ferra-



mentas tanto para posibilitar o acceso on-line, como para a xestión dos servizos arquivísticos e para o control dos fondos documentais dos arquivos. Ao mesmo tempo debe procurar a conexión e cooperación coas liñas de actuación internacionais e nacionais. Proporciona así servizo aos arquivos de titularidade estatal xestionados polo Ministerio de Cultura, que se atopan distribuídos pola xeografía española. Estes están apoiados polo Centro de Información Documental de Arquivos [CIDA] e polo *Servizo de Reprodución de Documentos* [SRDAE]. Esta rede caracterízase por preservar e difundir uns 280 Km. de andeis, dos que máis da metade se atopan no Arquivo Xeral da Administración (AGA), situado en Alcalá de Henares (Madrid). Abarca documentos dende o século VIII ate o ano 2006, e, por tanto, están materializados en diferentes soportes documentais, expresados en diferentes linguas e sistemas escriturarios, producidos en diferentes contextos históricos; e distribuídos fisicamente pola extensa xeografía española. Co ritmo de creación documental actual da Administración Xeral do Estado español, onde se producen documentos analóxicos e electrónicos, estímase que de chegarse a converter toda esta memoria escrita a soporte dixital e electrónico de preservación, estaríamos ao redor da voluminosa cifra comprendida entre tres e catro billóns de imaxes e obxectos dixitais, independentemente das ferramentas necesarias para a súa xestión. Evidentemente, non existen nestes momentos nin recursos económicos nin tecnolóxicos suficientes para producir, describir e xestionar en tempo real esta magnitude, aínda que os avances tecnolóxicos a medio prazo proporcionarán con toda probabilidade moitas solucións. Este volume xa nos está a falar de un dos principais retos a longo prazo: a xestión directa e real, así como o acceso inmediato por parte dos cidadáns e investigadores a unhas masas de información cada vez máis voluminosas e máis complexas, dado que os sistemas de información arquivística e cultural en xeral, que xa se están concibindo, permiten intuilo perfectamente. Poñamos un exemplo, o usuario ou cliente dunha das nosas redes de información cultural poderá solicitar información sobre un tema calquera como a "vírela" e obterá un informe detallado de resultados onde os documentos, as noticias de prensa, a bibliografía e os obxectos de museo relacionados todos con esta patoloxía. Por iso, a incorporación da filosofía da Web 2.0 / 3.0 aos sistemas de difusión e descrición da información cultural de natureza arquivística convértese nun dos puntos de referencia chave cara os que tender. A intelixencia artificial e a Web semántica son conceptos que se deben incorporar ás ferramentas arquivísticas, e o persoal profesional debe ser formado con profundidade nas súas técnicas, posto que coas novas filosofías da Web hai que abrir o mundo dos arquivos virtuais á participación do usuario. Este xa non é un receptor pasivo da información, senón que a rece-

be, a procesa, e ademais, pode opinala e comentala, ademais de usar os contidos difundidos en novas ferramentas propias, modificándoos. Poñamos, por exemplo, o caso dos “blogs” persoais que alimentan seccións a partir de noticias publicadas con tecnoloxías semánticas por noticias de novidades de arquivos, bibliotecas e museos. Por iso, Webs arquivísticas como a actual de PARES debe evolucionar ate incorporar os criterios de maior “usabilidade” da arquitectura da información, a partir das ferramentas densamente arquivísticas dos seus buscadores e navegadores pola información arquivística informatizada. E, sobre todo, procurarase satisfacer as necesidades informativas dos usuarios, dado que naceu o concepto de comunidade *fidelizada* de clientes, cuxa “fidelidade” dependerá non só do investigador especializado tradicional, senón tamén do cidadán medio que será fiel na medida que as ferramentas arquivísticas de difusión lle permitan explorar na densa selva de fondos, coleccións e series documentais difundidas informaticamente e que medrará continuamente co paso dos anos. Ao final deste percorrido, albíscase o reto da “alfabetización informatizacional” de usuarios remotos dos servizos arquivísticos.

PARES foi producido mediante un desenvolvemento modular por xeracións de ferramentas novas, así como do perfeccionamento das existentes, o que permite a súa construción de forma progresiva e de acordo cos recursos dispoñibles e as necesidades concretas. Na fase da Internet ofrécese ao usuario un buscador (sinxelo / avanzado), pero que obriga actualmente a que o usuario teña determinado nivel de coñecemento previo acerca do contido e o funcionamento dos arquivos. Este é un dos aspectos nos que proximamente se teñen que actuar en virtude da adaptación á nova filosofía da Web semántica e da Redifusión. Non obstante, as ferramentas de difusión e busca do portal presentan tamén determinadas lóxicas de funcionamento que permiten aos usuarios traballar cunha inxente masa de millóns de rexistros descritivos e que se elaboraron a partir das suxestións propios usuarios. Se o buscador traballa sobre a totalidade da base de datos integrada dos once arquivos estatais, permitindo diferentes criterios de filtrado, existe especialmente unha ferramenta denominada “Inventario dinámico”, que funciona como unha guía electrónica que ofrece ao usuario o acceso á totalidade dos fondos e coleccións documentais que se encontran informatizadas en cada un dos arquivos. Esta ferramenta combina o acceso manual mediante o pulsado do rato, xunto a motores de busca polos principais campos (Título, Alcance e contido) por cada un dos nodos de información, téndose en conta que nos nosos arquivos podemos atopar ate series contemporáneos que excedan as 100.000 unidades de descrición vinculadas.

PARES aproveita as posibilidades da tecnoloxía do hipervínculo para permitir o acceso a determinados monográficos elaborados a partir da información integrada na base de datos. Un bo exemplo proporcionánoo o monográfico dedicado á Guerra da Independencia, producido polo Arquivo Histórico Nacional, que permite o acceso ao conxunto de unidades descritivas vinculadas a un punto de acceso temático [(Guerra de la Independencia Española (1808-1814)], común a todos os rexistros descritivos relacionados con este espazo de difusión especializado. A partir desta relación todo rexistro que se publique ou modifique será usado nas ferramentas de busca así como de novidades, ou nos diferentes catálogos, de forma automática a partir de que no Arquivo Histórico Nacional se traballe con calquera rexistro relacionado. Tamén se permite recoller en grupo ou singularizar diferentes bases de datos e micrositios arquivísticos especializados difundidos nos micrositios de cada arquivo, ofrecéndose ao usuario un portal de recursos de información arquivística moi variada. Existen outros achegamentos á filosofía da Web semántica como son os seguintes. No ámbito do Arquivo Xeral da Administración está incorporado un formulario de comunicación entre o usuario e o arquivo a partir do rexistro descritivo de cada fotografía do catálogo denominado "Archivo Fotográfico de la Delegación de Propaganda de Madrid durante la Guerra Civil" coa finalidade de que o cidadán aporte información que axude a precisar máis a identificación de datos e personaxes das fotografías. O "Envío telemático" dos documentos mediante paquetes sucesivos dun máximo de seis imaxes xunto á información descritiva e aviso legal para o bo uso, permiten aos cidadáns exportar os documentos dixitalizados gratuitamente, e dotados dunha marca de auga. Tamén se ofrece unha "Axenda do investigador" para que estes se garden e xestionen de forma personalizada, podendo o usuario incluso exportar a relación de documentos mediante o campo "Título", que actúa fóra do sistema de PARES como un hipervínculo que remite á ficha descritiva do documento en cuestión dentro da plataforma e incorporarnos á navegación pola mesma. No novo "Portal de Movementsos Migratorios Iberoamericanos" incorporouse a navegación multilingüe polos contidos estáticos do micrositios en español, inglés e linguas cooficiais españolas.

Complementariamente, existe un sistema de referencias virtuais composto pola "Lista de distribución" e o "Contacte", polos que os cidadáns, investigadores e usuarios en xeral reciben noticias e teñen a posibilidade de realizar preguntas para ser atendidas directamente por técnicos arquivistas. Non obstante, a ampla gama de solucións modernas e posibilidades segundo a filosofía Web 2.0, e no horizonte a 3.0, deben incorporarse ao portal de arquivos para mellorar a eficiencia do acceso, como garantía para fidelizar e aumentar a comunidade de clientes externos e internos.

Entre 2007 e 2010 desenvolveuse e mellorouse a plataforma de difusión, ao mesmo tempo que se crearon ferramentas de xestión arquivística internas. Tamén se foi ampliando a súa capacidade e rendemento, cousa nada baladí dende o momento en que a finais de 2010 PARES xestiona e difunde uns 23,4 millóns de imaxes dixitalizadas vinculadas a uns 5 millóns de rexistros descritivos. Masa de información que está en continuo proceso de creación, revisión e difusión. Non obstante, é necesario avaliar os logros e as carencias perceptibles co fin de mellorar o uso eficiente da plataforma (G<sup>a</sup> González et al., 2010).

Respecto á comparativa do acceso virtual fronte ao presencial aos arquivos, PARES como calquera plataforma de difusión integrada na Internet proporcionou unha gran visibilidade aos Arquivos xestionados polo Ministerio de Cultura. Fronte aos 6.592 usuarios presenciais á toda a rede de centros, os equivalentes en PARES durante 2010 chegaron á cifra de 376.084; mentres que fronte ás 33.922 sesións de traballo presenciais, as realizadas na plataforma supuxeron 694.890 sesións. No entanto, a diminución das visitas presenciais non supuxo outra na consulta de documentos orixinais nos arquivos, cuxa cifra se mantivo nunha importante cifra. Iso permite deducir o uso máis intensivo dos arquivos a pesar de que os usuarios e o tempo libre para a investigación diminuíron na última década. A informatización dos arquivos con plataformas do tipo PARES leva a valorar con especial interese parte dos traballos “obscuros” dentro da organización arquivística, como é o da descrición documental e o control dos fondos. Pero de maneira significativa albíscase a importancia estratéxica da especialización nas referencias virtuais e a comunicación cos usuarios e investigadores.

### **Transformación de PARES nun sistema de arquivos abertos**

No *Report on archives* (Report, 2005, cap. 2d., 81-107) formulábase a preparación dun Portal na Internet de arquivos e documentos en conxunción que a partir do 2007 se denominou APENet [[www.apenet.eu](http://www.apenet.eu)], ao que fixemos referencia na introdución. O Portal estará hospedado na infraestrutura de un dos arquivos estatais ou nacionais dun país membro da UE, en colaboración co resto dos servizos arquivísticos dos outros estados membros e institucións europeas. Isto significa que os arquivos a escala europea terán a súa propia visibilidade social unificada, independentemente de que o portal europeo será o provedor de contidos culturais arquivísticos a EUROPEANA [[www.europeana.org](http://www.europeana.org)], o mega portal cultural. Co tempo, o portal de arquivos irá integrando todas as iniciativas arquivísticas locais, privadas ou rexionais que nestes momentos estean contribuíndo a diferentes recolletores, caso de España respecto a HISPANA [<http://hispana.mcu.es>], que é o directorio e recolleedor de

recursos dixitais do Ministerio de Cultura de España, e onde a través dos recolletores bibliográficos están a contribuir determinados arquivos municipais, fundamentalmente. Este recolecto integra nestes momentos 2,5 millóns de obxectos dixitais procedentes de 131 repositorios locais distintos.

O Portal de Arquivos Españois a fins de 2010 integra, como dixemos, uns 5 millóns de rexistros descritivos en formato ISAD (G) que teñen vinculadas uns 23,4 millóns de imaxes dixitais. O portal español ten previsto ser un dos principais provedores de contidos cando se inaugure APENet, xunto con Alemaña e Finlandia. Neste senso, a interoperabilidade cos grandes proxectos de difusión Europeos incidiu na necesidade de evolucionar PARES dende un sistema de arquivos ancorado no estilo da Web 1.0 cara o sistema de arquivos abertos. Para iso, en 2010 se iniciou a transformación, segundo a filosofía da Open Archives Initiative – Protocole for Metadata Harvesting [<http://www.openarchives.org>], da plataforma en PARES-OAI. Para iso, a arquitectura baseada na ecuación de información centralizada e xestión distribuída foi un paso estratéxico. A centralización da infraestrutura tecnolóxica simultaneamente á xestión diferenciada en cada arquivo realizouse integrando pola súa vez tres procesos simultáneos: 1) As ferramentas de PARES están optimizadas para usos arquivísticos e para fins de consulta e investigación; 2) A normalización na creación e xestión da información conforme ás normas vixentes; 3) A especialización das aplicacións, permitindo a xestión diferenciada tanto dos servizos arquivísticos como dos diferentes fondos documentais en virtude de perfís e capacidades diferenciadas. A chave está na integración normalizada da información, que é un elemento de coordinación que permite os procesos de contribución de contidos arquivísticos a APENet e outros repositorios OAI posibles. A adaptación de PARES ás distintas normas arquivísticas (Puntos de acceso, familia de normas do ICA/CIA) mediante un sistema integrado é o que posibilita a implantación do traballo normalizado ao mesmo tempo que permite a contribución de contidos aos grandes repositorios internacionais.

PARES desenvolveuse inicialmente na liña da incorporación dos estándares do Consello Internacional de Arquivos. Para a descrición dos documentos se utiliza a norma ISAD (G), cunha evolución dos campos principais segundo o modelo de descrición dos arquivos estatais elaborado entre 1995 e 2002, que se incorporou en primeiro lugar a AER. Este modelo de datos estaba enriquecido con determinados metadatos técnicos para a descrición de materiais especiais como cartografía e fotografía, segundo as experiencias descritivas levadas a cabo nos arquivos estatais (Sánchez, 2008). Ademais, conforme a práctica de traballo o propiciou, elaboráronse diferentes metadatos de auditoría, difusión, descrición e control. No entanto, estas iniciati-

vas leváronse a cabo para dar operatividade ao traballo de descrición, dado que ate a data non contamos cun modelo de normas nacionais de descrición definitivo. De feito, a *Comisión de Normas Españolas de Descripción Archivísticas* (CNEDA) non comezou o funcionamento como comisión ministerial ate o ano 2007<sup>1</sup>, e nestes momentos produciu o modelo conceptual do sistema de información arquivística, mentres que está pendente aínda o modelo formal. A partir do modelo conceptual, PARES debe ser o espazo no que realizar determinadas adaptacións na lóxica de relacións entre os niveis de descrición superando os marcos do esquema rixidamente xerarquizado de niveis descritivos da tradición arquivística española, influenciada por unha enorme carga administrativa e de tradicións nas que se fundían as lóxicas da unidade arquivística (o documento) coa da unidade de conservación (a caixa, o atado, a carpeta), así como doutras dinámicas de natureza clasificatoria do coñecemento para agrupar e identificar os diferentes fondos e coleccións. Respecto á arquitectura relacional, o deseño orixinario de PARES baseado nunha arquitectura de bases de datos relacionais, adáptase moi ben ao esquema conceptual de CNEDA, permitindo basicamente a evolución do sistema de información para agregar diferentes estándares ou estruturas de metadatos cuxas relacións enriquecen o documentos segundo as novas propostas descritivas (Delgado, 2007).

En 2009 comezouse a incorporación dun módulo de elaboración e xestión de autoridades segundo a norma ISAAR-CPF; estando previsto no organigrama da Subdirección Xeral de Arquivos que a supervisión e normalización final deste ámbito de traballo estea a cargo do Centro de Información Documental de Arquivos [CIDA]. A descrición das institucións produtoras de arquivos segundo a nova norma ISDIAH débea proporcionar o Censo- Guía de Archivos de España e Iberoamérica.

